ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Rocío
Toxo Asorei

Tese de Doutoramento

Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI

Lugo, 2022

PD en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

FACTORES DETERMINANTES DA EMIGRACIÓN RURAL DA POBOACIÓN MOZA EN GALICIA NO SÉCULO XXI

Rocío Toxo Asorei

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN XESTIÓN SUSTENTABLE DA TERRA E DO TERRITORIO

LUGO

2022

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

Dna. Rocío Toxo Asorei

Título da tese: Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico.

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En Santiago de Compostela, a 10 de Agosto de 2022

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

Dna. Ana Isabel García Arias

En condición de: directora e titora

Título da tese: Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por Dna. Rocío Toxo Asorei, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directora/titora desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En Lugo, a 13 de agosto de 2022

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D. Carlos Antonio J. Allones Pérez

En condición de: director

Título da tese: Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por Dna. Rocío Toxo Asorei, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En Santiago, a 09 de Agosto de 2022

Sinatura electrónica

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Agradecementos

Á Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio, por darme a oportunidade de realizar a tese nun ambiente multidisciplinar no que tanto me nutrín. A Ana I. García Arias e a Carlos Allones, co-directores desta tese de doutoramento, polo seu apoio e orientación, por compartir comigo o seu coñecemento e por tantas horas que me dedicaron ao longo destes anos. Ás compañeiras e compañeiros do Grupo de Investigación ECOAGRASOC, por compartir comigo os seus coñecementos e parte do seu tempo. Ao persoal da BUSC, concretamente ao persoal da Biblioteca Xurídica Concepción Arenal e da Biblioteca Intercentros de Lugo, por axudarme sempre na procura de recursos bibliográficos, cun agradecemento especial a María Cana e a Suso García. Ao IGE, por aceptar a miña solicitude para realizar unha estadía no seu centro e, de forma moi especial, a Esther López e a Esther Calvo, por dedicar pacientemente parte do seu tempo orientándome. Ao Concello de Boimorto, pola súa xenerosa e inestimable colaboración durante a realización do traballo de campo nese concello, así como a todas as mozas e mozos de Boimorto que —desinteresadamente— accederon a participar nesta investigación, cedéndome unha porción do seu tempo para que eu puidese coñecer e analizar as súas experiencias vitais no tocante á elección do seus lugares de residencia. Ao *C.P.I. Armando Cotarelo*, ao *I.E.S. de Arzúa*, ao *I.E.S. de Curtis* e á *E.F.A. Piñeiral*, así como tamén a Álvaro Vaamonde, Pili Agra e Rocío Agra, por toda a axuda prestada durante a realización do traballo de campo no municipio de Boimorto. Ao Concello do Pino, que a través das bolsas que concede anualmente aos estudantes universitarios residentes no municipio, contribúe, na medida do posible, á formación superior da poboación moza do concello. A Xosé Antonio Arias, polas horas de conversa sobre a súa experiencia como emigrante rural e por debullar comigo a idea orixinal da que derivou toda esta investigación. A Manuel, polo seu apoio incondicional dende antes de embarcarme oficialmente na elaboración desta tese e por compartir comigo a súa experiencia e coñecemento sobre as temáticas aquí abordadas. A Miguel Domínguez, piar importante neste proceso polo seu apoio, polas inestimables achegas e por compartir comigo a súa experiencia como emigrante rural. A Inês Gusman, polas súas valiosas achegas e polo seu apoio ao longo destes anos. A José Carlos Bermejo e a Miguel Caínzos, por estar sempre dispoñibles para atender as miñas consultas e por compartir comigo os seus puntos de vista sobre temas relacionados con esta investigación. A Emilio Lois, Estrela Lois e Kike Lagares, pola súa xenerosidade e polas agradables conversas das que tanto aprendín sobre a emigración rural da poboación moza. Á miña familia, por proporcionarme todos os recursos necesarios para que eu puidese dedicar tempo a este proxecto. E finalmente, a todas as persoas que, dunha maneira ou doutra, contribuíron á realización desta investigación e que sería realmente difícil mencionalas a todas sen esquecerme de ningunha. A todas as persoas mencionadas e ás que non mencionei, pero sen as que esta investigación non sería a mesma, gracias.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumo

Existe un importante volume de publicacións no campo da demografía e da xeografía da poboación que abordaron diferentes aspectos relacionados coa poboación de Galicia, dende finais da década de 1960 e comezos da década de 1970. Non obstante, bótanse en falta estudos centrados na emigración rural galega que analicen tanto as características deste fenómeno como os factores que o determinan no presente século. A literatura científica a nivel europeo, español e galego, coincide en sinalar que as persoas mozas constitúen o grupo de poboación que comprende a maioría dos fluxos emigratorios do rural, estando asociada a súa emigración aos principais eventos e transicións vitais que experimentan durante a adolescencia e os primeiros anos da etapa adulta. Entre os factores máis importantes destacados para explicar o fenómeno da emigración rural da poboación moza salientan as limitacións da oferta formativa e as escasas oportunidades laborais que existen no medio rural. Á parte, existen tamén outro tipo de factores que —con diferente peso— inciden na decisión de emigrar ou non emigrar das áreas rurais, como son as características dos procesos de creación da identidade, o arraigamento ao lugar de orixe ou a a historia migratoria familiar. Este último factor semella ter un peso importante na elección do lugar de destino das emigracións de moitos mozos e mozas de determinadas áreas rurais galegas, tal e como evidencia a clasificación de concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos, elaborada no marco desta investigación. Ademais, os resultados do estudo de caso realizado no concello rural de Boimorto, tamén coinciden en sinalar que os principais factores determinantes da emigración da poboación moza deste concello son, en esencia, os mesmos que determinan a emigración rural da poboación moza noutras áreas rurais españolas e europeas. Dada a escaseza de estudos centrados na análise da actual emigración rural da poboación moza en Galicia e ante a ausencia dun corpus de coñecemento integrado que aborde os factores determinantes deste tipo de emigración en Galicia, os resultados desta tese de doutoramento constitúen unha achega fundamental non só para o avance deste campo de estudo, senón tamén para enfocar o deseño de medidas ou accións de desenvolvemento rural no noso territorio.

Palabras clave: emigración rural, poboación moza, desenvolvemento rural, Galicia, século XXI.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumen

Existe un importante volumen de publicaciones en el campo de la demografía y de la geografía de la población que han abordado diferentes aspectos relacionados con la población de Galicia, desde finales de los años 60 y principios de los 70. Sin embargo, faltan estudios centrados en la emigración rural gallega que analicen tanto las características de este fenómeno como los factores que lo determinan en el presente siglo. La literatura científica a nivel europeo, español y gallego coincide en señalar que los jóvenes constituyen el grupo de población que comprende la mayoría de los flujos de emigración rural, estando asociada su emigración a los principales acontecimientos y transiciones vitales que experimentan durante la adolescencia y los primeros años de la edad adulta. Entre los factores más importantes que se destacan para explicar el fenómeno de la emigración rural de la población joven se encuentran las limitaciones de la oferta formativa y las escasas oportunidades laborales que existen en el medio rural. Aparte, también hay otro tipo de factores que —con diferente peso— inciden en la decisión de emigrar o no emigrar de las zonas rurales, como son las características de los procesos de construcción de identidad, el arraigo al lugar de origen o la historia migratoria familiar. Este último factor parece tener un peso importante en la elección del lugar de destino de las emigraciones de muchas personas jóvenes de determinadas zonas rurales gallegas, tal y como evidencia la clasificación de los municipios rurales gallegos según el comportamiento migratorio de la población entre las edades de 16 y 34 años, elaborada en el marco de esta investigación. Además, los resultados del estudio de caso realizado en el municipio rural de Boimorto, también coinciden en señalar que los principales determinantes de la emigración de la población joven de este municipio son, en esencia, los mismos que determinan la emigración rural de la población joven en otras áreas rurales españolas y europeas. Dada la escasez de estudios centrados en el análisis de la actual emigración rural de la población joven en Galicia y ante la ausencia de un corpus de conocimiento integrado que aborde los factores determinantes de este tipo de emigración en Galicia, los resultados de esta tesis doctoral constituyen una contribución fundamental no sólo para el avance de este campo de estudio, sino también para orientar el diseño de medidas o actuaciones de desarrollo rural en nuestro territorio.

Palabras clave: emigración rural, población joven, desarrollo rural, Galicia, siglo XXI.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Abstract

There is an important volume of publications in the fields of demography and population geography that have addressed different aspects related to the population of Galicia, since the end of the 1960s and the beginning of the 1970s. However, there is a lack of studies focused on Galician rural out-migration that analyze both the characteristics of this phenomenon and the factors that determine it in the present century. The scientific literature at European, Spanish and Galician level coincides in pointing out that young people constitute the population group that comprises the majority of rural out-migration flows, their out-migration are being associated with the main life events and transitions they experience during adolescence and early years of adulthood. Among the most important factors that stand out to explain the phenomenon of rural out-migration of the young population are the limitations of the training offer and the few job opportunities that exist in rural areas. Apart from that, there are also other types of factors that —with different weight— affect the decision to emigrate or not to emigrate from rural areas, such as the characteristics of the processes of identity construction, the attachment to the home place or the family migratory history. This last factor seems to have an important weight in the choice of the place of destination of the out-migrations of many young people from certain rural Galician areas, as evidenced by the classification of Galician rural municipalities according to the migratory behavior of the young people aged between 16 and 34, elaborated in the framework of this investigation. In addition, the results of the case study carried out in the rural municipality of Boimorto, also coincide in pointing out that the main determinants of the out-migration of the young population of this municipality are, in essence, the same ones that determine the rural out-migration of the young population in other Spanish and European rural areas. Given the scarcity of studies focused on the analysis of the current rural out-migration of the young population in Galicia and in the absence of an integrated body of knowledge that addresses the determining factors of this type of out-migration in Galicia, the results of this doctoral thesis constitute a fundamental contribution not only to the advancement of this field of study, but also to guide the design of rural development measures or actions in our territory.

Keywords: rural out-migration, young people, rural development, Galicia, twenty-first century.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice

1 Introdución **1**

2 Obxectivos **3**

3 Metodoloxía **5**

3.1 Introdución 5
3.2 Deseño da investigación relativo aos capítulos 4 e 5 7
3.2.1 Fontes de datos 7
3.2.2 Instrumentos de análise 7
3.2.3 Método 7
3.3 Deseño da investigación relativo ao capítulo 6 8
3.3.1 Primeira parte: análise xeodemográfica de Galicia 8
3.3.1.1 Fontes de datos 8
3.3.1.2 Instrumentos de análise 12
3.3.1.3 Método 13
3.3.2 Segunda parte: revisión sistemática da literatura sobre a emigración rural en Galicia 15
3.3.2.1 Fontes de información 15
3.3.2.2 Método 16
3.4 Deseño de investigación relativo ao capítulo 7 19
3.4.1 Fontes de datos 19
3.4.2 Instrumentos de análise 20
3.4.3 Método 20
3.5 Deseño de investigación relativo ao capítulo 8 23
3.5.1 Primeira parte: descrición da área de estudo 24
3.5.1.1 Fontes de datos 24
3.5.1.2 Instrumentos de análise 24
3.5.1.3 Método 25
3.5.2 Segunda parte: análise dos factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Boimorto 26
3.5.2.1 Fontes de datos 26
3.5.2.2 Método 27
3.6 Aclaracións conceptuais 31
3.6.1 O significado de *poboación moza* 31
3.6.2 A delimitación das áreas rurais 33

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.6.2.1 A clasificación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización (IGE) . . . 34
3.6.2.2 A elaboración e o uso da dicotomía rural-non rural . . . 35
3.6.3 O concepto de *migración* . . . 35
3.6.3.1 Definición de *migración* empregada nos capítulos 6 e 7 . . . 37
3.6.3.2 Definición de *migración* empregada no capítulo 8 . . . 39

4 Tendencias demográficas da poboación mundial 43
4.1 A teoría da transición demográfica como marco teórico da dinámica demográfica global . . . 43
4.2 Evolución e distribución espacial da poboación mundial . . . 47
4.3 Os determinantes xerais da poboación . . . 49
4.3.1 Fecundidade . . . 49
4.3.1.1 Fecundidade natural . . . 49
4.3.1.2 Fecundidade controlada . . . 52
4.3.1.3 Explicacións da alta fecundidade . . . 54
4.3.1.4 Explicacións da baixa fecundidade . . . 55
4.3.2 Mortalidade . . . 57
4.3.2.1 Causas da mortalidade . . . 57
4.3.2.2 Diferenzas na mortalidade segundo o sexo . . . 58
4.3.2.3 Diferenzas na mortalidade segundo a idade . . . 60
4.3.2.4 A desigualdade social ante a morte . . . 62
4.3.2.5 As repercusións do alongamento da esperanza de vida . . . 63
4.3.3 Migracións . . . 65
4.3.3.1 A migración: unha fenómeno de delimitación complexa . . . 65
4.3.3.2 Etapas do proceso migratorio . . . 67
4.3.3.3 Tipos de migración segundo os lugares de orixe e de destino . 69
4.3.3.4 As variables da selección migratoria . . . 72
4.3.3.5 Explicacións das causas e mantemento das migracións . . . 75
4.3.3.6 Efectos da migración sobre o crecemento da poboación . . . 84
4.3.3.7 Limitacións para o estudo dos movementos migratorios . . . 86
4.4 A estrutura por sexo e idade da poboación . . . 89

5 Urbanización e emigración rural da poboación moza en Europa 93
5.1 A situación xeodemográfica de Europa no século XXI . . . 93
5.1.1 Evolución e distribución espacial da poboación . . . 94
5.1.2 Distribución da poboación segundo o grao de urbanización do territorio 96
5.1.3 Movemento natural da poboación . . . 103
5.1.3.1 Evolución dos principais indicadores de fecundidade . . . 104
5.1.3.2 Evolución dos principais indicadores de mortalidade . . . 108
5.1.4 Movementos migratorios internacionais e interiores . . . 115
5.1.5 Características da poboación segundo sexo e idade . . . 127
5.2 Éxodo rural e urbanización . . . 130
5.3 A emigración rural da poboación moza en Europa occidental. Factores determinantes na decisión de emigrar no século XXI . . . 133
5.3.1 O arraigamento ao lugar de orixe . . . 135
5.3.2 A importancia da historia migratoria familiar . . . 139

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

5.3.3 A creación da identidade na transición á vida adulta 141
5.3.4 O papel do ocio na xuventude 146
5.3.5 As limitacións da oferta formativa no medio rural 151
5.3.6 A falta de oportunidades de emprego nas áreas rurais 154
5.3.7 As limitacións na dotación de servizos e infraestruturas 155
5.4 Quen emigra e quen non emigra das áreas rurais? 157
5.5 Consecuencias da emigración rural da poboación moza nas áreas rurais 160

6 A emigración rural da poboación moza en Galicia 167
6.1 A situación xeodemográfica de Galicia no século XX 167
6.1.1 Período de 1900 a 1930 168
6.1.1.1 Evolución e distribución espacial da poboación 168
6.1.1.2 Movemento natural da poboación 169
6.1.1.3 Movementos migratorios 170
6.1.1.4 Estrutura por sexo e idade da poboación 175
6.1.2 Período de 1930 a 1960 177
6.1.2.1 Evolución e distribución espacial da poboación 177
6.1.2.2 Movemento natural da poboación 178
6.1.2.3 Movementos migratorios 180
6.1.2.4 Estrutura por sexo e idade da poboación 182
6.1.3 Período de 1960 a 1970 184
6.1.3.1 Evolución e distribución espacial da poboación 184
6.1.3.2 Movemento natural da poboación 185
6.1.3.3 Movementos migratorios 186
6.1.3.4 Estrutura por sexo e idade da poboación 191
6.1.4 Período de 1970 a 1981 192
6.1.4.1 Evolución e distribución espacial da poboación 192
6.1.4.2 Movemento natural da poboación 194
6.1.4.3 Movementos migratorios 195
6.1.4.4 Estrutura por sexo e idade da poboación 197
6.1.5 Período de 1981 ao 2000 199
6.1.5.1 Evolución e distribución espacial da poboación 199
6.1.5.2 Movemento natural da poboación 200
6.1.5.3 Movementos migratorios 202
6.1.5.4 Estrutura por sexo e idade da poboación 208
6.2 A situación xeodemográfica de Galicia no século XXI 210
6.2.1 Evolución e distribución espacial da poboación 210
6.2.2 Movemento natural da poboación 213
6.2.2.1 Evolución da fecundidade e da natalidade 214
6.2.2.2 Evolución da mortalidade 217
6.2.3 Movementos migratorios 218
6.2.3.1 Evolución da emigración 219
6.2.3.2 Evolución da inmigración 224
6.2.4 A estrutura por sexo e idade da poboación 228
6.2.5 A estrutura socioprofesional da poboación activa 230
6.2.6 As disparidades demográficas entre as áreas non rurais e as áreas rurais 233

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.2.6.1 Evolución da poboación nas áreas non rurais e nas áreas rurais 234
6.2.6.2 O movemento natural da poboación das áreas non rurais e das áreas rurais . . . 236
6.2.6.3 Os movementos migratorios nas áreas non rurais e nas áreas rurais . . . 238
6.2.6.4 A estrutura por sexo e idade nas áreas non rurais e nas áreas rurais . . . 240
6.2.6.5 A estrutura socioprofesional da poboación activa nas áreas non rurais e nas áreas rurais . . . 243
6.3 Os estudos sobre a emigración rural galega no século XXI . . . 245
6.4 Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI . . . 248
6.4.1 As limitacións da oferta educativa no medio rural galego . . . 248
6.4.2 A insuficiente diversificación da economía rural . . . 250
6.4.3 A procura de alternativas ao emprego agropecuario nas explotacións familiares . . . 255
6.4.4 A importancia da accesibilidade e a calidade dos servizos básicos . . . 256
6.4.5 O espírito aventureiro e a procura doutras formas de vida . . . 257
6.4.6 A importancia dos antecedentes migratorios na familia . . . 259

7 Caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza 261
7.1 Análise de correlacións bivariadas . . . 261
7.2 Análise factorial de compoñentes principais . . . 262
7.3 Análise de conglomerados . . . 266
7.3.1 Selección do número de conglomerados . . . 266
7.3.2 Descrición migratoria de cada conglomerado . . . 266
7.3.2.1 Análise de varianzas e análise post-hoc . . . 269
7.3.2.2 Caracterización migratoria de cada conglomerado . . . 281

8 Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia: o caso de Boimorto 299
8.1 O municipio rural de Boimorto . . . 300
8.1.1 Situación xeográfica e territorio . . . 300
8.1.2 Características físicas . . . 300
8.1.3 Evolución e características da poboación . . . 300
8.1.4 Tipoloxía das vivendas . . . 309
8.1.5 Infraestruturas territoriais . . . 309
8.1.6 Equipamento urbano . . . 310
8.1.7 Oferta de servizos . . . 311
8.1.8 Rede asociativa . . . 314
8.2 A emigración da poboación moza no concello de Boimorto . . . 314
8.2.1 Nacer, medrar e estudar en Boimorto . . . 317
8.2.2 A ruptura nas traxectorias de coetáneos . . . 322
8.2.3 Sobre a condición de emigrante rural . . . 327
8.2.4 Sobre a autoidentificación como emigrante . . . 330
8.2.5 Percepción e valoración do lugar de orixe . . . 333

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.2.6 Intencións migratorias da poboación moza 340

9 Conclusións **341**

Referencias **349**

Anexos **370**

A Anexo á metodoloxía **373**

B Anexo aos resultados **425**

C Autorizacións para a reprodución de figuras de obras publicadas **505**

Índice de figuras **509**

Índice de táboas **513**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 1

Introdución

O traballo que agora presentamos pretende constituír unha achega ao campo dos estudos sobre emigración rural en Galicia no século XXI. E recalcamos o adxectivo *rural* porque, se ben este tipo de emigración segue existindo a día de hoxe, constitúe un tema moi pouco investigado na literatura recente sobre migracións, tanto en Galicia como no contexto dos países de Europa occidental. De feito, unha parte importante das achegas realizadas ao coñecemento da actual emigración rural a nivel español e galego, proveñen de investigacións centradas en temáticas afíns. Pois a emigración rural da poboación moza é frecuentemente sinalada como causa do despoboamento rural e do envellecemento demográfico nas áreas rurais, fenómenos que gozan dun maior interese académico e, consecuentemente, dunha maior produción científica. Nesta ocasión, cinguimos a investigación á etapa preparatoria do proceso emigratorio, centrándonos na análise dos factores que desencadean a posterior emigración.

Partindo do suposto de que actual emigración rural da mocidade galega está cada vez máis condicionada por factores sociolóxicos, o principal obxectivo da investigación foi identificar os factores que determinan a emigración rural dos mozos e mozas en Galicia no século XXI. Cómpre salientar que unha das particularidades que presentan os estudos sobre migracións é que non existe neste campo unha metodoloxía axeitada para analizar toda a complexidade que encerra o fenómeno migratorio, polo que é común o uso de diferentes enfoques e perspectivas por parte da comunidade investigadora. Resulta obvio que calquera enfoque que se empregue vai ter as súas propias limitacións, xa que a realidade sempre vai ser máis rica que calquera perspectiva de análise que poida aplicarse. Non obstante, a literatura científica sobre migracións coincide en reiterar a necesidade de realizar investigacións interdisciplinares que teñan en conta enfoques máis amplos que os que proporciona unha única disciplina. Neste caso concreto, eliximos deseñar a nosa investigación dende o enfoque xeodemográfico, mais queremos destacar que a nosa elección constitúe, simplemente, unha opción entre outras moitas posibles.

Como poderemos apreciar nas seguintes páxinas, a medida que descendemos na escala espacial de análise, percibimos un maior grao de heteroxeneidade no comportamento demográfico das poboacións humanas, dentro dun mesmo marco global de tendencias comúns. No caso das áreas rurais galegas, observamos que a pauta do comportamento migratorio da poboación moza galega é moi semellante á da poboación moza doutras áreas da periferia europea. Non obstante, ao situarse na escala municipal, emerxen singularidades específicas en determinadas áreas, herdeiras da propia historia migratoria local. Ante a escaseza de estudos centrados nos

factores determinantes da actual emigración rural da poboación moza en Galicia, os resultados acadados nesta tese de doutoramento presentan unha dobre utilidade práctica. Por unha banda, contribúen ao estudo dun fenómeno insuficientemente analizado e ao desenvolvemento dun campo de estudo fundamental para enfocar o deseño de políticas de desenvolvemento rural, xerando un coñecemento potencialmente útil tanto no contexto galego como noutros contextos europeos. E por outra banda, á espera de máis investigacións sobre a temática, ofrécese información de utilidade para ser aplicada no deseño de accións e medidas pensadas para atallar os problemas que afectan actualmente ao rural galego.

En canto á distribución dos contidos, a grandes trazos o estudo está organizado en dúas partes principais, precedidas por un capítulo que reúne os obxectivos da investigación e por outro capítulo que recolle os aspectos metodolóxicos relativos a esta. A primeira parte do estudo, estaría integrada polos capítulos 4 e 5, a través dos que se sitúa o marco contextual da investigación. A segunda parte, estaría composta polos capítulos 6, 7 e 8, centrados na análise da emigración rural da poboación moza en Galicia no presente século. Cada un destes capítulos centrouse nunha escala xeográfica superior con respecto ao capítulo seguinte, de tal forma que cada un deles está baseado no anterior. Desta maneira, o capítulo 4, denominado *Tendencias demográficas da poboación mundial*, dedicámolo a analizar —como o seu propio nome indica— as tendencias demográficas da poboación a nivel mundial, abordando sucintamente o funcionamento dos procesos demográficos que interveñen na dinámica das poboacións, con especial atención ás migracións. Seguidamente, no capítulo 5, titulado *Urbanización e emigración rural da poboación moza en Europa*, describimos as principais características demográficas dos países europeos e, nese contexto, analizamos o fenómeno da emigración rural da poboación moza en Europa occidental. Posteriormente, iniciamos a segunda parte da investigación poñendo xa o foco sobre Galicia. O capítulo que abre esta parte é o 6, nomeado *A emigración rural da poboación moza en Galicia*, onde examinamos a evolución demográfica de Galicia dende principios do século XX e revisamos o estado da produción científica centrada na emigración rural da poboación moza no século XXI, ademais de analizar os factores determinantes asociados a este fenómeno. Co obxectivo de afondar na caracterización dos movementos migratorios da poboación moza no rural galego, no capítulo 7, titulado *Caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza*, realizamos unha análise de conglomerados a partir da que obtivemos unha clasificación dos municipios rurais de Galicia en función das características do comportamento migratorio da poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. Así mesmo, para explorar en maior medida os factores que determinan a decisión de emigrar do rural nese grupo de idade, procedemos a realizar un estudo de caso centrado no concello rural de Boimorto, cuxos resultados foron recollidos no capítulo 8, que leva por título *Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia: o caso de Boimorto*. Finalmente, a investigación péchase cun capítulo de conclusións no que sintetizamos os principais resultados obtidos nesta investigación, resaltando as achegas máis relevantes e formulando posibles liñas de investigación susceptibles de xerar novo coñecemento sobre a emigración rural da poboación moza en Galicia no presente século.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 2

Obxectivos

O obxectivo xeral desta investigación é identificar os factores que determinan a emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI, para así dispoñer dun coñecemento de base que permita discernir o tipo de medidas ou accións máis axeitadas para mitigar este fenómeno social e as problemáticas asociadas. Máis concretamente, preténdense alcanzar os seguintes obxectivos específicos:

- Identificar as principais dificultades metodolóxicas que entrañan os estudos migratorios e valorar o enfoque metodolóxico máis axeitado para o desenvolvemento da investigación (capítulo 4).
- Analizar as tendencias demográficas xerais para situar a investigación no contexto das actuais dinámicas da poboación a nivel mundial (capítulo 4).
- Analizar a situación demográfica dos países europeos no período 2000-2015 e situar a España no contexto demográfico europeo (capítulo 5).
- Identificar os factores destacados na literatura científica como determinantes na emigración rural da poboación moza en Europa na actualidade (capítulo 5).
- Analizar a situación demográfica de Galicia no período 2000-2015 en relación coas dinámicas demográficas de España e Europa (capítulo 6).
- Identificar os factores destacados na literatura científica como determinantes na emigración rural da poboación moza en Galicia na actualidade (capítulo 6).
- Caracterizar os concellos rurais de Galicia en base ao comportamento migratorio da poboación moza no período 2000-2015 (capítulo 7).
- Identificar os factores que determinan actualmente a emigración rural da poboación moza en Galicia, a través dun estudo de caso de carácter exploratorio que ilustre dito fenómeno (capítulo 8).
- Analizar o grao de converxencia entre os factores determinantes da emigración rural identificados a través do estudo de caso e aqueles factores destacados na literatura científica referida ás áreas rurais de Galicia e doutros contextos europeos (capítulo 8).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 3

Metodoloxía

3.1 Introdución

A pesar de que, con frecuencia, a demografía[1] foi definida unicamente en base ao seu propio significado etimolóxico[2], diversos autores contribuíron a precisar o seu obxecto de estudo, como fixeron no seu momento Leguina (1976), Livi-Bacci (1993), Petersen (1968), Pressat (1967), Tapinos (1990), Vallin (1995) ou Weeks (1984). Estes estudosos converxeron en destacar que a demografía consiste en algo máis que no mero manexo das súas desenvolvidas técnicas e procedementos de medición. Pois debe ser capaz —ademais de describir e medir— de estudar os fenómenos demográficos en si mesmos, analizar cales son as relacións que se establecen entre eles e explicar como condicionan a estrutura e o tamaño das poboacións. Todo iso, con independencia de que se recoñeza que esa investigación causal inherente á investigación demográfica sexa, a miúdo, desatendida polo demógrafo (Pressat, 1967). Tal recoñecemento constitúe un aspecto sumamente relevante para a demografía, posto que é xustamente na fase relativa á investigación causal onde se atopa o carácter «multidisciplinar» (Pressat, 1967, p. 13) ou «interdisciplinar» (Livi-Bacci, 1993, p. 14) que mostra a investigación demográfica para determinados estudosos.

O feito de que a demografía comparta obxecto de estudo con outras disciplinas, provocou numerosos intentos de aprehensión do seu obxecto de estudo. Porén, a multiplicidade de aspectos que envolven a observación do ser humano —tanto de forma individual como membro dunha colectividade—, fai que os fenómenos demográficos non poidan ser explicados na súa totalidade por ningunha das ciencias humanas ou sociais, tomada illadamente (Thumerelle, 1997; Vieira, 1973). En efecto, «non existe ningunha disciplina científica constituída de tal modo que o conxunto dos seus enunciados posúa as propiedades de completitude e conectividade absolutas» (Bermejo, 2006, p. 11). Neste contexto, a demografía configurouse como unha disciplina auxiliar que proporciona unha base metodolóxica sólida a diversas disciplinas coas que

[1] Segundo Vieira (1973), «o conxunto de coñecementos relativos á poboación humana veuse constituíndo en ciencia dende 1855, cando Achille Guillard, a denominou *demografía*» (p. 11). Non obstante, o autor destaca que hai estudosos que consideran máis apropiado cualificar a demografía como *disciplina*, en lugar de como *ciencia*.

[2] De acordo con Livi-Bacci (1993), «responder que a demografía é o estudo da poboación non é máis que traducir a palabra composta de etimoloxía grega (*demos-grafia*) e non nos achega á definición do obxecto de estudo da disciplina que nos dispoñemos a afrontar» (p. 9).

comparte fontes de información e técnicas de análise demográfica, pero coas que é susceptible de diverxer nos seus respectivos intereses teóricos. Un bo exemplo do sinalado constitúeo a xeografía da poboación ou xeodemografía, unha rama da xeografía humana que xurdiu a partir da alianza que estableceu coa demografía (Pailhé, 1984; Reques, 2006), ao precisar da súa asistencia «para a análise, tratamento e interpretación da información estatística que manexa» (Reques, 2006, p. 12). Ambas disciplinas comparten obxectivos, pero a xeodemografía amplíaos coa súa preocupación por analizar a dimensión espacial dos fenómenos demográficos e por explicar as súas causas e as súas consecuencias, principalmente naqueles casos nos que o demógrafo non asume a parte cualitativa da súa disciplina (Pressat, 1967; Reques, 2006; Vieira, 1973). É nesa investigación causal coa que se pretende interpretar a información estatística manexada, onde emerxen as ligazóns entre as diferentes disciplinas que comparten a poboación como obxecto de estudo. Pois «nese punto os datos propiamente estatísticos deben ligarse a outros datos cuantitativos ou cualitativos procedentes dos múltiples aspectos do comportamento humano, a fin de descubrir nexos explicativos» (Pressat, 1967, p. 13). Por tanto, procurar discernir se a investigación causal incluída nunha análise xeodemográfica é multidisciplinar ou interdisciplinar —empregando os mesmo termos sinalados por Pressat e Livi-Bacci— non ten cabida, xa que a encrucillada de disciplinas é inherente á propia natureza da xeografía.

O enfoque xeodemográfico foi, xustamente, o que orientou a nosa investigación sobre a emigración rural da poboación moza en Galicia. Mais non debemos esquecer que a elección deste enfoque constitúe unha opción entre outras moitas posibles. Pois, como comentaremos no capítulo 4, non existe ningunha metodoloxía que abarque toda a complexidade que encerra o fenómeno migratorio, o que explica que os estudos sobre migracións sexan abordados dende múltiples enfoques (R. García, 2003). En xeral, seguimos o esquema metodolóxico característico dos estudos xeodemográficos descrito por Reques (2006), común a calquera estudo de poboación. Así, a nosa investigación estruturouse en cinco capítulos principais, dous dedicados á análise do marco contextual e tres dedicados á análise da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI. Os títulos cos que nomeamos os capítulos son os seguintes:

- Tendencias demográficas da poboación mundial (capítulo 4).
- Urbanización e emigración rural da poboación moza en Europa (capítulo 5).
- A emigración rural da poboación moza en Galicia (capítulo 6).
- Caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza (capítulo 7).
- Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia: o caso de Boimorto (capítulo 8).

En concordancia cos obxectivos específicos establecidos para cada un dos capítulos que integran esta tese de doutoramento, cada capítulo tivo un deseño de investigación diferente. Polo tanto, para facilitar a exposición dos aspectos metodolóxicos relacionados con esta tese de doutoramento, describiremos o deseño de investigación de cada un dos cinco capítulos de forma individual.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.2 Deseño da investigación relativo aos capítulos 4 e 5

Co obxectivo de situar a emigración rural da poboación moza en Galicia nas dinámicas demográficas de contextos xeográficos máis amplos, o marco contextual desta investigación organizouse en dous capítulos. O primeiro —*Tendencias demográficas da poboación mundial*— está dedicado a analizar as tendencias demográficas da poboación a nivel mundial, abordando sucintamente o funcionamento dos procesos demográficos que interveñen na dinámica das poboacións, así como tamén os principais trazos que presentan os diferentes países a nivel mundial. Non obstante, como o tema principal da nosa investigación é a emigración, fixemos especial fincapé naqueles aspectos teóricos das *migracións* que consideramos básicos, tanto para delimitar o obxecto de estudo, como para orientar unha investigación sobre esta temática. Partindo destes contidos *elementais*, o segundo dos capítulos correspondentes ao marco contextual —*Urbanización e emigración rural da poboación moza en Europa*— está dedicado a describir as principais características demográficas dos países europeos, para centrarse, posteriormente, na análise dun tipo de emigración moi concreta que afecta ás áreas rurais: a emigración rural da poboación moza. Para a elaboración destes dous capítulos fíxose uso de fontes bibliográficas e de datos demográficos publicados por organismos públicos de carácter internacional e nacional. De seguido, describimos as fontes de datos estatísticos empregadas para tal fin, así como as operacións realizadas cos devanditos datos.

3.2.1 Fontes de datos

Das diversas fontes que proporcionan datos para o estudo da poboación a nivel internacional e a nivel nacional, para a elaboración destes capítulos consultamos datos estatísticos publicados polo Banco Mundial[3], pola oficina de estatística da Unión Europea[4] e polo Instituto Nacional de Estatística[5]. No anexo A, achegamos a relación de indicadores e variables consultadas e analizadas, xunto coa URL que dá acceso aos datos (táboa A.1).

3.2.2 Instrumentos de análise

Co obxectivo de dispoñer de determinados indicadores de crecemento da poboación, cos datos que tomamos das fontes anteriormente sinaladas calculamos a taxa de variación porcentual da poboación e máis da taxa media anual acumulada de crecemento da poboación para o período 2000-2015. A descrición destes indicadores achégase no anexo A.

3.2.3 Método

O procedemento de acceso e descarga dos datos variou en función das características da fonte de datos consultada. No caso do Banco Mundial, a exploración e acceso aos datos de indicadores de poboación realizouse ben mediante navegación *por indicador*, ou ben empregando o cadro de busca por termos clave. En total, empregamos datos de vinte e un indicadores correspondentes a todos os anos e países dispoñibles, que foron descargados en formato Excel para a súa posterior análise nesta aplicación de escritorio. Polo que se refire a Eurostat, a exploración e acceso aos

[3] https://www.bancomundial.org/es/home
[4] https://ec.europa.eu/eurostat
[5] https://www.ine.es/

datos realizouse a través da sección *Data*, mediante a árbore de navegación (*Data navigation tree*). No explorador de datos seleccionamos os países europeos do noso interese e máis os anos correspondentes ao período temporal da nosa investigación (2000-2015), aínda que os datos non sempre estiveron dispoñibles nin para todos os países nin para todos os anos do período temporal. Os datos seleccionados foron descargados nunha táboa en formato Excel para a súa posterior análise. Por último, a exploración e o acceso aos datos de estatísticas elaboradas e publicadas polo INE no seu sitio web realizouse mediante a busca de *Datos por temas*, elixindo o tema *Demografía y población*, que dá acceso a todas as operacións estatísticas elaboradas polo INE e por outros organismos do sistema estatístico nacional relacionadas con esta temática. Sempre que foi posible, seleccionamos os datos para os anos correspondentes ao noso período de estudo, tanto para o total de España como para as comunidades autónomas. Igual que nos outros casos, os datos foron descargados nunha táboa en formato Excel para a súa posterior análise.

3.3 Deseño da investigación relativo ao capítulo 6

Unha vez analizados os principais trazos demográficos da poboación europea, a situación das áreas rurais nos países de Europa occidental e máis o actual fenómeno da emigración rural da poboación moza que ten lugar nestes territorios, o seguinte paso foi situar o foco da nosa investigación en Galicia. Así, o capítulo 6 —*A emigración rural da poboación moza en Galicia*— está fundamentalmente dedicado á análise da situación demográfica de Galicia no período 2000-2015 e á identificación dos factores que determinan a actual emigración rural da poboación moza, mediante a análise das achegas científicas máis destacadas sobre a temática. Para iso, realizamos dous estudos diferentes. En primeiro lugar, realizamos unha análise xeodemográfica a escala autonómica e provincial, empregando tamén a dicotomía rural-non rural para afondar nos contrastes intraprovinciais. Esta análise foi precedida dunha descrición da evolución demográfica de Galicia no século XX, polo que, en ambos casos, fíxose uso de fontes bibliográficas e de datos demográficos publicados por organismos públicos de carácter nacional e autonómico. E en segundo lugar, levamos a cabo unha revisión sistemática da literatura científica publicada dende o ano 2000 sobre a emigración rural en Galicia no século XXI. A continuación, describimos os aspectos metodolóxicos correspondentes a ambos estudos, por separado.

3.3.1 Primeira parte: análise xeodemográfica de Galicia

3.3.1.1 Fontes de datos

Existen diversas fontes que nos proporcionan datos para o estudo da poboación de Galicia dende o punto de vista demográfico. No marco deste estudo, a maior parte dos datos estatísticos empregados foron consultados na web Instituto Galego de Estatística[6] e, en menor medida, na web do Instituto Nacional de Estadística[7]. No anexo A achegamos a relación de indicadores e variables consultadas e analizadas, xunto coa URL que dá acceso aos datos (táboa A.2).

Tamén debemos ter en conta que ao utilizar datos secundarios existe a posibilidade de que a información fose producida con propósitos diferentes aos perseguidos na investigación en

[6] https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl

[7] https://www.ine.es/

cuestión, podendo presentar limitacións que dificultan o seu uso (Almarcha et al. 1969; Cea, 2001; Valles, 2003). Por estas razóns, consideramos importante ter presente as características de cada unha das fontes demográficas empregadas nestas análises, para a correcta interpretación dos resultados obtidos nelas.

Censo de poboación

Aínda que a orixe dos censos en España remóntase ao século XVI, o primeiro censo de poboación moderno realizouse no ano 1857 (Reher e Valero, 2005). Dende entón, efectuáronse ata o presente quince censos de poboación, publicándose o último no ano 2011. Dende o ano 1900 ten unha frecuencia decenal, mais a partir do ano 1981 realízase nos anos rematados en 1, en lugar dos anos rematados en 0 (Puyol, 1990). De acordo con Reques (2006), entre os obxectivos dos censos destacan os seguintes: «o reconto da poboación», «o coñecemento da estrutura da poboación», «servir de base para estudos demográficos», «o reconto das vivendas, dos edificios e dos locais», «o coñecemento das características das vivendas e edificios» ou «atender as necesidades estatísticas de carácter internacional» (pp. 32-34). En palabras deste xeógrafo, mentres que «o Censo se realiza para todo o país baixo os auspicios do Estado, o Padrón realízao cada concello» (p. 28), un aspecto que constitúe unha das principais diferenzas que existen entre ambas fontes. A pesares das deficiencias que presentan os censos españois, que xeralmente son deficiencias comúns a outros censos europeos, o censo constitúe unha fonte demográfica básica e fiable para a análise xeográfica da poboación (Puyol, 1990; Reques, 2006). Os resultados dos censos de poboación son publicados polo INE —o organismo produtor— e tamén polo IGE. Se ben os datos do censo están desagregados ata o nivel municipal, debido á súa periodicidade decenal soamente empregamos esta fonte para a consulta de datos de poboación relativos ao século XX.

Padrón Municipal de habitantes

De acordo coa *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local*[8], «o Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños dun municipio» (artigo 16), polo que «toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no Padrón do municipio no que resida habitualmente» (artigo 15). Neste sentido, «as cifras de poboación procedentes da revisión do Padrón son declaradas oficiais, en cada un dos municipios españois, polo Goberno mediante Real Decreto» (INE, s.f. a, p. 1). Non obstante, a finalidade específica desta fonte non é o estudo da poboación (Vinuesa et al., 1997), senón constituír «proba plena de residencia e de clasificación veciñal» (Reher, 1997, p. 34). Pois a residencia nun municipio implica unha serie de consecuencias tanto para a cidadanía coma para o concello, consecuencias que derivan da aplicación do criterio poboacional en cuestións políticas, fiscais e de xestión municipal (Suero, 1999; Reher, 1997; A. García e Sánchez, 2001; Godenau e Arteaga, 2004; M. S. García, 2007). Polo tanto, a fiabilidade[9] do Padrón Municipal de habitantes como fonte demográfica debe valorarse considerando o apuntado por Reher e Valero (2005), ao sinalaren que a información do Padrón pode ser defectuosa «debido, en parte, ao incremento da mobilidade residencial, ao depender a bondade dos datos do cumprimento, por parte dos habitantes, das súas obrigas de cidadanía; á parte doutras importantes desviacións por causas políticas

[8] BOE núm. 80, do 3 de abril de 1985.

[9] Seguindo a Livi-Bacci (1993), «a fiabilidade e os erros refírense á correspondencia entre o dato estatístico e a realidade que debe describir» (p. 16).

e administrativas» (p. 84). Neste sentido, cómpre destacar a existencia de casos nos que a declaración voluntaria[10] de cambio de domicilio no Padrón é fomentada polas corporacións municipais co obxectivo de aumentar a poboación censada nun municipio, polas repercusións económicas que se derivan ao pasar a un intervalo de poboación superior. Unha das formas de fomentar esas declaracións voluntarias de cambio de residencia constitúea, por exemplo, a necesidade de dispoñer do certificado de empadroamento para poder optar a unha praza escolar nun determinado municipio (R. Fernández, 1995).

En canto ao efectivo de inmigrantes, Susino (2012) destacou unha característica diferencial que presenta este rexistro en España. E é que, a diferenza do que ocorre noutros países, dende o ano 2000 en España pode darse de alta no Padrón Municipal de habitantes «calquera estranxeiro residente no país, con independencia de que teña ou non permiso de residencia» (p. 59). Esta circunstancia foi aproveitada por algunhas persoas estranxeiras para empadroar a familiares e amigos residentes fóra de España[11], co obxectivo de «poder documentar unha suposta presenza e arraigo en España en futuras operacións de regularización de residencia» (p. 59). Debido a isto, o número de estranxeiros empadroados supera o número de permisos de residencia en vigor. Isto significa que o Padrón tende a sobreestimar a poboación estranxeira, ben por falsos empadroamentos ou ben por persoas que xa non residen en España pero que non efectuaron a súa baixa. Porén, dende o ano 2003, a normativa «obriga a todo estranxeiro extracomunitario sen permiso de residencia permanente a renovar o seu empadroamento cada dous anos, ou do contrario prodúcese a caducidade da súa inscrición no padrón» (p. 59). Como consecuencia destes cambios normativos, no ano 2006 comezaron a realizarse as primeiras baixas por caducidade, un aspecto que deberá ser tido en conta, tamén, na interpretación dos datos da Estatística de Variacións Residenciais (Susino, 2012).

As cifras de poboación do Padrón Municipal de habitantes publícanse anualmente con data de referencia 1 de xaneiro para o nivel municipal e, por agregación destas, tamén para os ámbitos xeográficos superiores (IGE, s.f. a). Dado que o período de estudo contemplado nesta investigación abarca dende o ano 2000 ao 2015, os datos absolutos de poboación cos que operamos foron tomados principalmente desta fonte, xa que é a única de periodicidade anual que proporciona información para todo o período ata o nivel de desagregación municipal[12].

Estatísica do Movemento natural da poboación

A estatística do Movemento natural de poboación toma como fonte de información básica o Rexistro Civil para proporcionar información continua e exhaustiva sobre nacementos, defuncións e matrimonios (IGE, s.f. b). No marco desta investigación, a estatística do Movemento natural de poboación proveunos de datos de nacementos e defuncións para analizar a súa evolución temporal en comparación con diferentes ámbitos xeográficos, así como tamén para a construción de determinados indicadores demográficos, tal e como explicamos nas seguintes páxinas. Reher (1997) destacou a mellora da calidade desta fonte coa informatización dos datos de base e valorou positivamente a súa a fiabilidade.

[10] As declaracións voluntarias son unha das vías de actualización dos datos do Padrón Municipal, podendo estar motivadas ou ben por un cambio de domicilio, ou ben pola solicitude de corrección dalgún erro detectado por parte dun cidadán (R. Fernández, 1995).

[11] Segundo Susino (2012), non é necesario acudir fisicamente aos concellos para empadroarse.

[12] As *Cifras poboacionais de referencia* soamente están dispoñibles para o nivel de desagregación municipal dende o ano 2002, o que motivou o uso das cifras de poboación do Padrón Municipal de habitantes (non sempre coincidentes).

Estatística dos Movementos migratorios

A estatística dos Movementos migratorios recolle as variacións residenciais producidas en Galicia, proporcionando información para a comunidade autónoma, as provincias, as comarcas e os municipios, tanto dende o punto de vista da orixe coma do destino (IGE, s.f. c). A estatística dos Movementos migratorios elabórase principalmente a partir da Estatística de variacións residenciais, elaborada polo INE, á súa vez, a partir da explotación da información relativa ás altas e ás baixas rexistradas nos Padróns municipais de habitantes motivadas por cambios de residencia (INE, s.f. b). Ao estar estreitamente vinculada ao Padrón Municipal de habitantes, a Estatística de Variacións Residenciais (EVR) vese afectada polas limitacións que presenta o Padrón e que sinalamos anteriormente. Neste sentido, é importante sinalar que ditas variacións residenciais fan referencia ao número de variacións anuais efectuadas e non ao número de persoas que levan a cabo unha variación residencial, xa que unha mesma persoa pode mudar a súa residencia en máis dunha ocasión no transcurso dun ano. Desta maneira, a EVR non mide migracións, senón que mide aquelas comunicacións de cambio de domicilio que supoñen unha modificación no municipio de residencia e que poden derivar, ou non, dunha migración (Susino, 2011). Con todo, e a pesares de que EVR segue sendo a principal fonte de datos para o estudo demográfico das migracións (Susino, 2011 e 2012), convén ter presente as deficiencias apuntadas, principalmente polas súas implicacións na interpretación das migracións interprovinciais (Toxo-Asorei e García-Arias, 2018). Polo tanto, non debemos esquecer estas limitacións que presentan as fontes que proporcionan a información de base para a elaboración da estatística dos Movementos migratorios de cara a unha interpretación cautelosa dos resultados da nosa análise dos movementos migratorios en Galicia. Neste sentido, cómpre destacar que os fluxos anuais da estatística dos Movementos migratorios «fan referencia a migracións e non a migrantes, pois unha persoa pode cambiar a súa residencia dun municipio a outro máis dunha vez ao ano» (IGE, s.f. c, p. 3).

Panorama rural-urbano

O *Panorama rural-urbano* é unha sección da páxina web do IGE, a través da que se difunden anualmente os resultados da explotación de datos demográficos, sociolaborais e económicos segundo o grao e o subgrao de urbanización ata o nivel de desagregación provincial. Segundo o propio organismo, «este conxunto de indicadores permite discernir as diferenzas e similitudes entre as distintas zonas de Galicia e caracterizar o que habitualmente se denomina urbano ou rural»[13]. Para analizar as características sociolaborais e económicas da poboación, empregamos diversos indicadores dispoñibles nesta sección.

Outras fontes de datos consultadas

Á parte das fontes de datos descritas, consultamos tamén outras fontes que, se ben non nos proporcionaron datos demográficos propiamente ditos, permitíronnos clasificar os municipios galegos en base a diferentes criterios para analizar a distribución espacial da poboación, creando información demográfica a partir dos agregados municipais para determinadas categorías. Desta maneira, a partir da información de base que describimos de seguido, puidemos calcular indicadores para o grao de urbanización cando non estaban dispoñibles no *Panorama rural-urbano* ou cando necesitamos crealos, así como tamén para as serras e para a área de influencia da autoestrada AP-9.

[13] http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0701

- *Clasificación dos municipios galegos segundo o grao de urbanización* (IGE). Para consultar unha descrición desta clasificación de municipios, remitimos á sección 3.6 (apartado 3.6.2).
- *Clasificación dos municipios galegos segundo a súa situación xeográfica* (A. Pérez, 1995). O xeógrafo Augusto Pérez Alberti creou unha clasificación dos municipios baseándose na súa situación xeográfica. Aínda que propio autor advertiu das limitacións da súa clasificación municipal[14], concordamos con el na utilidade que presenta esta clasificación para a comprensión da lóxica da ocupación do espazo en Galicia. Desta clasificación municipal, unicamente empregamos no noso estudo xeodemográfico a relación de municipios agrupados na categoría de *serras*. Con todo, e como o mesmo autor destacou, debemos ter en conta que «as características humanas varían segundo estudiémo-las serras occidentais, as setentrionais, ou as orientais» (A. Pérez, 1995, p. 34).
- *Delimitación da área de influencia da Autoestrada do Atlántico*. No ano 1995, a USC e a Empresa Nacional de Autopistas de peaje (ENAUSA) asinaron un convenio para a realización do proxecto de investigación denominado *Observatorio Económico de las Autopistas de peaje y el desarrollo de su entorno* (OBECAUDE), cuxo obxectivo era «analizar e cuantificar os efectos económicos e territoriais máis relevantes xerados en Galicia pola Autoestrada do Atlántico (A-9), ademais de contribuír a perfilar unha metodoloxía adecuada para o seguimento das variables relevantes asociadas a este tipo de infraestruturas» (E. López, 2000, p. 10). En dito proxecto de investigación consideráronse dous ámbitos de estudo: «o ámbito rexional-urbano de influencia» e «o ámbito local do corredor atlántico» (Dalda e Viña, 1997, p. 29). Polo tanto, a relación de municipios que constitúen a área de influencia da Autoestrada do Atlántico, foi tomada da metodoloxía para a delimitación do ámbito rexional urbano de influencia establecida no proxecto OBECAUDE. Nesta fonte considérase que a área de influencia está formada por un total de setenta e catro municipios, sen ter en conta o municipio de Abegondo dentro da área de influencia da autoestrada. Aínda que entendemos que a ausencia de Abegondo na metodoloxía orixinal pode tratarse simplemente dun erro, cremos necesario sinalar que compartimos a metodoloxía de delimitación da área de influencia da Autoestrada do Atlántico establecida polo *Observatorio Económico de la Autopista A-9*, pero considerando tamén nesa área o municipio de Abegondo, ao igual que tamén fixo algún outro autor (G. Villar, 2000).

3.3.1.2 Instrumentos de análise

A meirande parte dos indicadores demográficos empregados na análise xeodemográfica correspondente ao século XXI foron calculados por nós, así como tamén algúns dos indicadores demográficos empregados na análise da evolución da poboación de Galicia no século XX. É probable que algúns deses indicadores que calculamos para o período 2000-2015 estean dispoñibles na páxina web IGE para algunhas das nosas zonas de estudo, mais como empregamos o Padrón Municipal de habitantes como información de base, os resultados poden variar lixeira-

[14] A. Pérez (1995) recoñeceu que «hai concellos que soamente teñen parte do seu territorio nunha unidade e o resto noutra», polo que «esta distribución non é totalmente correcta» (p. 243). Non obstante, destaca tamén a súa utilidade para comprender mellor a lóxica da ocupación do espazo en Galicia.

mente con respecto aos publicados polo IGE[15]. No anexo A achegamos a relación e descrición dos indicadores que calculamos, agrupados segundo a súa tipoloxía.

3.3.1.3 Método

Para coñecer os antecedentes demográficos da situación da poboación galega no século XXI, en primeiro lugar realizamos unha análise e descrición da evolución da poboación galega no século XX. Aínda que gran parte da información procedeu de fontes bibliográficas, tamén consultamos datos demográficos e, nalgúns casos, calculamos algúns dos indicadores descritos en parágrafos anteriores. Con carácter xeral, os datos de poboación consultados para o século XX procederon do Censos de poboación. Por motivos prácticos relacionados coa forma na que foron difundidos os datos por parte do INE e do IGE, os datos de poboación empregados na análise a nivel galego e provincial foron descargados do IGE, mentres que os datos de poboación empregados na análise da poboación urbana foron descargados do INE[16]. Non obstante, aínda que no texto citamos a ambos organismos segundo proceda, a fonte dos datos é a mesma en ambos casos. Así mesmo, tamén por motivos prácticos, a análise da estrutura da poboación por sexo e idade realizouse a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes. Isto debeuse a que os datos dos Censos de poboación correspondentes aos anos 1900, 1930, 1960 e 1970 estaban dispoñibles nun formato que dificultaba enormemente o seu tratamento estatístico.

En segundo lugar, realizamos unha análise xeodemográfica de Galicia tomando como período de estudo os anos 2000-2015. Neste caso, todos os datos consultados e analizados procederon do IGE. A exploración e acceso aos datos demográficos publicados na web do IGE realizouse mediante a busca de *Información estatística por temas*. Os datos foron descargados en formato Excel para o seu posterior tratamento e análise nesta aplicación. No caso concreto dos datos sobre migracións, para levar a cabo a nosa análise precisamos datos sobre emigracións e inmigracións segundo tipo da migración, sexo e idade, desagregados por municipio. Porén, como o rango de idade que asignamos á definición de *poboación moza*[17] non coincidía cos rangos de idade que manexa o IGE á hora de desagregar os datos por idades que publica na súa web, foi necesaria a solicitude de datos de migracións adaptados ás especificidades da nosa investigación[18].

A partir dos datos descargados da web do IGE e máis a partir dos datos facilitados por este organismo a raíz da nosa solicitude, calculamos os indicadores demográficos que describimos no apartado anterior. A continuación, ofrecemos información máis detallada sobre este punto:

- *Indicadores de crecemento da poboación*. Neste grupo incluíronse indicadores básicos para coñecer a evolución da poboación e a súa distribución espacial. Ditos indicadores foron calculados para todos os anos do período de estudo para os ámbitos de Galicia, as provincias e os municipios, tendo en conta o grao de urbanización. Polo tanto, a información de base foi tomada do Padrón Municipal de habitantes, da Estatística do Movemento natural da poboación, da Estatística dos Movementos migratorios, da clasificación dos

[15] Os indicadores demográficos publicados polo IGE están calculados a partir das *Cifras poboacionais de referencia*.

[16] No caso do INE, o procedemento de exploración, acceso e descarga dos datos foi o mesmo que o descrito na metodoloxía relativa aos capítulos 4 e 5.

[17] Para máis información, consultar a sección 3.6 (apartado 3.6.1).

[18] A solicitude e disposición destes datos realizouse no marco dunha estadía de investigación realizada pola doutoranda no IGE, entre os meses de xaneiro e marzo de 2018.

concellos segundo o grao e o subgrao de urbanización (IGE), da clasificación de municipios de A. Pérez (1995) e da delimitación dos concellos da área de influencia da Autoestrada do Atlántico.

- *Indicadores de fecundidade, natalidade e mortalidade*. Polo que se refire aos indicadores relacionados coa natalidade e a mortalidade, calculamos a taxa bruta de natalidade e a taxa bruta de mortalidade[19], tomando como información de base o Padrón Municipal de habitantes, a Estatística do Movemento natural da poboación e a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización (IGE). Ademais, consultamos outros indicadores na páxina web do IGE, como o índice sintético de fecundidade, a idade media á maternidade e a esperanza de vida ao nacer. Ante a necesidade de contrastar os valores destes indicadores para as áreas rurais e tamén ante a ausencia de datos agregados para as áreas non rurais, nos casos nos que nos foi posible, optamos por calcular unha media aritmética dos valores relativos á ZDP e á ZIP, respectivamente.

- *Indicadores de movementos migratorios*. Os indicadores empregados para medir as migracións foron a taxa bruta de emigración e a taxa bruta e inmigración[20]. Ambas foron calculadas para todos os anos do período de estudo e para os diferentes tipos de migracións segundo os lugares de orixe e destino (táboa 3.2), tendo en conta o grao de urbanización. A información de base foi proporcionada polo Padrón Municipal de habitantes, a Estatística dos Movementos migratorios e a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización (IGE). Na análise das taxas brutas de emigración e inmigración segundo a variable *idade*, traballamos con grupos quinquenais de idade. Porén, tras observar a escasa relevancia —en termos estatísticos— das migracións na poboación menor de 16 anos e na poboación maior de 64 anos, optamos por agregar a poboación menor de 16 anos nun único grupo de idade de 0-15 anos e a de máis de 64 anos noutro único grupo de 65 e máis anos. Cabe salientar, por último, que ante a ausencia de datos de poboación segundo o municipio de residencia, sexo e idades simples para os anos 2000 e 2001, non foi posible calcular as taxas brutas de emigración e inmigración para eses anos, de acordo cos grupos de idade que nós establecemos na análise das migracións.

- *Indicadores de estrutura da poboación*. Os indicadores que se recollen neste apartado foron calculados para os anos 2000, 2005, 2010 e 2015, tomando como información de base o Padrón Municipal de habitantes e a clasificación dos concellos segundo o grao de urbanización (IGE). Ademais, consultamos outros indicadores na páxina web do IGE, como a idade media da poboación a 1 de xaneiro. Neste caso, ante a necesidade de contrastar os valores deste indicador para as áreas rurais e tamén ante a ausencia de datos agregados para as áreas non rurais, optamos por calcular unha media aritmética dos valores da idade media da poboación no 1 de xaneiro relativos á ZDP e á ZIP.

Á parte, tamén consultamos diversos indicadores económicos e sociolaborais na sección *Panorama rural-urbano* da web do IGE. Como xa apuntamos, no anexo A achegamos a relación de indicadores e variables consultadas e analizadas na elaboración da primeira parte do capítulo 6,

[19] Ao longo desta investigación fixemos referencia a estas taxas denominándoas de diferentes formas: *taxa bruta de natalidade* e *taxa bruta de mortalidade*, *taxa media de natalidade* e *taxa media de mortalidade* ou, simplemente, *taxa de natalidade* e *taxa de mortalidade*.

[20] Ao longo desta investigación fixemos referencia a estas taxas denominándoas de diferentes formas: *taxa bruta de emigración/inmigración*, *taxa media de emigración/inmigración* ou, simplemente, *taxa de emigración/inmigración*.

xunto coa URL que dá acceso aos datos (táboa A.2). Ante a necesidade de contrastar os valores destes indicadores para as áreas rurais e tamén ante a ausencia de datos agregados para as áreas non rurais, nos casos nos que nos foi posible, optamos por calcular unha media aritmética dos valores relativos á ZDP e á ZIP, respectivamente. Toda esta información cuantitativa foi complementada con información cualitativa procedente de documentos bibliográficos. Por último, en relación aos indicadores demográficos empregados na análise xeodemográfica de Galicia, no anexo B achegamos os datos estatísticos detallados para o período de estudo e para o ámbito de Galicia e das provincias, diferenciando as áreas rurais e as non rurais.

3.3.2 Segunda parte: revisión sistemática da literatura sobre a emigración rural en Galicia

3.3.2.1 Fontes de información

A revisión sistemática da literatura levouse a cabo a partir de sistemas de recuperación de información electrónica. Concretamente, as buscas bibliográficas foron realizadas nas bases de datos que describimos de seguido:

Scopus. Scopus é unha base de datos bibliográfica propiedade da empresa Elsevier, que abarca os campos da ciencia, a tecnoloxía, a medicina, as ciencias sociais, as artes e as humanidades. Actualmente é unha das maiores bases de datos de citas e resumos de bibliografía revisada por pares a nivel mundial, entre a que se inclúen revistas científicas, libros e actas de conferencias[21]. Xunto con Web of Science, «son as dúas bases de datos sobre as que existe un maior consenso internacional acerca da súa decisiva importancia académica» (Codina et al., 2020, p. 238). Non obstante, Scopus presenta maior número de revistas na súa colección e un maior número de revistas en ciencias sociais e humanidades (Codina et al., 2020).

Web of Science (WoS). Web of Science é unha plataforma multidisciplinar, propiedade da empresa Clarivate Analytics, que proporciona acceso a bases de datos de referencias bibliográficas e citas de publicacións periódicas a nivel mundial. A diferenza de Scopus, ten unha cobertura máis sólida nos campos das ciencias naturais, a enxeñería, a informática e as ciencias físicas[22]. Con todo todo, recoméndase empregar ambas bases de datos en traballos de revisión, posto que pode haber publicacións en WoS que non estean presentes en Scopus, e viceversa (Codina et al., 2020).

Dialnet. Dialnet é un portal bibliográfico de contidos científicos hispanos, de acceso libre e especializado nos eidos das ciencias humanas e das ciencias xurídicas e sociais. Esta base de datos, froito dun proxecto liderado pola Universidad de La Rioja, contén títulos e artigos de revistas, libros, artigos de libros colectivos, actas de congresos e teses de doutoramento, entre outro tipo de documentos[23].

ÍnDICEs-CSIC. InDICEs-CSIC é o acrónimo de *Información y Documentación de la Ciencia en España*, un recurso bibliográfico de carácter multidisciplinar que recompila e difunde artigos de investigación publicados en revistas científicas españolas, principalmente. Non obstante, e

[21] https://www.elsevier.com/es-es/solutions/scopus
[22] https://clarivate.com/webofsciencegroup/solutions/web-of-science/
[23] https://fundaciondialnet.unirioja.es/dialnet/dialnet/

aínda que cunha cobertura máis limitada, tamén inclúe outro tipo de documentos como actas de congresos, informes ou monografías[24].

Catálogo Galicia da BUSC. O *Catálogo Galicia* constitúe «a mellor e maior fonte documental para os estudos galegos», ao ser «a base de datos máis ampla dedicada ao que, nun sentido moi extenso, denominamos fondo galego» (Incio, 2016, p. 139). A inclusión dunha obra neste catálogo depende do cumprimento dalgún dos seguintes requisitos: que a obra estea escrita en lingua galega; que o autor sexa galego, independentemente da lingua na que escriba e do seu lugar de residencia; que o autor resida en Galicia sen ter nacido aquí e que a súa vida e/ou obra estea vinculada a Galicia; que o autor desenvolvese a súa actividade profesional en Galicia de forma temporal; que sexan obras editadas en Galicia, independentemente do idioma de publicación; ou que sexan obras que traten sobre Galicia ou sobre autores ou personaxes galegos, independentemente do país ou da lingua de publicación (Incio, 2016).

Recolector de Ciencia Abierta (RECOLECTA). RECOLECTA é un agregador nacional de repositorios científicos de acceso aberto. Este proxecto naceu no ano 2007, froito da colaboración entre a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) —dependente do Ministerio de Ciencia e Innovación— e REBIUN. Esta plataforma agrupa a todas as infraestruturas dixitais españolas nas que se publican e/ou depositan resultados de investigación científica en acceso aberto[25]. Polo tanto, os documentos dispoñibles nos repositorios institucionais das tres universidades galegas, están tamén dispoñibles en RECOLECTA.

Banco de Datos ASEP/JDS. O Banco de Datos ASEP/JDS, orientado a investigadores e investigadoras no campo das ciencias sociais e en particular na socioloxía, contén bases de datos estatísticos e ficheiros de datos de enquisa, así como tamén informes sobre sondaxes da opinión pública española, estudos e investigacións monográficas[26].

3.3.2.2 Método

Unha vez concluída a análise xeodemográfica de Galicia correspondente ao período 2000-2015, realizamos unha revisión sistemática da literatura científica centrada exclusivamente na emigración rural en Galicia no século XXI, seguindo as recomendacións da declaración PRISMA[27]. As revisións sistemáticas da literatura permiten examinar a evidencia científica máis relevante sobre un tema concreto, mediante a utilización de métodos sistemáticos para recompilar e sintetizar documentos que proporcionan información sobre un tema de estudo en particular (Booth et al., 2016; Manterola et al., 2013; Page et al., 2021; Petticrew e Roberts, 2006). No caso que nos ocupa, o noso obxectivo principal foi analizar as achegas científicas máis destacadas sobre a emigración rural en Galicia no presente século, para coñecer o estado no que se atopa actualmente o seu desenvolvemento teórico e identificar aqueles factores sinalados como determinantes neste tipo de emigración. Cómpre apuntar que, se ben é certo que a nosa investigación se centra na emigración rural da poboación moza, neste caso optamos por ampliar a revisión da literatura científica á emigración rural no seu conxunto. Pois, como comentamos no capítulo 5, dentro do amplo campo dos estudos migratorios, a emigración rural non é un tema que

[24] https://indices.csic.es/
[25] https://recolecta.fecyt.es/
[26] http://www.jdsurvey.net/jds/jdsurvey.jsp
[27] https://prisma-statement.org/

recibise demasiada atención en Europa, polo que reducir as nosas buscas á emigración rural dun sector da poboación concreto, sería demasiado específico para o contexto galego. Ademais, como tamén comentamos no capítulo 5, os fluxos de emigración rural están maioritariamente compostos pola poboación moza, polo que calquera estudo sobre emigración rural —tratada de xeito xeral— aludirá en certa medida a este segmento da poboación.

A pregunta de investigación coa que se iniciou a revisión sistemática da literatura científica foi a seguinte: «cales son as achegas científicas máis destacadas sobre a emigración rural que tivo lugar en Galicia no século XXI?». As buscas bibliográficas limitáronse por idioma —galego, español, inglés e portugués— e por data de publicación, centrándonos na procura de documentos sobre emigración rural galega publicados entre os anos 2000 e 2022[28]. Non obstante, debemos ter presente que a definición deste límite cronolóxico permite a recuperación de documentos publicados no século XXI que poden estar relacionados tanto coa emigración rural que tivo lugar en Galicia no presente século, como coa emigración rural que tivo lugar en Galicia en séculos anteriores. Polo tanto, o número de documentos recuperados será, con seguridade, notablemente superior ao número de documentos potencialmente relevantes, o que se coñece como *ruído documental*. Nas buscas de bibliografía tamén é frecuente que se produza o fenómeno contrario, coñecido como *silencio documental*, que ocorre «cando non se atopa a información buscada, a pesar de que dita información efectivamente existe» (Cuadrado e Calderón, 2008, p. 32). Para evitar ambos fenómenos —silencio e ruído— realizáronse diversas probas con diferentes ecuacións de busca en cada unha das fontes consultadas. A continuación, especificamos a estratexia de busca e máis a data da última consulta en cada fonte consultada:

- **Scopus**. Realizouse a busca por documento (*Document search*), seleccionando o campo *Article title, Abstract, Keywords*. O proceso implicou a realización de diversas probas con diferentes ecuacións de busca. A ecuación que recuperou os resultados máis pertinentes foi a seguinte: (rural*) AND (emigrac* OR exod* OR migra*) AND (galicia OR galiza OR galician). Aos resultados obtidos aplicáronselles os filtros idiomático e cronolóxico anteriormente descritos. A última consulta foi realizada o día 29 de xuño de 2022.
- **WoS**. Realizouse unha busca básica por documentos na *Colección Principal de Web of Science*, seleccionando o campo *Topic*. O proceso implicou a realización de diversas probas con diferentes ecuacións de busca. Ao igual que no caso anterior, a ecuación que recuperou os resultados máis pertinentes foi a seguinte: (rural*) AND (emigrac* OR exod* OR migra*) AND (galicia OR galiza OR galician). Aos resultados obtidos aplicóuselles o filtro cronolóxico anteriormente descrito. A última consulta foi realizada o día 29 de xuño de 2022.
- **Dialnet**. Realizouse unha busca avanzada por documentos, seleccionando a opción *Todos* os documentos e limitando a busca aos documentos publicados entre os anos 2000 e 2022. O proceso implicou a realización de diversas probas con diferentes ecuacións de busca. Neste caso, a ecuación que recuperou os resultados máis pertinentes foi a seguinte: (emigracio* OR exodo) AND (rura*) AND (Galicia OR Galiza). Aos resultados obtidos aplicóuselles o filtro idiomático anteriormente descrito. A última consulta foi realizada o día 4 de xuño de 2022.

[28] Aínda que limitamos as buscas bibliográficas ao período 2000-2022, debemos matizar que dito período abrangueu todos os meses dos anos 2000 ao 2021 e máis o primeiro semestre do ano 2022, xa que as buscas foron realizadas entre os meses de maio e xuño de 2022.

- **ÍnDICEs-CSIC**. Realizouse unha *Consulta de documentos* mediante a *Búsqueda avanzada*, seleccionando o campo *Resumen del documento* e a opción *Alguna palabra*. O proceso implicou a realización de diversas probas con diferentes ecuacións de busca. Neste caso, os resultados máis pertinentes obtivémolos mediante a seguinte combinación de termos e operadores: (Galicia* OR galleg* OR Galiza OR galeg*) AND (emigra* OR migra* OR exod*) AND (rural*). Aos resultados obtidos aplicóuselles o filtro cronolóxico anteriormente descrito. A última consulta foi realizada o día 29 de xuño de 2022.
- **Catálogo Galicia da BUSC**. No *Catalogo Iacobus* da BUSC, seleccionouse *Fondo galego* e realizouse a busca por *Tema galego*. Os resultados obtidos en cada un dos temas consultados foron filtrados por data de publicación (despois de 1999). A última consulta foi realizada o día 3 de xuño de 2022. Os temas consultados foron os seguintes:

  Galicia – Emigración e inmigración
  Emigración – Galicia – 21º século
  Galicia – Emigración e inmigración – 21º século
  Galicia – Emigración e inmigración – 21º século – Aspectos sociais
  Galicia – Emigración e inmigración – Historia – 21º século
  Migración interior – Galicia
  Éxodo rural – Galicia
  Éxodo rural – Galicia – 21º século
  Galicia – Poboación Galicia – Poboación – 21º século
  Galicia – Poboación – Aspectos económicos – 21º século
  Demografía – Galicia
  Demografía – Galicia– 21º século
  Demografía – Galicia – Historia – 21º século
  Socioloxía rural – Galicia

- **RECOLECTA**. As opcións de busca que presenta esta fonte son bastante limitadas. Lanzáronse diversas buscas con diferentes combinacións de termos: *emigracion rural Galicia*, *exodo rural Galicia*, *migracion rural Galicia*, *migraciones rural Galicia*, *emigracion Galicia*, *migracion Galicia* e *migraciones Galicia*, entre outras. A última consulta realizouse o día 29 de xuño de 2022.
- **Banco de Datos ASEP/JDS**. Na páxina web do Banco de Datos ASEP/JDS, consultáronse os estudos que integran todas as coleccióǹs que figuran na sección *banco de datos*, ademais de consultarse as publicacións do banco de datos que figuran na sección *publicaciones*. A última consulta realizouse o día 2 de xuño de 2022.

Para a xestión e selección dos documentos localizados nas buscas bibliográficas descritas, utilizouse o xestor de referencias *RefWorks* e procedeuse á eliminación de documentos duplicados empregando as ferramentas do propio programa. Posteriormente, iniciouse o proceso de selección dos estudos que formarían parte da revisión, a partir dos seguintes criterios de elixibilidade:

a) Criterio de inclusión
   - Documentos textuais cuxo tema principal sexa a emigración rural en Galicia no século XXI e estean escritos en galego, español, inglés ou portugués.

b) Criterios de exclusión

   1) Documentos non textuais.

   2) Documentos publicados nun idioma diferente ao galego, español, inglés ou portugués.

   3) Documentos que indiquen claramente no título ou no resumo —e no seu defecto, no texto— que o tema principal non é a emigración rural en Galicia no século XXI.

De acordo cos criterios sinalados, en primeiro lugar realizouse unha selección mediante a lectura dos títulos de todos os documentos localizados. No caso daqueles documentos nos que o título non resultou suficientemente esclarecedor para determinar a súa inclusión ou exclusión, realizouse unha lectura do resumo. Por último, naqueles casos nos que os documentos non dispoñían de resumo ou, habéndoo, nin o título nin o resumo resultaron suficientemente esclarecedores, procedeuse á lectura do texto completo. Os documentos que finalmente cumpriron o criterio de inclusión da revisión, aportaron unha panorámica acerca da literatura existente sobre a emigración rural que tivo lugar en Galicia dende o ano 2000.

3.4 Deseño de investigación relativo ao capítulo 7

Unha vez analizados os principais trazos das tendencias demográficas actuais nos países desenvolvidos, o contexto no que se está producindo o éxodo rural en Europa e máis a situación demográfica de Galicia no período 2000-2015, o seguinte paso que realizamos na nosa investigación consistiu en caracterizar os municipios rurais (ZPP) segundo o comportamento migratorio da poboación moza. Este estudo foi realizado en tres fases (figura 3.1) e o resultado final —que se recolle no capítulo 7— consistiu na obtención dunha clasificación dos municipios rurais de Galicia en cinco grupos, en función das características dos movementos migratorios realizados pola poboación comprendida entre 16 e 34 anos. Por limitacións das fontes de datos dispoñibles, o período de estudo tivo que limitarse aos anos 2002-2015, xa que, como apuntamos na sección 3.3.1.2, os datos de migracións para idades simples soamente están dispoñibles para o ano 2002 e posteriores. A continuación, describimos as fontes de datos estatísticos empregadas para tal fin, así como as operacións realizadas cos devanditos datos e o método seguido.

3.4.1 Fontes de datos

Ao igual que na análise xeodemográfica que realizamos para o ámbito de Galicia (capítulo 6), nesta ocasión empregamos datos procedentes do Padrón Municipal de habitantes (IGE), da Estatística do Movemento natural da poboación (IGE), da Estatística dos Movementos migratorios (IGE) e da clasificación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización (IGE). As características e limitacións de cada unha destas fontes xa foron anteriormente descritas e poden consultarse na sección 3.3.1.1. Os datos tomados destas fontes foron empregados fundamentalmente para a creación da base de datos a partir da que se crearían os conglomerados de municipios e tamén para describir as características máis salientables de cada conglomerado en relación á estrutura das súas respectivas poboacións. A caracterización final dos conglomerados foi complementada con outro tipo de indicadores de carácter económico e sociolaboral, elaborados a partir de variables consultadas principalmente na páxina web do Instituto Galego

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 3.1. Fases do estudo de caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza.
Fonte: elaboración propia.

de Estatística[29]. No anexo A, achegamos a relación de indicadores e variables consultadas e analizadas, xunto coa URL que dá acceso aos datos.

3.4.2 Instrumentos de análise

A meirande parte dos indicadores empregados nas diferentes análises conducentes á caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza, foron calculados por nós. A relación e descrición dos devanditos indicadores achégase no anexo A.

3.4.3 Método

Fase 1. Análise de correlacións bivariadas

O primeiro paso para a realización deste estudo consistiu na elaboración dunha base de datos en Excel, con información municipal acerca do subgrao de urbanización da ZPP e dos movementos migratorios producidos nestas áreas no período 2002-2015. Unha vez creada a base de datos inicial coas 42 variables derivadas dos indicadores de movementos migratorios que achegamos no anexo A e máis o subgrao de urbanización (en total, 43 variables), procedemos a realizar unha análise dos datos como paso previo á análise factorial de compoñentes principais. Para Hair et al. (2000), o exame previo dos datos constitúe unha parte fundamental da análise multivariante, xa que, entre outras cuestións, permítelle ao investigador obter un coñecemento básico das relacións entre as variables que lle servirá para interpretar mellor os resultados. Neste caso, para examinar a asociación ou correlación entre as 43 variables iniciais e para evitar a multicolinealidade[30] entre variables, realizamos unha análise de correlacións bivariadas no programa estatístico informático SPSS. A correlación é un estatístico que «indica o grao de asociación ou

[29]https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl

[30]A multicolinealidade fai referencia á existencia de relación entre as variables independentes. A existencia de multicolinealidade «significa que varias variables independentes están aportando unha información similar, e que non é posible coñecer o influxo separado de cada unha sobre a variable dependente» (V. Díaz, 2002, p. 83). Non obstante, á hora de seleccionar as variables que introduciremos na análise factorial de compoñentes principais debemos ter en conta que «é desexable que haxa certo grao de multicolinealidade, dado que o obxectivo é identificar series de variables interrelacionadas» (Hair et al., 2000, p. 88).

variación simultánea de dúas variables» e o seu valor oscila sempre entre -1 e +1 (J. A. Castro e Galindo, 2000, p. 32). Dito noutras palabras, «as correlacións cuantifican o grao co que se relacionan dúas ou máis variables cuantitativas» (V. Díaz, 2002, p. 18). Polas características das variables iniciais que manexamos (distribución normal), a análise de correlacións bivariadas foi realizada mediante o método de Pearson (J. A. Castro e Galindo, 2000). A matriz de correlacións resultante revelou a existencia de 24 variables altamente correlacionadas ($R^2 \geq 0{,}8$), variables que foron desbotadas para empregar na análise factorial de compoñentes principais pola súa elevada dependencia mutua (J. A. Castro e Galindo, 2000; Köbrich et al., 2003).

Fase 2. Análise factorial de compoñentes principais

A selección das variables que se introducirán na análise factorial de compoñentes principais constitúe unha fase de vital importancia para a obtención de resultados satisfactorios na devandita análise (V. Díaz, 2002). Pois «se as variables orixinais están moi correladas entre si, é esperable que a súa información poida expresarse a través dunhas poucas compoñentes principais», mentres que «se as variables orixinais están moi pouco correladas entre si, o número de compoñentes principais será similar ao de variables orixinais» (Vicente e Manera, 2003, p. 330). Da análise da matriz de correlacións[31] e máis dos valores do coeficiente Kaiser-Meyer-Olkin (KMO)[32] e da proba de esfericidade de Barlett[33], concluímos que a análise factorial de compoñentes principais era adecuada aos nosos propósitos.

Dado que o número de variables finalmente seleccionadas a partir da análise de correlacións bivariadas (19 variables) era relativamente elevado para facer unha análise de clasificación, fíxose necesaria a utilización de métodos multivariantes de redución da dimensión para tratar de eliminar aquela información que puidese resultar redundante ou excesiva. Neste contexto, a análise factorial de compoñentes principais (ACP) destaca como un dos tipos de análise factorial máis empregados en investigación social (V. Díaz, 2002). Trátase dun método multivariante da interdependencia que se aplica coa finalidade de obter un número menor de variables que resuman as variables iniciais coa menor perda de información posible. Estas variables resultantes, denominadas compoñentes principais ou factores, obtéñense a partir da combinación das variables orixinais e simplifican tanto a interpretación do fenómeno estudado como a posterior aplicación doutras técnicas multivariantes sobre ditos factores (V. Díaz, 2002; Hair et al., 2000; Kerlinger e Lee, 2002; C. Pérez, 2009).

Neste caso, co programa SPSS, realizamos unha análise factorial de compoñentes principais mediante proxeccións ortogonais sobre planos. A análise factorial de compoñentes principais debe cumprir catro requisitos fundamentais: 1) que as variables non estean altamente correlacionadas ($R^2<0{,}9$); 2) que a análise sexa significativa (KMO>0,5 e significación 0,00); 3) que

[31] Hair et al. (2000) recalcaron a necesidade de que o investigador se asegure da existencia de suficientes correlacións na matriz para poder xustificar a aplicación da análise factorial. De acordo con estes autores, «se a inspección visual revela que non hai un número substancial de correlacións maiores que 0,30, entón a análise factorial é probablemente inapropiada» (p. 88). Este dato foi destacado tamén por V. Díaz (2002), entre outros autores.

[32] O coeficiente Kaiser-Meyer-Olkin (KMO) «compara os coeficientes de correlación de Pearson cos coeficientes de correlación parcial entre variables, e emprégase para coñecer se as variables analizadas comparten factores comúns» (V. Díaz, 2002, p. 110).

[33] A proba de esfericidade de Barlett —ou test de Barlett— «utilízase para comprobar se a matriz de correlacións obtidas é unha matriz identidade, é dicir, se todos os coeficientes da diagonal son iguais á unidade e os extremos da diagonal iguais a 0». No caso de que a matriz de correlacións sexa unha matriz identidade, a aplicación da análise factorial debe ser cuestionada (V. Díaz, 2002, p. 110).

as variables presenten unha alta comunalidade (>0,5) e, 4) que as variables se interpreten na matriz de compoñentes rotados (sig. >0,5) (E. García, 2021). No noso caso, o obxectivo desta análise foi exploratoria, sendo realizada coa pretensión de simplificar a estrutura dos datos e de describilos e resumilos mediante a agrupación de variables correlacionadas, isto é, variables que miden algo en común. Da análise das comunalidades[34] e das matrices factoriais[35], determinamos a solución factorial máis acaída ao noso caso. Para facilitar a interpretación dos factores empregamos a rotación varimax. O obxectivo do método da rotación varimax é «aumentar as saturacións máis altas nun factor, ao tempo que se diminúen as máis baixas para que o factor sexa máis facilmente interpretable» (V. Díaz, 2002, p. 129). Finalmente, a partir da matriz factorial rotada, determinamos as variables que compoñen cada factor e nomeamos cada un dos factores en función das unidades subxacentes (V. Díaz, 2002; Hair et al., 2000; Kerlinger e Lee, 2002).

Fase 3. Análise de conglomerados

A análise de conglomerados —ou análise cluster— é un método estatístico multivariante de interdependencia que ten como principal obxectivo clasificar un grupo de individuos ou obxectos en dous ou máis conglomerados, de acordo co seu comportamento nunha serie de variables. Os conglomerados resultantes caracterízanse por ser mutuamente excluíntes e o máis homoxéneos posible internamente. Dito noutras palabras, a análise de conglomerados serve para pescudar que individuos ou obxectos dun determinado conxunto presentan similitudes entre si, para así poder elaborar clasificacións e tipoloxías, entre outras posibles finalidades (V. Díaz, 2002; Hair et al., 2000; C. Pérez, 2009; Picón et al., 2003). No noso caso concreto, a análise de conglomerados —realizada tamén co programa SPSS— serviunos para agrupar os municipios rurais galegos en canto ás similitudes que presentou o comportamento migratorio da poboación moza entre os anos 2002 e 2015 e así caracterizar estes movementos migratorios. Cómpre destacar que a análise cluster non explica estatisticamente este fenómeno (V. Díaz, 2002).

Ao realizar a análise factorial de compoñentes principais como unha fase previa á análise de conglomerados, en lugar de empregar as variables iniciais para clasificar os conglomerados, empregamos os factores anteriormente creados. A estratexia utilizada para a identificación do número óptimo de grupos consistiu nunha análise de conglomerados xerárquica, realizada mediante o método de Ward —un dos métodos de agrupamento xerárquico máis empregado e que mellor funciona— e como medidas de disimilaridade a distancia euclídea ao cadrado (Hair et al., 2000; Picón et al., 2003). O resultado principal desta análise é o dendrograma ou gráfico en forma de árbore[36], que consiste na representación gráfica dos resultados obtidos. Unha vez realizada a formación dos clusters, o seguinte paso foi achegarnos ás características que definen cada grupo. Para a interpretación dos clusters procedemos á análise de varianzas e á análise post-hoc (Tukey) dos factores, cuxos resultados complementamos coa análise de varianzas e análise post-hoc do conxunto das variables iniciais. Para a caracterización final dos conglomerados, os resultados anteriores foron complementados coa utilización de determinados

[34] A comunalidade é «a porcentaxe de varianza de cada variable que é explicada pola análise factorial, e calcúlase sumando os coeficientes ao cadrado de cada variable nos factores extraídos, de modo que cando se consideran todos os factores as comunalidades son iguais á unidade» (V. Díaz, 2002, p. 124).

[35] A matriz factorial «indica a relación entre os factores e as variables» (V. Díaz, 2002, p. 127).

[36] O dendrograma é «unha representación gráfica do historial de aglomeración» que permite «localizar facilmente a distancia onde deter o proceso de agrupamento» (V. Díaz, 2002, p. 291). Son varios os autores que describiron o proceso de interpretación dun dendrograma, entre eles, Picón et al. (2003) ou V. Díaz (2002).

indicadores demográficos[37], económicos e sociolaborais[38], así como tamén con información procedente de material bibliográfico.

3.5 Deseño de investigación relativo ao capítulo 8

Citando a Pressat (1967), «a busca das causas dos fenómenos, para comprendelos mellor, prevelos mellor e, finalmente, controlalos mellor, é a fin fundamental de todas as ciencias, e as ciencias sociais, en especial a demografía, non poderían escapar a tal imperativo» (p. 20). É por iso que o deseño da nosa investigación incluíu a realización dun estudo de caso empregando fontes cualitativas, xa que consideramos que mediante a aplicación de técnicas conversacionais era posible acceder a información útil e valiosa que nos aproximase aos factores que motivan a emigración rural da poboación moza na Galicia do século XXI.

O estudo de casos é un método de investigación e de produción de coñecemento sociolóxico con ampla tradición na socioloxía e nas ciencias sociais en xeral. Tradicionalmente, este método asociouse á investigación cualitativa, mais non todos os estudos de caso son cualitativos (Cea, 2001; Coller, 2005; Lewis, 2003). Trátase dun método de investigación que se emprega cando «unha perspectiva única non pode proporcionar unha descrición ou explicación detallada do tema de investigación, e cando o coñecemento necesita ser holístico, integral e contextualizado» (Lewis, 2003, p. 52). A pesares de que resulta especialmente apropiado cando se pretende estudar un fenómeno, un obxecto ou unha relación causal «iniciando a investigación con preguntas "como?" e/ou "por que?"» (Coller, 2005, p. 29), a flexibilidade que caracteriza aos estudos de caso fai que se adecúen a investigacións con obxectivos tanto descritivos como explicativos, exploratorios, preditivos ou mesmo avaliativos (Cea, 2001). De acordo con Coller (2005), un caso é «un obxecto de estudo cunhas fronteiras máis ou menos claras que se analiza no seu contexto e que se considera relevante ben sexa para comprobar, ilustrar ou construír unha teoría ou unha parte dela, ben sexa polo seu valor intrínseco» (p. 29). Para este autor, «o éxito ou fracaso dunha investigación que recorre ao estudo do caso depende dun paso previo sobre o que se debería reflexionar: a construción do caso» (p. 29). É dicir, os resultados acadados con este método de investigación dependen da xustificación da elección do caso «para servir como plataforma de investigación» (p. 29).

Co obxectivo de estudar o grao de converxencia entre os factores determinantes da emigración rural en Galicia e aqueles factores destacados na literatura científica referida ás áreas rurais doutros contextos europeos, na nosa investigación decidimos realizar un estudo de caso de carácter eminentemente exploratorio e descritivo centrando a investigación no concello rural de Boimorto. Este estudo constou de dúas partes. En primeiro lugar, realizamos unha descrición da área de estudo, e, en segundo lugar, realizamos unha análise dos factores determinantes da

[37] A relación das variables consultadas para o cálculo destes indicadores achégase no anexo A. O proceso de consulta e descarga de datos no IGE foi o mesmo que o descrito na sección 3.3.1.3. Ao igual que no caso da análise xeodemográfica de Galicia, estes indicadores foron calculados tomando o Padrón Municipal de habitantes como información de base. Estes indicadores calculáronse para cada cluster, para os anos 2002 e 2015.

[38] A relación e descrición dos indicadores económicos e sociolaborais, xunto coas datas para as que foron calculados, achégase no anexo A. Estes indicadores calculáronse para anos e períodos variables entre o 2002 e o 2015, segundo a dispoñibilidade dos datos. Cómpre sinalar, tamén, que estes indicadores foron calculados a nivel municipal para os concellos rurais e, a partir deses datos, calculáronse as medias para cada cluster. No anexo B, achegamos a representación cartográfica dos valores dos indicadores para cada concello, coa superposición do cluster ao que pertencen.

emigración da poboación moza nacida en Boimorto. A continuación, describimos os aspectos metodolóxicos correspondentes a ambas partes do estudo de caso, por separado.

3.5.1 Primeira parte: descrición da área de estudo

3.5.1.1 Fontes de datos

Para describir as principais características xeodemográficas e sociais do concello de Boimorto, consultamos as seguintes fontes:

- Datos estatísticos publicados nas páxinas web do IGE[39] e do INE[40]. No anexo A, achegamos a relación de indicadores e variables consultadas e analizadas, xunto coa URL de acceso (táboa A.4).
- Google Maps[41]. Esta ferramenta proporcionounos información útil para describir a rede viaria.
- Páxina web do concello de Boimorto[42]. Esta fonte proporcionounos información abondosa sobre o equipamento urbano do municipio e a oferta de servizos existente.
- *Rexistro de Asociacións* da Xunta de Galicia[43]. Esta fonte proporcionounos información sobre a rede asociativa do municipio.
- Páxinas web das empresas de transporte de viaxeiros por estrada que dispoñen de servizos de transporte regular no concello de Boimorto. Estas empresas son Arriva[44], Monbus[45] e Autos Grabanxa[46]. Esta última empresa facilitounos información máis detallada que a que figura na súa web. A información proporcionada por estas fontes, permitiunos coñecer as principais posibilidades de desprazamento en transporte público que teñen as persoas residentes en Boimorto na actualidade.

3.5.1.2 Instrumentos de análise

Algúns dos datos absolutos que tomamos do IGE e do INE, foron empregados na elaboración de determinados indicadores que consideramos básicos para describir a evolución e as principais características demográficas da poboación de Boimorto, no período 2000-2015. Ao igual que comentamos cando describimos a metodoloxía correspondente ao capítulo 6, é probable que a maioría dos indicadores que calculamos para o concello de Boimorto estean dispoñibles na páxina web do IGE. Porén, como nesta investigación empregamos o Padrón Municipal de habitantes como información de base nas análises xeodemográficas realizadas para o ámbito de Galicia, os resultados poden variar lixeiramente con respecto aos publicados polo IGE. A relación e descrición das operacións realizadas cos datos consultados, achégase no anexo A.

[39] https://www.ige.gal/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl
[40] https://www.ine.es/
[41] https://www.google.es/maps/@42.6316148,-9.027584,14z?hl=es
[42] https://concellodeboimorto.es/gl
[43] https://cpxt.xunta.gal/asociacions?langId=gl_ES
[44] https://arriva.es/es/galicia
[45] https://www.monbus.es/es
[46] https://autosgrabanxa.es/

3.5.1.3 Método

A elección de centrar o estudo de caso no municipio rural de Boimorto derivou dun proceso de selección realizado de maneira secuencial. En primeiro lugar, partimos dos cinco conglomerados de municipios establecidos en base ás características migratorias da poboación moza, descritos no capítulo 7. En concordancia co tipo de obxectivos formulados, neste caso pareceunos apropiado seleccionar un municipio pertencente ao conglomerado 2, por ser o conglomerado que agrupa un maior número de municipios (117 municipios, dun total de 241). Dito noutras palabras, o conglomerado 2 exemplifica o perfil máis frecuente de concello rural en canto ás características do comportamento migratorio da mocidade. En segundo lugar, á hora de elixir un municipio de entre os 117 que engloba o conglomerado 2, concedemos prioridade aos criterios de accesibilidade social e calidade potencial da información. Máis concretamente, a elección descansou principalmente nas seguintes razóns:

- Os datos de poboación do Padrón Municipal de habitantes (IGE) amosaban a viabilidade de levar a cabo un estudo de caso baseado na realización de entrevistas cualitativas a persoas con idades comprendidas entre 16 e 34 anos.
- Coñecemento do territorio por parte da entrevistadora —a propia doutoranda— nun grao que permitía recoller a información sen ser percibida nin como *membra* nin como *estraña*, con respecto á veciñanza do municipio (Valles, 2009).
- Coñecemento do territorio por parte da entrevistadora —a propia doutoranda— nun grao que permitía gardar a distancia necesaria para analizar a información recollida (Mandianes, 1984).
- Acceso a informantes clave que facilitarían o acceso a persoas dispostas a informar. Estes informantes clave contribuirían, así, a diminuír a dependencia da técnica da bóla de neve, reducindo os potenciais nesgos que puidesen derivarse do uso recorrente desta estratexia (Valles, 2009).

A través do caso da emigración da poboación moza no concello de Boimorto, pretendemos dar resposta a dúas cuestións principais: a) cales son os factores que determinan actualmente a decisión de emigrar ou non emigrar de Boimorto, entre a poboación moza nacida neste concello?; e b) os factores que determinan a actual emigración rural da poboación moza de Boimorto, son semellantes aos referidos na literatura científica sobre emigración rural en Galicia e sobre emigración rural noutras áreas rurais europeas? Como pode deducirse da descrición da estratexia de selección deste concello rural, neste estudo o caso foi concibido como un *caso típico* (Coller, 2005), xa que o concello de Boimorto presentou un comportamento migratorio similar ao que presentaron os restantes 116 municipios que integran o cluster 2. Dado que estes 117 concellos pertencentes ao cluster 2 representan o 48 % dos concellos rurais de Galicia, en realidade a elección de calquera deses concellos podería servir para ilustrar o fenómeno da emigración rural da poboación moza en case a metade do rural galego. Obviamente, cada caso que se estude presentará unhas características diferentes, pero resulta típico na medida en que reúne as características dese conglomerado de municipios. Con todo, debemos ter presente que o obxectivo principal de realizar un estudo de caso destas características non consiste na comprensión doutros casos —aínda que sexa, en parte, representativo destes—, senón que o obxectivo primordial é estudar o fenómeno no seu contexto, de maneira detallada e exhaustiva (Lewis, 2003; Stake, 1999).

USC DE SANTIAGO

Para poder contextualizar as experiencias migratorias da poboación moza de Boimorto que se recollerían nunha fase posterior, o primeiro paso que realizamos foi describir as principais características xeodemográficas e sociais do concello de Boimorto. Isto fixémolo a partir da información consultada nas fontes de datos anteriormente descritas, información que foi ampliada e/ou contrastada mediante o uso de fontes bibliográficas e, en maior medida, a través de diversas consultas realizadas ao persoal do Concello de Boimorto e a informantes clave locais.

3.5.2 Segunda parte: análise dos factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Boimorto

3.5.2.1 Fontes de datos

Para analizar os factores determinantes da emigración rural da poboación moza no concello de Boimorto, decidimos empregar unha das técnicas de recolección de datos máis empregadas na investigación cualitativa: a entrevista en profundidade (Legard et al., 2003; Olaz, 2008). Para Kerlinguer e Lee (2002), a entrevista é «unha situación interpersoal cara a cara onde unha persoa (o entrevistador) formúlalle a outra persoa (o entrevistado) preguntas deseñadas para obter respostas pertinentes ao problema de investigación» (p. 631). Neste sentido, Olaz (2008) destacou que, dende unha perspectiva sociolóxica, «o investigador emprega a entrevista non tanto como un medio para acceder ao coñecemento dos comportamentos e trazos individuais das persoas, senón como camiño de acceso ao coñecemento dos fenómenos sociais» (p. 26). Pois a experiencia narrada por un individuo codifica, en certa medida, a experiencia do grupo social ao que pertence (Childe, 1974; Schutz e Luckmann, 1977; Schutz, 1995).

En concordancia cos propósitos do noso estudo, optamos pola realización de entrevistas en profundidade semiestruturadas. Neste tipo de entrevistas a persoa entrevistadora ten liberdade para decidir a orde de presentación dos temas a abordar, así como tamén para afondar en determinados aspectos que estime necesario e mesmo para desenvolver temas que vaian xurdindo no curso da entrevista, sempre que os considere relevantes para a comprensión da temática que está a estudar (Corbetta, 2007). Esta flexibilidade que introduce a entrevista semiestruturada permítelle á persoa entrevistadora transitar por camiños imprevistos, convertendo este tipo de entrevista nun instrumento especialmente útil para realizar estudos exploratorios e para obter información acerca das ideas, interpretacións, percepcións e sentimentos da persoa entrevistada, así como tamén para comprender os motivos dos seus actos (Corbetta, 2007; Kerlinguer e Lee, 2002; Olaz, 2008; Valles, 2003). Dito noutras palabras, a falta de estandarización fai que a entrevista sexa un instrumento particularmente útil para o «descubrimento» e para a «comprensión» (Corbetta, 2007, p. 369), aínda que entre os seus propósitos tamén figuren «contrastar, ilustrar ou profundar a información obtida mediante técnicas cuantitativas ou cualitativas» (Valles, 2003, p. 202). Neste contexto, o guión da entrevista establece o perímetro dentro do cal a persoa entrevistadora deberá facer un hábil uso do grao de liberdade concedido para recompilar a información necesaria, con independencia de que se poida abordar tamén, de forma puntual, algún tema non previsto no guión (Corbetta, 2007; Olaz, 2008).

Cómpre destacar que coa técnica da entrevista en profundidade non se pretende entrevistar a unha mostra que reproduza as características da poboación a unha escala reducida. Neste caso procúrase elixir as persoas a entrevistar de maneira que se cubra unha variedade de situacións sociais que resulten de interese para a investigación. Por este mesmo motivo, non é nece-

sario que a selección das persoas entrevistadas fose realizada de forma aleatoria, aínda que pode ser un procedemento válido (Corbetta, 2007; Olaz, 2008; Valles, 2009). Pero, se as entrevistas aspiran a alcanzar a representatividade tipolóxica en lugar da representatividade estatística, cantas persoas se deben entrevistar nun estudo cualitativo? Segundo Piergiorgio Corbetta (2007) débese contar cun número de suxeitos que «permita inferir informacións xeneralizables a unha poboación máis ampla», sen pretender alcanzar mostras estatisticamente representativas (pp. 344-345). Afirma que o máis común é que se realicen un centenar de entrevistas, aínda que destaca diversos exemplos de estudos sólidos nos que, sen chegar ao centenar de entrevistas realizadas, o número de suxeitos entrevistados nunca foi inferior a cincuenta. Se nos cinguimos aos estudos realizados no campo das migracións rurais, foron varios os investigadores que empregaron entrevistas cualitativas nas súas investigacións, ben como única técnica empregada, ou ben como complemento a outras técnicas cuantitativas, como por exemplo o uso de enquisas. Nestes casos, o número de entrevistas cualitativas oscilou entre vinte e cinco (Stockdale, 2002a e 2002b; Svendsen, 2018) e cincuenta (Afonso et al., 2011), aínda que neste último caso estamos aludindo a un estudo realizado en trinta e tres municipios rurais. Con todo, son as dificultades imprevistas que emerxen durante o curso da investigación as que condicionan, en última instancia, o método de selección das persoas a entrevistar e máis o número total de entrevistas finalmente realizadas (Corbetta, 2007).

Por último, polo que se refire á selección final das persoas entrevistadas, Valles (2009) destacou que un dos recursos frecuentemente empregados é a técnica da bóla de neve, que «consiste en solicitar a cada entrevistado a súa colaboración para facilitarnos o contacto con outros entrevistados potenciais, entre as persoas do seu círculo de coñecidos» (p. 71). Ademais, Afonso et al. (2011) salientaron que «a metodoloxía da bóla de neve é un método eficiente nos casos nos que o tamaño da poboación meta é reducido e cando se require certo grao de confianza para que estean dispostos a participar na investigación» (p. 163). Porén, cómpre ter presente que o abuso e/ou mal uso desta técnica pode introducir certo nesgo na selección das persoas entrevistadas e na saturación resultante (Valles, 2009).

3.5.2.2 Método

De acordo coas etapas do proceso migratorio establecidas a partir de Blanco (2000), Sluzki (1979) e Tizón et al. (1993), a nosa investigación centrouse na etapa previa ao acto migratorio, é dicir, na fase na que se forxa a decisión de emigrar do rural ás áreas non rurais[47]. Mais como a emigración non afecta a todos os individuos, tivemos presente o apuntado por Weeks (1984) de que «explicar un movemento migratorio supón explicar tanto por que algunhas persoas non cambian de lugar de residencia, como por que outras (de feito a maioría) si o fan» (p. 193). Por esta razón, contemplamos entrevistar a dous perfís de persoas nacidas no rural galego, comprendidas entre os 16 e os 34 anos e con diferentes traxectorias:

a) *Persoas non migrantes*. Persoas que viviron sempre no seu municipio de orixe.

b) *Persoas migrantes*. Persoas que abandonaron o seu municipio de orixe para formarse, incorporarse ao mercado laboral ou debido a outras razóns e que, no momento de realizar a entrevista, ou ben continuaban residindo nun lugar distinto ao seu municipio de orixe, ou ben regresaron[48] ao seu municipio de orixe coa intención de instalarse de forma tem-

[47] As etapas do proceso migratorio descríbense no capítulo 4, no apartado 4.3.3.2.

[48] Cando dicimos que «regresaron», referímonos a que estableceron novamente a súa residencia habitual no

poral ou coa intención de instalarse de forma definitiva. Este perfil engloba a persoas que realizaron movementos migratorios definidos por Bovenkerk (1974) como emigracións de retorno, reemigracións, novas emigracións e emigracións circulares[49].

Atendendo aos perfís das persoas que contemplamos entrevistar, elaboramos dous guións de entrevista: un dirixido ás persoas non migrantes e outro dirixido ás persoas migrantes (anexo A). Mais debemos aclarar que ao realizar un estudo de caso de carácter exploratorio, o guión de entrevista das persoas non migrantes enfocámolo máis cara á procura de información que nos permitise afondar nos factores que determinan a decisión de emigrar, e non tanto cara á procura de información sobre os factores que determinan a decisión de quedar. A definición dos temas e subtemas contidos en ambos guións derivou, principalmente, da revisión da literatura sobre a emigración rural da poboación moza en Europa[50] e en Galicia, así como tamén das achegas proporcionadas por informantes clave. En xeral, ambos guións estruturáronse en torno a sete grandes temas:

1. Encadre biográfico, académico e profesional.
2. Tempo libre e ocio.
3. Percepción e valoración do lugar de orixe.
4. Percepción e valoración das áreas urbanas.
5. Percepción e valoración da conduta migratoria.
6. Antecedentes migratorios.
7. Intención migratoria no curto e medio prazo e expectativas a longo prazo.

Ademais destes temas, no guión de entrevista das persoas migrantes incluíronse cuestións específicas relativas ao acto migratorio, ao lugar de destino e á evolución da percepción do lugar de orixe antes e despois da migración.

Non debemos esquecer que a necesidade de emigrar do rural está estreitamente asociada á idade, ás etapas de transición vital e ao sexo (Laoire e Stockdale, 2019; Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010). É por iso que na selección das persoas a entrevistar procuramos obter o maior equilibrio posible na combinación das variables sexo, idade e condición de migrante/non migrante, para así poder cubrir a maior variedade posible de situacións sociais. Para evitar —na medida do posible— os potenciais inconvenientes que puidese introducir a técnica da bóla de neve na nosa investigación, a selección das persoas entrevistadas comezouse a partir dos contactos iniciais que nos proporcionaron diferentes informantes clave. A partir da realización destas entrevistas iniciais, todas as persoas entrevistadas con posterioridade foron contactos facilitados polas persoas entrevistadas en roldas anteriores. Un dos principais obstáculos que atopamos á hora de acceder a persoas candidatas a entrevistar estivo relacionado coa poboación menor de idade. De feito, o obxectivo inicial de realizar entrevistas en profundidade a persoas de 16 a 34 anos tivo que ser lixeiramente modificado para acceder máis facilmente ás persoas de 16 e 17 anos.

municipio de orixe.

[49]Estes tipos de emigración descríbense no capítulo 4, no apartado 4.3.3.3.

[50]Neste punto, a doutoranda quere mostrar explicitamente o seu agradecemento ao Dr. Frans Thissen, do *Department of Human Geography, Planning and International Development*, da University of Amsterdam, por atender as súas consultas e por facilitarlle o acceso a determinados materiais de traballo que constituíron un valioso referente para abordar a parte cualitativa desta investigación.

	Sexo	Grupo de idade	Perfil
Entrevista 1	Home	25-29	Non migrante
Entrevista 2	Muller	30-34	Migrante
Entrevista 3	Muller	25-29	Non migrante
Entrevista 4	Muller	30-34	Migrante
Entrevista 5	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 6	Home	30-34	Non migrante
Entrevista 7	Home	25-29	Migrante
Entrevista 8	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 9	Home	30-34	Migrante
Entrevista 10	Home	30-34	Non migrante
Entrevista 11	Muller	30-34	Migrante
Entrevista 12	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 13	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 14	Home	25-29	Migrante
Entrevista 15	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 16	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 17	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 18	Muller	20-24	Non migrante
Entrevista 19	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 20	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 21	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 22	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 23	Home	25-29	Non migrante
Entrevista 24	Muller	30-34	Migrante
Entrevista 25	Muller	25-29	Migrante
Entrevista 26	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 27	Home	20-24	Non migrante
Entrevista 28	Home	30-34	Migrante
Entrevista 29	Muller	16-19	Migrante
Entrevista 30	Muller	30-34	Migrante
Entrevista 31	Home	25-29	Migrante
Entrevista 32	Home	25-29	Migrante
Entrevista 33	Muller	20-24	Migrante
Entrevista 34	Home	30-34	Migrante
Entrevista 35	Home	20-24	Migrante
Entrevista 36	Home	25-29	Non migrante
Entrevista 37	Home	25-29	Non migrante

Táboa 3.1. Perfil das persoas finalmente entrevistadas no concello de Boimorto.

Así pois, en lugar de realizar entrevistas en profundidade á poboación menor de idade, optamos por facilitarlles un cuestionario anónimo de preguntas abertas baseado no guión de entrevista a persoas non migrantes. Este cuestionario de preguntas pode consultarse no anexo A. En total, recollemos 10 cuestionarios válidos de persoas de 16 e 17 anos e realizamos 37 entrevistas en profundidade a persoas de entre 18 e 34 anos. O traballo de campo, que foi realizado nos meses de febreiro e marzo de 2022, deuse por finalizado ao chegar ao «punto de saturación teórica», que se alcanza cando o investigador aprecia que «novas entrevistas (ou, no seu caso, novas observacións ou documentos) non engaden nada relevante ao coñecido» (Valles, 2009, p. 68).

As características básicas das persoas entrevistadas recollémolas na táboa 3.1. Ao realizar o

traballo de campo nun municipio rural dun tamaño demográfico reducido, para evitar expoñer calquera trazo que poida identificar ás persoas entrevistadas, non mostramos nin os seus nomes nin a súa idade exacta. Ademais, en relación ao desequilibrio entre sexos que se aprecia nas entrevistas realizadas ás persoas de idades máis novas, debemos salientar algunhas limitacións que se nos presentaron durante a realización do traballo de campo e que condicionaron este resultado. Por unha banda, se ben a técnica da bóla de neve funcionou de forma eficaz e eficiente nas mulleres, non resultou así nos homes. En máis dun caso, algunhas persoas entrevistadas (homes) ás que lle solicitamos colaboración para acceder a outras persoas da súa confianza dispostas a participar no noso estudo, manifestaron abertamente non ter a suficiente confianza con outras persoas mozas do municipio para poder informalas acerca do noso estudo e conseguir a súa participación. Esta situación foi xustificada pola paulatina perda de contacto que se xera entre a poboación moza do municipio unha vez rematada a etapa de educación secundaria, xa que a maioría das persoas mozas emprenden novos estudos e forman novas amizades fóra do municipio de orixe, o que implica un debilitamento das relacións sociais e unha perda de confianza entre as persoas mozas que durante unha parte importante das súas vidas conviviron no mesmo concello. Por outra banda, apreciamos que as mulleres presentaron unha maior disposición para participar no noso estudo, con respecto aos homes. En total, realizamos trinta e sete entrevistas en profundidade a persoas comprendidas entre 18 e 34 anos. Foron oito as persoas entrevistadas a partir dos contactos facilitados polos informantes clave. Ás restantes vinte e nove persoas accedemos a través da técnica da bóla de neve, e cómpre subliñar que, destas vinte e nove persoas entrevistadas, vinte e catro foron contactos conseguidos a través de mulleres e cinco foron contactos conseguidos a través de homes. Tamén chama a atención que as mulleres facilitáronos contactos de ambos sexos, mentres os que os homes facilitáronos contactos unicamente do sexo masculino. Por último, debemos sinalar, tamén, que contactamos con oito persoas máis que inicialmente manifestaron a súa intención de participar no estudo (catro homes e catro mulleres), aínda que finalmente non foi posible entrevistalas, nalgún caso pola insuficiencia de tempo libre e noutros casos —segundo intuímos— por deixamento ou desinterese. Unha vez finalizado o traballo de campo, as entrevistas foron sometidas a unha *análise temática* (Olaz, 2008), mediante sistemas manuais de tratamento da información (Tesch, 1992; Valles, 2003).

A pesares de que a propia definición de entrevista en profundidade implica o contacto persoal entre a persoa entrevistadora e a persoa entrevistada, non debemos esquecer a relevancia que ten a elección do lugar de realización da entrevista no desenvolvemento e na calidade da mesma (Corbetta, 2007; Valles, 2003). Por este motivo, e dado que o traballo de campo foi realizado durante o estado de pandemia da Covid-19, vímonos na obriga de *alterar* a significación da entrevista en profundidade, ofrecéndolle ás persoas entrevistadas a opción de realizar a entrevista baixo a modalidade que considerase máis conveniente en relación á súa situación persoal e/ou familiar. Así, das trinta e sete entrevistas realizadas, trinta e unha fixéronse por teléfono, catro foron presenciais e dúas por videochamada. No caso concreto das entrevistas persoais, ao tratarse dun estudo centrado nun municipio de pequeno tamaño onde a maioría das persoas se coñecen entre elas, as entrevistas foron realizadas nos lugares suxeridos polas persoas participantes, de cara a garantir a súa comodidade e privacidade. Así mesmo, debemos destacar que as entrevistas foron realizadas cumprindo cos principios éticos que deben rexer as investigacións universitarias que involucren a persoas. Todas as persoas participantes en calidade de persoas entrevistadas foron previamente informadas da finalidade exclusivamente académica que terían as entrevistas e da confidencialidade coa que estas serían tratadas, aceptando participar no noso

estudo de forma voluntaria.

3.6 Aclaracións conceptuais

Para evitar ambigüidades conceptuais, consideramos oportuno deternos neste punto para precisar o significado que damos a determinados conceptos básicos que apuntalan esta investigación.

3.6.1 O significado de *poboación moza*

De acordo con Livi-Bacci (1993), unha poboación é «un conxunto de individuos, constituído de forma estable, ligado por vínculos de reprodución e identificado por características territoriais, políticas, xurídicas, étnicas ou relixiosas» (p. 9). Atendendo a esta definición, os individuos vivos nun certo momento constitúen as unidades básicas que compoñen unha poboación. Mais, para que esta sexa considerada como tal, a súa continuidade no tempo debe estar asegurada «por vínculos de reprodución que ligan a pais e fillos e garanten a sucesión das xeracións» (p. 9). A delimitación dunha poboación pode realizarse a partir de diversas características, como a pertenza a un determinado territorio, grupo étnico ou relixioso, así como tamén mediante variables de interese demográfico como poden ser o sexo, a idade, o lugar de nacemento ou o lugar de residencia (Livi-Bacci, 1993). Desta maneira, aínda que a palabra *poboación* designa xeralmente o conxunto das persoas que habitan un territorio nas súas diferentes escalas territoriais (estado, comunidade autónoma, provincia, comarca, municipio, parroquia, cidade...), tamén pode denominar fraccións dese conxunto delimitadas en base a outras variables (poboación masculina e poboación feminina, poboación urbana e poboación rural, poboación activa e poboación inactiva...) (Reques, 2014). Finalmente, cómpre destacar que na actualidade o concepto de *poboación* tende a designar, ademais, a «un conxunto de individuos que dispoñen dunha estrutura e unha dinámica interna propias» (Thumerelle, 1997, p. 66).

Nesta investigación, centrámonos na análise dos movementos migratorios da poboación moza nas áreas rurais de Galicia, tendo presente que contextualizar un estudo destas características supón analizar o estado e a dinámica demográfica da poboación a diferentes escalas territoriais e en función de diversas características, tal e como veremos ao longo das páxinas que seguen. Neste contexto, empregamos o concepto de *poboación moza* como sinónimo de *mocidade* ou *xuventude*, xa que o Dicionario da Real Academia Galega (2012) establece que así se denomina ao conxunto de xente moza, é dicir, o conxunto daquelas persoas que se atopan na parte da vida que vai da infancia á idade adulta. Non obstante, o paso da infancia á idade adulta está máis condicionado por factores sociais que por factores biolóxicos, o que dificulta o establecemento de rangos de idade para delimitar esta etapa vital (Parés e Subirats, 2016; Petersen, 1968; Weeks, 1984). En todas as sociedades humanas coñecidas existen distincións nos roles asignados ás persoas en función da idade, de maneira que a conduta das persoas mozas varía de acordo cos roles asignados pola cultura (Petersen, 1968; Weeks, 1984). É por iso que a idade preséntasenos como «un dato socialmente manipulado e manipulable» (Bourdieu, 1990, p. 120), polo que calquera rango de idade asociado á xuventude ou á mocidade «está necesariamente suxeito a unha importante variabilidade histórica, xeográfica e social» (Parés e Subirats, 2016).

En canto aos rangos de idade asociados á poboación moza nos estudos sobre migracións ru-

rais, estes varían duns estudos a outros, en parte polos diferentes obxectivos perseguidos nas investigacións. Por unha banda, as investigacións que analizan as intencións migratorias adoitan centrarse na poboación adolescente. Por citar algún exemplo, Bjarnason e Thorlindsson (2006) cinguiron o seu estudo á poboación adolescente de 14 a 16 anos, mentres que Thissen et al. (2010) ampliárono á poboación comprendida entre os 13 e os 21 anos. Por outra banda, as investigacións que analizan a emigración rural da poboación moza —e non só as intencións migratorias— comprenden tamén diferentes limiares. Svendsen (2018) cinguiu a poboación moza a aquelas persoas comprendidas entre os 20 e os 27 anos, mentres que Laoire (2000) limitouna ás persoas de 25 a 29 anos e Argent e Walmsley (2007) ampliárona ao incluíren as persoas de entre 15 e 24 anos. En España, Afonso et al. (2011) consideraron poboación moza as persoas comprendidas entre os 25 e os 40, mentres que C. Díaz, (2005) limitouna ás persoas de 15 a 29 anos, por citar só algúns exemplos. Neste último caso, en palabras da autora, o criterio débese a que «optamos polas idades consideradas na maioría dos estudos nacionais de xuventude: unha persoa é nova entre os quince e os vinte e nove anos, se consideramos só a idade» (C. Díaz, 2005, p. 69).

En relación co anterior, na lexislación desenvolvida polas diferentes comunidades autónomas en materia de xuventude[51] apréciase a aplicación de criterios heteroxéneos na fixación das franxas de idade empregadas para delimitar o concepto de *xuventude*. A maioría das comunidades autónomas converxeron ao considerar *persoas mozas* as comprendidas entre 14 e 30 anos (Aragón, Canarias, Castela e León, Comunidade de Madrid, Comunidade Foral de Navarra, Galicia, Illas Baleares, A Rioxa, Principado de Asturias e a Rexión de Murcia), aínda que algunhas estableceron o límite superior en 29 anos (Cataluña). A maior variación atópase na fixación do límite inferior de idade, xa que en Cataluña estableceuse nos 16 anos e na Comunidade Valenciana reduciuse aos 12 anos. De todas formas, o concepto de xuventude é visto —en practicamente todas as comunidades— como un concepto flexible e adaptable, deixando aberta a posibilidade de alterar os límites de idade establecidos cando o requiran as necesidades. No caso concreto de Galicia, na *Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia*, enténdese por «persoas novas» aquelas que «teñen idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive» (art. 2.2). O establecemento destes límites débese a que «desde o Executivo galego considérase unha franxa de idade suficientemente ampla para abarcar as distintas manifestacións da xuventude», aínda que tamén se contempla a posibilidade de «adoptar programas ou actuacións dirixidos a mozos e mozas dun rango diferente de idade, polas súas especiais características» (Preámbulo). Non é raro, pois, que para determinadas accións destinadas á xuventude e organizadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia se fixe o límite superior de idade nos 35 anos.

No marco desta tese de doutoramento entendemos por *poboación moza* aquelas persoas comprendidas entre os 16 e os 34 anos. O inicio da etapa de xuventude fixouse nos 16 anos porque é a idade á que finaliza a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Alcanzada esa idade, unha persoa pode optar por incorporarse legalmente ao mundo laboral ou continuar coa súa formación a través de diferentes itinerarios formativos, derivando, nalgúns casos, nunha migración. Ademais, nunha primeira análise sumaria da taxa de emigración segundo a idade en Galicia relativa ao noso período de estudo, mostrounos a escasa relevancia estatística que tiveron os movementos migratorios na poboación inferior aos 16 anos, á vez que evidenciou que o maior número das migracións realizadas concentrouse nos grupos de poboación comprendidos entre os 16 e

[51] A relación da normativa autonómica consultada achégase no anexo A (táboa A.5).

os 34 anos. Partindo destas observacións, en comparación coas franxas de idade manexadas na literatura científica e máis as establecidas polas comunidades autónomas nas súas respectivas normativas en materia de xuventude, cremos máis axeitado elevar o límite superior de idade de 29 ou 30 anos ata os 34 anos, por considerar que na actualidade esta idade está máis ao próxima ao nivel de independencia familiar que tradicionalmente caracterizou á idade adulta, polo menos no noso contexto (Parés e Subirats, 2016).

3.6.2 A delimitación das áreas rurais

O feito de que a maior parte das tipoloxías de delimitación das áreas rurais estean asociadas ás unidades territoriais de carácter administrativo ou político en que se organiza un determinado Estado, débese a que as políticas de desenvolvemento rural articúlanse a través das administracións (Reig et al., 2016). Consecuentemente, a maior parte das clasificacións urbano-rural elaboradas para os contextos español e galego parten dos municipios, ao seren estas as unidades administrativas básicas nas que se divide o Estado e ao constituíren o punto de partida na recompilación da información demográfica (Goerlich e Cantarino, 2015). Mais hai que ter en conta que o tamaño dos municipios está máis determinado por causas de tipo histórico e políticas que polo tamaño da poboación. Por iso, algúns estudosos mostraron as alteracións que introducen nas clasificacións do territorio urbano-rural os diferentes tamaños e características dos municipios, especialmente cando se asocian a criterios relativos como é, por exemplo, a densidade de poboación. Estas distorsións son principalmente visibles cando se realizan comparacións entre clasificacións que toman diferentes unidades de medida ou cando unha mesma metodoloxía é aplicada a varios territorios con diferentes sistemas de asentamentos. Esta problemática reflicte, en definitiva, a inexistencia dun único concepto de ruralidade e a imposibilidade de crear unha metodoloxía de delimitación das áreas rurais de carácter *universal* aplicable á realidade de todos os países, e nin sequera aplicable á realidade dun mesmo país (Goerlich e Cantarino, 2015; Sancho e Reinoso, 2012).

En Galicia, a aplicación de clasificacións baseadas en criterios como a densidade de poboación ou o número de habitantes presentan importantes inconvenientes, debido á gran complexidade e diversidade do territorio. Pois, municipios cun mesmo volume demográfico, poden presentar dinámicas económicas e sociais diverxentes. Por iso, nas últimas décadas xurdiron diferentes propostas alternativas para delimitar as áreas rurais de Galicia, metodoloxicamente máis complexas e elaboradas tamén por autores persoais dende diferentes ramas de coñecemento. Esta variedade de propostas metodolóxicas xurdidas nos últimos vinte e cinco anos reflicte a existencia dunha importante controversia á hora de establecer uns criterios de aplicación xeral para a delimitación das áreas rurais en Galicia. Aínda que todas as contribucións coinciden no esencial, que é clasificar os municipios de Galicia, a diverxencia nos seus obxectivos fai que se utilicen uns criterios de delimitación ou outros, obtendo resultados diferentes. Así, por exemplo, a proposta de A. Pérez (1995) destaca por ser a única clasificación dos municipios galegos que utiliza como criterio de delimitación a súa situación xeográfica, agrupando os concellos en tres categorías: a) litoral, b) serras e c) chairas-depresións e vales. De acordo co autor, esta clasificación presenta como aspecto negativo o feito de que «hai concellos que soamente teñen parte do seu territorio nunha unidade e o resto noutra», mais aínda así considéraa útil para comprender mellor a lóxica da ocupación do espazo (A. Pérez, 1995, p. 243). Utilizando criterios de delimitación diferentes, M. López e Santiago (2005) recorreron a un amplo abano de indicadores —fundamentalmente demográficos e de ocupación— para clasificar os

municipios galegos en función do seu carácter rural, urbano ou semiurbano. Pola súa parte, Vázquez et al. (2008) foron un paso máis aló ao crear unha singular tipoloxía dos municipios galegos baseada no seu grao de ruralidade. Partindo de variables relacionadas coa estrutura da poboación e a actividade económica e agraria, dividiron os municipios en rurais e urbanos, subdividindo, á vez, os municipios rurais en catro categorías, en función do seu grao de ruralidade (rural diversificado, rural agrario con produtividade alta, rural agrario con produtividade media e rural agrario con produtividade baixa). Finalmente, o Instituto Galego de Estatística (IGE) elaborou unha clasificación dos municipios de Galicia en función do grao e do subgrao de urbanización, denominada *GU-2016*[52].

A diferenza das restantes propostas mencionadas, a clasificación dos concellos segundo o grao e o subgrao de urbanización (IGE) está desvinculada nas súas orixes dos límites administrativos dos municipios, polo que os resultados non se ven afectados polo tamaño destes. Por esta e outras vantaxes que ofrece esta clasificación e que detallaremos no seguinte apartado, nesta investigación optamos por empregar o grao e o subgrao de urbanización para a delimitación dos municipios rurais de Galicia. A partir deste momento, toda referencia que fagamos nesta investigación ás áreas rurais ou ás áreas non rurais no contexto da Galicia do século XXI, estará baseada nesta clasificación.

3.6.2.1 A clasificación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización (IGE)

A clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización divide os municipios en tres zonas principais: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP) (figura 3.2). No caso de Galicia, esta división do territorio en tres zonas «é bastante grosa e non permite diferenciar aglomeracións importantes de poboación con certo grao de urbanización», como son as vilas, as pequenas cidades ou as cabeceiras comarcais (E. Villar et al., 2013, p. 196). Por esta razón, e co obxectivo de reflectir as singularidades do asentamento poboacional de Galicia preservando a harmonización coa clasificación empregada por Eurostat e máis o INE, o IGE subdividiu de modo xerárquico as categorías ZIP e ZPP en dúas e tres subcategorías, respectivamente, en función do subgrao de urbanización. Desta maneira, obtivo unha clasificación dos municipios galegos nun total de seis zonas[53]: ZDP, ZIP alta, ZIP baixa, ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa (figura 3.2) (Calvo et. al., 2013).

Son varias as razóns polas que consideramos que esta clasificación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización é a máis idónea para delimitar as áreas rurais de Galicia, no contexto desta investigación. En primeiro lugar, trátase da máis actualizada de todas as propostas de delimitación dos municipios analizadas, ademais de que —pola súa metodoloxía— o tamaño dos municipios non afecta aos resultados da clasificación. En segundo lugar, a pesares de estar baseada tan só en tres variables de carácter demográfico e xeodemográfico (poboación, densidade e territorios adxacentes), esta clasificación reflicte as singularidades do asentamento poboacional de Galicia, posibilitando a identificación das características demográficas e socioe-

[52] No momento de realización desta investigación, a última actualización da clasificación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización era do ano 2016. A clasificación, xunto coas notas explicativas e máis a cartografía asociada, está dispoñible en: https://www.ige.gal/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl

[53] A relación dos concellos galegos segundo o grao e o subgrao de urbanización achégase no anexo A (táboa A.6).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

conómicas propias de cada unha das seis zonas nas que divide o territorio de Galicia, tal e como acabamos de mostrar e como tamén apuntaron outros estudosos (Calvo et al., 2013; E. Villar et al., 2013). Finalmente, o feito de empregar unha metodoloxía de delimitación dos municipios baseada nun estándar europeo e empregada oficialmente por organismos de referencia, permite a elaboración de potenciais estudos migratorios comparados con outros territorios españois e europeos (Toxo-Asorei e García-Arias, 2018).

3.6.2.2 A elaboración e o uso da dicotomía rural-non rural

Dado que o ámbito xeográfico desta investigación está centrado nas áreas rurais, por motivos prácticos decidimos recorrer á dicotomía rural-non rural, para resaltar os contrastes demográficos e socioeconómicos das zonas pouco poboadas con respecto ao resto do territorio galego. Así, partindo de que en Galicia o espazo urbano está englobado na ZDP e a ZIP alta (E. Villar et al., 2013), fusionamos os municipios pertencentes á ZDP e á ZIP nunha única categoría denominada *non rural*. Desta maneira, cando nos referimos aos contextos autonómico e provincial na análise xeodemográfica do século XXI, empregamos a dicotomía rural-non rural, no canto do grao e o subgrao de urbanización. Pola contra, cando a devandita análise se cinguiu ás áreas rurais (ZPP), empregamos o subgrao de urbanización (ZPP alta, ZPP intermedia e ZPP baixa) para afondar no seu estudo.

Con obxectivos similares e con bases metodolóxicas diferentes, outros estudosos recorreron ao uso da dicotomía rural-urbano nos seus estudos sobre a poboación de Galicia. Tradicionalmente, consideráronse municipios urbanos aqueles que albergaban as sete cidades galegas e municipios rurais todos os restantes. Mais a medida que o proceso de urbanización colleu pulo e penetrou no medio rural, a delimitación de ambos tipos de hábitat volveuse máis complexa. Neste contexto, a sección da páxina web do IGE na que se difunden anualmente os resultados da explotación de datos demográficos, sociolaborais e económicos segundo o grao e o subgrao de urbanización, denomínase *Panorama rural-urbano*, ao consideraren que os indicadores que publican permiten caracterizar «o que habitualmente se denomina urbano ou rural»[54]. Con todo, no marco desta investigación, pareceunos máis apropiado mudar o termo *urbano* por *non rural*, dadas as diferentes características dos municipios da ZDP e da ZIP. Cómpre destacar, finalmente, que cando na nosa análise facemos referencia á poboación rural e á non rural, non debemos identificar *poboación rural* con *poboación agrícola* (M. D. García et al., 1995; George, 1982). Pola primeira entendemos o conxunto de persoas que residen en municipios considerados rurais segundo os criterios descritos, mentres que a segunda refírese ao conxunto de persoas activas ocupadas no sector agrícola. Pois, nos países desenvolvidos, «o espazo rural mostra unha ampla variedade de usos, entre os que a agricultura non é a única actividade económica» (M. D. García et al., 1995, p. 31).

3.6.3 O concepto de *migración*

Dada a inexistencia dunha definición de *migración* universalmente válida para todas as ramas da ciencia e para todo tipo de abordaxe científica do fenómeno, consideramos necesario aclarar e xustificar o sentido que lle outorgamos a esta palabra —e, por extensión, ás palabras emigración e inmigración— nesta investigación. Tal aclaración e xustificación faise aínda máis necesaria, se

[54] http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0701 [Data de consulta: 13/02/2020].



(a) Concellos galegos segundo o grao de urbanización



(b) Concellos galegos segundo o subgrao de urbanización

Figura 3.2. Mapa dos concellos de Galicia segundo o subgrao de urbanización, con indicación do trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Figura 3.3. Mapa dos concellos de Galicia segundo a dicotomía rural-non rural, con indicación do trazado da Autoestrada do Atlántico (AP-9).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

cabe, polo feito de integrar nun mesmo estudo unha dobre aproximación —cuantitativa e cualitativa— ao fenómeno migratorio da poboación moza no rural galego. Pois, como comentaremos con maior detemento no capítulo 4, as definicións operativas empregadas nos estudos cuantitativos sobre migracións non son compatibles co estudo das características antropolóxicas e sociolóxicas deste fenómeno social (Forman, 1976).

3.6.3.1 Definición de *migración* empregada nos capítulos 6 e 7

No capítulo 6 deste tese realizamos unha aproximación ao fenómeno migratorio en Galicia como parte dunha análise xeodemográfica máis ampla, mentres que no capítulo 7 realizamos unha caracterización dos municipios rurais en base ao comportamento migratorio da poboación moza. En ambos casos, tratouse de análises estatísticas que —irremediablemente— estiveron condicionadas pola dispoñibilidade de datos, polo que foi necesario adaptarse ás definicións establecidas polos organismos produtores destes. Neste contexto, a definición do termo *migración* cinguiuse á establecida nas notas explicativas da metodoloxía de *Explotación dos movementos migratorios* (IGE), que sinala que «este concepto é equivalente ao de cambio de municipio de residencia»[55]. Por conseguinte, aquelas persoas que cambian de residencia dentro dun mesmo concello en Galicia —sexa na mesma parroquia ou nunha parroquia diferente— non son consideradas migrantes, porque ese tipo de desprazamentos non son catalogados como migracións. É máis, aínda que quixeramos ampliar o concepto de migración aos cambios de residencia que se realizan a nivel inframunicipal non poderiamos, xa que non existen datos para a escala parroquial. Por outra parte, dicimos que unha persoa migrante é emigrante con respecto ao lugar de orixe e inmigrante con respecto ao lugar de destino. Pero, dada a definición de migración da

[55] http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1000&paxina=003002001

que partimos, non podemos equiparar o número de emigracións co número de emigrantes nin o número de inmigracións co número de inmigrantes, posto que o que miden as migracións son os cambios de residencia e non as persoas migrantes. Por todas as limitacións que presentan as fontes de datos de migracións, debemos ter en conta o sinalado por Arango (1985) de que «os cálculos só recollen unha fracción dos desprazamentos efectivamente ocorridos» (p. 10). Isto significa que as análises cuantitativas realizadas nesta tese soamente supoñen unha aproximación á realidade migratoria en Galicia, baseada nos datos oficiais máis fidedignos cos que contamos nestes momentos.

Partindo das consideracións anteriores, no contexto de Galicia podemos diferenciar diversos tipos de migracións, tendo en conta o lugar de orixe e do lugar de destino das persoas migrantes (táboa 3.2). A continuación, recollemos as definicións de cada un destes tipos de migracións, elaboradas a partir das notas explicativas da metodoloxía de *Explotación dos movementos migratorios* (IGE):

- Emigración: para un ámbito xeográfico determinado, é aquela migración que ten orixe nese ámbito e destino fóra do mesmo.
- Emigración interna: emigración con orixe nun municipio de Galicia e destino noutro municipio distinto tamén de Galicia.
- Emigración interna intraprovincial: emigración con orixe nun municipio dunha provincia de Galicia e destino noutro municipio distinto pero da mesma provincia.
- Emigración interna interprovincial: emigración con orixe nun municipio dunha provincia de Galicia e destino noutro municipio distinto pero doutra provincia de Galicia.
- Emigración externa: emigración con orixe nun municipio de Galicia e con destino noutra comunidade autónoma de España ou no estranxeiro.
- Emigración externa a outra comunidade autónoma: emigración con orixe nun municipio de Galicia e con destino outro concello doutra comunidade autónoma de España.
- Emigración externa ao estranxeiro: emigración con orixe nun municipio de Galicia e con destino no estranxeiro.
- Inmigración: para un ámbito xeográfico determinado, é aquela migración con destino este ámbito e orixe fóra do mesmo.
- Inmigración interna: inmigración con destino nun municipio de Galicia e con orixe noutro municipio distinto tamén de Galicia.
- Inmigración interna intraprovincial: inmigración con destino nun municipio dunha provincia de Galicia e con orixe noutro municipio distinto pero da mesma provincia.
- Inmigración interna interprovincial: inmigración con destino nun municipio dunha provincia de Galicia e con orixe noutro municipio distinto pero doutra provincia de Galicia.
- Inmigración externa: inmigración con destino nun municipio de Galicia e con orixe noutro municipio doutra comunidade autónoma de España ou no estranxeiro.
- Inmigración externa doutra comunidade autónoma: inmigración con destino nun municipio de Galicia e con orixe noutro municipio doutra comunidade autónoma de España.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Emigración	Interna	Intraprovincial
		Interprovincial
	Externa	A outra Comunidade Autónoma
		Ao estranxeiro
Inmigración	Interna	Intraprovincial
		Interprovincial
	Externa	Doutra Comunidade Autónoma
		Do estranxeiro

Táboa 3.2. Tipos de migracións en Galicia, segundo os lugares de orixe e de destino.
Fonte: elaboración propia a partir das notas explicativas da metodoloxía de *Explotación dos movementos migratorios* (IGE).

- Inmigración externa do estranxeiro: inmigración con destino nun municipio de Galicia e con orixe no estranxeiro.

3.6.3.2 Definición de *migración* empregada no capítulo 8

No capítulo 8 desta tese realizamos unha aproximación cualitativa aos factores que orixinaron a etapa preparatoria nos procesos migratorios das persoas de orixe rural. Concretamente, centrámonos na análise desta primeira etapa da migración tomando como referencia o lugar de orixe do suxeito migrante. Isto é, centrámonos na emigración. En calquera caso, foi necesario desprenderse —na medida do posible— das limitacións que impoñen as definicións de migración que reducen o seu significado ao acto migratorio cruzando unha fronteira político-administrativa. Neste contexto, aínda que a definición establecida nas notas explicativas da metodoloxía de *Explotación dos movementos migratorios* (IGE) que describimos anteriormente non se axustaba suficientemente aos nosos propósitos, serviunos para adaptar a definición proposta pola antropóloga Sylvia Helen Forman ao contexto galego.

Como comentaremos no capítulo 4, con ánimo de evitar certos problemas de arbitrariedade e ambigüidade inherentes aos límites espaciais e temporais presentes nas definicións demográficas tradicionais, Forman (1976) propuxo definir a migración como «aquel movemento xeográfico de grupos humanos ou individuos que implica cambios non recorrentes nalgún aspecto(s) das súas formas de vida preexistentes» (p. 31). É dicir, para que tales movementos xeográficos sexan considerados migracións, deben estar fundamentados na procura dunha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social dos suxeitos migrantes, ou, aínda no caso de non ser así, o feito de trasladarse a ese lugar de destino debe implicar unha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante. Porén, esta definición debe ser matizada en concordancia cos cambios socioeconómicos e culturais producidos dende o momento no que foi escrita. Pois, hoxe en día, debemos ter presente que aspectos como o alongamento da etapa da xuventude, a extensión do período de

formación das persoas, o atraso na asunción de responsabilidades asociadas á vida adulta, a demora na incorporación ao mercado laboral e a actual inestabilidade e precariedade laboral, alimentan a discontinuidade das traxectorias individuais e favorecen o incremento de migracións transitorias (Blanco, 2000; Dávila, 2004; Nascimento e Álvaro, 2014; Parés e Subirats, 2016; Rifkin, 2010a, 2010b e 2011). Isto significa que é posible que determinados individuos realicen varias migracións considerando os lugares de destino como lugares para residir durante etapas temporalmente definidas, con altas probabilidades, ademais, de realizar diversos movementos de retorno ao lugar de orixe.

Aplicando todo o comentado aos obxectivos da investigación, no contexto concreto da nosa análise entendemos por *emigración* calquera movemento xeográfico humano no que se reunisen as seguintes características, con independencia de que quedase —ou non— rexistrado nas estatísticas sobre migracións:

a) Que, tomando como referencia un determinado municipio galego, que se producise un cambio de residencia a outro municipio. O municipio de destino pode estar situado en Galicia, noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro. Atendendo á situación xeográfica do lugar de destino, consideramos os mesmos tipos de emigración que se recollen nas notas explicativas da metodoloxía de *Explotación dos movementos migratorios* (IGE) (táboa 3.2).

b) Que a decisión de trasladarse a ese outro municipio de destino estivese fundamentada na procura dunha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante, ou que, aínda no caso de non ser así, que o feito de trasladarse a ese lugar de destino implicase unha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante.

Certamente, unha definición destas características semella deixar en mans da persoa investigadora un amplo grao de liberdade para determinar o que se entende por «variación significativa» na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante. Non obstante, neste caso debemos ter en conta que a nosa análise centrouse na emigración da poboación moza do rural galego e que os servizos educativos e empresariais están xeralmente concentrados nos municipios non rurais. Estes aspectos son sumamente importantes para comprender a nosa definición de emigración. Pois, se tomamos o caso dunha persoa residente no rural que, nun determinado momento, pasou a residir a un municipio non rural durante os períodos lectivos ou durante os días laborais —enténdanse semanas de cinco días—, resulta innegable que dende o punto de vista antropolóxico e sociolóxico esa persoa experimentou unha variación significativa na súa forma de vida, con respecto á súa forma de vida preexistente no medio rural. Cremos importante, polo tanto, adoptar e adaptar unha definición de emigración que fose fiel ao que acontece realmente no territorio e que baixo a etiqueta de *emigración* tivesen cabida as experiencias daquelas persoas que estudan e/ou traballan nun municipio diferente ao municipio de orixe, aínda que visiten nas fins de semana os domicilios familiares nos seus respectivos municipios de orixe. En moitos deses casos, as estatísticas non consideran eses movementos xeográficos como migracións, debido a que eses cambios no municipio de residencia non foron comunicados oficialmente. Consecuentemente, esas persoas figurarán a nivel administrativo como residentes no rural, pero na realidade desenvolven a súa vida nas áreas non rurais. Polo impacto que ten a emigración da poboación moza do rural nos seus respectivos lugares de orixe a nivel demográfico, e polas consecuencias que disto se derivan noutros ámbitos, cremos que o noso estudo soamente pode alcanzar resultados potencialmente interesantes para o deseño de

políticas rurais, na medida en que se desprenda de definicións operativas e vagas que non se axustan á problemática territorial.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 4

Tendencias demográficas da poboación mundial

O declive da fecundidade a niveis inferiores ao de substitución, o alongamento da esperanza de vida, a estabilización dos riscos de defunción, o envellecemento da poboación, a densificación do poboamento urbano e o despoboamento das áreas rurais son, como veremos, os principais trazos que presentan na actualidade as sociedades dos países desenvolvidos. Aínda que o obxectivo da presente tese de doutoramento é a emigración rural, cremos que a nosa investigación debe comezar por tratar de aproximarse ao funcionamento dos procesos demográficos que interveñen na dinámica das poboacións —fecundidade, mortalidade e migracións— e analizar as interrelacións que se establecen entre estes. Pois, para poder precisar o tipo de accións ou medidas que poden resultar eficaces no marco dunha política demográfica, resulta indispensable coñecer as razóns e o modo no que se produce o cambio demográfico. Cómpre destacar, neste contexto, que a diferenza do que ocorre coa fecundidade e a mortalidade, a migración non está determinada por condicionantes biolóxicos. Detrás da elección de migrar ou permanecer no lugar de orixe, atópanse toda unha serie de factores de natureza económica, social e cultural que condicionan a fixación da residencia e dos que se deriva a enorme complexidade que caracteriza aos estudos migratorios. Neste sentido, somos plenamente conscientes da enorme dificultade que entraña pretender realizar unha síntese de todo o sinalado nun único capítulo, sobre todo sabendo que existen numerosas monografías e investigacións que abordan non só cada un dos procesos demográficos de maneira individual, senón que desenvolven tamén aspectos concretos relacionados con estes. É por isto que entendemos que o contido das páxinas que seguen non supón máis que un necesario punto de partida que nos guiará na delimitación do noso obxecto de estudo e que nos axudará a debullar as principais variables que operan na decisión humana de migrar ou non migrar, contribuíndo, na medida do posible, a sentar as bases interpretativas da nosa investigación.

4.1 A teoría da transición demográfica como marco teórico da dinámica demográfica global

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre as diferentes teorías que existen para explicar a maneira na que os feitos demográficos se relacionan cos procesos sociais xerais, a teoría da transición demográfica destaca por constituír

o principal corpus teórico da demografía e por dominar o pensamento demográfico dende mediados do século XX e ata preto dos anos oitenta. Na presente investigación, esta perspectiva demográfica serviranos de marco teórico de partida para comprender os principais trazos das tendencias xerais da poboación a nivel mundial (Herrera, 2007; Petersen, 1968; Thumerelle, 1997; Weeks, 1984).

Comunmente, coñécese como *transición demográfica* o proceso polo cal unha sociedade que presenta un réxime demográfico caracterizado por altas taxas de natalidade e mortalidade, pasa a outro réxime caracterizado por baixas taxas de natalidade e mortalidade. Trátase dun proceso evolutivo observado dende o século XVIII nos países desenvolvidos ou industrializados e que foi advertido por primeira vez por Warren Thompson, no ano 1929 (Giddens, 2002; IUSSP e CELADE, 1985; Lesthaeghe, 2014; Weeks, 1984). Despois de analizar a pauta de crecemento da poboación que mostraron determinados países —con datos referidos ao período 1908-1927—, Thompson determinou a existencia de tres grupos de países: grupo A, grupo B e grupo C. En primeiro lugar, o grupo A estaba formado polos países da Europa nórdica e occidental e tamén polos Estados Unidos. Estes países singularizábanse porque, no transcurso de tempo comprendido dende finais do século XIX ata o ano 1927, pasaron de ter taxas de incremento natural moi elevadas a taxas de incremento natural moi baixas. En segundo lugar, pertencían ao grupo B Italia, España e os pobos «eslavos» de Europa central, países nos que se comezaba a apreciar un descenso nas taxas de natalidade e mortalidade, unha situación pola que xa pasaran os países do grupo A entre trinta e cincuenta anos antes que os deste grupo. En terceiro e último lugar, o grupo C estaba composto polos restantes países do mundo, nos que apenas se atopaba evidencia da existencia de control sobre a natalidade ou a mortalidade. Baseándose nestas observacións, Thompson describiu «un proceso en tres estadios no que un tipo de equilibrio poboacional sería substituído finalmente por outro, a medida que unha determinada sociedade alcanzase un nivel avanzado de desenvolvemento económico» (Giddens, 2002, p. 762). O tránsito dende un equilibrio antigo (característico dos países do grupo C) a un novo equilibrio (característico dos países do grupo A), está controlado polas persoas, logo dunha fase intermedia de desestabilización que provoca un crecemento excepcionalmente rápido (Thumerelle, 1997). Non obstante, non foi ata mediados da década dos anos corenta cando naceu o termo *transición demográfica*, a raíz dos estudos realizados por Frank Notestein, quen afondou nas achegas previas de Thompson e nomeou os tres tipos de pautas de crecemento establecidos por este. Notestein denominou á pauta do grupo A «descenso incipiente»[1], á do grupo B «crecemento transicional»[2] e á do grupo C «elevada capacidade de crecemento». Nese contexto, emerxeu o concepto de *transición demográfica*[3] para «designar ao período de rápido crecemento que se produce cando un país pasa de ter taxas de natalidade e mortalidade altas a telas baixas; é dicir, cando pasa dunha situación de alta capacidade de crecemento a outra de descenso incipiente» (Weeks, 1984, p. 67).

[1]Segundo Petersen (1968), unha das razóns polas que os demógrafos desta época denominaban «descenso incipiente» á pauta de crecemento de países cuxa poboación estaba aínda en aumento, como era o caso dos Estados Unidos, residía «en que eles sabían que este crecemento era máis consecuencia da estrutura da poboación que da magnitude media da familia» (p. 554). Así, «unha vez que se reduciu a gran proporción de adultos mozos —herdanza momentánea das altas taxas de natalidade de varias décadas atrás— as "verdadeiras" taxas vitais chegarían a converterse en realidades» (p. 554).

[2]Tamén coñecido como *explosión demográfica* (Weeks, 1984). Diversos estudosos lémbrannos que non debemos confundir a explosión demográfica co fenómeno do *baby boom*, descrito na sección 5.1.3.1.

[3]Tamén coñecida como *revolución vital* ou *revolución demográfica*, entre outros moitos conceptos alternativos para designar a transición demográfica (Weeks, 1984).



Figura 4.1. Representación esquemática da transición demográfica.
Fonte: elaboración propia a partir de Thumerelle (1997).

A pesares do grande éxito que tivo o concepto de transición demográfica, cómpre ter presente que «os historiadores e especialistas en ciencias sociais matizaron e reformularon progresivamente o concepto inicial» (Thumerelle, 1997, p. 39). Nese marco, Pierre Thumerelle (1997) describiu a transición demográfica como o paso do réxime demográfico tradicional ao réxime moderno, mediante unha transición en dúas fases. Na primeira fase, a natalidade permanece estable e a mortalidade decrece, ocasionando un aumento acelerado da poboación, que será maior ou menor dependendo tanto da súa extensión no tempo como da amplitude do desfase existente entre mortalidade e natalidade. Non obstante, ese crecemento demográfico tende a desaparecer na segunda fase, debido á caída da natalidade e á desaceleración do descenso da mortalidade. Estas dúas fases están separadas por un punto de inflexión[4], que se sitúa no momento no que a relación entre os ritmos de evolución da mortalidade e a natalidade se inverte (figura 4.1).

Aínda que a mediados da década de 1940 a transición demográfica non era máis que un concepto que describía un cambio demográfico, os estudos realizados con posterioridade acerca doutros países confirmaban que estes tamén se axustaban ao devandito patrón de cambio. Entre mediados da década de 1940 e finais da de 1960, o crecemento demográfico converteuse nun tema de gran preocupación a nivel mundial. Nese contexto, os demógrafos prestaron gran atención á transición demográfica como perspectiva teórica e, a medida que se ía definindo a pauta do cambio demográfico, foron xurdindo explicacións sobre as causas e o xeito no que os diferentes países pasaron pola transición. Foi así como a transición demográfica «pasou de ser unha simple descrición dos acontecementos a converterse nunha perspectiva demográfica» (Weeks, 1984, pp. 67-68).

Na maior parte dos países que experimentaron a transición, observouse que a medida que melloraba o nivel de vida foron diminuíndo as taxas de mortalidade. Pola contra, o descenso das taxas de natalidade case sempre ocorreu unhas décadas máis tarde, chegando a acadar niveis moi baixos que se situaron, só en raras ocasións, por debaixo das taxas de mortalidade. O rápido descenso da mortalidade con respecto á natalidade explícase polo valor que constitúe o alonga-

[4]Thumerelle (1997) recalcou a importancia de evitar caer no erro de reducir a transición demográfica unicamente á súa fase explosiva ou ao punto de inflexión da tendencia.

mento da vida para a maioría das persoas, pero para que se dea unha redución da natalidade é necesario que se modifiquen determinadas normas sociais, xa que a diminución da fecundidade oponse ás normas establecidas nas sociedades que precisaban de altas taxas de natalidade para compensar a incidencia das altas taxas de mortalidade. Como este proceso de cambio é lento, a taxa de natalidade tarda máis tempo en comezar a descender que a taxa de mortalidade. Partindo desta base, a teoría da transición demográfica interpreta que o desfase entre o descenso das taxas de natalidade e mortalidade obedece, por unha banda, ao tempo que tarda a poboación en acostumarse a un escenario de menor mortalidade e, por outra banda, ao tempo que tarda a poboación en adaptarse ao feito de que as institucións sociais e económicas tamén tardan en acomodarse a novas normas favorecedoras dunha fecundidade baixa en consonancia cos novos niveis de mortalidade. É pois, a medida que se debilita a presión social en favor da alta natalidade e da existencia de familias grandes, cando as taxas de natalidade acaban por decrecer. Segundo a teoría da transición demográfica, ese mesmo desenvolvemento económico que mingua a mortalidade, fai diminuír tamén as taxas de natalidade, ao transformar a sociedade nunha sociedade urbana e industrial. Neste novo contexto, a escolarización obrigatoria reduce o valor dos nenos como man de obra, ao mesmo tempo que a diminución da mortalidade infantil provoca que xa non sexa necesario ter un número de fillos por muller tan elevado para conseguir ter un determinado número de fillos vivos. Por conseguinte, a presión social en favor da alta fecundidade atenúase progresivamente e colle pulo a idea do control consciente da fecundidade, fenómeno que se difundirá do medio urbano ao rural, das categorías máis cultas e máis ricas ás menos favorecidas e das zonas xeográficas máis centrais ás periferias (Livi-Bacci, 2002; Weeks, 1984).

En opinión de Weeks (1984), «en liñas xerais, a teoría da transición demográfica constitúe unha descrición razoable do curso dos acontecementos demográficos na maioría dos países industriais actuais» (p. 70). Con todo, as lagoas e insuficiencias que presenta esta perspectiva, xunto co seu cuestionable valor explicativo e preditivo, foron obxecto de reiteradas críticas. Entre as máis importantes, destacan aquelas relacionadas coa crenza de que a transición demográfica que tivo lugar nos países desenvolvidos, tamén terá lugar de maneira similar nos países en vías de desenvolvemento. Neste sentido, numerosos estudosos insistiron en que actualmente as precondicións para a transición demográfica non son as mesmas que cando comezaron a súa transición os países desenvolvidos. Ademais, documentáronse excepcións no curso da transición demográfica que non foron suficientemente abordadas dende esta perspectiva, como por exemplo o feito de que nalgúns países —coma en Francia— a fecundidade descendeu antes que a mortalidade. Así mesmo, tamén se criticou a incapacidade da teoría da transición demográfica para predicir os niveis de mortalidade ou de fecundidade, un aspecto que se evidenciou co fenómeno do *baby boom*, totalmente imprevisto para a maioría dos demógrafos daquel entón (Petersen, 1968; Weeks, 1984). Por todas estas razóns, entre outras moitas, «a transición demográfica non se acepta usualmente como marco teórico adecuado, a non ser en apreciacións que non esixan de gran precisión, como as xeneralizacións preliminares das tendencias da poboación» (Petersen, 1968, p. 30).

Cómpre non esquecer que nin existe un modelo único de transición demográfica nin esta se produciu de forma simultánea en todo o mundo. A día de hoxe, o proceso de transición demográfica apenas se iniciou nalgúns dos países máis atrasados e nos países en vías de desenvolvemento está en curso, mentres que noutros países máis avanzados está chegando á súa fin (Lesthaeghe, 2014; Livi-Bacci, 2002; Thumerelle, 1997). En dito contexto, os países europeos caracterízanse

por ter experimentado transicións longas que abarcaron entre 75 e 150 anos, apreciándose variacións entre os países noroccidentais (países escandinavos, Reino Unido, Países Baixos), os países de Europa central (Alemaña, Suíza, a antiga Checoslovaquia, Austria, Hungría, Polonia), os países Europa meridional (Italia, a antiga Iugoslavia, España, Portugal, Grecia) e os países orientais (Rusia, Bulgaria, Romanía). En xeral, o ciclo completo finalizouse a mediados dos anos sesenta do século pasado e, dende entón, a fecundidade non supera o nivel de substitución. Ese baixo nivel de reprodución traduciuse nunha diminución dos efectivos demográficos nas idades máis novas, acentuando, en maior medida, a caída da natalidade (Thumerelle, 1997). A este respecto, moitos estudosos sosteñen que os cambios demográficos observados dende mediados dos anos sesenta nos países desenvolvidos occidentais supuxeron un cambio abrupto coas tendencias demográficas anteriores, dando inicio a unha *segunda transición demográfica*. As características principais desta nova fase serían o declive da fecundidade a niveis inferiores ao de substitución, o alongamento da esperanza de vida, a estabilización dos riscos de defunción, o envellecemento[5] da poboación como fenómeno inédito e a existencia de estruturas familiares diversas. Pero a diferenza entre a primeira e a segunda transición demográfica non só residiría nestes cambios demográficos, senón tamén nas causas que os producen. Pois, se na primeira transición demográfica o descenso da fecundidade era asociado a factores relacionados coa modernización das sociedades occidentais (industrialización, urbanización e aumento das oportunidades educativas, principalmente), na segunda transición demográfica a caída da fecundidade por debaixo do nivel de substitución relaciónase máis con factores culturais, tales como a expansión dos procesos de secularización ou a preocupación pola autorrealización persoal vinculada a un crecente individualismo[6] (Herrera, 2007; Lesthaeghe, 2014; Van de Kaa, 1987). Evidentemente, o xurdimento da segunda transición demográfica estivo condicionado polos importantes cambios sociodemográficos que desenvolveron a primeira transición da fecundidade correspondente á primeira transición demográfica (Lesthaeghe, 2014). Por iso, aínda a día de hoxe, existe un importante debate acerca de se os cambios demográficos que en opinión dalgúns estudosos rompen coas tendencias da primeira transición demográfica, marcan realmente unha ruptura ou, pola contra, constitúen unha mera continuación da transición demográfica caracterizada agora pola aceleración das tendencias en determinadas características (Herrera, 2007).

4.2 Evolución e distribución espacial da poboación mundial

De acordo con William Petersen (1968), o primeiro espécime do *homo sapiens* apareceu fai uns cen mil anos. Suponse que o seu número partiu dende cero e que medrou de forma relativamente constante ata o ano 1650, momento no que o planeta era habitado por uns 500 millóns de persoas. Esta cifra constitúe a primeira estimación fiable da poboación mundial e crese que non foi superada en datas anteriores. Dende entón, a poboación mundial experimentou un crecemento sen precedentes nun período de tempo reducido. Pois, dunha poboación estimada en 500 millóns de persoas no ano 1650, pasouse a 2.500 millóns no ano 1950, a 3.000 millóns no ano 1960, a 4.000 millóns no ano 1975, a 6.000 millóns no ano 2000 e a 7.000 millóns no ano 2015 (Banco Mundial; Petersen, 1968; Weeks, 1984). Esa brusca aceleración do crecemento da poboación, denominada por moitos demógrafos como *explosión demográfica*, debeuse prin-

[5] Seguindo a Olivera e Abellán (1999), podemos definir o envellecemento demográfico como a «proporción crecente de persoas de sesenta e cinco e máis anos sobre o conxunto da poboación» (p. 320).

[6] En comparación coa primeira transición demográfica, os cambios na mortalidade e na migración tiveron un impacto relativamente pequeno na segunda transición demográfica (Van de Kaa, 1987).

cipalmente ao descenso nas taxas de mortalidade, tal e como describimos na sección anterior (Petersen, 1968; Thumerelle, 1997; Weeks, 1984). De acordo cos últimos datos de poboación proporcionados polo Banco Mundial, no ano 2019 o número total de habitantes no planeta superaba os 7.600 millóns. Esta cifra corrobora a continuación da tendencia crecente da poboación do mundo, situándose cada vez máis preto dos 10.000 millóns de persoas que, en opinión de Livi-Bacci (2002), se alcanzarán a finais do presente século. Porén, a taxa anual de crecemento continuou descendendo lentamente dende comezos da década dos anos setenta ata a actualidade, pasando dun 2,11 % no ano 1971 a un 1,17 % no ano 2015 (Banco Mundial). Observando a evolución deste indicador ao longo das décadas dos anos setenta, oitenta e principios da dos noventa, a comezos dese último decenio do século pasado Thumerelle (1997) adiantaba a posibilidade de que a comezos do século XXI a taxa anual de crecemento se situase por debaixo do 1,5 %, un feito que leva ocorrendo xa dende o ano 1996. En opinión deste autor, non será ata mediados da década do 2040, como mínimo, cando se recupere o nivel de crecemento de comezos do século XIX e se peche por completo o ciclo de crecemento contemporáneo.

En canto á distribución da poboación por países, a listaxe dos cinco países máis poboados do mundo non sufriu alteracións dende a década dos anos noventa, ata a actualidade. Isto explícase pola profundidade da inercia das grandes masas, que provoca que evolucionen a ritmos moi lentos. Por iso, no ano 2015, os países máis poboados do mundo continuaban sendo China (1.371.220.000 habitantes), India (1.310.152.403 habitantes), Estados Unidos (320.635.163 habitantes), Indonesia (258.383.256 habitantes) e Brasil (204.471.769 habitantes). Nese ano, estes cinco países representaban o 47,21 % do total da poboación mundial. En comparación, o país máis poboado da Unión Europea, Alemaña, ocupaba a vixésima sexta posición en canto a volume de poboación en números absolutos. Se tomamos os países da Unión Europea como unha unidade e a equiparásemos a un país, a Unión situaríase na terceira posición, por detrás da China e a India (Banco Mundial). A escala planetaria, este tipo de datos sérvennos principalmente para identificar as rexións e os países onde se concentran as maiores masas de poboación humana, información que resulta básica para a xeopolítica e para a definición de políticas de poboación (Thumerelle, 1997).

Unha das repercusións máis destacadas do crecemento demográfico a nivel espacial e en todas as escalas foi a densificación do poboamento[7]. Tanto nos países desenvolvidos coma nos menos desenvolvidos, as cidades son cada vez máis numerosas e acollen un maior número de persoas, converténdose o poboamento urbano na forma máis habitual de ocupación do espazo en moitos países (Thumerelle, 1997). Segundo os datos ofrecidos polo Banco Mundial, a porcentaxe de poboación urbana sobre o total a nivel mundial alcanzou o 33,61 % no ano 1960. Dende esta data, a poboación urbana medrou de forma pausada e continuada ata representar o 53,91 % no ano 2015. Dada a estreita relación existente entre urbanización e desenvolvemento (Thumerelle, 1997), no 2015, nos países menos desenvolvidos[8] a porcentaxe de poboación urbana sobre o total foi moi inferior á media mundial (32 %), mentres que en rexións altamente urbanizadas como América do Norte superaron con creces dita media (81,63 %). Isto non significa que o crecemento anual de poboación urbana fose menor nos países menos desenvolvidos, xa que

[7]Thumerelle (1997) definiu a *densificación do poboamento* como «a acumulación dos homes nun espazo constante, por crecemento natural ou por aportación migratoria» (p. 97). O fenómeno contrario sería a diminución das densidades por despoboamento, e, en raros casos por despoboación. Aínda que tradicionalmente isto afectou ao campo (éxodo rural), na actualidade tamén é frecuente que ocorra nos centros das cidades.

[8]Nas estatísticas que ofrece o Banco Mundial, os países menos desenvolvidos correspóndense cos incluídos na clasificación das Nacións Unidas.

nestes o crecemento urbano concentrouse nun período máis curto de tempo, presentando taxas de crecemento anual notablemente máis elevadas con respecto á media mundial e a rexións como América do Norte. Foi, polo tanto, a evolución histórica dos diferentes países, a que determinou o ritmo de crecemento da súa poboación urbana e o volume desta na actualidade. Mais cómpre destacar a existencia dunha característica común a estes diferentes contextos, como é o lento declive que vén experimentando a taxa de crecemento anual da poboación urbana dende a primeira metade da década dos anos 2000 (2,33 % no ano 2003 e 2,03 % no 2015, a nivel mundial; 4,25 % no ano 2003 e 4,05 % no 2015, nos países menos desenvolvidos; 1,08 % no ano 2003 e 0,95 % no 2015, en América do Norte) (Banco Mundial). Este feito pode relacionarse co descenso da taxa de crecemento da poboación no presente século, xa que como apuntou Thumerelle (1997), «canto máis vivo é o crecemento demográfico, máis rápido é o cambio xeográfico» (p. 63), e viceversa.

4.3 Os determinantes xerais da poboación

O estudo da poboación dende o punto de vista dinámico require da análise dos tres procesos demográficos que determinan o crecemento e a estrutura da poboación; é dicir, a fecundidade, a mortalidade e as migracións. Coñecer as razóns e o modo no que se produce o cambio demográfico resulta indispensable para poder precisar que tipo de accións ou medidas poden resultar eficaces no marco dunha política demográfica. A teoría da transición demográfica subliña a importancia do desenvolvemento económico e social no descenso das taxas de mortalidade e de natalidade, mais, como veremos de seguido, os factores socioculturais xogan tamén un papel moi relevante ao condicionar o comportamento demográfico. Neste sentido, cómpre destacar, unha vez máis, a existencia dunha enorme variedade de experiencias humanas, polo que as explicacións do comportamento que resultan válidas nunha sociedade concreta, poden non ser adecuadas noutra (Weeks, 1984).

4.3.1 Fecundidade

A fecundidade e a mortalidade son dous fenómenos estreitamente interrelacionados. O primeiro, fai referencia á procreación humana, polo que implica aportes de novos efectivos demográficos a unha poboación e caracterízase por ser un acontecemento repetible ao longo da vida dunha persoa, sen afectar necesariamente a todos os individuos. O segundo, elimina efectivos demográficos e é singular pola súa certeza, irreversibilidade e por afectar irremediablemente á totalidade das persoas, de forma individual e irrepetible. Trátase, pois, dos dous elementos que compoñen o crecemento vexetativo dunha poboación e os únicos que inflúen na variación demográfica a nivel mundial, polo que dependen en gran medida da idade (Livi-Bacci, 1993; Mattelart, 1964; Petersen, 1968). A fecundidade constitúe un dos fenómenos máis estudados en demografía (Herrera, 2007).

4.3.1.1 Fecundidade natural

Existe unha serie de determinantes fisiolóxicos e socioculturais da fecundidade humana que deben ser examinados con respecto ao sexo feminino[9], tales como a duración da vida fértil, o

[9]O obxectivo de estudar a fecundidade unicamente en relación ao sexo feminino responde á necesidade de simplificar a análise dun fenómeno tan complexo, sendo conscientes da influencia das características da parella de

intervalo entre partos ou a nupcialidade. En ausencia dun control voluntario das concepcións e do aborto inducido, a combinación de todos estes factores —que describiremos de seguido— dá lugar ao que se coñece como *fecundidade natural* (Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968; Vallin, 1995). Este réxime de fecundidade é propio das poboacións denominadas *pre-malthusianas* ou *non malthusianas*, que son as que non practican a limitación voluntaria dos nacementos (Mattelart, 1964).

Duración da vida fértil. Aínda que o período de vida fértil dunha muller se inicia na puberdade (12-16 anos) e finaliza coa menopausa (44-50 anos), o nivel de fertilidade varía ao longo de todo este período. Pois, de igual xeito que o organismo non se considera apto para a procreación ata un tempo despois da puberdade, a esterilidade preséntase con antelación á interrupción definitiva do ciclo menstrual. É dicir, a fertilidade tende a aumentar dende a primeira menstruación ata acadar o seu nivel máximo durante a vintena, para logo ir decrecendo ata a chegada da menopausa (Weeks, 1984). Por conseguinte, a duración da vida media fértil é inferior a 30 anos (Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968). Segundo (1995), é posible que este período teoricamente útil aumentase un 40 % dende o ano 1750, debido á diminución da media de idade da puberdade e ao aumento da idade da menopausa, supostamente causados polos progresos na alimentación. Xunto coa herdanza xenética, a ausencia de enfermidade e a eventual frecuencia e gravidade de afeccións venéreas, a alimentación tamén inflúe no nivel de fertilidade de cada persoa (Petersen, 1968; Pressat, 1989).

Intervalo entre partos. Tal e como sinalou Livi-Bacci (1993) «a utilización fecunda da vida fértil está condicionada pola duración mínima do ciclo que transcorre entre partos sucesivos» (p. 228). Pois existe un intervalo de infecundidade temporal entre partos, composto polos nove meses de embarazo, o denominado «tempo morto» posterior ao parto, outro período no que o organismo volve a ser susceptible de concibir e a subseguinte concepción. A duración deste intervalo infecundo é variable nos grupos humanos e condiciona o número total de fillos que potencialmente podería ter unha muller. Así, canto maior sexa o intervalo, menor será o número de fillos, e viceversa. Xeralmente, «mentres as glándulas mamarias permanecen activas impídese a reaparición da ovulación regular, e, polo tanto, a probabilidade doutro embarazo» (Petersen, 1968, p. 478). Esta é unha das razóns polas que o tempo morto é mínimo en poboacións non lactantes —debido á crecente utilización do biberón—, mentres que pode superar o ano en poboacións cun período de lactancia prolongado. Pero tamén contribuíu á redución do tempo morto despois do embarazo a debilitación dos tabús sexuais, ao permitir retomar as relacións despois dun nacemento nun período de tempo máis reducido. Nos países industrializados, o tempo morto é actualmente dun ou dous meses (Vallin, 1995). En conxunto, o intervalo total entre partos pode oscilar entre un ano e medio e dous anos e medio, polo que se consideramos que a duración da vida media fértil comprende entre 25 e 30 anos do ciclo vital, o número de nacementos que teoricamente poderían producirse nunha muller que vive durante todo o seu período fértil, sería de entre 10 e 18[10] (Livi-Bacci, 1993). Non obstante, hai numerosos fac-

sexo masculino na fecundidade (Livi-Bacci, 1993).

[10]Cómpre ter presente que os nacementos son os sobrevivintes dun número de concepcións moito máis elevado. Isto significa que a duración do embarazo non é sempre de nove meses, xa que non todas as concepcións derivan nun nacemento. Os embarazos poden verse interrompidos por abortos fisiolóxicos espontáneos ou mortes fetais, dando lugar ao que se coñece como *mortalidade intrauterina*. Este fenómeno condiciona tamén a duración do intervalo entre partos, posto que canto maior sexa a mortalidade intrauterina, máis longo será o intervalo (Livi-Bacci, 1993).

tores, fundamentalmente de carácter biolóxico, que impiden que a fecundidade alcance o seu nivel máximo teórico posible (Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968).

Nupcialidade. Como xa comentamos, bioloxicamente non todas as mulleres en idade de procrear teñen a mesma capacidade de ter un fillo. Pero, á parte deses condicionantes biolóxicos, a maior ou menor proporción de mulleres que, en cada idade, están casadas ou teñen unha relación sexual estable e continua, inflúe no número de fillos habidos a diferentes idades. Weeks (1984) sinalou que «na sociedade norteamericana anterior a 1960, a idade de contraer matrimonio e a idade de establecer unha unión sexual era esencialmente a mesma» (p. 109). Aínda que recoñece que os tempos mudaron e estes dous acontecementos non sempre van unidos, os datos correspondentes a 1970 nos Estados Unidos, mostraban que as mulleres que atrasaban o seu matrimonio tiñan familias de menor tamaño que aquelas que casaban máis novas (Weeks, 1984). Polo tanto, os efectos da nupcialidade tamén son tidos en conta polos demógrafos á hora de medir o nivel de fecundidade, xa que nun réxime de fecundidade natural e de escasa fecundidade ilexítima, a idade á que se contrae matrimonio e máis a idade á que este se rompe (por causa de separación, divorcio, abandono ou morte), poden ser susceptibles de regular o número de nacementos (Livi-Bacci, 1993; Pressat, 1989; Vallin, 1995; Weeks, 1984). Segundo apuntou Pressat (1989), «a nupcialidade dos países occidentais caracterízase por matrimonios tardíos e relativamente menos frecuentes que noutras áreas culturais» (p. 111). Isto xa era así na Europa antiga, cuxa natalidade —en torno ao 40 ‰— se situaba por debaixo da observada no presente século en determinados países subdesenvolvidos[11], en gran parte debido aos matrimonios tardíos e á significativa proporción de solteiros definitivos (Banco Mundial; Pressat, 1989).

Como vemos, aínda en ausencia de control da fecundidade, a capacidade fisiolóxica de procrear varía, ao estar condicionada por toda unha serie de factores —que acabamos de describir— que reducen notablemente o seu nivel teórico máximo (Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968). É por iso que, na realidade, nas poboacións que non practicaron o control da fecundidade, o número medio de fillos que tivo cada muller (5-6 fillos), foi a metade ou incluso o triplo inferior dos que teórica e potencialmente podería ter. Con todo, hai que salientar que ditos factores están, á vez, influídos pola bioloxía e por compoñentes de carácter económico e cultural que aumentan, aínda máis, a complexidade típica do fenómeno da fecundidade (Livi-Bacci, 1993).

Finalmente, con respecto ao equilibrio entre sexos, hai que salientar que o primeiro dos tres factores dinámicos que inflúen na composición da poboación total por sexo constitúeo a proporción de nacementos masculinos e femininos, concretamente o predominio xeral de nacementos masculinos. Aproximadamente prodúcense entre 104 e 108 nacementos de nenos por cada 100 nacementos de nenas, aínda que carecemos de explicacións claras acerca das causas deste fenómeno mundial. Aínda así, a súa influencia sobre a composición por sexo da poboación total é menor que a influencia que exercen as diferencias na mortalidade segundo o sexo, xa que e as proporcións de mortes segundo o sexo adoitan ser maiores que as dos nacementos. Na maioría das poboacións, este predominio do sexo masculino ao nacer vaise reducindo posteriormente, debido á maior mortalidade masculina en todas as idades (Clarke, 2000).

[11] No ano 2000, Níxer, Chad, Somalia, Malí, Uganda, Angola, Afganistán, Burkina Faso, República Democrática do Congo e Zambia presentaron taxas de natalidade comprendidas entre o 53,54 ‰ e o 45,27 ‰. No caso concreto de Níxer, durante o período 2000-2015, a taxa de natalidade descendeu do 53,54 ‰ ao 47,50 ‰, sendo o único país do mundo que no ano 2015 superou a media de 45 nacementos por cada 1.000 habitantes (Banco Mundial).

4.3.1.2 Fecundidade controlada

Cada poboación ten a súa fecundidade natural teórica, que depende do nivel e da variación dos factores anteriormente descritos. Non obstante, dado que a maioría das persoas son fértiles, as diferenzas na fecundidade entre unhas poboacións e outras explícanse polo entorno social no que viven as persoas (Weeks, 1984). Pois «as oportunidades e as motivacións para ter fillos varían considerablemente duns entornos sociais a outros, dando lugar a unha gran variabilidade no número de fillos por muller» (Weeks, 1984, p. 107). Nas poboacións *malthusianas*[12], a conduta reprodutiva real deriva do uso de medios de control da fecundidade para adaptala á situación desexada. Neste contexto, o aborto inducido e os métodos anticonceptivos preséntansenos como os principais factores que posibilitan a redución da fecundidade natural ao nivel desexado, ademais de permitir orientar o calendario das concepcións e regular o éxito das mesmas (Livi-Bacci, 1993; Mattelart, 1964). Polo tanto, o que distingue a fecundidade natural da fecundidade controlada non é tanto o seu nivel, senón os comportamentos voluntarios que motivan a limitación consciente da fecundidade. Agora tense un menor número de fillos e nun período máis curto de tempo[13], ademais de que o seu nacemento responde cada vez máis ao anhelo dos seus proxenitores e non tanto ao azar (Livi-Bacci, 1993; Pressat, 1989).

Nun primeiro momento, a limitación da fecundidade en Europa pasou polo control dos matrimonios. En Francia, a mediados do século XVIII imperaba un réxime de nupcialidade restrinxido e de recente implantación, que se facía efectivo cunha elevada idade media ao matrimonio e unha alta solteiría definitiva. Este novo réxime de nupcialidade, substituíu ao modelo tradicional de casamentos precoces —aínda vixente hoxe en día nalgúns dos países menos desenvolvidos— e constituíu a primeira fase da evolución do réxime da fecundidade, que Vallin (1995) denominou *fase malthusiana*. Porén, dende a segunda metade do século XVIII, comezou a facerse uso da anticoncepción, concretamente mediante a práctica do *coitus interruptus*, a única empregada ata os anos sesenta, coa chegada da píldora e o DIU. Con este avance, sinala Vallin (1995) que o *malthusianismo* dou paso ao *neomalthusianismo* en Francia. Pois cómpre resaltar que, con respecto ao resto dos países europeos, Francia foi máis precoz na limitación da fecundidade mediante métodos anticonceptivos alternativos ao control matrimonial. Traxectoria distinta foi a da práctica abortiva, xa que o aborto foi moralmente desaprobado en moita maior medida e durante moito máis tempo que os métodos anticonceptivos, en case todo o mundo. O primeiro país en legalizar o aborto foi a URSS no ano 1920, ao que lle seguiron —despois da II Guerra Mundial— outros países comunistas do Leste e tamén o Xapón. No contexto dos países industrializados, estes países pioneiros na legalización do aborto foron os máis tardíos en facer uso do control da fecundidade. Así mesmo, mentres que nestes países o aborto é o procedemento de control máis frecuente, no resto de países onde está legalizado, unicamente é empregado en

[12] A pesares desta denominación, algúns estudosos lémbranos que Malthus só recomendou os matrimonios tardíos e a continencia como medios para limitar o crecemento da poboación, xa que só admitía obstáculos que non procedesen nin do vicio nin da miseria. É por esta razón que se fala de *malthusianismo* e *neomalthusianismo*. Co primeiro termo, alúdese á limitación da fecundidade unicamente mediante a continencia sexual voluntaria e o control da nupcialidade, mentres que co segundo faise referencia ao control da fecundidade por medio de métodos anticonceptivos e do aborto (Pressat, 1989; Vallin, 1995).

[13] De acordo con Weeks (1984), ao reducirse a idade na que as mulleres completan o seu ciclo reprodutivo, a diferenza de idade entre pais e fillos tamén diminúe, polo que aumenta a probabilidade de supervivencia conxunta ata idades avanzadas. Se ben esta afirmación tiña cabida no momento en que foi escrita e publicada a súa obra, a medida que foi aumentando a idade media á primeira maternidade, a diferenza de idade entre pais e fillos tamén se foi incrementando. Nestes casos, a probabilidade de supervivencia conxunta de diferentes xeracións pode deberse máis ao alongamento da esperanza de vida que á menor diferenza de idade entre pais e fillos.

casos puntuais nos que os métodos anticonceptivos resultaron ineficaces (Vallin, 1995). E é que, en xeral, apréciase unha maior tolerancia social cara aqueles métodos de control que teñen por obxectivo reducir as probabilidades de concepción, que cara aqueles outros destinados a interromper unha xestación[14]. O impacto do control da fecundidade podémolo apreciar nos datos aportados por Vallin (1995) para Francia. Segundo este demógrafo, no século XVIII o potencial biolóxico medio das mulleres francesas era de 10 fillos, pero o control matrimonial reduciu o número real de fillos a unha media de 5,5. Posteriormente, no século XX, os métodos anticonceptivos e o aborto conseguiron diminuír a media aínda máis, ata situala en 2 fillos por muller nun contexto no que o potencial biolóxico era de 15 fillos.

Segundo Weeks (1984), «está amplamente estendida a crenza de que para facer diminuír de forma substancial o nivel de fecundidade nos países onde agora é moi alto, abondaría con poder proporcionar a píldora ás mulleres ou con poder colocarlles un DIU» (p. 131). Afirma o autor que se trata «dunha idea simplista e errónea» (p. 131), porque a fecundidade é unha cuestión complexa e «non todos os camiños de control da fecundidade están abertos para todo o mundo» (p. 107), posto que pode haber razóns culturais, relixiosas ou persoais que fagan desbotar determinados métodos de limitación da fecundidade, cando non todos. A fecundidade dos hutteritas[15] constitúe un bo exemplo da influencia cultural no nivel reprodutivo deste grupo social, que ostenta o récord de fecundidade. Na década de 1930, cada muller hutterita tivo unha media de máis de doce fillos, como resultado dunha temperá idade de matrimonio, unha boa alimentación e atención médica e a ausencia de métodos anticonceptivos e a práctica abortiva, en coherencia coas súas crenzas relixiosas de rexeitar toda forma de control da natalidade. Cara á década de 1950, semella que se produciu un lixeiro aumento na idade á que as mulleres contraían matrimonio, causando unha diminución no número total de fillos de cada muller, que descendeu a 11. Weeks (1984) afirmou, a finais dos anos setenta, que «non sabemos de ningunha sociedade global que alcanzase xamais o nivel reprodutivo dos hutteritas, que se atopan indubidablemente preto do máximo biolóxico posible para un grupo» (p. 107).

Actualmente, a alta fecundidade é frecuentemente vista como un problema, ao constituír o principal factor responsable da elevada taxa de crecemento da poboación mundial, sobre todo a raíz do descenso xeral da mortalidade (Weeks, 1984). Pressat (1989) afirmou que «a anticoncepción móstrasenos como unha necesidade absoluta para as familias modernas sin cuxa axuda as fratrías alcanzarían dimensións enormes e as poboacións coñecerían uns índices de expansión insostibles» (p. 88). A pesares de que hoxe en día a práctica totalidade das parellas dos países economicamente desenvolvidos practican a anticoncepción, existen diferenzas importantes nos niveis de fecundidade entre países. Estas desigualdades son produto da conxunción de todos

[14] Á parte destes métodos de control da natalidade nas etapas previas ao nacemento, en moitas culturas antigas practicouse o infanticidio como modo postnatal de control da natalidade. Esta práctica perdurou ata máis recentemente en varias sociedades de cazadores-recolectores de África e Asia, fundamentalmente como método de selección de sexo postnatal. Ao tratarse de contextos nos que que existía unha maior valoración do sexo masculino, o infanticidio feminino sempre foi superior ao masculino. Clarke (2000) sinalou que o infanticidio non se limita ás sociedades tradicionais, posto que en sociedades máis modernas —onde abundan as rupturas matrimoniais e os novos matrimonios— algúns padrastros teñen tendencia a cometer o infanticidio dos seus fillastros. Mais cómpre destacar que, nestes casos, o obxectivo do infanticidio é outro. Aínda así, nas sociedades occidentais, o infanticidio é moi infrecuente e conleva fortes sancións morais e legais. Actualmente, grazas ao avances tecnolóxicos, son moito máis comúns os abortos selectivos por sexo —principalmente os femininos— que o infanticidio, un feito que repercute no desequilibrio entre sexos da poboación (Clarke, 2000; Petersen, 1968).

[15] Os hutteritas son os integrantes dunha secta relixiosa anabaptista que teñen unha forma de vida comunal. No século XIX emigraron de Suíza e asentáronse en Dakota do Norte, Dakota do Sur e Canadá (Weeks, 1984).

e cada un dos factores que interveñen na fecundidade humana, aínda que están determinadas fundamentalmente por aqueles factores vinculados ao comportamento (Petersen, 1968; Pressat, 1989). Un indicador que permite coñecer estas variacións entre países é a taxa bruta de natalidade. Segundo os datos ofrecidos polo Banco Mundial para o ano 2015, Níxer acadou o maior número de nacementos por cada 1.000 habitantes (47,50 ‰) e Italia o menor (8 ‰), polo que podemos intuír a ampla diversidade de situacións posibles nas que se atopan os países entre ambos extremos numéricos. Desta variabilidade que existe nos valores da taxa de natalidade dos diferentes países a nivel mundial, dedúcese que a difusión da limitación da natalidade debeuse principalmente á vontade das parellas e non tanto ás técnicas dispoñibles (Vallin, 1995). Con todo, «saber como se expresa dita vontade non abonda para comprender por que cambiou» (Vallin, 1995, p. 108), por iso nos seguintes apartados analizaremos os principais factores explicativos das diferenzas no comportamento en materia de fecundidade.

4.3.1.3 Explicacións da alta fecundidade

De acordo con Livi-Bacci (1993), «os compoñentes dunha xeración, no momento do seu nacemento, contraen unha especie de "débeda" coa sociedade» (p. 243). Estes individuos «están todos destinados a morrer pero deberían ser capaces de liquidar a súa débeda deixando no seu lugar un número igual de fillos» (p. 243). Para que isto ocorra, é necesario que cada muller teña, polo menos, unha media de dous fillos que vivan o suficiente como para poder reproducirse. Nunha sociedade caracterizada por unha alta mortalidade, as probabilidades de que unha persoa recentemente nada acade a idade adulta son escasas. Por este motivo, se unha persoa limita a súa fecundidade, a existencia da sociedade á que pertence pode perigar (Weeks, 1984). Esta é, probablemente, a razón pola que «practicamente en todas as sociedades, os individuos se senten empurrados a ter fillos» (Weeks, 1984, p. 131). Estas presións pronatalistas, que son máis fortes nunhas sociedades que noutras, constitúen unha explicación amplamente recoñecida da alta fecundidade que presentan determinadas poboacións (Weeks, 1984). Con todo, «as presións sociais en pro da fecundidade non se presentan en realidade en termos de necesidade de substitución social: non é, en efecto, probable que os individuos concretos perciban o sentido real das mesmas» (Weeks, 1984, p. 133).

Seguindo a Weeks (1984), se a única motivación das persoas para reproducirse fose a substitución social, naquelas sociedades nas que persiste unha alta fecundidade a pesares do descenso da mortalidade, o nivel da fecundidade debería ser moito máis baixo, posto que as taxas de natalidade superan notablemente as taxas de mortalidade. Por conseguinte, crese que hai outros alicientes que animan a que nesas poboacións a maior parte das mulleres teñan varios fillos. Entre eses incentivos figuran o poder e o prestixio que outorga o ter unha familia numerosa en determinadas sociedades. En moitas ocasións, o logro deste obxectivo pasa polo nacemento e a supervivencia dun fillo varón, ao ser considerados máis valiosos os homes que as mulleres. Polo tanto, moitas familias continúan tendo fillos ata que conseguen ter un fillo varón. Ademais, «se as probabilidades de que os recentemente nados falezan son elevadas, entón cada familia buscará ter como mínimo dous fillos varóns para aumentar así a probabilidade de que un deles alcance a idade adulta» (p. 133). Por outra parte, a motivación para a fecundidade tamén pode atoparse no desexo de ter fillos —principalmente homes— que aporten man de obra no futuro, así como tamén seguridade e protección durante a vellez. Pois, «nunha sociedade premoderna, con alta mortalidade e alta fecundidade, os seres humanos constitúen o principal recurso económico» (p. 133). Así, mentres que os nenos axudan en numerosas tarefas, os adultos

constitúen a principal man de obra que da sustento ás persoas anciás.

En definitiva, visto que a procreación constitúe un medio para conseguir determinados obxectivos vitais, se estes son considerados máis relevantes que a limitación da fecundidade, con frecuencia os incentivos para ter fillos manteranse incluso despois do descenso da mortalidade (Weeks, 1984).

4.3.1.4 Explicacións da baixa fecundidade

Dicir que unha sociedade ten un baixo nivel de fecundidade, significa que nesa poboación a maior parte das mulleres teñen poucos fillos. A maioría das explicacións da baixa fecundidade están influenciadas por ideas derivadas das obras de Malthus e Darwin. Tal e como apuntou Weeks (1984), «a explicación xeralmente ofrecida é que se nunha sociedade escasean os recursos considerados desexables, se a xente, para obter algúns deses recursos, ten que readaptar o seu comportamento demográfico, farao» (p. 140). Neste sentido, nos países de cultura occidental, o desexo de adquirir riqueza e prestixio ten frecuentemente como resposta demográfica a limitación do tamaño familiar. Así, o número de fillos xa tidos constitúe un factor sumamente relevante na decisión de ampliar o tamaño familiar, xa que a propensión de aumentar a familia diminúe moito para aqueles proxenitores que teñen dous fillos e redúcese gradualmente para os sucesivos, en función da orde de nacemento alcanzada (Livi-Bacci, 1993; Pressat, 1989; Weeks, 1984). De acordo con Weeks (1984), «historicamente os factores socio-económicos vinculados de forma máis persistente coa fecundidade son a riqueza e o prestixio» (p. 141). Non obstante, a diferenza das sociedades primitivas, nas sociedades urbanas industriais do século XIX e posteriores, o prestixio e a riqueza tenden a estar máis asociados coa baixa fecundidade. Ao constituíren bens sociais e económicos escasos, o seu logro está condicionado á realización dalgún tipo de sacrificio, neste caso á renuncia dunha familia extensa. Ademais, lograr —ou intentar lograr— ditos bens, pode consumir numerosos anos de vida fértil. Polo tanto, aínda no suposto de que se conseguisen acadar os niveis de prestixio e a riqueza desexados, podería ser bioloxicamente imposible ampliar a familia. En opinión de Weeks (1984) «este desfase na sincronización de riqueza e fecundidade constitúe un importante elemento a ter en conta ao repasar as explicacións da baixa fecundidade» (p. 141).

Dende o punto de vista económico, da análise realizada por Gary Becker no ano 1960 (como se cita en Weeks, 1984), conclúese que os proxenitores actúan cunha racionalidade económica perfecta á hora de controlar a natalidade. Como ter fillos require para eles unha inversión de tempo e diñeiro, o desexo de ter descendencia entra en competencia con outros bens e actividades que tamén consumen tempo e diñeiro dos proxenitores. Neste contexto, o número de fillos dependerá das expectativas que os seus proxenitores teñan para eles, baseadas no estilo de vida propio da clase social á que pertencen. Desta maneira, canto maior sexa o nivel económico, maiores serán as expectativas para os fillos, e, polo tanto, cada fillo demandará un maior investimento de tempo e diñeiro. Pola contra, cando o nivel económico dos proxenitores sexa modesto, as expectativas para os fillos serán baixas e o custo de cada fillo será mínimo. Esta sería a razón pola que, nos países industrializados, as persoas que se atopan en peor situación económica teñen máis fillos que aquelas outras que pertencen a estratos económicos máis elevados. Para Weeks (1984), o enfoque económico da fecundidade presenta imperfeccións no que respecta aos supostos asociados ao comportamento humano, pero concorda en que «parece razoable teorizar que a xente se sente motivada a ter familias pequenas porque de ter familias grandes tería que renunciar a cousas que desexa demasiado» (p. 146). En opinión de Herrera

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(2007), a teoría económica realizou importantes achegas ao estudo dos procesos demográficos, tanto a nivel micro como a nivel macro. Con respecto ao primeiro nivel, esta socióloga destacou «a importancia das motivacións e aspiracións individuais sobre a conduta demográfica (fecundidade, mercado matrimonial e divorcio)» (p. XIII), mentres que na súa opinión un dos maiores aportes no nivel macro consistiu en «explicar algunhas variacións en distintos períodos de tempo dentro dun mesmo país». Malia todo, a autora sostén que «estas teorías foron insuficientes para explicar as diferenzas entre países, así como para explicar as diferenzas entre clases socioeconómicas no interior dun país» (p. XIII).

Xunto co enfoque económico, o sociolóxico constitúe un dos máis importantes enfoques á hora de explicar a motivación para ter familias reducidas. Dende esta perspectiva, faise fincapé «no feito de que se teñen que producir cambios na sociedade para que a xente se sinta motivada a pasar dun comportamento conducente a unha alta fecundidade a outro que implique unha fecundidade baixa» (Weeks, 1984, p. 146). Ditos cambios poden estar relacionados con aspectos económicos e socioculturais que repercuten no desexo de ter fillos. Por exemplo, naquelas persoas que aspiran a ascender socialmente ou que tratan de evitar perder status social e económico, o nivel educativo está moi relacionado coa procreación. Diferentes estudos sinalan que a educación ofrece unha maior capacidade para adquirir riqueza e prestixio, polo que, a medida que aumenta o nivel educativo, tende a incrementarse tamén o nivel de riqueza e prestixio, á vez que diminúe o número de fillos [16]. Neste contexto, cómpre destacar que as motivacións en favor da baixa fecundidade non se manifestan por si soas ao acadar un determinado nivel educativo ou simplemente ao aspirar a conseguir certa riqueza e prestixio. As motivacións para diminuír o número de fillos xorden da nosa comunicación con outras persoas e ideas, posto que é a información que recibimos e procesamos do noso entorno social a que determina, en gran parte, as nosas decisións e actuacións (Weeks, 1984). Por esta razón, os espazos urbanos son propicios á adopción de comportamentos máis racionais no relativo á fecundidade, debido ás maiores posibilidades de mobilidade social e a maior intensidade da difusión das ideas e das modas culturais, entre outros factores (Pressat, 1989).

Pola súa parte, Billari e Dalla (2010) tamén destacaron os mecanismos socioeconómicos establecidos por Gary Becker na relación entre a caída da fecundidade nos países industrializados e a crecente presenza das mulleres no mercado de traballo. O considerable aumento do nivel educativo das mulleres ao longo do século XX tivo como efecto unha maior participación laboral feminina e un incremento dos seus salarios, polo que o custo de oportunidade de ter fillos tamén se acrecentou. Nos anos setenta, os países que presentaban os niveis de fecundidade máis baixos correspondíanse cos que tiñan unha proporción maior de mulleres no mercado de traballo. Non obstante, nos anos noventa, os países nos que a participación feminina no mercado de traballo era máis elevada, a fecundidade era máis alta. Actualmente en Europa atopamos situacións diferentes, en función das posibilidades de conciliación laboral e familiar. En países nos que a conciliación resulta difícil —como en Italia ou en España— a fecundidade tende a ser moi baixa, mentres que nos países nos que a conciliación resulta máis doada, a fecundidade é frecuentemente máis elevada. En Suecia, por exemplo, «o aumento do traballo feminino fóra do

[16] As clases altas, ao seren as máis acomodadas e con maior nivel educativo, foron as primeiras en restrinxir a súa fecundidade, de aí que se orixinase esta correlación negativa entre nivel social e nivel de fecundidade. Non obstante, «dende fai algúns decenios, pode observarse que á continuación do movemento de descenso da fecundidade entre as clases sociais menos elevadas correspondeu un aumento entre os grupos máis altos da escala social» (Pressat, 1989, p. 100).

fogar non significou unha diminución da fecundidade na magnitude que ocorreu noutros países de Europa, como en España» (Herrera, 2007, pp. XII-XIII). Este feito é comunmente asociado á eficacia das políticas sociais no coidado dos fillos, o que demostra a importancia de variables de natureza política no desenvolvemento dos procesos demográficos (Herrera, 2007). Non é de estrañar, polo tanto, que «no mundo occidental, atopemos hoxe en día os niveis máis altos de fecundidade nos países máis ricos e os niveis de fecundidade máis baixos nos países máis pobres» (Billari e Dalla, 2010, p. 59).

4.3.2 Mortalidade

A morte é o acontecemento que pecha o ciclo vital de cada persoa e, en xeral, de todas as especies vivas. Polo tanto, en ausencia de fecundidade, a mortalidade produciría a extinción dunha poboación. Aínda que a morte é bioloxicamente irremediable e pode acontecer a calquera idade e en circunstancias diferentes, ao longo da historia o ser humano foi capaz de elevar enormemente a duración media da vida mediante o control da mortalidade, principalmente a idades temperás[17]. É por iso que o alongamento da esperanza de vida ao nacer, foi descrito por Pressat (1989) como «o logro máis palpable dos progresos da nosa civilización occidental» (p. 55).

4.3.2.1 Causas da mortalidade

Para manternos con vida, os seres humanos precisamos inxerir alimentos de forma regular. Unha deficiencia na cantidade de nutrientes ou un desequilibrio nos diversos tipos destes, «teñen como consecuencias sucesivas un benestar inferior ao óptimo, a enfermidade, e, finalmente, a morte» (Petersen, 1968, p. 503). Segundo un informe publicado recentemente pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, a tendencia da fame a nivel mundial — medida pola prevalencia de desnutrición— diminuíu constantemente nas últimas tres décadas e ata o ano 2015. Dende entón, mantense lixeiramente por debaixo do 11 %, aínda que en números absolutos non deixou de medrar. Na actualidade, estímase que máis de 820 millóns de persoas pasan fame, sendo África a rexión coa maior prevalencia de desnutrición, afectando a case o 20 % da poboación. Esta situación está aumentando practicamente en todas as subrexións de África, así como tamén en América Latina e o Caribe (cunha prevalencia de desnutrición inferior ao 7 %) e en Asia (cunha prevalencia do 11 %) (FAO et al., 2019). Por outra parte, as importantes achegas realizadas no século XIX por Louis Pasteur no campo das enfermidades infecciosas, permitiron controlar en maior medida a transmisión de enfermidades como o cólera ou a malaria (Petersen, 1968). Neste sentido, un dos maiores éxitos alcanzados foi a erradicación das vexigas[18] a nivel mundial, no ano 1979 (Weeks, 1984). Grazas aos avances científicos e á hixiene pública, o número de enfermidades contaxiosas potencialmente mortais reduciuse nos países desenvolvidos, permitindo o control da mortalidade nas idades máis novas.

[17] Ante unha situación na que a mortalidade afectaba de forma aleatoria e impredicible a persoas de todas as idades e condicións, co alongamento da esperanza de vida introdúcese unha orde nos procesos vitais, ao establecerse unha orde xerárquica na morte en función da idade que permite, ademais, a convivencia de varias xeracións dentro dun mesmo núcleo familiar (Livi-Bacci, 2002). Desta maneira, outra consecuencia moi destacable do descenso xeral da mortalidade no ámbito familiar foi a enorme diminución da cantidade de nenas e nenos orfos. En palabras de Pressat (1989), «hoxe en día, en moitos países occidentais, é máis frecuente que un neno se atope nun fogar desunido que nun fogar roto pola morte dun dos pais» (p. 114).

[18] «Enfermidade infecciosa e contaxiosa, declarada xa extinguida, que produce febre alta e a formación de pústulas na pel que, ao curaren, deixan marca» (RAG, 2012, definición 5). En español coñécese como *viruela*.

Nestes países, as enfermidades non transmisibles convertéronse nas principais causas de morte no século XXI, destacando a cardiopatía isquémica e o accidente cerebrovascular, tal e como informou a Organización Mundial da Saúde (OMS, 2018). No contexto europeo, de acordo coa información publicada pola oficina de estatística da Unión Europea (Eurostat) para o ano 2016, as principais causas de morte no conxunto dos países da UE-28 foron as enfermidades do sistema circulatorio e o cancro (Eurostat, 2017). Con todo, algunhas das enfermidades infecciosas que deixaron de ser causa de morte nos países desenvolvidos, seguen constituíndo causas importantes de defunción en países menos desenvolvidos (Petersen, 1968; Weeks, 1984; OMS, 2018). Pois, mentres que as enfermidades transmisibles e as afeccións maternas, perinatais e nutricionais causaron aproximadamente o 50 % das defuncións ocorridas no ano 2016 nos países de ingresos baixos, a porcentaxe de mortalidade por ditas causas nos países de ingresos altos foi do 7 % (OMS, 2018). Todo isto, tivo como resultado que no ano 2015 a esperanza de vida ao nacer fose de 63,94 anos nos países menos desenvolvidos, 8 anos por debaixo da media mundial (71,94 anos) e 20,33 anos menos que a esperanza de vida media en Hong Kong[19] (84,27 anos), tal e como indican os datos ofrecidos polo Banco Mundial.

Na actualidade, existe un claro consenso en afirmar que a mortalidade presenta compoñentes de natureza biolóxica e de natureza social (Anson, 2003; Giddens, 2002; Petersen, 1968; Pressat, 1989; Vallin, 1995; Weeks, 1984). Pois, se ben é certo que a idade máxima que podemos alcanzar os seres humanos débese fundamentalmente a aspectos biolóxicos[20], a nosa capacidade para facer fronte á morte e sobrevivir ano a ano está moi determinada tamén por aspectos de tipo social. De feito, a maior parte das diferenzas na taxa de mortalidade teñen unha orixe social (Weeks, 1984), pero «a eficacia dos modernos medios científicos de control da mortalidade é tan grande que tenden a escurecer todos os demais factores relevantes» (Petersen, 1968, p. 503). Para algúns estudosos, os factores sociais están na raíz das diferenzas que mostran os países en canto a lonxevidade, debido ás desigualdades que presentan nas condicións sanitarias e nas posibilidades de diagnóstico e tratamento médico. Ademais, cómpre destacar a existencia de defuncións cuxas causas non gardan relación con ningunha enfermidade ou dexeneración orgánica. Trátase, polo tanto, de mortes accidentais e que poden ser atribuídas ao entorno económico e social, entre as que destacan aquelas ocasionadas por accidentes automobilísticos (Weeks, 1984). No ano 2016, a mortalidade por accidentes de tránsito a nivel mundial foi de 18,8 defuncións por cada 100.000 habitantes, unha taxa que, nos países de ingresos baixos, alcanzou as 29,4 defuncións por cada 100.000 habitantes (OMS, 2018). Así mesmo, de acordo cos datos ofrecidos por Eurostat (2017) para ese mesmo ano, os países da UE-28 que mostraron as máis elevadas taxas de mortalidade normalizadas por accidentes de transporte foron Romanía, Letonia, Polonia, Bulgaria, Croacia e Grecia (con 9 ou máis falecementos por cada 100.000 habitantes), mentres que no extremo oposto figuraron o Reino Unido, Suecia, Irlanda e Dinamarca (entre 2,7 e 3,7 defuncións por cada 100.000 habitantes).

4.3.2.2 Diferenzas na mortalidade segundo o sexo

Aínda que se sabe que, en xeral, as mulleres viven máis anos que os homes, Weeks (1984) detectou que esas diferenzas aumentaron ao longo do século XX nos Estados Unidos, un feito

[19] A pesar de ser unha Rexión Administrativa Especial, por motivos de simplificación referímonos a Hong Kong como un país.

[20] Segundo Giddens (2002), «en xeral, os biólogos aceptan que o número máximo de anos que pode vivir o ser humano —crese que ao redor de cento vinte— está determinado polos seus xenes» (p. 223).

que se encadra dentro dos trazos característicos das tendencias da mortalidade nos países máis desenvolvidos durante ese século (Clarke, 2000). Segundo Weeks (1984), mentres que nos Estados Unidos a esperanza media de vida das mulleres en 1910 era 3,5 anos superior á dos homes, no 1978 a diferenza pasou a ser de 7 anos. Hoxe en día, de acordo cos datos do Banco Mundial correspondentes ao ano 2015, sabemos que as diferenzas na esperanza media de vida entre homes e mulleres no presente tamén son notables, mais son menores nos países menos desenvolvidos. A nivel mundial, en dito ano, a esperanza de vida ao nacer nos homes era de 69,77 anos e nas mulleres de 74,27 anos. Esa diferenza entre sexos de 4,5 anos diminuía a 3,62 anos nos países menos desenvolvidos (onde a esperanza media de vida nos homes era de 62,15 anos e nas mulleres de 65,77 anos) e aumentaba a 5,9 anos no caso de Hong Kong (onde a esperanza media de vida era de 81,4 e 87,3 nos homes e nas mulleres, respectivamente).

O Banco Mundial sinala que no ano 2015 producíronse no mundo 7,59 defuncións por cada 1.000 habitantes. Como é lóxico, de acordo coa tendencia da esperanza de vida, a taxa de mortalidade masculina foi maior que a feminina, cuxos valores acadaron o 173,09 ‰ e o 115,29 ‰, respectivamente. Nos países máis desenvolvidos, a mortalidade masculina é xeralmente máis elevada que a feminina en todos os grupos de idade e para a maioría de causas de morte. Ademais, a esperanza de vida non aumentou a un ritmo igual en ambos sexos, xa que nas mulleres incrementouse moito máis rápido que nos homes. Así, a previsión de principios do presente século establecía que neste grupo de países manteríase unha mellora continua e gradual na esperanza de vida ao nacer durante o primeiro cuarto do século, chegando a acadar no ano 2025 unha esperanza media de vida de 76 anos nos homes e de 82,1 nas mulleres. Actualmente, Xapón é un dos países coa maior esperanza de vida ao nacer (83,79 anos) e presenta unha diferenza entre sexos de 6,24 anos, segundo os datos correspondentes ao ano 2015. Este progreso de Xapón, débese á combinación da diminución das mortes causadas por enfermidades infecciosas e o descenso das mortes de persoas anciás, unha combinación que se produciu de forma rápida e simultánea. Pero tamén interviñeron outros moitos factores de diversa índole, relacionados co desenvolvemento económico do país, a dieta alimenticia ou os hábitos no consumo de tabaco. Pola contra, nos países menos desenvolvidos, en xeral produciuse unha mellora continua na esperanza de vida dende a segunda metade do século pasado, aínda que a diferenza que presenta este indicador por sexos é notablemente menor, con respecto aos países máis desenvolvidos. Isto débese ás deficientes condicións de vida de moitas mozas e mulleres, motivo polo que as mulleres anciás non superan aos homes anciás na mesma medida que ocorre nos países máis desenvolvidos. Ademais, cómpre salientar que, nos países menos desenvolvidos, os incrementos da esperanza de vida débense máis ás diminucións das taxas de mortalidade infantil —polo menor impacto das enfermidades contaxiosas— que aos aumentos da lonxevidade nas persoas maiores. Como vemos, a pobreza xoga aquí un papel importante no mantemento dunha estreita brecha entre a esperanza de vida masculina e feminina. Con todo, non debemos esquecer a crecente diversidade demográfica que existe entre os países que conforman este grupo, polo que existen variacións importantes na esperanza de vida masculina e feminina entre os países menos desenvolvidos (Clarke, 2000).

Á vista do exposto, hai evidencia de que as mulleres viven máis anos que os homes en case todos os países e, a medida que a esperanza de vida aumenta para ambos sexos, a brecha entre a esperanza de vida para homes e mulleres tamén adoita incrementarse. Esta maior mortalidade masculina constitúe o factor dinámico máis importante que inflúe na composición da poboación total por sexo, a nivel global. As maiores taxas de mortalidade masculina son xeral-

mente atribuídas ás diferenzas xenéticas entre ambos sexos, que provocan que as mulleres sexan bioloxicamente máis fortes na maioría das circunstancias ambientais e que os homes sexan bioloxicamente máis susceptibles á maioría das enfermidades. Paralelamente, os factores socioculturais tamén desempeñan unha función relevante, posto que os roles de xénero conducen a diferentes comportamentos e riscos de saúde. Neste contexto, os homes mostran unha maior capacidade para a autodestrución ao non coidar a súa saúde coma as mulleres, sendo, incluso, moito máis propensos á obesidade e a adicións comúns (alcohol, tabaco, drogas...). Así mesmo, aínda que os homes tenden a enfermar con menos frecuencia, as doenzas que lles afectan adoitan ser máis perigosas para a súa vida. En cambio, as mulleres xeralmente viven máis anos que os homes en peores condicións de saúde. De feito, cando as persoas son anciás, as enfermidades inciden máis nas mulleres que nos homes. Esta realidade pode estar asociada ás múltiples responsabilidades e preocupacións das que se ocupan as mulleres ao longo da súa vida, as cales poden aumentar a presión que sofren e incidir, así, no incremento dos seus índices de enfermidade. Nalgúns dos países menos desenvolvidos as desigualdades de xénero poden influír tamén no estado de saúde das mulleres, debido ás maiores dificultades que teñen para acceder a diferentes recursos e servizos asociados á saúde (Clarke, 2000; Giddens, 2002).

4.3.2.3 Diferenzas na mortalidade segundo a idade

Os descensos iniciais nas taxas de mortalidade total tenden a beneficiar, principalmente, aos bebés de sexo masculino e aos nenos, por ser bioloxicamente máis vulnerables. Mais, a pesares do extraordinario aumento da esperanza media de vida dos homes, nos países máis desenvolvidos a mortalidade masculina é xeralmente máis elevada que a feminina en todos os grupos de idade e para a maioría de causas de morte. Con todo, as características da mortalidade varían en función do grupo de idade no que se atopen as persoas e tamén da variable xeográfica (Clarke, 2000).

En xeral, as taxas de mortalidade infantil diminuíron conxuntamente coas de mortalidade total, aínda que a un ritmo menor (Mattelart, 1964). A mortalidade infantil ten as súas raíces no período prenatal e acaba ao termo do primeiro ano de vida, xa que é no transcurso dese tempo cando o risco de morte descende rapidamente (Livi-Bacci, 1993). Segundo sinalou Mattelart (1964), as taxas de mortalidade infantil máis altas do mundo acadaron valores comprendidos entre 250 ‰ e 350 ‰. A evolución deste indicador en Serra Leona, axúdanos a poñer en contexto estas cifras. De acordo cos datos do Banco Mundial, no ano 1960 Serra Leona tiña unha taxa de mortalidade infantil do 221,2 ‰, o valor máis elevado con respecto aos países para os que hai información dispoñible para ese ano. Moi paulatinamente, este país africano conseguiu reducir anualmente os valores da devandita taxa, ata situala no 94,2 ‰ no ano 2015. Nesta data, ocupaba a primeira posición mundial en canto á maior taxa de mortalidade infantil, seguíndolle a República Centroafricana (89,7 ‰). Así mesmo, a esperanza de vida ao nacer tamén se incrementou. Dende o ano 1960, a esperanza de vida ascendeu de forma continua ata acadar os 40,54 anos no 1983. Porén, a partir desta data iniciou un destacado e continuo retroceso que se estendeu ata o ano 1995, cando a esperanza media de vida acadou novamente os 37,08 anos, unha cifra moi similar á do ano 1972. A partir do 1995, a esperanza media de vida en Serra Leona aumentou ininterrompidamente ata situarse nos 52,94 anos no 2015, cunha diferenza entre sexos de tan só 1,71 anos (52,06 anos os homes e 53,77 anos as mulleres). Esta evolución positiva que experimentou a esperanza de vida ao nacer dende mediados da última década do século XX, está estreitamente ligada á caída da taxa de mortalidade total iniciada no

ano 1994. Pois, no período 1994-2015 os valores deste indicador pasaron de ser do 26,15 ‰ ao 12,63 ‰, respectivamente.

Logo de analizar o caso de Serra Leona, podemos deducir doadamente que existen, na actualidade, importantes variacións nas taxas de mortalidade infantil entre os países. Segundo os datos do Banco Mundial para o ano 2015, a media global deste indicador situábase no 31,5 ‰, un valor que ascendía ao 50,22 ‰ nos países menos desenvolvidos e que descendía ao 2 ‰ en países coma Finlandia. Estas diferenzas entre países adoitan achacarse ás desigualdades no nivel educativo e no nivel de ingresos. Por unha banda, arguméntase que educación inflúe na adquisición de coñecementos básicos para evitar mortes infantís innecesarias, sobre todo nocións relacionadas coa hixiene do ambiente exterior. En poboacións atrasadas, este é un factor sumamente relevante, principalmente ao final da lactancia materna, un acontecemento que supón unha fase de transición importante para a supervivencia dos bebés, que pasan a expoñerse aos riscos dunha alimentación dependente das condicións sanitarias do seu entorno (Livi-Bacci, 1993). Por outra parte, o nivel de ingresos permite que as nais que aleitan aos seus fillos estean ben alimentadas e que poidan proporcionar dietas nutritivas aos recentemente nados, así como tamén protección médica ante posibles enfermidades (Mattelart, 1964; Weeks, 1984). Neste contexto, «en lugares onde as taxas de mortalidade infantil son elevadas, as enfermidades contaxiosas constitúen unha importante causa de defunción, sendo así que a maioría delas poderían ser evitadas con asistencia médica» (Weeks, 1984, p. 178). Pola contra, nos países máis desenvolvidos a mortalidade infantil é moito menor, ao dispoñer dun maior nivel de saúde.

Loxicamente, a medida que as taxas de mortalidade infantil diminúen e a esperanza media de vida aumenta, as mortes pasan a concentrarse nas idades máis altas (Weeks, 1984). Moitos dos países menos desenvolvidos nos que a diferenza na esperanza media de vida entre sexos é baixa, presentan altos niveis de mortalidade materna (Clarke, 2000). É o caso de Serra Leona, onde, como xa dixemos, no ano 2015 a diferenza entre a esperanza de vida masculina e feminina era de 1,71 anos. Estímase que nese ano faleceron durante o embarazo e o parto un total de 1.180 mulleres por cada 100.000 nacidos vivos, unha cifra que convertía a Serra Leona no primeiro país coa maior taxa de mortalidade materna a nivel global, seguíndolle Chad e Sudán do Sur, con 1.160 e 1.110 falecementos por cada 100.000 nacidos vivos, respectivamente. E é que, nos países menos desenvolvidos, a mortalidade materna segue sendo unha das principais causas de morte das mulleres nos grupos de idade reprodutiva, principalmente na maioría dos países máis pobres de África e nalgúns dos máis pobres de Asia (Banco Mundial). Pero é en África, como acabamos de ver, onde se atopa a taxa de mortalidade materna máis alta, debido a que moitas mulleres —cun estado nutricional deficiente— teñen fillos demasiado novas, téñenos moi seguidos, en condicións antihixiénicas, con escaso acceso a auga limpa e sen clínicas de saúde nin atención médica moderna (Clarke, 2000). Esta situación é completamente distinta na maior parte dos países máis desenvolvidos, nos que a mortalidade materna é actualmente un suceso excepcional. As estimacións correspondentes ao ano 2015 para o conxunto dos países da UE, por exemplo, indican que por cada 100.000 nacidos vivos, falecían 6 mulleres durante o embarazo e o parto (Banco Mundial). Nestes países, o actual risco de morte das persoas adultas mozas é moi baixo. Non obstante, a explicación deste logro non reside tanto no descenso da mortalidade materna, senón máis ben no declive das enfermidades contaxiosas. Tanto é así, que as poucas persoas adultas mozas que falecen hoxe en día fano, con moita maior probabilidade, por causa de accidentes de tráfico ou doutro tipo (Weeks, 1984).

As probabilidades de falecemento comezan a aumentar de forma acelerada a medida que nos

achegamos aos cincuenta anos. Por conseguinte, as idades con maior risco de morte correspóndense con aquelas que se aproximan aos límites da vida humana (Livi-Bacci, 1993; Weeks, 1984). Como na maioría dos países a mortalidade é maior no sexo masculino ao longo do ciclo vital, xeralmente hai máis mulleres que homes na maioría das cohortes de idade a partir dos 30 e dos 40 anos. Este desequilibrio entre sexos tende a aumentar aínda máis coa idade, principalmente nas poboacións envellecidas dos países máis desenvolvidos. Mais cómpre salientar que, en moitas poboacións máis novas de países menos desenvolvidos, o sexo masculino supera polo xeral ao feminino ata, aproximadamente, os 60 anos (Clarke, 2000).

4.3.2.4 A desigualdade social ante a morte

Tal e como afirmou Pressat (1989), a desigualdade ante a morte constitúe «unha das maiores formas de inxustiza que poden existir entre o xénero humano» (p. 53). Aínda que esta realidade asomou con anterioridade, foi durante o século XIX cando acadou a súa maior amplitude, nun momento no que as capas privilexiadas da poboación comezaban a facer uso dos progresos da hixiene e da medicina, ao tempo que emerxía un proletariado urbano con míseras condicións de vida. Non obstante, entre a metade do século XIX e os últimos anos do século XX, observouse unha moderación na desigualdade ante a morte, con respecto aos inicios da revolución industrial (Pressat, 1989).

Como xa comentamos en liñas anteriores, a diferenza na esperanza media de vida entre sexos no ano 2015 era de 4,5 anos a nivel mundial e de 5,9 anos en Hong Kong (Banco Mundial). Estas disparidades evidencian que «a saúde e a enfermidade non están distribuídas de maneira uniforme entre a poboación» (Giddens, 2002, pp. 198-199). Ditas desigualdades atribúense comunmente a unha serie factores relacionados coa saúde, como son a xenética humana, a idade, o entorno ambiental, a alimentación, a xeografía, o comportamento individual, o comportamento social, os roles de xénero, a educación e o nivel de ingresos, entre outros factores (Anson, 2003; Giddens, 2002; Pressat, 1989). Agora ben, aínda que se admite que a vantaxe biolóxica das mulleres sobre os homes é de tan só dous anos, resulta imposible illar e medir a influencia exacta de cada un destes factores, debido ás estreitas relacións que gardan entre si. Igualmente, tampouco é posible precisar a contribución do conxunto dos factores relativos ás esferas socioeconómica e do comportamento individual no mecanismo de envellecemento do organismo humano, a pesares de que coñecemos as pautas de conduta máis axeitadas para acadar unha vida máis longa (Giddens, 2002; Pressat, 1989).

Así as cousas, as diferenzas na mortalidade por factores sociais preséntansenos, a día de hoxe, como «unha das desigualdades máis omnipresentes nas sociedades modernas» (Weeks, 1984, p. 171). Pero a dificultade na obtención de datos precisos e fiables, derivou nunha escaseza de estudos sobre esta temática durante décadas. Nos últimos anos, proliferaron as investigacións neste campo, tratando de explicar a relación que existe entre a saúde e determinadas variables como a clase, o xénero, a ocupación, a renda, a educación ou a raza, mais sen chegar a calibrar esas relacións. O que si nos dou a coñecer toda esa literatura científica é que, en xeral, o risco de defunción e a taxa de mortalidade diminúen a medida que aumenta o nivel de ingresos e o nivel educativo, porque o nivel de ingresos permítenos mercar protección contra as enfermidades e a educación contribúe a que coñezamos as formas de minimizar o risco de contraer determinadas doenzas (Giddens, 2002; Weeks, 1984). Por citar un exemplo de evidencia científica a este respecto, Billari e Dalla (2010) destacaron que nalgunhas análises realizadas na cidade de Turín constatouse que actualmente entre os 65 e os 75 anos, os médicos e os avogados viven máis

anos que os fontaneiros e que as persoas encargadas da limpeza. Como vemos, as persoas que pertencen a grupos socioeconómicos superiores gozan de maior saúde e viven máis anos que as persoas de grupos socioeconómicos inferiores[21]. Estas diferenzas son, en gran medida, o reflexo dos «distintos hábitos alimentarios, estilos de vida e capacidades para beneficiarse das oportunidades da medicina» (Billari e Dalla, 2010, p. 80). É por iso que esta situación tende a ser máis desfavorable nas mulleres —principalmente nas de idade avanzada—, posto que dispoñen de rendas máis baixas que os homes e, consecuentemente, padecen a pobreza en maior medida. Polo tanto, as diferentes condicións materiais nas que viven as mulleres, inciden na súa saúde (Giddens, 2002; Weeks, 1984). Con este pano de fondo, dedúcese, como constatou Pressat (1989), que o nivel global de mortalidade dunha poboación está máis preto do nivel das categorías menos favorecidas ca do nivel daquelas categorías que teñen mellores condicións de vida.

Por último, cómpre salientar as diferenzas apuntadas por algúns estudosos na mortalidade entre zonas urbanas e zonas rurais, nos países desenvolvidos. Esas desigualdades foron acentuadas cando non existía aínda un certo control na transmisión das enfermidades infecciosas. Nese contexto, os niveis de mortalidade eran superiores nas cidades con respecto aos seus arredores rurais, a causa da maior propagación de doenzas infecciosas. Iso debíase, fundamentalmente, á aglomeración de persoas convivindo en espazos reducidos, á inexistencia dunha estrutura sanitaria axeitada e ao contacto con viaxeiros susceptibles de ser transmisores de enfermidades desa tipoloxía. Co paso do tempo, os avances científicos e a hixiene pública fixeron posible a redución do número de doenzas contaxiosas potencialmente mortais, beneficiando máis á poboación urbana que á rural. Esta situación dou paso ao escenario actual, onde as mellores condicións de mortalidade se atopan nas zonas urbanas (Weeks, 1984). A poboación rural, pola súa parte, padece as consecuencias de vivir nun entorno carente das infraestruturas médicas e dos mesmos servizos sanitarios dos que goza a poboación urbana. Consecuentemente, ante unha urxencia médica de características similares, é moi posible que a poboación que habita en espazos rurais se atope en desvantaxe fronte á poboación urbana, evidenciando unha desigualdade que podería repercutir nun maior risco de mortalidade nas zonas rurais.

4.3.2.5 As repercusións do alongamento da esperanza de vida

Tal e como sinalou Livi-Bacci (1993), nunha primeira fase histórica do descenso da mortalidade, a súa incidencia foi maior na infancia, polo que ao coincidir cunha diminución da natalidade, derivou nun lixeiro aumento do peso relativo da poboación infantil e xuvenil. Non obstante, nos países de baixa mortalidade, o descenso do número de falecementos estase concentrando actualmente nas idades máis avanzadas, provocando o incremento do número de persoas que conseguen chegar á vellez (Weeks, 1984). Pois, cando os nacementos e as defuncións son baixas, as persoas permanecen durante máis tempo na poboación e, consecuentemente, a estrutura por idade é máis envellecida[22]. Por conseguinte, afírmase que o descenso mundial da mortalidade é o factor que se atopa na raíz do crecemento da poboación mundial que vén tendo

[21] Nun estudo realizado por Anson (2003) sobre as desigualdades na mortalidade segundo sexo en Bélxica, o autor concluíu que o status social alto diminúe a mortalidade, observando, ademais, que «a mortalidade masculina é máis sensible que a feminina ás diferenzas no status social» (p. 175).

[22] De acordo con Weeks (1984), «dicimos que unha poboación rexuvenece cando a proporción de xoves sobre o total aumenta; inversamente, dicimos que envellece cando aumenta a proporción de persoas de idade sobre o total» (p. 222).

lugar dende as últimas décadas do século pasado. En palabras de Weeks (1984), «o descenso da mortalidade creou o problema, pero a alta fecundidade manteno» (p. 131). Neste contexto, de non reducirse a fecundidade, entrevese que o crecemento da poboación global continuará nos próximos decenios, debido ao potencial descenso da mortalidade que pode darse en poboacións que a día de hoxe presentan valores baixos na esperanza de vida ao nacer[23] (Weeks, 1984). Con todo, cómpre lembrar que, se ben é certo que a poboación mundial non deixou de aumentar en números absolutos, a taxa anual de crecemento veu descendendo lentamente dende comezos da década dos setenta, ata o presente (Banco Mundial).

En xeral, afírmase que unha poboación é *vella* cando, aproximadamente, máis do 10 % dos seus efectivos demográficos están comprendidos en idades de 65 ou máis anos[24]. Isto non significa que unha persoa que pertenza a ese grupo de idade posúa todas as características determinantes da vellez, pero no mundo occidental existe un consenso xeral en establecer os 65 anos como a idade de inicio do período de ancianidade (Weeks, 1984). A porcentaxe de persoas de 65 anos e máis sobre o total da poboación global atópase en continuo crecemento. Segundo os datos do Banco Mundial, a porcentaxe de poboación anciá a nivel mundial pasou de representar o 4,97 % (150.593.477 persoas) no ano 1960 ao 8,22 % (603.248.104 persoas) no 2015. Esta porcentaxe varía de forma significativa duns países a outros. Así, mentres a porcentaxe de poboación anciá no Xapón ascendía ao 26,01 % no ano 2015 (a cifra máis elevada do mundo nese ano), na Unión Europea situábase no 19,24 % e nos países menos desenvolvidos no 3,47 %. Estas variacións na proporción de persoas de 65 e máis anos entre os países débense principalmente ás diferenzas na natalidade e, en menor medida, ás diferenzas na mortalidade e na migración. Por conseguinte, «a maior proporción de poboación anciá rexistrarase nunha sociedade que teña unha baixa taxa de natalidade, unha baixa taxa de mortalidade e un saldo migratorio negativo», mentres que «a menor proporción de persoas anciás rexistrarase nun país con alta natalidade, alta mortalidade e saldo migratorio positivo» (Weeks, 1984, p. 378). Por outra banda, dado que as mulleres tenden a vivir máis anos que os homes e que as diferenzas na mortalidade aumentan coa idade, existen tamén importantes variacións na composición por sexo da poboación anciá (Clarke, 2000; Giddens, 2002; Weeks, 1984). No ano 2015, as porcentaxes de homes e de mulleres de 65 e máis anos eran de 23 % e 28,89 % no Xapón; 16,72 % e 21,64 % na Unión Europea; 3,17 % e 3,77 % nos países menos desenvolvidos; e 7,26 % e 9,19 % a nivel mundial (Banco Mundial).

Corrado Gini (1963) sinalou que o crecente aumento da porcentaxe de persoas anciás con respecto ao total da poboación non nos sitúa ante un problema individual, senón ante un «problema de masa» (p. 319) de carácter multilateral. O principal interese demográfico polo envellecemento das poboacións descansa nos cambios que introduce na sociedade o incremento

[23]Thumerelle (1997) destacou que «se adoita pensar que a humanidade entrou nunha nova era demográfica cando adquiriu capacidade para decidir sobre o número e o calendario de nacementos e para atrasar o momento da morte, ata achegarse aos últimos límites biolóxicos accesibles» (p. 23). Porén, para este autor, iso trátase dun privilexio en auxe. Pois, segundo afirmou, «máis da metade das mulleres en idade de procrear padecen a procreación en lugar de controlala» (p. 23) e «para unha enorme masa de seres humanos a loita contra a enfermidade é un luxo a miúdo inaccesible» (p. 23).

[24]De acordo con J. Hernández (1996), «con respecto aos vellos, se tomamos o límite en 65 anos considérase que a partir do 10 % do total pode falarse de envellecemento; se, polo contrario, nos referimos ás persoas de 60 anos ou máis a porcentaxe debemos elevala ao 14 %» (p. 811). Pola contra, afírmase que unha poboación é *nova* cando, aproximadamente, máis do 35 % dos individuos que a compoñen teñen idades inferiores aos 15 anos (Weeks, 1984).

dos efectivos demográficos de 65 e máis anos, tanto en números absolutos como en proporción (Weeks, 1984). Pois, nos países desenvolvidos, a carga das persoas anciás adoita recaer no conxunto da sociedade, mediante sistemas de redistribución de ingresos (Pressat, 1989). Por esta razón, as consecuencias económicas do envellecemento demográfico son as que xeralmente predominan no discurso político e na opinión pública, xa que o progresivo aumento do número de persoas anciás esixe a readaptación dos servizos públicos para atender as crecentes necesidades da poboación maior, e isto, a miúdo, é percibido como un «problema».

4.3.3 Migracións

A diferenza da fecundidade e da mortalidade, a migración é un proceso potencialmente repetible que non pode ser analizado en termos de factores fisiolóxicos, xa que non existen determinantes biolóxicos da migración. Ademais, tampouco é un acontecemento universal, finito e claramente definido como os outros procesos demográficos, o que implica moitas dificultades na súa medición (Clarke, 2000; Forman, 1976; Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968; Weeks, 1984). Como apuntou Petersen (1968), «todos nacemos e todos morremos, pero na maioría dos casos só algúns de nós migramos» (p. 521). A migración é, pois, un fenómeno demográfico temporal e espacialmente moito máis irregular e menos continuo que a fecundidade e a mortalidade. Non obstante, dende o punto de vista demográfico, a migración non se pode separar completamente dos outros procesos demográficos, posto que os nacementos e as mortes teñen lugar antes, durante e despois das migracións (Clarke, 2000). Isto é así porque, como destacou Goldscheider (1971), mentres que a migración implica un dobre proceso que inclúe a saída dunha poboación e a entrada noutra poboación, os nacementos e as mortes implican un proceso simple de entrada ou a saída nunha soa poboación. Como veremos, a pesares de que «a mobilidade xeográfica é un fenómeno connatural e funcional ás sociedades humanas» (Livi-Bacci, 1993, p. 312), o estudo demográfico das migracións entraña aínda maiores dificultades que a que supón o estudo da fecundidade ou o da mortalidade (Weeks, 1984).

4.3.3.1 A migración: unha fenómeno de delimitación complexa

A complexidade dos tipos de mobilidade[25] fai que resulte extremadamente difícil a elaboración dun sistema de clasificación dos mesmos, amplamente aceptado. Esta dificultade está asociada á continua emerxencia de novos tipos de mobilidade humana, nun contexto caracterizado pola rápida evolución dos medios de transporte e pola existencia dunha mobilidade cada vez máis globalizada (Clarke, 2000). De acordo con Clarke (2000), a distinción máis amplamente aceptada é aquela que diferencia entre *migración* e *circulación*. Por unha banda, «as migracións normalmente son definidas como o movemento de individuos ou grupos a un cambio de residencia permanente ou semi-permanente, e para a definición do censo supoñen tanto o cruce dun límite administrativo como un factor temporal, normalmente dun ano» (p. 101). Esta definición é acorde coa establecida pola Organización Internacional para as Migracións (OIM), que entende por migración un «movemento de poboación cara ao territorio doutro Estado ou dentro do mesmo que abarca todo movemento de persoas sexa cal fose o seu tamaño, a súa composición ou as súas causas» (OIM, 2006, p. 38). Por outra banda, «a circulación inclúe todos aqueles movementos humanos que non implican un cambio de residencia permanente

[25] Enténdese por *mobilidade* «a capacidade da poboación de desprazarse no territorio» (Livi-Bacci, 1993, p. 311).

ou de longa duración» (Clarke, 2000, p. 101). O feito de diferenciar as migracións doutros movementos humanos en función da duración da estadía nun determinado lugar, aporta pouca precisión na definición dos límites teóricos entre ambos conceptos e unha enorme dificultade na súa aplicación práctica. Pois, á parte da ambigüidade dos termos *permanente* e *residencia*, na realidade hai persoas que viven estacionalmente en diferentes residencias e outras que non dispoñen dunha morada fixa, como é o caso de persoas nómades e viaxeiras (Clarke, 2000; Petersen, 1968; Vinuesa e Puga, 2007; Weeks, 1984). A pesares da simplificación da realidade que introduce este dualismo entre migración e circulación, Clarke (2000) destacou a súa utilidade para introducir a perspectiva de xénero, posto que «os movementos por xénero vense influídos en función do seu carácter temporal ou permanente» (p. 101). Con todo, este xeógrafo advertiu tamén de que «o termo circulación é comunmente menos recoñecido polo público en xeral que o de migración» e que «algúns autores non recoñecen a circulación e aplican o termo migración a todas as formas numerosas de mobilidade humana» (p. 101).

Entre os numerosos intentos por definir a migración e diferenciala doutros fenómenos que implican o movemento de persoas, tamén destaca a proposta realizada pola Organización Mundial do Turismo (*World Tourism Organization*, UNWTO). Para a UNWTO (2009), dúas das manifestación máis importantes da globalización son a migración e o turismo, dous fenómenos estreitamente vinculados pero que é necesario distinguir. Dende unha perspectiva individual, o principal vector en ambos casos constitúeo «o desexo de cambiar o entorno social e físico habitual, ao menos por un breve período, por algún tempo ou para sempre, pero os vínculos psicolóxicos, familiares, culturais ou económicos co lugar de orixe sempre estarán aí» (p. 2). Porén, «mentres que as viaxes turísticas basicamente buscan novas experiencias noutros lugares mediante o consumo de bens e servizos a partir dos ingresos xa obtidos, a migración busca outra forma de vida» (p. 2), ben «establecendo outro fogar, combinado cunha oportunidade de traballo ou unha nova experiencia profesional e desenvolvemento profesional», ou ben «alcanzando os ideais de vida que os individuos en cuestión consideran inalcanzables no lugar de orixe» (p. 2).

Xeralmente, a demografía centra a atención sobre os movementos migratorios polas súas repercusións na evolución numérica da poboación. Para poder estudar os efectos que producen sobre a dinámica demográfica, «a primeira tarefa da demografía é, pois, medir a intensidade e a composición dos fluxos de renovación e de extinción da poboación provocados polos movementos migratorios» (Livi-Bacci, 1993, p. 312). Non obstante, a complexidade inherente á análise das migracións vai parella á enorme dificultade que supón a súa medición (Arango, 1985; Clarke, 2000; Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968; Susino, 2012; Vinuesa e Puga, 2007; Weeks, 1984). A pesares dos continuos esforzos que veñen realizando as oficinas de estatística dende as últimas décadas do século XIX en prol da comparabilidade internacional dos datos demográficos, o certo é que a terminoloxía non está aínda estandarizada e moitas veces os datos cos que contamos son escasos ou deficientes (Arango, 1985; C. Blanco, 2000; Clarke, 2000; Petersen, 1968). Pode ocorrer, ademais, que os datos estatísticos que desexamos non existan para un segmento específico da poboación, que tan só dispoñamos de datos para algunhas das variables que necesitamos coñecer ou mesmo que a medición desas variables non coincida cos nosos intereses (Cea, 2001). Con este pano de fondo, resulta obvio que a dispoñibilidade de datos estatísticos e as súas características condicionan o estudo cuantitativo dos movementos migratorios, ata o punto de que «algúns estudos consideraron necesario adecuar as súas definicións do fenómeno migratorio —co fin de facelas reais e operativas— aos contornos impostos polas fontes» (Arango, 1985, p. 9). Polo tanto, «a maioría das definicións non son ideais, senón operativas: a

súa formulación depende en gran parte do que se pretende investigar e da información da que se dispón» (Arango, 1985, p. 9). Isto tradúcese, en última instancia, en que frecuentemente medimos algo distinto do que queriamos estimar (Arango, 1985).

Das achegas realizadas por Forman (1976) podemos concluír que o feito de que os estudos cuantitativos sobre migracións estean condicionados pola dispoñibilidade de datos estatísticos e polas definicións establecidas polos organismos produtores destes, non implica que os estudos cualitativos deban axustarse necesariamente ao uso desas mesmas definicións operativas. Pois, a non ser que a persoa investigadora estea interesada en empregar tales definicións para responder á súa pregunta de investigación, o resultado desas investigacións —polo xeral— non contribuirá demasiado á comprensión do fenómeno que se pretende estudar[26]. No caso daqueles estudos antropolóxicos sobre migración que sexan realizados a partir destas definicións operativas, e ante as limitacións conceptuais que introduce a terminoloxía establecida polos organismos produtores das estatísticas oficiais sobre migracións, a antropóloga Sylvia Helen Forman veu dúas alternativas posibles: ou ben ignorar tales limitacións nos estudos que se realicen, ou ben confrontar a pregunta de «que é o que realmente se intenta estudar?» (p. 30) coa pregunta de «cales son os fenómenos, ata agora clasificados baixo a rúbrica de "migración", que son de interese para antropólogos e outros científicos sociais?» (p. 30). Segundo a autora, a pesares de que algúns demógrafos sinalaron que a migración «está "causada" por acontecementos cuxa orixe está nas esferas económicas, políticas ou sociais» (p. 30), as persoas antropólogas xeralmente aceptaron definicións de migración que esquecen ou minimizan os aspectos relacionados co cambio sociocultural. Neste contexto, e con ánimo de evitar certos problemas de arbitrariedade e ambigüidade inherentes aos límites espaciais e temporais presentes nas definicións demográficas tradicionais, a antropóloga propuxo definir a migración como «aquel movemento xeográfico de grupos humanos ou individuos que implica cambios non recorrentes nalgún(s) aspecto(s) das súas formas de vida preexistentes»[27] (p. 31).

4.3.3.2 Etapas do proceso migratorio

Seguindo a C. Blanco (2000), Sluzki (1979) e Tizón et al. (1993), podemos descompoñer o proceso migratorio nas catro etapas que describimos de seguido (figura 4.2). Salvo que a primeira migración sexa definitiva, unha mesma persoa pode repetir o proceso migratorio indefinidamente. Se nunha destas migracións a persoa emigrante retorna ao seu lugar de orixe, será considerada *retornada*.

1. *Etapa preparatoria.* O proceso migratorio iníciase antes do acto da migración, na etapa preparatoria. Esta fase comeza cando se dan os primeiros pasos cara á planificación da migración e ten unha duración variable, en función do tipo de migración que se pretenda realizar e das persoas implicadas. Ademais, reviste un carácter colectivo, xa que a familia adoita participar na preparación da migración, aínda que soamente migre un dos seus membros.

[26] Na sección 4.3.3.3 afondamos máis neste aspecto.

[27] Aínda que a autora considerou esta definición insuficiente para poder comparar e xeneralizar exemplos de migración ou para poder desenvolver unha teoría da migración, tamén afirmou que con esta definición evitaríamos algúns problemas derivados da interpretación do concepto de *permanencia*, da arbitrariedade das fronteiras xeopolíticas ou da consideración ou non de certo tipo de movementos como migracións (Forman, 1976).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA



Figura 4.2. Etapas do proceso migratorio.
Fonte: elaboración propia a partir de C. Blanco (2000), Sluzki (1979) e Tizón et al. (1993).

2. *Momento ou acto da migración.* O acto da migración iníciase coa emigración dunha persoa ou dun grupo de persoas do seu lugar de orixe, por un período de tempo extenso ou indeterminado. O obxectivo de abandonar o lugar de orixe é asentarse nunha poboación foránea mediante a inmigración. Consecuentemente, o suxeito migrante será considerado emigrante no seu lugar de orixe e inmigrante no lugar de destino.

   De acordo con C. Blanco (2000), nesta fase temos «tres elementos implicados (comunidade emisora, comunidade receptora e migrante individual ou colectivo) e dous subprocesos migratorios (a emigración e a inmigración), cada un deles coas súas peculiaridades» (p. 18). O feito de que haxa dúas comunidades implicadas, «orixina unha perspectiva diferente e unhas consecuencias diferentes para o momento da emigración e para o momento da inmigración» (p. 18).

   A duración do acto da migración e o medio de desprazamento elixido tamén son variables, podendo realizarse o traslado ao lugar de destino en escasas horas viaxando en avión ou trasladándose a pé con estancias intermedias ata chegar ao lugar destino final (caso de moitas persoas desprazadas a causa de guerras), entre un amplo abano de posibilidades.

3. *Período de asentamento e posterior adaptación ou inadaptación.* Para Tizón et al. (1993), o asentamento é o «período —habitualmente curto— que vai dende que o suxeito chega ao país receptor ata que resolve os problemas mínimos inmediatos de subsistencia» (p. 53). Superadas estas dificultades iniciais que comporta a chegada ao lugar de destino, iníciase un período de adaptación ou de inadaptación. No primeiro, a persoa inmigrante acepta os costumes da comunidade receptora pero sen facelos seus, posto que aínda manter os valores e costumes cos que chegou. Nesta etapa, inmigrante e comunidade receptora conviven en boa harmonía. No segundo caso, no da inadaptación, o contacto entre os modos de vida da persoa inmigrante e os da comunidade receptora orixinan enfrontamentos entre ambas partes. Se a inadaptación se volve permanente, «existirá unha detención do desenvolvemento do individuo, ao menos a nivel social, conservando o transplantado uns usos e costumes carentes de realidade ao non estar enraizados e compartidos polo entorno social correspondente» (p. 53).

4. *Período de integración.* Constitúe unha etapa posterior ao período de adaptación e correspóndese co final do proceso migratorio, no cal a persoa inmigrante vai descubrindo os matices da nova cultura e lentamente vaina percibindo como súa. Así mesmo, vaise sentindo unha persoa máis entre os novos conveciños e viceversa. Este proceso caracterízase pola existencia dunha gran dor, ao ter que renunciar a moitas pautas culturais propias do lugar de orixe da persoa inmigrante para incorporar outras novas, propias do lugar de destino. Neste contexto, as relacións sociais resultan de grande axuda.

Como vemos, o fenómeno migratorio abarca diversos subprocesos analiticamente diferencia-

bles nos que participan suxeitos con diferentes intereses e necesidades (C. Blanco, 2000). Dada a multiplicidade e multidimensionalidade das repercusións dos movementos migratorios, cada etapa do proceso migratorio «orixina problemáticas así mesmo diferentes, ata o punto que estas chegaron a configurar materias de estudo específicas dentro do ámbito xeral das migracións humanas»[28] (C. Blanco, 2000, p. 18). O feito de descompoñer o proceso migratorio en diferentes etapas significa que a migración constitúe un fenómeno en continuo proceso —a diferenza do nacemento e a morte—, polo que non se pode reducir ao simple feito de realizar un cambio de residencia cruzando unha fronteira político-administrativa (Forman, 1976).

4.3.3.3 Tipos de migración segundo os lugares de orixe e de destino

A efectos de facilitar a investigación, as migracións adoitan clasificarse segundo o punto de orixe e de destino das persoas migrantes, atendendo aos límites político-administrativos (Weeks, 1984). Desta maneira, unha distinción básica que recollen as estatísticas de migración é a que se fai entre a migración interna e a migración externa ou internacional (Pertersen, 1968; Weeks, 1984). De acordo con Petersen (1968) e Weeks (1984), a migración interna caracterízase por constituír un cambio de residencia dentro das fronteiras nacionais, mentres que na externa o cambio de residencia faise dun país a outro[29]. Non obstante, estas definicións deben ser contextualizadas en cada país ou rexión, de acordo coas metodoloxías empregadas por parte dos organismos produtores das estatísticas oficiais. Ademais, en función da demarcación política-administrativa propia de cada país, as migracións internas poden ser desagregadas en diferentes categorías segundo a escala de observación que se considere. En España, as definicións aportadas anteriormente axústanse ás establecidas na metodoloxía da Estadística de Migraciones elaborada polo Instituto Nacional de Estadística (INE, 2021), mais non ocorre sempre así «cando a axencia produtora de información estatística pertence a un ámbito inferior ao estatal» (C. Blanco, 2000, p. 87). Pois, se descendemos ao nivel autonómico, no caso concreto de Galicia, a metodoloxía da Estatística dos Movementos migratorios elaborada polo IGE (s.f. c) establece que a migración interna correspóndese cun cambio de residencia que ten lugar exclusivamente dentro do territorio de Galicia, considerando como migración externa o cambio de residencia que se fai entre entre Galicia e outras comunidades autónomas ou entre Galicia e outros países. Este uso dos termos é compartido tamén, por exemplo, polo organismo homólogo no País Vasco, o Euskal Estatistika Erakundea (EUSTAT) (C. Blanco, 2000). De non ter en conta estas diferenzas na aplicación dos adxectivos *interna* e *externa*, «a lectura,

[28] Rusell King (2002) destacou que «o campo dos estudos migratorios consta de dúas ramas moi distintas e, polo tanto, dúas literaturas moi diferentes» (p. 91). Por unha banda, está «o estudo do *acto* da migración en si, como movemento a través do espazo» (p. 91), a miúdo estudado por xeógrafos e economistas. Por outra banda, está «o estudo das comunidades étnicas e diásporas que son *produto* da migración» (p. 91), abarcando análises de integración, relacións étnicas, características culturais, etc. O autor avogou por explorar en maior medida os vínculos entre ambos subcampos dos estudos de migración, para comprender mellor os fenómenos migratorios producidos en Europa dende finais do século XX e ata a actualidade.

[29] Como ben apuntou C. Blanco (2000), «cando se traspasan fronteiras nacionais, os movementos están suxeitos a control administrativo, moitas veces por parte do país emisor e sempre por parte do país receptor» (pp. 29-30). Unha persoa inmigrante será considerada regular cando esta cumpra cos requirimentos de admisión do país de destino e sexa, ademais, aceptada por este. Cando estas condicións non se dan pero a persoa inmigrante instálase igualmente no país de destino, esa persoa denomínase inmigrante irregular, indocumentado ou clandestino. Así mesmo, tamén é posible falar de emigración legal e ilegal. Esta última dáse cando os países «non permiten a saída ao exterior dos seus cidadáns con completa liberdade» (p. 30), aínda que non é frecuente nas sociedades occidentais.

interpretación e comparación de estatísticas sobre movementos migratorios pode resultar cando menos confusa, se non errónea» (C. Blanco, 2000, p. 87).

Con independencia de cal sexa o ámbito xeográfico da análise, unha persoa migrante será sempre considerada *emigrante* con respecto ao lugar de orixe e *inmigrante* con respecto ao lugar de destino. No caso dunha persoa que realiza un novo movemento migratorio con destino ao seu lugar de orixe, esta coñécese como *inmigrante retornado*. Non obstante, C. Blanco (2000) destacou «a cada vez máis clara diferenciación que fan certas sociedades receptoras entre os seus inmigrantes, denominando con termos distintos o que en realidade debería ser unha única categoría» (p. 15). Pois existe unha dualización das persoas inmigrantes segundo o seu lugar de orixe, pola cal adoita denominarse *estranxeiras* ás persoas procedentes de países economicamente desenvolvidos e *inmigrantes* a aquelas persoas procedentes de países economicamente máis desfavorecidos. Concretamente no contexto da UE, chámanse migracións *comunitarias* a aquelas producidas entre dous países membros da UE, mentres que naqueles casos nos que as migracións proceden de terceiros países, estas denomínanse migracións *extracomunitarias* ou *non comunitarias*. Segundo esta socióloga, co uso desta terminoloxía preténdese «evitar a confusión cos conceptos de migracións internas e externas» (p. 88), pero na práctica a diferenciación entre inmigrantes comunitarios e extracomunitarios traspasa o aspecto nominal, xa que implica «unha diferenza de status entre os migrantes que se traduce nunha diferenciación de dereitos de mobilidade e de cidadanía» (p. 88). Referíndose ao contexto español, Susino (2012) afirmou que «os medios de comunicación e, con demasiada frecuencia tamén os medios académicos, tenden a considerar inmigrantes unicamente os procedentes de países menos desenvolvidos e que veñen a España por motivos económicos» (p. 68). Polo tanto, coincidimos con C. Blanco (2000) en que esta linguaxe está contribuíndo a difundir, perpetuar e a acentuar a percepción que hai entre os diferentes perfís de persoas inmigrantes, «establecendo unha distancia cada vez maior entre ambos grupos de estranxeiros e, con iso, reforzando a maior permisividade cara a uns e o rexeito social cara a outros» (p. 15).

Neste contexto de concrecións terminolóxicas, debemos salientar as achegas realizadas por Bovenkerk (1974) en relación á clarificación do concepto de *migración de retorno*. Partindo de que a emigración é o cambio de residencia dende o lugar de orixe (punto A) a un lugar de destino (punto B), a migración de retorno é, como xa adiantamos antes, o novo cambio de residencia dende o lugar de destino (punto B) ao lugar de orixe (punto A). Sobre a base desta definición, Bovenkerk considerou necesario diferenciar tres tipos de emigración que teñen en común o feito de partir do lugar de orixe (punto A) por segunda ou máis veces (táboa 4.1). Así, denominou *reemigración* a aquela emigración na que, tras retornar unha primeira vez ao lugar de orixe, o lugar de destino é o mesmo que na anterior ocasión. Pola contra, denominouna *nova emigración* a aquela emigración na que, tras retornar unha primeira vez ao lugar de orixe, o lugar de destino é diferente á anterior ocasión. E no caso de que se produzan repetidos movementos de ida e volta entre o lugar de orixe e un mesmo lugar de destino, estamos ante o que el denominou *migración circular*. Finalmente, tamén destacou a existencia dun tipo de migración chamada *migración de tránsito*, que se produce cando unha persoa parte do lugar de orixe e se instala nun lugar de destino e, dende ese primeiro lugar de destino, emigra a un segundo lugar de destino.

En canto á magnitude das migracións, as estimacións das Nacións Unidas[30] sinalan que o

[30]https://migrationdataportal.org/es

Tipo de migración	Nome da migración
	Emigración
	Emigración de retorno
	Emigración de tránsito
	Reemigración
	Nova emigración
	Emigración circular

Táboa 4.1. Tipos de migración, tomando como referencia o lugar de orixe.
Fonte: elaboración propia a partir de Bovenkerk (1974) e J. Castillo (1997).

número total de migrantes internacionais no ano 2015 ascendía a 248,9 millóns, unha cifra que representaba pouco máis do 3 % sobre o total da poboación mundial. A evolución do número de migrantes internacionais dende o ano 1990, mostra unha tendencia gradualmente crecente neste tipo de movementos da poboación; nun período de tan só 25 anos, o número de migrantes internacionais incrementouse en 95,9 millóns. No ano 2015, os países que concentraban os maiores valores a nivel mundial eran os Estados Unidos (48,2 millóns), Federación de Rusia (11,6 millóns), Arabia Saudita (10,8 millóns), Alemaña (10,2 millóns) e o Reino Unido (8,4 millóns). A pesares do elevadas que poden parecer estas cifras, semella que as migracións internacionais son menos frecuentes que as migracións internas, posiblemente polo feito de que requiren moita maior motivación para ser realizadas, debido ao notable impacto cultural asociado ás longas distancias (Weeks, 1984). Para Weeks (1984), «o impacto cultural da migración externa é, polo común, máis forte que o da migración interna» (p. 193), xa que considera que é máis probable que se produza un cambio nos estilos de vida e nas concepcións do mundo cruzando unha fronteira ca desprazándose dentro dun mesmo país. Non obstante, en alusión a este tipo de afirmacións, Petersen (1968) matizou que non sempre é certo que exista unha maior diferenza entre culturas internacionais que a que existe entre zonas urbanas e zonas rurais, incluso dentro dun mesmo país. Para exemplificar esta afirmación, expuxo que «un nativo de Toronto que se traslade a Detroit pode ser menos estraño, a non ser dende o punto de vista legal, que un inmigrante interno da rexión rural de Alabama» (p. 60), unha situación extrapolable tamén «para un campesiño vienés ou francés que se estableza en París» (p. 60). Como podemos deducir do apuntado por Petersen, se caracterizamos o territorio en base a outro tipo de dualismos como rural-urbano ou litoral-interior, poderemos adxectivar as migracións internas e externas de acordo coas características dos respectivos lugares de orixe e de destino das migracións. Consecuentemente, poderemos falar de migracións internas/externas de carácter rural-rural, urbano-urbano, rural-urbano, urbano-rural, interior-interior, litoral-litoral, interior-litoral ou litoral-interior, entre outras múltiples posibilidades.

Finalmente, non podemos esquecer tampouco o debate que suscita o uso de definicións que limitan a migración ao acto migratorio cruzando unha fronteira político-administrativa. Neste sentido, e dende o punto de vista antropolóxico, Forman (1976) expuxo un bo exemplo do que realmente analiza e non analiza unha definición destas características. A autora razoou que o movemento dunha persoa que reside nun lado dunha fronteira político-administrativa e traslada a súa residencia ao outro lado da devandita fronteira, será considerado nas estatísticas como un acto migratorio, polo mero feito de atravesar unha fronteira. É dicir, esta persoa será considerada unha persoa migrante a pesares de que o motivo de tal traslado non fose buscar novas oportunidades nin servizos, nin cambiar o status social, nin cambiar o estilo de vida. Pola contra, no caso dunha persoa que realiza un cambio de residencia a outro barrio pero sen chegar a cruzar ningunha fronteira político-administrativa, esa persoa non será considerada unha persoa migrante, aínda que tal cambio de residencia implique unha variación significativa na súa condición económica e/ou social e fose ese, ademais, o motivo do seu traslado. Estes exemplos servíronlle á antropóloga Sylvia Helen Forman para chamar a atención acerca de que un «enfoque que destaca a migración como un acto de cruzar unha fronteira arbitraria, e permanecer no outro lado durante un período de tempo arbitrariamente delimitado, impide formular moitas preguntas antropoloxicamente (ou socioloxicamente) interesantes sobre algunhas características da conduta do desprazamento» (p. 29). Ademais, aínda que a autora recoñeceu o valor e interese que teñen para os científicos sociais os datos empíricos que proporcionan os estudos migratorios que dependen deste tipo de definicións, tamén destacou o menoscabo que supoñen tales definicións na capacidade para producir xeneralizacións ou teoría con ese tipo de estudos.

4.3.3.4 As variables da selección migratoria

Dado que a migración non responde a determinantes biolóxicos, en xeral, e salvo excepcións, son as propias persoas as que deciden migrar ou non migrar. As primeiras, denomínanse *migrantes*; as segundas, *non migrantes*. Segundo Petersen (1968), «dada unha poboación sedentaria e un aliciente a deixar o fogar natal, é característico que algunhas persoas marchen e outras queden atrás» (p. 521). Pois, como recalcou Gini (1963), non todos os membros dunha colectividade son igualmente aptos ou propensos para emprender unha migración. Partindo, polo tanto, de que as persoas migrantes non se distribúen ao azar con respecto a diversas características sociais, o proceso de diferenciación entre as persoas migrantes e as non migrantes denomínase *selección migratoria* (Petersen, 1968). Entre as variables máis relevantes para explicar a conduta diferencial nas migracións destacan a idade e o sexo (Petersen, 1968; Weeks, 1984).

A idade

Polo que se refire á diferenciación por idades, en todas as migracións predominan os adolescentes e os adultos mozos, un feito que constitúe «unha das xeneralizacións demográficas máis firmemente establecidas» (Petersen, 1968, p. 522). Durante as décadas dos anos setenta e oitenta, a pauta de migración segundo a idade nos Estados Unidos e noutros países, evidenciaba un claro predominio da migración nas idades comprendidas entre os 20 e os 34 anos, decaendo a propensión a emigrar despois dos 35 anos. Nese contexto, as migracións infantís reflectían o proceso familiar que supoñían en moitos casos as migracións, mentres que nas idades máis avanzadas explicábanse por cambios de residencia realizados tras a xubilación (Weeks, 1984). Isto apoia o sostido por Livi-Bacci (1993) acerca de que o perfil de idade das persoas migrantes

está moi condicionado por procesos biolóxicos, xa que «non se emigra cando se é débil, xa sexa por falta ou por exceso de anos vividos» (p. 13). De forma similar, Tizón et al. (1993) apuntaron que a idade constitúe «un factor de gran importancia no feito migratorio, dadas as diversas influencias que un cambio de tales características pode supoñer para as capacidades e posibilidades adaptativas do ser humano» (p. 45). Compréndese, polo tanto, que os factores sociais condicionan tamén a idade das persoas migrantes, posto que a maior propensión a migrar en determinadas etapas do ciclo vital está relacionada co desexo de alcanzar un maior nivel educativo e coa entrada na vida activa e a busca de emprego, coincidindo ademais coas idades nas que tradicionalmente se adoitaba contraer matrimonio e fundar as familias. En relación con este último aspecto, Weeks (1984) destacou que nunha parella estable a incidencia da migración varía en función do número de fillos e das súas idades. Xeralmente, as parellas en idade moza presentan maiores probabilidades de migrar canto menor é o tamaño da familia e canto máis pequenos son os fillos, aumentando os obstáculos para migrar canto maior é o tamaño da familia.

Por outra parte, Petersen (1968) destacou dúas razóns que, ao seu xuízo, explican a elevada proporción de adultos mozos nas migracións. En primeiro lugar, as persoas mozas son, polo xeral, as máis aptas para adaptarse ás novas condicións no lugar de destino. E, en segundo lugar, no caso de migracións que se producen de forma simultánea a un cambio na ocupación laboral, estes cambios adoitan ser máis frecuentes en persoas que están comezando a súa vida laboral durante os seus primeiros anos como persoas activas. Con independencia da vixencia que poden conservar algúns aspectos encerrados neste razoamento para interpretar a realidade migratoria actual, é preciso advertir que a obra de Petersen á que nos estamos referindo foi escrita nunha época na que a concepción da vida estaba estreitamente ligada a un emprego estable que configuraba as traxectorias vitais das persoas. Porén, a situación actual en España e no resto das sociedades occidentais é bastante diferente á daquel momento, algo observable na prolongación da etapa da xuventude, na complexidade que adoptaron os itinerarios vitais de cada persoa e na precariedade laboral e crecente desemprego que afectan especialmente á mocidade. Estes cambios véñense manifestando dende finais do século XX e agudizáronse en gran medida coa crise económica-financeira do ano 2008 e co deterioro dos Estados de Benestar. Aínda que estas transformacións afectan principalmente á xuventude, a poboación en idade adulta tamén se ve atanguida pola inestabilidade que caracteriza ao contexto socioeconómico (Parés e Subirats, 2016; Rifkin, 2010a e 2011). Ata o momento da crise, a idade adulta era considerada a etapa vital máis estable, pero «cada vez son máis frecuentes os casos de persoas e familias que transitaran á idade adulta e que, de golpe, quedaron sen ocupación e/ou vivenda, perdendo autonomía e véndose obrigados, en moitos casos, a retornar ao fogar dos seus pais» (Parés e Subirats, 2016, p. 49).

O sexo

Non existe ningún lugar do mundo no que o grao de mobilidade entre homes e mulleres sexa igual. Ademais, dado que os roles de xénero, os dereitos, o status e o emprego difiren moito dunha sociedade a outra e dun país a outro, existe unha gran variabilidade na mobilidade diferencial por xénero a nivel xeográfico, asociada en gran parte a factores de tipo cultural. Pois o nivel e os tipos de mobilidade de homes e mulleres que son considerados apropiados nunhas sociedades, estímanse, a miúdo, inaceptables noutras. Pódese afirmar que, en case todas as sociedades, os homes móvense máis que as mulleres e de forma moito máis frecuente e con maior liberdade, nun rango de idade máis amplo. Non obstante, durante a segunda metade do século

XX producíronse unha serie de cambios socioeconómicos que afectaron ao status das mulleres, cambios que incidiron na idade de matrimonio, no número de fillos, no nivel de educación ou na taxa de actividade, por citar algúns exemplos. Todo isto contribuíu a aumentar notablemente a independencia e a liberdade das mulleres, así como tamén a diversidade dos seus movementos, principalmente nos países máis desenvolvidos[31]. Con todo, existe aínda na actualidade unha necesidade de mellorar os datos sobre mobilidade desagregados por idade e sexo, datos que resultan básicos para comprender as características dos diferentes tipos de mobilidade que se dan en homes e mulleres (causa, dirección, distancia, duración, volume, taxa de migración, consecuencias...)[32]. No caso concreto das migracións, se ben é certo que tradicionalmente os homes migraron en moita maior medida que as mulleres, todos os cambios mencionados producidos nas últimas décadas repercutiron tamén nun aumento da migración feminina. De feito, segundo as estimacións das Nacións Unidas[33], no ano 2015 a proporción de mulleres migrantes internacionais foi do 48,2 %, é dicir, case a metade da poboación migrante que se moveu entre países. Pero, ao igual que ocorre noutros tipos de mobilidade, rara vez se dá un equilibrio entre os sexos na migración, ben sexa interna ou externa. Ademais, as migracións son moi selectivas en canto ao xénero e dita selectividade pode variar durante a evolución dunha corrente migratoria. En xeral, nas migracións de longa distancia tenden a predominar os homes, mentres que nas de curta distancia tenden a predominar as mulleres, especialmente dentro do país. Esta constitúe unha das observacións recollidas nas *leis* de Ravenstein —publicadas no ano 1885— e actualmente segue considerándose unha xeneralidade (Clarke, 2000; Petersen, 1968; Ravenstein, 1885). Para Petersen (1968), tanto nas migracións interiores como nas internacionais, «a razón da proporción de sexos é que as condicións sociais no punto de destino favorecen un ou outro sexo» (p. 523). Pero a este respecto, convén destacar que nalgunhas partes do mundo —como por exemplo en moitos países de África subsahariana— os homes son máis numerosos en todas as distancias de migración, unha realidade que semella estar máis vinculada aos roles de xénero no lugar de orixe que ás condicións sociais que poidan existir nun potencial lugar de destino para cada un dos sexos (Clarke, 2000; Weeks, 1984). Todo isto revela a enorme complexidade que encerran as migracións, coa existencia de moitos tipos e con moita variabilidade no seu grao de selectividade tanto no espazo coma no tempo, o que explica que unhas migracións sexan maioritariamente masculinas, outras maioritariamente femininas e outras máis equilibradas en canto ao sexo (Clarke, 2000). Consecuentemente, as migracións «poden exercer tamén un efecto considerable nas razóns de masculinidade dos países que reciben e os que envían» (Petersen, 1968, p. 77), sabendo que os efectos dos movementos migratorios na proporción de sexos aprécianse en maior medida na poboación dos ámbitos territoriais de menor tamaño[34] (Clarke, 2000).

[31] Clarke (2000) aventurou que «todo indica que no século XXI haberá máis cambios xeneralizados no status, os roles e a liberdade das mulleres, polo que probablemente se verán moitas máis modificacións na mobilidade de xénero» (p. 100). Esta afirmación sostén, en maior medida, a necesidade de realizar estudos sobre a mobilidade de xénero na actualidade, reforzando a xustificación do presente estudo sobre os movementos migratorios na Galicia rural do século XXI, dende unha perspectiva de xénero.

[32] Ata a década dos anos noventa había poucos estudos substanciais de movementos de poboación diferenciados por xénero, ademais de existir poucos estudos que abordasen especificamente a mobilidade das mulleres. Unha das razóns desta deficiencia de datos reside en que as mulleres e as familias foron consideradas secundarias nos procesos de mobilidade —con respecto aos homes— e iso creou un sesgo na recolección de datos en contra das mulleres. A situación foi mudando bastante grazas a un crecente número de investigadores que realizaron microestudos, pero o progreso é lento e os datos a nivel macro sobre mobilidade humana diferenciada por xénero non sempre están dispoñibles (Clarke, 2000).

[33] https://migrationdataportal.org/es

[34] Isto débese a que os territorios máis grandes tenden a incorporar máis migracións dentro deles. Por iso, a

4.3.3.5 Explicacións das causas e mantemento das migracións

O escaso coñecemento que temos sobre a migración deriva, en gran parte, das dificultades que entraña a súa medición, escollos que foron moi ben sintetizados por Weeks (1984):

> (...) Aínda que definir a migración parece algo sinxelo, a medición real da mesma resulta difícil como consecuencia da súa complexidade potencial. Para comezar, temos que a migración pode, ou non, producirse; de ter lugar, pode ou non repetirse; e de repetirse pode consistir nun retorno ao punto orixinal de partida ou ben na marcha cara a un novo punto de destino. Ademais, e para complicar máis as cousas, a migración pode implicar a máis xente que a un só individuo illado: unha familia, ou incluso un pobo enteiro, poden emigrar ao mesmo tempo. Os individuos poden recorrer distancias curtas ou longas e poden ou non cruzar liñas de demarcación políticas (coma as que separan a provincias ou estados). Noutras palabras, o puro e simple acto da migración constitúe un fenómeno asombrosamente difícil de medir. De feito, ata a mesma definición dada da migración admite dúbidas acerca do que poida entenderse por «permanente» e por «residencia». Este tipo de ambigüidades non se dan, obviamente, salvo en casos moi estraños, respecto dos nacementos e defuncións. (p. 192).

Da cita anterior, dedúcense algunhas conclusións relevantes que debemos ter en consideración. En primeiro lugar, evidénciase que «o que sabemos acerca das complexas razóns polas que a xente emigra é aínda menos que o que sabemos acerca de por que teñen fillos (cuestión esta así mesmo complexa) e de por que morren» (Weeks, 1984, p. 192). En segundo lugar, o estar ante un proceso demográfico que non afecta a todos os individuos implica que «explicar un movemento migratorio supón explicar tanto por que algunhas persoas non cambian de lugar de residencia, como por que outras (de feito a maioría) si o fan» (Weeks, 1984, p. 193). Por estes motivos, a migración é un fenómeno «moito máis difícil de constrinxir dentro de esquemas e modelos» (Livi-Bacci, 1993, p. 313) e, mostra disto, é que «non existe, para a migración, un modelo explicativo global como o da transición para a mortalidade e a fecundidade» (Vallin, 1995, p. 110).

A mediados da década dos oitenta, Arango (1985) destacou o obstáculo que supoñía a insuficiencia do *corpus teórico* dispoñible para a comprensión das migracións, un obstáculo que —ao seu xuízo— resultaba doutros, «tales como a ambigüidade conceptual do fenómeno, a dificultade da súa medición e o seu carácter multifacético e interdisciplinar» (pp. 8-9). Naquel entón a literatura sobre a materia era abondosa, pero resentíase «dun acusado divorcio entre teoría e empiria» (p. 11). Ademais, as cuantiosas investigacións empíricas apenas avanzaban proposicións teóricas, o que impedía que os resultados deses estudos constituísen «*inputs* teóricos ou analíticos para posteriores estudos» (p. 11). Non obstante, a principios do novo milenio, este sociólogo destacou o notable progreso que experimentou o coñecemento das migracións internacionais, grazas ás cuantiosas achegas teóricas xurdidas no último terzo do século XX[35] (Arango, 2003). Este cambio de tendencia nos estudos migratorios produciuse principalmente

influencia da migración no número relativo de homes e mulleres diminúe a medida que se incrementa a escala territorial de observación, ata o punto de que —ata o de agora— as migracións non tiveron efecto sobre a composición por sexos da poboación mundial. Polo tanto, dos tres factores dinámicos que interveñen na composición da poboación, o papel da migración é o menos significativo na escala global, ao non existir migración interplanetaria (Clarke, 2000; Weeks, 1984).

[35] Entre estas teorías destacan a teoría neoclásica, a nova economía das migracións laborais, a teoría dos mercados de traballo duais, a teoría do sistema mundial ou a teoría das redes migratorias.

a partir dos anos oitenta, «cun revisionismo das teorías clásicas, unha maior produción científica ao respecto, e novas achegas teóricas que abriron outras liñas de investigación» (R. García, 2003, p. 330). Todas estas achegas «están contribuíndo a unha mellor comprensión das causas das migracións e dos mecanismos que concorren á sua autoperpetuación» (Arango, 2003, p. 22), mais aínda se aprecian importantes lagoas. Segundo C. Blanco (2000), «non existe unha teoría xeral das migracións que explique as súas causas, e moito menos as súas consecuencias, nun conxunto explicativo global» (p. 58). De forma similar, R. García (2003) escribiu que «non existe unha teoría xeral das migracións, nin un modelo único para investigar dito fenómeno, nin unha metodoloxía adecuada que abarque toda a complexidade do mesmo» (p. 330). En definitiva, estamos ante unha situación valorada como insatisfactoria pola comunidade investigadora, que se atopa coa «existencia dunha gran pluralidade teórica, de diferentes enfoques que abordan as migracións dende marcos teóricos e perspectivas diferentes, e que resultan, ao menos aparentemente, ata contrapostos» (p. 330). Isto explica o feito de que poidamos atopar dende investigadores que «propoñen achegarse directamente ao problema migratorio sen un marco teórico establecido» (p. 330), ata investigadores que optan «por un enfoque teórico plural e unha complementariedade dos aportes das diferentes teorías» (p. 330).

Tras esta descrición do estado actual da produción científica sobre migracións, a continuación expoñeremos brevemente as achegas teóricas que consideramos máis relevantes para o estudo xeral das migracións. Con todo, convén destacar que nin os modelos descritivos nin as tipoloxías que describiremos de seguido, constitúen teoría propiamente dita (Forman, 1976).

As «leis da migración» de Ravenstein como punto de inicio do *corpus* teórico

E. G. Ravenstein foi un xeógrafo e cartógrafo alemán que destacou, principalmente, polas seus estudos no ámbito das migracións (Arango, 1985). A partir dos datos do censo de 1881, Ravenstein realizou un estudo da migración producida no Reino Unido, cuxos resultados foron publicados no ano 1885 nun artigo titulado «The Laws of Migration» (Ravenstein, 1885). Posteriormente, no ano 1889, publicou os resultados da investigación ampliada a diversos países de Europa continental e América do Norte, nun artigo que titulou exactamente igual que o anterior (Ravenstein, 1889). Diversos investigadores realizaron o traballo de sintetizar os resultados obtidos por Ravenstein en ambas investigacións, como fixo, por exemplo, Cristina Blanco (2000, pp. 62-63):

> a) Existe unha relación entre a migración e a distancia recorrida, de maneira que a maior distancia menor era o volume de desprazamentos efectuados. Así, o maior número de migracións correspondían a desprazamentos curtos, diminuíndo o seu volume a medida que aumentaba a distancia recorrida. Por outro lado, aqueles migrantes que recorren longas distancias fano atraídos por grandes centros industriais e comerciais.
>
> b) Migración por etapas. Os movementos migratorios cara os grandes centros industriais e comerciais prodúcense por etapas cando a distancia a recorrer dende a orixe ata o destino é longa. Así, os desprazamentos prodúcense dende os lugares máis pobres cara os centros máis inmediatos de absorción, e dende estes a outros máis grandes e atraentes, e así sucesivamente, producindo movementos de curtas distancias dende os lugares máis remotos cara os centros de absorción máis inmediatos ata chegar aos lugares de maior atracción inmigratoria.
>
> c) Corrente e contracorrente. Cada fluxo migratorio produce unha contracorrente compensatoria.

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

d) Diferenzas na propensión a migrar nos medios rural e urbano. Segundo os datos manexados por Ravenstein, percibíase unha maior propensión a emigrar no medio rural que no medio urbano.

e) As migracións son fundamentalmente masculinas. As mulleres migrantes, pola súa parte, prefiren recorrer distancias curtas.

f) Tecnoloxía e migración. Existe unha relación clara entre estes factores, de maneira que a maiores e mellores medios de transporte prodúcense maiores fluxos migratorios.

g) Dominio do motivo económico. Segundo os datos manexados por Ravenstein, percibíase un claro predominio dos desprazamentos orixinados por factores económicos. Segundo el mesmo comentaría: leis malas e opresivas, un clima pouco favorable, contextos sociais desfavorecedores e incluso feitos como o tráfico de escravos produciron, e incluso seguen producindo fluxos migratorios, pero ningún deses factores pode compararse co desexo inherente a moitos homes de mellorar o seu nivel de vida material no que se refire ao volume de desprazamentos migratorios xerados.

Aínda que Ravenstein denominou «leis» a estas regularidades que descubriu, el era plenamente consciente de que as leis sobre a poboación non teñen a rixidez das leis físicas (Ravenstein, 1889). O concepto de «lei» unicamente vén a destacar o grao de xeneralidade e predicabilidade das regularidades empíricas apreciadas, razón pola que tal denominación debe ser interpretada simplemente en sentido figurado (Arango, 1985; Forman, 1976). En calquera caso, e seguindo a Arango (1985), a maioría destas regularidades «foron repetidamente corroboradas pola investigación posterior» (p. 14). De entre todas as relevantes contribucións deste xeógrafo, sobresae «o uso, por vez primeira, aínda que de forma implícita, do marco analítico "atracción-repulsión", así como a preferencia clara outorgada á primeira destas forzas» (p. 14). A pesares de identificarse tamén importantes omisións nos seus achados, recoñécese que os devanditos artigos de Ravenstein «constitúen, moi probablemente, a primeira manifestación do moderno pensamento científico-social sobre as migracións» (p. 8). É por iso que os resultados das súas investigacións seguen constituíndo «o punto de partida de toda revisión da literatura teórica sobre as migracións» (p. 12). Ademais, a repercusión das súas «leis da migración» foi tal, que inauguraron «unha liña de reflexión e indagación que se prolonga ata os nosos días: a busca de regularidades empíricas nos movementos migratorios» (p. 8).

O modelo *push-pull*

Os traballos de Ravenstein sobre migracións constituíron «a base empírica sobre a que se construiría o modelo explicativo migratorio de maior impacto sobre a comunidade científica» (C. Blanco, 2000, p. 64): o modelo dos factores *push-pull*. De acordo con Arango (1985), *push* e *pull* eran os termos en torno aos que xiraba case toda a literatura existente, polo menos, ata mediados da década dos anos oitenta. Para poder comprender mellor este modelo explicativo, cómpre lembrar que Ravenstein desenvolveu as súas investigacións nun contexto no que o home era concibido «como un ser libre e racional que elixe entre diferentes alternativas para conseguir os resultados máis vantaxosos co menor custo posible» (C. Blanco, 2000, p. 63).

Este modelo «establece a existencia de factores de atracción e expulsión baseados en criterios económicos e nas disparidades no grao de desenvolvemento económico entre diferentes áreas, disparidades que se miden, fundamentalmente, a través dos salarios» (R. García, 2003. p. 332).

Os factores de atracción (*pull factors*) correspóndense coas forzas que se xeran no lugar de destino das migracións, mentres que os factores de expulsión ou repulsión (*push factors*) refírense ás forzas que se orixinan no lugar de orixe das migracións (R. García, 2003). É o actor que valora como positivos ou negativos os factores que operan en ambos polos, tomando a decisión de migrar ou non migrar logo de comparar as vantaxes e desvantaxes dos dous polos. Desta maneira, a decisión de emigrar pode ser adoptada de tres formas: a) en resposta a factores que operan no lugar de orixe, b) en resposta a factores que operan no lugar de destino e, c) en resposta a unha combinación de ambos factores, que en realidade adoita ser o principal determinante da emigración. Cómpre apuntar que, por moi obxectivas que sexan as razóns que motivan a emigración, estas decisións son sempre subxectivas, ao estaren baseadas nas percepcións que ten cada individuo acerca das vantaxes e desvantaxes, así como nas expectativas do que espera atopar no lugar de destino. Polo tanto, a decisión de emigrar está estreitamente vinculada, tamén, a factores culturais e psicolóxicos (Arango, 1985). Segundo Arango (1985), aínda que Ravenstein non o dixo explicitamente, o volume das migracións explicaríase polas flutuacións cíclicas ás que están suxeitas as economías dos puntos de orixe e destino das migracións, xa que «os desequilibrios económicos non son estáticos» (p. 16).

Este modelo teórico foi ampliado e completado por outros teóricos clásicos con posterioridade a Ravenstein. Aínda que na actualidade segue sendo un modelo explicativo recorrente, as súas limitacións «foron a causa da renovación teórica posterior» (R. García, 2003, p. 333). Ditas limitacións teñen que ver, principalmente, coa dificultade de reducir a factores económicos a complexidade do fenómeno migratorio (C. Blanco, 2000; R. García, 2003).

A *tipoloxía xeral da migración*, de William Petersen

Para Petersen (1968), a terminoloxía empregada polo modelo *push-pull* encerra unha visión sedentaria universal do ser humano, ao consideralo un ser que permanece inmóbil ata que algunha forza o incita a moverse. Por esta razón, considéraa unha explicación pouco apropiada, en tanto que non serve para esclarecer a conduta diferencial; pois, sendo seres sedentarios, hai persoas que migran e outras que non. Ademais, os factores de empuxe que se mencionan como causa da emigración, xeralmente engloban unha serie de elementos de diversa natureza, dende crises agrícolas á busca de aventura ou o desenvolvemento dos medios de transporte. Por iso cre necesario establecer unha diferenza entre as causas sociais e as aspiracións persoais dos emigrantes. Partindo destas premisas e baseándose en feitos históricos, Petersen creou unha *tipoloxía xeral da migración*, con cinco clases principais: primitiva, forzada, impulsada, libre e en masa. Á súa vez, en cada unha destas clases pode darse un tipo de migración conservadora ou innovadora, dependendo da intencionalidade do suxeito migrante. Na primeira, a persoa que migra trata de reter o conseguido mediante un traslado xeográfico, mentres que na segunda a persoa migra como medio para conseguir algo novo. No caso de que as persoas migrantes desempeñen un papel pasivo, a migración será considerada conservadora ou innovadora dependendo de como a defina o axente activador da migración, que podería ser o Estado ou algunha institución social equivalente. Petersen destacou que o que a súa tipoloxía ofrece é «unha manifestación dos chamados tipos ideais, construcións analíticas derivadas de exemplos históricos, pero ás que se desposuíu de trazos específicos e accidentais co obxectivo de facelos tan xerais como a utilidade o requira» (p. 544). Neste sentido, aínda que o autor mostra un principio de selección migratoria para cada tipo de migración, cuestiona tamén ata que punto tal principio poderá ser aplicado a cada caso, posto que a selección migratoria varía ao longo dun *continuum* e considera inútil buscar xeneralizacións universais. Por este motivo, atribuíu a futuras inves-

tigacións o papel de elaborar determinadas revisións precisas a este respecto. A continuación, describimos brevemente cada unha das clases de migración establecidas por William Petersen (1968).

a) *Migración primitiva.* Esta clase de migración está vinculada á incapacidade que presenta o ser humano para controlar as forzas naturais, polo que é froito dun empuxe ecolóxico. En función da tecnoloxía da que dispoñan os individuos aos que afecta, a súa resposta ante unha deterioración do medio ambiente físico pode concretarse ou ben nunha acción correctora, ou ben na emigración. Cando se opta pola emigración, «o impulso para marchar, a ruta e o seu destino non se fixan pola atracción e o empuxe, senón polo xogo do empuxe e o *control*» (p. 537). A migración primitiva adoita asociarse aos pobos primitivos e, concretamente, a uns tipos de migracións específicas: ao merodeo, á recolección e ao nomadismo. Por unha banda, coñécese usualmente como «merodeo de pobos» os traslados dos primitivos prehistóricos provocados pola presión ecolóxica, que implican o cambio de lugar dun pobo enteiro a un destino indeterminado. De forma análoga, os traslados polo océano sen rumbo fixo considéranse outro tipo de migracións primitivas, denominadas por Petersen «merodeos marítimos». Por outra banda, frecuentemente os primitivos contemporáneos trasládanse nunha forma relacionada co seu baixo nivel de cultura material. Neste tipo de movementos destacan a «recolección» e o «nomadismo», denominándose «batidores» aos recolectores e aos nómades no seu conxunto. A súa forma de vida caracterízase polo movemento constante e o seu fogar é provisional, independentemente de que as circunstancias do medio físico e xeográfico lles permitan establecerse indefinidamente. Neste sentido, «tanto o batidor como o merodeador son tipicamente conservadores» (p. 538). Finalmente, existe un tipo de migración primitiva de carácter innovador, denominado «fuxida da terra». É o caso das emigracións que emprenden algunhas persoas dunha poboación agraria cando existe un desequilibrio entre a produción da terra e o número de persoas que subsisten dela. Aínda que estas persoas que emigran poden buscar un asentamento agrícola con terras máis fértiles noutro lugar, na época moderna o destino máis frecuente foi a cidade. En definitiva, «unha migración primitiva derívase da falta de medios para satisfacer necesidades fisiolóxicas básicas» (p. 541), polo que a vontade dos migrantes practicamente carece de importancia. Polo que se refire a selección migratoria nos diferentes tipos de migracións primitivas, Petersen limitouse a suxerir a supervivencia dos máis aptos como criterio de selección migratoria no merodeo e a afirmar que non existe selección migratoria nos batidores, deixando aberta unha interrogante no relativo á selección migratoria nos movementos de fuxida do territorio.

b) *Migración impulsada.* O criterio fundamental para delimitar esta clase de migración e diferenciala da forzada, atópase no valor que ten a vontade das persoas para decidir acerca da súa migración. Neste sentido, enténdese que unha migración é impulsada «cando as persoas implicadas reteñen un certo poder para decidir se marcharán ou non» (p. 539), sendo o axente activador ou ben o Estado, ou ben algunha institución social equivalente. Así mesmo, en función de como defina o axente activador a función da migración, a migración impulsada pode ser conservadora ou innovadora. A primeira dáse cando se «induce ás persoas a trasladarse simplemente para desfacerse delas» (p. 539). Un exemplo deste tipo de migración conservadora constitúeo a «fuxida» da terra natal a un lugar de refuxio. Neste contexto, denomínanse «emigrados» as persoas que consideran provisional o seu exilio, mentres que aquelas que aspiran a establecerse no lugar de destino de forma permanente, son designados «refuxiados». A selección migratoria na fuxida, se a hai, afecta a grupos minoritarios. Pola

USC DE SANTIAGO

contra, a migración impulsada será innovadora cando o obxecto dos traslados das persoas é «utilizar a súa forza de traballo nun lugar distinto» (p. 539). O exemplo máis paradigmático deste tipo de migración é o «comercio de coolíes», que afectou principalmente a varóns mozos asiáticos destinados a traballar, polo xeral, en plantacións.

c) *Migración forzada.* A diferenza principal entre esta clase de migración e a anteriormente descrita, atópase en que na migración forzada as persoas implicadas carecen de poder para decidir se marcharán ou non. Estas migracións tiveron dúas finalidades principais: «eliminar unha poboación disidente» e «proporcionar man obra non cualificada» (pp. 540-541). O primeiro dos propósitos asociouse ao «desprazamento», un tipo de migración conservadora que ten por destino un lugar indeterminado e no que a selección migratoria —se hai— pode facerse, todo máis, por grupos minoritarios. Pola súa parte, a migración forzada de tipo innovador exemplifícase co «comercio de escravos», unha forma de proporcionar man de obra non cualificada mediante o uso da forza. Neste caso o destino da migración é o lugar de traballo e requírense adultos mozos. Tanto na migración forzada como na migración impulsada, a forza migratoria reside na política migratoria.

d) *Migración libre.* Nesta clase de migración, a vontade das persoas migrantes constitúe un factor decisivo, xa que a forza migratoria reside nas aspiracións dos individuos. Petersen explicou a migración libre a partir dos movementos dende Europa a ultramar que tiveron lugar no século XIX, centrándose especialmente na emigración dende Suecia, a partir da análise realizada por Lindberg[36]. Dado que «os riscos en ultramar eran grandes e imposibles de calcular de modo racional» (p. 541), na primeira etapa da migración sueca a América —que se iniciou en torno ao ano 1840— «os que marchaban tendían a ser aventureiros ou intelectuais movidos polos seus ideais, especialmente pola súa alienación respecto á sociedade europea, nun período de reaccionarismo político» (p. 541). Polo tanto, as aspiracións individuais eran o principal motor destes «exploradores» ou «pioneiros», que abriron o camiño á emigración posterior a modo de precursores. Estamos ante un tipo de migración innovadora, protagonizada por varóns mozos que se trasladaban ao Novo Mundo e que, unha vez establecidos no lugar de destino, contribuían a fomentar a emigración de familiares ou amigos. A importancia deste tipo de migración non se atopa para nada no seu volume, senón no precedente que sentou. Así, e de forma imperceptible, a migración de pioneiros dou paso a unha segunda fase de «migración en grupo», xa de tipo conservador. Estes novos emigrantes suecos eran principalmente grupos disidentes que se agrupaban co obxectivo de buscar protección mutua para afrontar os riscos da viaxe, as dificultades naturais ou a hostilidade dos indios unha vez chegados ao Novo Mundo. Segundo Petersen, «a significación deste movemento de grupo radica tamén non no seu volume, senón no novo impulso que proporcionou á migración» (p. 542). De feito, «os que saíron durante a década que comezou en 1841 ascenderon por termo medio só a 400 persoas por ano, e durante os seguintes dez anos só aumentaron a 1.500» (p. 542). Como vemos, «a migración libre é sempre bastante reducida, pois non son moi frecuentes os individuos que se atopan fortemente motivados cara a busca de novidades ou adiantos» (p. 542).

e) *Migración en masa.* Para comprender esta clase de migración, cómpre retomar o fío do exemplo da migración sueca a ultramar, iniciado anteriormente para abordar a migración li-

[36]Petersen (1968) elixiu a monografía de Lindberg «debido á súa excelente análise formal» (p. 541). A referencia bibliográfica é a seguinte: Lindberg, J. S. (1930). *The Background of Swedish Emigration to the United States: An Economic and Sociological Study in the Dynamics of Migration*. Minneapolis: University of Minnesota Press.

bre. Unha vez que os «pioneiros» abriron o camiño como migrantes libres, co paso do tempo a migración converteuse nunha pauta establecida e nun exemplo de conduta colectiva. Tal e como apuntou Petersen, «unha vez que se atopa ben iniciado, o crecemento de tales movementos é semiautomático: a principal causa da emigración é a emigración anterior» (p. 542). Neste contexto, a forza migratoria que causa a migración xa non é a motivación individual, senón o impulso social asociado ao comportamento colectivo, polo que «carece xa de relevancia o inquirir acerca das motivacións *individuais*» (p. 542). É máis, cando a un individuo se lle pregunta polas motivacións que o incitaron a migrar, «os móbiles que el adscribe á súa emigración ou ben son triviais ou más probablemente fala daquelas xeneralidades que supón que se esperan del» (p. 542). En Suecia, a fase de migración en masa iniciouse na década de 1861-1870, cando o número medio de emigrantes anuais ascendeu a 9.300. Segundo a natureza do destino da migración, diferéncianse dous tipos de movemento en masa: a «colonización» ou «asentamento» e a «urbanización». O primeiro consiste nun tipo conservador de migración en masa a zonas rurais, con predominio de varóns mozos. A urbanización, pola súa parte, correspóndese cun tipo de migración en masa ás cidades de carácter innovador, con predominio de mulleres no mundo Occidental. A respecto da urbanización, o propio autor destacou que non establece ningunha distinción entre a migración interior e a internacional, «xa que os fundamentos do cambio rural-urbano que tan característicos son da época moderna son de ordinario os mesmos, tanto se os novos habitantes da cidade atravesan unha fronteira para iso como se non» (p. 543).

Outras tipoloxías das migracións

Para C. Blanco (2000), «a tipoloxía de Petersen ten a virtude de ser unha das poucas existentes que clasifican os movementos migratorios en función de diferentes dimensións simultáneas, ademais de estar teoricamente ben fundamentada» (p. 28). Non obstante, o fenómeno migratorio evolucionou notablemente no transcurso de tempo que pasou dende que Petersen creou a tipoloxía ata o presente, irrompendo novas modalidades e denominacións que esta socióloga recolleu nun esquema de tipoloxías das migracións máis acorde á realidade migratoria contemporánea. Segundo a autora, era necesario expoñer esas novas modalidades e denominacións de migracións mediante clasificacións sinxelas, «á espera de que se elabore algunha tipoloxía xeral máis axeitada aos nosos tempos» (p. 28).

A primeira categoría de delimitación que empregou Cristina Blanco (2000) foi o límite xeográfico. Pois, como xa comentamos, este constitúe unha das categorías máis utilizadas, xa que as estatísticas de migración adoitan recoller información sobre o lugar de orixe e o lugar de destino. As definicións relativas aos conceptos de *migración interna* e *migración externa* foron abordadas na sección 4.3.3.3, polo que non nos repetiremos comentando novamente estes tipos de migracións. Polo que se refire ás causas das migracións, C. Blanco (2000) afirmou que «as máis frecuentes, historicamente falando, son as ecolóxicas, as económicas e as políticas» (p. 31), aínda que «na actualidade é moi difícil establecer unha fronteira nítida entre migracións de carácter político, en sentido amplo, e migracións económicas» (p. 33)[37]. En primeiro lugar, as *migracións ecolóxicas* foron moi abundantes en épocas primitivas e «son causadas por catástrofes naturais ou situacións adversas do hábitat» (p. 31). En segundo lugar, as *migracións*

[37]Esta última afirmación da autora baséase en que «os desastres dunha guerra ou as consecuencias dunha ditadura que mantén a súa poboación na miseria poden inducir á xente a buscar mellores condicións de vida noutro lugar sen que esta se atope perseguida explicitamente» (C. Blanco, 2000, p. 33).

políticas inclúen «todos os movementos orixinados por calquera tipo de conflito bélico ou por persecucións de carácter político, relixioso ou étnico, dando lugar ás figuras dos desprazados, exiliados, asilados ou refuxiados» (p. 31). En terceiro lugar, polo que se refire ás *migracións por causas económicas*, a autora suxeriu establecer unha diferenciación entre os movementos deste tipo, en función da motivación da persoa migrante. Por unha banda, propuxo considerar *migracións económicas* de forma estrita a «aquelas producidas pola necesidade económica dos migrantes» (p. 32), mentres que, por outra banda, manifestou a conveniencia de denominar *migracións económicas selectivas* a «aqueles movementos producidos a causa dos procesos de globalización e internacionalización económicas» (p. 32)[38]. Á parte destes tipos de migracións que acabamos de describir, a autora recoñeceu que «existen outros tipos de movementos cuxas causas escapan a estas clasificacións» (p. 32). Entre estes destacan as migracións «motivadas polos espíritos independentes, aventureiros ou pola busca de diferentes formas de vida» (p. 32), así como tamén migracións da terceira idade[39], reunificacións familiares[40] ou movementos de cooperantes internacionais[41]. Estes tres últimos exemplos de migracións «responden a situacións novas» (p. 32), entre as que se atopan «as tendencias globalizadoras contemporáneas e a crecente facilidade para a mobilidade xeográfica (p. 32).

En canto á duración das migracións, C. Blanco (2000) diferenciou dous tipos: as *transitorias* e as *definitivas*. As primeiras correspóndense con «aquelas nas que o migrante establece a súa residencia no lugar de destino como unha etapa transitoria e definida» (p. 31), mentres que as segundas son «aquelas nas que os migrantes establecen a súa residencia no lugar de destino de forma definitiva ou por un prolongado espazo de tempo» (p. 31). Finalmente, en función do suxeito de decisión, as migracións poden ser *espontáneas*, *dirixidas* e *forzadas*. Son espontáneas «aquelas nas que o migrante decide voluntariamente abandonar o seu lugar de orixe sen mediación institucional algunha ou sen verse forzado a iso» (p. 31). Denomínanse migracións dirixidas cando «o migrante mantén a súa vontade de emigrar, pero instado por axencias favorecedoras dos desprazamentos» (p. 31). Finalmente, nas migracións forzosas «o migrante non decide voluntariamente o seu traslado nin, moitas veces, o seu destino» (p. 31).

Non cabe dúbida de que tipoloxía das migracións proposta por Cristina Blanco introduce novas modalidades e denominacións de migracións moi axeitadas á realidade actual, mais no que respecta ás migracións de tipo económica, cremos oportuno salientar tamén dúas tipoloxías de migracións incluídas por Tizón et al. (1993) na súa síntese de tipoloxías de migracións (táboa 4.2). Por unha banda, segundo as necesidades e demandas profesionais, podemos distinguir tres perfís de persoas migrantes: «as que emigran buscando un status profesional estable que antes

[38]Constitúen exemplos de migracións económicas selectivas «os traslados de directivos, xerentes ou persoal cualificado de grandes empresas transnacionais cuxa misión é implantar novas factorías, axencias ou filiais noutros países, ou formar a traballadores autóctonos nas novas tecnoloxías ou procesos de produción unha vez establecidas as súas empresas en terceiros países» (C. Blanco, 2000, p. 32).

[39]Refírese a «xubilados con medios económicos suficientes para instalar a súa residencia en lugares cunhas mellores condicións climáticas que as da súa orixe» (C. Blanco, 2000, pp. 32-33). En Europa occidental é común a migración de xubilados que adquiren segundas residencias, un fenómeno que repercute nun incremento do turismo tanto nos países de orixe como de destino, debido á maior visibilidade e ás visitas de familiares e amigos (World Tourism Organization, 2009).

[40]Refírese a «migracións orixinadas polo carácter definitivo dos asentamentos precedentes dun membro da familia» (C. Blanco, 2000, p. 33).

[41]Refírese aos —cada vez, máis frecuentes— movementos de cooperantes, «que instalan a súa residencia de forma definitiva ou por longos períodos en países do Terceiro Mundo ou zonas necesitadas da súa colaboración» (C. Blanco, 2000, p. 33).

Criterio de delimitación	Tipos
Necesidades e demandas profesionais	• Migración por busca de status profesional estable • Migración esixida pola actividade profesional • Migración por busca dun desenvolvemento económico-profesional superior
Relacións que se establecen cos medios de produción	• Migración de persoas non asalariadas no seu lugar de orixe que se instalan como non asalariadas no lugar receptor • Migración de persoas non asalariadas no seu lugar de orixe que se instalan como asalariadas no lugar de recepción • Migración de persoas asalariadas no seu lugar de orixe e que se instalan como non asalariadas no lugar de recepción • Migración de persoas asalariadas no seu lugar de orixe e que se instalan como asalariadas no lugar de recepción • Migración de persoas sen un papel activo no proceso de produción

Táboa 4.2. Tipoloxías das migracións, segundo criterios de índole económica.
Fonte: elaboración propia a partir de Tizón et al. (1993, pp. 45 e 50-52).

non tiñan» (p. 45), «aqueles aos que a súa actividade profesional lles esixe cambios xeográficos, ás veces con poucas posibilidades de elección» (p. 45) e «os que estando xa dentro dun status económico-profesional acomodado, buscan fóra un desenvolvemento superior» (p. 45). Por outra banda, en función de como sexan as relacións da persoa migrante cos medios de produción nos lugares de orixe e destino, os perfís das persoas migrantes son diversos: «persoas non asalariadas no seu lugar de orixe que se instalan como non asalariados no lugar receptor» (p. 50), «persoas non asalariadas no seu lugar de orixe que se instalan como asalariadas na terra de recepción» (p. 41), «persoas asalariadas no seu lugar de orixe e que se instalan como non asalariados no lugar receptor» (p. 51), «persoas asalariadas no seu lugar de orixe e que se instalan como asalariados no lugar receptor» (p. 51) e «persoas sen un papel activo no proceso de produción» (p. 52). Dentro de cada unha destas categorías, a situación persoal e a posición social das persoas migrantes pode ser moi diferente. No caso do colectivo de estudantes, se ben poderían incluírse no primeiro grupo, o feito de que non estean directamente implicados nos procesos de produción, distribución e cambio xustifica a súa inclusión no último grupo, xunto coa poboación anciá.

A síntese de tipoloxías das migracións realizada aquí non só evidencia a complexidade intrínseca ao fenómeno migratorio e a súa evolución ao longo da historia, senón que tamén pon de manifesto o dinamismo do propio concepto de migración. Pois non é o acto da migración en si mesmo o que varía ao longo da historia, senón a súa conceptualización. Por esta razón, cando se emprende un estudo social sobre este tema, é preciso controlar e delimitar moi coidadosamente a definición de migración que se vai empregar, o tipo de migración que se vai estudar e a poboación que o efectúa. Pois, de non facerse así, «posiblemente os resultados, en especial os estatísticos, perderán significación pola equilibración e/ou desviación dos mesmos causada por esa variabilidade de situacións non suficiente aclarados ou delimitadas» (Tizón et al., 1993, p. 52).

4.3.3.6 Efectos da migración sobre o crecemento da poboación

De acordo con Petersen (1968), unha migración non significa soamente «un cambio dun certo número de persoas indiferenciadas dun lugar a outro, senón tamén un cambio na estrutura ocupacional e de poboación de países e rexións» (p. 521). Para comprender mellor esta afirmación, describiremos a relación entre a migración e o crecemento da poboación nas tres partes establecidas polo autor:

a) *O movemento directo das persoas migrantes.* En palabras do propio autor, «o sentido común dinos que se 1.000 persoas emigran do país A ao país B, a poboación do país A diminúe en 1.000 persoas e a do B aumenta nas mesmas 1.000» (p. 531). Non obstante, «con toda probabilidade o cambio producirá transformacións na estrutura da poboación, a economía e as condicións sociais de ambos países, e estes cambios influirán, á súa vez, no número de habitantes de cada un» (p. 531).

b) *O efecto deste movemento sobre a estrutura da poboación*[42]. Dado que «o típico é que os migrantes sexan adultos mozos, é evidente que a súa saída significa unha elevación na idade media do país ou zona de emigración, e, polo tanto, un aumento na súa taxa de mortalidade» (p. 531). Ademais, como se trata de persoas en idade reprodutiva, «é característico tamén que a taxa de natalidade diminúa» (p. 531). As repercusións serán contrarias na poboación de destino, onde se producirá un rexuvenecemento da poboación, diminuirá a taxa de mortalidade e incrementarase a de natalidade. Por estas razóns, «se se inclúen os cambios de mortalidade e fertilidade o traslado de 1.000 persoas significa xeralmente un cambio total nas poboacións das dúas áreas que supón unha cifra moi superior a aquela» (p. 531). Cómpre resaltar que o impacto da migración sobre a estrutura por sexo e idade das poboación será maior canto menor sexa o ámbito de observación (Clarke, 2000; Livi-Bacci, 1993; Weeks, 1984), polo que «sobre a dinámica demográfica das provincias e dos municipios ás veces as migracións teñen un peso moito máis intenso que os nacementos e as defuncións» (Livi-Bacci, 1993, p. 313).

c) *O efecto sobre as condicións socioeconómicas das dúas áreas.* A migración é o proceso demográfico con maior impacto na sociedade no curto prazo. Cando alcanza un certo volume, o seu impacto sobre a estrutura social, cultural e económica das áreas de orixe e destino é potencialmente significativo. En moi pouco tempo, «pode alterar profundamente a unha comunidade ou a todo un país» (Weeks, 1984, p. 191). Por este motivo, a migración adoita ser obxecto de regulación gobernamental[43] (Weeks, 1984). Seguindo a C. Blanco (2000), a continuación destacamos algunhas das repercusións máis relevantes que pode ter o fenómeno migratorio nas dimensións económica e social:

[42] O feito de que a migración pode producir un efecto importante sobre a fecundidade e a mortalidade fai supoñer que as tres compoñentes do cambio demográfico deberían recibir a mesma atención. Non obstante, tanto Arango (1985) como Vinuesa e Puga (2007) destacaron que, tradicionalmente, a migración recibiu menos atención que as outras compoñentes do cambio demográfico, debido ás maiores dificultades que presenta na súa conceptualización, medición e análise.

[43] Poucos países se atreveron a lexislar contra a natalidade e resulta imposible lexislar contra a morte, a non ser que se lexisle para evitar adiantala, ben mediante a supresión da pena de morte ou ben mediante a condena da práctica da eutanasia. Dos tres procesos demográficos, a migración é —en teoría— o máis doado de regular mediante o desenvolvemento de lexislación específica. Porén, na práctica resulta difícil de controlar, especialmente cando a motivación das persoas para cambiar o seu lugar de residencia é elevada. De aí as dificultades que se presentan á hora de cuantificar a inmigración (Weeks, 1984).

– O abandono dun número importante de efectivos demográficos pode ter consecuencias positivas e negativas para a sociedade de orixe. Entre as primeiras, destacan a «redución do volume de pobreza e/ou desemprego» (p. 21), o «equilibrio da balanza de pagos grazas ás remesas de divisas que os emigrantes envían ás súas familias que permanecen na orixe» (p. 21) e o «incremento do seu potencial humano innovador no caso de que os antigos emigrantes retornen á súa orixe con novas cualificacións adquiridas» (p. 21). Porén, o impacto da emigración será negativo cando os seus protagonistas sexan persoas cualificadas. Neste caso, «a sociedade que emite este tipo de emigrantes non soamente perde importantes recursos humanos propios, senón que a inversión que foi necesaria para a súa formación non reverte na comunidade que a efectuou» (p. 21).

– Dende o punto de vista da sociedade receptora, «unha recepción masiva de man de obra pode ter efectos positivos para a economía nacional» (p. 21), tal e como ocorreu na Europa da posguerra ou en Cataluña e no País Vasco na segunda metade do século pasado. Pero a inmigración masiva tamén pode derivar en situacións conflitivas e problemas de convivencia, principalmente cando a situación económica da sociedade de acollida é desfavorable. Nestes contextos, «os traballadores nativos percibirán aos foráneos como un perigo ou ameaza sobre os seus empregos e logros sociais» (p. 22), xa que os traballadores foráneos incorpóranse aos nacionais «para desfrutar dos dereitos sociais como asistencia social, educación, subsidios de desemprego, sanidade...» (p. 22).

– A respecto da convivencia social, sabemos que «a maior diversidade cultural maiores serán os retos para a poboación autóctona e inmigrante en aras de encontrar estratexias pacíficas de convivencia» (p. 23). A sociedade receptora debe afrontar con determinación o reto de integrar á poboación inmigrante mediante o deseño e o desenvolvemento de estratexias e políticas sociais específicas. Pois «a inercia e a improvisación poden suscitar efectos non desexados e incrementar os conflitos, como é o caso do incremento dos actos racistas e xenófobos naquelas sociedades que ven incrementar o seu volume de inmigrantes» (p. 23). Pero ademais da problemática da convivencia social, a inmigración fomenta a necesidade de abordar o control das fronteiras na comunidade receptora. Este desafío «prodúcese ante a necesidade de coordinar os principios axiolóxicos que rexen as sociedades receptoras coas expectativas e posibilidades reais das poboacións autóctonas» (pp. 23-24).

– Se a decisión de emigrar estivo fundamentada en razóns económicas, «hai que supoñer que o traslado pode mellorar as súas condicións de vida [as dos migrantes]» (p. 22). Pero aínda que isto ocorra, as condicións de vida das persoas inmigrantes non adoitan ser comparables ás dos traballadores nativos, posto que «os traballadores estranxeiros adoitan estar abocados a desempeñar os postos de traballo peor remunerados, de menor prestixio social, máis perigosos... incluso en moitos casos nos que os inmigrantes posuían unha elevada cualificación en orixe» (p. 22). Esta situación acentúase no caso de inmigrantes internacionais e agrávase, en moita maior medida, cando a situación das persoas inmigrantes non está regularizada, «xa que nestes casos a vulnerabilidade e desprotección son máximas» (p. 22).

– Na evolución das sociedades interveñen forzas externas ao seu propio sistema e tamén forzas internas. Se as xeracións que poden liderar eses cambios internos emigran, as posibilidades de que estes se produzan vense minguadas. Por iso sostén a autora que «o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> abandono de importantes sectores de poboación ten tamén consecuencias sociais importantes para a comunidade emisora, xa que pode alterar o proceso natural do cambio social asociado a factores internos» (pp. 22-23).

Á vista do exposto, dedúcese facilmente que os efectos da migración sobre a dinámica demográfica das poboacións de orixe e de destino son moi diferentes. Por unha banda, nas poboacións de orixe caracterizadas por baixas taxas de natalidade e familias reducidas, a emigración pode chegar a diminuír notablemente o crecemento demográfico. Por outra banda, nas poboacións de destino que presentan baixas taxas de natalidade, a poboación frecuentemente increméntase, podendo aumentar incluso en maior cantidade que o número de inmigrantes, debido á estrutura de idade destes (Petersen, 1968). Aínda así, Petersen (1968) subliñou que «o efecto da migración sobre o crecemento da poboación das dúas áreas de que se trata é tan complexo que queda indeterminado» (p. 534). Segundo afirmou, na práctica, o impacto destes tres factores soamente pode apreciarse en casos moi extremos, «tales como, por exemplo, a emigración dende un país moi densamente habitado coma a India ou na inmigración a un país relativamente baleiro como os Estados Unidos no século XIX» (p. 534).

4.3.3.7 Limitacións para o estudo dos movementos migratorios

Como xa comentamos, o estudo das migracións resulta básico para analizar a evolución numérica da poboación. Mais, para poder comprender o efecto que ten este proceso demográfico sobre a dinámica da poboación, a demografía debe estudar a intensidade do fenómeno migratorio e medir a súa estrutura demográfica atendendo, principalmente, ás variables sexo e idade. Porén, ao non estar afectado por compoñentes biolóxicas coma a fecundidade ou a mortalidade, a medición da estrutura demográfica das migracións debe considerar, tamén, aspectos de tipo social, cultural e económico (Livi-Bacci, 1993). As dificultades que se nos presentan ante a realización dun estudo destas características son importantes e non podemos obvialas, xa que poden limitar, en gran medida, o alcance dunha investigación. Aínda que algunhas destas cuestións foron abordadas en liñas anteriores, consideramos apropiado reunir e describir, nunha única sección, os principais obstáculos que presenta o estudo das migracións, ao constituír a cerna da presente tese de investigación.

Conceptualización das migracións. Na sección 4.3.3.1 abordamos a complexidade que supón demarcar as migracións doutras formas de mobilidade humana. As definicións de *migración* máis aceptadas incorporan unha dimensión temporal e outra espacial, ao describila como un cambio permanente ou semi-permanente do lugar de residencia habitual dun individuo (Clarke, 2000; Livi-Bacci, 1993; Susino, 2012). Mais non adoitan considerarse todos os cambios de residencia realizados no territorio, xa que «o tratamento estatístico, polo xeral, ten en conta aqueles cambios ou traslados que se refiren a áreas territoriais que constitúen poboacións ou subpoboacións segundo definicións políticas ou administrativas» (Livi-Bacci, 1993, p. 312). Consecuentemente, como xa apuntamos, a definición de *migración* debe ser contextualizada a cada país, de acordo coas súas propias delimitacións administrativas. En palabras de Arango (1985), «quizais no caso das migracións é máis claro que noutros que o que medimos está profundamente condicionado polas fontes dispoñibles, e en particular polas definicións que se adoptan para a confección destas» (p. 10). Non obstante, debemos ter presente o feito de que os estudos cuantitativos sobre migracións estean condicionados pola dispoñibilidade de datos estatísticos e polas definicións establecidas polos organismos produtores destes, non implica

que os estudos cualitativos deban axustarse necesariamente ao uso desas mesmas definicións operativas (Forman, 1976).

Medición das migracións e comparabilidade internacional de datos migratorios. Dado que «normalmente os datos migratorios non son susceptibles de medición directa e deben ser inferidos a partir dalgunha fonte» (Faura e Gómez, 2002, p. 17), a medición dos fluxos migratorios require o uso das estatísticas oficiais sobre migracións realizadas por organismos públicos nacionais e internacionais. Polo tanto, a definición de *migración* empregada nunha análise desas características terá que ser a establecida polo organismo produtor da fonte de datos utilizada. A este respecto, convén destacar que a ausencia dunha terminoloxía estandarizada e de uso común entre as diferentes oficinas de estatística segue obstaculizando tanto a comparabilidade internacional dos datos demográficos, como a elaboración dun balance sobre os movementos migratorios a nivel global (C. Blanco, 2000; Petersen, 1968). É por iso que Livi-Bacci (1993) lémbranos que «só se pode falar de migracións respecto a un particular sistema de recollida de información sobre o fenómeno, que pode ser máis ou menos detallado: disto derivan, entre outros, os problemas de comparabilidade entre áreas e tempos diversos» (p. 313). Entre os principais aspectos que obstaculizan a medición e comparación de datos demográficos, C. Blanco (2000) destacou que hai países nos que non se elaboran estatísticas de migracións, noutros países estas non son fiables e noutros moitos non coinciden as categorías utilizadas, polo que non permiten realizar «agregacións multinacionais» (p. 88). Ademais, «as datas da recollida dos datos sobre movementos migratorios non coinciden, co que a elaboración de estatísticas internacionais nunca pode estar referida a unha data única» (p. 88). Á parte do sinalado, cómpre engadir tamén a imposibilidade de rexistrar e contabilizar os movementos migratorios clandestinos (C. Blanco, 2000).

Migracións versus *migrantes*. Se analizamos os datos migratorios dunha estatística na que o concepto de *migración* é descrito como un cambio permanente ou semi-permanente do lugar de residencia habitual dun individuo, debemos ter presente que, neste caso, estaremos medindo *migracións* e non *migrantes*. Como ben apuntou Susino (2012), «as migracións son todos e cada un dos desprazamentos migratorios realizados por un individuo durante un período de tempo» (p. 52). Por conseguinte, «as migracións superan ao número de migrantes existentes, porque a cada migrante correspóndelle ao menos unha migración, pero pode ter realizado máis dunha no período que esteamos considerando» (p. 52). A este respecto, Arango (1985) afirmou que «un estudo realizado nos Estados Unidos revelou que, nun lapso de tempo de cinco anos, o número de migracións efectivas foi o dobre do dos migrantes que as protagonizaron» (p. 10). Coñecer as características das fontes de datos sobre migracións é fundamental para poder interpretar correctamente os resultados obtidos nas nosas análises, posto que «unhas estatísticas poden medir migrantes e outras migracións, e algunhas ambas cousas á vez» (Susino, 2012, p. 53).

Limitacións dos rexistros de poboación. Moitos países europeos dispoñen de sistemas de rexistro continuo da poboación nos que se anotan os nacementos, as defuncións, as emigracións e as inmigracións —entre outros datos— producidas en cada área administrativa, que tanto en Italia como en España correspóndese co municipio. En Italia este sistema de rexistro denomínase *Anágrafe*, mentres que en España recibe o nome de *Padrón Municipal de habitantes* (Livi-Bacci, 1993). O demógrafo Livi-Bacci (1993) destacou unha serie de limitacións comúns a estes rexistros, que resumimos de seguido:

– Esta fonte refírese á poboación *residente*, que non necesariamente coincide coa poboación

que realmente habita no municipio. Ademais, non recolle aqueles traslados que non dan lugar a un cambio de residencia, aínda que sexan duradeiros.

- Esta fonte non ten en conta os cambios de residencia que se realizan dentro dos límites municipais e que, en moitos casos, constitúen «verdadeiras migracións con traslados dende áreas rurais cara as áreas urbanas» (p. 328), principalmente en municipios de gran tamaño.
- Xeralmente, a referencia temporal que figura no rexistro non cadra coa data real do desprazamento do individuo, posto que o traslado se realiza con anterioridade á solicitude de inscrición no municipio de destino.
- O rexistro da residencia constitúe un acto administrativo que pode implicar vantaxes e desvantaxes ás persoas residentes. Por iso, «a mobilidade que deriva dos rexistros de poboación e o movemento migratorio real non coinciden, e a diverxencia existente varía co tempo en función de se aos migrantes lles convén ou non constar no rexistro como tales» (p. 329).

A pesares destas limitacións, Livi-Bacci (1993) recoñece que «as estatísticas de variacións residenciais ofrecen indicacións de gran valor sobre os fluxos migratorios e sobre a súa intensidade e dirección e sobre algunhas características da poboación migrante» (p. 329).

Perspectiva de xénero nos estudos sobre migracións. De acordo co apuntado na sección 4.3.3.4, á vista dos cambios que se veñen producindo dende a segunda metade do século pasado nos roles de xénero, nos dereitos, no status, no emprego e na liberdade das mulleres, resulta obvio que os estudos migratorios esixen ser abordados dende a perspectiva de xénero. Con todo, non sempre dispoñemos de datos de migracións desagregados por sexo e idade, o que pode dificultar o coñecemento da composición dos movementos migratorios e a incidencia destes na dinámica demográfica en determinados contextos.

Un proceso demográfico con *raíces sociais*. Ao tratarse dun proceso demográfico con raíces sociais (Livi-Bacci, 1993), a medición das migracións require a consideración de variables de diversa natureza. Para Arango (1985), «a explicación dos movementos migratorios require a comprensión previa das complexas interrelacións existentes entre factores demográficos e factores económicos e sociais, prestando a debida atención aos marcos de referencia culturais e sociopsicolóxicos nos que se inserta a decisión de migrar» (p. 11). Aínda que este «carácter multifacético» (p. 8) dos movementos migratorios esixe a presenza dun «tratamento interdisciplinar» (p. 11) no seu estudo, en xeral, «a integración das perspectivas dos científicos sociais que se interesan polas migracións dende campos disciplinares diversos deixan moito que desexar» (p. 11) e «os tratamentos interdisciplinares brillan pola súa escaseza» (p. 11). Non obstante, Arango tamén recoñeceu que resulta practicamente imposible «integrar e harmonizar todos os puntos de vista proporcionados polas diferentes ramas das ciencias sociais nun só estudo ou nun único marco analítico abstracto» (p. 11), a non ser que se faga «nun marco espazo-temporal moi reducido» e cun esforzo moi grande (p. 11). En calquera caso, como apuntou Bugeda (1975), cómpre ter presente que «o sociólogo ten sempre a certeza de que moitas das numerosas variables que poden explicar un fenómeno social escapan realmente do seu control» (p. 24). Nuns casos pode deberse ao mero descoñecemento do investigador acerca da relación entre determinadas variables e, noutros casos, a que as variables «son excesivamente numerosas para permitirlle o manexo de todo o seu conxunto» (p. 24). Estas limitacións ás que se enfronta o sociólogo

nos seus temas de estudo son aplicables a calquera persoa de calquera outra rama de coñecemento que pretenda comprender as características das migracións entre homes e mulleres. Pero ademais, como os datos secundarios utilizados puideron ser producidos con propósitos diferentes, cabe a posibilidade de que non dispoñamos de datos para todas as variables que desexamos coñecer (Cea, 2001). Polo tanto, o alcance real das investigacións sobre migracións humanas estará moi determinado tanto polas características das estatísticas oficiais, como pola propia natureza do obxecto de estudo.

Un fenómeno carente dun «modelo explicativo global». En relación co sinalado no punto anterior, Livi-Bacci (1993) afirmou que «ao non ter raíces biolóxicas, senón só sociais, [a migración] é un fenómeno moito máis variable e, polo tanto, moito máis difícil de constrinxir dentro de esquemas e modelos» (p. 313). Neste sentido, lembramos que «non existe, para a migración, un modelo explicativo global como o da transición para a mortalidade e a fecundidade» (Vallin, 1995, p. 110).

4.4 A estrutura por sexo e idade da poboación

De acordo con Weeks (1984), o concepto de *estrutura por sexo e idade* fai referencia «ao número de persoas dunha determinada idade e sexo existente na sociedade e constrúese a partir do input que constitúen os nacementos na idade cero e das defuncións e movementos migratorios a cada idade» (p. 222). Isto significa que a interacción da fecundidade, a mortalidade e a migración non só determina o tamaño dunha poboación, senón tamén a súa composición por sexo e idade (Petersen, 1968; Weeks, 1984). Pois, ao contrario do que frecuentemente se supón, rara vez existe o mesmo número de homes que de mulleres en cada idade, xa que os procesos demográficos inciden de forma diferente na creación de desigualdades na razón por sexo de cada grupo de idade (Livi-Bacci, 1993; Weeks, 1984). É pois, polos seus efectos diferenciais nos procesos demográficos, que as variables sexo e idade adoitan incluírse nos estudos sobre a composición da poboación[44].

Como describimos de seguido, o impacto dos procesos demográficos sobre a estrutura por sexo e idade da poboación varía dun proceso a outro e tamén dunha poboación a outra:

a) A diferencia da fecundidade, a mortalidade e a migración son dous fenómenos que poden afectar a todas as idades e que mostran un comportamento distinto segundo o sexo. Con respecto á mortalidade, como xa comentamos, en todas as sociedades o maior risco de defunción concéntrase nas idades máis baixas e nas máis altas. Desta maneira, cando os niveis de mortalidade cambian, debido tanto á mellora nas condicións sanitarias como a causa dunha epidemia ou fame, os grupos de idade máis afectados son os máis novos e os máis vellos. No contexto dos países menos desenvolvidos, cando se produce un descenso brusco da mortalidade, a súa incidencia sobre a estrutura por sexo e idade da poboación tradúcese,

[44] Petersen (1968) considerou como características máis importantes para os estudos sobre a composición da poboación americana as seguintes, agrupadas en cinco grandes clases segundo a súa natureza: biolóxica (idade e sexo), étnica (raza, estirpe nacional, idioma e cidadanía), xeográfica (figurarían aquí as diferentes unidades político-administrativas do país e as categorías vinculadas ao grao de urbanización do lugar de residencia), socioeconómica (ocupación, ingresos e clase social) e cultural (educación, relixión e estado civil). Segundo o autor, «estas cinco clases non son independentes unha da outra, xa que o efecto social que designa cada unha delas inflúe en todos os demais» (p. 74).

no curto prazo, nun lixeiro rexuvenecemento da poboación, sempre e cando non se produza á par dun descenso na fecundidade. Aínda que nun primeiro momento podemos pensar que a menor mortalidade debería ter como efecto o envellecemento da poboación, Weeks (1984) sinalou que «se non ocorre así é porque o descenso desproporcionadamente maior da mortalidade infantil tende a producir o efecto oposto» (p. 232). Neste sentido, nunha poboación que presente un réxime de fecundidade natural, a diminución da mortalidade incidirá tamén nun aumento da fecundidade. Pois a redución da mortalidade, incrementa as posibilidades de que os homes e as mulleres sobrevivan ao longo do seu período reprodutivo e de que poidan ter un maior número de fillos. A situación varía en maior medida nos países máis desenvolvidos, con taxas moi baixas de mortalidade infantil e materna, e nos que os homes teñen máis probabilidades de falecer que as mulleres en todas as idades, aumentando esas diferenzas na mortalidade nas idades máis avanzadas. A longo prazo, nunha poboación cuns réximes de fecundidade e mortalidade controlados, as variacións nos niveis da mortalidade non producen, por si soas, cambios apreciables na estrutura por sexo e idade, salvo na poboación anciá.

b) Polo que se refire á migración, cómpre destacar que a práctica totalidade das poboacións que experimenten emigración ou inmigración, verán alteradas as súas estruturas por sexo e idade. E é que, a diferenza da mortalidade e da fecundidade, cuxas pautas tenden a ser similares en todas as sociedades, a migración pode afectar de forma moi variable a ambos sexos e aos distintos grupos de idade. Ademais, os seus efectos súmanse aos provocados pola mortalidade e a fecundidade, dando lugar a estruturas da poboación por sexo e idade moi heteroxéneas, tanto na poboación de orixe como na poboación de acollida. Con todo, a apreciación do impacto da migración sobre a estrutura por sexo e idade dunha poboación dependerá, en gran medida, da escala de observación do fenómeno. Usualmente, canto máis se reduce o ámbito de observación, máis probable é que a composición por sexo e idade desa poboación se vise afectada pola migración. Pero non só iso, senón que canto máis se reduce o ámbito de observación, máis probable resulta, tamén, que a *personalidade* dese ámbito xeográfico se vexa afectada pola composición por sexo e idade e que, á súa vez, afecte a esta (Weeks, 1984).

c) En canto á fecundidade, cómpre sinalar que só engade individuos novos á poboación na idade cero e que ese efecto dura ano tras ano na estrutura da poboación. En xeral, tal e como sinalou Weeks (1984), «o impacto dos niveis de fecundidade é tan importante que, con exactamente o mesmo nivel de mortalidade, a soa alteración do nivel de fecundidade pode producir estruturas por sexo e idade que abarquen toda a gama de situacións posibles» (p. 233). De aí a relevancia que ten o control da fecundidade nas políticas demográficas (Weeks, 1984).

Á vista do anterior, cómpre destacar que, no curto prazo, dos tres procesos demográficos analizados, a mortalidade é o que xera o menor impacto sobre a estrutura por sexo e idade dunha poboación. O efecto da migración sobre esta, pode chegar a ser transcendental, debido a que a poboación migrante tende a concentrarse en determinados grupos de idade e ademais é selectiva en canto ao sexo. Pero é xeralmente a fecundidade a que produce os maiores cambios na estrutura dunha poboación, incidindo directamente no seu envellecemento ou no seu rexuvenecemento (Weeks, 1984). Por estas razóns, afirmou Weeks (1984) que «unha importante variación no nivel de mortalidade dunha sociedade ten consecuencias moito menos dramáticas para a

composición por sexo e idade dunha poboación que se dito cambio se produce na migración ou na fecundidade» (p. 232). Obviamente, as infinitas variacións que se dan nas estruturas por sexo e idade entre unhas poboacións e outras, están intimamente relacionadas coa evolución histórica dos diferentes procesos demográficos, posto que os membros dunha poboación correspóndense coas persoas superviventes nadas en anos anteriores (Gini, 1963; Weeks, 1984). Non obstante, aínda que a composición por sexo e idade dunha determinada poboación revela moitas características da súa historia, «convén ter sempre en conta que os efectos sobre a estrutura por idade das flutuacións dos nacementos, das catástrofes bélicas, das ondas migratorias e fenómenos similares, sobrepóñense uns aos outros e todos van sendo ocultados pola acción da mortalidade» (Livi-Bacci, 1993, p. 83), polo que as deducións que se poidan sacar da súa análise son, normalmente, aproximadas.

De acordo cos datos do Banco Mundial para o ano 2015, as estruturas de poboación máis novas atopábanse en países africanos. A cifra récord rexistrouse en Níxer, onde a porcentaxe de poboación comprendida entre os 0 e os 14 anos superaba o 50 % sobre o total da poboación (50,16 %), dez puntos porcentuais máis elevada que a media dos países menos desenvolvidos (40,28 %). De feito, na maioría dos países africanos as porcentaxes de poboación menor de 15 anos oscilaron entre o 40 % e o 50 % sobre o total. Pola contra, porcentaxes máis baixas neste indicador mostráronas Singapur e Xapón, con valores en torno ao 12 %. A media da Unión Europea nese ano situouse no 15,21 %, unha cifra notablemente inferior á media mundial (26,21 %). En congruencia con estes datos, a estrutura de poboación máis envellecida atopouse no Xapón, cunha porcentaxe de poboación de 65 e máis anos do 26,01 %. Por detrás, situáronse os países europeos, cunha media do 19,24 % para o conxunto da Unión. Os datos máis rechamantes atopáronse nos Emiratos Árabes Unidos e Qatar, onde a porcentaxe de poboación de 65 anos e máis non superou o 1 % (0,93 % e 0,99 %, respectivamente). O valor medio deste indicador a nivel mundial foi do 8,22 %, 4,75 puntos máis elevada que a media correspondente aos países menos desenvolvidos (3,47 %). Esta diversidade de situacións está estreitamente vinculada ás diferentes etapas nas que se atopan os países en relación á transición demográfica. Pois, como xa comentamos na primeira sección deste capítulo, dita transición non se produciu de forma simultánea en todo o mundo (Livi-Bacci, 2002; Thumerelle, 1997). Maior homoxeneidade apreciouse na composición da poboación por sexo, xa que no ano 2015, na inmensa maioría dos países do mundo, a porcentaxe de mulleres sobre o total da poboación ou ben superou o 50 %, ou ben situouse en valores inferiores pero moi próximos. As excepcións máis relevantes atopáronse en países do golfo Pérsico como Qatar (23,98 %), Emiratos Árabes Unidos (29,60 %), Omán (34,78 %) ou Bahrein (38,27 %) (Banco Mundial). As baixas porcentaxes de poboación feminina que caracterizan a estes países da Península Arábiga están asociadas á inmigración masiva de traballadores (homes), atraídos pola gran demanda de man de obra nas plataformas petrolíferas e nos sectores da construción e a hostalería[45], aínda que tamén son demandados perfís máis cualificados, como arquitectos, enxeñeiros, técnicos informáticos ou médicos, entre outros (Khraif et al., 2019; Piqueras, 2011).

Do anterior, dedúcese a existencia dunha ampla diversidade de estruturas de poboación ao longo do mundo. A composición da poboación por sexo e idade constitúe unha anticipación do fu-

[45]O auxe do turismo nos Emiratos Árabes Unidos provocou e provoca a migración de homes procedentes do sur de Asia, para traballar na construción e no emprego asociado ao sector turístico. Trátase, polo tanto, dun exemplo paradigmático de migración provocada polo turismo, reflectindo a estreita relación que existe entre ambos fenómenos globais (World Tourism Organization, 2009).

turo demográfico dunha poboación, xa que os procesos demográficos tamén se ven afectados pola estrutura da poboación. Resulta evidente, por exemplo, que nunha poboación nova haberá moitas menos defuncións que nunha poboación envellecida, do mesmo xeito que haberá un maior número de fillos nunha poboación na que existe unha alta proporción de persoas mozas que nunha con escasa poboación nova. É pois, pola información que nos proporciona principalmente de cara ao futuro, polo que o estudo da composición por sexo e idade da poboación se erixe como un dos aspectos centrais da demografía (Livi-Bacci, 1993; Weeks, 1984). Este crecente interese pola análise das tendencias demográficas no medio e longo prazo, está asociado á influencia que exerce a estrutura da poboación sobre a organización e o funcionamento da sociedade, posto que toda persoa nace dentro dunha. En todas as sociedades coñecidas, existen diferenzas nos roles asignados aos seus membros, que a miúdo están organizados en grupos sobre a base da idade e do sexo. Consecuentemente, se se producen alteracións nas proporcións dos diferentes grupos de idade e/ou nas proporcións por sexo, o sistema de relacións vixente entre os individuos pode verse afectado, dando lugar a potenciais cambios na organización económica, na situación política e na estabilidade social (Gini, 1963; Weeks, 1984).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 5

Urbanización e emigración rural da poboación moza en Europa

No capítulo anterior, describimos os principais trazos demográficos que caracterizan ás sociedades dos países desenvolvidos e analizamos os aspectos máis importantes que debemos ter en conta antes de emprender un estudo sobre migracións. Nas seguintes páxinas, descenderemos á escala rexional para apreciar as singularidades demográficas que presentan os países europeos dentro do contexto dos países occidentais. Polas disparidades existentes a este respecto entre os países de Europa occidental e os de Europa oriental, a análise que posteriormente realizamos sobre os factores determinantes da actual emigración rural da poboación moza, limitouse ás áreas rurais dos países occidentais, que é o contexto no que debe ser encadrada a dinámica migratoria que afecta ás áreas rurais galegas. Se ben o curso dos acontecementos históricos producidos dentro de cada país moldeou a dinámica das áreas rurais en cada contexto xeográfico, os determinantes da actual emigración rural da poboación moza do occidente europeo comparten notables e crecentes similitudes. Como veremos, estamos ante un fenómeno no que intervén unha amálgama de factores de natureza económica e sociocultural influenciados por procesos uniformizadores que se producen a nivel mundial, tales como a globalización, a urbanización ou a individualización. A complexidade que encerra a análise destes factores é incuestionable, pero todo esforzo por afondar no coñecemento dos aspectos que condicionan a emigración rural da poboación moza resulta crucial para o adecuado deseño de políticas rurais.

5.1 A situación xeodemográfica de Europa no século XXI

Nesta sección, expoñemos unha síntese da traxectoria demográfica que seguiron os países europeos[1] entre os anos 2000 e 2015. Aínda que a nivel mundial os vinte e oito países que conformaban a Unión Europea no período de estudo semellan presentar unhas características demográficas similares, como veremos, nas análises a escala rexional axiña emerxen importantes

[1] A análise a nivel europeo limitouse aos países membros tanto da UE-28 como do Espazo Schenguen (Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Suíza). Porén, nos indicadores demográficos empregados na análise, non sempre dispuxemos de datos para todos os anos do período de estudo nin para todos os países considerados.

disimilitudes, principalmente entre os países de Europa occidental e os de Europa oriental. En comparación coa abordaxe da fecundidade e da mortalidade, as maiores limitacións na dispoñibilidade de indicadores migratorios para os países europeos analizados, reduciron as nosas pretensións de análise dos movementos migratorios en Europa a unha aproximación fundamentalmente cualitativa. O que si realizamos foi unha aproximación aos movementos migratorios internos, pero unicamente a partir das variacións na distribución da poboación segundo o grao de urbanización (apartado 5.1.2). Por último, cómpre sinalar que en cada un dos apartados que compoñen esta sección, incluímos unha descrición da situación concreta que experimentou España durante o período de estudo, para así sentar as bases contextuais dos capítulos centrais referidos á situación de Galicia.

5.1.1 Evolución e distribución espacial da poboación

De acordo cos datos de poboación publicados por Eurostat, no ano 2015 a poboación da UE sumaba 508.520.205 persoas, un 4,36 % máis de efectivos demográficos con respecto ao ano 2000 (487.259.080 persoas). Foi un crecemento pouco significativo e coherente coa predición realizada por Noin (1993a) a principios da década dos noventa no contexto da CE-12, cando afirmou que, a consecuencia do baixo nivel de fertilidade, «o crecemento da poboación foi escaso nos últimos vinte anos e pronto podería chegar a cero» (p. 3). De feito, a variación porcentual interanual da poboación europea durante o período de estudo mantívose en valores inferiores ao 0,5 %, en valor absoluto. O impacto da crise económica mundial tampouco foi moi relevante se temos en conta os valores da taxa anual de crecemento da poboación, xa que durante o período 2000-2008 a poboación da UE medrou a un ritmo anual medio do 0,33 %, mentres que no período 2008-2015 fíxoo a un ritmo anual medio do 0,23 %. No último ano dese período, no 2015, a poboación da UE-28 representaba o 6,92 % da poboación mundial.

A pesares das similitudes que semella presentar o conxunto dos países da UE fronte a outros países do resto do mundo, o certo é que dentro da Unión existen diferenzas notables a nivel demográfico entre os seus estados membros, debido ao legado histórico de cada un deles (Noin, 1993a). No ano 2015, os países que presentaron o maior peso demográfico con respecto ao volume total de poboación da Unión foron Alemaña (15,97 %), Francia (13,07 %), Reino Unido (12,75 %), Italia (11,96 %), España (9,13 %) e Polonia (7,47 %). Dito noutras palabras, estes seis países sumaban o 70,35 % da poboación total da UE-28, que en números absolutos tradúcese en 357.759.874 persoas. Salvo Polonia, que se incorporou á Unión Europea no ano 2004, os restantes cinco países xa eran os máis poboados na CE-12, ao seren tamén os que posúen a maior superficie territorial (Noin, 1993a). Destes seis países, España foi o que presentou a maior porcentaxe de variación de poboación no período 2000-2015 (14,77 %), seguida de Reino Unido (10,32 %), Francia (9,77 %) e Italia (6,80 %). Pola contra, Polonia e Alemaña presentaron unha variación demográfica do -0,67 % e -1,18 %, respectivamente (Eurostat).

A moderada variación da poboación que presentou a UE no seu conxunto está asociada á serodia transición demográfica producida nos países de maior tamaño superficial e demográfico (Noin, 1993a). Pois, a finais do século XIX, Francia, Alemaña, Reino Unido e Bélxica xa estaban vivindo a transición demográfica, polo que veñen mostrando un crecemento máis limitado xa dende o século XX (Ogden, 1993). Aínda que existen diferencias a nivel demográfico entre os diferentes países —como acabamos de ver—, Ogden (1993) sinalou a comezos dos anos noventa que o século XX estivo marcado por unha crecente similitude nas tendencias de-

mográficas, unha tendencia que continuou ata o presente, de acordo cos valores que mostran actualmente os principais indicadores demográficos. Neste contexto, a demografía de España non constitúe hoxe unha excepción con respecto aos restantes países da Unión, xa que «o atraso tradicional co que se produciron os cambios básicos que sinalan a aparición de novas fases ou transformacións substanciais corrixiuse»[2], ata o punto de que na actualidade España «ocupa posicións de liderado nalgúns fenómenos, como a fecundidade» (Puyol, 2001, p. 19). As proxeccións da poboación publicadas por Eurostat para o conxunto dos países da UE-27 no período 2020-2100, predín a prolongación dun contexto de lixeiro crecemento da poboación que se estenderá ata o ano 2025, cando se rexistrará un total de 449.297.063 habitantes. A partir de entón, o volume de poboación total irá minguando continuada e paulatinamente ata situarse nos 416.074.441 habitantes no ano 2100, o que supoñerá unha variación negativa da poboación do 7,39 % no devandito período. En números absolutos, os países que presentarán o maior volume de poboación ao longo de toda a centuria continuarán sendo Alemaña, Francia, Italia, España e Polonia.

Centrándonos en España, entre os anos 2000 e 2015 a poboación incrementouse nun 14,77 % segundo os datos de habitantes publicados por Eurostat e nun 15,1 % segundo os datos de habitantes publicados polo INE. Así, de acordo con esta segunda fonte, España pasou de rexistrar 40.499.791 habitantes no ano 2000 a 46.624.382 habitantes no último ano do período de estudo. As comunidades autónomas máis poboadas durante toda a serie foron Andalucía, Cataluña, a Comunidade de Madrid e a Comunidade Valenciana. No ano 2015, estas catro comunidades autónomas abranguían o 58, 61 % da poboación total de España (27.324.834 habitantes), pero non foron as que máis medraron. As comunidades que presentaron as maiores porcentaxes de variación da poboación no período 2000-2015 foron as Illas Baleares (30,61 %), Melilla (29,16 %) e a Rexión de Murcia (27,66 %), mentres que no polo oposto figuran o Principado de Asturias (-2,35 %), Castela e León (-0,29 %) e Galicia (0,02 %). O impacto da crise económica mundial sobre a demografía española pode apreciarse nos valores da taxa anual de crecemento da poboación, xa que esta medrou a un ritmo anual do 1,65 % durante o período 2000-2008 e a un ritmo anual do 0,14 % no período 2008-2015. De manterse as tendencias demográficas actuais, o INE (2020) estima que España superaría os 48 millóns de habitantes no ano 2035 e que alcanzaría os 50,6 millóns no ano 2070. Nese escenario, as comunidades autónomas que presentarían os maiores incrementos demográficos serían as Illas Baleares (14,9 %), a Comunidade de Madrid (9,1 %) e Canarias (8,4 %), mentres que os descensos máis significativos rexistraríanse no Principado de Asturias (-10,0 %), en Castela e León (-10,0 %) e en Estremadura (-8,3 %).

[2]De acordo con Livi-Bacci (1999), no transcurso de tempo que pasa dende comezos do século XIX ata o estoupido da primeira guerra mundial, «Europa abandona o antigo réxime demográfico e inicia a rápida transición cara a un sistema, o das últimas décadas, caracterizado pola elevada supervivencia e baixa reprodutividade, e orientado á estabilidade» (p. 130). O ano 1914 ven a representar «o momento no que as diferenzas e a variabilidade dos fenómenos é máxima, e no que poboacións con paradigmas de comportamento propios do antigo réxime conviven con poboacións que están concluíndo a súa transición demográfica» (p. 136). Neste contexto é no que se insiren os resultados das análises de Warren Thompson realizadas a finais da década dos anos vinte do século pasado e comentados no capítulo anterior, cando se estaba iniciando a transición demográfica en España, cun atraso de entre trinta e cincuenta anos con respecto aos países da Europa nórdica e occidental (Giddens, 2002).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5.1.2 Distribución da poboación segundo o grao de urbanización do territorio

Co obxecto de facilitar a recollida, a creación e a difusión de estatísticas rexionais harmonizadas na Unión Europea que permitan a comparación entre os diferentes Estados e rexións, a oficina de estatística da Unión Europea (Eurostat) estableceu unha *Nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas* denominada *NUTS*, que entrou en vigor en xullo do ano 2003[3]. Trátase dunha clasificación xerárquica que subdivide o territorio dos Estados Membros en unidades territoriais NUTS de nivel 1, nivel 2 e nivel 3. Nas NUTS de nivel 3 —que en España se corresponden coas provincias— é posible aplicar unha tipoloxía urbano-rural con tres categorías baseadas no volume de poboación rural: *rexións predominantemente urbanas*, *rexións intermedias* e *rexións predominantemente rurais*. Por outra parte, se descendemos na escala territorial, no ano 1991 Eurostat introduciu unha metodoloxía baseada no grao de urbanización (DEGURBA) para poder clasificar as unidades administrativas locais, que en España se corresponden cos municipios. Baseada en información sobre o número de habitantes, a densidade de poboación e a contigüidade de ditas unidades administrativas locais, diferenciaba entre *cidades* (zonas densamente poboadas, ZDP), *vilas e suburbios* (zonas de densidade intermedia, ZIP) e *áreas rurais* (zonas escasamente poboadas, ZPP). Porén, como a variación no tamaño das diferentes unidades administrativas locais comprometía a comparación dos resultados obtidos entre países, no ano 2011 a OCDE e máis a Comisión Europea (Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana, Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural e Centro Común de Investigación) comezaron a traballar na revisión da clasificación do grao de urbanización. A nova metodoloxía, mellorada e actualizada, conserva a nomenclatura das tres áreas resultantes (zonas densamente poboadas, zonas de densidade intermedia e zonas escasamente poboadas) e baséase na contigüidade xeográfica e na densidade de poboación, medida agora por limiares mínimos de poboación aplicados a celas de cuadrículas de poboación de 1km^2 (Eurostat, 2019a). En España, o Instituto Nacional de Estadística (INE) emprega esta clasificación do grao de urbanización para clasificar os municipios españois como zonas densamente poboadas, zonas de densidade intermedia e zonas escasamente poboadas (E. Villar et al., 2013).

Como xa apuntamos anteriormente, a poboación europea non se atopa uniformemente distribuída entre os países, senón que está concentrada no centro-oeste do continente, onde están situados os países máis densamente poboados da Unión. Segundo os datos de densidade de poboación publicados por Eurostat, no ano 2015 encabezaban a listaxe de países máis densamente poboados Malta (1.408,4 hab./km^2), os Países Baixos (503,1 hab./km^2), Bélxica (371,8 hab./km^2), Reino Unido (268,5 hab./km^2), Alemaña (228,4 hab./km^2), Luxemburgo (220,3 hab./km^2), Suíza (207,1 hab./km^2) e Italia (205,8 hab./km^2). No extremo oposto, en canto a densidade de poboación se refire, figuraban Islandia (3,3 hab./km^2), Noruega (17,1 hab./km^2), Finlandia (18 hab./km^2), Suecia (24,1 hab./km^2) e Estonia (30,3 hab./km^2). No medio de ambos extremos estaba España, cunha densidade de poboación relativamente baixa, de 92,5 hab./km^2 (figura 5.1).

Atendendo ao grao de urbanización do territorio, no ano 2015 —segundo Eurostat— o 40,4 % da poboación da UE-28 residía na ZDP, o 31,7 % na ZIP e o 28 % na ZPP[4]. É dicir, case tres

[3] R (UE) nº 2017/2391 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2017.

[4] Se calculamos o número de persoas que residían no ano 2015 en cada unha das categorías do grao de urbanización na UE-28, obtemos que na ZDP habitaban 205.442.162 persoas, na ZIP facíano 161.200.905 persoas e



Figura 5.1. Densidade de poboación en países europeos no ano 2015.
Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

cuartas partes da poboación residían en áreas non rurais[5]. Con todo, a evolución da distribución da poboación dos últimos cinco anos do período de estudo mostra unha tendencia decrecente no volume de poboación residente na ZDP (46,9 % no ano 2010 e 40,4 % no 2015) e unha tendencia crecente na ZIP (26,9 % no ano 2010 e 31,7 % no 2015) e na ZPP (26,3 % no ano 2010 e 28 % no 2015). Esta diminución de 6,5 puntos porcentuais da poboación residente na ZDP, xunto cos incrementos do 4,8 % da poboación da ZIP e do 1,7 % da ZPP en tan só cinco anos, reflicten cambios de residencia con orixe nas cidades e destino nas zonas intermedias e rurais, realizados por persoas que posiblemente buscan máis espazo accesible (Eurostat, 2017).

Se analizamos os datos desagregados para os diferentes países europeos[6], atopamos notables diferenzas entre estes (figura 5.2). En primeiro lugar, polo que se refire aos países escandinavos e nórdicos, aínda que actualmente a poboación tende a concentrarse nas áreas non rurais (ZDP e ZIP), a súa situación de partida era bastante diferente. En Finlandia e Suecia, no ano 2010 as porcentaxes de poboación residente na ZPP correspondíanse coas cifras máis elevadas de Europa (60,6 % en Finlandia e 61,7 % en Suecia), á vez que mostraban os valores máis baixos nas porcentaxes de poboación residente na ZDP (25,7 % en Finlandia e 22,1 % en Suecia) e na ZIP (13,7 % en Finlandia e 16,3 % en Suecia). Porén, en tan só cinco anos, a ZPP de ambos países sufriu as maiores perdas de poboación do conxunto dos países europeos no período 2010-2015, perdas que alcanzaron valores do 30,5 % en Finlandia e do 31,9 % en Suecia, tal e como

na ZPP 142.385.657 persoas. Non obstante, debemos entender estas cifras como unha mera aproximación, posto que o resultado do sumatorio das persoas residentes nas tres zonas excede en 508.519 persoas a cifra oficial da poboación total, un erro de medición que se observa con frecuencia cando se traballa con datos de poboación procedentes de diferentes fontes.

[5]De acordo con Gómez-Pellón (2018), no ano 2015 o 77 % da superficie da Unión Europea podía considerarse rural, cun 47 % de superficie agrícola e un 30 % de superficie forestal.

[6]Na descrición da distribución espacial da poboación europea segundo o país e o grao de urbanización, agrupamos os países en función da súa situación xeográfica e das tendencias mostradas.

se aprecia na figura 5.3. Desta maneira, no ano 2015, nas áreas non rurais de Finlandia vivía o 69,9 % da súa poboación (37 % na ZDP e 32,9 % na ZIP) e nas de Suecia residía o 70,2 % (34 % na ZDP e 36,2 % na ZIP), mentres que as áreas rurais non chegaban a alcanzar nin un terzo da poboación total (30,1 % en Finlandia e 29,8 % en Suecia). No caso de Dinamarca, a porcentaxe de poboación residente na ZDP no ano 2015 (34,2 %) era moi similar á de Suecia, pero a diferenza dos países anteriormente mencionados, no ano 2015 a ZIP danesa perdeu o 21,4 % da poboación, con respecto ao ano 2010. Esta poboación foi absorbida pola ZPP, que pasou de estar habitada polo 24,7 % da poboación no ano 2010 ao 45,2 % no ano 2015. Á vista destes datos, Dinamarca destaca por presentar os maiores incrementos de poboación rural no conxunto dos países europeos durante ese período, despois de Luxemburgo. Polo que se refire agora a Noruega, cómpre salientar que este país seguía un patrón radicalmente oposto á tendencia escandinava e nórdica, no que a distribución espacial da poboación se refire. No ano 2010, máis da metade da poboación norueguesa residía na ZDP (51,5 %). Dito noutras palabras, a porcentaxe de poboación residente na ZDP en Noruega no 2010 representaba máis do dobre que a de Suecia e Finlandia, superando tamén en gran medida a de Dinamarca (33,4 %, no ano 2010). Non obstante, no ano 2015 a ZIP de Noruega rexistrou un incremento do 22,5 %, ao pasar de representar o 17,4 % da poboación no ano 2010 ao 39,9 % no ano 2015, aproximándose así aos valores mostrados por Suecia nese mesmo ano. Este incremento da poboación residente na ZIP de Noruega debeuse á diminución dos habitantes da ZDP (51,5 % no 2010 e 27,1 % no 2015), constituíndo unha das caídas de poboación da ZDP máis acentuadas de Europa no período 2010-2015, xunto coas acontecidas en países como Luxemburgo, Bélxica e os Países Baixos. Pola súa parte, a poboación residente na ZPP norueguesa incrementouse tamén nun 1,9 % no ano 2015 (31,1 % no 2010 e 33 % no 2015), mostrando valores relativamente próximos aos de Finlandia e Suecia no derradeiro ano do período de estudo. Por último, en Islandia destaca a irrupción das zonas de densidade intermedia (ZIP), que pasaron de ter o 0 % de poboación no ano 2010 ao 19,1 %, aínda que Eurostat indica que o dato correspondente ao 2010 nesta categoría é de «baixa fiabilidade». Con estes datos de partida, observamos que a ZDP (63,4 % no ano 2010 e 65,5 % no 2015) e a ZIP medraron a expensas da ZPP, onde no ano 2015 se rexistrou unha diminución dun 21,1 % da poboación residente, con respecto ao ano 2015. Con todo, se ben é certo que as áreas rurais tenden a despoboarse en Islandia, debemos lembrar que a densidade de poboación deste país é a máis baixa de Europa (3,3 hab./km^2). Á vista dos datos analizados e exceptuando o caso de Islandia, apreciamos que o resto dos países partiron de escenarios diferentes pero que, en xeral, semellan avanzar cara a unha converxencia entre eles e tamén cara a un certo equilibrio na distribución das súas respectivas poboacións nas tres categorías zonais.

Polo que respecta aos países bálticos, no ano 2010 máis da metade da poboación de Estonia, Letonia e Lituania vivía na ZPP (51 %, 51,1 % e 58,2 %, respectivamente). Cinco anos despois, Lituania practicamente mantiña a mesma porcentaxe de poboación rural (56,2 %), en Letonia diminuíu en maior medida (47,1 %) e en Estonia descendeu de forma máis notable que nos outros dous países (41,1 %). Nese mesmo período, a poboación residente na ZDP tamén minguou lixeiramente nos dous últimos países mencionados, en valores que en ningún caso superaron o 4 %. Desta maneira, en Estonia a poboación da ZDP pasou de representar o 45,7 % no ano 2010 ao 43,8 % no 2015, mentres que en Letonia pasou do 46,7 % no ano 2010 ao 42,8 % no 2015. Esta poboación foi absorbida pola ZIP, que incrementou o número de efectivos demográficos nun 11,7 % en Estonia (3,4 % no ano 2010 e 15,1 % no 2015) e nun 7,8 % en Letonia (2,3 % no ano 2010 e 10,1 % no 2015). En Lituania, pola contra, a porcentaxe e poboación



Figura 5.2. Porcentaxe de poboación segundo o grao de urbanización en países europeos no ano 2015.
Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

residente na ZIP tiña un valor do 0 % no ano 2010 e continuou tendo un peso ínfimo no ano 2015 (0,8 % no 2015). Non obstante, ao igual que acontece no caso de Islandia, Eurostat indica que o dato correspondente ao 2010 na categoría ZIP é de «baixa fiabilidade» para Lituania. En xeral, nos países bálticos apreciamos un proceso de expansión das áreas urbanas que se reflicte no progresivo aumento da poboación residente na ZIP e no paulatino descenso da poboación rural.

Os países da Europa occidental[7] destacan por ter experimentado no ano 2015 os maiores descensos nas porcentaxes de poboación residente na ZDP do conxunto dos países europeos aquí analizados, con respecto ao ano 2010. As caídas de poboación máis pronunciadas tiveron lugar en Luxemburgo (-30,1 %), Bélxica (-25,2 %), Suíza (-23,5 %) e nos Países Baixos (-19,6 %). En Alemaña, Austria e Francia estes descensos foron notablemente menores, acadando valores negativos do 13,1 %, 5,9 % e 1,8 %, respectivamente. Malia todo, as porcentaxes de poboación da ZDP nestes países eran bastante heteroxéneas no ano 2015. A maior porcentaxe de poboación residente na ZDP atopábase nos Países Baixos (45,3 %), seguido de Francia (44,9 %), Alemaña (35,8 %), Austria (29,9 %), Bélxica (29,1 %), Suíza (26,7 %) e Luxemburgo (13 %). En comparación con outros países europeos, nalgúns dos países deste grupo tivo lugar unha industrialización máis temperá que foi parella a un gran desenvolvemento urbano. Para A. G. Champion (1993), os exemplos máis obvios constitúenos Bélxica, os Países Baixos e o Reino Unido, «con niveis de urbanización de polo menos o 80 % en 1950» (p. 27). Non obstante, durante a segunda metade do século XX, as taxas de crecemento urbano máis baixas presentáronas Bélxica, Alemaña e o Reino Unido, que non conseguiron incrementar as súas poboacións urbanas en máis do 5-7 % (A. G. Champion, 1993). As previsións realizadas nos anos noventa apuntaban

[7]De forma excepcional no contexto desta tese, nesta sección concreta agrupamos baixo a denominación de *países da Europa occidental* soamente a Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Luxemburgo, Países Baixos e Suíza.



Figura 5.3. Cambio na porcentaxe de poboación residente na ZPP en países europeos (2010-2015).
Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

a que Luxemburgo e os Países Baixos seguirían esta mesma tendencia (A. G. Champion, 1993), polo que non chama a atención a evolución seguida por estes países nos últimos anos do noso período de estudo. Por outra banda, os países da Europa occidental —xunto con Dinamarca— presentaron tamén no ano 2015 os incrementos de poboación máis elevados na ZPP de toda Europa con respecto ao 2010. No primeiro posto situouse Luxemburgo, cunha variación positiva da poboación rural que en termos relativos acadou o 25 %, seguido de Francia (16,5 %), Bélxica (13,9 %), Países Baixos (12,7 %), Suíza (8,5 %) e Alemaña (7,4 %) (figura 5.3). Trátase de cifras totalmente opostas ás presentadas por estes mesmos países na segunda metade do século pasado e que pouco teñen que ver coas previsións realizadas nos anos noventa para o presente século (A. G. Champion, 1993). Así pois, no ano 2015 apreciábanse dous grupos de países en relación ao seu volume de poboación rural: países nos que as porcentaxes de poboación residente na ZPP se correspondía con valores inferiores ao 25 % (Países Baixos, Bélxica, Alemaña e Suíza) e países nos que as cifras superaban o 30 % (Francia, Austria e Luxemburgo). Finalmente, cómpre salientar que a poboación da ZIP medrou en todos os países entre os anos 2010 e 2015, excepto en Francia. Neste país o incremento da poboación da ZPP debeuse principalmente ao descenso dos efectivos demográficos na ZIP, mentres que no resto dos países a ZIP e a ZPP medraron a expensas da ZDP. Ademais, apréciase que nos países alpinos (Austria e Suíza) as porcentaxes de poboación da ZIP aumentaron en maior medida que as da ZPP, ao contrario do que aconteceu no resto dos países no último lustro do período de estudo.

En canto ao Reino Unido e Irlanda, o modelo de distribución espacial das súas poboacións é totalmente distinto. Por unha banda, no ano 2010 o Reino Unido foi o segundo país que presentou a porcentaxe de poboación máis elevada de Europa na ZDP (65,5 %), despois de Malta (89,1 %). A pesares da diminución da poboación residente rexistrada nesa área no ano 2015 (56,4 %), seguiu manténdose nos primeiros postos a nivel europeo. A esta perda de poboación na ZDP uniuse tamén o descenso de poboación que mostrou a ZPP nese mesmo

período (16 % no ano 2010 e 14,9 % no 2015). Esa poboación foi absorbida pola ZIP, que pasou de representar o 18,6 % no ano 2010 ao 28,7 % no 2015. Por outra banda, a diferencia do Reino Unido, no ano 2010 Irlanda contaba cunha porcentaxe de poboación residente na ZDP (33,1 %) moi inferior á media da UE (46,9 %). Esta situación mudou no transcurso dun lustro, posto que no ano 2015 a porcentaxe media de poboación europea residente na ZDP descendeu ata o 40,4 %, á vez que a media irlandesa se incrementou un 8,5 %, situándose no 41,6 %. Este incremento da poboación da ZPD rexistrado no ano 2015, con respecto ao 2010, foi posible grazas aos descensos que mostraron as porcentaxes de poboación da ZIP (27,7 % no ano 2010 e 24,1 no 2015) e da ZPP (39,2 % no ano 2010 e 34,3 no 2015). Polo tanto, mentres que no Reino Unido apreciamos unha tendencia ao incremento da poboación nas zonas intermedias, a poboación irlandesa tende a concentrarse máis nas áreas densamente urbanas.

No grupo dos países do sur de Europa incluímos a España e a Portugal, con tendencias moi parecidas. No período 2010-2015 Portugal e España presentaron unha dinámica de estancamento que foi máis acentuada no caso de España, onde se mantiveron completamente invariables as porcentaxes de poboación residente en cada unha das tres categorías do grao de urbanización (51,2 % na ZDP, 22,3 % na ZIP e 26,5 % na ZPP, tanto no ano 2010 coma no 2015). No caso de Portugal a poboación da ZDP permaneceu tamén invariable (43,8 % nos anos 2010 e 2015), mentres que na ZIP decreceu un 3,5 % (32,9 % no ano 2010 e 29,4 % no 2015) en favor da ZPP, que no ano 2015 acadou un valor moi similar ao rexistrado en España (23,3 % no ano 2010 e 26,8 % no 2015). A evolución de España é única entre todos os países aquí analizados e non mostra indicios de tendencia de cambio no curto prazo, sendo, ademais, o único país continental no que a porcentaxe de poboación da ZDP superaba a metade da poboación total no ano 2015 (os outros países foron Malta, Islandia e Reino Unido). En España, Portugal, Grecia e Irlanda a industrialización foi máis tardía que no resto dos países da Europa occidental. Na segunda metade do século pasado, algúns destes países —como Bélxica, Alemaña ou os Países Baixos— mostraban taxas de crecemento urbano máis lento que as dos países do sur, principalmente España e Grecia. Pois este dous últimos países experimentaron movementos poboacionais cara ás áreas urbanas máis rápidos nun período de tempo máis curto. Con respecto a España e Grecia, o crecemento urbano de Portugal foi notablemente máis moderado. De feito, aínda que proxeccións dos anos noventa suxerían que a taxa de urbanización en Portugal avanzaría máis rápido nos vinte anos que restaban ata chegar ao ano 2010, tamén apuntaban a que nese ano a poboación urbana dese país non alcanzaría o 50 %, de acordo coa definición de poboación urbana establecida por Portugal naquel entón (A. G. Champion, 1993). Segundo a metodoloxía do grao de urbanización, hoxe sabemos que esas proxeccións realizadas en torno á porcentaxe de poboación urbana da ZDP de Portugal para o ano 2010 non estaban desatinadas.

Nos países mediterráneos atopamos dinámicas bastante diferentes. En Chipre, no ano 2010, máis da metade da poboación residía na ZDP. Non obstante, cinco anos despois, a situación mudou lixeiramente en favor da ZIP, que viu incrementada a súa poboación nun 7,3 % (14,6 % no ano 2010 e 21,9 % no 2015) debido aos descensos rexistrados nas porcentaxes da poboación residente na ZDP (55,4 % no ano 2010 e 49,5 % no 2015) e na ZPP (30 % no ano 2010 e 28,6 % no 2015). Situación moi diferente é a da illa de Malta, o país europeo máis urbanizado e coa menor porcentaxe de poboación rural. No período 2010-2015, a distribución espacial da poboación non presentou variacións significativas en ningunha das tres áreas, incrementándose tan só nun 0,6 % a poboación da ZDP (89,1 % no ano 2010 e 89,7 % no 2015) e nun 0,1 % a da ZPP (0,1 % no ano 2010 e 0,2 % no 2015), en detrimento da ZIP, que pasou de representar

o 10,8 % no ano 2010 ao 10,1 % no 2015. No caso de Grecia, cómpre salientar que no ano 2010 a poboación estaba en gran parte concentrada na ZDP (43,8 %) e na ZPP (45,7 %). Non obstante, no transcurso dun lustro, o incremento do 16,7 % da poboación da ZIP equilibrou en maior medida as porcentaxes de poboación residente nas tres áreas no ano 2015, pasando a habitar na ZDP o 38,2 % da poboación, na ZIP o 27,3 % e na ZPP o 34,5 %. Por último, Italia destacou por mostrar —tanto no ano 2010 como no 2015— un dos valores máis elevados de Europa nas porcentaxes de poboación residente na ZIP (39,9 % no ano 2010 e 47,3 % no 2015). Este incremento da poboación da ZIP no ano 2015, con respecto ao 2010, debeuse ao descenso da porcentaxe de poboación da ZDP (43,6 % no ano 2010 e 42,8 % no 2015), un descenso que repercutiu tamén no incremento da poboación da ZPP (16,4 % no ano 2010 e 18,9 % no ano 2015).

Deixando a un lado os países bálticos, comentados anteriormente, o resto dos países europeos da órbita soviética destacaron por presentar elevadas porcentaxes de poboación residente nas áreas rurais. Concretamente no ano 2010, Romanía foi o país europeo que mostrou a maior porcentaxe de poboación na ZPP (62,5 %) e a segunda menor cifra na ZIP (1,1 %), situándose por detrás de Islandia e Lituania (0 % en ambos países). Non obstante, no transcurso do período 2010-2015 produciuse un importante proceso de redistribución espacial da poboación en Romanía, xa que os descensos nas porcentaxes de poboación residente na ZPD (36,4 % no ano 2010 e 32,3 % no 2015) e na ZPP (62,5 % no ano 2010 e 44,1 % no 2015) foron absorbidos pola ZIP, onde en tan só cinco anos o volume de poboación incrementouse nun 22,5 %, pasando a representar no ano 2015 o 23,6 % da poboación total. O segundo país deste grupo en canto á maior porcentaxe de poboación residente na ZPP no ano 2010 foi Bulgaria (49,6 %). Este país seguiu unha evolución moi similar á de Romanía, con perdas de poboación máis moderadas tanto na ZDP (44,2 % no ano 2010 e 43,7 % no 2015) coma na ZPP (49,6 % no ano 2010 e 32,7 % no 2015) que provocaron un incremento de poboación do 17,4 % no ano 2015, con respecto ao 2010 (6,1 % no ano 2010 e 23,5 % no 2015). Hungría e Eslovaquia, pola súa parte, non rexistraron alteracións significativas na distribución das súas poboacións entre os anos 2010 e 2015, presentando nas tres zonas variacións porcentuais que se situaron en valores inferiores ao 3,5 %, en valor absoluto. Así pois, no ano 2015, en Hungría e Eslovaquia as porcentaxes de poboación residente na ZDP eran do 31 % e do 23,1 %, na ZIP eran do 21,9 % e do 35,1 % e na ZPP eran do 47,1 % e do 41,8 %, respectivamente. Outros países deste grupo con tendencias moi similares na distribución da poboación entre os anos 2010 e 2015 foron Croacia, Polonia e a República Checa. As porcentaxes de poboación residente en cada área variaron lixeiramente dun país a outro, pero as variacións porcentuais de poboación que mostraron en cada área no transcurso dese lustro foron moi parecidas. No período 2010-2015, nestes tres países rexistráronse descensos nas porcentaxes de poboación da ZPP (1 % en Croacia, 2,1 % en Polonia e 2,9 % na República Checa) e na ZDP (7,6 % en Croacia, 7,3 % en Polonia e 5,2 % na República Checa) que favoreceron o incremento da poboación nas ZIP (8,6 % en Croacia, 9,4 % en Polonia e 8,2 % na República Checa). Desta maneira, no ano 2015 o 46,4 % da poboación croata vivía na ZPP, o 29,1 % na ZIP e o 24,5 % na ZDP. Nesa mesma data, en Polonia o 43,2 % da poboación residía na ZPP, o 32,5 % na ZDP e o 24,3 % na ZIP, mentres que na República Checa o 37 % da poboación habitaba na ZPP, o 32,8 % na ZIP e o 30,3 % na ZDP. Finalmente, Eslovenia destacou por ser o país máis diferente dos deste grupo en canto á distribución da poboación segundo o grao de urbanización. No ano 2010, Eslovenia presentou a menor porcentaxe de poboación residente na ZDP de toda Europa (18,5 %), xa que máis do 80 % da poboación habitaba na ZIP (37,4 %) e na ZPP (44,1 %). Se ben a distribución da poboación non sufriu grandes

variacións no ano 2015 con respecto ao 2010, o que si é certo é que eses cambios rexistrados foron moi diferentes aos que experimentaron no resto dos países analizados neste grupo. E é que, no ano 2015, a porcentaxe de poboación residente na ZPP incrementouse nun 3,9 % con respecto ao 2010, situándose nunha cifra récord a nivel europeo (48 %), superada soamente por Luxemburgo (48,5 %) e Lituania (56,2 %). En canto ás restantes áreas, o volume de poboación da ZIP reduciuse ata situarse nun 32,8 %, mentres que a porcentaxe de poboación da ZDP foi das máis baixas de toda Europa (19,1 %), xunto coa de Luxemburgo (13 %).

Coa análise da distribución da poboación europea segundo o grao de urbanización, observamos que en todos os países europeos a poboación está en continuo movemento e que a súa distribución é debedora da historia de cada territorio. En xeral, e a pesares de presentar tendencias diferentes, os países máis próximos a nivel xeográfico tenden a mostrar patróns moi similares, como ben apuntou Thumerelle (1997). Exemplos destacables a este respecto atopámolos nos países bálticos, en Romanía e Bulgaria, en España e Portugal ou en Finlandia e Suecia, mentres que Luxemburgo constitúe unha importante excepción, pola súa evolución. Apréciase, ademais, o contraste nas preferencias polo tipo de hábitat que mostran as poboacións dos países tradicionalmente máis rurais e as dos países tradicionalmente máis urbanos. Nas primeiras destaca o espectacular aumento da poboación residente en zonas intermedias practicamente inexistentes no ano 2010, mentres que nas segundas salienta o elevado incremento da poboación residente nas áreas rurais. O paso do tempo será o que confirme se avanzamos cara a un certo equilibrio na distribución da poboación entre as tres áreas do grao de urbanización ou, pola contra, se as tendencias observadas neses cinco anos constitúen un paso intermedio cara a un modelo de distribución da poboación aínda en fase de formación.

5.1.3 Movemento natural da poboación

Como podemos apreciar na figura 5.4, en función dos valores correspondentes á taxa de crecemento natural da poboación no ano 2015, podemos diferenciar tres grandes grupos de países. O primeiro deles está formado por aqueles países que rexistraron valores positivos na taxa de crecemento natural da poboación, entre os que se atopan a práctica totalidade dos países escandinavos e nórdicos, os Estados Membros insulares e a maioría dos países de Europa occidental. Neste caso, os valores do indicador oscilaron entre o 7,5 ‰ (Irlanda) e o 1,0 ‰ (Bélxica e Dinamarca). O segundo grupo confórmano cinco países países cuxas taxas de crecemento natural da poboación rexistraron cifras de entre 0,5 ‰ e 0 ‰: Finlandia (0,5 ‰), Eslovaquia (0,4 ‰), Eslovenia (0,4 ‰), Austria (0,2 ‰) e República Checa (0 ‰). Finalmente, o terceiro grupo está integrado fundamentalmente polos países bálticos, algúns países do sur de Europa e a maioría dos países da órbita soviética. Os trece países que forman este grupo comparten o feito de rexistrar valores negativos na taxa de crecemento natural da poboación, que oscilou entre -0,1 ‰ (España) e -6,1 ‰ (Bulgaria). Con todo, aínda que algúns países presentaron un crecemento natural positivo no último ano do período de estudo, ningún país europeo chegou a alcanzar o nivel de substitución xeracional. A continuación, analizaremos os principais indicadores demográficos relacionados coa fecundidade e coa mortalidade, incluídos os que determinan a taxa de crecemento natural da poboación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 5.4. Taxa de crecemento natural en países europeos no ano 2015.
Fonte: elaboración propia a partir do Banco Mundial e Eurostat.

5.1.3.1 Evolución dos principais indicadores de fecundidade

Tal e como afirmou Sporton (1993), «a tendencia xeral de diminución da fertilidade reflicte a continuación do impulso xerado durante a transición da fertilidade que nalgúns países comezou hai máis dun século» (p. 49). Na maioría dos países do noroeste de Europa esta transición completouse na década de 1930, pero en moitos países europeos do sur concluíuse nas últimas décadas do século XX, debido a que o descenso da fecundidade comezou máis tarde (Giddens, 2002; Sporton, 1993). Porén, a caída da fecundidade foi puntualmente interrompida por determinadas repuntas. Na inmediata posguerra da Segunda Guerra Mundial, nos países do norte de Europa produciuse un importante incremento da natalidade que destacou por ocorrer de forma simultánea na práctica totalidade deses países. Este fenómeno, coñecido como *baby boom*, prolongouse ata mediados da década de 1960[8]. A partir de entón, os niveis de fecundidade caeron sistematicamente en todos os países do norte de Europa, que, en xeral, permaneceron por debaixo do nivel de substitución. Na actualidade, todos os países de Europa occidental converxeron nesta tendencia, polo que o concepto de fecundidade foise asociando cada vez máis a expresións como «escasa natalidade» ou «por debaixo do nivel de substitución». Esta situación converteuse nun dos trazos característicos das sociedades postindustriais europeas e non europeas, nas que comunmente se entende que o nivel de substitución se asegura cando o

[8]De acordo con Sporton (1993), a pesares de que este rexurdir da natalidade foi frecuentemente atribuído «aos efectos compensatorios da reunificación de parellas casadas ou a formación de novas unións sexuais permanentes pospostas pola guerra» (p. 51), o feito de que o *baby boom* continuase ata mediados da década dos anos sesenta semella indicar que puido estar causado, tamén, por cambios socioeconómicos fundamentais. Abellán e Pujol (2015) destacaron que o *baby boom* en España non se produciu de forma tan pronunciada nin temperá como noutros países desenvolvidos. Neste sentido, apuntaron que existe un consenso en circunscribir o fenómeno do *baby boom* español ao período 1958-1977. Neses anos, a cifra anual de nacementos superou os 650.000, o que supuxo un total de case catorce millóns de nacementos. É dicir, 2,5 millóns de nacementos máis que nos vinte anos previos e 4,5 millóns de nacementos máis que nos vinte anos seguintes.

índice sintético de fecundidade (ISF) é de 2,1 fillos de media por muller[9] (Lesthaeghe, 2014; Sporton, 1993). Neste contexto, cómpre destacar que «as últimas xeracións que se substituíron por completo en Europa Occidental naceron na década de 1950» (Coleman e Rowthorn, 2011, p. 219).

Segundo Billari e Dalla (2010), «os analistas pensaban que ao final da longa e forte caída da fecundidade e da mortalidade, a fecundidade chegaría a situarse en torno ao nivel de substitución. Non obstante, hoxe en día demostrouse que esta idea é falsa» (p. 56). De todos os países europeos aquí analizados, e tendo en conta os datos publicados polo Banco Mundial, no ano 1990 soamente Chipre, Islandia, Suecia e Irlanda superaron o nivel de substitución, cuns índices sintéticos de fecundidade de 2,41, 2,30, 2,13 e 2,11 fillos por muller, respectivamente. Pola contra, Italia (1,33), España (1,36) e Grecia (1,39) presentaron os valores máis baixos de Europa, sendo unicamente superados por Hong Kong (1,27) a escala mundial. Os casos de Italia e España destacaron na década dos anos noventa por constituír os primeiros casos de *lowest low fertility* en Europa, un concepto usado polos demógrafos para designar «unha caída dos nacementos e un nivel constante por debaixo de 1,3 fillos por muller» (Billari e Dalla, 2010, p. 56). E é que, dende o ano 1993 e ata comezos do presente século, os valores dos índices sintéticos de Italia e España non só se situaron por debaixo de 1,3 fillos por muller, senón que chegaron a descender ata 1,19 fillos por muller en Italia no ano 1995 e ata 1,13 fillos por muller en España no ano 1998. No ano 2004, tanto España como Italia volveron a mostrar índices sintéticos de fecundidade superiores a 1,3 fillos por muller, conseguindo, incluso, incrementar anualmente os valores deste indicador ata os anos 2008 (en España) e 2010 (en Italia), mais sen alcanzar en ningún caso o nivel de substitución. Para Billari e Dalla (2010) «non é unha casualidade que todos os países con vínculos familiares moi fortes pasaran ou incluso sigan estando hoxe en día nunha situación de *lowest low fertility*» (p. 60), como Italia, España, Grecia, Xapón, Corea do Sur ou as rexións máis ricas da China. Pois estes demógrafos cren que os vínculos familiares moi estreitos poden chegar a ser contraproducentes para a fecundidade.

En xeral, segundo reflicten os datos do Banco Mundial, os índices sintéticos de fecundidade en Europa descenderon no ano 2000, con respecto ao ano 1990. No primeiro ano do período de estudo, xa eran varios os países europeos que mostraban valores inferiores a 1,3 fillos por muller: República Checa, España, Grecia, Letonia, Bulgaria, Eslovenia e Italia. Soamente cinco países conseguiron mellorar os seus índices sintéticos de fecundidade no transcurso deses dez anos, con incrementos do 0,05 (Bélxica), 0,1 (Países Baixos e Dinamarca), 0,12 (Francia) e 0,16 (Luxemburgo). No ano 2015, os valores deste indicador aumentaron con respecto ao ano 2000 na meirande parte dos países e non existía ningún país que presentase un número medio de fillos por muller inferior a 1,3 (táboa 5.1). Os índices sintéticos de fecundidade máis elevados mostráronos Francia (1,96), Suecia (1,85) e Irlanda (1,85), mentres que os máis baixos presentáronos Portugal (1,31), Polonia (1,32), España (1,33) e Grecia (1,33). Chama a atención que España e Grecia sempre tiveron índices moi similares ou idénticos. Ademais, o impacto da crise económica de 2008 deixouse sentir especialmente na fecundidade dos países do sur,

[9] A razón de engadir ese 0,1 ao número medio de 2 fillos por muller reside en que o número de nacementos é máis elevado no sexo masculino que no feminino. Cando o valor deste indicador se sitúa por debaixo do nivel de substitución, as cifras decimais son especialmente relevantes, xa que «diferenzas aparentemente pequenas teñen unha importancia crucial na velocidade da caída dos nacementos e do envellecemento da poboación». Así, en ausencia de inmigración, «unha poboación na que haxa un número medio de 1,2 fillos por muller redúcese á metade cada 38 anos aproximadamente; con 1,3 fillos por muller, cada 48 anos aproximadamente» (Billari e Dalla, 2010, p. 57).

	Número medio de fillos por muller (ISF)		Taxa bruta de natalidade (‰)		Idade media da primeira maternidade (anos)	
	2000	2015	2000	2015	2000	2015
Alemaña	1,38	1,50	9,3	9,0	-	29,5
Austria	1,36	1,49	9,8	9,8	26,4	29,2
Bélxica	1,67	1,70	11,4	10,8	27,0	28,7
Bulgaria	1,26	1,53	9,0	9,2	23,5	26,0
Chipre	1,71	1,35	13,2	11,0	26,2	29,5
Croacia	1,39	1,40	9,8	8,9	-	28,3
Dinamarca	1,77	1,71	12,6	10,2	27,8	29,2
Eslovaquia	1,30	1,40	10,2	10,3	24,2	27,1
Eslovenia	1,26	1,57	9,1	10,0	26,5	28,7
España	1,22	1,33	9,8	9,0	29,1	30,7
Estonia	1,36	1,58	9,4	10,6	23,9	27,2
Finlandia	1,73	1,65	11,0	10,1	27,4	28,8
Francia	1,89	1,96	13,3	12,0	27,8	28,4
Grecia	1,25	1,33	9,6	8,5	28,0	30,2
Hungría	1,32	1,45	9,6	9,4	25,1	27,9
Irlanda	1,89	1,85	14,4	13,9	27,6	29,9
Islandia	2,08	1,80	15,3	12,5	25,5	27,5
Italia	1,26	1,35	9,5	8,0	-	30,8
Letonia	1,25	1,70	8,6	11,1	24,0	26,5
Liechtenstein	1,57	1,40	12,9	8,7	-	-
Lituania	1,39	1,70	9,8	10,8	23,9	27,1
Luxemburgo	1,76	1,47	13,1	10,7	-	30,2
Malta	1,68	1,37	11,3	9,7	-	28,7
Noruega	1,85	1,72	13,2	11,3	26,9	28,9
Países Baixos	1,72	1,66	13,0	10,1	28,6	29,7
Polonia	1,37	1,32	9,9	9,7	24,5	27,0
Portugal	1,55	1,31	11,7	8,3	26,5	29,5
Reino Unido	1,64	1,80	11,5	11,9	-	28,7
República Checa	1,15	1,57	8,9	10,5	25,0	28,2
Romanía	1,31	1,62	10,4	10,2	23,6	26,3
Suecia	1,54	1,85	10,2	11,7	27,9	29,2
Suíza	1,50	1,54	10,9	10,5	-	30,6
Unión Europea	1,44	1,54	10,5	9,7	-	28,9

Táboa 5.1. Evolución dos principais indicadores de fecundidade en países europeos (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do Banco Mundial e Eurostat.

posiblemente polo efecto negativo que tivo sobre a inmigración. A tendencia ao crecemento continuo do índice sintético de fecundidade que traian España, Grecia e Italia dende inicios da década do 2000, viuse interrompida a partires dos anos 2008, 2009 e 2010, respectivamente. No caso de España, a caída da fecundidade produciuse antes que en Italia e Grecia e foi máis abrupta, xa que pasou de ter unha media de 1,45 fillos por muller no ano 2008, a ter 1,38 fillos por muller no anos 2009. O índice sintético de fecundidade en Italia pasou de 1,46 fillos por muller no ano 2010 a 1,44 no ano 2011, mentres que en Grecia era de 1,5 fillos por muller no ano 2009 e descendeu a 1,48 no ano 2010. Cómpre sinalar, por último, que durante os quince anos comprendidos no período de estudo, soamente Islandia conseguiu superar o nivel de substitución de forma puntual, con valores de 2,15 fillos por muller (ano 2008), 2,23 fillos por muller (ano 2009) e 2,2 fillos por muller (ano 2010). Así mesmo, as diferenzas entre os valores máximos e mínimos do índice sintético de fecundidade entre os países europeos fóronse

estreitando cada vez máis nas últimas décadas, un feito que reflicte a tendencia converxente do comportamento da fecundidade nos distintos países de Europa.

En coherencia cos datos anteriores, durante o período de estudo os países europeos presentaron taxas brutas de natalidade das máis baixas do mundo, tal e como amosan os datos ofrecidos polo Banco Mundial. Segundo esta fonte, no ano 2015 a taxa de natalidade media da UE-28 era de 9,7 nacementos por cada mil habitantes, un cifra moi inferior á media mundial, que nese mesmo ano alcanzaba os 19 nacementos por cada mil habitantes. Dos vinte e oito países da Unión, dezaoito deles superaban a taxa bruta de natalidade media da UE no último ano do período, sete máis que no ano 2000. Estes datos coinciden co citado aumento que experimentou o índice sintético de fecundidade na meirande parte dos países no ano final do período, con respecto ao ano inicial. Non obstante, os países que mostraron os valores máis elevados e os máis baixos da taxa bruta de natalidade non se corresponden exactamente cos que presentaron os valores máximos e mínimos no índice sintético de fecundidade, posto que a natureza dos indicadores é diferente (Clarke, 2000; Giddens, 2002; Mattelart, 1964; Weeks, 1984). Italia, por exemplo, no ano 2015 tiña a menor taxa bruta de natalidade de Europa (8 ‰) e non presentaba o valor máis baixo do índice sintético de fecundidade. Mais, atendendo aos datos publicados por Eurostat, o que si encabezaba Italia nese ano era a listaxe dos países europeos coa maior idade media da primeira maternidade (30,8 anos), sendo Bulgaria o país coa menor idade media da primeira maternidade (26 anos). De todos os países europeos, cinco deles superaban os 30 anos de idade media da primeira maternidade: Grecia e Luxemburgo (32,2 anos), Suíza (30,6 anos), España (30,7 anos) e Italia (30,8 anos). Como vemos, Grecia, Italia e España non só presentan estreitas similitudes en canto ao número medio de fillos por muller ou o número de nacementos por cada mil habitantes, senón que tamén comparten tendencia na idade media da primeira maternidade.

Se nos detemos a analizar o caso concreto de España, vemos que existen certas disparidades territoriais no relativo aos indicadores de fecundidade. Polo que se refire ao índice sintético de fecundidade, os datos publicados polo INE indican que no período 2000-2015 os valores deste indicador incrementáronse lixeiramente en todas as comunidades autónomas, salvo nas Illas Baleares, Canarias, Cataluña e Estremadura. No ano 2000, os valores máis elevados rexistráronse en Melilla (2,01), Ceuta (1,68), Murcia (1,44) e nas Illas Baleares (1,37), mentres que os valores máis baixos mostráronos o Principado de Asturias (0,85), Galicia (0,96) e Castela e León (0,99). Xa no ano 2015, todas as comunidades autónomas e cidades autónomas mostraron valores superiores a 1,00. Melilla continuou mostrando o maior valor do indicador, chegando incluso a superar o nivel de substitución (2,52). Seguíronlle Ceuta (1,86), a Rexión de Murcia (1,57) e a Comunidade Foral de Navarra (1,45), mentres que os valores máis baixos no número medio de fillos por muller rexistráronse no Principado de Asturias (1,01), Canarias (1,05) e Galicia (1,10). En canto á taxa bruta de natalidade, e segundo apuntan tamén os datos publicados polo INE, os valores deste indicador diminuíron no ano 2015 con respecto ao 2000 en todos os territorios, coa excepción de Aragón, Galicia, País Vasco, A Rioxa e Melilla. Esta Cidade Autónoma foi a que presentou os valores máximos do indicador tanto ao inicio como ao final do período de estudo (16,9 ‰ no ano 2000 e 17,8 ‰ no 2015), mentres que o Principado de Asturias mostrou os valores máis baixos en ambos momentos (6,3 ‰ no ano 2000 e 6,1 ‰ no 2015). Os valores medios da taxa a nivel estatal foron do 9,8 ‰ no ano 2000 e do 9,0 ‰ no ano 2015, e, neste último ano, soamente nove comunidades e cidades autónomas mostraron valores superiores á media española: Andalucía (9,6 ‰), Aragón (9,5 ‰), Illas Baleares (9,3 ‰), Cataluña (9,5 ‰), Comunidade de Madrid (10,1 ‰), Rexión de Murcia (10,9 ‰), Comunidade

Foral de Navarra (9,4 ‰), Ceuta (12,9 ‰) e Melilla (17,8 ‰). Finalmente, cómpre destacar que no ano 2015 soamente Ceuta e Melilla presentaron idades medias á primeira maternidade inferiores á media europea (27,8 anos en Ceuta, 28,2 anos en Melilla e 28,9 anos a media da UE-28). Das comunidades autónomas, soamente seis mostraron idades medias da primeira maternidade inferiores á media española (30,7 anos): Andalucía (29,9 anos), Illas Baleares (30,2 anos), Canarias (29,8 anos), Castela-A Mancha (30,4 anos), Estremadura (30,4 anos) e Rexión de Murcia (29,4 anos) (INE).

5.1.3.2 Evolución dos principais indicadores de mortalidade

Segundo os datos ofrecidos polo Banco Mundial e Eurostat, durante o período de estudo a taxa de mortalidade infantil na UE situouse moi por debaixo da media mundial[10]. Mentres que nos anos 2000 e 2015 a media global ascendeu ao 53,2 ‰ e ao 31,4 ‰, na UE rexistráronse taxas do 5,9 ‰ e do 3,6 ‰, respectivamente. No inicio do século, os valores máximo e mínimo da taxa de mortalidade infantil en Europa eran do 18,6 ‰ (Romanía) e do 3 ‰ (Islandia), rexistrándose unha importante diminución do rango no ano 2015, cando o valor máximo do indicador era do 7,5 ‰ (Romanía) e o mínimo de 1,6 ‰ (Eslovenia). Estes datos deixan entrever a existencia de importantes desigualdades espaciais en Europa na taxa de mortalidade infantil durante os primeiros anos do presente século, aínda que son moi inferiores ás rexistradas na segunda metade do século XX. Considerando os países que formaron a CE-12, a maior diferenza neste indicador na década de 1950 atopábase entre Portugal e os Países Baixos, que presentaban taxas de mortalidade infantil en torno ao 90 ‰ e ao 25 ‰, respectivamente. Non obstante, co inicio da terceira fase da transición epidemiolóxica[11] na década de 1960, a taxa de mortalidade infantil descendeu de forma notable en todos países, unha tendencia que continuou nos decenios seguintes e ata a actualidade. Nos anos oitenta, os valores máximos e mínimos deste indicador oscilaban aproximadamente entre o 10 ‰ (Dinamarca) e o 27 ‰ (Portugal). Xa na década dos noventa apreciábase unha clara converxencia nos valores das taxas de mortalidade infantil dos diferentes países. Grecia e Portugal mostraban os valores máis elevados — 15 ‰ e 17 ‰, respectivamente e de forma aproximada— e o resto dos países concentrábanse en valores comprendidos en torno ao 7 ‰ e o 10 ‰ (Eurostat, 2002; Noin, 1993b). Nos quince primeiros anos do século XXI, a taxa de mortalidade infantil en Europa seguiu a súa senda descendente (táboa 5.2). No ano 2015 os valores deste indicador diminuíron en case todos os países europeos, con respecto ao ano 2000. A única excepción constituíuna Malta, onde o valor da taxa se incrementou nun 0,6 durante o período de estudo. As variacións máis acusadas mostráronas aqueles países que ao inicio do período tiñan as taxas de mortalidade infantil máis elevadas, como era o caso de Romanía, Bulgaria e Letonia. Pola contra, as variacións máis modestas presentáronas Francia, Islandia e Suecia. No ano 2000 Islandia (3 ‰) e Suecia (3,4 ‰) eran

[10] De acordo con Eurostat (2009), «a mortalidade infantil considérase universalmente un indicador útil do nivel de saúde, desenvolvemento e calidade da gobernanza dun país» (p. 25).

[11] A teoría da transición epidemiolóxica, desenvolvida por Abdel R. Omran, foi publicada no ano 1971. O concepto *transición epidemiolóxica* fai referencia a unha situación de cambio na que «as enfermidades dexenerativas e provocadas polo home substitúen as pandemias de infección como principais causas de morbilidade e mortalidade» (Omran, 2001, p. 161). Segundo o autor, os patróns de mortalidade distinguen tres etapas sucesivas na transición epidemiolóxica: a era da pestilencia e a fame, a era das pandemias en retroceso e a era das enfermidades dexenerativas e provocadas polo home. Nesta última etapa, «a mortalidade continúa diminuíndo e co tempo achégase á estabilidade a un nivel relativamente baixo». Consecuentemente, «a esperanza de vida media ao nacer aumenta gradualmente ata superar os 50 anos». Polo tanto, «é durante esta etapa que a fecundidade se converte no factor crucial do crecemento da poboación» (Omran, 2001, p. 163).

os países que tiñan as menores taxas de mortalidade infantil de Europa, pasando a ocupar no ano 2015 o terceiro e o quinto posto con taxas do 2,2 ‰ e do 2,5 ‰ respectivamente, ao ser desprazados por Eslovenia (1,6 ‰), Finlandia (1,7 ‰) e Noruega (2,3 ‰). En España a taxa de mortalidade infantil tamén descendeu notablemente ao longo do presente século (4,4 ‰ no ano 2000 e 2,7 ‰ no 2015), situándose no último ano do período de estudio en valores idénticos aos de Chipre e moi próximos tamén aos rexistrados en Suecia. Se cinguísemos a nosa análise unicamente aos países que formaron a CE-12, a diferenza entre os valores máximo e mínimo da taxa de mortalidade infantil non chegaría a dous puntos, tanto no ano 2000 coma no ano 2015. Con todo, as sucesivas ampliacións da UE e do Espazo Schenguen incidiron na existencia de máis amplas desigualdades na taxa de mortalidade infantil entre os diferentes países, debido aos heteroxéneos niveis de desenvolvemento sanitario e socioeconómico dos países membros (Eurostat, 2009). A pesares destas desigualdades, «hoxe en día, Europa é o lugar máis seguro do mundo para que naza e viva un neno, posto que é neste continente onde se atopa a maioría dos países con menor incidencia desta taxa» (F. Castro e Ferreira, 2009, p. 418).

Como comentamos no capítulo anterior, xeralmente as taxas de mortalidade infantil diminuíron conxuntamente coas taxas brutas de mortalidade, posto que os descensos iniciais nesta última tenden a beneficiar principalmente aos bebés de sexo masculino e aos nenos (Clarke, 2000 e Mattelart, 1964). Consecuentemente, a esperanza de vida aumenta e as mortes pasan a concentrarse nas idades máis altas, habendo maior risco de falecemento naquelas idades que se aproximan aos límites da vida humana (Livi-Bacci, 1993; Weeks, 1984). En xeral, todos os países europeos analizados experimentaron importantes reducións nas súas respectivas taxas brutas de mortalidade ao longo do século XX, á vez que variaron tamén as principais causas de morte. Pois dende a segunda metade do século pasado, o cancro e as enfermidades cardiovasculares convertéronse nas principais causas de falecemento (Eurostat, 2009 e 2017). Mais, a pesares das tendencias similares que presentaron os países europeos, continúan apreciándose notables desigualdades nos seus niveis de mortalidade. No ano 2000, os valores máximo e mínimo presentáronos Bulgaria (14,1 ‰) e Islandia (6,5 ‰). No ano 2015, Bulgaria volveu a mostrar o valor máximo da taxa (15,3 ‰), mentres que o valor mínimo presentouno Irlanda (6,4 ‰). Como vemos, no transcurso dos primeiros quince anos do século XXI, a diferenza máxima entre as taxas brutas de mortalidade dos países europeos incrementouse 1,3 puntos. Isto debeuse a que en dezasete dos trinta e dous países analizados a taxa bruta de mortalidade aumentou en valores comprendidos entre o 0,1 e o 3,3. Algúns dos países que mostraron os maiores incrementos correspóndense con aqueles que durante o mesmo período presentaron tamén as taxas de mortalidade infantil e de mortalidade por accidentes de transporte máis elevadas, como por exemplo Bulgaria, Letonia ou Romanía (Eurostat, 2017). No contexto da UE, a taxa de mortalidade global incrementou 0,4 puntos o seu valor durante o período de estudo, ao pasar do 9,9 ‰ no ano 2000 ao 10,3 ‰ no ano 2015.

A variabilidade que existe actualmente nas taxas brutas de mortalidade dos países europeos está máis relacionada coa estrutura por idade das poboacións, que coas diferenzas no risco de morte en persoas da mesma idade. De acordo cos datos do Banco Mundial e Eurostat, a porcentaxe de persoas de 65 anos e máis atópase en continuo crecemento, tanto a nivel mundial como a nivel europeo. Isto significa que o número de persoas que conseguen chegar á vellez é cada vez maior, polo que o número de defuncións increméntase de forma paralela (Eurostat, 2002; Weeks, 1984). Non obstante, como no contexto europeo a mortalidade masculina é xeralmente máis elevada que a feminina en todos os grupos de idade e para a maioría de causas de morte, os

	Taxa de mortalidade infantil (‰)		Taxa de mortalidade total (‰)		Esperanza de vida ao nacer (anos)	
	2000	2015	2000	2015	2000	2015
Alemaña	4,4	3,3	10,2	11,3	78,3	80,7
Austria	4,8	3,1	9,6	9,6	78,3	81,3
Bélxica	4,8	3,3	10,2	9,8	77,9	81,1
Bulgaria	13,3	6,6	14,1	15,3	71,6	74,7
Chipre	5,6	2,7	6,9	6,8	77,7	81,8
Croacia	7,4	4,1	11,2	12,9	-	77,5
Dinamarca	5,3	3,7	10,9	9,2	76,9	80,8
Eslovaquia	8,6	5,1	9,8	9,9	73,3	76,7
Eslovenia	4,9	1,6	9,3	9,6	76,2	80,9
España	4,4	2,7	8,9	9,1	79,3	83,0
Estonia	8,4	2,5	13,2	11,6	71,1	78,0
Finlandia	3,8	1,7	9,5	9,6	77,8	81,6
Francia	4,5	3,7	8,9	8,9	79,2	82,4
Grecia	5,9	4,0	9,7	11,2	78,6	81,1
Hungría	9,2	4,2	13,3	13,4	71,9	75,7
Irlanda	6,2	3,4	8,2	6,4	76,6	81,5
Islandia	3,0	2,2	6,5	6,6	79,7	82,5
Italia	4,3	2,9	9,8	10,7	79,9	82,7
Letonia	10,3	4,1	13,6	14,4	-	74,8
Liechtenstein	9,5	6,2	7,3	6,7	77,0	82,7
Lituania	8,6	4,2	11,1	14,4	72,1	74,6
Luxemburgo	5,1	2,8	8,6	7,0	78,0	82,4
Malta	5,2	5,8	7,5	7,7	78,5	82,0
Noruega	3,8	2,3	9,8	7,8	78,8	82,4
Países Baixos	5,1	3,3	8,8	8,7	78,2	81,6
Polonia	8,1	4,0	9,6	10,4	73,8	77,5
Portugal	5,5	2,9	10,2	10,5	76,8	81,3
Reino Unido	5,6	3,9	10,3	9,2	78,0	81,0
República Checa	4,1	2,5	10,6	10,5	75,1	78,7
Romanía	18,6	7,5	11,4	13,2	71,2	74,9
Suecia	3,4	2,5	10,5	9,3	79,8	82,2
Suíza	4,9	3,9	8,7	8,2	80,0	83,0
Unión Europea	5,9	3,6	9,9	10,4	-	80,6

Táboa 5.2. Evolución dos principais indicadores de mortalidade en países europeos (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do Banco Mundial e Eurostat.

valores das taxas de mortalidade e da esperanza de vida difiren segundo o sexo (Clarke, 2000). Con respecto a este último indicador, cómpre salientar que o seu progreso non foi regular no tempo nin no espazo. Considerando a evolución da esperanza de vida ao nacer nos países que formaron a CE-12, Noin (1993b) sinalou que entre a década de 1950 e finais da de 1980 o valor deste indicador incrementouse en aproximadamente 9 anos. En xeral, a tendencia dos países foi positiva no seu conxunto, mais tamén se apreciaron desigualdades importantes na esperanza de vida en cada sexo durante dito período. Así pois, mentres que a esperanza de vida nas mulleres se incrementou en 10,1 anos, nos homes o aumento foi menor, de 7,9 anos. Cos datos dispoñibles a finais dos década de 1980, para este estudoso había razóns de peso para albiscar que no futuro próximo daquel entón a diferenza na esperanza de vida por sexo comezaría a estreitarse a nivel internacional, debido ao crecente éxito das campañas antitabaco, a diminución do consumo de alcol e graxas animais, a maior frecuencia da práctica de exercicio físico, o maior nivel de educación e tamén a progresiva converxencia nos hábitos de consumo

de homes e mulleres. Chegados ao século XXI, e tomando tamén como referencia os datos publicados polo Banco Mundial e Eurostat, observamos que os países europeos continuaron progresando nos valores das súas respectivas esperanzas de vida. Se consideramos os países da UE-28 no seu conxunto, no ano 2015 presentaron unha esperanza de vida media ao nacer de 80,6 anos, unha cifra relativamente próxima á do Xapón, que nese ano acadou o valor máis elevado de todo o mundo (83,79 anos), despois de Hong Kong (84,28 anos). Como podemos observar nos datos recollidos na táboa 5.3, a diferenza máxima entre o total dos países europeos analizados foi de 8,9 anos no ano 2000, reducíndose a 8,4 anos no 2015. As maiores diferenzas atopáronse entre os países da Europa occidental e os da Europa central e oriental. Así, se no ano 1990 Islandia (78 anos) e Hungría e máis Letonia (69,3 anos en ambos) ocuparon o primeiro e os últimos postos na lista, no ano 2000 foron Suíza (80 anos) e Estonia (71,1 anos) e no 2015 Suíza (83 anos) e Lituania (74,6 anos), respectivamente. España pasou de ocupar o sétimo posto no ano 1990, a converterse no segundo país europeo co valor da esperanza de vida ao nacer máis elevado no ano 2015 (83 anos), relegando a Italia a un terceiro lugar, xa que no ano 2000 era o segundo país europeo co maior valor neste indicador e o primeiro da UE[12]. As desigualdades na esperanza de vida ao nacer entre os países europeos acentúanse se consideramos os datos desagregados por sexo, principalmente entre os países do leste e os do oeste. A esperanza de vida media da UE-28 para os homes foi de 77,9 anos no ano 2015. Nesa data, os países europeos que mostraron o valor máis elevado neste indicador foron Islandia (81,2 anos), Liechtenstein (80,9 anos) e Suíza (80,8 anos), fronte a Lituania, Letonia e Bulgaria, que presentaron os valores máis baixos (69,2, 69,7 e 71,2 anos respectivamente). Polo que se refire ás mulleres, a esperanza de vida media na UE-28 para o último ano do período de estudo foi de 83,3 anos. De todos os países europeos analizados, España rexistrou o valor máis alto deste indicador (85,7 anos), seguida de Francia (85,6 anos) e Suíza (85,1 anos). No extremo oposto, situáronse Letonia (75,9 anos), Bulgaria (78,2 anos) e Romanía (78,6 anos). Dado que durante o período de estudo na meirande parte dos países europeos a esperanza de vida media ao nacer aumentou de forma máis rápida no sexo masculino que no feminino, as diferenzas máximas neste indicador foron maiores nos homes (12,2 anos no ano 2000 e 12 anos no 2015) que nas mulleres (8,2 anos no ano 2000 e 9,8 anos no 2015). Unha explicación a este feito pode residir en que os valores da esperanza de vida ao nacer nas mulleres están máis próximos aos límites biolóxicos da idade, polo que, aínda que tendan a aumentar, os incrementos son menos significativos en termos cuantitativos. Á vista destes datos, podemos afirmar que as previsións de Noin descritas anteriormente eran atinadas para o marco dos países que formaban a CE-12. Porén, a incorporación na Unión de países ex-soviéticos e da órbita soviética tivo como consecuencia un aumento das diferenzas nos indicadores demográficos entre os países que formaron a UE-28.

A grandes trazos, os países europeos seguiron dous patróns de mortalidade nas últimas décadas. Por unha banda, os países occidentais presentaron valores elevados na esperanza de vida

[12]Billari e Dalla (2010) afirmaron que en Italia as marxes de mellora na lonxevidade son amplas. Isto resulta especialmente evidente no caso da mortalidade infantil, xa que no ano 2004 as rexións do sur tiñan un 40 % máis de mortalidade infantil que as rexións do norte, tratándose en moitos casos de mortes evitables. As diferenzas rexionais afectan tamén á supervivencia da poboación adulta por distintas causas de morte, un feito que evidencia igualmente as marxes de mellora na mortalidade deste segmento de poboación. Ademais, cómpre salientar que «sen contar co progreso tecnolóxico en medicina, aínda se poden conseguir grandes melloras, reducindo os factores de risco e fomentando cada vez máis a difusión da prevención, o tratamento e a rehabilitación a toda a poboación» (pp. 78-79). Esta última conclusión acerca dos límites da esperanza de vida en Italia pode ser aplicable a outros países europeos, como España.

de ambos sexos, mentres que por outro lado os países de Europa central e oriental mostraron valores baixos na esperanza de vida en ambos sexos. Entre a década de 1970 e finais da de 1980, nos países occidentais produciuse unha importante diminución da mortalidade, algo que non ocorreu nos países de Europa central e oriental con economías socialistas. Isto orixinou unha desigualdade crecente nos valores da mortalidade entre ambos grupos de países europeos, que se acrecentou aínda máis a raíz da transición das economías socialistas ás economías de mercado, ao producirse un forte aumento da mortalidade que provocou unha caída maior da esperanza de vida nos países das antigas economías socialistas[13]. Durante a década de 1990, a diferenza nas esperanzas de vida de homes e mulleres nestes países chegou a superar os 10 anos (Clarke, 2000; Eurostat, 2009), pero os datos publicados por Eurostat indican que aínda no ano 2015 a diferenza de xénero neste indicador era de 10,5 anos en Lituania e de 9 anos en Estonia. En canto aos países de Europa occidental, en xeral seguiron a pauta que mostraron os países do mundo rico. Nestes, o alongamento da vida humana derivou dunha serie de transformacións iniciadas hai catro séculos no contexto da transición sanitaria. A maior capacidade que ten actualmente a medicina para converter diversas enfermidades dexenerativas en crónicas, así como a influencia mutua entre os progresos realizados na prevención, na detección precoz, na diagnose e na microcirurxía, favoreceron o alongamento do tempo de supervivencia e tamén a redución dos niveis de mortalidade por algunhas das principais causas de morte, como por exemplo o infarto, o ictus ou algúns tipos de cáncer (Billari e Dalla, 2010). Agora ben, se todos os países do mundo rico comparten estes cambios, por que nalgúns países de Europa occidental a supervivencia é maior que noutros? Billari e Dalla (2010) sinalaron que detrás do extraordinario progreso da esperanza de vida que mostrou Italia nun período de tempo tan reducido, atópanse posibles condicionantes biolóxicos, hábitos alimenticios, fortes vínculos familiares e un sistema de sanidade universal implantado no ano 1978. Segundo estes demógrafos, a poboación anciá actual de Italia viviu a súa infancia e a súa xuventude nun contexto de elevada mortalidade, polo que é posible que se corresponda cun grupo de poboación moi seleccionado na súa saúde, en comparación coa poboación anciá de países do norte de Europa. Ademais, a dieta mediterránea favorece tamén a prevención de enfermidades dexenerativas e resulta máis saudable que a dieta típica en Europa centro-setentrional. Pero a diferenza da dieta, que podería chegar a ser alterada en calquera destes países pola dispoñibilidade dos mesmos produtos en diferentes puntos do planeta, existe en Italia un factor que non se dá en todos os países europeos e que sería difícil de incorporar noutras culturas: a existencia de vínculos familiares fortes[14]. Para Billari e Dalla (2010), «en Italia, os fortes vínculos familiares facilitan o control que os fillos adultos exercen sobre a saúde dos anciáns, e o dos adultos sobre a saúde dos mozos» (pp. 75-76). A prestación de axuda mutua que existe entre as diferentes xeracións nas familias é posible grazas á proximidade residencial entre pais e fillos, xa que desta maneira a frecuencia das visitas

[13]Esta situación tamén se apreciou na Federación de Rusia, país dominante da antiga URSS. A comezos deste século o país vivía unha das crises demográficas máis importantes da súa historia, na que o incremento da mortalidade xogou un papel moi destacado na evolución da poboación, tal e como describiu P. Borobio (2002) e como constatan os datos dos indicadores demográficos publicados polo Banco Mundial.

[14]De acordo con Billari e Dalla (2010), os vínculos familiares fortes «prevalecen na Península Ibérica, en Italia, nos Balcáns meridionais, en Grecia, así como en países ricos do Extremo Oriente: Xapón, Corea do Sur, Taiwán, Hong Kong, Macao, Singapur e as rexións máis ricas de China» (p. 28). Pola contra, os vínculos familiares débiles «prevalecen en países do centro e o norte de Europa e nos anglosaxóns de ultramar (Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelandia)» (p. 28). A situación é máis incerta nos países do leste de Europa, posto que «resulta difícil establecer en que medida a natureza e intensidade dos vínculos familiares actuais é atribuíble a diferenzas históricas ou ben á influencia da experiencia comunista» (p. 28).

e dos apoios recíprocos no coidado mantense ao longo da vida. Aínda que actualmente a axuda familiar á poboación anciá trocou parcialmente a un sistema mixto no que participan coidadoras a domicilio, o mantemento da atención personalizada á poboación maior resulta esencial para o control eficaz das enfermidades crónicas. Non obstante, estes estudosos matizaron que «esta forte interacción entre xeracións non tivo un efecto importante sobre a saúde ata o momento no que a prevención e os estilos de vida exerceron un impacto, se ben indirecto, sobre o risco de morte» (p. 76). En todo caso, Billari e Dalla (2010) destacaron a existencia dun elemento fundamental que permitiu alcanzar estes valores récord da esperanza de vida en Italia: a sanidade pública, universal neste país dende hai máis de catro décadas.

	Esperanza de vida ao nacer (anos)		Esperanza de vida ao nacer nos homes (anos)		Esperanza de vida ao nacer nas mulleres (anos)		Diferenza entre sexos (anos)	
	2000	2015	2000	2015	2000	2015	2000	2015
Alemaña	78,3	80,7	75,1	78,3	81,2	83,1	6,1	4,8
Austria	78,3	81,3	75,2	78,8	81,2	83,7	6,0	4,9
Bélxica	77,9	81,1	74,6	78,7	81,0	83,4	6,4	4,7
Bulgaria	71,6	74,7	68,4	71,2	75,0	78,2	6,6	7,0
Chipre	77,7	81,8	75,4	79,9	80,1	83,7	4,7	3,8
Croacia	-	77,5	-	74,4	-	80,5	-	6,1
Dinamarca	76,9	80,8	74,5	78,8	79,2	82,7	4,7	3,9
Eslovaquia	73,3	76,7	69,2	73,1	77,5	80,2	8,3	7,1
Eslovenia	76,2	80,9	72,2	77,8	79,9	83,9	7,7	6,1
España	79,3	83,0	75,8	80,1	82,8	85,7	7,0	5,6
Estonia	71,1	78,0	65,6	73,2	76,4	82,2	10,8	9,0
Finlandia	77,8	81,6	74,2	78,7	81,2	84,4	7,0	5,7
Francia	79,2	82,4	75,3	79,2	83,0	85,6	7,7	6,4
Grecia	78,6	81,1	75,9	78,5	81,3	83,7	5,4	5,2
Hungría	71,9	75,7	67,5	72,3	76,2	79,0	8,7	6,7
Irlanda	76,6	81,5	74,0	79,6	79,2	83,4	5,2	3,8
Islandia	79,7	82,5	77,8	81,2	81,6	83,8	3,8	2,6
Italia	79,9	82,7	76,9	80,3	82,8	84,9	5,9	4,6
Letonia	-	74,8	-	69,7	-	75,9	-	6,2
Liechtenstein	77,0	82,7	73,9	80,9	79,9	84,5	6,0	3,6
Lituania	72,1	74,6	66,7	69,2	77,4	79,7	10,7	10,5
Luxemburgo	78,0	82,4	74,6	80,0	81,3	84,7	6,7	4,7
Malta	78,5	82,0	76,3	79,8	80,5	84,1	4,2	4,3
Noruega	78,8	82,4	76,0	80,5	81,5	84,2	5,5	3,7
Países Baixos	78,2	81,6	75,6	79,9	80,7	83,2	5,1	3,3
Polonia	73,8	77,5	69,6	73,5	78,0	81,6	8,4	8,1
Portugal	76,8	81,3	73,3	78,1	80,4	84,3	7,1	6,2
Reino Unido	78,0	81,0	75,5	79,2	80,3	82,8	4,8	3,6
República Checa	75,1	78,7	71,6	75,7	78,5	81,6	6,9	5,9
Romanía	71,2	74,9	67,7	71,4	74,8	78,6	7,1	7,2
Suecia	79,8	82,2	77,4	80,4	82,0	84,1	4,6	3,7
Suíza	80,0	83,0	77,0	80,8	82,8	85,1	5,8	4,3
Unión Europea	-	80,6	-	77,9	-	83,3	-	5,4

Táboa 5.3. Evolución da esperanza de vida ao nacer segundo o sexo en países europeos (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

Polo que se refire a España, as estatísticas da taxa de mortalidade infantil aportan datos en certa medida rechamantes. De acordo cos datos publicados polo INE, ao igual que aconteceu a nivel europeo, o valor da taxa de mortalidade infantil a nivel estatal descendeu considerablemente,

ao pasar do 4,4 ‰ no ano 2000 ao 2,7 ‰ no ano 2015. O descenso foi xeneralizado en todas as comunidades e cidades autónomas, coa excepción de Cantabria (2,0 ‰ e 3,4 ‰ nos anos 2000 e 2015, respectivamente) e Melilla (5,4 ‰ e 11,2 ‰ nos anos 2000 e 2015, respectivamente). Murcia foi a rexión que mostrou a maior caída da taxa de mortalidade infantil rexistrada durante o período de estudo, descendendo do 6,8 ‰ do ano 2000 ao 2,7 ‰ do 2015. No ano de inicio do século XXI, os valores máximo e mínimo do indicador rexistráronse en Ceuta (10,0 ‰) e Cantabria (2,0 ‰), pero no ano 2015 eses postos foron ocupados por Melilla (11,2 ‰) e o Principado de Asturias (1,8 ‰). Nesta mesma data, superaron a media española a Comunidade Foral de Navarra (2,8 ‰), Andalucía (2,9 ‰), Cantabria (3,4 ‰), Estremadura (3,4 ‰), Ceuta (8,2 ‰) e Melilla (11,2 ‰). Como vemos, no último ano do período de estudo, os valores da taxa de mortalidade infantil nas cidades autónomas excederon enormemente os valores das comunidades autónomas e incluso superaron o valor máximo que presentou Romanía a nivel europeo nese mesmo ano (7,5 ‰). No caso de Ceuta, a taxa de mortalidade infantil triplicou a media española e duplicou a media europea, mentres que Melilla cuadriplicou a media española e triplicou a media europea. Estes datos son os que explican o maior rango interrexional que se rexistrou nos valores do indicador no ano 2015, posto que a diferenza entre os valores máximo e mínimo pasou de ser de 8 puntos porcentuais no ano 2000 a 9,4 puntos porcentuais no último ano do período de estudo. Porén, se temos en conta soamente as comunidades autónomas, apréciase claramente unha tendencia á converxencia nos valores da taxa de mortalidade infantil, xa que a diferenza entre os valores máximo e mínimo descendeu dos 4,8 puntos porcentuais que presentou ano 2000 aos 1,6 puntos porcentuais que mostrou no 2015. Se pasamos a analizar agora os datos da taxa de mortalidade total publicados tamén polo INE, cómpre destacar que a nivel estatal os valores deste indicador situáronse por debaixo do valor medio da UE, tanto no ano inicial do período de estudo (8,8 ‰ en España e 9,9 ‰ na UE no ano 2000) como no ano final (9,0 ‰ en España e 10,3 ‰ na UE ano 2015). Tamén mostraron valores inferiores á media da UE a inmensa maioría das comunidades e cidades autónomas, coa excepción de Aragón, o Principado de Asturias, Cantabria, Castela e León e Galicia, que rexistraron taxas de mortalidade de entre o 10 ‰ (Cantabria) e o 11,6 ‰ (Principado de Asturias) no ano 2000 e de entre o 10,8 ‰ (Aragón) e o 12,9 ‰ (Principado de Asturias) no ano 2015. Xustamente foron estas comunidades autónomas, xunto con Estremadura, as únicas nas que os valores da taxa de mortalidade superaron a media estatal no ano 2015. Pola contra, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla destacaron por ser os territorios que presentaron o menor número de mortes por cada mil habitantes de toda España, tanto no ano 2000 (6,3 ‰ en Ceuta e 6,5 ‰ en Melilla) como no ano 2015 (5,9 ‰ en Ceuta e 6,0 ‰ en Melilla). Se en liñas anteriores apuntamos que a variabilidade que se dá actualmente nas taxas brutas de mortalidade dos países europeos está máis asociada á estrutura por idade das poboacións que ás diferenzas no risco de falecemento en persoas da mesma idade, isto aínda é máis certo, se cabe, nun contexto xeográfico máis reducido, como en España. E é que, as comunidades autónomas que presentaron as maiores taxas de mortalidade no ano 2015 (Asturias, 12,9 ‰; Castela e León, 11,8 ‰; Galicia, 11,6 ‰), son tamén as que nesa mesma data —segundo os datos ofrecidos polo INE— tiñan a maior porcentaxe de persoas de 65 e máis anos e as que mostraron os valores máis elevados no índice de envellecemento demográfico. Finalmente, en canto á esperanza de vida ao nacer, os datos publicados tamén polo INE indican que o valor deste indicador incrementouse 3,4 anos durante o período de estudo (79,3 anos no ano 2000 e 82,7 anos no 2015), superando en 2,1 anos a esperanza media de vida no conxunto da UE no ano 2015. Todas as comunidades e cidades autónomas —sen excepción— rexistraron aumentos na súas respectivas esperanzas de vida dende o ano de inicio

do século XXI e ata o 2015, destacando o caso de Canarias, que pasou de presentar unha esperanza de vida de 77,5 anos no ano 2000 a 81,9 anos no 2015. E é que, no ano 2000, Canarias era a segunda comunidade autónoma co valor máis baixo neste indicador, precedida por Melilla (76,9 anos). No ano 2015, Melilla seguía sendo o territorio coa menor esperanza de vida de toda España e o único que non alcanzaba a cifra de 80 anos. Seguiulle Ceuta, cunha esperanza de vida de 80,3 anos, mentres que nas comunidades autónomas os valores do indicador oscilaron entre os 81,4 anos (Andalucía) e os 84,0 anos (Comunidade de Madrid). A tendencia tamén foi positiva na evolución da esperanza de vida de homes e mulleres. No caso dos homes, no ano 2000 os valores do indicador oscilaron entre os 73,4 anos (Melilla) e os 77,5 anos (Castela-A Mancha), mentres que no ano 2015 ditos valores variaron entre os 77,1 anos (Ceuta) e os 81,1 anos (Comunidade de Madrid). No caso das mulleres, no ano 2000 os valores do indicador movéronse entre os 80,2 anos (Melilla) e os 84,1 anos (A Rioxa), mentres que no ano 2015 os devanditos valores flutuaron entre os 81,5 anos (Melilla) e os 86,5 anos (Comunidade Foral de Navarra).

5.1.4 Movementos migratorios internacionais e interiores

A finais do século XVIII —e logo de tres séculos de imperialismo ibérico e británico— Europa estaba a piques de embarcarse nunha emigración masiva que acabaría configurándose como o fenómeno demográfico máis importante do século XIX, tanto pola súa dimensión como polas implicacións no desenvolvemento doutros continentes. Na orixe e no desenvolvemento desta gran emigración atópase unha confluencia de factores de natureza demográfica e económica. Por unha banda, a aceleración do crecemento da forza de traballo[15] e máis a formación de excedente de man de obra debido ao aumento da produtividade producido pola revolución industrial e o progreso técnico, xerou unha oferta de emigrantes potenciais en Europa. Por outra banda, a dispoñibilidade de terra e espazo e máis a demanda de traballo nas sociedades emerxentes de América e —en menor medida— Oceanía, creou as condicións para a emigración masiva de recursos humanos procedentes do continente europeo. Desta maneira, coa apertura das rutas americanas, Europa pasou de ser un continente de inmigración a converterse nun continente de emigración, sobre todo a partir de 1840[16], cando a emigración europea ao continente americano adquiriu un carácter de fenómeno masivo (Livi-Bacci 1999 e 2002). Os países do noroeste de Europa foron os principais emisores de emigrantes ata —aproximadamente— o ano 1885, pero con posterioridade a esta data foron os países europeos do sur e os do leste os que destacaron polo maior volume de saídas de emigrantes. Este feito estivo asociado tanto ás diferenzas que presentaron os países europeos nos seus niveis de industrialización, como ás condicións nos países de destino (Ogden, 1993). De acordo con Livi-Bacci (1999), e citando soamente os puntos de partida con destinos transoceánicos máis importantes, estímase que entre os anos 1840 e 1932 partiron 18 millóns de persoas dende Gran Bretaña e Irlanda; 11,1 millóns dende Italia; 6,5 millóns dende España e Portugal; 5,2 millóns dende Austria-Hungría; 4,9 millóns dende Alemaña; 2,9 millóns dende Polonia e Rusia, e 2,1 millóns dende Suecia e Noruega. Analizado

[15] Como sinalou Thumerelle (1997), «a expansión demográfica durante a primeira fase da transición non só contribuíu a densificar o poboamento do Vello Continente, senón que participou en gran medida no poboamento dos novos mundos de América e Oceanía» (p. 45).

[16] A emigración transoceánica anterior ao século XIX foi escasa en termos absolutos, pero relevante dende o punto de vista demográfico, político e social. Entre outras razóns, porque «creou as bases receptivas para posteriores emigracións, bases establecidas sobre unha lingua común, unha cultura semellante e unhas estruturas familiares e sociais análogas» (Livi-Bacci, 1999, p. 161).

este fluxo migratorio dende os puntos de destino, e citando soamente os principais destinos, calcúlase que chegaron aos Estados Unidos 34,2 millóns de persoas; 7,1 millóns a Arxentina e Uruguai; 5,2 millóns ao Canadá; 4,4 millóns ao Brasil; 3,5 millóns a Australia e Nova Zelandia e, 0,9 millóns a Cuba. Se ben debemos ter en conta que este fluxo migratorio deu tamén lugar a grandes correntes de retorno, as cifras que acabamos de sinalar dan idea da importancia que tivo a emigración no sistema demográfico europeo. Italia, por exemplo, descontando os retornos, perdeu 8 millóns de habitantes entre os anos 1861 e 1961. Pero o punto álxido da gran emigración tivo lugar nos primeiros anos do século XX, antes do estalido da Primeira Guerra Mundial, xa que coa contenda cesaron as condicións que fixeran posible a emigración. Estímase que entre os anos 1906 e 1915 emigraron anualmente dende Europa aproximadamente 1,4 millóns de persoas, unha cifra que se reduciu a uns 0,6 millóns de persoas entre 1921 e 1930, e que descendeu a pouco máis de 100.000 persoas entre 1930 e 1940. O maior freo á emigración supuxérono as restricións á inmigración impostas polos países de destino da emigración europea, principalmente as adoptadas polos Estados Unidos, que era o principal destino deses fluxos migratorios. Tras a Segunda Guerra Mundial, a emigración transoceánica recuperouse brevemente, pero nun contexto moi distinto e cun predominio da emigración que tiña por obxectivo a reunificación familiar ou o asentamento de persoas refuxiadas de guerra. Foi así como a Primeira Guerra Mundial supuxo o comezo do fin da gran emigración europea (Livi-Bacci 1999 e 2002; Ogden, 1993).

Na posguerra da Segunda Guerra Mundial, o patrón dos movementos migratorios da poboación europea mudou por completo. Dende o ano 1945 e ata comezos da década de 1960, os países europeos podían dividirse en dous grandes grupos. O primeiro grupo estaba formado por países como Francia, Alemaña ou Reino Unido, países cuxo crecemento económico dependía da contratación de man de obra estranxeira. O segundo grupo estaba integrado por Irlanda e máis os países do sur de Europa (especialmente Italia, España e Portugal), que se converteron nos principais países exportadores de man de obra con destino aos países do primeiro grupo. Mais non foron os únicos, xa que estes aproveitaron os seus vínculos coloniais e ex-coloniais para nutrirse dun maior volume de recursos humanos. Así, Francia atraeu man de obra procedente do norte de África; o Reino Unido, do Caribe e do sur de Asia; e Alemaña occidental, do leste e tamén de Turquía, Iugoslavia e Grecia. Por conseguinte, nas capitais e nas grandes cidades de moitos países do noroeste de Europa, establecéronse importantes poboacións de minorías étnicas. Porén, foron varios os factores que contribuíron tamén a alterar este patrón migratorio durante as décadas de 1970 e 1980. En primeiro lugar, o endurecemento das políticas de inmigración laboral que levaron a cabo diversos países durante a recesión económica de principios da década de 1970, provocou unha importante diminución da migración laboral. En segundo lugar, as necesidades de man de obra cambiaron a medida que declinou a industria manufactureira e cobraron importancia as industrias de servizos, polo que a man de obra inmigrante feminizouse cada vez máis e a inmigración de persoas cualificadas adquiriu un papel relativamente maior. E, en terceiro lugar, a caída do Muro de Berlín e o colapso do bloque comunista provocaron un novo período de incerteza nas presións migratorias, así como tamén un salto repentino nos fluxos de saída de persoas dende os Estados membros do Pacto de Varsovia, en dirección aos países de Europa occidental. Como consecuencia destes tres factores, a xeografía da migración na Europa de comezos da década de 1990 cambiou drasticamente, ao producirse unha marcada escalada de fluxos migratorios cara a Europa occidental, procedentes tanto do leste coma do sur. Pois, países como España e Italia, que foran exportadores de man de obra, comezaron tamén a experimentar inmigración de persoas procedentes de países o Terceiro Mundo. No ano

1990, dos 13 millóns de persoas estranxeiras que vivían na UE-12, 8 millóns de persoas (máis do 60 %) procedían de países non membros da Unión, e a metade destas proviñan do norte de África, de Iugoslavia e de Turquía. Neste contexto, coa sinatura do Tratado de Maastrich —que entrou en vigor no ano 1993— púxose de manifesto a importancia do control da inmigración, tanto dentro como fóra da Unión Europea (T. Champion, 1998; Ogden, 1993; Salt, 1993).

Polo que se refire á migración interna, cómpre destacar que os patróns das migracións que se produciron dentro dos países europeos tamén se viron alterados durante as tres últimas décadas do século XX. No inicio do período da posguerra da Segunda Guerra Mundial, a migración rural-urbana era a predominante na maior parte de Europa. Non obstante, este patrón comezou a esvaecer nas décadas de 1960 e 1970, primeiro no noroeste de Europa e máis en Italia e, posteriormente, noutras partes do sur de Europa. Paralelamente, a medida que a sociedade se volveu máis móbil, as persoas adaptaron cada vez máis a localización das súas vivendas ás súas etapas vitais e a unha maior variedade de estilos de vida, polo que foron aumentando en volume outros tipos de migración. Tony Champion (1998) destacou catro forzas da mobilidade residencial que cambiaron o comportamento da migración interna en Europa. En primeiro lugar, a migración de persoas xubiladas volveuse un fenómeno cada vez máis frecuente. Isto asociouse coa «introdución de pensións transferibles e con máis persoas que son propietarias da súa casa e que así poden liberar capital ao cambiala por unha máis pequena nunha área máis barata afastada das principais cidades e das súas zonas de desprazamento» (p. 254). En segundo lugar, tamén se incrementaron as persoas mozas que abandonan os seus fogares durante a adolescencia e os primeiros anos da vida adulta, «a miúdo moito antes de considerar o matrimonio e en moitos casos mudándose a certa distancia para beneficiarse de educación e formación superior ou para aproveitar mellores oportunidades de traballo» (p. 254). En terceiro lugar, «o rápido crecemento da cohabitación, o divorcio e as segundas nupcias tamén constitúen unha nova forza importante para a mobilidade residencial» (p. 254). E en cuarto e último lugar, «as familias con nenos, que tradicionalmente formaron a columna vertebral do proceso de suburbanización, fóronse afastando máis dos núcleos das cidades, a medida que os desprazamentos de máis longa distancia se fixeron máis doados» (p. 254). Este tipo de migración está relacionado tanto coa mellora dos servizos nas vilas máis pequenas e nas rexións máis rurais, como coa descentralización do traballo[17].

As formas de migración internacional que tiveron lugar en Europa nos séculos XIX e XX, descritas en parágrafos anteriores, moldearon durante moito tempo o pensamento sobre a conceptualización e a teorización da migración. A isto débese a existencia —aínda a día de hoxe— de falsas e estendidas suposicións acerca do perfil das persoas que migran, como o feito de pensar que «a esencia dunha definición de migrante é alguén que é pobre, desarraigado, marxinal e desesperado» (King, 2002, p. 89). Porén, o perfil e as motivacións que presentan na actualidade as persoas inmigrantes difiren considerablemente con respecto ao século pasado. O nivel educativo de moitas destas persoas que chegaron máis recentemente a Europa procedentes doutros

[17]Este último aspecto está aludindo á *contraurbanización*, un fenómeno que xurdiu nos anos setenta nos Estados Unidos e que —no contexto dos sistemas de asentamentos dos países desenvolvidos— pode ser definido como «o proceso de movemento de persoas e actividades económicas dende as áreas urbanas cara as rurais». A composición social dos fluxos de poboación urbana que mudan a súa residencia ás áreas rurais é variada. Adoitan ser «xubilados que buscan lugares tranquilos e cun medio ambiente san», «emigrantes retornados que regresan ás súas orixes tras traballar na cidade», «grupos sociais en busca de formas de vida diferentes relacionadas coas filosofías verdes» (*contraurbanización contracultural*) ou tamén «profesionais liberais da medicina, administración ou educación que exercen nas áreas rurais tanto nos servizos públicos como privados» (L. López, 2015, p. 126).

continentes é alto, pero as oportunidades laborais dispoñibles para elas nos países de destino restrínxense a aqueles postos de emprego de menor cualificación e status, que son rexeitados pola cidadanía europea. Ademais, aínda que este tipo de migrantes continúen caracterizándose como «migrantes económicos», non se corresponden co tipo clásico de «migrantes laborais», xa que as súas motivacións transcenden a esfera económica. Para moitas destas persoas migrantes, «mudarse a Europa, por calquera medio (e a miúdo o prezo é moi alto), é parte dun soño de autorrealización» (King, 2002, p. 95). Polo tanto, á motivación económica tradicional presente na migración laboral, haille que engadir agora razóns como o entusiasmo, a experiencia, o ocio ou o «ver o mundo», algo que posiblemente estea reflectindo o seu maior nivel educativo e o consumo de imaxes dos estilos de vida occidentais a través dos medios globais (King, 20002).

Seguindo a King (2002), algúns dos tipos e fluxos migratorios internacionais máis recentes en Europa son os seguintes[18]:

- *Migracións de crises: migracións de persoas refuxiadas, migracións irregulares e migracións «ilegais»*. Dende mediados da década de 1980, unha das principais características das migracións globais e europeas foi o crecemento das migracións de persoas refuxiadas debido a crises políticas, relixiosas, étnicas e ambientais. Entre as migracións provocadas por crises e que afectaron a Europa como lugar de destino destacan as que se orixinaron a raíz da Guerra do Golfo, a persecución de poboacións kurdas en Turquía e Iraq, as guerras e as fames que tiveron lugar en diferentes partes de África, a desintegración da antiga Iugoslavia, a guerra civil Siria ou as transicións políticas que tiveron lugar no ano 2011 en África Setentrional e Oriente Medio. Pero ademais, produciuse un forte aumento da migración «ilegal» ou irregular, «en resposta a fortes factores de empuxe que operan dende os países de orixe, e no contexto de réximes de control da inmigración cada vez máis estritos impostos polos estados de Europa Occidental» (p. 96).
- *Migración feminina independente*. Ata comezos da década de 1980, houbo unha enorme tendencia a considerar as mulleres migrantes como dependentes ou seguidoras dos homes migrantes. Esta tendencia mudou, ao entrar nunha nova fase de migración feminina, caracterizada pola «migración independente de mulleres en resposta ás necesidades das economías de servizos europeas e globais» (p. 97). Dentro da migración feminina que ten como destino Europa, destacan a migración de traballadoras sexuais (incluída a trata), o comercio internacional de esposas e a migración de empregadas do fogar e coidadoras.
- *Migración de persoas cualificadas e profesionais*. Aínda que existen exhaustivos estudos sobre este tipo de migración dende mediados da década dos anos oitenta, dende o ano 1989 xurdiron novos fluxos de migración de persoas cualificadas orixinarias de Europa do leste. En xeral, trátase de fluxos multidireccionais e temporais formados por persoas executivas de empresas, enxeñeiras, consultoras, persoal de organizacións internacionais, deportistas, artistas, etc. É un «tipo de migración flexible que se combina con (e tende a ser substituída por) viaxes de negocios e contratos de curta duración e visitas para solucionar problemas» (p. 98). Se ben a migración de persoas cualificadas e profesionais «radica no corazón dos intentos de integrar Europa a través da libre circulación de persoas, bens, servizos e capital *dentro* da UE» (p. 98), a crecente facilidade de movemento crea

[18] Aínda que estamos aludindo a fluxos migratorios internacionais en Europa, o que comentemos sobre migracións de estudantes, migracións amorosas e migracións de preferencia ambiental pode ser extrapolado tamén ao contexto das migracións internas que se producen dentro de cada país.

unha polarización entre as elites e a man de obra altamente cualificada, por unha banda, e as persoas inmigrantes «pobres» e solicitantes de asilo, por outra banda. De feito, «esta división xerárquica emerxente é un dos contrastes máis claros que se abren no novo mapa das migracións europeas» (p. 98).

- *Migración lanzadeira*. Se ben os estudos convencionais sobre migración baseáronse nunha orixe, nun destino e nun traslado máis ou menos definitivo e estatisticamente medible, as novas xeografías e temporalidades dos desprazamentos puxeron en cuestión este fundamento. Pois, «agora, moitos desprazamentos son múltiples e espacialmente caprichosos» (p. 98), sen mostrar unha secuencia espacial determinada. Nisto inflúen dous factores importantes, relacionados co papel dual que teñen hoxe as fronteiras. Por unha banda, «a eliminación das fronteiras dentro da UE facilita unha intensificación da mobilidade entre e a través dos estados da Unión» (p. 98). Por outra banda, «a xustaposición de países con diferentes niveis de desenvolvemento económico e con diferentes sistemas sociais e culturais, especialmente dentro e fóra da fronteira da UE, crea as condicións para novas dinámicas de desprazamento» (p. 98). En gran parte, este tipo de migración —que pode ser de duración moi variable— representa «unha adaptación dos novos tipos de mobilidade económica aos réximes de visado e acceso impostos pola UE» (p. 98), especialmente visados de tipo turístico. Neste sentido, a migración lanzadeira transfronteiriza pode deberse á procura de oportunidades laborais a curto prazo, así como tamén á compra venda de bens con diferentes prezos e situacións de mercado a cada lado da fronteira. Mais cómpre ter presente que «moitas viaxes teñen varios propósitos, combinando turismo e compras con comercio e traballo a curto prazo» (p. 98).

- *Migración de estudantes*. As migracións de estudantes son «unha forma de mobilidade europea que se ignorou durante moito tempo pero que é cada vez máis importante» (pp. 98-99), polo crecente aumento da mobilidade dos estudantes dentro de Europa a través dos programas Erasmus e Sócrates, implementados pola Comisión Europea na década de 1980. A pesares de que «as migracións de estudantes son unha parte importante da mobilidade interna da poboación moza dentro dos países europeos» (p. 99), apenas se estudou a relevancia migratoria das persoas que van estudar á universidade. A súa importancia reside principalmente en dúas áreas. Por unha banda, resulta de interese coñecer as implicacións que ten o paso inicial á universidade na posterior distribución da poboación nacional. É dicir, «os estudantes tenden a quedar nas súas cidades universitarias, regresan á casa, ou múdanse a outro lugar?» (p. 99). Por outra banda, xorden as mesmas cuestións para as migracións de estudantes internacionais, como por exemplo as persoas que pasan un ano académico nunha universidade estranxeira. É dicir, «os estudantes tenden a preservar os seus vínculos afectivos e institucionais co seu destino do "Ano no Estranxeiro", ou non se ven afectadas as súas futuras propensións a migrar?» (p. 99). Cómpre destacar que a migración de estudantes pode ser considerada como «un subconxunto da migración xuvenil motivada por unha combinación de obxectivos educativos máis amplos e experiencia/viaxes/pracer, quizais facilitada ou intercalada con traballo ocasional ou temporal» (p. 99). De feito, o ano sabático que adoitan coller principalmente os estudantes de países do norte de Europa, ben no paso do instituto á universidade ou ben na transición entre a graduación e o emprego, exemplifica esta combinación de motivacións. Polo tanto, vemos, novamente, como a superposición de diversos tipos de mobilidade socioeconómica desafía as categorizacións migratorias e motivacionais.

USC DE SANTIAGO

- *Migracións amorosas*. No contexto das migracións contemporáneas, as migracións por amor están aumentando, tanto dentro como fóra de Europa. Algúns dos factores que posibilitan este tipo de migración son a expansión da competencia lingüística, a difusión das industrias de experiencia global (turismo, viaxes, ocio, educación, *networking*...) e o desenvolvemento das tecnoloxías de comunicación e transporte, que incrementan as posibilidades de manter ese amor transnacional. As grandes cidades, «especialmente aquelas con funcións multinacionais explícitas, son os principais nodos para esta intensificación do contacto persoal transnacional, relacións, parellas e matrimonios» (pp. 99-100).
- *Migracións de preferencia ambiental*. As migracións de preferencia ambiental constitúen a antítese das migracións de motivación económica, sendo realizadas por aquelas persoas que dan prioridade á calidade de vida e a consideracións estéticas. Trátase de «"migracións de estilo de vida" nas que o traslado a unha agradable paisaxe rural ou a un clima máis soleado permite a certas persoas desfrutar dunha vida máis relaxada e saudable nunha cultura algo diferente e máis atractiva que a propia» (p. 100). Unha variante deste tipo de migración constitúea a migración internacional de xubilación, como por exemplo a que realizan persoas xubiladas procedentes do Reino Unido que se instalan no sur de España.

Estas formas de migración que acabamos de describir, que reflicten a diversidade dos procesos migratorios producidos en Europa dende a década de 1980, son consecuencia das novas divisións internacionais do traballo, da nova xeopolítica europea posterior á Guerra Fría, das novas motivacións das persoas migrantes, das novas tecnoloxías e flexibilidades espazo-temporais e da actual noción de migración como consumo e autodescubrimento. Con esta diversificación de formas migratorias púxose de manifesto a importancia que teñen nestes procesos factores diferentes aos económicos e aos políticos, á vez que dilúen os límites entre a convencional división entre migración e mobilidade. E non só iso, senón que tamén dilúen os límites entre as dicotomías migratorias tradicionais, é dicir, entre migración interna e internacional, migración voluntaria e migración forzosa, migración temporal e migración permanente ou migración legal e migración ilegal. Todo isto xustificou —e xustifica— a emerxencia dunha crecente necesidade de cambiar os enfoques metodolóxicos que se empregan para definir e estudar a migración (King, 2002).

Como apunte sobre a situación migratoria nos países europeos durante o período de estudo, cómpre sinalar que os datos do saldo migratorio correspondentes aos anos 2002, 2007 e 2012 publicados polo Banco Mundial mostran que os únicos países que presentaron saldos negativos neses tres momentos foron Bulgaria, Croacia, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia e Romanía (táboa 5.4). Ademais, o impacto da crise económica mundial do ano 2008 deixouse notar nos saldos migratorios de España, Irlanda e Islandia, países que pasaron de rexistrar saldos migratorios positivos dende finais da década dos anos noventa a rexistrar valores negativos no ano 2012. A situación foi similar en Grecia, aínda que neste país o saldo migratorio xa fora negativo tamén no ano 2007. E é que, no contexto da Unión Europea, os países do sur foron os máis afectados pola crise, cunhas consecuencias que afectaron ao aumento dos fluxos migratorios de saída, tanto de poboación estranxeira como de poboación nacional (Domingo e Blanes, 2016; González-Ferrer, 2013; OIM, 2015; Steger, 2019). Coa excepción de Eslovaquia, que mostrou un saldo migratorio negativo unicamente no ano 2007, o resto dos países europeos mantiveron valores positivos nos tres anos sinalados. Ademais, no ano 2012, os valores positivos do saldo migratorio rexistrados en Alemaña, Austria , Finlandia, Luxemburgo, Malta, Noruega e Suíza

foron os máis elevados da serie. En relación ao aumento do saldo migratorio positivo que rexistraron Malta e máis Italia ano 2012 con respecto ao 2007, as cifras gardan relación coa chegada de poboación migrante procedente de Libia e Tunes no ano 2011 (OIM, 2011). En xeral, de entre todos os países europeos analizados, as variacións do saldo migratorio máis salientables foron as que experimentaron Alemaña e España. No ano 2002, España era o país europeo co maior saldo migratorio positivo, seguido de Italia. No ano 2007, España mantivo esa mesma posición aínda que con valores lixeiramente inferiores, seguíndolle o Reino Unido e tamén Italia. Pero no ano 2012, o saldo migratorio de España caeu a valores negativos, á vez que os saldo migratorio de Alemaña ascendeu de forma notable. Estas cifras semellan estar asociadas á caída das entradas de persoas inmigrantes e máis o aumento dos fluxos migratorios de saída que tiveron lugar en España tras a crise, así como tamén ao importante incremento de poboación inmigrante que experimentou Alemaña nos anos posteriores ao estalido da crise mundial. De feito, como apuntamos no capítulo anterior, no ano 2015 Alemaña e máis o Reino Unido ocuparon o cuarto e o quinto lugar —respectivamente— na listaxe dos países que concentraron o maior número de migrantes internacionais a nivel mundial[19].

Polo que se refire a España, o século XIX supuxo o comezo do período contemporáneo das migracións externas, ao igual que aconteceu noutros países europeos. Dende o inicio das correntes migratorias exteriores e ata finais da década dos anos oitenta, distínguense tres direccións principais neste tipo de desprazamentos: a corrente alxerina, a emigración a ultramar e a emigración a Europa. En primeiro lugar, dende 1830 produciuse unha emigración española ao norte de África, dirixida fundamentalmente a Alxeria, coincidindo coa colonización francesa deste territorio. A orixe xeográfica das persoas emigrantes limitouse esencialmente a Alacante, Murcia, Almería e as Illas Baleares, sendo os principais destinos Orán e Alxer. A estes lugares desprazáronse maioritariamente varóns en idade activa dedicados á agricultura, que atoparon na emigración unha solución ás condicións de penuria que vivían nos seus campos. Se ben esta emigración era emprendida coa idea de retornar axiña aos lugares de orixe, naqueles casos nos que se aseguraba a continuidade laboral, producíase a reunificación familiar no lugar de destino e prolongábase a estadía, chegando a ser definitiva para algunhas persoas. O punto álxido desta emigración tivo lugar no ano 1900, cando se contabilizaron 160.000 persoas españolas residentes. A partir desa data, a emigración foise reducindo progresivamente. En segundo lugar, a mediados do século XIX retomouse a emigración a ultramar. Nos tempos da conquista xa se iniciara unha corrente migratoria cara a América, pero esta reducírase considerablemente no século XVIII. Foi a partir do ano 1853 cando se comezou unha nova etapa nesta corrente migratoria ao continente americano, converténdose na máis importante da emigración externa —salvo en contadas ocasións— dende finais do século XIX e ata mediados do século XX. En xeral, os principais destinos da emigración española a ultramar foron países latinoamericanos, aínda que durante a última etapa tamén chegaría a adquirir certa importancia a emigración española a países como os Estados Unidos, Australia ou Canadá. Cómpre destacar que a emigración latinoamericana foi unha corrente eminentemente atlántica na que predominaron persoas de orixe galega, asturiana e canaria. Non obstante, Galicia xa se definira como unha área emigratoria con anterioridade ao inicio do ciclo contemporáneo da corrente latinoamericana. Pois, ao menos dende o século XVIII, en Galicia xa existía un éxodo de temporada no que persoas campesiñas e persoas que desempeñaban oficios ambulantes se desprazaban cara a Portugal, Castela e Andalucía. O cambio de orientación produciuse a mediados do século

[19] https://migrationdataportal.org/es

	2002	2007	2012
Alemaña	824.445	43.087	1.938.576
Austria	178.117	153.763	267.172
Bélxica	219.560	294.270	258.672
Bulgaria	-85.500	-83.742	-24.472
Chipre	57.530	58.658	22.509
Croacia	-2.580	-10.499	-38.493
Dinamarca	46.306	87.989	106.841
Eslovaquia	1.199	-8.855	11.346
Eslovenia	14.998	39.348	16.571
España	2.908.209	2.273.848	-520.442
Estonia	-18.406	-15.151	-10.516
Finlandia	31.935	57.558	81.416
Francia	926.483	446.120	423.831
Grecia	113.586	-370.769	-161.799
Hungría	61.589	25.150	29.999
Irlanda	201.467	197.285	-111.819
Islandia	2.940	12.007	-2.163
Italia	1.664.343	1.050.948	1.637.369
Letonia	-72.490	-86.594	-83.325
Lituania	-99.104	-150.930	-146.217
Luxemburgo	14.473	42.279	48.704
Malta	5.611	5.737	15.505
Noruega	67.400	163.433	221.814
Países Baixos	146.020	65.713	62.687
Polonia	-183.471	-178.456	-320.806
Portugal	178.353	92.133	-140.000
Reino Unido	992.223	2.189.404	1.300.231
República Checa	47.402	250.889	59.997
Romanía	-468.204	-774.651	-300.001
Suecia	141.723	262.453	253.958
Suíza	186.125	344.872	397.267
Unión Europea	6.853.594	3.767.581	3.377.263

Táboa 5.4. Evolución do saldo migratorio en países europeos (2002-2012).
Fonte: elaboración propia a partir do Banco Mundial.

XIX, momento a partir do que a presenza de persoas de orixe galega será cuantiosa na corrente española transoceánica, ostentando o protagonismo a nivel español incluso nos anos posteriores á Segunda Guerra Mundial e ata o final desa corrente. En xeral, a partir de 1960 acentuouse a tendencia decrecente experimentada dende a posguerra da segunda contenda mundial, dándose practicamente por finalizada a era das grandes migracións atlánticas na década de 1970. Ao longo dos anos que durou esta corrente migratoria contemporánea a ultramar, o perfil das persoas emigrantes e os lugares de destino mudaron a medida que os cambios socioeconómicos globais afectaron ás economías dos países de destino, países que aplicaron políticas de inmigración cada vez máis restritivas e selectivas. Ao igual que aconteceu na corrente alxerina, nun principio predominaron os varóns mozos que no seu lugar de orixe se dedicaban á agricultura, aínda que neste caso a emigración foi máis permanente e permitiu unha maior saída de mulleres, polas maiores posibilidades económicas. Mais foi a demanda de obreiros industriais e técnicos —entre outros factores— a que contribuíu a reducir o volume da emigración española nos países latinoamericanos na década dos anos cincuenta, xa que por aquel entón non abundaba este perfil de cualificación en España. De feito, entre os anos sesenta e finais dos anos setenta, o número de traballadores industriais e profesionais superou á poboación agrícola. Ademais,

nesta época, a emigración destacou polo seu carácter de reunificación familiar, habendo unha gran proporción de mulleres sen profesión e nenos menores de 15 anos. Por último, polo que se refire á corrente migratoria a Europa, cómpre salientar que con anterioridade á posguerra da Segunda Guerra Mundial os destinos da poboación emigrante española foron basicamente Francia e Portugal. Pero foi a partir de finais dos anos cincuenta cando a emigración a Francia comezou a adquirir certa importancia, momento no que a corrente migratoria a Europa tamén se ampliou a outros países europeos. Pois o período de expansión económica iniciado coa reconstrución interna dalgúns países durante a posguerra, atraeu man de obra española, nun contexto que en España se caracterizaba pola existencia dun forte crecemento demográfico, a incapacidade da industria para absorber a poboación agraria ou a adversa situación que vivía o campo no sur. A combinación de todos estes factores derivou no comezo dunha nova etapa migratoria que chegou a superar, incluso, as cifras de comezos de século. En certo sentido, pola orixe agraria dunha parte considerable das persoas emigrantes, esta corrente supuxo unha prolongación da emigración transoceánica anterior, pero cunha gran diferenza: desta volta, as rexións atlánticas non constituíron as principais áreas de procedencia da poboación emigrante. En xeral, todas as rexións españolas participaron na emigración permanente cara o continente europeo, pero as que aportaron un maior número de persoas emigrantes foron Andalucía e Galicia, sendo as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra as que presentaron as maiores porcentaxes de emigración permanente de toda España. O perfil de persoa emigrante neste tipo de emigración mantívose practicamente invariable ao longo desta corrente migratoria, que estaba maioritariamente integrada por varóns adultos comprendidos entre os 20 e os 55 anos e que tiñan como principais destinos Francia, Alemaña e Suíza. Xa na segunda metade dos anos setenta, a raíz da crise da corrente migratoria cara a países europeos e máis do declive da corrente migratoria a ultramar, miles de persoas españolas cun certo nivel de cualificación emigraron aos países árabes exportadores de petróleo. Así, entre os anos 1980 e 1985, unhas quince mil persoas partiron de España con destino a Alxeria, Arabia Saudita, Iraq e Libia, emigrando a maioría deles a Alxeria (Puyol, 1990). Pero o progreso socioeconómico que experimentou España tras a instauración da democracia e a súa integración na Comunidade Económica Europea, influíu no acusado descenso que rexistraron os fluxos emigratorios internacionais nos últimos anos do século XX, especialmente dende mediados da década de 1990, cando a emigración española ao exterior xa tiña escasa entidade (Consejo Económico y Social, 2019; R. Muñoz e Antón, 2010).

Fronte a esta importante tradición emigratoria internacional que experimentou España dende o século XIX, cómpre destacar que no transcurso dos anos comprendidos entre 1980 e o 2000, España pasou de ser un país de emigración a un país de inmigración. Esta dinámica reflicte a tendencia que iniciaron a finais dos anos oitenta os países do sur de Europa, que, en plena crise económica e con taxas de paro elevadas, transformáronse en países receptores de persoas inmigrantes[20]. A explicación deste fenómeno garda relación co proceso de desenvolvemento económico que experimentaron estes países, xa que este factor constitúe un dos motores dos movementos migratorios (Camarero e Sampedro, 2019; R. Muñoz e Antón, 2010). Neste contexto, unha das principais razóns polas que o fenómeno da inmigración a España ten interese é o feito de que «en pouco máis dun cuarto de século, España pasou de ser un país de emigran-

[20]En España, a primeira lei de estranxeiría entrou en vigor no ano 1985 (*Ley Orgánica 7/1985, de 1 de julio, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España*). A esta norma «seguíronlle sucesivas reformas e iniciativas no ámbito do emprego e a integración social, que foron configurando a política española de inmigración, mentres o fenómeno se consolidaba como un elemento estrutural da sociedade española» (Consejo Económico y Social, 2019, p. 43).

tes a converterse nun dos países da Unión Europea que acolle a unha maior parte de persoas procedentes doutros países» (R. Muñoz e Antón, 2010, p. 17). Pois a raíz da transformación política, económica e social que viviu España, o atractivo do país como lugar de establecemento para persoas procedentes doutros países aumentou, converténdose, tamén, nunha das principais portas de entrada ao territorio da Unión (Consejo Económico y Social, 2019). Con todo, a entrada de persoas inmigrantes en España non revestiu unha dimensión significativa ata o século XXI. De acordo con Serrano-Martínez e García-Marín (2013), no ano 1981 o número de persoas estranxeiras residentes en España foi inferior ás 200.000 persoas e superou lixeiramente as 360.000 persoas no ano 1991. A chegada de persoas estranxeiras acelerouse de forma intensa e rápida dende mediados da década dos anos noventa, iniciándose o século XXI cun total de 923.879 persoas estranxeiras residentes en España, tal e como reflicten os datos publicados polo INE. A partir de entón, e segundo esta mesma fonte, o volume de poboación estranxeira continuou aumentando en termos absolutos ata acadar o valor máximo no ano 2011, cando se contabilizaron 5.751.487 persoas. Dende esa data e ata o final do período de estudo, o número de persoas estranxeiras residentes en España descendeu paulatinamente, ata situarse en 4.729.644 persoas no ano 2015. En termos relativos, a evolución da poboación estranxeira residente en España[21] pasou de representar o 2,3 % do total da poboación española no ano 2000, ao 12,2 % no ano 2011 e o 10,1 % no ano 2015. En xeral, no ano 2015 a poboación estranxeira residente en España incrementouse un 411,9 %, con respecto ao ano 2000. Se desagregamos os datos das inmigracións por continente de procedencia, as porcentaxes variaron pouco ao longo do período de estudo, con valores inferiores ao 3 %, en valor absoluto. No ano 2015, o continente europeo foi o principal emisor de poboación inmigrante a España (46,6 %), seguíndolle América (23,3 %), África (22,1 %), Asia (8,2 %) e Oceanía (0,1 %). Neste punto, cómpre resaltar que a meirande parte da poboación inmigrante procedente do continente europeo correspóndese con persoas que chegaron de países da UE-28 (42,9 % no ano 2000 e 41,2 % no 2015). Ademais, polo importante peso que tivo América na inmigración española e polos profundos lazos culturais que este continente mantén con España, faise necesario desagregar a procedencia da poboación inmigrante americana para afondar nas súas orixes. Así, sabemos que tanto no ano 2000 como ano 2015, as persoas inmigrantes chegadas dende América do Sur foron maioritarias en relación ao resto do continente americano (14,7 % no ano 2000 e 17,9 % no 2015). Mais se nos centramos unicamente na nacionalidade das persoas inmigrantes, con independencia do continente de procedencia, os cambios foron significativos durante o período de estudo. No ano 2000, a listaxe de países emisores de persoas migrantes a España estaba encabezada por Marrocos e o Reino Unido (173.158 e 99.017 persoas, respectivamente). A suma da poboación residente en España procedente destes dous países supuxo a terceira parte do total da poboación inmigrante (29 %). En números absolutos de persoas inmigrantes, ao Reino Unido seguiulle Alemaña, Francia, Portugal, Italia, Perú e Colombia. Porén, se analizamos a listaxe de países emisores de persoas migrantes a España no ano 2015, Romanía ocupou a primeira posición. E é que a poboación inmigrante romanesa residente en España pasou das 6.410 persoas no ano 2000 ás 752.268 persoas no ano 2015, data na que representaba o 15,9 % do total da poboación inmigrante. Xunto con Marrocos, o número de persoas procedentes destes

[21] Na interpretación da evolución temporal da poboación estranxeira residente en España debe terse en conta o forte impacto que tivo sobre os datos a resolución de procedementos extraordinarios de regularización, sobre todo nos primeiros anos do século XXI. Resulta probable, polo tanto, que o ritmo real de chegada das persoas inmigrantes neses anos non se corresponda co que se desprende das cifras oficiais, xa que ditas regularizacións posiblemente recollesen unha parte de poboación estranxeira que xa residía en España (Consejo Económico y Social, 2004).

países representaron o 31,0 % da poboación inmigrante en España no ano 2015. Nesa data, a Romanía e Marrocos seguiulles o Reino Unido, China, Italia, Ecuador, Colombia e Bulgaria. Por último, atendendo á distribución xeográfica da poboación inmigrante residente en España, as principais comunidades autónomas de destino —tanto ao inicio como ao final do período de estudo— foron Cataluña, a Comunidade de Madrid, a Comunidade Valenciana, Andalucía e Canarias, que, en conxunto, acolleron máis do 70 % da poboación inmigrante (76,81 % no ano 2000 e 72,49 % no 2015). Nestas comunidades autónomas, as porcentaxes de poboación estranxeira sobre a poboación total autonómica movéronse entre o 16,4 % (Comunidade Valenciana) e o 8,2 % (Andalucía) no ano 2015, uns valores que só foron superados na Rexión de Murcia (16,6 %), en Melilla (17,8 %) e nas Illas Baleares (21,1 %). En contraste, a porcentaxe de poboación inmigrante residente en Galicia sobre o total español foi do 2,7 % no ano 2000 e do 1,9 % no 2015, sen superar en ningún dos dous momentos o 3,4 % sobre o total da poboación galega (0,9 % no ano 2000 e 3,4 % no 2015). Estas cifras converteron a Galicia nunha das comunidades autónomas con menor porcentaxe de poboación estranxeira sobre o total da poboación autonómica. Algúns dos factores máis importantes que explican esta distribución espacial da inmigración son o desigual nivel de desenvolvemento das comunidades autónomas, as características das súas respectivas estruturas produtivas ou a existencia de redes de inmigrantes (R. Muñoz e Antón, 2010).

Un tema amplamente abordado na literatura científica recente sobre migración exterior, foi a emigración iniciada tras a crise económica mundial nos países de Europa meridional. En España, este fenómeno coñécese como «nova emigración española» e a súa análise centrouse na xuventude, asociándoo á *fuga de cerebros* e á *xeración perdida*. Aínda que o fluxo de persoas españolas cara ao estranxeiro experimentou un progresivo crecemento dende o ano 2006, a emigración de persoas estranxeiras foi moi superior á da poboación española. Do total de saídas rexistradas entre os anos 2008 e 2014 (2,6 millóns), as saídas de persoas de nacionalidade española representaron o 14,1 %. Pero ademais, se se descontan as saídas de persoas de nacionalidade española que naceron no estranxeiro, a emigración de persoas autóctonas (251.000) redúcese ao 9,6 % do total das saídas rexistradas nese período. Polo que respecta ás persoas estranxeiras, a propensión a emigrar neste colectivo foi maior no sexo masculino, debido á masculinización do sector da construción, un dos sectores máis golpeados durante os inicios da crise. Pola contra, o comportamento migratorio da poboación española nacida en España mostrou unhas pautas similares en ambos sexos, cunha proporción lixeiramente maior nos homes que se incrementou modestamente a partir do ano 2011. Neste caso, os principais países de destino foron o Reino Unido, Francia e Alemaña e os Estados Unidos. En xeral, con independencia do lugar de nacemento ou da nacionalidade, as comunidades autónomas que presentaron unha maior intensidade migratoria foron Cataluña, a Comunidade de Madrid e a Comunidade Valenciana. Por último, en canto ao retorno de poboación autóctona, cómpre destacar a notable caída que experimentou o número de entradas de persoas españolas nacidas en España procedentes do estranxeiro, co inicio da crise económica, especialmente nos grupos de idade de entre 20 e 64 anos (Domingo e Blanes, 2016). En coherencia cos datos anteriores, a análise dos saldos migratorios estranxeiros publicados polo INE revela que no ano 2008 todas as comunidades e cidades autónomas tiñan saldos migratorios positivos. Pero esta tendencia reverteuse progresivamente na meirande parte das comunidades autónomas a partires do estalido da crise, de maneira que no ano 2015 a maioría das comunidades autónomas rexistraron saldos migratorios negativos. A Comunidade Valenciana, Aragón, Castela e León e Castela a Mancha foron as comunidades máis afectadas. Pola contra, Andalucía, as Illas Baleares, Canarias, Cataluña, Galicia, Ceuta e

Melilla mostraron saldos migratorios positivos, aínda que con cifras moi inferiores ás do ano 2008.

No que atinxe ás migracións interiores en España, foron importantes os cambios que se produciron dende a década dos anos setenta, ata a actualidade. Durante a primeira metade da década de 1970, os movementos migratorios interiores aínda eran representativos do tradicional éxodo rural. As disparidades internas derivadas da concentración xeográfica da industria española, ocasionou transvases masivos de poboación rural ás principais urbes do eixo do Mediterráneo e do eixo do Ebro, áreas caracterizadas polo seu alto desenvolvemento industrial e polo seu dinamismo no sector servizos. Máis concretamente, as provincias que constituían os principais focos receptores de inmigración interna eran Alacant, Áraba, Baleares, Barcelona, Biscaia, Castellón, Guipúscoa, Madrid, Navarra, As Palmas, A Rioxa, Tarragona, Valencia, Valladolid, Xirona e Zaragoza. As restantes provincias eran emisoras de man de obra, destacando as provincias estremeñas e boa parte das provincias castelás e andaluzas polas intensas taxas de emigración. Pero esta polarización territorial dos comportamentos migratorios comezou a debilitarse durante a segunda metade da década de 1970, a raíz do inicio da recesión industrial e dos cambios producidos coa instauración da democracia. A entrada na década de 1980 supuxo o comezo da ruptura do tradicional sistema de migración, con fluxos migratorios interiores menos intensos e máis equilibrados. Por unha banda, os peches e as regulacións de persoal nas industrias menos competitivas desembocaron na xeneralización de movementos migratorios de retorno con orixe nos centros industriais clásicos. E, por outra banda, o desenvolvemento do aparato autonómico actuou como motor rexional, á vez que foron diminuíndo as disparidades nos niveis de renda das diferentes comunidades autónomas. Así, no período 1981-1985, o número de provincias con saldo migratorio positivo foi case o dobre do número de provincias con saldo migratorio negativo (32 provincias no primeiro caso e 18 no segundo). Neste contexto, Biscaia, Guipúscoa e Barcelona pasaron a converterse nos principais focos de emigración a nivel estatal. A partir de 1985, España experimentou unha breve etapa de recuperación económica, durante a cal a práctica totalidade do litoral mediterráneo e máis as illas convertéronse en zonas turísticas de importante dinamismo, destacando o caso de provincias como Málaga e Lleida, que conseguiron reverter o tradicional signo negativo dos seus saldos migratorios. De novo, a maioría das provincias españolas volveron a converterse en áreas emisoras de poboación. Pero esta etapa de recuperación económica finalizou a comezos dos anos noventa, nun contexto marcado outra vez pola recesión económica e o estancamento das migracións de retorno. Tras a celebración dos Xogos Olímpicos de Barcelona (1992), a provincia acentuou novamente o seu carácter como emisor de poboación, á vez que a provincia de Madrid rexistrou un saldo migratorio de signo negativo. Mais neste caso, a condición de Madrid como provincia emisora estivo estreitamente asociada ao aumento dos desprazamentos derivados da súa expansión residencial, entre outros factores. Ademais, como novidade, na década dos anos noventa comezaron a xurdir movementos migratorios interiores cunha crecente participación de poboación estranxeira, debido ao incremento que estaba experimentando o número de persoas inmigrantes sobre o total da poboación española (Cámara, 2009; A. García e Puyol, 1999). De acordo con Artal et al. (2015), dende os anos noventa «os fluxos internos aceleráronse principalmente por un aumento dos fluxos intrarrexionais de curta distancia, fronte ao predominio dos fluxos interrexionais que caracterizou o éxodo das décadas de 1960 e 1970» (p. 150). Non obstante, a crise económica de 2008 repercutiu nun cambio de tendencia dos fluxos migratorios internos, en comparación coa etapa de crecemento económico anterior ao ano 2008. A taxa de emigración interior mostra esta diminución, cunha caída de 5,7 puntos no ano 2013 con respecto ao ano

2007 (39,0 ‰ no 2007 e 33,3 ‰ no 2013). No período 2003-2013, os movementos migratorios dentro da mesma provincia representaron máis do 50 % sobre o total dos movementos migratorios internos, apreciándose unha clara tendencia crecente na importancia destes movementos a partir do ano 2007, principalmente na poboación estranxeira. A clasificación das provincias españolas segundo os seus fluxos migratorios no período 2011-2013[22], mostra que as únicas provincias que gañaron poboación foron Baleares, Huelva, As Palmas, Málaga e Santa Cruz de Tenerife, provincias asociadas á actividade turística e á inmigración de persoas estranxeiras xubiladas. No caso de Galicia, a provincia da Coruña figura no grupo de provincias españolas cun saldo migratorio interno positivo alto debido a unha baixa taxa de emigración, mentres que as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra forman parte do grupo de provincias españolas cun saldo migratorio interno equilibrado. En canto aos determinantes destes fluxos migratorios interiores, as variables económicas seguen sendo determinantes, pero «non sempre son as máis relevantes nas decisións de mobilidade dos individuos, dado que a decisión de migrar é moitas veces unha decisión do núcleo familiar no seu conxunto e non unha decisión persoal» (p. 151). Finalmente, cómpre salientar que a análise das migracións interiores producidas dende as últimas décadas do século XX, revela a existencia dunha ampla diversidade de correntes migratorias segundo as súas causas e as características socio-demográficas dos suxeitos migrantes. Entre estas, destacan actualmente as migracións por motivos exclusivamente residenciais, as migracións por motivos laborais, as migracións de retorno e as migracións de persoas xubiladas, así como tamén outras correntes de carácter máis minoritario, como o neorruralismo, a suburbanización ou a contraurbanización (A. García, 2009; A. García e Puyol, 1999).

5.1.5 Características da poboación segundo sexo e idade

No ano de inicio do século XXI, nas poboacións dos diferentes países europeos analizados a proporción entre sexos estaba bastante equilibrada. De acordo cos datos de poboación publicados por Eurostat, as proporcións de feminidade oscilaron entre o 49,9 % (Islandia) e o 53,9 % (Letonia), aínda que a inmensa maioría dos países presentou valores iguais ou superiores ao 51 % e inferiores ao 52 %. Se ben no transcurso do período de estudo produciuse unha maior equiparación na proporción entre sexos na meirande parte dos países analizados, os valores máximo e mínimo da proporción de feminidade variaron lixeiramente (49,7 % en Noruega e 54,1 % en Letonia). Tanto no ano 2000 como no ano 2015, os países que presentaron as maiores desigualdades na composición por sexo da poboación foron Hungría (52,4 % en ambas datas), Lituania (53,2 % no ano 2000 e 53,9 % no 2015), Estonia (53,4 % no ano 2000 e 53,2 % no 2015) e Letonia (53,9 % no ano 2000 e 54,1 % no 2015), que presentaron disimetrías de entre 4 e 7 puntos en favor do sexo feminino. Tamén no último ano do período de estudo a proporción de feminidade na poboación portuguesa alcanzou un valor moi próximo ao de Hungría, ao situarse no 52,5 %. Estes cinco países foron os únicos países europeos nos que a proporción de feminidade superou o 52 % no ano 2015, un dato que moi probablemente estea asociado á evolución da mortalidade entre sexos, tal e como apuntamos en apartados anteriores. Pero, sen dúbida, a característica máis importante da estrutura da poboación europea está máis vinculada

[22] Artal et al. (2015) realizaron unha clasificación das provincias españolas segundo os seus fluxos migratorios no período 2011-2013, obtendo seis grupos de provincias: provincias que gañan poboación, provincias cun saldo migratorio interno positivo alto debido á elevada taxa de inmigración, provincias cun saldo migratorio interno positivo alto debido a unha baixa taxa de emigración, provincias cun saldo migratorio interno equilibrado, provincias que perden poboación con taxas de emigración moi altas e provincias que perden poboación con taxas de inmigración moi baixas.

á súa composición por idade que á súa composición por sexo, xa que as alteracións producidas nas relacións entre os diferentes grupos de idade fixeron que o envellecemento demográfico se configurase como un dos fenómenos máis relevantes das últimas décadas (T. Champion, 1998; Olivera e Abellán, 1999).

De acordo con T. Champion (1998) e cos datos publicados polo Banco Mundial e Eurostat, a proporción de persoas europeas de 65 e máis anos non deixou de medrar dende a década de 1950. A finais de 1990, previíase que este crecemento se acelerase a medida que as persoas nacidas nas décadas de 1950 e 1960 —os chamados *baby boomers*— chegasen á idade de xubilación, prognosticándose que a proporción de persoas europeas de 65 e máis anos alcanzaría o 16,1 % no 2010 e o 20,1 % no 2025. Ese aumento non se produciría de maneira uniforme en toda Europa, senón que os maiores incrementos terían lugar nos países occidentais e nos do sur, onde as taxas de natalidade xa eran moi baixas. Hoxe, en pleno século XXI, sabemos que no ano 2010 a proporción de persoas de 65 e máis anos alcanzou o 17,5 % no conxunto da Unión Europea, unha cifra non moi distante da que se prevía para o total dos países de Europa. A porcentaxe de persoas deste grupo de idade aumentou na UE ata o final do noso período de estudo, rozando o 19 % no ano 2015 (concretamente, o 18,9 %). Nesa data, e en concordancia coas previsións dos anos noventa, os países que presentaron as maiores porcentaxes de poboación de 65 e máis anos foron Italia (21,7 %) e Alemaña (21,0 %), mentres que Irlanda e Islandia rexistraron as menores porcentaxes de poboación de 65 e máis anos (12,9 % e 13,5 %, respectivamente). De entre todos os países europeos analizados, estes dous países foron os que presentaron as estruturas de poboación máis novas, con porcentaxes de poboación de 0 a 14 anos do 21,4 % e do 20,4 %, respectivamente. Estas cifras situaron a Irlanda e a Islandia nunhas posicións de 5,8 e 4,8 puntos porcentuais superiores á media da UE-28 (15,6 %). Os outros países que superaron a devandita media foron Francia (18,6 %), Noruega (18,0 %), Reino Unido (17,7 %), Suecia (17,3 %), Dinamarca (17,0 %), Bélxica (17,0 %), Países Baixos (16,7 %), Luxemburgo (16,7 %), Finlandia (16,4 %), Chipre (1,4 %) e Estonia (15,9 %), mentres que os restantes países analizados movéronse entre valores do 15,5 % (Romanía) e do 13,2 % (Alemaña). En xeral, as porcentaxes de poboación de 15 a 64 anos representaron entre o 63,0 % (Francia) e o 70,7 % (Eslovaquia) da poboación total de cada un dos países europeos analizados. A maioría dos países que presentaron porcentaxes de poboación de 0 a 14 anos superiores á media da Unión, foron tamén os que mostraron porcentaxes de poboación en idade activa superiores á media da UE-28 (65,6 %).

En España, segundo os datos publicados polo INE, a composición da poboación segundo o sexo mostrouse bastante equilibrada na meirande parte das comunidades autónomas ao longo do período de estudo. No ano 2015, as proporcións de feminidade —que apenas variaron con respecto ao ano 2000— oscilaron entre os valores máximo e mínimo do 52,1 % (Principado de Asturias) e do 48 % (Ceuta), aínda que en máis da metade das comunidades autónomas as poboacións estaban compostas por un 50 % de homes e un 50 % de mulleres. Polo que respecta á composición da poboación por idade, cómpre apuntar que foi a finais dos anos setenta cando se iniciou un cambio progresivo na relación entre os diferentes grupos de idade, apreciándose un crecente peso relativo da poboación anciá que foi parella ao continuo retroceso da poboación moza, debido á forte redución da natalidade. A tendencia proseguiu ata a actualidade e con diferentes patróns espaciais, xeralmente asociados á emigración tradicional, polo que atopamos variacións significativas a nivel autonómico (Olivera e Abellán, 1999). No ano 2015, as porcentaxes máis baixas de persoas de 65 e máis anos rexistráronse nas cidades autónomas (10,0 %



Figura 5.5. Porcentaxe de poboación segundo grandes grupos de idade en países europeos no ano 2015.
Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat.

en Ceuta e 10,8 % en Melilla), nos dous arquipélagos (14,9 % en Canarias e 15 % en Baleares) e nas comunidades autónomas situadas no extremo sur da Península (15,1 % na Rexión de Murcia e 16,0 % en Andalucía). Pola contra, as porcentaxes máis elevadas de poboación anciá rexistráronse en Galicia (23,7 %), no Principado de Asturias (23,6 %) e en Castela e León (23,1 %). En total, foron nove as comunidades autónomas que presentaron porcentaxes de poboación de 65 e máis anos superiores tanto á media da UE-28 (18,8 %) como á media estatal (18,1 %): Galicia, o Principado de Asturias, Castela e León, o País Vasco, Aragón, Cantabria, A Rioxa e Estremadura. Como se deduce dos datos anteriores, as comunidades autónomas que presentaron as estruturas de poboación máis envellecidas foron o Principado de Asturias, Galicia e Castela e León, onde as porcentaxes de poboación menor de 16 anos mostraron cifras entre 3 e 4,3 puntos porcentuais por debaixo da media estatal (11,9 % no Principado de Asturias, 12,8 % en Galicia, 13,2 % en Castela e León e 16,2 % a media estatal). Foron as dúas cidades autónomas, as comunidades autónomas situadas no extremo sur da Península, Cataluña e máis a Comunidade de Madrid os territorios nos que se rexistraron as maiores porcentaxes de poboación menor de 16 anos, con cifras de entre o 25,5 % (Melilla) e o 17,0 % (Comunidade de Madrid). O grupo de idade con maior peso porcentual no conxunto da poboación é o de 16 a 64 anos, que no último ano do período de estudo representou o 65,6 % da poboación total española. Os valores extremos nas proporcións deste grupo de idade rexistráronse en Canarias (69,9 %) e Galicia (63,4 %), pero a maioría das comunidades autónomas presentaron cifras de entre o 64 % e o 66 %.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5.2 Éxodo rural e urbanización

A palabra *éxodo* provén do latín *exŏdus*[23], que fai referencia ao libro do Éxodo, o segundo libro do Pentateuco de Moisés que figura no Antigo Testamento da Biblia. As orixes do nome deste libro atópanse nos manuscritos da versión grega dos Setenta e nel nárrase —entre outras cuestións— a saída do pobo hebreo de Exipto para dirixirse á Terra Prometida (Blánquez, 1961; Chueca, 1975; Hijos de J. Espasa, 1924; RIALP, 1972). De acordo coa Real Academia Galega (2012), por extensión, a palabra *éxodo* emprégase na actualidade para definir a «saída masiva que unha poboación fai dun sitio para outro, co fin de se establecer nel ou de xeito ocasional» (definición 2). Polo tanto, cando se acompaña do adxectivo *rural*[24], o concepto *éxodo rural* aludiría a unha saída masiva que unha poboación fai dun sitio rural a outro sitio urbano ou non rural, co fin de establecerse nel ou de xeito ocasional. Porén, a nivel académico, Achával (1950) destacou que «é difícil dar un concepto exacto do éxodo rural, porque non existe uniformidade acerca dos aspectos estatísticos da poboación, que se deben ter en conta para comprobar a súa existencia e grao de intensidade» (p. 3). Para este autor, o éxodo rural significa «unha diminución da poboación da *campaña*[25], co correlativo aumento da que reside nos centros urbanos, en especial, nas grandes cidades» (p. 3). Neste sentido, o éxodo rural define un tipo de migración moi concreto: a emigración que ten como punto de orixe unha área rural e como punto de destino unha área urbana ou non rural, independentemente de que a persoa emigrante atravese ou non unha fronteira nacional. Consecuentemente, ao existir unha correlación entre a diminución da poboación rural e o aumento da poboación urbana ou non rural, o éxodo rural e a urbanización representarían as dúas caras dunha mesma moeda.

Para Weeks (1984) a urbanización é «o proceso mediante o cal unha sociedade pasa de depender basicamente do campo a facelo basicamente da cidade» (p. 344), o que implica o desenvolvemento de ámbitos urbanos nos que se concentra a poboación (Giddens, 2002; Petersen, 1968). Pero nin a existencia de cidades nin a súa influencia sobre a vida social constitúen un trazo distintivo da época actual. O que realmente converte o proceso de urbanización nun dos fenómenos máis importantes da historia é o inaudito crecemento da poboación urbana que vimos experimentando nas últimas décadas (Weeks, 1984). Este fenómeno insírese dentro do terceiro estadio da urbanización, que se iniciou no século XIX pero que non comezou a mostrar a súa extensión, complexidade e influencia ata a segunda metade do século XX (Mumford, 1956). De acordo con Weeks (1984), «a urbanización pode ser resultado da migración interna do campo á cidade, do incremento natural, da migración urbana internacional, da reclasificación como urbanos de lugares rurais ou dunha combinación destes procesos» (p. 322). Non obstante, a emigración dende o campo á cidade constituíu a forza básica no proceso de urbanización nos países desenvolvidos. De non existir tal emigración no século XIX, as cidades desa época non terían incrementado o tamaño da súa poboación, posto que as defuncións superaban os nacementos. Nese contexto, as persoas residentes no campo emigraron á cidade atraídas pola demanda de man de obra creada nas cidades industriais e, en menor medida, tamén nas cidades comerciais. Polo tanto, a medida que se satisfacía a demanda de poboación nas cidades, pro-

[23] A palabra *exŏdus* procede, á súa vez, do vocábulo grego *ἔξοδος*, que significa «saída» (Pabón, 1985).

[24] De acordo coa RAG (2012) a palabra *rural* significa «relativo ou pertencente ao campo e á súa vida e manifestacións, por oposición á cidade».

[25] Esta cita correspóndese cunha tradución propia da lingua española á lingua galega. Segundo a Real Academia Española (2021), a palabra *campaña* é empregada en diversos países de Latinoamérica para referirse ao *campo* (definición 8).

ducíase unha progresiva despoboación do campo. Esta emigración rural ás cidades, denominada «urbanización» dentro da tipoloxía de Petersen[26], caracterízase por ser un tipo de migración en masa. Trátase dunha conduta colectiva, unha pauta social actualmente favorecida polo desenvolvemento e abaratamento dos medios de transporte e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, que contribuíron a reducir a distancia xeográfica e social. Cando a migración se converte nun estilo, nunha pauta establecida ou nun exemplo de conduta colectiva, como neste caso, a causa principal da emigración atópase na emigración anterior (Petersen, 1968). Dado que en todas as migracións predominan as persoas adolescentes e as persoas adultas mozas, sobreenténdese que a poboación emigrante que parte das áreas rurais con destino ás cidades e ás áreas non rurais está tamén composta, na inmensa maioría, por persoas adolescentes e persoas adultas mozas (Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968; Tizón et al., 1993). No que existen diferenzas a nivel mundial é na proporción entre sexos da poboación emigrante, posto que en Europa —a diferenza do que ocorre xeralmente en África e en Asia— as mulleres tenden a emigrar máis que os homes dende as zonas rurais ás zonas urbanas. Segundo Weeks (1984), «a pauta predominante na organización do traballo agrícola en Europa, América do Norte e América do Sur foi que o home realice a maior parte do traballo extra-doméstico, quedando as mulleres relegadas basicamente aos quefaceres domésticos» (p. 328). Polo tanto, Weeks sostén que «parece unha tese razoable que, a medida que unha economía se desenvolve e aumentan as oportunidades nas cidades, as mulleres serán máis sensibles que os homes a ditas oportunidades se están implicadas menos activamente na man de obra agrícola» (p. 328). De feito, «nos países de Europa, América do Norte e América do Sur nos que a actividade agrícola das mulleres é reducida, as cidades presentan unha proporción entre sexos claramente feminizada» (p. 328). Con todo, aínda qe resulta obvio que as situacións que rodean a cada persoa inflúen incitándoa ou disuadíndoa de emigrar, Petersen (1968) apuntou que esas situacións inflúen conforme ao marco de actitudes definidas dentro desa conduta social xa establecida.

No ano 2015 a porcentaxe de poboación urbana sobre o total da poboación mundial superou o 53 %, o que significa que, por primeira vez na historia da humanidade, máis da metade da poboación humana vivía en áreas urbanas[27]. Nesa mesma data, o 72 % da poboación europea residía en áreas non rurais (Banco Mundial; Eurostat; Rifkin, 2011). A importancia que teñen actualmente as cidades na organización do territorio reflíctese ben na cartografía xeoeconómica de Europa occidental. Como podemos observar na figura 5.6, o territorio do occidente europeo está estruturado en torno a un gran eixo de desenvolvemento económico —de dimensión continental e internacional— habitualmente coñecido como *Banana Azul*[28]. A *Banana Azul* considérase a columna vertebral económica de Europa e correspóndese coa zona máis densamente poboada e urbanizada, estendéndose dende Inglaterra ata Italia e debuxando unha área con forma de banana que comprende cidades como Londres[29], Amsterdam, Bru-

[26]Para máis información sobre a *tipoloxía xeral da migración* de Petersen, ver sección 4.3.3.5.

[27]É por isto que algúns estudosos describen actualmente a especie humana como *Homo urbanus* (Rifkin, 2010b, p. 415 e 2011, p. 117).

[28]Denominado tamén *Gran Banana Europea*, *dorsal central*, *megalópole*, *megalópole central* ou *rexión urbana europea central* (Brunet, 1989; Hospers, 2002; Pazos, 2003; Souto e Marques, 1999).

[29]Segundo Rifkin (2011), «ata o século XIX, só unha cidade en toda a historia (a antiga Roma) parecía ter contado cunha poboación superior ao millón de habitantes. Londres converteuse na primeira cidade moderna en superar esa cifra en 1820» (p. 117). De acordo con este mesmo autor, «en 1900 había 11 cidades cunha poboación que superaba o millón de persoas; en 1950, 75 cidades; en 1976, 191 áreas urbanas contaban con poboacións que alcanzaban o millón de persoas». Actualmente, a comezos do século XXI, «414 cidades contan cunha poboación dun millón ou máis de persoas» (Rifkin, 2010b, p. 415). Limitándonos ao contexto europeo, no ano 2017 as dez

xelas, Frankfurt, Múnic, Zúric ou Milán. Dende principios do século XIX, a Revolución Industrial estendeuse por toda Europa ao longo das rexións que hoxe coñecemos como *Banana Azul*. A pesares da súas orixes industriais, está área séguese mantendo como o principal eixo de crecemento económico de Europa, abranguendo tanto grandes concentracións industriais como centros de servizos fortemente desenvolvidos (servizos empresariais, banca, administración pública...). Tamén é esta área a que alberga os principais centros de poder e decisión, a maioría das universidades europeas e, a nivel cultural, dispón da maior oferta de instalación e eventos culturais de toda Europa. Pero a globalización tamén creou novas zonas económicas e culturais. Á parte da *Banana Azul*, existe outro eixo de desenvolvemento económico de menor dinamismo e máis recente, coñecido como *Arco Mediterráneo*, *Nord du Sud* ou *Sunbelt*. Este eixo —cuxo xurdimento se baseou fundamentalmente no desenvolvemento de actividades de alta tecnoloxía— atópase unido á *Banana Azul* polo lado de Xenebra e Lyon, dunha banda, e polas rexións de Véneto, Emilia-Romagna e Toscana, pola outra banda. Abarca unha área con forma de arco que se estende dende Italia ata o sur de España, englobando cidades como Roma, Xénova, Niza, Marsella, Montpellier, Barcelona e Valencia. Os territorios que non están situados dentro de ningún destes grandes eixos de desenvolvemento descritos, caracterízanse por mostrar un menor dinamismo demográfico e económico. Entre estes territorios destacan as chamadas *Fisterras* ou *Arco Atlántico*, un espazo composto por un grupo de rexións —nas que se inserta Galicia— situadas na periferia atlántica da UE, caracterizadas principalmente por presentar unha forte compoñente rural, unha estrutura de asentamentos con tendencia á dispersión, ausencia de grandes cidades e actividades industriais en declive. Os territorios propiamente periféricos coñécense como *Sures* e engloba as áreas economicamente menos desenvolvidas de Europa occidental: Irlanda, Grecia e algunhas rexións do sur de Italia, España e Portugal. A nivel xeográfico, son zonas que están situadas lonxe da *Banana Azul* e do *Arco Mediterráneo*, que presentan altas taxas de paro e que sufriron un gran impacto socioeconómico a raíz da crise financeira do ano 2008 (Brunet, 1989; Giddens, 2005; Hospers, 2002; Pazos, 2003). De forma paralela a estes eixos internacionais existen tamén eixos de desenvolvemento de menor tamaño, tanto de carácter interrexional (por exemplo, o Eixo do Ebro) como de carácter intrarrexional (por exemplo, o Eixo Urbano Atlántico en Galicia ou o Eixo Valencia-Alacant). En función da escala de análise considerada, un determinado eixo pode constituír unha entidade independente ou pode constituír un segmento dun eixo maior (Pazos, 2003; Bielza, 2010b).

O que nos está describindo a figura 5.6, en definitiva, é a distribución desigual da actividade económica en Europa e a tendencia á concentración do capital e dos recursos humanos cualificados en torno aos principais polos de crecemento económico (Brunet, 1989; Hospers, 2002; Pazos, 2003; Souto e Marques, 1999). Pero a urbanización, entendida en termos xerais, vai máis alá do desenvolvemento de centros urbanos nos que se concentra a poboación, xa que é a combinación «do desenvolvemento de grandes concentracións de seres humanos e o xurdimento de novas pautas culturais, novas formas de pensamento e conduta, característicos desas cidades»[30] (Petersen, 1968, p. 190). Aludiremos a algúns destes aspectos sociais da urbaniza-

cidades con maior poboación tiñan entre 12,8 e 3,3 millóns de habitantes. Ordenadas de maior a menor poboación, estas cidades eran as seguintes: París, Londres, Madrid, Berlín, Milán, Ruhrgebiet, Barcelona, Roma, Nápoles e a Gran Manchester (Eurostat, 2019b). Ken Roberts (2014) destacou que «as cidades con importantes universidades reforzaron o seu carácter cosmopolita. O censo de 2011 detectou que menos da metade da poboación residente en Londres eran británicos brancos nacidos no Reino Unido» (pp. 17-18).

[30]Esta é a definición que aporta Petersen do concepto de *urbanización*, entendido en sentido amplo. Non obstante, o autor precisa que para estudar os fenómenos que compoñen a urbanización é necesario diferenciar os



Figura 5.6. Mapa da gran Dorsal Europea, o Arco Mediterráneo e o Eixo Atlántico.
Fonte: figura tomada de Souto e Marques (1999, p. 10) e reproducida co permiso dos autores e da editorial.

ción na seguinte sección, cando abordemos os principais factores que determinan a emigración rural xuvenil.

5.3 A emigración rural da poboación moza en Europa occidental. Factores determinantes na decisión de emigrar no século XXI

Polos diferentes patróns demográficos que mostraron os países de Europa occidental e os de Europa oriental durante o período 2000-2015 (sección 5.1), cinguiremos a análise dos factores que determinan a emigración rural xuvenil unicamente aos países de Europa occidental. Como vimos, en países como Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Francia, Luxemburgo, Países Baixos ou Suíza a porcentaxe de poboación residente nas áreas rurais (ZPP) viuse notablemente incrementada nos últimos cinco anos do período de estudo (figura 5.3). Isto revela a existencia de diferentes tipos de fluxos migratorios relacionados co rural, como son as migracións dende as áreas non rurais ás áreas rurais, as migracións entre áreas rurais ou as migracións dende as áreas rurais ás áreas non rurais. A existencia de cada un destes tipos de fluxos migratorios está ligada á percepción das oportunidades que proporciona o rural en diferentes aspectos da vida e en diferentes etapas vitais (Laoire e Stockdale, 2019), pero a inmigración non é a tónica xeral do que acontece na inmensa maioría das áreas rurais europeas. A despoboación asociada ao

conceptos de *urbanización* e *urbanismo*. O primeiro fai referencia ao «proceso ou estado de concentración da poboación», mentres que o segundo alude á «forma de vida dos habitantes das cidades» (Petersen, 1968, p. 190).

éxodo rural continúa sendo unha das características demográficas máis sobresaíntes de moitas áreas rurais remotas ou periféricas, a pesares da relativamente pouca atención que se lle concede a esta temática na investigación científica, en comparación con outros tipos de emigración (Stockdale, 2002a e 2006). Dado que case tres cuartas partes da poboación europea residen actualmente en áreas non rurais (ZDP ou ZIP) e os movementos migratorios en dirección ao rural (ZPP) son minoritarios, dedúcese facilmente que a emigración rural deriva dos cambios de residencia que realizan maioritariamente as persoas que naceron e se criaron no rural, persoas que xeralmente non retornan ao lugar de orixe. Ademais, como as migracións internas son máis frecuentes que as migracións internacionais, é de esperar que as persoas do rural emigren con maior frecuencia ás áreas non rurais situadas no propio país ou dentro dos límites fronteirizos cos que se identifique a migración interior en cada contexto concreto. Esta emigración rural que afecta a moitas áreas do noroeste de Europa reflicte a *megatendencia* internacional á concentración da poboación moza nas áreas non rurais (Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010).

De acordo con Woods (2012), os desafíos que xorden da «intensificación e reconfiguración dos patróns de mobilidade global dende, cara e a través do espazo rural, incluíndo a migración rural-urbana, urbana-rural e rural-rural» (p. 2), provocou a emerxencia de importantes focos de investigación para os científicos sociais rurais. No que atinxe ás migracións que teñen como punto de orixe as áreas rurais, investigacións levadas a cabo en diferentes contextos «identificaron que os adultos mozos teñen máis probabilidades de migrar dende as áreas rurais e son os que comprenden a maioría dos fluxos de saídas rurais» (Laoire e Stockdale, 2019, p. 40). Centrándonos na migración rural xuvenil, Thissen et al. (2010) destacaron que este tema pode abordarse dente a perspectiva da rexión ou dende a perspectiva do individuo. A primeira, «céntrase no desenvolvemento económico das áreas rurais e nas aldeas como contextos sociais» (p. 429), considerando como cuestións importantes a taxa de emprego e máis o tipo de emprego que existen na rexión, as características da oferta laboral dentro da rexión ou a cohesión social dentro das comunidades locais. Pártese da suposición de que «as persoas mozas deben comezar a súa vida adulta e formar as súas propias identidades dentro da rexión e a comunidade de orixe» (p. 429). Neste sentido, «unha emigración neta da poboación moza considérase un fracaso» (p. 429). Pola contra, a segunda perspectiva considera que a migración está relacionada coa mobilidade social, motivo polo que «as persoas mozas socialmente móbiles se centran nas oportunidades educativas e laborais fóra da súa rexión de orixe» (p. 429). Dende este punto de vista, nas decisións da traxectoria vital da xeración actual de persoas mozas, «a rexión e a comunidade onde se nace volveuse menos relevante que en xeracións anteriores» (p. 429), de tal maneira que «quedar na súa rexión de orixe é só unha das moitas opcións» (p. 429). É máis, o lugar de orixe é visto cada vez máis como «un lugar para residir a curto prazo nun momento específico da vida» (p. 429). Neste contexto, Laoire e Stockdale (2019) salientaron a importancia de adoptar a perspectiva da traxectoria vital nos estudos das migracións rurais, poñendo en relación a migración dende as áreas rurais cos principais eventos e transicións que experimentan as persoas durante a súa adolescencia e nos primeiros anos da etapa adulta. De feito, hai dous momentos cruciais na vida das persoas mozas que impulsan a súa decisión de migrar ou non migrar: a transición da educación secundaria á educación superior e máis a entrada ao mercado laboral (Laoire e Stockdale, 2019; Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010). Mais, se ben este tipo de eventos vitais están claramente relacionados coa idade, Laoire e Stockdale (2019) consideran que están máis especificamente asociados ás transicións da vida. Para estas investigadoras, a adopción da perspectiva da traxectoria vital das persoas nos estudos da emigración rural «axúdanos a cuestionar as asociacións normativas entre idade/etapa de vida e migración

rural» (p. 44), un aspecto de gran relevancia na actualidade, polo contexto socioeconómico que envolve a etapa de transición á vida adulta[31].

Nas últimas décadas publicáronse diversos estudos sobre migracións rurais e tamén sobre migracións rurais xuvenís, moitos deles centrados no Reino Unido[32] e, de forma especial, en Escocia (Jamieson, 2000; Jones e Jamieson, 1997; Stockdale, 2002a, 2002b, 2004 e 2006). Pero tamén existen destacados estudos centrados noutros contextos europeos, como Bélxica e os Países Baixos (Thissen et al., 2010; Thissen et al., 2007), Dinamarca (Svendsen, 2018), Irlanda (Laoire, 2000), Islandia (Bjarnason e Thorlindsson, 2006) ou España[33] (Afonso et al., 2011; Camarero e Sampedro, 2008; C. Díaz, 2005; J. Pérez, 2013a e 2013b). A partires destas e doutras publicacións, nas seguintes páxinas debullaremos os principais factores que interveñen na decisión de emigrar das áreas rurais, centrándonos na poboación moza. Nesta ocasión, limitarémonos a analizar aqueles factores que na literatura científica foron destacados como os máis relevantes para explicar o fenómeno da migración rural xuvenil. Non obstante, e polas limitacións inherentes á análise de calquera fenómeno social, queremos recalcar que somos conscientes de que moi probablemente haberá outros factores que tamén contribúen a explicar dito fenómeno na actualidade, aínda que non sexan tratados nesta investigación[34].

5.3.1 O arraigamento ao lugar de orixe

Afirma Yi-Fu Tuan (1997) que «o espazo transfórmase en lugar a medida que adquire definición e significado» (p. 136), de tal maneira que «cando o espazo nos resulta completamente familiar, converteuse en lugar» (p. 73). De acordo con este xeógrafo, en todas partes as persoas tenden a considerar o seu lugar de nacemento como o centro do mundo, posto que constitúe o punto dende onde comezamos a explorar e a entender o espazo, onde aprendemos o sentido de distancia e de dirección, onde situamos as nosas primeiras referencias espazo-temporais e onde localizamos as nosas sensacións. O grao de coñecemento do mundo que circunda o lugar de

[31] Autores como King (2002) consideran que este tipo de enfoques —aplicados aos estudos migratorios en xeral— presentan como vantaxe o feito de explorar os vínculos existentes entre as principais ramas nas que tradicionalmente se dividiron os estudos migratorios, algo necesario para afondar na comprensión do actual fenómeno migratorio en Europa.

[32] É probable que a existencia dunha importante cantidade de publicacións destacadas sobre migracións rurais e migracións rurais xuvenís no Reino Unido, en comparación co resto de Europa occidental, garde certa relación coas características das migracións de estudantes nese país. Pois non debemos esquecer que as persoas adultas mozas son as que teñen máis probabilidades de migrar dende as áreas rurais, sendo a migración estudantil unha parte —cada vez máis importante— da mobilidade interna da poboación moza, principalmente no Reino Unido (Laoire e Stockdale, 2019; King, 2002). A particularidade que presenta ese país é que alí «sempre existiu a tradición de "marchar" á universidade, mentres que «en moitos outros países europeos a tradición dominante é que os estudantes universitarios vivan na casa» (King, 2002, p. 99).

[33] No caso concreto de España, apenas atopamos estudos centrados exclusivamente na emigración rural xuvenil. As principais contribucións a esta temática proveñen de investigacións levadas a cabo no campo dos estudos rurais, realizadas dende diferentes enfoques que recollen a expresión dos procesos de cambio rural.

[34] Referímonos ás limitacións propias da socioloxía descritas por Bugeda (1975) e que trouxemos a colación no capítulo 4, cando abordamos as limitacións para o estudo dos movementos migratorios (apartado 4.3.3.7). Polo tanto, pretender facer un inventario minucioso dos factores que inciden na decisión de emigrar do rural sería un propósito teoricamente inconsistente. Pois, ao sinalado por Bugeda (1975), debemos engadir que o número de factores intervenientes na decisión de emigrar depende do grao de especificidade co que estes se analicen, xa que cada factor identificado podería descompoñerse, á súa vez, en moitos outros factores (Maslow, 1991).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

orixe explica o significado do binomio *cerca-lonxe*[35]. Así, entendemos por *próximo* o espazo que nos resulta habitual, familiar e co que se interactúa habitualmente. Un espazo «no cal un se sente *chez soi*, na súa casa; no cal un rara vez ou nunca está desconcertado, desorientado ou carente de palabras». A idea do *próximo* «representa a ausencia de problemas; todo se resolve mediante os usos adquiridos sen dificultade, e posto que son ingrávidos e non esixen esforzos, non suscitan vacilacións causantes de ansiedade». Pola contra, *lonxe* é «un espazo no cal un penetra rara vez ou nunca, onde suceden cousas que un non pode anticipar ou comprender e non sabería como reaccionar cando sucedesen». Alude a «un espazo que contén cousas sobre as cales un sabe pouco, ten escasas expectativas e non se sente obrigado a interesarse por elas». Atoparse nun espazo afastado «é unha experiencia perturbadora; aventurarse a el significa saír do coñecido, estar fóra do propio lugar e do propio elemento, atraer problemas e temer danos». Por iso, «esixe lucidez, destreza, astucia ou valor, aprender normas estrañas das que se pode prescindir noutra parte, dominalas por medio de probas arriscadas e erros frecuentemente custosos» (Bauman, 1999, pp. 22-23). Como produtos sociais que son, estes indicadores de espazo foron perdendo importancia co desenvolvemento dos medios de transporte e das tecnoloxías da información e da comunicación (Bauman, 1999; Sack, 1986). Mais, aínda que sexa en menor grao que en décadas anteriores, os adolescentes do rural continúan enfrontándose á difícil —e frecuentemente dolorosa— elección de permanecer ou abandonar os seus lugares de orixe. E resulta difícil porque, en última instancia, a decisión reside xustamente en sacrificar ou non sacrificar a calidez e a seguridade que proporciona o entorno local[36], a cambio de perseguir unha mobilidade social ascendente no entorno extra-local (Svendsen, 2018).

A medida que nos facemos adultos e temos máis pasado, a acumulación constante de sentimentos ao longo dos anos pode provocar que o lugar de orixe adquira un profundo significado para nós, representando o encontro coas nosas experiencias vividas, que poden ser positivas ou negativas. No caso de que a intensidade da asociación entre o lugar e as experiencias persoais sexa elevada, pode derivar, incluso, na mitificación do lugar de orixe (Sack, 1986; Tuan, 1997). Seguindo a Quezada (2007), «o territorio sempre se mira dende as experiencias persoais e, a través delas, outórganse significados específicos ao entorno» (p. 55). Mais non debemos esquecer que «o feito de nacer ou habitar un territorio determinado, non produce automaticamente a construción de arraigamentos simbólicos nel, e moito menos a conformación dunha identidade socioterritorial, posto que esta implica o desenvolvemento dun sentido de pertenza» (p. 63). Estamos aquí ante tres importantes conceptos intimamente relacionados (arraigamento, identidade socioterritorial e sentimento de pertenza), que son frecuentemente mencionados na literatura científica sobre a emigración xuvenil das áreas rurais e que requiren unha abordaxe máis pormenorizada. En relación ao primeiro concepto, o *arraigamento* pode entenderse como «o proceso e efecto a través do cal se establece unha relación particular co territorio, no que metaforicamente se "botan raíces" nel por diversas situacións, creando lazos que manteñen algún tipo de "atadura" co lugar» (p. 43)[37]. Ditos lazos poden ser de carác-

[35]Non debemos confundir o binomio *cerca-lonxe* co binomio *centro-periferia*. Pois, aínda que este último ten implícita unha compoñente física ou espacial, a distinción entre o centro e a periferia está determinada pola diferenza de poder (Thissen et al., 2010).

[36]É por isto que se supón que as persoas aventureiras e amantes do risco poden mostrar intencións migratorias máis fortes, especialmente no caso da emigración ao estranxeiro. Pois, as persoas que presentan estes trazos de personalidade, tenden a correr máis riscos para experimentar situacións novas e descoñecidas e perciben o mundo como menos ameazador (Van Dalen e Henkens, 2008).

[37]Esta definición de arraigamento que tomamos de Quezada (2007), tamén nos resulta útil para definir o seu contrario: o desarraigamento. Así pois, poderiamos entender o *desarraigamento* como «o proceso e efecto a través

ter familiar[38], económico, profesional, cultural, territorial[39], histórico ou político, entre outros posibles. Pero, se o feito de que nacer ou habitar un territorio non produce automaticamente a construción de arraigamentos territoriais, como se orixinan estes? Segundo Quezada, a formación de arraigamentos pode deberse a tres motivacións principais: a) por elección e decisión persoal; b) por circunstancias da vida que, ou non se quixo, ou non se puideron cambiar dende unha decisión persoal; e c) por imposición de diversas situacións externas contrarias á propia elección ou decisión persoal. Dedúcese, polo tanto, que o proceso de arraigamento a un lugar pode orixinarse e desenvolverse a calquera idade en lugares diferentes ao lugar de nacemento, xa que nunha sociedade caracterizada pola elevada mobilidade humana, unha mesma persoa pode sentirse arraigada a máis dun lugar, debido á existencia de diferentes tipos de lazos. E do mesmo xeito que a formación de arraigamentos pode deberse a eses tres factores citados, podemos deducir, tamén, que tales factores poden operar en sentido contrario, na non formación de arraigamentos territoriais. Isto cobra máis sentido, se cabe, no contexto dunha crecente mobilidade humana, xa que podería darse o caso de ter vínculos diversos con diferentes lugares, pero sen chegar a un determinado nivel de acumulación de sentimentos que lle outorguen un significado tal ao lugar, como para derivar nun arraigamento. Este concepto de *arraigamento* pode levar ao concepto de *identidade socioterritorial*, aínda que non ten por que ocorrer necesariamente así. A identidade socioterritorial constitúe «unha dimensión da identidade persoal que se caracteriza por tomar como centro de referencia un territorio delimitado, onde ten o seu asento un conglomerado social co que se establecen e recoñecen vínculos de pertenza» (p. 36). Consecuentemente, a conformación dunha identidade socioterritorial implica o desenvolvemento dun sentido de pertenza que é percibido pola propia persoa e tamén por outras persoas coas que se comparte un universo simbólico que lles é propio. Este universo simbólico «inclúe formas e estilos de vida, a construción cultural do territorio, os usos do espazo, os costumes e tradicións, as relacións sociais e as posesións materiais, entre outros aspectos» (p. 63). O desenvolvemento do sentido de pertenza «iníciase dende etapas temperás da vida e xeralmente no seo familiar, onde [a persoa] recibe o universo simbólico cultural que despois será complementado e resignificado nas relacións que estableza con comunidades socioterritoriais coas que entra en contacto no transcurso da súa vida» (p. 63). Cómpre destacar que a historia dos asentamentos das rexións rurais europeas pode incidir no sentido de pertenza e na identificación socioterritorial dos seus habitantes, aspectos que, en última instancia, inciden tamén nas intencións migratorias da xuventude rural. Thissen et al. (2010) analizaron as intencións migratorias de alumnos e alumnas de educación secundaria de dúas áreas rurais periféricas de Bélxica (Westhoek, en Flanders) e os Países Baixos (Veenkoloniën), en relación con aspectos como a historia migratoria, as percepcións das oportunidades de emprego ou a identificación coa rexión de orixe. Para iso, os autores realizaron un estudo cuantitativo a través da administración dun cuestionario estruturado a un total de 905 persoas comprendidas entre 13 e 21 anos. A identificación coa rexión de orixe analizárona a partires da imaxe e valoración da rexión e do apego á comunidade local. Os resultados mostraron que, xunto coas percepcións de oportunidades de emprego, a identificación coa rexión de orixe constitúe un factor decisivo para explicar as intencións migratorias da xuventude. Os investigadores observaron que, en ambas rexións, as persoas mozas que máis

do cal se *desfai* unha relación particular co territorio, no que metaforicamente se "botaron raíces" nel por diversas situacións, *desfacendo* lazos que manteñen algún tipo de "atadura" co lugar».

[38]Os lazos familiares poden establecerse con familiares vivos ou con familiares mortos cuxos restos descansan nese lugar concreto (Mandianes, 2014).

[39]De acordo con Quezada (2007), «o lazo territorial pode traducirse nun sentido de aceptación, agrado e ata afecto polo territorio (topofilia), pero tamén como un sentimento de rexeitamento ou desagrado por el» (p. 47).

se inclinaban por quedar na rexión de orixe eran aquelas que esperaban atopar un emprego dentro da rexión e as que se sentían altamente arraigadas á comunidade local. Mais, a comparación dos resultados en ambas rexións, permitiulles apreciar un importante matiz: mentres que en Westhoek a historia migratoria non parecía contribuír a explicar a intención de marchar da rexión, en Veenkoloniën a historia migratoria constituía un factor independente e importante na explicación da intención de emigrar. Segundo os autores, estas diferenzas nos resultados obtidos en ambas rexións poderían entenderse a partires das disimilitudes que presentan ambas rexións na historia dos seus respectivos asentamentos. Así, os resultados correspondentes á rexión de Westhoek semellan coherentes no contexto dunha área rural cunha longa historia de asentamento, unha rexión na que moitos mozos e mozas están arraigados e para os que permanecer alí constitúe algo natural que dá continuación á tradición familiar de vivir alí. Pola contra, a rexión de Veenkoloniën conta cunha menor historia de asentamento, polo que as súas comunidades locais están máis interconectadas con outras partes dos Países Baixos e hai unha maior variabilidade na súa historia migratoria e na identificación da poboación moza coa rexión de orixe. Por todo iso, parece congruente que a historia migratoria teña un maior impacto na intención de emigrar da poboación moza de Veenkoloniën que na poboación moza de Westhoek.

Como sinalou Sack (1986), «sen a axuda da tecnoloxía moderna para transportar persoas e información a grandes distancias con regularidade, o movemento a través do espazo converteríase nunha aventura coa natureza brindando ao viaxeiro experiencias inesperadas ao pasar dun lugar a outro» (p. 64). Pero o extraordinario desenvolvemento das novas tecnoloxías máis os avances nas infraestruturas e nos medios de transporte que se produciron especialmente nas últimas décadas, permitiron unha maior emancipación do espazo con respecto aos obstáculos físicos e ás distancias temporais, diluíndose, aínda máis, a fronteira entre o *cerca* e o *lonxe*. Neste contexto, a emerxencia e superposición dun espazo cibernético sustentado na electrónica, constitúe tamén un importante factor que contribúe a despoxar o territorio do seu valor e da súa capacidade para outorgar identidade. E é que, como destacou Bauman (1999), na sociedade actual todas as persoas vivimos en movemento, aínda que non viaxemos. Podemos estar en movemento de diversas maneiras. Algunhas persoas cambian de lugar mudándose de casa ou viaxando entre lugares que non son o seu fogar, pero «a maioría estamos en movemento aínda que fisicamente permanezamos en repouso» (p. 103). Este sería o caso dun individuo «que permanece sentado e recorre as canles de televisión satelital ou por cable, entra e sae de espazos estranxeiros cunha velocidade moi superior á dos *jets* supersónicos e os foguetes cósmicos», pero que «xamais permanece nun lugar o tempo suficiente para ser algo máis que un transeúnte, para sentirse *chez soi*» (p. 103). Para Bjarnason e Thorlindsson (2006), a conxunción da crecente mobilidade educativa e ocupacional, os rápidos avances no transporte e máis nas tecnoloxías da información, xunto coa existencia dunha cultura global que se alimenta de elementos procedentes doutras sociedades do mundo, erosionou as limitacións temporais e espaciais das interaccións sociais. Por conseguinte, as nocións xeográficas e biográficas de pertenza á comunidade víronse debilitadas, ao mesmo tempo que a identificación cunha determinada comunidade volveuse mais unha cuestión de elección e gusto persoal.

O sinalado anteriormente tradúcese en que, tanto o lugar de orixe como a rexión de orixe, teñen actualmente menos relevancia para a poboación moza do rural da que tivo en xeracións anteriores. Permanecer no lugar e/ou na rexión onde se naceu deixou de ser unha cuestión de rutina. Agora, a decisión de continuar vivindo no lugar e/ou na rexión de orixe é interpretada como o resultado dunha elección entre moitas outras opcións. Estudos como os de Bjarnason e

Thorlindsson (2006) ou Thissen et al. (2010), mostraron que o arraigamento territorial constitúe un importante factor para explicar as intencións migratorias da poboación moza de áreas rurais de países como Islandia, Bélxica ou os Países Baixos. As persoas adolescentes e adultas mozas que amosan menores probabilidades de emigrar correspóndense con aquelas que están máis arraigadas nas súas comunidades e/ou rexións de orixe, de maneira que o risco de decrecemento demográfico e de deterioro socioeconómico das áreas rurais aumenta a medida que as persoas están menos apegadas ao lugar. Pero que exista un menor arraigamento, non significa que os mozos e mozas do rural non se sintan apegados aos lugares nos que naceron. Ao contrario, «os estudos mostran que a maioría dos adolescentes rurais levan consigo un apego ao seu lugar de orixe, aínda que eles non elixan vivir alí» (Svendsen, 2018, p. 3). E é que debemos ter en conta que, na sociedade globalizada, a concreción das traxectorias individuais está máis vinculada aos intereses e ambicións persoais que á proximidade xeográfica. Neste marco, o arraigamento ao lugar de orixe non constitúe un factor tan decisivo na formación da identidade dos mozos e mozas, que se ven impulsados a emigrar debido ás características do mercado de traballo local e máis ás limitacións existentes na oferta de servizos educativos e recreativos. É por iso que hoxe en día, os lugares —incluído o lugar de orixe— son comunmente vistos como lugares para residir momentos específicos da vida (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Laoire e Stockdale, 2019; Thissen et al., 2010).

5.3.2 A importancia da historia migratoria familiar

Ao igual que acontece con calquera outro animal, parte da aprendizaxe humana baséase na experiencia. A diferenza fundamental reside en que, unha vez que aprendemos a falar e a ler, a linguaxe posibilítanos a adquisición de coñecementos útiles para enfrontarnos a situacións específicas que non sempre é posible ilustrar mediante exemplos reais. Así, a lingua e a linguaxe permítennos tanto comunicarnos con outras persoas como mancomunar experiencias humanas, adquirindo e acumulando un coñecemento acerca daquelas formas de actuar ante situacións concretas que resultaron beneficiosas para o grupo social —ou grupos sociais— ao que pertencemos. É así como a historia da comunidade forma tradicións sociais que determinan a conduta xeral dos membros dunha sociedade, establecendo os límites da nosa acción e tamén os límites da acción dos nosos semellantes. A nosa comprensión do mundo baséase, polo tanto, neste acervo de experiencia previa, que inclúe tanto as propias experiencias inmediatas como as experiencias que nos transmiten os nosos semellantes, especialmente os nosos pais e as persoas dedicadas á nosa ensinanza. En definitiva, este acervo de coñecemento constitúe o esquema de referencia que temos para afrontar os problemas que se nos presentan no mundo da vida cotiá, que é a realidade fundamental e eminente do ser humano. Soamente somos conscientes do carácter deficiente deste acervo de coñecemento no momento no que unha experiencia nova non se adecúa ao esquema de referencia que, ata ese entón, tomamos por válido. Esta situación pode acontecer facilmente porque que as tradicións nin son fixas nin inmutables, xa que as sociedades enfróntase continuamente a circunstancias novas. Pero, mentres tanto, o noso acervo de coñecemento é o que orienta a nosa acción, no sentido de que se unha situación se presenta desta ou daquela maneira, nós actuaremos consecuentemente desta ou daquela maneira (Childe, 1974; Schutz e Luckmann, 1977).

A raíz do exposto, resulta coherente pensar que a disposición para abandonar o lugar de orixe será maior en persoas adolescentes e adultas mozas que pertencen a algún ou a varios grupos sociais nos que a emigración constituíu unha resposta habitual ante determinadas situacións

económicas, sociais ou culturais habidas na historia recente desas áreas rurais. Neste sentido, Thissen et al. (2010) destacaron que a historia migratoria dos pais constitúe un determinante importante nas intencións migratorias da poboación moza[40]. Analizando as intencións migratorias da poboación adolescente das rexións rurais de Westhoek (Bélxica) e Veenkoloniën (Países Baixos), estes investigadores descubriron que en Veenkoloniën o 53 % das persoas adolescentes tiñan intención de abandonar a rexión, fronte ao 35 % rexistrado en Westhoek. Estes resultados cobran importancia ao saber que o o 89 % das persoas mozas de Westhoek tiñan raíces na rexión (un ou os dous proxenitores naceran na rexión ou na comunidade local), unha cifra 23 puntos porcentuais superior á rexistrada no caso de Veenkoloniën, onde soamente o 66 % da poboación moza afirmou ter raíces na rexión. Se ben este tipo de achados que evidencian cientificamente a relación entre a historia migratoria familiar e as intencións migratorias da poboación moza rural son de sumo interese, non debemos esquecer que os factores que inciden nas intencións migratorias da poboación moza rural son numerosos e complexos de abordar, debido ás interrelacións que se establecen entre eles. Pois tamén poderiamos pensar que o feito de que un ou os dous proxenitores fosen persoas non migrantes, podería influír en que unha persoa adolescente teña intención de abandonar o lugar de orixe. Isto podería ocorrer no caso de que os seus proxenitores tivesen unha valoración negativa da súa propia experiencia vital e incorporasen esta visión no acervo cultural dos seus descendentes, inculcándolle a idea da emigración como unha solución máis válida ante determinadas situacións que se presentan na vida cotiá. A validez desta solución, robustecería-se en maior medida cando xa fose previamente adoptada por outros semellantes e cuxas traxectorias fosen valoradas máis positivamente con respecto á traxectoria propia, en relación a un mesmo marco de valores e preferencias. Algún exemplo deste tipo podemos atopalo entre os testemuños recollidos pola socióloga Cecilia Díaz (2005) na investigación que realizou sobre os aspectos cualitativos do desarraigamento feminino nunha comarca rural do Principado de Asturias, onde podemos ler comentarios do tipo «miña nai anímame a que me vaia [...] que coñeza outras cousas»[41] (p. 71). Mais cómpre sinalar que este tipo de ideas non sempre se explicitan, posto que está comunmente aceptado por parte das familias que marchar constitúe un paso necesario no curso da vida, primeiro para poder estudar e, segundo, para atopar un emprego acorde coa formación adquirida (Stockdale, 2002a). Polo tanto, tendo en conta que nas sociedades occidentais as migracións internas son máis comúns que as migracións externas, que cada contexto territorial impón unhas determinadas pautas de mobilidade xeográfica para estudar e para traballar e que estas pautas están totalmente aceptadas pola sociedade, é de esperar que a importancia da historia migratoria familiar incida especialmente na intención migratoria da poboación moza ben cando se trate de valorar a posibilidade de emi-

[40]Poderiamos pensar que en países como España, con vínculos familiares moi fortes e nos que tradicionalmente convivían nunha mesma unidade familiar varias xeracións, a traxectoria migratoria de avós, tíos e primos podería incidir tamén na decisión de emigrar ou non emigrar. Non obstante, os cambios acontecidos no concepto de familia —que deixou de ser un grupo formado por avós, pais, fillos e netos— minaron as relacións interxeracionais e o contacto entre persoas mozas e maiores (Billari e Dalla, 2010; G. Castillo, 2017; M. E. Pereira, 2014). Como consecuencia, produciuse e prodúcese unha perda de «referencias e valores universais na fase de construción da personalidade e do modelado do carácter do adolescente» (M. E. Pereira, 2014, p. 80). E non só iso, senón que ao seren os avós e as avoas as persoas que atesouran a información máis valiosa sobre a historia familiar, o menor contacto que se establece entre as diferentes xeracións implica unha perda da historia familiar e un menor coñecemento dos valores que cultivaron os antepasados (G. Castillo, 2017).

[41]Como veremos no seguinte apartado, ao abordar o tema da creación da identidade na transición á vida adulta, o feito de que este tipo de comentarios proveñan da figura materna, cobra especial significado no contexto da sobremigración xuvenil feminina que ten lugar nas áreas rurais periféricas.

grar a fóra da rexión de orixe[42], ou ben cando se trate de valorar posibles alternativas de retorno ao lugar de orixe unha vez finalizada a etapa formativa.

5.3.3 A creación da identidade na transición á vida adulta

Citando a Dávila (2004), «os conceptos de adolescencia e xuventude corresponden a unha construción social, histórica, cultural e relacional, que a través das diferentes épocas e procesos históricos e sociais foron adquirindo denotacións e delimitacións diferentes» (p. 86). Ambos conceptos aluden á etapa da vida que transcorre entre a infancia e a idade adulta e, en numerosas ocasións, empréganse como sinónimos. Convencionalmente, a adolescencia circunscríbese á franxa de idade comprendida entre os 12 e os 18 anos, correspondéndose co período no que se alcanza a etapa final de crecemento e se adquire a madurez reprodutiva completa. Á súa vez, a adolescencia adoita estar contida dentro da xuventude, unha etapa de límites de idade imprecisos que abrangue xeralmente dende os 15 aos 29 anos, con independencia de que na formulación de políticas públicas destinadas á poboación xuvenil se establezan —con carácter operativo— outros rangos de idade. De acordo con Rifkin (2010b), a escolarización universal pública e obrigatoria exerceu unha función esencial no cambio do status da muller, «non só porque lle permitiu recibir unha educación igual á dos homes (ao menos ata o nivel de secundaria), senón porque lle permitiu compartir cos mozos un privilexio que antes lles fora negado a ambos: a adolescencia» (pp. 375-376). A partir dese momento, o inicio da vida laboral comezou a atrasarse e o período de coidado dos fillos tamén se alongou. Agardábase que a adolescencia servise para que as persoas mozas creasen a súa propia identidade, o que supoñía unha idea totalmente nova con calado, maioritariamente, na clase media. Desta maneira, «a adolescencia dedicaríase a desenvolver a propia personalidade, a descubrir os propios intereses, e incluso, para algúns, a formularse preguntas clave sobre o significado da propia vida» (p. 376). Máis de cen anos despois da aparición do concepto de adolescencia, a xuventude é concibida como unha etapa de maduración a diferentes niveis (sexual, afectivo, social, intelectual e físico/motora) na que o proceso de construción da identidade propia é, quizais, o elemento máis característico que define o período xuvenil. Trátase, en definitiva, dunha etapa de preparación para a vida adulta que, idealmente, culminaría unha vez realizados os seguintes feitos: a finalización dos estudos, a entrada no mercado de traballo, a independencia respecto á familia de orixe e a constitución dun fogar propio, a formación dunha parella estable e o nacemento do primeiro fillo/a. Esta concepción da xuventude outorga un peso importante ao desenvolvemento psicosocial e á inserción laboral das persoas mozas, polo que é de esperar que se producisen cambios significativos na traxectoria da transición á idade adulta nas últimas décadas, dominadas pola intensificación da inestabilidade e a precariedade laboral (G. Castillo, 2017; Dávila, 2004; Nascimento e Álvaro, 2014; Rifkin, 2010a e 2011).

Ata non hai moito tempo, o proceso de transición á idade adulta caracterizouse por seguir unha secuencia lineal na superación dos feitos anteriormente sinalados, ata finalizar a transición. Non obstante, a inseguridade e a inestabilidade que xeran o actual contexto social e laboral na

[42] Van Dalen e Henkens (2008) destacaron que a dispoñibilidade dunha rede social de amigos e familiares aumenta a probabilidade de emigración ao estranxeiro, especialmente porque ofrecen servizos que reducen os custos persoais que implica a migración e a integración no lugar de destino. De forma similar, Stockdale (2002a) tamén salientou a influencia que exercen as redes familiares na elección do lugar de destino da emigración rural da poboación moza escocesa, concretamente naqueles casos nos que se abandonan as áreas rurais periféricas para instalarse noutras partes do Reino Unido por razóns educativas.

poboación moza, provoca alteracións na secuencia das traxectorias individuais á vida adulta, dificultando os procesos de construción de identidade e tamén a planificación do futuro. En países como España, onde a taxa de paro xuvenil na poboación menor de 25 anos non descendeu do 50 % entre os anos 2012 e 2015 (INE), moitas persoas mozas viron atrasada a súa saída do fogar familiar en maior medida que o resto da mocidade europea (G. Castillo, 2017; Dávila, 2004; Domínguez, 2017; Nascimento e Álvaro, 2014; Parés e Subirats, 2016). Tras unha análise da situación actual da xuventude nas sociedades occidentais e, de forma especial, en España, Parés e Subirats (2016) identificaron tres grandes factores que marcan tendencia. En primeiro lugar, apreciaron que o proceso transitorio cara á idade adulta cada vez «está máis vinculado a decisións persoais e menos ás instancias normativas tradicionais». En segundo lugar, observaron «unha desestandarización (e diversificación) dos itinerarios que segue cada individuo que, en calquera caso, teñen un grao de complexidade moito maior e afástase da linealidade tradicional dos itinerarios vitais de fai uns anos». En terceiro lugar, ao ser a xuventude un dos colectivos máis afectados polas consecuencias da crise económica-financeira do 2008, nos últimos anos vimos como «persoas mozas de todo o mundo protagonizaron numerosas mobilizacións políticas[43] reclamando cambios profundos no modelo económico, social e político que goberna o noso actual mundo globalizado» (p. 48). Como consecuencia disto, asistimos a un alongamento da etapa da xuventude e a un atraso na asunción de responsabilidades, propiciados pola extensión do período de formación, o aumento das persoas mozas que deciden realizar estudos superiores, as dificultades para acceder a unha vivenda e poder emanciparse ou a demora na incorporación ao mercado laboral. En relación cos movementos migratorios da poboación rural, isto tradúcese no incremento de migracións xuvenís de tipo transitorio que poden corresponderse con emigracións de tránsito, reemigracións, novas emigracións ou emigracións circulares (C. Blanco, 2000; Bovenkerk, 1974; J. Castillo, 1997).

Retomando o fío do proceso de construción da identidade propia como elemento característico da etapa xuvenil, cómpre aclarar que entendemos por identidade persoal o «proceso de desenvolvemento persoal mediante o cal formulamos un sentido propio do que somos e da nosa relación co mundo que nos rodea» (Giddens, 2002, p. 61). Nas sociedades occidentais desenvolvidas, a formación da identidade propia está moi vinculada aos procesos de individualización social. De acordo con Herrera (2007), podemos entender a individualización como «unha característica cultural da sociedade actual a través da cal os individuos, en diversos aspectos da súa vida, resaltan a liberdade e a autonomía individual para elixir os seus principios morais, as súas crenzas e as súas formas de vida» (p. 164). En xeral, nas sociedades máis *individualizadas*, o desenvolvemento das propias normas e valores desvíase cada vez máis dos sistemas de valores tradicionais e institucionalizados para basearse na elección persoal, no autodesenvolvemento e na felicidade persoal, que constitúen agora os principios que orientan as accións individuais. Ao rachar cos modos tradicionais de vida, as posibilidades de acción dos individuos increméntanse, o que deriva nunha maior diferenciación das persoas no relativo aos seus comportamentos

[43]Tras analizar o proceso político en Europa, Estados Unidos e algúns outros países, Rifkin (2011) destacou a emerxencia dunha nova mentalidade política entre as xeracións máis novas, socializadas, en gran medida, a través das comunicacións por Internet. A orientación política destas xeracións non se configura tanto en torno ao debate entre as ideoloxías capitalista e socialista, senón que está máis ligada ao conflito entre o centralizado e o autoritario, por unha banda, e o distribuído e o colaborativo, pola outra banda. Dito doutra maneira, estas novas xeracións inclínanse máis por dividir o mundo entre «persoas e institucións que recorren a un modo de pensar vertical, propietario, propenso a poñer barreiras de acceso, por un lado, e aquelas que se caracterizan por unha mentalidade lateral, transparente e aberta, por outro» (p. 195).

e experiencias. Desta maneira, «as biografías estándares convértense en biografías electivas» (p. 148), polo que os eventos da vida atribúense a aspectos do individuo, tales como decisións, non decisións, omisións, capacidades, incapacidades, logros, compromisos ou fracasos. En palabras de Giddens (2002), «no mundo actual dispoñemos de oportunidades sen precedentes para facernos a nós mesmos e crear a nosa propia identidade» (p. 61). Nós mesmos somos o «principal recurso para definir quen somos, de onde vimos e a onde imos» e dispoñemos dunha enorme gama de «opcións relacionadas co que se pode ser, como se pode vivir e que se pode facer, sen proporcionar moita orientación sobre que opción tomar» (p. 61). Estamos ante o *homo eligens* ou «home elector», que non significa, segundo advirte Bauman (2007), «home que realmente elixiu» (p. 49). Para este sociólogo, «o *homo eligens* e o mercado de artigos de consumo conviven nunha perfecta simbiose: nin o un nin o outro verían a luz dun novo día se non contaran co apoio e o alimento que supón a súa compañía mutua» (p. 49). E é que o consumismo preséntasenos como a ferramenta indispensable para guiarnos no camiño que nos leva ao descubrimento do que podemos ser e do que queremos ser dentro do que o mercado nos dí que podemos ser. O mercado é o que nos proporciona os artigos de consumo que potencialmente definen a nosa identidade, de tal maneira que o proceso de construción da identidade propia custa diñeiro e presenta obstáculos ás persoas que non dispoñen dos recursos necesarios, ou suficientes, para transitar por ese sendeiro en igualdade de condicións. Pero ademais, como a supervivencia do mercado depende de que o proceso de creación da identidade persoal non sexa un proceso finito, as modas e o marketing aseguran que a creación da identidade sexa un proceso sempre incompleto e en constante revisión e renovación. Pois sempre aparecerán novos artigos de consumo que nos convenzan de que todos os artigos que mercamos anteriormente co mesmo propósito quedaron invalidados debido á aparición deses artigos novos, xerándonos novas e insaciables necesidades que nos manteñen inmersos nunha espiral consumista. En última instancia, isto significa que mentres que a identidade persoal se constrúa a base de artigos de consumo que soamente se poden adquirir en centros comerciais, o futuro do mercado está asegurado (Bauman, 2007 e 2011; Bauman e Leoncini, 2018; Lipovetsky e Charles, 2008; Maslow, 1991).

A identidade persoal que se pretende construír baséase, por conseguinte, no dogma de que «somos o que temos». A partir da adquisición dunha serie de artigos de consumo de produción industrial, persoal e conscientemente seleccionados en función do seu simbolismo convencional (roupa, complementos, tatuaxes, vehículos, produtos informáticos, etc.), procuramos atoparnos e definirnos a nivel individual. E aquí reside un dos principais paradoxos que envolve o proceso de creación da identidade nas sociedades consumistas: a busca de diferenciación propia a partir de produtos previamente estandarizados polo mercado. Pero aínda así, a definición —sempre provisional e incompleta— da propia identidade en base aos criterios sinalados, non nos asegura a aceptación e a pertenza a un determinado grupo social, un desexo inherente á condición humana que cobra especial importancia na etapa de transición á vida adulta[44]. Nesa etapa da vida, as persoas consideran indispensable dispoñer dunha serie de produtos de consumo para poder chegar a sentir a aceptación e o respecto por parte das persoas coetáneas. É

[44]Os medios de comunicación móstrannos demasiado a miúdo as consecuencias fatais que ten para algunhas persoas adolescentes o sentimento ou a falta real de aceptación e respecto dentro do grupo de pares principalmente, pero non de forma exclusiva, no entorno educativo. Precisamente, nos casos de acoso escolar, a persoa ou persoas agresoras empregan a violencia coa finalidade de impedir que a persoa agredida participe na vida do grupo, afectando así á súa autoestima e ao proceso de creación da súa identidade persoal (Bauman, 2011; Bauman e Leoncini, 2018; G. Castillo, 2017).

dicir, os mesmos produtos de consumo que nos outorgan unha identidade persoal, serven tamén para que as demais persoas nos atribúan unha serie de características e nos sitúen en relación a elas. Vemos, pois, como o ser humano convive actualmente entre dous extremos, representados pola necesidade de definir un sentido propio do que somos, por unha banda, e pola necesidade de pertenza a un grupo, por outra banda (Bauman, 2007 e 2011; Domínguez, 2017; Giddens, 2002; Maffesoli, 2009). Poderíase dicir que «o camiño cara á identidade é unha batalla continua e unha loita interminable entre o desexo de liberdade e a necesidade de seguridade», dous valores «sumamente cobizados por resultar indispensables para unha vida digna e feliz», pero nos que raramente se alcanza un equilibrio satisfactorio (Bauman, 2007, p. 45 e p. 52). Nas áreas masificadas e complexas das sociedades occidentais, a pertenza a determinados grupos e subculturas xuvenís constitúe unha fonte de estabilidade identitaria a ambos niveis. Pois, a diferenza do que ocorre no medio rural, a diversidade cultural que existe nas cidades permite que persoas descoñecidas que comparten intereses e gustos comúns poidan confluír como parte dunha subcultura[45], afastándose do anonimato asociado ás grandes aglomeracións e reforzando, así, a súa propia identidade persoal e social (Bauman, 2007; Domínguez, 2017; Giddens, 2002).

Nunha sociedade que, como xa comentamos, apártase cada vez máis dos sistemas de valores tradicionais e institucionalizados, a forma de vida rural pode chegar a ser interpretada pola poboación moza que habita nesas áreas como un obstáculo para o desenvolvemento da súa propia identidade. Isto ocorre porque a identidade flúe e cambia de forma parella aos procesos de socialización primaria e secundaria[46]. Aquel acervo cultural recibido durante os primeiros anos de vida e que establece os límites da acción individual dentro do grupo social do que se forma parte, pode entrar en tensión co acervo de experiencias que se vai conformando na socialización secundaria entre persoas mozas, impulsando a rachar cos valores, roles e prácticas sociais que se mantiñan incuestionables ata ese momento. Nesa etapa da vida caracterizada polo inicio do proceso de construción da identidade propia, o desexo de crear unha biografía diferenciada necesitará do consumo de determinados produtos de mercado que estarán dispoñibles, en maior medida, nas cidades e nas áreas non rurais. Pero ademais, non abonda con dispoñer de tales produtos e con renovalos cada certo tempo, senón que se fai necesario sentir a pertenza a grupos de coetáneos con intereses e gustos afíns, para desenvolver unha identidade social que reforce, ao mesmo tempo, a identidade persoal que se está creando. Isto implica que o factor de proximidade xeográfica perde peso nas relacións sociais que se establecen entre as persoas mozas, que pasan a basearse, cada vez máis, nunha elección persoal que responde a intereses e ambicións persoais[47]. Desta maneira, a distancia aos principais centros de consumo e transmisores de modas, xunto co déficit de persoas da mesma idade con similares intereses e ambicións no en-

[45] Unha subcultura pode definirse como calquera sector da poboación que se diferencia do resto da sociedade por mostrar unhas determinadas pautas culturais, podendo manifestarse, por exemplo, nun mesmo estilo de consumo que se reflicte nunha estética común (Bauman, 2007; Domínguez, 2017; Giddens, 2002; Maffesoli, 2009).

[46] Tal e como apuntou Giddens (2014), «a mera existencia de todo un abano de axentes socializadores nas sociedades modernas produce múltiples diverxencias entre os puntos de vista dos nenos, os adolescentes e a xeración dos pais» (p. 319).

[47] Aínda que son numerosos os factores que contribuíron, e contribúen, a que a proximidade xeográfica perdese peso nas relacións sociais que se establecen entre as persoas mozas, cremos importante destacar as seguintes: a maior uniformización dos estilos de vida nos países occidentais e principalmente na Europa occidental; a xeneralización dos estudos regrados de inglés dende a infancia; o abaratamento dos medios de transporte; o espectacular incremento da mobilidade de persoas dentro e fóra da Unión Europea; o auxe do turismo de masas; a difusión de programas de mobilidade xeográfica de persoas estudantes e traballadoras a nivel español, europeo e internacional; e, por último, o desenvolvemento de Internet e das tecnoloxías da información e da comunicación.

torno rural, obstaculizan a creación da identidade persoal e social, aspectos básicos para poder aspirar a ter unha vida feliz. De feito, non é infrecuente que as persoas mozas que permanecen en áreas rurais deprimidas sufran illamento social e experimenten aburrimento (Childe, 1974; Bauman 2007 e 2011; Bauman e Leoncini, 2018; Bjarnason e Thorlindsson, 2006; G. Castillo, 2017; Domínguez, 2017; Giddens 2002; Herrera, 2007; Lipovetsky e Charles, 2008; Maffesoli, 2009; Schutz e Luckmann, 1977).

Na literatura científica sobre a emigración rural da poboación moza europea, atopamos diversas alusións a esta temática identitaria con discursos centrados, de forma especial, nas implicacións que ten a vida rural para as mulleres mozas. Pois a sobremigración feminina constitúe unha característica común nas áreas rurais periféricas. De acordo con diversos autores, as mulleres mozas do rural enfróntanse a unha vida dominada por homes na que os lazos comunitarios e os roles sociais establecidos poden ser vistos como parte do control social exercido pola comunidade local. Ese control social absorbe a intimidade e o anonimato, impide a autorrealización dalgunhas mulleres e, sen dúbida, limita a súa *liberdade* á hora de explorar outras identidades persoais e sociais. Ese ambiente claustrofóbico pode incidir na decisión de emigrar a áreas urbanas ou non rurais. Pois saben que, unha vez chegadas ao lugar de destino, o anonimato e o descoñecemento da súa historia persoal por parte do resto da poboación, permitiralles crear unha nova identidade acorde cos seus gustos e coa imaxe que desexan proxectar. Aínda que este argumento constitúe a principal explicación das altas taxas de emigración rural feminina, tamén está asociado, en certa medida, á emigración de minorías sexuais, debido a que o medio rural caracterízase por ser un espazo altamente heteronormativo (Argent e Walmsley, 2007; Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Camarero e Sampedro, 2008; C. Díaz, 2005; Domínguez, 2017; Gurrutxaga, 2013; Laoire e Stockdale, 2019; J. Pérez, 2013b; Sampedro, 2021; Stockdale, 2002a; Thissen et al., 2010). No contexto español, as mulleres mozas tamén constitúen o colectivo máis proclive a abandonar o medio rural, aínda que como destacou J. Pérez (2013a), «as mulleres de pobo, como probablemente os mozos dunha ou outra orientación sexual, de calquera orixe social, se teñen conciencia de non poder ser e un mínimo de liberdade, móvense, migran» (p. 76). Centrándonos exclusivamente no caso das mulleres, C. Díaz (2005) declarou que as mozas do rural asturiano toman a decisión de permanecer ou marchar nun «entorno potencialmente conflitivo no que os valores da modernidade urbana chocan co tradicionalismo rural máis propio doutras épocas» (p. 67). Os conflitos entre xéneros e entre xeracións que viven no seo da familia e da comunidade, xustifica que unhas mozas opten por marchar do rural para un entorno que responda en maior medida ás súas expectativas e intereses, mentres que outras mozas deciden quedar nun intento de conxugar as súas aspiracións persoais sen rexeitar o mundo rural, construíndo a súa identidade como mulleres rurais. E é que «a comunidade constrinxe e protexe» (p. 74), polo que ao mesmo tempo que empuxa a unhas persoas a abandonar o rural, empuxa a outras a permanecer nel. Neste contexto, e como xa adiantamos cando abordamos o tema da importancia da historia migratoria familiar, comentarios do tipo «miña nai anímame a que me vaia [...] que coñeza outras cousas» (p. 71), evidencian a transmisión desta realidade por vía materna. Mais semella que esta presión social da que falamos percíbese con diferente intensidade en función da idade das mulleres, percibíndose de maneira máis intensa nas mulleres máis novas (J. Pérez, 2013a). Cómpre sinalar, finalmente, que esta sobremigración xuvenil feminina no rural foi explicada tamén a partir da perda de prestixio socioeconómico das actividades agrarias, a invisibilidade do traballo feminino nas explotacións familiares agrarias, as características dos mercados de traballo rurais e a maior inversión educativa das mulleres, entre outros factores (Camarero, 2006 e 2010; Camarero e Oliva, 2004; Camarero e Sampedro,

2008; C. Díaz, 2005; Sampedro, 2021).

5.3.4 O papel do ocio na xuventude

En parágrafos anteriores, comentamos que a construción da identidade propia é un elemento característico da etapa adolescente e xuvenil. Ademais, destacamos que ese proceso de desenvolvemento da identidade non é finito, posto que a identidade flúe e cambia ao longo da vida, a medida que se adquiren novos roles e se deixan atrás os antigos. De acordo con Giddens (2014), as identidades teñen múltiples capas que resultan de diversas fontes. Unha distinción básica que estableceu este sociólogo é a de identidades *primarias* e identidades *secundarias*, asociadas aos procesos de socialización primaria e secundaria. En palabras súas, as identidades primarias «son as que se forman durante os primeiros anos da vida, e inclúen o xénero, a raza ou a etnia e ás veces tamén a discapacidade ou minusvalía» (p. 284). Sobre estas, constrúense as identidades secundarias, que «inclúen as asociadas aos roles sociais e os estatus conseguidos, como a ocupación ou a posición social» (p. 284). Como nas sociedades modernas a socialización e a creación das identidades son procesos dinámicos e permanentes nos que intervén un amplo abano de axentes socializadores, limitarémonos aquí a abordar o papel dos grupos de iguais durante a xuventude e os contextos nos que teñen lugar tales interaccións.

Álvarez et al. (2014) destacaron que «a rede social dos amigos rexistrou un forte ascenso nos mozos do mundo enteiro como axente de socialización» (p. 101). No noso contexto, os amigos constitúen actualmente un axente socializador de primeira orde durante a adolescencia e a xuventude, posto que a esas idades moitas condutas caracterízanse polo gregarismo. Unha parte importante desta socialización entre iguais é adquirida no tempo libre a través do ocio, un termo este que, pola súa propia evolución, require dunha mínima aclaración. Segundo Thinès e Lempereur (1978), a palabra *ocio* entrou no campo da socioloxía a comezos do século XX coa obra de Thorstein Veblen titulada *Theory of the Leisure Class*, onde designaba o consumo non produtivo de tempo. Pero non foi ata a segunda metade do século pasado, cos estudos de Joffre Dumazedier, cando o concepto adquiriu un significado máis completo. Para este sociólogo, o ocio consistía nunha «serie de ocupacións ás que o individuo pode dedicarse pola súa propia vontade, xa sexa para descansar, para divertirse, para aumentar os seus coñecementos ou mellorar as súas habilidades desinteresadamente ou para aumentar a súa participación voluntaria na vida da comunidade despois de desempeñar os seus deberes profesionais, familiares e sociais» (Dumazedier, 1960, p. 527). Nótese que esta definición leva implícita unha clara diferenza entre tempo libre e ocio, considerados termos equivalentes en numerosas ocasións. O tempo libre correspóndese co tempo que resulta de descontar as horas de traballo e/ou estudo e pode dedicarse á realización de determinadas obrigas de carácter persoal, familiar ou social que non constitúen actividades de ocio[48]. Isto explica o feito de que unha parte importante da socialización entre iguais durante a xuventude sexa adquirida no tempo libre a través do ocio, xa que é nesa etapa da vida cando as persoas adoitan ter menores obrigas e posúen, polo tanto, un maior excedente de tempo libre para dedicar a actividades de ocio (Cuenca, 2000; Domínguez, 2017; Dumazedier, 1960; San Martín, 1997). Como sinalou Cuenca (2000), as principais concep-

[48]Cando se alude á realización de determinadas obrigas que non constitúen actividades de ocio faise referencia ás horas dedicadas á satisfacción de necesidades biolóxicas básicas (comer, durmir...), ás horas empregadas en desprazamentos diarios (os desprazamentos que implica a asistencia ao traballo, ao instituto, ao supermercado, ao médico...) e ás horas dedicadas á realización doutro tipo de obrigas (coidados familiares, tarefas domésticas, compromisos sociais...) (Cuenca, 2000; Dumazedier, 1960; San Martín, 1997; Thinès e Lempereur (1978)).

cións do ocio na actualidade[49] están sintetizadas na *Carta sobre a Educación do Ocio* (1993) da Asociación Mundial do Ocio e a Recreación (World Leisure and Recreation Association, WLRA)[50]. No devandito documento, considerouse o ocio da seguinte maneira[51] (Gorbeña et al., 1997, pp. 244-245):

1. O ocio refírese a unha área específica da experiencia humana, cos seus beneficios propios, entre eles a liberdade de elección, creatividade, satisfacción, desfrute e pracer, e unha maior felicidade. Comprende formas de expresión ou actividade amplas cuxos elementos son frecuentemente tanto de natureza física como intelectual, social, artística ou espiritual.

2. O ocio é un recurso importante para o desenvolvemento persoal, social e económico e é un aspecto importante da calidade de vida. O ocio é tamén unha industria cultural que crea emprego, bens e servizos. Os factores políticos, económicos, sociais, culturais e medio ambientais poden aumentar ou dificultar o ocio.

3. O ocio fomenta unha boa saúde xeral e un benestar ao ofrecer variadas oportunidades que permiten a individuos e grupos seleccionar actividades e experiencias que se axustan ás súas propias necesidades, intereses e preferencias. As persoas conseguen o seu máximo potencial de ocio cando participan nas decisións que determinan as condicións do seu ocio.

4. O ocio é un dereito humano básico, como a educación, o traballo e a saúde, e ninguén debería ser privado deste dereito por razóns de xénero, orientación sexual, idade, raza, relixión, crenza, nivel de saúde, discapacidade ou condición económica.

5. O desenvolvemento do ocio facilítase garantindo as condicións básicas de vida, tales como seguridade, acubillo, comida, ingresos, educación, recursos sostibles, equidade e xustiza social.

6. As sociedades son complexas e están interrelacionadas e o ocio non pode desligarse doutros obxectivos vitais. Para conseguir un estado de benestar físico, mental e social, un individuo ou grupo debe ser capaz de identificar e lograr aspiracións, satisfacer necesidades e interactuar de forma positiva co entorno. Polo tanto, enténdese o ocio como recurso para aumentar a calidade de vida.

[49] Tal e como destacaron Lázaro et al. (2012), «ata non hai demasiado tempo falar de termos como "ocio" ou "ociosidade" era achegarse a termos cargados de connotacións negativas, nalgúns casos dada a súa oposición ao traballo, ou noutras ocasións, achegarse a termos considerados carentes de importancia e relevancia para a sociedade». Porén, a situación mudou e «o ocio pasou a ocupar un sitio valorado na sociedade debido a múltiples factores como o aumento do tempo libre, a redución das xornadas laborais, a democratización da vida cultural, deportiva, turística, a aparición de novas actividades e ofertas de ocio». Mais non hai dúbida de que esa valoración do ocio na sociedade tamén se debeu «á importante dimensión económica e comercial do fenómeno» (p. 2). Actualmente, o ocio é considerado un dereito humano fundamental e conta con recoñecemento xurídico en diversas lexislacións. A relación entre ocio e dereito foi descrita tamén por estes autores.

[50] A Asociación Mundial do Ocio e a Recreación é unha «organización non gobernamental, de ámbito mundial, que se dedica á investigación e ao estudo das condicións que permiten que o ocio sexa o instrumento para mellorar o estilo de vida e o benestar colectivo e individual e que mantén relacións formais coa ONU» (Lázaro et al., 2012, p. 6).

[51] No ano 1997, o Instituto de Estudios de Ocio da Universidad de Deusto publicou a primeira versión en español da *Carta sobre a Educación do Ocio* (Cuenca, 2002), que é a fonte de onde extraemos estes fragmentos.

7. Moitas sociedades caracterízanse por un incremento da insatisfacción, o estrés, o aburrimento, a falta de actividade física, a falta de creatividade e a alienación no día a día das persoas. Todas estas características poden ser aliviadas mediante condutas de ocio.

8. As sociedades do mundo están experimentando profundas transformacións económicas e sociais, as cales producen cambios significativos na cantidade e pauta de tempo libre dispoñibles ao longo da vida dos individuos. Estas tendencias terán implicacións directas sobre varias actividades de ocio, as cales á súa vez, influirán na demanda e a oferta de bens e servizos de ocio.

Tras a análise desta e doutras definicións de ocio, San Martín (1997) destacou que todas as definicións «teñen en común a percepción de liberdade por parte do suxeito á hora de decidir participar nunha actividade» (p. 22). Esta percepción de liberdade constitúe a variable clave que define se unha actividade é ocio ou non o é, de tal maneira que a percepción de liberdade será alta cando unha persoa achaque a sí mesma a iniciación dunha conduta de ocio, mentres que será baixa cando asocie a iniciación dunha conduta de ocio a un factor externo. É dicir, «nos casos nos que a persoa deixa de sentir que posúe liberdade non só declina a percepción de ocio, senón que tamén o fará o propio benestar psicolóxico do individuo» (p. 23). Pero ademais, «non pode esquecerse que o ocio é un experiencia subxectiva, o que provoca que diferentes persoas cualifiquen como ocio actividades moi distintas» (p. 21). Neste contexto, debemos apuntar a existencia dunha infinidade de experiencias de ocio que se producen no ámbito da socialización xuvenil e que podemos agrupar en torno a cinco grandes dimensións: lúdica, ambiental-ecolóxica, creativa, festiva e solidaria (Cuenca, 2000). Mais para apreciar o significado e a utilidade das actividades de ocio, é necesario coñecer as funcións que cumpren para o ser humano. Dumazedier (1960) consideraba que as actividades de ocio cumprían «tres funcións diferentes en relación co pleno desenvolvemento do home no exercicio dos seus deberes profesionais, familiares e sociais» (p. 526). A primeira función que sinalou é o *descanso*, «que alivia o cansazo e repara o deterioro físico ou nervioso resultante da tensión causada polo desempeño dos seus diversos deberes e especialmente, aínda que non exclusivamente, polo desempeño do seu traballo» (p. 526). A segunda función é o *entretemento*, que «serve principalmente para aliviar o aburrimento das monótonas e repetitivas ocupacións diarias no taller, a oficina ou o fogar» (p. 526). E a terceira e última función é o *desenvolvemento da personalidade*, «que brinda alivio do comportamento rutinario e esteriotípico como consecuencia da automatización e especialización das tarefas diarias» (p. 527). Xa no século XXI, Ken Roberts (2014) describiu seis funcións do ocio que poñen tamén de manifesto a súa importancia na etapa de xuventude. En primeiro lugar, o autor salientou que «unha función do ocio é xerar niveis de consumo que sustentarán a economía produtiva dunha sociedade» (p. 24). Aínda que os procesos son máis visibles no ocio comercial, tamén no ocio sen ánimo de lucro existen procesos equivalentes. No primeiro caso, «o gasto de consumo sostén a produción de bens e servizos de ocio que sosteñen o emprego que paga os salarios que sosteñen a demanda, completando así o círculo» (p. 24). No segundo caso, «o uso público sostén o apoio público e político, ou os niveis de voluntariado ou doazóns que se necesitan para soster os servizos de ocio» (p. 24). En segundo lugar, outra destacada función do ocio é «contribuír ao benestar persoal» (p. 24). A terceira función do ocio apuntada por Roberts consiste en que «o carácter social do ocio (cando proceda) contribúe á vinculación social entre os participantes» (p. 24). En cuarto lugar, o autor destacou tamén que unha función do ocio durante a xuventude é «ensinar coñecementos e habilidades que se requiren noutras partes da vida» (p. 24). Pois, durante o tempo libre e a través

do ocio, a poboación moza participa en grupos de pares nos que aprenden a interactuar cos seus semellantes sen a supervisión de persoas adultas, ademais de aprender a desempeñar roles sexuais e de xénero específicos ou a expresar emocións e identidades. En quinto lugar, e ligado á función anterior, o autor apuntou que «o ocio tamén é un sitio onde as persoas poden expresar, consolidar e, ás veces, desenvolver identidades persoais que poden basearse no sexo, a etnia, o lugar, a relixión, a formación ou un interese de ocio específico» (p. 25). Isto é fundamental durante a etapa xuvenil, unha etapa na que se superaron identidades derivadas da infancia e na que o ocio adoita proporcionar identidades de carácter temporal. Ademais, Roberts sostén que durante a infancia e a xuventude as persoas adquiren gustos, habilidades e intereses dos que poden botar man selectivamente durante o resto das súas vidas, o que constitúe a sexta e última función do ocio, dentro das que el enumerou (Roberts, 2014).

Cómpre ter presente que, a pesares de que a xuventude constitúe unha etapa de límites un tanto imprecisos, como mínimo abrangue un período vital duns catorce anos (dende os 15 aos 29 anos). Ao longo deses anos, a medida que se vai transitando cara á etapa adulta, as persoas poden pasar por diferentes situacións. En xeral, durante a adolescencia realízanse estudos de educación secundaria, na adolescencia tardía cúrsanse estudos superiores e na idade adulta prodúcense as primeiras experiencias laborais —se non se iniciaron con anterioridade— e procúrase manter o status de persoa asalariada durante o período laboralmente activo. Estes cambios poden ir acompañados dunha maior independencia no ámbito da mobilidade persoal e no ámbito económico, podendo coincidir ademais con maiores responsabilidades persoais e sociais, así como tamén con cambios residenciais. Todo isto condiciona non só a existencia dunha maior ou menor dispoñibilidade de tempo libre e de tempo de ocio, senón que tamén condiciona a conduta de ocio, que se verá modificada ao longo do ciclo vital (Dávila, 2004; San Martín, 1997; Wallerstein, 1999). Sabemos que as necesidades de ocio son un dos principais determinantes da conduta de ocio e que constitúen a forma máis directa de explicar as razóns polas que se realiza unha actividade de ocio. Entre os factores que poden influenciar no cambio das necesidades de ocio dunha persoa, destacan tres. En primeiro lugar, «a través do ciclo vital, de forma constante estamos expostos a multitude de estímulos sociais e ambientais que van ir modificando as nosas necesidades ao longo de todo o desenvolvemento». Os cambios de domicilio supoñen un segundo factor de influencia, xa que «as persoas poden trasladarse a outra comunidade, o que podería xerar unha modificación das súas necesidades de ocio». E en terceiro lugar, os cambios situacionais poden considerarse tamén un factor de influencia, que se descompón en dous elementos. Un dos elementos correspóndese coas necesidades de ocio improvisadas, que se refiren «a factores sociais ou situacionais que provocan que unha persoa participe nunha actividade sen que o tivese previamente planeado». Neste caso, «en xeral poden basearse en necesidades xa existentes e, con frecuencia, interfiren coas condutas de ocio planeadas sobre a base de necesidades de ocio estables». O outro elemento correspóndese cos cambios nas necesidades que se producen durante a participación nunha determinada actividade de ocio. En tales circunstancias, «as necesidades para o ocio poden variar en función de se se preguntan antes, durante ou despois da participación na actividade» (San Martín, 1997, p. 54).

Nun apartado anterior, xa comentamos os obstáculos que pode supoñer a forma de vida rural para o desenvolvemento da identidade persoal e social da poboación moza, no contexto dunha sociedade consumista. Agora, centrarémonos na forma na que a poboación moza das áreas rurais expresa as súas necesidades de ocio. Nun estudo realizado na India sobre o éxodo rural da poboación comprendida entre 15 e 29 anos, Tripathi et al. (2018) destacaron que a dispoñibili-

dade de mellores empregos e mellores oportunidades educativas nas áreas urbanas constituían as razóns principais desa emigración. Os autores elaboraron unha listaxe cos motivos da migración que revelaron as persoas consultadas e catalogaron cada unha delas ben como factor de expulsión, ou ben como factor de atracción. Aínda que as diferenzas entre as sociedades dos países europeos e a sociedade india son de gran calado, as razóns principais coas que a poboación moza xustifica o éxodo rural son, a grandes trazos, coincidentes. Neste contexto, é de destacar que na décimo sexta posición —nun *ranking* do un ao vinte e un— o aburrimento da vida na aldea foi recollido como factor de expulsión da poboación moza do rural («Village life is full of boredom», p. 56). Noutro estudo realizado en Australia sobre as tendencias migratorias da poboación de 15 a 24 anos do rural interior, Argent e Walmsley (2007) destacaron a existencia de numerosos factores que inflúen na emigración da poboación moza do rural australiano. Segundo os autores, se ben algunhas das principais causas son de natureza económica, a migración xuvenil está cada vez máis impulsada por factores diferentes ao emprego. A percepción do estilo de vida rural como unha vida aburrida ou a percepción da cultura rural como unha cultura dominada polo sexo masculino, son exemplos de factores que inciden na decisión de emigrar, este último con especial incidencia no caso das mulleres mozas. No continente europeo, e concretamente na Europa occidental, tamén atopamos na literatura científica referencias explícitas ao aburrimento xuvenil no rural, asociado á propensión de emigrar. Un dos estudos nos que se mencionou o tema do aburrimento da vida rural foi no de Svendsen (2018), centrado en afondar nas razóns que levan aos mozos e mozas do municipio rural danés de Lemvig a abandonar o lugar onde naceron e se criaron. A análise do contido das entrevistas semiestruturadas realizadas a persoas de entre 20 e 27 anos que emigraron dese municipio, puxo de manifesto a súa percepción negativa da vida rural, ao expresar que «aquí a vida é aburrida, non pasa nada, aquí non hai oportunidades, etc» (p. 11). De feito, a categoría «Negative mentioning of rural life» («Mención negativa da vida rural») foi a que encabezou a listaxe das 18 principais categorías empregadas polo autor para descubrir os temas sobre os que máis falaron as persoas entrevistadas. Tamén Thissen et al. (2010) constataron a existencia de referencias ao aburrimento rural nas representacións negativas que realizou o alumnado de Westhoek e Veenkoloniën con respecto ás súas respectivas rexións. Neste caso, recolleron respostas como «tan aburrido», «aburrido, simple, vida limitada» ou «sen festas» (p. 433). No contexto español non atopamos demasiadas referencias explícitas ao fenómeno do aburrimento rural como factor de influencia na conduta migratoria da poboación moza das áreas rurais, se ben cómpre destacar a relación establecida entre aburrimento rural e emigración rural feminina no estudo que J. Pérez (2013b) realizou na provincia de Valencia. As escasas referencias que, en xeral, atopamos sobre a temática do aburrimento, débense a que o aburrimento non recibiu demasiada atención na investigación, a pesares de ser unha experiencia que ocorre frecuentemente na vida diaria das persoas en diversas culturas. De feito, «na psicoloxía moderna, o aburrimento considerouse en gran medida irrelevante para o funcionamento humano— un estado fugaz resultado de tarefas monótonas ou estimulación externa limitada» (Bench e Lench, 2013, p. 460). No *Diccionario de psicoloxía e educación* publicado pola Xunta de Galicia, o aburrimento é definido como unha «situación psicolóxica ocasionada pola pobreza de estímulos ou actividades inadecuadamente motivantes. Asóciase tamén cunha escasa capacidade e profundidade de vivencia, provocando e experimentando o suxeito un baleiro no seu sentimento de vida. Relaciónase con problemas sociais como a delincuencia, suicidio, infelicidade conxugal, etc» (Currás e Dosil, 1999, p. 5). Logo de analizar as funcións que ten o ocio para as persoas, e máis concretamente para o colectivo xuvenil, non é de estrañar que o aburrimento sexa consi-

derado un factor de expulsión da poboación moza do rural. Pois nas áreas urbanas concéntranse maiores oportunidades de ocio —e ocio inmediato— para aliviar o aburrimento, para socializar nun grupo de iguais e para poder autorrealizarse mediante a selección de actividades e experiencias axustadas ás propias necesidades, intereses e preferencias[52]. En definitiva, a procura de ocio para contribuír a aliviar o aburrimento non debe interpretarse como mero entretemento, senón como a procura de actividades e experiencias que poden fomentar a saúde, o benestar persoal e a calidade de vida. Dende o punto de vista da saúde, emerxe así unha función preventiva do ocio con efectos positivos tanto para a saúde das persoas a nivel individual, como para a calidade de vida comunitaria, por asociarse o aburrimento a condutas sociais nocivas como o consumo abusivo de drogas e alcohol, o xogo, a delincuencia ou suicidio (Bench e Lench, 2013; G. Castillo, 2017; Cuenca, 2002; Currás e Dosil, 1999). Intuímos que por estas razóns, e no ámbito da investigación sobre os factores que impulsan a emigración da poboación moza do rural escocés, Jamieson e Groves (2008) suxeriron a utilidade de investigar acerca dos servizos existentes no rural destinados ás persoas mozas. Sen dúbida, estudos destas características poderían contribuír ao deseño dunha oferta de ocio máis adaptada á poboación xuvenil, repercutindo non só na calidade de vida da poboación moza, senón na da poboación local no seu conxunto. E se ben é certo que, en xeral, non se cuestiona a limitada capacidade que teñen as institucións locais para poder adaptarse ás necesidades, intereses e preferencias da poboación moza, tamén é certo que en moitos casos existe marxe de actuación para contribuír a unha mellora da calidade de vida a través do ocio. Para Rico e Gómez (2003), as características da oferta dos servizos existentes na meirande parte das áreas rurais —sexan de ocio ou sexan doutro tipo— constitúen unha das causas da sobreemigración rural feminina, posto que «a muller valora enormemente este tipo de cuestións, co que o pobo, sobre todo se se trata dun pequeno, non lle atrae tanto á hora de fixar a súa residencia» (p. 171).

5.3.5 As limitacións da oferta formativa no medio rural

En palabras de Wallerstein (1999), «en sistemas históricos anteriores, a vida dunha persoa era un único e longo período de traballo e participación social precedido por un curto período inicial de dependencia total e sucedido no seu caso por outro final de dependencia relativamente alta» (p. 55). Porén, a xeneralización da educación e a expansión das institucións educativas —producida principalmente a partir da posguerra da Segunda Guerra Mundial— provocou que na actualidade as persoas recorramos «un período relativamente longo como nenos parcialmente dependentes fóra da forza de traballo» (p. 55). Esta etapa de dependencia podemos segmentala en partes de acordo coas etapas do sistema escolar, de maneira que identificamos «a primeira infancia coa gardería, a verdadeira nenez coa escola elemental, a adolescencia coa escola secundaria e a adolescencia tardía coa educación universitaria que na actualidade se complementa na xuventude cos estudos universitarios avanzados e/ou cos primeiros anos de traballo a tempo completo» (p. 55). Xunto coa devandita extensión das institucións educativas, produciuse tamén unha expansión da educación secundaria e universitaria. É de destacar que, en xeral, existe unha correlación elevada entre o número de anos dedicados á educación e a renda que se percibe por un emprego. Non obstante, a expansión dos recursos educativos provocou unha escalada dos requisitos formativos que se solicitan para algúns empregos, polo que «moitos pais ven a edu-

[52]Non debemos esquecer a importancia da inmediatez no acceso ao ocio, xa que «hoxe existe unha tendencia a perseguir unha felicidade utilitarista, entendida só como pracer sensible e como satisfacción inmediata» (G. Castillo, 2017, p. 47).

cación como unha necesidade económica urxente para os seus fillos que teñen que correr cada vez máis rápidos para estar á altura duns requisitos educativos para ocupar un posto de traballo» (Wallerstein, 1999, p. 56). Como as oportunidades que ofrece a oferta educativa a este nivel no medio rural adoitan ser escasas, a finalización dos estudos obrigatorios implica a necesidade de elixir —por primeira vez— entre permanecer no rural ou abandonar o rural. Así, preguntas como «Debería quedar ou marchar da miña rexión de orixe?» (Thissen et al., 2010) ou «Debería quedar ou marchar?» (Bjarnason e Thorlindsson, 2006), xorden habitualmente no período final da adolescencia e na etapa inicial da xuventude, coincidindo coa preparación do que para a maioría das persoas adolescentes constituirá o primeiro chanzo para transitar cara á etapa adulta: o inicio dos estudos post-obrigatorios ou a incorporación ao mercado laboral unha vez finalizada a educación obrigatoria (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Laoire e Stockdale, 2019; Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010). A transición da educación secundaria á educación superior proporciona, pois, o primeiro ímpeto para decidir emigrar das áreas rurais (Thissen et al., 2010). Neste contexto, destaca a evidencia aportada por Jones (1992) para o caso escocés, ao constatar que a poboación moza residente nas áreas rurais presentaba o dobre de probabilidades de abandonar o fogar familiar a unha idade máis nova do que o facía a poboación moza residente nas áreas urbanas.

Unha vez finalizada a etapa de educación obrigatoria, algúns mozos e mozas deciden non realizar estudos superiores e permanecer vivindo no fogar familiar, mentres que outros mozos e mozas optan por iniciar estudos superiores. Neste caso, algunhas destas persoas vense na obriga de deixar —polo menos temporalmente— o seu lugar de orixe, mentres que a aquelas persoas que residen en áreas rurais próximas aos núcleos urbanos ou non rurais onde se localizan os centros de educación postobrigatoria, pódelles resultar viable a opción de continuar residindo no fogar familiar e desprazarse diariamente ao centro de estudos, ben sexa mediante transporte público ou privado. Porén, aínda existindo esta posibilidade real, Thissen et al. (2010) destacaron a preferencia de moitas persoas mozas por continuar a súa formación educativa en áreas urbanas, un feito que tamén se constatou en determinadas áreas rurais de Galicia[53]. Non sería disparatado, polo tanto, crer que certas traxectorias educativas da poboación moza poden ser froito tanto dunha preferencia real como dun pretexto para poder trasladarse ás áreas urbanas, fundamentalmente naqueles casos nos que as familias dispoñan dos recursos necesarios para poder afrontar tales gastos. De feito, na tipoloxía da emigración rural contemporánea en Escocia realizada por Stockdale (2002a), a autora identificou un perfil de persoas emigrantes —principalmente mulleres— ás que a habilidade académica permitiulles poder emigrar ás áreas rurais por motivo de estudos, pero satisfacendo, en realidade, o seu desexo de experimentar un estilo de vida alternativo. Ademais, como a transición á educación superior coincide coa transición á etapa adulta, xeralmente admítese que a procura de independencia a través da educación superior constitúe un elemento máis da transición á etapa adulta[54] (Stockdale, 2002b).

[53] Aínda que este resultado non está publicado, durante a realización do traballo de campo levado a cabo por Toxo-Asorei e Gusman (2018) para a súa investigación sobre o posicionamento territorial do municipio de Arzúa, constatouse que a poboación moza local adoita preferir realizar os estudos de Bacharelato e de Formación Profesional en contextos urbanos, con independencia de que a oferta educativa local se adapte ás súas necesidades e gustos. Non obstante, esas preferencias non adoitan ser tidas en conta polas familias, posto que xeralmente non están dispostas a afrontar gastos que consideran innecesarios mentres dispoñan da mesma oferta educativa no eido local.

[54] Estase aludindo aquí a unha primeira fase do proceso de emancipación, na que se produce a «ruptura coa dependencia familiar mediante a adquisición da propia autonomía residencial». Esta fase caracterízase pola adopción dunha serie de responsabilidades prácticas que «permiten aprender, adestrar e desenvolver a capacidade de respon-

Con todo, Lipovetsky e Charles (2008) afirmaron que «os mozos actuais móstranse moi pronto intranquilos á hora de elixir estudos e ante as saídas que teñen estes» (p. 75). Pois o paro «obriga aos estudantes a optar por formacións longas, a embarcarse nunha carreira de títulos, que se consideran un seguro contra o porvir» (p. 75). Neste marco, Bauman (2007) cre que para moitos estudantes «a educación é, antes que nada, unha porta de entrada a un posto de traballo e canto máis ampla sexa e máis rechamantes resulten os premios que se albiscan ao final de tan longo esforzo, mellor» (p. 42). Polo tanto, se existe unha correlación elevada entre o número de anos dedicados á educación e a renda que se percibe por un emprego (Wallerstein, 1999), e se nas áreas rurais as posibilidades de realizar estudos superiores son escasas ou nulas, resulta obvio que para unha parte da poboación moza das áreas rurais a procura de mobilidade social ascendente a través da educación superior, implica a mobilidade xeográfica a través da emigración rural (Cardenal, 2006; Laoire, 2000; Thissen et al., 2010). Sexa como sexa, a cuestión de quedar ou marchar do lugar de orixe, non se manifesta do mesmo xeito en todas as persoas adolescentes ou mozas. Pois, mentres que algunhas persoas están claramente decididas a quedar e outras están claramente decididas a marchar, outras debátense entre quedar ou marchar. Estas últimas, atópanse frecuentemente ante un dilema moral no que entran en tensión, por unha banda, o arraigamento ou apego ao lugar de orixe e, por outra banda, o anhelo por perseguir ou aumentar outras formas de capital presentes, en maior magnitude, nas áreas urbanas (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Svendsen, 2018; Thissen et al., 2010).

Como xa comentamos noutra sección deste capítulo, King (2002) salientou que, dentro dos países europeos, as migracións de estudantes constitúen unha parte importante da mobilidade interna da poboación moza[55]. A pesar de que as migracións de estudantes foron ignoradas durante moito tempo, o seu estudo resulta de gran importancia para indagar na creación de arraigamentos co lugar de destino e para coñecer as implicacións que teñen estas migracións sobre as propensións a migrar das cidades universitarias, unha vez finalizados os estudos. Pola súa parte, Stockdale (2002a) constatou que o grupo de persoas migrantes motivadas pola educación universitaria constitúe o grupo dominante nos fluxos de emigración dende as áreas periféricas escocesas. A autora salientou a complexidade que encerran os procesos de decisión neste tipo de migracións, xa que a decisión individual está fortemente influenciada por factores como as habilidades académicas[56], a motivación recibida por parte da familia[57] e/ou dos profesores ou o feito de ter familiares e/ou amizades residindo en áreas urbanas nas que existen posibilidades de emprender estudos superiores. Neste sentido, o entorno familiar resulta crucial á hora de entender as intencións migratorias da poboación adolescente, xa que como os pais dispoñen cada vez de máis formación, animan aos fillos nas súas aspiracións educativas, aumentando así o seu potencial migratorio (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Thissen et al., 2010). De feito, existe evidencia científica de que, tanto en Flandres como nos Países Baixos, o nivel educativo

sabilizarse dun mesmo adquirindo plena autonomía persoal» (Gil, 2014, pp. 38-39). Ditas responsabilidades poden ser de índole material, doméstica, contable, organizativa, amorosa, social ou civil, entres outras. Nesta primeira fase do proceso de emancipación non existe independencia económica (Gil, 2014).

[55]No caso de España, a proliferación de centros universitarios en todas as comunidades autónomas fixo diminuír a mobilidade xeográfica da poboación moza de clase media que ía estudar ás principais cidades españolas, como Madrid ou Barcelona (Gil, 2014).

[56]Se as habilidades académicas favorecen a emigración rural da poboación moza por motivo de estudos, o fracaso escolar pecha a posibilidade dese tipo de emigración. Nestes casos, non migrar é máis ben froito dunha imposibilidade de elección, que do arraigamento ao lugar de orixe (C. Díaz, 2005).

[57]Tamén debemos ter en conta que nalgúns casos «as dificultades económicas das familias bloquean as saídas a través da formación e son ás veces o detonante para a interrupción dos estudos» (C. Díaz, 2005, p. 72).

dos pais constitúe un importante indicador do nivel educativo dos fillos (Thissen et al., 2010). Mais existen importantes diferenzas de xénero en canto ás aspiracións educativas da poboación adolescente. Normalmente, as adolescentes teñen maiores aspiracións educativas que os adolescentes e ademais tenden a orientar a súa educación cara os sectores terciario e cuaternario (Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Thissen et al., 2010). Para finalizar, cómpre destacar que no estudo levado a cabo por Afonso et al. (2011) no medio rural da provincia de Cuenca, os autores sinalaron que a educación considérase unha ameaza para a permanencia da poboación moza no medio rural. Entre os puntos de vista que segundo os autores xustifican esta afirmación, atópase o seguinte: «a realización de estudos superiores fomenta a emigración. De feito, a decisión de seguir estudando frecuentemente persegue o obxectivo de emigrar» (p. 178). Non obstante, o problema non reside tanto na emigración por causa de estudo, senón máis ben no reducido número de persoas que retornan unha vez finalizada a súa formación superior nas áreas urbanas (Stockdale, 2006). En relación con esta idea, no documento titulado *How to promote the role of youth in rural areas of Europe?*, elaborado por Shucksmith (2010) a petición da Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo, podemos ler o seguinte:

> Para moitas persoas nas comunidades rurais e para aqueles preocupados pola política rural, un dos problemas máis urxentes para a sostibilidade futura das comunidades rurais é o éxodo da poboación moza. Un funcionario da CEC [Comisión das Comunidades Europeas] preguntoulle a unha destacada investigadora como deter a emigración da poboación moza das comunidades rurais: "simple", respondeu, "deixen de educalos". Se ben esta resposta pode non parecer de moita utilidade práctica para o funcionario, efectivamente resume un dilema central para a política entre promover o que é mellor para os mozos e o que é mellor para as comunidades rurais. (...) (p. 13).

5.3.6 A falta de oportunidades de emprego nas áreas rurais

De acordo con Achával (1950), o éxodo rural «non é un fenómeno de aparición recente, senón que se presentou dende hai décadas e, aínda séculos, a través de épocas nas que a humanidade pasou polas formas máis diversas de organización política e económica» (p. 6). As causas deste fenómeno «son moi complexas, aínda que todas recoñecen o común denominador da aspiración de encontrar mellores condicións de vida, principalmente dende o punto de vista económico, como así mesmo das necesidades espirituais, do intelecto, comodidades, etc» (p. 6). Polo que se refire ao éxodo rural que tivo lugar en Europa occidental nos séculos XIX e XX, diversos autores coinciden ao sinalar os principais factores que determinaron este fenómeno: maiores oportunidades laborais, maiores salarios e maior oferta de servizos (Achával, 1950; Collantes et al., 2014; Petersen, 1968; Pinilla e Sáez, 2016; Weeks, 1984). Xa nas últimas décadas do século XX, as áreas rurais da Unión Europea experimentaron importantes transformacións na estrutura da actividade económica, transformacións que se manifestaron na contracción do sector agrícola e no crecente incremento do volume de emprego nos sectores manufactureiro e de servizos (Terluin, 2003). Desta maneira, a agricultura deixou de constituír o sector económico dominante nas áreas rurais, á vez que estes espazos transitaron cara a un escenario de diversificación económica coa irrupción doutro tipo de actividades económicas, como por exemplo as relacionadas co turismo ou coas novas tecnoloxías da información e a comunicación. Neste contexto, mentres que nalgunhas áreas rurais o crecemento do emprego non agrícola foi insuficiente para compensar a caída do emprego agrícola e derivou nunha maior perda de poboación rural, noutras áreas rurais observouse un aumento do dinamismo económico e demográfico aso-

ciado a diferentes tipos de movementos migratorios interiores (Armas, 2009; L. López, 2015; Terluin, 2003).

Actualmente considérase que os factores económicos continúan desempeñando un papel crucial na persistencia da emigración rural da poboación moza, debido ás escasas oportunidades laborais que existen na meirande parte das áreas rurais, principalmente para as persoas con maior nivel formativo e de forma especial para as mozas (Bielza, 2010a; Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Camarero, 2008 e 2019; Collantes et al., 2014; C. Díaz, 2005; Laoire e Stockdale, 2019; J. Pérez, 2013a e 2013b; Pinilla e Sáez, 2016; Stockdale, 2002; Thissen, et al., 2010). De feito, a maioría das persoas que emigran das áreas rurais para cursar estudos superiores non retornan ao lugar de orixe unha vez graduadas, debido á falta de oportunidades laborais. Así mesmo, aquelas persoas que permaneceron vivindo no rural mentres realizaron estudos superiores tenden a emigrar do lugar de orixe unha vez graduados, tan axiña como entran no mercado laboral (Thissen et al., 2010). Neste sentido, cómpre destacar que cando se alude á falta de oportunidades laborais no rural, estase aludindo tamén á falta de oportunidades de emprego *adecuadas* ao nivel formativo da poboación moza das áreas rurais (C. Díaz, 2005; Laoire e Stockdale, 2019). Trátase dun matiz importante nun contexto caracterizado polo crecente número de persoas mozas que completan a educación secundaria e que posteriormente acceden á educación superior, tanto a nivel europeo como a nivel mundial (Roberts, 2014). Ademais, tamén debemos ter presente o cambio de valores asociados ao emprego nas últimas décadas, xa que cada vez concédeselle maior importancia ao desempeño de traballos que ademais de permitir a obtención de ingresos, permitan tamén a autorrealización e o logro persoal (C. Muñoz, 2010; Domínguez, 2017). Así, se a educación superior proporciona o ímpeto inicial para emigrar, a entrada no mercado laboral constitúe outro impulso crucial para decidir entre quedar ou marchar (Laoire e Stockdale, 2019; Thissen et al., 2010). E non só iso, senón que a falta de oportunidades de emprego adecuadas a esa formación constitúe un factor que limita tamén as posibilidades e aspiracións de retorno (Laoire e Stockdale, 2019).

No contexto das áreas rurais da periferia de Escocia, Aileen Stockdale (2002a) identificou tres perfís de emigrantes dentro do amplo grupo das persoas que emigran do rural motivadas por aspectos relacionados co mercado laboral. En xeral, a maioría destas persoas estiveran empregadas na súa area de orixe antes de emigrar, pero emigraron na procura dun cambio na súa situación laboral. As diferenzas entre uns perfís e outros residen no nivel de cualificación, no tipo de empregos e nas cargas familiares. Dende a perspectiva da rexión, esta emigración por motivos laborais sería vista como un fracaso, ao considerar que as características do mercado laboral impiden que os mozos e mozas poidan comezar a súa vida adulta nos seus respectivos lugares de orixe (Thissen et al., 2010). Neste sentido, hai que destacar que no estudo sobre a situación da vivenda na poboación moza residente no rural de Inglaterra elaborado por Burrows et al. (1998), identificouse un grupo de poboación moza que desexaba permanecer no rural, pero unha parte desas persoas crían posible ter que emigrar ás áreas urbanas, precisamente debido ás escasas oportunidades laborais que lles ofrecía o mercado de traballo local.

5.3.7 As limitacións na dotación de servizos e infraestruturas

Xunto coa diminución da demanda de man de obra agrícola e o escaso crecemento das industrias nas áreas rurais, a limitada oferta de servizos e infraestruturas existente no rural constituíu un dos factores de empuxe do éxodo rural que tivo lugar nos séculos XIX e XX en Europa

occidental (Collantes et al., 2014; Pinilla e Sáez, 2016). Como consecuencia das elevadas taxas de emigración rural, desencadeáronse importantes procesos de despoboamento que continúan a día de hoxe en moitas partes de Europa, debido á persistencia do fenómeno da emigración rural da poboación moza (Karcagi e Katona, 2012; Pinilla e Sáez, 2016; Stockdale, 2006). De feito, «a escasa poboación de amplas extensións rurais da Unión Europea é un tema que segue preocupando aos expertos» (Escalona e Díez, 2007, p. 62).

Tal e como destacou Stockdale (2004), numerosos estudos coinciden en sinalar que a emigración rural prolongada afecta profundamente aos servizos das áreas emisoras, aínda que matiza que os «niveis variables na provisión de servizos rurais son sen dúbida o produto de transformacións máis amplas na sociedade no seu conxunto» (p. 170). E engade que «máis que a consecuencia da política nacional, en xeral considérase que a emigración acelerou ou, de feito, esixiu unha política de racionalización de servizos» (p. 170). Neste contexto, R. P. Hernández e Cruz (2020) asociaron a existencia do maior e máis amplo acceso aos servizos nas áreas non rurais co fenómeno urbanizador, que o consideran «un factor de desenvolvemento social e económico, no sentido de que o crecemento das cidades impulsa a eficiencia nos recursos e o crecemento económico, á par que altos niveis de benestar motivados pola localización destas contornas da inversión e o emprego» (p. 18). É por isto que se aprecia un amplo consenso en manifestar que as infraestruturas e os servizos que poden ofrecer as áreas rurais dificilmente poden chegar a ser tan amplos, tan diversificados e de tanta calidade como os que ofrecen as áreas urbanas, aínda que iso non significa que non haxa que potenciar servizos de calidade no rural (Afonso et al., 2011; Camarero, 2017a; Rico e Gómez, 2003).

Na actualidade, a limitación nos servizos e infraestruturas que ofrecen as áreas rurais segue contribuíndo a impulsar a emigración rural da poboación moza (Laoire e Stockdale, 2019; Svendsen, 2018), o que supón un obstáculo tanto para a estabilización da poboación como para atraer poboación inmigrante a estas áreas (Ayuda et al., 2000). Pois «hoxe ninguén pon en dúbida a relación estreita que existe entre a provisión de servizos e o atractivo territorial e competitividade das áreas rurais» (Escalona e Díez, 2007, p. 61). Se a oferta de servizos básicos é satisfactoria, esta pode contribuír a manter e aumentar a prosperidade das áreas rurais, pero se os servizos básicos escasean, iso pode redundar nunha perda de calidade de vida e de competitividade territorial. A este respecto, debemos ter presente que cando se fala de servizos básicos á poboación estase aludindo a un conxunto moi heteroxéneo de actividades, destacando *servizos económicos básicos*, como o subministro de auga, electricidade para uso doméstico, recollida de lixo ou tratamento de augas residuais; *servizos sociais básicos*, como a educación e a sanidade; *outros servizos sociais* orientados aos colectivos de persoas dependentes, como servizos de apoio á infancia ou á terceira idade; *servizos de seguridade*, como policía ou vixilancia; *servizos de transporte, de comunicación e de información*[58], como o correo postal, o teléfono ou Internet; *servizos comerciais*, tanto fixos como ambulantes; ou *servizos culturais e de ocio* (Escalona e Díez, 2007). A distribución espacial dos diferentes servizos nas áreas rurais garda relación co rango do servizo, de maneira que «canto máis complexo e especiali-

[58] A comezos do presente século, numerosos estudos abordaron o potencial positivo que supoñerían as TICs para o desenvolvemento socioeconómico das áreas rurais, a través da creación de novas oportunidades de emprego vinculadas ao auxe de Internet (Armas, 2009; Grimes, 2000 e 2003; Malecki, 2003; Richardson e Gillespie, 2003). A pesares dos importantes avances producidos dende entón, a implantación do teletraballo durante a pandemia da COVID-19 evidenciou as carencias existentes nas infraestruturas de telecomunicación nas áreas rurais e puxo de manifesto, unha vez máis, a fenda dixital que segue existindo entre a poboación moza das áreas rurais e a poboación moza das áreas non rurais (Serban e Braziene, 2021).

zado é o servizo, maior é a probabilidade de que se localice soamente en lugares de importancia alta, onde pode obter acceso a un mercado de tamaño suficiente» (Escalona e Díez, 2007, p. 64). Consecuentemente, as áreas máis despoboadas e/ou de montaña son as que presentan as maiores deficiencias na provisión de servizos, xa que ás limitacións na oferta de servizos hai que engadirlle as maiores dificultades de acceso, pola distancia física que separa as instalacións onde se prestan os servizos e os lugares onde residen os seus usuarios (Ayuda et al., 2000; Camarero, 2019; Delgado, 2019; Escalona e Díez, 2007). Neste sentido, un dos problemas máis graves que afecta ás áreas rurais é a falta de transporte público, que dificulta aínda máis a accesibilidade a outro tipo de servizos básicos e provoca que a poboación que habita nas áreas rurais dependa do automóbil privado. Así, aquelas persoas que non reúnen as condicións físicas ou psíquicas necesarias para conducir ou non dispoñen de medios económicos para poder desprazarse pola súa conta mediante transporte privado, están condenadas á inmobilidade, o que en último termo significa que están privadas do acceso a determinados servizos e que teñen minguadas as súas posibilidades de socialización. Esta situación constitúe un severo hándicap para o desenvolvemento e supervivencia das áreas rurais, co consecuente agravamento da fenda rural. En países como España, o problema da accesibilidade aos servizos preséntase aínda de forma máis grave naqueles municipios rurais que recibiron poboación inmigrante procedente do estranxeiro para traballar en sectores como a agricultura ou a construción, xa que se precisan recursos e servizos específicos para facilitar os procesos de asentamento e integración social deste colectivo (Camarero, 2019; Camarero e Sampedro, 2019; Sampedro e Camarero, 2016 e 2018). Polo tanto, créase un círculo vicioso no que se reforza a tendencia ao despoboamento e a redución cuantitativa e cualitativa das dotacións de servizos e infraestruturas, deteriorándose, así, a calidade de vida da poboación rural (Ayuda et al., 2000; Bielza, 2010a; Camarero, 2019; Cruz e De la Red, 2000; Escalona e Díez, 2007; Stockdale, 2004 e 2006).

5.4 Quen emigra e quen non emigra das áreas rurais?

Aínda que todos os factores que mencionamos nas páxinas precedentes inciden na decisión de emigrar das áreas rurais, isto non significa que todos os factores que mencionamos incidan de forma xeneralizada como un todo en todas as persoas mozas do rural. De feito, o diferente peso que ten cada factor na decisión de emigrar ou non emigrar é o que permite elaborar perfís de persoas migrantes e non migrantes, a partir da observación de determinadas regularidades. Neste contexto, cómpre destacar os esforzos realizados por diversos investigadores na elaboración de clasificacións e tipoloxías de persoas migrantes e non migrantes no medio rural europeo. Nun estudo publicado a finais da década dos anos noventa sobre a situación da vivenda na poboación moza residente no rural de Inglaterra, Burrows et al. (1998) identificaron catro grupos principais de poboación moza, baseados nas súas preferencias e expectativas para permanecer nas áreas rurais de Inglaterra no medio prazo. En primeiro lugar, nomearon «committed leavers» ao grupo de persoas mozas que buscaban abandonar o rural e que esperaban facelo no medio prazo, pero que mentres tanto continuaban vivindo na casa. Neste grupo atopábanse tanto persoas que planeaban a súa educación superior noutro lugar, como tamén persoas xa graduadas que volveran á casa ante a falta de ingresos e as débedas estudantís. En segundo lugar, aquelas persoas mozas que buscaban abandonar o rural pero que pensaban que sería difícil facelo no curto prazo foron denominadas «reluctant stayers». Identificábanse con este perfil persoas con menores cualificacións e para quen a carencia de competencias laborais ou a insuficiente experiencia laboral supoñía unha limitación á hora de abandonar as áreas rurais. En terceiro lugar,

chamaron «reluctant leavers» ao grupo de persoas mozas que preferían permanecer no rural pero que pensaban que serían incapaces de facelo no curto prazo. Este grupo incluía persoas que presentaban diferentes características socioeconómicas: persoas non cualificadas e desempregadas, persoas que estaban a punto de iniciar os estudos universitarios e tamén persoas que estaban vivindo na casa unha vez finalizada a etapa de educación superior. A particularidade que unía a este heteroxéneo grupo de mozos e mozas era o amor polo lugar e a sensación de permanecer nunha rede de apoio de parentes e amigos locais. Aínda que uns crían posible permanecer no rural, outros crían que sería probable ter que emigrar ás áreas urbanas debido ás escasas oportunidades laborais que ofrecía o mercado de traballo local. Finalmente, o grupo denominado «committed stayers» correspóndese con persoas mozas que preferían permanecer no rural e agardaban facelo no medio prazo. En xeral, tratábase de persoas que conseguiran un traballo remunerado e que, ou ben dispoñían dunha vivenda accesible, ou ben continuaban vivindo na casa dos pais. Neste último caso era crucial a disposición dos pais para seguir aloxando aos fillos adultos na súa casa, polo que a existencia de conflitos entre pais e fillos podería constituír un factor que convertese a un «committer stayer» nun «reluctan leaver».

A pesares de que Burrows et al. (1998) crían que a distribución da poboación moza en catro categorías que acabamos de describir reflectía a heteroxeneidade da poboación moza das áreas rurais, para Aileen Stockdale (2002a) a clasificación das persoas que abandonan o rural nas categorías «committed/reluctant» resulta insuficiente para comprender a complexidade que encerra a emigración rural e a diversidade de grupos de persoas emigrantes que implica este proceso. Co obxectivo de afondar nestes aspectos, esta investigadora realizou un estudo da emigración rural contemporánea en áreas periféricas de Escocia que deu como resultado a creación dunha tipoloxía de emigrantes baseada na decisión de emigrar dende as áreas rurais periféricas. Esta tipoloxía, que describimos a continuación, diferenza catro grandes grupos de emigrantes: os motivados pola educación, os motivados polo emprego, os motivados por razóns de índole persoal e os motivados por outras razóns.

a) *Career aspirers*. O primeiro grupo de migrantes, motivado pola educación, foi denominado «career aspirers». Trátase do grupo dominante nos fluxos de emigración dende as áreas periféricas escocesas e foi tamén o que recibiu maior atención na literatura sobre emigración. Comprende aquelas persoas que inician os seus estudos na universidade. Como as oportunidades de educación superior están concentradas en áreas urbanas, os estudantes do rural frecuentemente teñen que mudar a súa residencia a un entorno urbano. Pero os procesos de decisión que implica este tipo de emigración son máis complexos do que a etiqueta «educación» suxire, posto que neles interveñen factores como as oportunidades que brindan os logros académicos na escola de cara a abandonar a lugar de orixe, a motivación recibida por parte da familia e dos profesores para iniciar estudos superiores ou o feito de ter familiares residindo en áreas urbanas nas que existen posibilidades de iniciar estudos superiores. A autora destacou que a educación superior é vista nas comunidades rurais como o paso natural que segue á finalización da ensinanza obrigatoria, sentíndose a emigración como parte do proceso. Non obstante, tamén destacou a importancia de que esta expectativa sexa aceptada a nivel individual como unha norma. En todo o proceso de decisión, o peso da decisión individual é máis evidente na elección do destino, aínda que este atópase tamén moi influenciado pola familia e os amigos.

b) *Labour market forces*. Este grupo, denominado «labour market forcees», comprende as persoas que migraron dende as áreas periféricas escocesas por razóns relacionadas co emprego.

Cómpre sinalar que a maioría destas persoas migrantes estiveron previamente empregadas na súa área de orixe, sendo o catalizador da emigración ou ben un cambio na súa situación laboral, ou ben un cambio anticipado no seu futuro próximo. Neste grupo podemos diferenciar tres subcategorías de migrantes: «single labour market forcee», «family labour market forcee» e «temporary labour market forcee». A primeira subcategoría de migrantes caracterízase por comprender persoas xeralmente do sexo masculino e con escasa cualificación laboral, para quen a decisión de emigrar responde á natureza do mercado de traballo local. Dado que o seu obxectivo é acceder a un emprego ou mellorar as súas perspectivas laborais, os lugares de destino máis probables destes migrantes serán os grandes centros urbanos de emprego. O proceso de decisión é máis complexo e prolongado no perfil de migrantes que comprende a segunda subcategoría, posto que implica á familia. Cando se ten unha familia con nenos, no proceso de decisión faise necesario sopesar diversas consideracións relacionadas con asegurar o emprego e salvagardar a educación dos nenos. En ocasións, o acto de emigrar pode verse aprazado ata que as condicións educativas dos fillos sexan máis favorables a unha emigración permanente, mantendo -mentres tanto- o lugar de residencia e realizando viaxes diarias ao lugar de traballo (commuting). Finalmente, a terceira subcategoría de migrantes motivados polo emprego está comprendida por persoas que deron por rematada a súa etapa de formación académica unha vez finalizada a ensinanza obrigatoria. As persoas que carecen de cualificacións académicas tenderon a buscar empregos manuais ou semimanuais. Como estas persoas volven á casa entre contrato e contrato, para a autora, este grupo de migrantes representa unha versión moderna dos migrantes temporeiros, de aí o nome que lle outorgou a esta subcategoría. O cambio permanente de residencia ocorre cando se asegura un emprego a longo prazo, sendo o lugar de destino unha área urbana.

c) *Personal motivations*. Este grupo de migrantes está composto principalmente por mulleres que abandonaron o lugar de orixe debido a motivos persoais, razón pola que foi denominado «personal motivations». Cómpre destacar que a maioría destas mulleres abandonaron o rural cando tiñan menos de vinte e cinco anos. Dentro deste grupo podemos diferenciar dúas subcategorías. Por unha banda, as persoas que se agrupan baixo a denominación «home community escapees» consideran difícil vivir nun entorno socialmente controlador mediante a existencia de códigos de comportamento non escritos e séntense atraídas polo anonimato de vivir nunha cidade. Por outra banda, identificouse un subgrupo que comprende, en gran parte, persoas que buscan explorar un mundo máis amplo có da súa área de orixe. Figuran aquí persoas que migraron por motivo de estudos pero que ademais tiñan o desexo de experimentar algo novo, un estilo de vida alternativo. A autora nomeou esta subcategoría «escapees through education», ao entender que ese desexo de experimentar algo novo foi facilitado pola habilidade académica. Obviamente, esta emigración ten como destino as áreas urbanas e a elección do lugar concreto está moi influenciada pola familia e polos amigos.

d) *Other motivations*. Fronte ao resto das categorías descritas, este grupo distínguese por comprender a migrantes que se desprazan como unha unidade familiar, motivados por aspiracións de mellorar a calidade de vida. Trátase de persoas que están nun estadio diferente do ciclo vital e posúen os medios económicos para conseguir o seu estilo de vida preferido. O lugar de destino pode ser tanto unha área rural como unha área urbana, posto que xeralmente o que buscan é satisfacer unhas necesidades de vivenda concretas e dispoñer de determinados servizos e infraestruturas. Por esta razón, esta última categoría de emigrantes denomínase «quality of life seekers». É probable, polo tanto, que o nivel de cualificación e

as oportunidades laborais sexan elementos cruciais para poder alcanzar tales aspiracións.

Aínda que útil para o propósito establecido por Burrows et al. (1998) no seu estudo, a clasificación da poboación moza do rural elaborada por estes investigadores resulta pouco exhaustiva dende o punto de vista sociolóxico. Non obstante, cremos que a devandita clasificación constitúe un importante punto de partida sobre o que afondar. Para Stockdale, era importante traspasar as categorías «committed/reluctant» e ampliar o coñecemento acerca dos factores que interveñen no proceso da decisión de emigrar na poboación rural, sen prefixar ningún grupo de idade concreto. De feito, coa súa investigación, puxo de manifesto a existencia dunha variedade de grupos de emigrantes de diferentes idades e con distintos factores de influencia. Pero, ao tratarse dun fenómeno demográfico que non afecta a todas as persoas, tan importante resulta identificar grupos de persoas que emigran como grupos de persoas que non emigran (Weeks, 1984). Neste sentido, a descrición realizada por Burrows et al. (1998) acerca dos grupos de persoas mozas que non abandonan o rural ou que son remisos a abandonalo, non é menos importante que as achegas de Stockdale que afondan nas categorías de persoas que abandonan o rural ou esperan abandonalo. Fóra das fronteiras do Reino Unido, a riqueza máis importante destas investigacións reside en que proporcionan un coñecemento mínimo para fundamentar os estudos sobre a emigración rural que se realicen noutras áreas rurais europeas.

5.5 Consecuencias da emigración rural da poboación moza nas áreas rurais

Como comentamos no capítulo 4, a migración constitúe un fenómeno en continuo proceso que pode ser dividido en distintas etapas analiticamente diferenciables e que, de feito, deron lugar á existencia de diferentes subcampos dentro dos estudos migratorios (C. Blanco, 2000; Forman, 1976; King, 2002; Sluzki, 1979; Tizón et al., 1993). Nesta sección, limitarémonos a describir algúns dos efectos máis destacados que ten o acto da emigración rural da poboación moza para o lugar de orixe. A este respecto, debemos ter presente que en moitas zonas periféricas de Europa occidental a emigración da poboación moza forma parte «dun proceso xeral de diminución da poboación rural» (Thissen et al., 2010, p. 429), polo que os efectos desta actual emigración veñen a agravar, aínda máis, a situación de partida. Ademais, como a poboación moza constitúe o grupo de emigrantes máis numeroso nos fluxos migratorios que teñen como orixe as áreas rurais europeas, a súa emigración —con escasos retornos— pon en xaque a sostibilidade destes territorios (Shucksmith, 2010; Stockdale, 2002a e 2006). Por esta razón, é frecuente que a emigración da poboación moza sexa vista como un problema para as áreas rurais (Laoire e Stockdale, 2019). Entre as consecuencias máis destacadas da emigración rural da poboación moza para as áreas emisoras, salientamos as seguintes:

- *Desequilibrios na estrutura por sexo e idade da poboación rural.* A diferenza do que ocorre nas rexións densamente poboadas, «nas rexións escasamente poboadas a emigración produce efectos negativos a moi curto prazo» (Faus, 2002, p. 188). Por unha banda, diminúe o tamaño da poboación e provoca cambios na estrutura por sexo e idade da poboación, xa que afecta principalmente á poboación moza e, de forma máis intensa, ás mulleres. De feito, o desequilibrio entre sexos constitúe un problema endémico nas áreas rurais da maioría dos países occidentais, habendo unha maior proporción de homes que de mulleres. Por esta razón, as consecuencias que ten a emigración da poboación moza

prolónganse no tempo, ao afectar de forma directa á evolución futura da fecundidade e da mortalidade na poboación emisora. A medida que diminúe a escala de observación, as alteracións que experimenta a estrutura por sexo e idade da poboación aumentan, podendo chegar ao punto no que o volume de poboación moza resulte insuficiente para que a poboación poida exercer de forma eficaz as súas funcións de reprodución (Afonso et al., 2011; Amcoff e Westholm, 2007; Camarero e Sampedro, 2008; Clarke, 2000; Faus, 2002; Gurrutxaga, 2013; Laoire e Stockdale, 2019; Livi-Bacci, 1993; Petersen, 1968; Rico e Gómez, 2003; Weeks, 1984). Por outra banda, como consecuencia da emigración da poboación moza, a fecundidade diminúe e a poboación envellece, aumentando así as taxas de envellecemento e sobreenvellecemento da poboación emisora, así como tamén a taxa de mortalidade. No contexto europeo, o envellecemento da poboación é especialmente significativo en rexións rurais e remotas de Grecia, España, Portugal ou Francia. Aínda que na actualidade o envellecemento rural constitúe un campo de estudo de interese para moi diversas disciplinas, tradicionalmente este fenómeno demográfico recibiu especial atención polas súas consecuencias sociais e económicas, a miúdo percibidas de forma negativa polos desafíos que orixinan no ámbito das políticas públicas (Amcoff e Westholm, 2007; Argent, 2019; Faus, 2002; J. Hernández, 1996; Laoire e Stockdale, 2019; Pinilla et al., 2008; Pressat, 1989; Rico e Gómez, 2003; Scharf et al., 2019; Thissen et al., 2010; Weeks, 1984).

- *Declive da poboación e despoboamento rural*. Unha das consecuencias máis evidentes e inmediatas da emigración rural da poboación moza é a perda de habitantes na poboación emisora. O declive da poboación pode ser o resultado dunha situación de emigración neta e decrecemento natural, dunha situación de emigración neta e crecemento natural ou dunha situación de inmigración neta e decrecemento natural (Brown e Argent, 2019). Porén, como na meirande parte das áreas rurais europeas a inmigración non constitúe a característica predominante, o declive da poboación rural está máis frecuentemente asociado á combinación das dinámicas da emigración e do crecemento natural. Neste sentido, Pinilla et al. (2008) definiron o despoboamento[59] rural como «un proceso que afecta a rexións onde o éxodo rural superou o crecemento natural, reducindo así o número total de habitantes a un nivel crítico, particularmente en termos de densidade de poboación e envellecemento das estruturas demográficas» (p. 2). Actualmente, o declive da poboación constitúe un dos fenómenos máis destacados que experimentan as áreas rurais, mais non estamos ante unha tendencia nova (Karcagi e Katona, 2012). Segundo apuntou Stock-

[59]Debemos ter presente as diferenzas que existen entre o significado da palabra *despoboamento* e o significado da palabra *despoboación*. De acordo con Thumerelle (1997), «primitivamente, as dúas palabras teñen o mesmo sentido, designan a acción de baleirar un territorio dos seus habitantes mediante a violencia (do latín *depopulatio*: devastación)» (p. 67). Non obstante, coa aparición da palabra poboación, por analoxía dos termos, entenderase por *despoboamento* a «diminución da poboación dun territorio cando o saldo migratorio negativo non se ve compensado polo crecemento natural» (p. 67), mentres que por *despoboación* entenderase a «diminución da poboación dun territorio cando os falecementos son máis numerosos que os nacementos» (p. 67). De forma similar, Reques (2014) apuntou que a palabra *despoboación* significa a «diminución forte da poboación dun territorio causada esencialmente por un exceso das defuncións sobre os nacementos». Aínda que no pasado as principais causas da despoboación foron «as guerras, a fame e as epidemias, especialmente estas últimas», actualmente a despoboación «obsérvase especialmente alí onde tivo lugar unha emigración moi forte acompañada de, e como consecuencia, dunha excesiva diminución da fecundidade». Pola contra, a palabra *despoboamento* define a «diminución da poboación dun territorio causada esencialmente pola emigración», razón pola que «en opinión de R. Pressat, deberíase falar de despoboamento (e non de despoboación) das áreas rurais» (p. 58).

dale (2006), o despoboamento rural foi endémico dende mediados do século XIX e existe evidencia científica da súa continuación en moitas partes de Europa, debido, principalmente, á emigración de poboación moza[60]. Pero o que si constitúe un elemento novo é o feito de que este declive da poboación vaia acompañado dun proceso de envellecemento da poboación causado pola elevada esperanza de vida. Por esta razón, resulta plausible pensar que nunha poboación rural que experimenta despoboamento principalmente por causa da emigración da poboación moza, o envellecemento da poboación contribúe a moderar a velocidade dese proceso de despoboamento (Coleman e Rowthorn, 2011). A escala local, o declive demográfico acompañado de envellecemento adoita ser visto de forma negativa polas implicacións que ten na degradación do benestar social e do sistema produtivo, tendo en conta que tales implicacións serán diferentes en función do ritmo ao que diminúa a poboación (Coleman e Rowthorn, 2011; Faus, 2002). Partindo de que «unha poboación abundante e moza posúe un claro potencial dinamizador dende o punto de vista laboral, produtivo, reprodutivo e social», o problema que orixina a emigración da poboación moza nas áreas rurais é que «a poboación que emigra é a que posúe a forza laboral e reprodutora, co que o medio rural queda sen efectivos para dinamizar económica e socialmente este territorio» (Rico e Gómez, 2003, p. 155 e p. 170). Aínda que aquí abordamos o despoboamento rural como unha consecuencia da emigración da poboación moza, debemos apuntar que o despoboamento tamén pode ser considerado causa dunha maior emigración. Pois, por exemplo, cando o despoboamento se produce de xeito rápido e sostido, este percíbese de forma máis acentuada, o que pode repercutir en desinvestimento local, desencanto e menoscabo moral, desencadeando así unha maior emigración (Brown e Argent, 2019).

- *Contracción dos servizos e infraestruturas no rural*. Outra das consecuencias que ten a emigración rural da poboación moza é a contracción dos servizos e infraestruturas nas áreas emisoras (Ayuda et al., 2000; Bielza, 2010a; Laoire e Sotckdale, 2019; Stockdale, 2004 e 2006; Svendsen, 2018). De acordo con Bielza e Gorría (2010), «o Estado-sociedade de benestar e as novas formas de vida demandan cada día máis servizos sociais» (p. 166), pero a emigración supón unha redución no tamaño da poboación rural e, polo tanto, un menor número de consumidores e usuarios de servizos (Brown e Argent, 2019). Como apuntaron Afonso et al. (2011), «a baixa densidade de poboación vai unida a un descenso na cantidade e calidade dos servizos sociais», xa que «o custo per cápita dos servizos sociais aumenta cando diminúe a densidade de poboación seguindo unha curva exponencial», de tal maneira que se produce «un círculo vicioso no que a caída dos servizos incide nun descenso da poboación» (p. 160). É dicir, a emigración alimenta o proceso de despoboamento, o despoboamento incide na redución cuantitativa e cualitativa dos servizos e isto, á súa vez, motiva novas emigracións. No contexto do despoboamento rural en Castela e León, Rico e Gómez (2003) manifestaron que de non mudar a tendencia actual da perda de poboación moza no medio rural —especialmente nos núcleos de menos

[60] Aínda que o despoboamento rural constitúe un problema común a un número de países cada vez maior, «debe remarcarse que este problema non alcanza en ningún país europeo a magnitude que ten en España» (R. P. Hernández e Cruz, 2020, p. 21). En España, este fenómeno dou orixe ao uso de conceptos como *España vacía* ou *España vaciada*. A literatura científica neste campo é abondosa, destacando os traballos de Ayuda et al. (2000), Bayona-Carrasco e Gil-Alonso (2013), Camarero (2017a e 2019), Camarero e Sampedro (2019), Collantes et al. (2014), Collantes e Pinilla (2019), Delgado (2019), Pazo e Moragón (2013), Pinilla et al. (2008), Pinilla e Sáez (2016) ou Sampedro e Camarero (2018), entre outros moitos.

de 500 habitantes—, «é obvio que se producirán fortes reducións dos servizos comerciais e administrativos, a progresiva supresión do transporte público, o peche de escolas, etc, e, en última instancia, a súa desaparición» (p. 180). Segundo sinalou Bielza (2010a) «a nivel europeo, as áreas de poboación escasa atópanse entre as menos prósperas de Europa, con carencias notables en servizos, actividades económicas, infraestruturas e equipamentos» (p. 483). Entre os territorios que presentan espazos cunha poboación escasa e dispersa, con densidades de poboación inferiores a 12,5 hab./km^2, atópanse Noruega, Finlandia, o norte de Escocia ou o interior de España (Bielza, 2010a).

- *Illamento social da poboación moza que permanece no rural*. Como comentamos ao respecto do despoboamento, unha das consecuencias máis evidentes e inmediatas da emigración é a perda de habitantes na poboación emisora. E se os suxeitos que emigran son principalmente persoas en idade moza, a consecuencia lóxica será, polo tanto, o declive da poboación nese segmento de idade. Así, tendo en conta a importancia da rede social dos amigos como axente de socialización durante a adolescencia e a xuventude, a emigración rural da poboación moza pode provocar —ou aumentar— o sentimento de illamento social da poboación moza que permanece nas áreas rurais (Álvarez et al., 2014; Argent e Walmsley, 2007; Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Giddens, 2014; Stockdale, 2002). Este sentimento pode ser aínda maior naquelas áreas rurais xeograficamente máis afastadas dos principais núcleos urbanos e con maiores dificultades de acceso a Internet.
- *Degradación medioambiental*. A escala local, a degradación medioambiental constitúe unha consecuencia negativa asociada á emigración da poboación moza e ao envellecemento da poboación. Isto débese a que os sistemas rurais humanizados «non poden manterse ou conservarse sen o concurso do home, que é un dos elementos principais do sistema». Por tanto, se as tarefas de conservación e mantemento do sistema «non poden levarse a cabo debido á falta de poboación ou incapacidade (envellecemento) da mesma, o sistema degrádase» (Faus, 2002, p. 190). A degradación estética constitúe unha das principais formas a través das que se manifesta a degradación medioambiental, sendo o seu signo físico máis evidente o abandono das paisaxes, visible, por exemplo, en aspectos como o estado ruinoso de edificacións (Faus, 2002; Stockdale, 2004), o abandono de terras de uso agrícola ou o incremento de masa forestal. Con respecto a este último aspecto, cómpre destacar as repercusións indirectas que ten a emigración da poboación moza —polo abandono rural— na ocorrencia de incendios forestais debido aos altos niveis de biomasa, especialmente en áreas rurais de países como España, Grecia ou Portugal (Gómez-Armisén e Úbeda, 2015; R. P. Hernández e Cruz, 2020; Lourenço, 2011; Xanthopoulos, 2015). No caso concreto de Galicia, o abandono das terras de cultivo como consecuencia do proceso de axuste agrario producido dende mediados do século pasado, repercutiu de forma importante no incremento de risco de incendios forestais por acumulación de materia vexetal. Segundo apuntaron López-Iglesias et al. (2013), entre 1993 e 2013 arderon aproximadamente 543.000 hectáreas en Galicia, o equivalente ao 18 % do territorio. Polas diferenzas territoriais existentes na evolución do solo agrícola a nivel municipal, os incendios concéntranse principalmente en dúas áreas. Por unha banda, nos municipios urbanos ou periurbanos caracterizados por densidades de poboación elevadas e por un forte predominio de terras boscosas, e, por outra banda, nas comarcas rurais e de montaña caracterizadas por un declive demográfico intenso e unha maior presenza de matogueiras. Pola contra, as zonas menos afectadas polos incendios correspóndense coas

USC
DE SANTIAGO

principais comarcas de produción gandeira situadas na metade norte de Galicia, nas que hai un maior uso das terras de cultivo. Outras maneiras a través das que se manifesta a degradación medioambiental son a degradación do benestar social e a degradación do sistema produtivo e socioeconómico (Faus, 2002).

- *Implicacións para o desenvolvemento rural.* Dende o punto de vista do desenvolvemento rural endóxeno, a emigración da poboación moza supón unha diminución dos recursos humanos locais, un recurso clave para o desenvolvemento sostible. Mais para que o desenvolvemento endóxeno teña éxito, é necesario contar con suficiente capital humano. Como os centros de educación superior adoitan estar concentrados nas áreas non rurais, o incremento do capital humano a través da educación pasa pola emigración da poboación moza. Se temos en conta que os fluxos de emigración rural están compostos na súa meirande parte por poboación moza que marcha por razóns de estudo, dende o punto de vista da rexeneración económica das comunidades rurais, a emigración rural non constitúe un fenómeno negativo, sempre que esta emigración traia consigo un futuro retorno. O problema reside en que, unha vez producido o acto da emigración, non existe garantía de retorno, e, de feito, a emigración de retorno é cuantitativamente escasa. Consecuentemente, moitas áreas rurais quedan desprovistas de elementos cruciais para participar en procesos de desenvolvemento rural endóxeno (Stockdale, 2006). Ademais, como esta emigración envellece a estrutura da poboación emisora e o envellecemento demográfico asóciase a un maior conservadorismo social e a unha menor capacidade de innovación, frecuentemente presuponse que a emigración rural da poboación moza limita o espírito emprendedor da comunidade local (Gini, 1963; Laoire e Stockdale, 2019; Stockdale, 2006). Por todo o sinalado, a emigración rural da poboación moza é frecuentemente destacada como un dos asuntos máis urxentes para a sostibilidade futura de moitas áreas rurais (Shucksmith, 2010).

De todas as consecuencias da emigración rural da poboación moza que acabamos de mencionar, o despoboamento rural é considerado un dos fenómenos máis urxentes que presentan as áreas rurais na actualidade (Karcagi e Katona, 2012). Precisamente, «un dos fins dunha estratexia de desenvolvemento rural é frear ou, mellor, reverter o proceso de despoboamento do medio rural» (Afonso et al., 2011, p. 159). Este tipo de accións políticas teñen por obxectivo a creación de emprego a partir dos recursos endóxenos, procurando incrementar o atractivo das áreas rurais para así reter a poboación moza e fomentar a migración de retorno (Laoire e Stockdale, 2019; Rico e Gómez, 2003). De feito, «o fomento da migración de retorno adoita considerarse unha solución potencial aos problemas da emigración da poboación moza en áreas rurais en declive» (Laoire e Stockdale, 2019, p. 44). Tal e como apuntaron Afonso et al. (2011), «nas dúas últimas décadas a Europa rural foi o escenario da implementación dun número crecente de programas de desenvolvemento rural que se dirixiron especificamente a abordar os problemas sociais e económicos das áreas rurais deprimidas» (p. 159). A escala europea, os fondos cos que se financian as iniciativas de desenvolvemento rural teñen as súas raíces no segundo piar da Política Agraria Común (A. I. García, 2008). Dende o ano 2000, as axudas ao desenvolvemento rural intégranse en Programas de Desenvolvemento Rural (PDR), cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e os presupostos nacionais. En anos máis recentes, a Unión Europea «ordenou que cada Estado membro elabore, ou ben un programa nacional de desenvolvemento rural para todo o seu territorio, ou ben un conxunto de programas rexionais, ou ambos á vez» (Barreiro-Gen et al., 2015, p. 57). Neste contexto, no período 2014-

2020, existían no conxunto da Unión Europea un total de 118 PDRs, correspondendo 19 deles a España[61]. A nivel estatal, durante o período de estudo, as áreas rurais tamén se beneficiaron de programas como Leader+ (2000-2006), PRODER II (2000-2006) ou Eje 4 Leader (2007-2013), aos que hai que engadir o programa AGADER no caso concreto de Galicia[62]. Con todo, «a sangría poboacional do rural continúa inexorable na Europa do século XXI, a pesares das políticas de cohesión rexional e de desenvolvemento rural que tiñan por obxectivo fixar poboación nestes territorios» (Toxo-Asorei e García-Arias, 2018, p. 125).

A combinación das consecuencias derivadas da emigración da poboación moza orixina desafíos específicos nas áreas rurais, desafíos que deben afrontarse mediante a implementación de políticas de ordenación do espazo rural (Bielza, 2010a; L. López, 2015; Rodríguez, 2004). Mais debemos ter en conta que as consecuencias desta emigración —e a intensidade coa que estas se deixan sentir— varían dunhas áreas rurais a outras, principalmente debido ás diferenzas rexionais na educación, na estrutura do emprego e na cultura (Thissen et al., 2010). Pola pouca atención que se lle concedeu á emigración rural na investigación científica e pola abondosa literatura que existe sobre as problemáticas descritas, semella que a preocupación por analizar as causas da actual emigración rural da poboación moza é menor que a preocupación por analizar as súas consecuencias. Non obstante, só o descubrimento dos «porque» da actual emigración rural da poboación moza pode proporcionar a perspectiva precisa para comprender o que se pode facer e o que non se pode facer con respecto a este fenómeno e aos problemas que presenta (Weeks, 1984).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

[61] https://enrd.ec.europa.eu/sites/default/files/publi-enrd-booklet-2016-en.pdf
[62] https://agader.xunta.gal/gl/gdr/programa-leader

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 6

A emigración rural da poboación moza en Galicia

Enmarcada nas tendencias demográficas dos países de Europa occidental, a Galicia do século XXI presenta un modelo demográfico caracterizado pola forte caída da fecundidade, a aceleración do proceso de envellecemento da poboación, a inversión das migracións ao estranxeiro, a crecente concentración da poboación nas áreas urbanas e o despoboamento xeneralizado das áreas rurais. Este despoboamento, que afecta especialmente a moitas comarcas rurais do interior, está estreitamente relacionado coa actual emigración rural da poboación moza. Non obstante, ao igual que acontece noutras rexións europeas, a emigración rural non constitúe un tema ao que se lle prestase demasiada atención na literatura científica centrada en Galicia. Ao longo deste capítulo, analizaremos a evolución histórica dos movementos migratorios máis recentes e as súas repercusións sobre o territorio, que serán máis acentuadas a medida que descendamos na escala espacial de observación.

6.1 A situación xeodemográfica de Galicia no século XX

En palabras de J. Hernández (2007), «a emigración é un dos movementos da poboación que máis repercusións de todo tipo xerou na historia demográfica da Galicia contemporánea» (p. 161). E é que «a magnitude do proceso emigratorio en Galicia foi tal que condicionou completamente a súa evolución demográfica e económica, influíndo tamén decisivamente nos fortes desequilibrios territoriais e no reparto dos efectivos humanos» (Aldrey, 2006, p. 62). Resulta difícil, pois, poder comprender a situación demográfica do rural galego no século XXI sen analizar previamente os acontecementos históricos que impulsaron e marcaron o ritmo da emigración da poboación galega no século XX. Por esta razón, quixemos inscribir a situación demográfica actual de Galicia na súa secuencia histórica máis recente, analizando os principais acontecementos históricos que derivaron na situación demográfica actual. Para facilitar a nosa exposición, dividimos o século XX en cinco etapas: 1900-1930, 1930-1960, 1960-1970, 1970-1981 e 1981-2000. Para cada unha destas etapas, describiremos a evolución e distribución espacial da poboación en Galicia, as características do movemento natural e dos movementos migratorios e máis a composición por sexo e idade da poboación.

6.1.1 Período de 1900 a 1930

6.1.1.1 Evolución e distribución espacial da poboación

A evolución demográfica desta etapa destacou por presentar un continuo e lento aumento dos efectivos demográficos a nivel galego (18,9 %), pasando de 2.073.638 habitantes no ano 1900 a 2.466.599 no 1930, segundo os datos do Censo de poboación e vivendas (IGE). O crecemento da poboación foi posible grazas ás elevadas cifras da taxa bruta de natalidade —que aínda que xa estaban en descenso foron as máis altas de todo o século— e unha diminución da taxa bruta de mortalidade, principalmente a partir do segundo decenio. Con todo, o crecemento da poboación viuse limitado pola elevada intensidade da corrente migratoria cara a América, que afectou en maior medida ás provincias de Lugo e Ourense. Pois, a diferencia das provincias da Coruña e Pontevedra —que experimentaron un importante despegue económico vinculado principalmente á industria conserveira e á actividade comercial derivada da Primeira Guerra Mundial—, as provincias orientais posuían «un menor pulo económico co que contrarrestar as elevadas densidades demográficas dos seus espazos agrarios» (Aldrey, 2006, p. 36). En consecuencia, o ritmo de crecemento demográfico das provincias orientais foi máis lento que o das provincias occidentais. Mentres que A Coruña e Pontevedra medraron a uns ritmos medios anuais do 0,7 % e do 0,8 %, respectivamente, a taxa de crecemento anual en Lugo foi do 0,3 % e en Ourense do 0,4 %. No ano 1930, as provincias occidentais representaban o 59,4 % da poboación total de Galicia, unha porcentaxe que aumentará de forma continuada e paulatina durante o século XX e máis os dous primeiros decenios do século XXI.

Polo que se refire á distribución provincial da poboación, os datos do Censo de poboación (IGE) mostran que no ano 1900 A Coruña era a provincia con maior peso demográfico no conxunto de Galicia (32,9 %), seguida de Pontevedra (23,9 %), Lugo (23,0 %) e Ourense (20,2 %). O relativo equilibrio demográfico que existía entre estas tres últimas provincias comezou a diluírse lentamente no transcurso dos tres primeiros decenios do século, a medida que as provincias orientais perdían efectivos demográficos en favor das occidentais. Pois, co modesto desenvolvemento industrial moderno que tivo lugar nesta etapa, asociado ao mar, as cidades experimentaron un crecemento demográfico notable, principalmente na área atlántica (L. Fernández, 2005; Míguez, 2011). Ademais, a ese crecemento urbano das cidades engadiuse tamén o de numerosas vilas costeiras, que, aínda que de menor tamaño, víronse afectadas polo mesmo proceso de transformación económica (Míguez, 2011). A xeneralización deste proceso de urbanización debeuse a «un importante movemento migratorio campo-cidade, que a pesar de non ser comparable ao movemento transoceánico, si converteu ás cidades galegas de principios do século XX en verdadeiras cidades de inmigrantes» (Míguez, 2011, p. 175). Neste contexto, a porcentaxe de poboación residente nos municipios que albergan as sete cidades pasou de representar o 8,9 % (184.453 habitantes) sobre o total da poboación galega no ano 1900 ao 12,12 % (299.062 habitantes) no 1930. Nesta última data, o volume de poboación urbana[1] sobre o total provincial nas provincias occidentais (17,8 % na Coruña e 15,31 % en Pontevedra) superou en máis do dobre ao volume de poboación urbana sobre o total provincial nas provincias orientais (6,16 % en Lugo e 4,51 % en Ourense). Os concellos urbanos máis poboados eran —con diferenza— A Coruña[2] (71.511 habitantes) e Vigo (65.983 habitantes), mentres que Ourense era o que contaba

[1] Denominamos *poboación urbana* á residente nos municipios nos que se atopan as sete cidades galegas, isto é, os municipios da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

[2] A Coruña convertérase na cidade máis populosa de Galicia no século XIX (Villares, 2004) e mantívose nesa

co menor volume de poboación (21.461 habitantes). Ferrol, Santiago e Lugo ocupaban posicións intermedias, sen chegar a superar os corenta mil habitantes nesta primeira etapa do século XX (37.662 habitantes, 39.620 e 32.259, respectivamente). Quizais o dato máis destacado sexa o extraordinario crecemento que experimentou Vigo, que no ano 1930 rexistrou un incremento demográfico do 185,1 %, con respecto ao inicio da centuria. No resto dos municipios urbanos, a porcentaxe de variación da poboación durante esta etapa oscilou entre o 15,1 % (Lugo) e o 62,3 % (A Coruña) (INE). A pesares de que a porcentaxe de poboación urbana aumentou nas catro provincias, o feito de que ocorrese en maior medida na Coruña e Pontevedra debeuse a que estas provincias contaban con núcleos fabrís. Con todo, L. Fernández (2005) destacou que nesta época «as cidades teñen un impacto máis comarcal que nacional e está ausente unha xerarquía urbana ben definida» (p. 157), ademais de que «a agricultura e o mundo rural seguiron sendo polo seu peso e o seu dinamismo económico o eixe real e simbólico de Galicia» (p. 148). Sen dúbida, un dos datos máis rechamantes é que «as grandes cidades dos galegos ata a segunda metade do século XX eran americanas» (p. 157), xa que cidades como Buenos Aires, Montevideo e La Habana concentraron máis poboación galega que ningunha cidade de Galicia.

6.1.1.2 Movemento natural da poboación

Durante os tres primeiros decenios do século XX Galicia presentou cifras de nacementos elevadas, con taxas anuais medias de natalidade do 32,8 ‰, 28,10 ‰ e 27,37 ‰ nos decenios 1901-1910, 1911-1920 e 1921-1930, respectivamente. O número máximo de nacementos —tanto nesta etapa coma no século enteiro— acadouse no ano 1903, con preto de 71.000 nacementos. Logo de períodos de estancamento e lixeiros pero continuados descensos, a natalidade acadou o punto máis baixo desta etapa no ano 1919 (55.243 nacementos), como consecuencia da epidemia de gripe de 1918 (Beiras e A. López, 1999). Este descenso da natalidade rexistrado nas dúas primeiras décadas do século non ocorreu de forma exclusiva en Galicia, senón que tamén se experimentou en España. Ao longo dos anos vinte, os valores da natalidade galega recuperáronse levemente, pero a Guerra Civil interrompeu bruscamente esa lixeira tendencia ao aumento do número de nacementos (IGE, 1996). Se ben no ano 1900 apenas se apreciaban diferenzas interprovinciais nos valores da natalidade, no transcurso da centuria fóronse acentuando cada vez máis (Beiras e A. López, 1999). Nesta etapa, o descenso da natalidade foi máis pronunciado nas provincias de Lugo e Ourense, debido a que a emigración afectou a unha parte considerable dos seus efectivos demográficos en idade de máxima fertilidade. Non obstante, nesta etapa xa se entrevía na poboación un certo control voluntario da natalidade vinculado á redución da mortalidade infantil, posto que ao incrementarse a supervivencia dos efectivos demográficos nas idades máis novas era posible asegurar a descendencia e a man de obra no agro tendo un menor número de fillos (Aldrey, 2006).

Ao igual que aconteceu no conxunto español, a comezos do século XX Galicia presentou taxas de mortalidade moi elevadas, características de sociedades tradicionais. Aínda que as taxas anuais medias de mortalidade correspondentes aos decenios 1900-1910, 1911-1920 e 1921-1930 acadaron valores inferiores aos de España, as diferenzas fóronse reducindo progresivamente ao longo desta etapa (22,44 ‰, 21,49 ‰ e 17,93 ‰ en Galicia; 24,91 ‰, 23,32 ‰ e 18,93 ‰ en España) (Beiras e A. López, 1999). Neses momentos estábanse mantendo os niveis de mortalidade herdados do século anterior, estreitamente vencellados á alta mortalidade infantil (161 ‰ en Galicia e 200 ‰ en España no ano 1900, respectivamente) e ao atraso na xenerali-

posición ata o ano 1970 (INE).

zación dos avances hixiénico-sanitarios (Aldrey, 2006). En xeral, e exceptuando a mortalidade asociada ao puntual episodio de gripe de 1918 (69.819 defuncións), as taxas de mortalidade galegas reducíronse de forma progresiva e constante a partir de 1920, grazas á diminución da mortalidade infantil (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; IGE, 1996). Desta maneira, se no ano 1900 o número de mortes rexistradas foi de 50.070, no ano 1930 a mortalidade reducírase a 36.623 defuncións anuais, un 26,86 % menos que no inicio da etapa (Beiras e A. López, 1999).

As consecuencias fatais do episodio de gripe de 1918 provocaron que, por primeira vez no século, Galicia presentara un crecemento vexetativo negativo nese ano (-11.375 persoas). Loxicamente, esa situación foi acompañada dunha breve etapa de desaceleración do crecemento, mais a redución da mortalidade a partir dos anos vinte causou un aumento do crecemento vexetativo durante o último decenio desta etapa, situándose en cifras absolutas similares —e incluso puntualmente superiores— ás rexistradas na primeira década do século (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). Dada a evolución dos indicadores de natalidade e mortalidade nas provincias de Lugo e Ourense, estas sempre mostraron menores taxas de crecemento vexetativo que as provincias occidentais. Con todo, as menores diferenzas interprovinciais na evolución deste indicador ao longo de todo o século XX producíronse nesta etapa, que rematou no decenio 1921-1930 con taxas de crecemento superiores á media galega (9,5 ‰) nas provincias da Coruña e Pontevedra (11,1 ‰ e 9,8 ‰, respectivamente) e inferiores ás de Galicia nas provincias orientais (7,7 ‰ en Lugo e 8 ‰ en Ourense) (Aldrey, 2006).

6.1.1.3 Movementos migratorios

Para comprender a dirección e a intensidade dos movementos migratorios producidos en Galicia durante o século XX, convén retroceder por uns intres ao período decimonónico. A comezos do século XIX Galicia era a rexión máis poboada de España, pero ao longo da centuria foi experimentando unha perda de peso no conxunto español e un marcado envellecemento da súa poboación. De feito, o ano 1860 marcou o inicio da perda continua e constante de peso demográfico das provincias de Lugo e Ourense (Villares, 2004). Son diversas as razóns que explican ese cambio nas tendencias demográficas, entre as que destacan as limitacións do modelo produtivo do Antigo Réxime. A crise da industria téxtil e das actividades de tipo comercial-artesanal no medio urbano, derivou nunha incipiente corrente migratoria a comezos da década de 1830, con destino ás grandes urbes de países americanos, principalmente a La Habana, Buenos Aires, Montevideo e Río de Janeiro. O recurso da emigración como vía de saída para a poboación excedentaria xa fora utilizado no pasado, mais acadou unha especial singularidade a partir da segunda metade do século XIX, ao alcanzar unhas dimensións nunca antes coñecidas e unha continuidade moi prolongada no tempo. É, polo tanto, a partir dos anos sesenta, cando «comeza o fenómeno de saída masiva de poboación rural procedente de actividades agrarias cara á emigración, fundamentalmente en dirección a América» (Míguez, 2011, p. 157). Entre as causas desta emigración masiva, cómpre diferenciar condicionantes de tipo estrutural e causas de tipo conxuntural. Por unha banda, entre os condicionantes de tipo estrutural destacan «unha gran demanda de traballadores por parte das nacentes repúblicas americanas ao tempo dos seus procesos de independencia, causadas entre outras razóns pola abolición da trata de escravos e o desenvolvemento do mercado continental», así como tamén o feito de existir un reducido «asentamento de galegos anterior a este comezo da gran emigración do XIX, o que facilitou a chegada dos novos inmigrantes, nun proceso acumulativo no que uns ían atraendo, á súa vez, a outros ao Novo Mundo» (Míguez, 2011, pp. 157-158). Este tipo de factores de atrac-

ción coincidiron, por outra banda, cunha serie de causas de tipo conxuntural que favoreceron o inicio da emigración masiva. E é que, entre os anos 1852 e 1854, unha sucesión de sucesos encadeados (epidemias, malas colleitas e pragas) ocasionaron unha grave crise de subsistencia que derivou na aparición en fame, elevada mortalidade e o comezo da emigración masiva a América[3]. Dende entón, o fenómeno migratorio masivo convértese «nunha constante na historia contemporánea de Galicia, vivindo diversas etapas e ciclos, pero estando sempre presente» (Míguez, 2011, p. 158).

A emigración galega desta primeira etapa do século XX non constituíu un fenómeno illado e único, senón que se inseriu nun proceso de desenvolvemento capitalista a nivel mundial. De acordo con Beiras e A. López (1999), «entre a segunda metade do XIX e o primeiro terzo do XX o planeta vai asistir ao desprazamento migratorio máis importante da historia, protagonizado por uns sesenta millóns de persoas, europeas na súa gran maioría» (p. 176). Por esta razón, Villares (2004) recalcou que esa emigración transoceánica galega debe ser entendida como parte dun proceso de dimensión europea do que tamén participaron outras moitas rexións de Escandinavia, Italia, Polonia ou Portugal. No caso de Galicia, que representaba o 0,5 % da poboación total de Europa, a emigración transoceánica representou case o 3 % do total da emigración europea a América[4] (Míguez, 2011). Polo tanto, a emigración galega a América foi «un fenómeno antes global que local, como parte dun proceso moito máis amplo de expansión do mercado mundial e de intercambio de man de obra a ambos lados do Atlántico» (Míguez, 2011, p. 160). De feito, esta emigración acabou converténdose nun elemento que situaba á Galicia daquel entón «no ritmo evolutivo do capitalismo a nivel mundial», de tal maneira que, «canto máis se desenvolve este e máis se unifica o mercado mundial, mellores perspectivas se abriron para a emigración galega». Estímase que entre os anos 1836 e 1960 o número de emigrantes galegos netos superou os dous millóns de persoas, unha cifra que reflicte a existencia «dunha emigración masiva, xeneralmente organizada e regulada polos gobernos nalgunhas épocas, e dirixida fundamentalmente aos países americanos da periferia capitalista e de cultura ibérica» (Villares, 2004, p. 267). Ademais, calcúlase que de todas as emigracións producidas entre os anos 1836 e 1960, as tres cuartas partes concentráronse no período 1880-1930 (Villares, 2004).

O establecemento do fluxo migratorio cara a América foi posible grazas á mellora da rede de transportes marítimos e á existencia de sistemas de información que creaban cadeas migratorias (Villares, 2004). Por unha banda, polo que se refire á mellora da rede de transportes, cómpre destacar que foi na segunda metade do século XIX cando se estableceron en Galicia liñas regulares de buques de vapor transatlánticos, con maior capacidade de viaxeiros e pasaxes a prezos máis reducidos. A partir do ano 1907, a saída destes buques concentrábase nos portos da Coruña, Vigo e Vilagarcía. Estes avances técnicos no transporte marítimo supuxeron toda unha revolución para as persoas emigrantes, xa que, antes disto, a viaxe a América realizábase en buques de vela, de frecuencia irregular e que tardaban máis de mes e medio en chegar ao seu destino (Míguez, 2011). Por outra banda, as cadeas migratorias condicionaron tanto os principais destinos dos emigrantes, como as actividades económicas nas que se empregarían. Isto explica que «o sector agroexportador arxentino fose practicamente un monopolio

[3] De acordo con Aldrey (2006), «as vagadas emigratorias exteriores contemporáneas sitúan o seu inicio en 1853, data na que se eliminaron as prohibicións anteriores de emigrar, supoñendo tamén o momento a partir do cal a administración ía fomentar a emigración» (p. 63).

[4] A taxa de migración galega acadou o 20 ‰ nos anos 1910-1920 e non foi das máis elevadas de Europa, xa que rexións como Sicilia ou Calabria chegaron case a duplicala (Villares, 2004).

dos inmigrantes de procedencia italiana, ou que o cultivo da cana e do tabaco en Cuba estivese en mans dos inmigrantes canarios, pero non do resto dos españois». Os emigrantes galegos, pola súa parte, «dedicaríanse fundamentalmente a actividades localizadas no ámbito urbano, de tipo terciario, onde tamén estableceron os seus pequenos monopolios» (Míguez, 2011, p. 160). No caso galego, constatouse que a especialización laboral segundo a procedencia das persoas emigradas chegou a alcanzar o nivel comarcal, de maneira que os emigrantes dunha mesma comarca tendían a estar empregados nas mesmas actividades (Míguez, 2011). Se ben «con anterioridade a 1910 as fontes existentes non permiten coñecer os lugares de orixe e destino dos migrantes», tense coñecemento de que estes se tiñan dirixido a países sudamericanos como Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil ou Venezuela, países «que coñecían un período de forte desenvolvemento da súa economía sustentado na exportación de produtos agrarios e outras materias primas, de xeito que demandaban numerosa man de obra» (Aldrey, 2006, p. 64).

No contexto descrito, «Galicia ábrese ó século XX cunha importante tradición de emigración ultramarina, con destino maioritariamente a Arxentina e Cuba, pero un tanto retida polo efecto disuasorio dos desastres coloniais de 1898» (IGE, 1996, p. 59). As fontes existentes tamén impiden coñecer o número de persoas que emigraron na primeira década do século XX, pero sábese que entre os anos 1911 e 1936 tres cuartos de millón de persoas abandonaron Galicia con destino a América (Beiras e A. López, 1999). Durante as tres primeiras décadas do século XX, que se corresponden coa etapa de maior auxe da emigración transoceánica, o fluxo migratorio caracterizouse pola estabilidade dos seus destinos (Villares, 2004). Vigo foi «a principal porta de Galicia cara a América, como lugar de saída da emigración transoceánica, e cara a Europa, pola súa privilexiada conexión marítima con portos da Europa do norte» (Villares, 2004, p. 309). A metade dos emigrantes desta primeira etapa do século XX tiveron como lugar de destino Arxentina, un terzo asentouse en Cuba e as restantes persoas establecéronse en países como Uruguai, Brasil ou os Estados Unidos (Villares, 2004). Unha vez chegados ás principais urbes dos países americanos, os emigrantes galegos dedicaríanse, principalmente, a actividades do sector terciario (Míguez, 2011; Villares, 2004). Esta emigración caracterizouse, ademais, polo predominio de continxentes masculinos (83 %) de idade moi nova, xa que o 50 % tiña unha idade comprendida entre os 15 e os 25 anos (Aldrey, 2006). Non obstante, tamén se constatou a emigración de persoas menores de 15 anos, que chegaron a representar entre o 10 % e o 15 % do total da poboación emigrante nalgúns anos do período 1900-1936 (Beiras e A. López, 1999). Isto tivo consecuencias demográficas e económicas importantes para a poboación de Galicia. En canto ás primeiras, destaca o notable aumento do índice de feminidade debido á ausencia deses emigrantes de sexo masculino. Esa desproporción entre sexos contribuíu a limitar o crecemento vexetativo, afectando principalmente á poboación das áreas rurais, que foi perdendo vitalidade (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; J. Hernández e J. M. López, 2003). A razón deste maior impacto das consecuencias demográficas da emigración na poboación rural atópase na orixe dos emigrantes, que eran fundamentalmente campesiños (Villares, 2004). Polo se que se refire ás consecuencias económicas, destaca o impacto que tivo a escaseza de homes na estrutura e na produtividade da poboación activa (Beiras e A. López, 1999).

Son múltiples as razóns que explican este fenómeno migratorio masivo a América, destacando por riba de todas a precaria situación económica de Galicia —moi especialmente a situación do agro— e a existencia dunha forte presión demográfica (Precedo e Villarino, 1994; Villares, 2004). O carácter aventureiro do galego ou a existencia de caciquismo foron tamén motivacións sinaladas polos estudosos, mais a emigración a eses lugares non se explica sen a existencia de

factores de atracción, como son as expectativas de mellora (Villares, 2004). Dado o enorme predominio dos movementos migratorios con destino ao continente americano durante esta etapa, o comentado ata aquí fai referencia —case exclusivamente— á emigración transoceánica. Mais iso non significa que non existisen outras correntes migratorias ao exterior, xa que, como adiantamos anteriormente, existiu unha corrente migratoria a Europa na que Vigo constituíu o seu principal punto de partida, aínda que se considera que foi pouco significativa. Ademais, tamén se produciron fortes correntes migratorias de carácter intrapeninsular[5], sen chegar tampouco a acadar a importancia da emigración a ultramar. Así mesmo, sempre existiron movementos migratorios no interior de Galicia, pero os datos estatísticos dispoñibles para as migracións interiores —tanto a nivel galego como español— non permiten a cuantificación directa do fenómeno ata a década dos anos sesenta. Como consecuencia de toda esta emigración, os saldos migratorios intercensais de Galicia foron negativos nos decenios 1901-1910 (-126.546 persoas), 1911-1920 (-77.516 persoas) e 1921-1930 (-98.209 persoas). A nivel provincial, os saldos migratorios neses mesmos anos foron negativos en todas as provincias, coa excepción de que Pontevedra presentou un saldo migratorio positivo de 411 persoas no decenio 1911-1920. As provincias de Lugo e A Coruña foron as que presentaron os maiores saldos migratorios negativos durante as tres primeiras décadas do século XX (Aldrey, 2006).

Con respecto ás migracións que tiveron lugar dentro de Galicia, cómpre facer mención a un tipo de migracións que existiron no rural galego ata mediados do século e que estaban estreitamente vinculadas ás formas de cesión da explotación da terra (e, nalgúns casos, tamén do gando) vixentes no agro galego ata datas ben recentes. Referímonos, concretamente, ao contrato de *parcería* ou *aparcería*, un sistema de cesión da terra perfilado durante a Idade Media e que dou lugar á figura do *caseiro* (Villares, 2004). A fórmula de parcería «caracterízase pola participación de propietario e caseiro na xestión de producción e, por tanto, no reparto de productos» (Villares, 1985, p. 6). O antropólogo lalinense Xoán Carlos García (2018) definiu os caseiros como «familias pobres que estaban ao coidado dos *bens* e da *facenda* de persoas ricas ás que lles tiñan que pagar, segundo o contrato que estableceran, parte das colleitas realizadas»[6] (p. 31). Segundo este investigador, finalizada a seitura, no mes de xullo «os "pequenos amos" das aldeas tiñan que lles comunicar aos seus caseiros se contaban ou non con eles para o coidado da facenda e a realización dos traballos do ciclo agropecuario durante o ano seguinte». Deste xeito, «cando chegaba o mes de novembro e empezaban os traballos agropecuarios do outono, producíase un peculiar fenómeno migratorio rural inter e intra-parroquial no que os caseiros, xunto coas súas familias, eran os seus protagonistas» (p. 33). Mais hai que matizar que estes movementos migratorios tamén excedían en moitas ocasións os límites municipais, trasladándose familias enteiras ata aqueles concellos onde atopaban casa e terras para traballar. Non dispoñemos de estatísticas sobre este tipo de migracións internas, pero sabemos que comezaron a decaer no primeiro terzo do século XX. Pois foi nesa etapa cando se produciu a redención de foros e comezou a desenvolverse a estrutura agraria actual, na que predominaría o propieta-

[5]Varios investigadores mencionaron a existencia dunha importante e tradicional emigración temporeira intrapeninsular, presente aínda nesta primeira etapa do século XX, con destino a Castela e a Portugal (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; González et al., 1992; J. Hernández, 2001; Precedo e Villarino, 1994). A emigración a Castela estaba vinculada á sega, mentres que na emigración a Portugal —cun carácter máis permanente— os emigrantes galegos asentaríanse en lugares como Lisboa, Oporto, Coimbra, Braga ou Viana do Castelo, realizando actividades portuarias ou empregándose no servizo doméstico, entre outros sectores (González et al., 1992).

[6]É esta unha definición correcta pero bastante superficial, posto que non revela as condicións miserentas inherentes á inmensa maioría dos contratos de parcería, como ben describiu Tintxu (1985) no seu artigo titulado «Os caseiros, especie en vía de desaparición. Os poucos que quedan seguen vivindo en condicións do terceiro mundo».

rio parcelario e o cultivador directo (Villares, 1985). A pesares deste importante retroceso do número de caseiros, estes continuaron existindo en Galicia ao longo de todo o século XX, aínda que de forma moi minoritaria e sen a mobilidade xeográfica característica da primeira metade do século. Para X. C. García (2018), «a situación de pobreza na que vivían moitas familias, incrementada no tempo de posguerra (1940-1960), foi un dos motivos que provocou a permanencia dos caseiros ata o segundo terzo do século XX»[7] (p. 44). De acordo con Cardesín (2005), nos anos da posguerra os caseiros emigraron masivamente, deixando libres as explotacións. Este feito causou que moitos propietarios puxesen en venda os seus lugares, de maneira que moitos caseiros puideron acceder á propiedade. Segundo os datos dos Censos Agrarios, no ano 1962 soamente o 2,4 % das explotacións agrarias galegas era cultivada por caseiros (Villares, 1985). Será, polo tanto, a emigración a Europa e ás grandes cidades españolas a que conduza á desaparición definitiva dos caseiros, posto que «os fillos non queren herda-la miserenta condición dos seus pais e prefiren marchar da casa, aínda que sexa para desenvolver na emigración oficios que outras moitas persoas non queren facer» (Tintxu, 1985, p. 19).

En xeral, o fenómeno migratorio galego constitúe un elemento determinante na configuración da Galicia dos tres primeiros decenios do século XX. Pois, en palabras de Villares (2004), «case nada do que acontece naquela época escapa á influencia da emigración, sexa a transformación da agricultura, sexan a expansión dos portos, o desenvolvemento da banda local, a vida política ou as iniciativas educativas e culturais» (p. 327). E é que, as remesas dos emigrantes, permitiron importantes transformacións en diversos eidos. No agro, por exemplo, as remesas de diñeiro non só fixeron posible que moitos campesiños puidesen converterse en pequenos propietarios, senón que tamén serviron para especializar a cabana gandeira e para introducir maquinaria, abonos minerais, sementes máis produtivas e razas gandeiras selectas. Todo isto supuxo o inicio do proceso de disolución da agricultura tradicional e a maior integración de Galicia no mercado interior español, chegando a converterse na principal produtora de carne que abastecía ás principais urbes peninsulares (L. Fernández, 2005; Villares, 2004). Así as cousas, neste período Galicia presentou «unhas taxas de crecemento da produtividade da terra e do traballo moi superiores á media española», mellorando enormemente a posición da súa agricultura no conxunto deste sector a nivel estatal (L. Fernández, 2005, p. 155). Todas estas transformacións mencionadas, xunto con outras moitas que aconteceron na agricultura galega dende o ano 1890 ata a Guerra Civil, «poden ser consideradas, no contexto da historia de Galicia, como as máis importantes desde a Época Medieval» (Villares, 2004, p. 310). O ritmo de desagrarización era forte nestes anos previos á Guerra Civil, pero viuse interrompido entre o ano 1936 e a década de 1960 (L. Fernández, 2005). Segundo L. Fernández (2005), «por cada 100 homes traballando a terra en 1900, había 80 en 1930 e 125 en 1950» (p. 157). Pero as remesas dos emigrantes galegos tamén contribuíron ao despegue da industria conserveira, un sector herdado da industria da salgadura e que chegou a converterse «nun dinamizador económico fundamental para a área atlántica sur, tomando como centro das súas actividades a cidade de Vigo» (Míguez, 2011, pp. 174-175; Villares, 2004). Entre os anos 1901 e 1935, este sector viu septuplicada a súa produción e acadou a supremacía na exportación española de peixe (L. Fernández, 2005; Villares, 2004). Así mesmo, o desenvolvemento do sector conserveiro favoreceu a creación doutro tipo

[7] O autor sitúa a desaparición xeneralizada dos caseiros ao longo da década dos anos setenta e así ocorreu, por exemplo, na comarca do Deza (X. C. García, 2005 e 2018). Non obstante, Tintxu (1985) constatou que na década dos anos oitenta, na parroquia de Berdoias (Vimianzo), os caseiros seguían sendo maioría. E non se trataba dun caso illado, xa que Cardesín (2005) sinalou que na segunda metade da década dos oitenta, con motivo da Lei de Arrendamentos Históricos, saíu á luz a existencia de 5.000 familias de caseiros ameazados de expulsión.

de industrias auxiliares e vinculadas ao mar, ademais de todo o comercio que se xerou en portos e vilas galegas en torno á corrente migratoria e á exportación da produción conserveira e agraria (L. Fernández, 2005; Villares, 2004). Como consecuencia lóxica destas mudanzas, produciuse unha reordenación da poboación activa en Galicia. No ano 1930, o 65 % da poboación activa estaba ocupada na agricultura e na pesca e o 35 % facíao nos sectores industriais e de servizos, cando no ano 1900 a poboación ocupada nestes dous últimos sectores non superaba o 15 % (Villares, 2004). Non obstante, a influencia da emigración a ultramar non atinxe exclusivamente ao ámbito económico, xa que as remesas dos emigrantes tiveron tamén unha enorme repercusión nos eidos cultural e educativo. Neste último, destacan as achegas en equipamento educativo que realizaron os emigrantes a través das sociedades de instrución, fundadas en América e formadas por centos de asociados. Coa creación de máis de trescentas escolas, «a emigración actuou de axente substitutivo do Estado ou das entidades locais» (Villares, 2004, p. 332), alfabetizando a unha importante parte da poboación galega (Villares, 2004). Pero a influencia da emigración non chegou a Galiza soamente en forma de remesas, xa que os emigrantes retornados[8] tamén «aportaron recursos culturais e habilidades técnicas adquiridas en Ultramar» (L. Fernández, 2005, p. 147). Desta maneira, «o mundo rural galego viuse favorecido pola incorporación destes recursos humanos, tanto en termos económico-produtivos como sociais» (L. Fernández, 2005, p. 147). En conxunto, a intensidade de todas as mudanzas que tiveron lugar nesta etapa foi pequena, pero máis que a intensidade, o que se destaca é a orientación socioeconómica que estaba collendo Galicia de cara ás décadas posteriores (Villares, 2014).

6.1.1.4 Estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia no período 1900-1930 pode observarse na figura 6.1, elaborada a partir dos datos do Padrón Municipal de Habitantes (INE). Tanto a pirámide de poboación correspondente ao ano 1900 como a correspondente ao ano 1930, son de tipo expansivo, con bases anchas que reflicten elevadas proporcións de poboación nos grupos de idade máis novos.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, cómpre destacar, en primeiro lugar, que «Galicia caracterizouse tradicionalmente por presentar uns baixos índices de masculinidade, que a situaron á cabeza das rexións españolas polo seu desequilibrio demográfico favorable ás mulleres» (J. Hernández e J. M. López, 2003, p. 576). Neste contexto, a composición por sexo da poboación mantívose relativamente estable durante toda a etapa, cun predominio notable da proporción de mulleres sobre a dos homes (55,0 % e 45,0 % no ano 1900, e 54,2 % e 45,8 % no ano 1930, respectivamente). Os valores da proporción de feminidade da poboación galega no ano 1900 foron os máis elevados de todo o século. A partir dese momento, as diferenzas na proporción entre ambos sexos diminuíron progresivamente ata as últimas décadas do século. Consecuentemente, os valores do índice de masculinidade da poboación rexistrados

[8] De acordo con Míguez (2011), no período que comprende o último cuarto do século XIX e o primeiro terzo do XX, o número total de emigrantes españois a América superou os catro millóns douscentos mil, saíndo de Galicia máis de millon e medio de persoas. Destas persoas galegas emigradas, estímase que unha metade retornou e a outra metade permaneceu na emigración de forma definitiva, representando case o 45 % do total da emigración española definitiva a América. En comparación coa evolución da emigración transoceánica española, Aldrey (2006) salientou que Galicia seguiu unha evolución similar pero con maior intensidade. Ata 1980, entre unha cuarta parte e dous quintos do continxente español migrante procedía de Galicia, reducindo a súa significación a partires desa data. Así, a emigración galega a ultramar representaba o 4,73 % no período 1981-1990 e o 8,53 % no período 1991-2001.

USC DE SANTIAGO



(a) Galicia, 1900



(b) Galicia, 1930

Figura 6.1. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (1900-1930).
Fonte: elaboración propia a partir do INE.

nesta primeira etapa do século XX tamén foron os máis baixos de toda a centuria, aumentando case tres puntos porcentuais no ano 1930, con respecto ao ano 1900 (81,7 % no ano 1900 e 84,6 % no 1930). Non obstante, estes datos globais agochan os maiores desequilibrios que se produciron en determinadas franxas de idade, xa que en moitas delas os valores do índice de masculinidade non chegaron nen sequera ao 80 %, tanto ao inicio como ao final do período. É máis, os valores mínimos do indicador foron do 69,0 % no ano 1900 (na franxa de idade de 50 a 54 anos) e do 54,7 % no ano 1930 (na franxa de idade de 85 anos e máis). A pegada da emigración apréciase nas menores proporcións de homes nos grupos de idade de adolescentes e adultos mozos, en comparación coas mulleres. Pois, nesta etapa, a emigración caracterizouse polo predominio de continxentes masculinos, o que causou que os valores da proporción de feminidade fosen os máis elevados de todo o século (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; J. Hernández e J. M. López, 2003). A disimetría que presentan as pirámides nas idades máis avanzadas débese á maior esperanza de vida das mulleres, posto que ao ser máis lonxevas, son máis numerosas (Aldrey, 2006; J. Hernández e J. M. López, 2003).

En canto á composición por idade da poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos (59,3 % no ano 1900 e 60,3 % no ano 1930), seguido do de 0 a 14 anos (34,4 % no ano 1900 e 32,6 % no ano 1930) e do de 65 anos e máis (6,3 % e 7,1 % nos anos 1900 e

1930, respectivamente). Como vemos, estamos ante poboacións novas, con abondosos efectivos demográficos nas idades máis novas, debido á elevada natalidade que caracterizou este período e máis as décadas precedentes. E é que ao inicio e ao final deste período a poboación de 0 a 14 anos representaba máis do quíntuplo (no ano 1900) e máis do cuádruplo (no ano 1930) da poboación de 65 anos e máis. Pero a tendencia á redución da natalidade e da mortalidade xa se apreciou no final do período, cunha lixeira caída do peso porcentual da poboación menor de 15 anos e un leve incremento do peso porcentual do grupo de idade de 15 a 64 anos e do de 65 anos e máis. Esta tendencia decrecente da natalidade estivo en gran parte asociada «ao influxo da emigración e á falta de efectivos de adultos nas idades fecundas» (J. Hernández, 2019, p. 241). Por conseguinte, os valores do índice de xuventude rexistrados neste período (546,6 % no ano 1900 e 460,3 % no ano 1930) foron os máis elevados de todo o século, mentres que os valores do índice de envellecemento foron os máis baixos da centuria (18,3 % no ano 1900 e 21,7 % no ano 1930), ao igual que ocorreu cos valores do índice de sobreenvellecemento (4,4 % no ano 1900 e 4,9 % no ano 1930).

Aínda que nos centramos na análise da composición da poboación a nivel galego, debemos lembrar a existencia de diferentes estruturas de poboación a nivel provincial, debido, principalmente, á diferente intensidade coa que afectou a corrente migratoria a América nas provincias orientais e nas occidentais. Nos anos 1900, 1930, 1960, 1970 e 1981, os valores do índice de masculinidade nas provincias de Lugo e Ourense foron superiores aos da Coruña e Pontevedra. Ademais, como nesta época os emigrantes eran fundamentalmente campesiños, as consecuencias demográficas da emigración sentíronse de forma máis intensa na poboación rural (Villares, 2004). Por esta razón, en Galicia, «ata mediados do século XX os índices de masculinidade urbanos adoitaban ser máis altos que os rurais» (J. Hernández e J. M. López, 2003, p. 576).

6.1.2 Período de 1930 a 1960

6.1.2.1 Evolución e distribución espacial da poboación

De acordo cos datos dos Censos de poboación e vivendas (IGE), durante estas décadas a poboación galega continuou medrando, aínda que non tanto coma na etapa anterior (10,7 % no período 1930-1960, fronte ao 18,9 % da etapa anterior). En números absolutos, isto traduciuse nun aumento de 264.397 persoas no ano 1960, con respecto ao ano 1930 (2.466.599 habitantes). Como veremos de seguido, estas cifras están estreitamente vinculadas coas circunstancias económicas, sociais e políticas do contexto internacional e nacional, xa que a emigración exterior viuse reducida debido á Gran Depresión, á Guerra Civil española e á II Guerra Mundial. A caída da natalidade a raíz da Guerra Civil coincidiu cun descenso paulatino da mortalidade iniciado na década dos anos vinte e que continuou ata o final desta etapa. Dende o ano 1920 ata o 1960 a mortalidade reduciuse á metade, situándose en valores característicos dos países desenvolvidos (Aldrey, 2006). Non obstante, a escaseza de alimentos nos anos da fame «reflíctese na repunta das taxas de mortalidade infantil, que se achegan ao 70 ‰ ata mediados dos anos 1940» (Cardesín, 2005, pp. 301-302). Neste contexto, o decrecemento da poboación nas provincias de Lugo e Ourense comezou a partir de 1940, continuando ata o presente[9]. Isto

[9] Segundo os datos das *Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842* (INE), aínda que a nivel provincial o decrecemento demográfico en Lugo e Ourense comezou a partir de 1940, algúns municipios situados nesas provincias levan perdendo poboación (de dereito) de forma ininterrompida dende 1910 (Chandrexa de Queixa, Ourol e Pantón), 1920 (A Fonsagrada, A Mezquita, Pol, Punxín, Quintela de Leirado e Vilariño de

debeuse ao elevado número de emigrantes procedentes destas provincias, xa que «a capacidade natural para contrarrestar esas perdas diminuíu notablemente ó faltaren os efectivos máis xoves e fecundos, co conseguinte descenso da natalidade e aumento da senectude» (Aldrey, 2006, p. 38). Esta realidade apréciase nos valores das taxas de crecemento anual da poboación a nivel provincial durante esta etapa (0,7 % na Coruña, -0,2 % en Lugo, 0,1 % en Ourense e 0,4 % en Pontevedra), xa que as diferenzas nas pautas demográficas que mostraron as provincias occidentais e as orientais ampliáronse notablemente neste período. Así, mentres que as primeiras representaban o 64, 1 % da poboación galega no ano 1960, as segundas agrupaban o 35,9 % dos efectivos demográficos de Galicia, case 5 puntos porcentuais menos que no ano 1930 (IGE).

De acordo cos datos dos Censos de poboación (INE), a poboación residente nos municipios das sete cidades continuou en aumento e incrementouse nun 106,4 % no período 1930-1960 (299.062 habitantes no ano 1930 e 617.241 habitantes no 1960), chegando a representar o 22,6 % sobre o total da poboación de Galicia no último ano desta etapa. As porcentaxes de poboación urbana sobre o total provincial aumentaron de forma significativa nas catro provincias, aínda que con maior intensidade nas provincias occidentais, onde no ano 1960 case alcanzaban o 30 % (29,1 % na Coruña e 27,4 % en Pontevedra). Mentres tanto, as provincias orientais seguiron perdendo poboación e Lugo xa mostrou nesta etapa unha variación demográfica negativa do 6,1 %. Ademais, tanto en Lugo como en Ourense, intensificouse a tendencia á concentración da poboación nos municipios das súas respectivas cidades, destacando o extraordinario incremento demográfico que experimentou o concello de Ourense, que mostrou unha variación do 190,7 % no período 1930-1960. Esta cifra converteuno no municipio urbano co maior crecemento de poboación, superando os valores da Coruña (142,8 %) e de Vigo (120,4 %), que foran os que máis medraran na etapa anterior. O crecemento demográfico tamén foi notable en Ferrol (86,5 %), Lugo (79,1 %) e Pontevedra (65,5 %), mentres que en Santiago atenuouse (44,3 %). No ano 1960 A Coruña mantiña a súa hexemonía demográfica e, xunto con Vigo, eran os únicos concellos urbanos que superaban os cen mil habitantes (173.661 habitantes na Coruña e 145.411 en Vigo). O tamaño da poboación dos restantes municipios urbanos oscilaba entres os 50.575 habitantes de Pontevedra e os 70.254 habitantes de Ferrol. Non hai que esquecer que durante a primeira metade do século nalgunhas cidades producíronse anexións de parroquias e de municipios limítrofes, como ocorreu na Coruña (coa incorporación de parroquias pertencentes ao municipio de Oza), Vigo (municipios de Bouzas e Lavadores), Santiago (municipios de Conxo e Enfesta), Ourense (municipio de Canedo), Ferrol (municipios de Serantes e Alba) ou Pontevedra (municipios de Berducido, Mourente, Ponte Sampaio e Salcedo). Estas anexións permitiron aumentar as superficies das cidades ante o crecemento demográfico que estaban rexistrando, incrementando así mesmo o seu volume de poboación (Lois e Piñeira, 2011). Nese contexto, no ano 1960 o volume de poboación rural (77,4 %) xa descendera 10,5 puntos con respecto ao ano 1930 e 13,7 puntos con respecto ao ano 1900 (INE).

6.1.2.2 Movemento natural da poboación

Co estalido da Guerra Civil, a natalidade galega caeu aos valores máis baixos rexistrados dende o inicio do século, con 42.965 nacementos no ano 1939 (Beiras e A. López, 1999) e unha taxa de natalidade que nese mesmo ano chegou a ser inferior ao 20 ‰ (IGE, 1996). Ata o inicio da década de 1950 as taxas anuais medias de natalidade de Galicia e España foron practicamente

Conso) e 1930 (A Veiga, Calvos de Randín, Guntín, Larouco, Manzaneda, Melón, O Bolo, Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Samos, San Xoán de Río e Taboada).

idénticas (en torno ao 24 ‰ e ao 22 ‰ nos decenios 1931-1940 e 1941-1950, respectivamente) e lixeiramente superiores en Galicia, o que constituíu un feito puntual na evolución de ambas taxas durante todo o século XX (Beiras e A. López, 1999; IGE, 1996). Ao longo deses anos, o número anual de nacementos recuperouse de forma significativa en Galicia, chegando a rexistrar 60.638 no ano 1945 (Beiras e A. López, 1999). Isto debeuse, en parte, a que a imposibilidade de emigrar ata o segundo lustro dos anos corenta «favoreceu unha maior presencia de persoas en idade de procrear, e consecuentemente, dun maior número de nacementos» (Aldrey, 2006, p. 57). A partir de entón, abriuse un novo período de suave e continuado descenso da natalidade que provocou que o ano 1952 pasase a ser lembrado como a última data do século XX na que se superaron os 50.000 nacementos anuais (concretamente, rexistráronse 50.881) (Beiras e A. López, 1999). Mentres tanto, no conxunto de España e noutros países da contorna europea estábase producindo un importante incremento da natalidade que interrompeu de forma puntual a caída da fecundidade, mais como en Galicia non existiu ese fenómeno do «baby boom», a diferenza entre as taxas medias de natalidade galega e española incrementáronse novamente nas décadas dos anos cincuenta e sesenta (IGE, 1996; X. Fernández, 1999).

A tendencia decrecente da mortalidade, iniciada na década de 1920, prolongouse ao longo desta etapa (36.623 defuncións no ano 1930 e 23.406 no ano 1960). Ata os anos cincuenta a taxa de mortalidade descendeu de forma constante, coa excepción das repuntas rexistradas durante os anos da Guerra Civil e da inmediata posguerra. Posteriormente, os valores do indicador diminuíron máis lentamente e acabaron por estancarse en cifras inferiores ao 10 ‰, xa propias de países desenvolvidos (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; IGE, 1996). En datos absolutos, o ano 1950 constituíu a data na que —por primeira vez no século XX— o número de defuncións rexistradas foi inferior ás 30.000 (29.345), pero foi a partir de 1951 cando o número de mortes se mantivo constantemente en valores comprendidos entre as 22.000 e as 29.000 defuncións anuais, ata o final do século. En conxunto, nestes trinta anos a taxa de mortalidade reduciuse á metade, ao descender o valor do indicador do 16,42 ‰ rexistrado no ano 1930 ao 8,99 ‰ do ano 1960 (Beiras e A. López, 1999), grazas a «un progresivo acceso de amplas capas da poboación á sanidade e unha notable caída da mortalidade esóxena» (Aldrey, 2006, p. 53). Cómpre destacar que, se ben ata 1940 as taxas de mortalidade de Galicia foron inferiores ás do conxunto español, a partir desa data a tendencia inverteuse[10], a pesares de que ambas mostraron un comportamento moi similar (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). Finalmente, foi a partir de 1950 cando comezaron a apreciarse lixeiras desigualdades nas taxas de mortalidade entre as provincias occidentais (8,37 ‰ e 8,84 ‰ na Coruña e Pontevedra no ano 1960, respectivamente) e as orientais (9,95 ‰ e 9,58 ‰ na Coruña e Pontevedra no ano 1960, respectivamente), diferenzas vinculadas ao maior envellecemento demográfico das provincias de Lugo e Ourense (Beiras e A. López, 1999).

A coincidencia entre a recuperación da natalidade tras a Guerra Civil e a imposibilidade de emigrar ata o segundo lustro da década de 1940, derivou nunha segunda fase de aumento do crecemento vexetativo galego entre os anos 1940 e 1960. En consonancia coa evolución da natalidade e da mortalidade, e coa excepción da década dos anos vinte, as taxas galegas de crecemento vexetativo superaron ás do conxunto español durante a primeira metade do século (8,8 ‰ en Galicia e 8,6 ‰ en España no decenio 1941-1950). Non obstante, o avellentamento demográfico derivado da emigración permitiu que a tendencia se invertese a partir de 1950

[10] Segundo Aldrey (2006), a menor mortalidade que presentou o conxunto español en comparación con Galicia neses anos, puido estar relacionada co maior proceso de urbanización a nivel estatal.

(9,1 ‰ en Galicia e 11,3 ‰ en España no decenio 1951-1960), e, dende entón, a taxa de crecemento vexetativo galega nunca máis volveu a superar á media estatal (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). Por esa mesma razón, no último decenio desta etapa, as taxas de crecemento vexetativo das provincias de Lugo e Ourense —que nunca alcanzaron a media galega durante o século XX— foron moi inferiores ás das provincias occidentais (9,8 ‰ na Coruña, 6,4 ‰ en Lugo, 6,6 ‰ en Ourense e 11,6 ‰ en Pontevedra) (Aldrey, 2006).

6.1.2.3 Movementos migratorios

O contexto socioeconómico no que se inicia esta segunda etapa estivo marcado polas repercusións da Gran Depresión de 1929. Debido á nova situación económica e ás políticas proteccionistas adoptadas polos países de destino da emigración galega, a consecuencia máis destacada da crise foi o freo das correntes migratorias internacionais (J. Hernández, 2001; IGE, 1996; Míguez, 2011). Así, «por primeira vez ó longo do século, prodúcese, durante os anos trinta, un importante movemento inmigratorio —retornos de antigos emigrantes—, que, combinado cun crecemento natural tamén moi alto, provoca os maiores niveis de crecemento total da poboación galega de todo o século» (IGE, 1996, p. 59). De feito, dende o ano 1860 e ata o 1981, o único saldo migratorio intercensal positivo de Galicia (63.520 persoas) rexistrouse no decenio de 1931-1940 (Aldrey, 2006). Para Galicia, isto supuxo o descenso das remesas económicas e a interrupción da emigración como vía de escape para o excedente de poboación, traducíndose nun aumento do paro e nun obstáculo para a continuación do desenvolvemento da actividade industrial e dos sectores pesqueiro e agropecuario (Míguez, 2011). Pero foi o estalido da Guerra Civil o que interrompeu este proceso de transformacións iniciado no primeiro terzo do século XX, chegando, incluso, a mudar o rumbo dos acontecementos. Galicia foi un dos primeiros territorios en caer baixo o bando sublevado, e, durante os anos da Guerra, desempeñou un papel relevante fornecendo de alimentos ao exército e máis ás poboacións sobre as que ían tomando o control. Aínda que a Guerra significou para Galicia momentos de gran auxe nos sectores da súa especialización —o gando e as conservas de peixe—, axiña se deixaron sentir as dificultades xeradas pola política económica do Novo Estado, dificultades que se viron agravadas pola Segunda Guerra Mundial (Cardesín, 2005; Carmona e A. Fernández, 2005; Villares, 2004).

Os vinte primeiros anos da ditadura caracterizáronse pola autarquía económica, o intervencionismo do Estado e a escasa apertura ao exterior. O illamento económico internacional obstaculizou as importacións de *inputs* esenciais para o desenvolvemento da gandería, do agro e da industria (fertilizantes, maquinaria, sulfatos, forraxe, combustible, equipos pesqueiros, máquinas ferramenta, aceiro laminado...), derivando no consecuente estancamento do sector agrogandeiro, na perda de mercados exteriores da industria conserveira e no fortalecemento da economía de autoconsumo nas áreas rurais (Cardesín, 2005; Carmona e A. Fernández, 2005). É por todo isto que «os anos 1940 e boa parte dos 1950 son considerados, tanto para a economía galega como para a española, os peores da historia económica do século XX» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 262). Ante a fame xerada pola conxunción de insuficiencia de alimentos, malas colleitas, racionamento[11] e escaseza de materias primas, a posibilidade de emigrar ao exterior practicamente non existía. Foi tras a finalización da Segunda Guerra Mundial cando se retomou a corrente emigratoria cara a América, aliviando, desta maneira, a presión demográfica no rural, xa que a poboación seguira medrando (J. Hernández, 2001; Villares, 2004). Concretamente, a corrente migratoria a ultramar recuperouse no ano 1946, «coincidindo co restable-

[11] A cartilla de racionamento estivo vixente ata o ano 1952 (Cardesín, 2005).

cemento da *Lei de Emigración* de 1924 e con medidas de fomento da inmigración nos países latinoamericanos, que volvían atravesar unha boa conxuntura económica» (Aldrey, 2006, p. 64). Ao longo dos anos cincuenta rexistráronse máis de 200.000 saídas cara a América, mais, desta volta, Venezuela e México emerxeron como destinos preferidos dos emigrantes galegos. Non ocorreu o mesmo con Cuba, que deixou de recibir inmigración galega tras a revolución castrista de 1959 (Aldrey, 2006; IGE, 1996; Villares, 2004). Desta maneira, os saldos migratorios intercensais de Galicia volveron a recuperar o seu signo negativo nos decenios 1941-1950 (-115.341 persoas) e 1951-1960 (-237.353 persoas), apreciándose cifras negativas moi elevadas nas catro provincias, principalmente na década dos anos cincuenta (Aldrey, 2006).

A diferenza da emigración transoceánica da etapa anterior, «na emigración dos anos 1950 e 1960 a muller tivo unha maior participación e mesmo non era infrecuente a emigración familiar, aínda que predominou a poboación adulta en idade activa» (Aldrey, 2006, p. 65). Á parte desa maior proporción de mulleres, nesta segunda etapa tamén variou «a estrutura por idades, con menor peso relativo do grupo de 15-25 anos ao aumentar a idade media dos emigrantes» (Beiras e A. López, 1999, p. 191), coa consecuente diversidade de estado civil (IGE, 1996). A partir de 1960 a situación socioeconómica comezou a mudar, de forma paralela ao desenvolvemento da economía mundial (Villares, 2004). Pois o progresivo deterioro das economías dos países de destino en América, xunto coa apertura das fronteiras dos países europeos máis desenvolvidos, provocou o declive da corrente migratoria a ultramar a partir do ano 1959, dándose practicamente por finalizada dende os anos setenta (Aldrey, 2006). O cambio de destino da emigración iniciouse na posguerra da Segunda Guerra Mundial, posto que «os países europeos industrializados comezaron a mostrar signos de prosperidade, sobre todo no decenio dos anos 1950, de xeito que o desenvolvemento económico favoreceu que acadasen o pleno emprego e comezasen a demandar man de obra allea» (Aldrey, 2006, p. 66). Así, a mediados dos anos cincuenta os fluxos migratorios dirixíanse «a Europa (Francia, Alemaña, Suíza, Benelux, Reino Unido), aos vértices do triángulo Madrid-Barcelona-Bilbao e máis tardiamente, aos núcleos urbanos galegos, en particular as cidades da Coruña e Vigo» (Cardesín, 2005, p. 302). Ao igual que na etapa anterior, o factor máis importante que impulsou estas migracións foi o económico (J. Hernández, 2007; Precedo e Villarino, 1994). Algúns estudosos sinalaron que, como consecuencia da miseria, nos anos corenta e cincuenta detectouse un movemento re-ruralizador intenso, ao mesmo tempo que se detiña a tendencia urbanizadora do primeiro terzo do século (Míguez, 2011; Villares, 2004). Non obstante, para outros investigadores non existiu tal re-ruralización. Pois, Cardesín (2005), sostén que «o suposto incremento da poboación en moitos municipios rurais ten máis que ver coa práctica xeneralizada de falsear os padróns de poboación municipais, introducindo parentes emigrados ás Américas» (p. 301), co obxectivo de «incrementar a cota familiar na cartilla de racionamento, ou reducir as cotas de produción a entregar a prezo oficial ás autoridades» (p. 301). Finalmente, con respecto á intensidade das diferentes correntes migratorias, cómpre destacar como principal novidade desta etapa o relativo equilibrio que se produciu entre o volume das correntes migratorias co estranxeiro e co resto de España (Beiras e A. López, 1999).

Con respecto ás migracións no interior de Galicia, nesta etapa é de destacar o inicio dun tipo de migracións forzosas no rural, vinculado ao extraordinario desenvolvemento do sector eléctrico. Emprégase o adxectivo *extraordinario* porque, se ben antes da Guerra Civil a porcentaxe de produción de electricidade creada en Galicia era inferior ao 6 % no conxunto español, no ano 1960 esta xa significaba o 12 %. Este aumento da oferta eléctrica «tivo un carácter case

exclusivamente hidráulico, e estivo baseado no aproveitamento das concas do río Limia e, sobre todo, do Miño e do Sil, que ata aquel entón permaneceran á marxe» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 273). Tras a fundación de FENOSA no ano 1943, no ano 1949 iníciase unha cadea de inauguracións de grandes encoros, sendo o primeiro en inaugurarse o encoro das Conchas, no río Limia[12] (Carmona e A. Fernández, 2005; Pereiro, 2006). Segundo Carmona e A. Fernández (2005), «a rápida apertura dos novos aproveitamentos, iniciada en 1949, sumada ao lento crecemento da súa demanda industrial, converteron a Galicia en excedentaria de enerxía xa dende comezos dos cincuenta» (p. 274). Cara a mediados desta década, «a existencia dunha subministración asegurada e con posibilidades de crecemento creou en Galicia un ambiente favorable á inversión industrial, que xerou un puñado de proxectos importantes, dos que só algúns se materializaron» (pp. 274-275). Foi o caso, por exemplo, da empresa Citroën, para a cal as boas perspectivas de subministración eléctrica xogaron un papel importante na decisión de instalarse en Vigo a finais da década dos anos cincuenta (Carmona e A. Fernández, 2005). O ano 1972 destacou por ser a ano no que se dou por concluído o ciclo de construción de encoros nas concas do Miño e do Sil (Carmona e A. Fernández, 2005), aínda que a construción de grandes encoros noutros ríos continuará en diferentes puntos da xeografía durante as seguintes décadas do século XX (Carballa, 1988, Pereiro, 2006; Soutelo, 1998; Terra e Tempo, 1972). A partir de comezos dos anos setenta, «en consonancia coas tendencias xerais do sector durante o período, algunhas das compañías eléctricas que operaban en Galicia trataron de diversificar a orixe da súa produción iniciando —ou ampliando— a súa produción térmica». Foi así como «FENOSA empeza a queimar fuel na súa planta de Sabón a partir de 1972, ao tempo que proxecta a central de Meirama, que non entraría en funcionamento ata 1980» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 285). Nese contexto, as revoltas veciñais contra as decisións do poder político e económico foron frecuentes no rural galego, polos enormes custos sociais e ambientais. Pois foron moitas as familias afectadas polo asolagamento das súas aldeas e das súas terras de labor, feito que obrigou a numerosas persoas «a buscar novas oportunidades de vida nos espazos laborais e sociais das cidades máis próximas» (Soutelo, 1998). Algúns dos conflitos máis importantes que tiveron lugar no rural galego vinculados á produción enerxética, ocorreron durante a época franquista e a transición política en Castrelo de Miño, As Encrobas e Xove, lugar, este último, no que se pretendeu instalar unha central nuclear (Benedeti e Bocixa, 2007; Carballa, 1988; Muñiz, 2002; Soutelo, 1998; Terra e Tempo, 1972).

6.1.2.4 Estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia no período 1930-1960 pode observarse na figura 6.2, elaborada a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes (INE). Aínda que ambas pirámides reflicten poboacións novas, a base da pirámide de 1960 xa é máis estreita que a de 1930, o que indica o progresivo descenso da natalidade, a existencia dunha menor proporción de poboación nos grupos de idade máis novos e, polo tanto, un crecemento máis lento da poboación.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, no ano 1960 a proporción de mulleres

[12]De acordo con Pereiro (2006), a introdución da enerxía hidroeléctrica en Galicia remóntase ao século XIX. Foi Laureano Salgado quen, no ano 1874, construíu en Caldas de Reis a primeira iniciativa hidroeléctrica, a central de Segade, que estivo en funcionamento ata o ano 1952. Logo dunha etapa na que predominaron as pequenas iniciativas familiares, nos anos corenta iniciouse a época dos grandes encoros, que continuou aínda durante o período democrático, destacando a construción do encoro de Lindoso aínda nos anos noventa.



(a) Galicia, 1930



(b) Galicia, 1960

Figura 6.2. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (1930-1960).
Fonte: elaboración propia a partir do INE.

seguía sendo superior á dos homes, aínda que en menor medida (54,2 % e 45,8 % no ano 1930, e 52,6 % e 47,4 % no 1960, respectivamente). Por conseguinte, o valor do índice de masculinidade viuse incrementado en 5,5 puntos porcentuais no último ano do período, con respecto ao ano 1930 (84,6 % e 90,1 % ao inicio e ao final do período). Hai que destacar que no ano 1960 os valores deste indicador aumentaron en todos os grupos de idade menores de 65 anos, con valores que oscilaron entre o 106,1 % (na franxa de 5 a 9 anos) e o 72,9 % (na franxa de 60 a 64 anos). A partir dos 64 anos, os valores do índice de masculinidade descenderon paulatinamente nos seguintes grupos de idade, ata acadar o valor máis baixo (48,5 %) no grupo de 80 e máis anos[13], un aspecto asociado á maior esperanza de vida das mulleres, con respecto á dos homes (Aldrey, 2006). O incremento dos índices de masculinidade nesta etapa debeuse ás alteracións producidas nos movementos migratorios, caracterizados agora pola maior participación feminina, tanto nas saídas ao estranxeiro como nas migracións internas (J. Hernández e J. M. López, 2003). Con todo, os índices de masculinidade en Galicia «mantivéronse relativamente baixos a escala nacional» (J. Hernández e J. M. López, 2003, p. 576).

[13]Para o ano 1960, o Padrón Municipal de habitantes só proporciona datos de poboación desagregados por idades simples dende os 0 anos ata os 79 anos. O número de persoas de máis de 79 anos figura baixo a etiqueta *80 y más*.

En canto á composición por idade da poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos (60,3 % no ano 1930 e 64,4 % no ano 1960), seguido do de 0 a 14 anos (32,6 % no ano 1930 e 26,7 % no ano 1960) e do de 65 anos e máis (7,1 % e 8,9 % nos anos 1930 e 1960, respectivamente). En palabras de Aldrey (2006), «a estrutura por idade e sexo de Galicia en 1960 pódese aínda considerar como xove, pero con claros indicios dun camiño cara o avellentamento» (p. 96). Pois se ben a poboación galega continuou medrando durante o período 1930-1960, a natalidade e a mortalidade mantiveron a súa tendencia decrecente, destacando o importante impacto que tivo o estalido da Guerra Civil española na caída do número de nacementos (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). Consecuentemente, os valores do índice de xuventude reducíronse de forma moi significativa durante esta etapa (460,3 % no ano 1930 e 299,3 % no ano 1960), á vez que aumentaron os valores do índice de envellecemento (21,7 % no ano 1930 e 33,4 % no ano 1960).

Finalmente, se na etapa de 1900-1930 aludiamos á existencia de diferentes estruturas de poboación a nivel provincial, as diferenzas nas pautas demográficas que mostraron as provincias occidentais e as orientais ampliáronse notablemente entre os anos 1930 e 1960. Pois foi nesta etapa —concretamente a partir de 1940— cando se iniciou o progresivo decrecemento demográfico das provincias de Lugo e Ourense (Aldrey, 2006). O impacto da emigración sobre a estrutura por idade da poboación apréciase nos valores do índice de envellecemento. E é que, no ano 1930, os valores deste indicador a nivel provincial oscilaron entre o 20,0 % (A Coruña) e o 24,9 % (Lugo), mentres que no ano 1960 os valores superaron o 40 % nas provincias orientais (43,5 % en Lugo e 41,6 % en Ourense) e rozaron o 30 % nas provincias occidentais (28,5 % na Coruña e 29,8 % en Pontevedra).

6.1.3 Período de 1960 a 1970

6.1.3.1 Evolución e distribución espacial da poboación

En relación coa evolución da poboación galega, o ano 1960 foi destacado por marcar un cambio de tendencia na evolución demográfica de Galicia. Segundo os datos dos Censos de poboación (IGE), por primeira vez no século XX a poboación galega sufriu un retroceso demográfico (do 2 %), ao pasar dos 2.730.996 de habitantes cos que contaba no ano 1960, aos 2.676.403 rexistrados no ano 1970. De novo, unha das principais causas da variación da poboación foi a corrente emigratoria exterior, retomada na posguerra da Segunda Guerra Mundial e agora con destino a países de Europa. A este factor haille que sumar a continuación do descenso da natalidade e tamén da mortalidade. Unha vez máis, as provincias de Lugo e Ourense foron as máis afectadas, polo que se agravaron aínda máis os problemas da baixa natalidade e avellentamento demográfico que xa carrexaban das décadas anteriores. Tanto é así que, no caso de Lugo, produciuse un lixeiro aumento na taxa bruta de mortalidade «motivado pola emigración sufrida ata ese momento, que tiña xa alterado sensiblemente a súa estructura por idades, incrementando o avellentamento e, consecuentemente, a mortalidade» (Aldrey, 2006, pp. 53-54). Por outra parte, o impulso económico da cidade de Vigo fixo posible que a provincia de Pontevedra fose a única que conseguise aumentar a súa poboación durante esta etapa (a variación porcentual da poboación foi de 9,2 % en Pontevedra, -0,5 % na Coruña, -9,6 % en Ourense e -14,0 % en Lugo). De feito, durante esta década soamente medraron as cidades, «iniciando unha tendencia que logo consolidarían durante os anos seguintes, especialmente nos casos de Vigo, Ferrol e A Coruña, que creceron impulsadas pola industrialización dirixista introducida

coa política de "Polos de Desenvolvemento" e co despegue e pulo da industria naval e automobilística» (Aldrey, 2006, p. 39). Neste contexto, o valor positivo dos saldos vexetativos de Galicia —que comezaron a diminuír de forma notable dende os anos sesenta e pasaron a ser negativos na década dos noventa— debeuse aos concellos nos que están situadas as sete cidades galegas (Aldrey, 2006; J. Hernández, 1992).

Tal e como reflicten os datos dos Censos de poboación (INE), a poboación residente nos concellos das sete cidades incrementouse nun 17,1 % nesta etapa (617.241 e 723.057 habitantes nos anos 1960 e 1970, respectivamente), chegando a representar o 27,0 % da poboación total no último ano deste período. Destes sete concellos, o de Vigo foi o que experimentou a maior variación porcentual da poboación (36,73 %), seguido de Ourense (17,26 %), Santiago (14,16 %), Ferrol (14,15 %), Lugo (10,07 %), A Coruña (9,10 %) e Pontevedra (3,93 %). En comparación coa etapa anterior, cómpre sinalar que o ritmo anual de crecemento demográfico mantívose practicamente estable en Santiago (1,3 %) e en Vigo (3,2 %) incrementouse lixeiramente ata acadar valores moi próximos aos do período 1900-1930, mentres que decaeu notablemente nos restantes municipios urbanos, con valores que oscilaron entre o 0,4 % (Pontevedra) e o 1,6 % (Ourense). Por primeira vez no século, no ano 1970 Vigo superou á Coruña en número de habitantes, converténdose, así, no municipio galego con maior poboación (189.467 habitantes na Coruña e 198.815 habitantes en Vigo). Por conseguinte, a porcentaxe de poboación urbana sobre o total provincial da Coruña e Pontevedra foi practicamente a mesma no ano 1970: 32,5 % na provincia da Coruña e 32,2 % na provincia de Pontevedra. Con este panorama, resulta obvio que a poboación rural continuou descendendo no conxunto de Galicia, representando un valor inferior en 4,4 puntos porcentuais ao do ano 1960.

6.1.3.2 Movemento natural da poboación

Esta etapa caracterizouse por un lento e paulatino declive da natalidade. As cifras máxima e mínima de nacementos rexistráronse ao inicio e ao final do período, con 48.122 nacementos no ano 1960 e 42.689 nacementos no ano 1970. Durante ese decenio, as taxas anuais medias de natalidade de Galicia e España mostraron a maior diferenza de todo o século XX, situándose a de Galicia máis de tres puntos por debaixo da media estatal (17,24 ‰ a media galega e 20,52 ‰ a media española). A nivel provincial, as diferenzas nos valores da natalidade seguiron aumentando, rexistrándose —novamente— os maiores descensos nas provincias orientais (Beiras e A. López, 1999).

A pesares de que no ano 1961 se rexistrou o número de defuncións máis baixo de todo o século (22.472), en xeral a mortalidade permaneceu estancada en torno ás 23.000-24.000 mortes anuais, cunha taxa anual media do 9,15 ‰ no decenio 1961-1970. Nesta etapa as diferenzas interprovinciais fixéronse máis evidentes, destacando o maior incremento da taxa de mortalidade de Lugo (1,52 puntos máis no ano 1970 con respecto ao 1960) en comparación coas provincias da Coruña e Ourense (0,18 e 0,3 puntos máis —respectivamente— no ano 1970 con respecto ao 1960), mentres que en Pontevedra o valor do indicador diminuíu 0,19 puntos (Beiras e A. López, 1999). Ese aumento da mortalidade na provincia de Lugo estivo «motivado pola emigración sufrida ata ese momento, que xa tiña alterado sensiblemente a súa estructura por idades, incrementando o avellentamento, e, consecuentemente, a mortalidade» (Aldrey, 2006, pp. 53-54).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No contexto descrito, o ano 1968 destacou por ser o último ano do século XX no que o cre-

cemento vexetativo superou as 20.000 persoas. A nivel provincial, as diferenzas medraron respecto á etapa anterior. Pois, mentres que no ano 1970 A Coruña e Pontevedra presentaron saldos vexetativos dunhas 8.000 persoas, o crecemento vexetativo de Ourense apenas superou as 1.000 persoas e o de Lugo non chegou sequera ás 700 persoas (Beiras e A. López, 1999). Isto traduciuse na existencia dunhas taxas de crecemento superiores á media galega (8 ‰) nas provincias occidentais (9,2 ‰ e 11,8 ‰ na Coruña e Pontevedra, respectivamente), que superaron entre 5 e 8 puntos ás das provincias orientais (3,6 ‰ e 4,1 ‰ en Lugo e Ourense, respectivamente) (Aldrey, 2006).

6.1.3.3 Movementos migratorios

Se ben a emigración a Europa Occidental que tivo lugar antes de 1960 é considerada «esporádica e pouco significativa» (González et al., 1992, p. 19), esta corrente migratoria experimentou un notable incremento a comezos da década dos sesenta, chegando a tomar «o lugar de América como destino prioritario dos emigrantes galegos» (IGE, 1996, p. 59). Mais, segundo apuntaron Beiras e A. López (1999), non semella que se tratase dunha emigración adicional, senón máis ben «dun desprazamento parcial das correntes emigratorias» (p. 192). Neste contexto, o ano 1963 foi moi destacado, xa que «a partir de aquí a emigración europea, en ascenso, supera sempre unha esmorecente emigración americana» (p. 195).

Ao igual que aconteceu noutros países europeos do sur, a forte emigración galega a Europa durante esta etapa estivo relacionada —como xa comentamos— coa demanda de traballo derivada do auxe económico da segunda posguerra mundial, no período 1950-1973. Países como Alemaña, Francia, Suíza, Reino Unido, Holanda ou Bélxica abriron as súas fronteiras para acoller a forza de traballo procedente doutros países europeos ou da periferia próxima. Porén, a apertura das súas fronteiras estaba controlada para impedir a entrada de persoas procedentes de países non desexados e limitar o establecemento permanente da poboación inmigrante[14]. En España, isto coincidiu coa posta en marcha do Plan de Estabilización de 1959, que supuxo a renuncia do réxime franquista á autarquía económica existente dende 1939 e o impulso dunha modernización económica baseada nas remesas dos emigrantes, na expansión do turismo e na inversión estranxeira (Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007). Loxicamente, esta corrente migratoria ao exterior «supuxo a constatación expresiva da desarticulación económica á que se veu sometida Galicia pola política do réxime de Franco, o cal ante a falta de alternativas económicas viables, favoreceu e promoveu esta saída masiva de poboación» (Míguez, 2011, p. 220). Desta maneira, a emigración a Europa «converteuse na principal fonte de inxección de recursos para o financiamento da economía galega, en nítido contraste coas rexións mediterráneas nas que o turismo —aquí practicamente inexistente— exerceu o mesmo papel» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 278). Entre os factores coadxuvantes que animaron esta corrente migratoria a Europa destacaron os acordos laborais que estableceu o goberno español con diversos países receptores de inmigrantes para regular e facilitar o fluxo migratorio, como os establecidos con Bélxica, Alemaña, Francia, Suíza, Holanda e Austria entre os anos 1956

[14]Para limitar o asentamento da poboación inmigrante establecéronse trabas á reunificación familiar e adoptáronse medidas como a sinatura de contratos eventuais, entre outras. A política de control fronteirizo para limitar o asentamento da poboación inmigrante semella que resultou bastante efectiva no caso da poboación galega, xa que a emigración a Europa foi menos permanente que a emigración a América. Non obstante, isto puido estar tamén relacionado, en certa medida, «co feito de que a integración do emigrante é máis doada en América ca en Europa, por razóns obvias de idioma, cultura, costumes, etc» (Beiras e A. López, 1999, p. 197).

e 1962[15] (Aldrey, 2006; González et al., 1992; J. Hernández, 2001 e 2007). Fomentábase así a chamada «emigración asistida», unha nova modalidade de emigración na que as persoas emigrantes recibían a asistencia do Instituto Español de Emigración (I.E.E.) —creado no ano 1956— para poder desprazarse aos países de destino, asistencia que podía materializarse, por exemplo, na obtención dun contrato de traballo ou na tramitación do pasaporte (Bertrand, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007). Por conseguinte, fronte a unha emigración de carácter aventureiro, incerto e na que unicamente se podía contar coa axuda de familiares ou persoas coñecidas, a emigración asistida a Europa supoñía unha atractiva vantaxe que se sumaba a outras tamén importantes, como eran a maior proximidade do lugar de destino ou a estabilidade política europea[16] (Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001; IGE, 1996).

As necesidades de man de obra dos países da Europa Occidental durante esta etapa do século XX debéronse, principalmente, a dous factores. O primeiro deles foi de tipo demográfico, xa que os varios decenios de baixa natalidade e as grandes perdas humanas sufridas durante a Segunda Guerra Mundial, tiveron como consecuencia que as xeracións que chegaban á idade activa fosen pouco numerosas. E en segundo lugar, o aumento do nivel de vida que experimentaron as poboacións deses países a raíz do seu crecemento económico derivou na apertura das súas fronteiras, co obxectivo de acoller persoas estranxeiras dispostas a ocupar aqueles traballos de máis baixa remuneración e menor consideración social que non eran ocupados polas poboacións autóctonas (Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007). Xeralmente ofrecíanse contratos de traballo temporais que, dependendo do país de destino, podían ser anuais ou estacionais. Esta característica da oferta laboral europea introduciu cambios na estrutura demográfica da poboación emigrante, posto que ao preverse ausencias curtas «xa non son só os mozos solteiros e os parados os que participan nesa emigración: mobilízanse amplamente os cabezas de familia, casados e que moi a miúdo teñen unha actividade principal na agricultura» (Bertrand, 1999, p. 448). Desta maneira, na poboación galega emigrante desta etapa predominaron os homes con idades comprendidas entre os 20 e os 45 anos, que desempeñaron traballos sen especialización ligados á industria e ao sector terciario[17]. Ademais, na maior parte dos casos emigraron sen acompañamento familiar, debido ás trabas impostas polos países de destino á entrada de familias, para así evitar a instalación definitiva das persoas inmigrantes (Aldrey, 2006; J. Hernández, 2001). En canto á composición por sexo da poboación galega emigrante, esta variou dun país a outro en concordancia co tipo de profesións que tiñan que realizar. En Alemaña, por exemplo, os varóns representaron o 65 % do total da poboación galega emigrada

[15]González et al. (1992) sinalaron tamén outros factores coadxuvantes desta corrente migratoria a Europa a partir de 1960, como o «incremento de restriccións por parte da política inmigratoria dos países americanos, que empezarán a demandar, case exclusivamente, persoal cualificado» e «as vantaxes materiais para o desprazamento e retorno que representa Europa fronte a América» (p. 19).

[16]Aínda que os emigrantes «asistidos» xa non constrúen o seu proxecto migratorio como facían os emigrantes que se dirixían a América, os sistemas parroquiais de migración continuaron tendo importancia. De feito, moitos emigrantes propiciaron as emigracións de familiares e veciños das súas respectivas aldeas e parroquias, pero como a maioría dos contratos tiñan unha duración determinada, este fenómeno tivo un carácter máis limitado que na emigración a ultramar (Bertand, 1999). Cómpre destacar que a emigración a Europa non se canalizou unicamente por esta vía «asistida», senón que existiu un número elevado de persoas que emigraron a través de canles non oficiais, razón pola que resulta tan difícil determinar o número real de galegas e galegos que emigraron a Europa (Bertrand, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007).

[17]Do total das persoas galegas que emigraron a Europa, o 80 % foron homes en idade laboral (Aldrey, 2006; IGE, 1996). Os homes empregáronse fundamentalmente na construción, na minería e en determinados postos vinculados á industria e aos servizos, mentres que as mulleres fixérono especialmente no servizo doméstico e na hostalería (J. Hernández, 2001 e 2007).

a ese país, mentres que no Reino Unido non superaron o 46 %, debido a que foron as mulleres as que acudiron de xeito maioritario a traballar no servizo doméstico (Aldrey, 2006).

A dimensión do fenómeno migratorio galego ao exterior durante esta etapa apréciase en maior medida se consideramos o conxunto español, xa que entre os anos 1961 e 1970 a emigración continental asistida galega representou o 20,94 % do total da emigración continental asistida española (Aldrey, 2006). E é que entre os anos 1963 e 1974, «Galiza ocupa, no Estado Español, o segundo lugar no triste ranking da emigración a Europa (só superada pola populosa Andalucía) e o primeiro da emigración a América». Así, «sumando ambos destinos, Galiza, cunha poboación total inferior ao 8 % da española, convértese na comunidade con maior caudal emigratorio» (Beiras e A. López, 1999, p. 195). O crecemento das migracións a Europa freouse a mediados da década dos sesenta, rexistrándose significativos descensos entre os anos 1965 e 1967, causados tanto «polas dificultades económicas que viviron os países europeos receptores durante eses anos» como «pola creación dos "Polos de Desenvolvemento" de A Coruña e Vigo, que favoreceron a instalación de moita man de obra nesas cidades» (Aldrey, 2006, p. 67). Os destinos predominantes da emigración a Europa foron Alemaña e Suíza, que chegaron a absorber aproximadamente o 90 % dos emigrantes galegos entre os anos 1961 e 1980 (Aldrey, 2006). A estes países seguíronlle, por esta orde, Francia, Holanda, Reino Unido e Bélxica (Aldrey, 2006; J. Hernández, 2001). Entre a década de 1960 e principios da de 1970, Ourense foi a provincia española que presentou a maior taxa de emigración exterior, superando o 20 ‰ na maior parte dos anos (Aldrey, 2006).

Co Plan de Estabilización de 1959 iníciase un novo período económico no réxime franquista que —en palabras de Villares (2004)— dará comezo a «unha segunda etapa anovadora que aportou, en si mesma, máis mudanzas ca toda a historia contemporánea xunta» (pp. 431-432). Ábrese así unha segunda fase modernizadora «que ten como característica principal a de desenvolver na dimensión cuantitativa os cambios cualitativos que aconteceran na preguerra» (p. 429). Esta etapa expansiva, que durará aproximadamente ata mediados da década dos anos setenta, «foi posible polos efectos de arrastre xerados polo "boom" económico europeo e mundial iniciado xa nos anos cincuenta, e polo desmantelamento do ríxido armazón de controis intervencionistas que dominaran a escena na chamada "etapa autárquica" do primeiro franquismo» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 262). O ritmo de crecemento da economía galega foi elevado durante estes anos, aínda que sen chegar a alcanzar a media española. Mais o elemento máis destacable deste período non residiu no crecemento, senón «no arranque do cambio estrutural, ata entón aprazado, que significou a caída da poboación activa no sector agrario» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 291). En tan só quince anos a poboación activa empregada na agricultura descendeu 22,7 puntos porcentuais, representando o 61,7 % e o 39 % nos anos 1960 e 1975, respectivamente. Por primeira vez na historia de Galicia, no período comprendido entre os anos 1950 e 1975 «a poboación dedicada á industria e aos servizos supera ao total de poboación ocupada en actividades agrarias» (Míguez, 2011, p. 220). Noutros países da contorna, o proceso de redución da poboación agraria comezou no século XIX, pero en Galicia a desagrarización iniciouse tardía e abruptamente na década dos anos cincuenta do século XX, consolidándose a tendencia na década dos anos sesenta. Consecuentemente, a rapidez desta expulsión de poboación agraria, xunto coa incapacidade da industria e do sector servizos para absorber o crecemento da poboación activa, derivaron nun intenso éxodo rural con destino aos países industrializados europeos e tamén ao interior español e aos núcleos urbanos galegos (Cardesín, 2005; Carmona e A. Fernández, 2005; J. Hernández, 2001 e 2007; Míguez, 2011; Villares, 2004). Non obstante,

no caso de Galicia, dada a «feble e tardía constitución de núcleos industriais ou urbanos só se fixou na rexión unha pequena porción dos emigrantes rurais que, en xeral, se viron obrigados a marchar fóra da rexión, sobre todo ao estranxeiro» (J. Hernández, 2007, pp. 156-157).

Polo que se refire á emigración galega ao resto de España, cómpre salientar a polarización que houbo nas provincias de destino con anterioridade a 1970, posto que a emigración —galega e doutras rexións españolas— concentrouse fundamentalmente naquelas provincias nas que estaban situados os principais centros industriais e urbanos, isto é, Barcelona, Biscaia, Guipúscoa e Madrid (J. Hernández, 2001). A pesares de que a emigración ao resto de España foi considerable durante o período 1950-1975, en Galicia non acadou a intensidade da emigración estranxeira, a diferenza do ocorrido no resto de rexións peninsulares (J. Hernández, 2001; IGE, 1996). Os fluxos internacionais foron os dominantes ata o ano 1975, polo que durante a etapa comprendida entre os anos 1962 e 1970, a taxa de emigración ao estranxeiro (9,11 ‰) foi maior que a taxa media total de emigración interior (5,23 ‰), que comprende, neste último caso, a emigración existente dentro de Galicia (2,25 ‰) e entre Galicia e o resto do Estado (2,98 ‰) (Aldrey, 2006). Neste contexto, cómpre destacar que unha das principais diferenzas entre esta onda migratoria e a primeira reside en que agora a emigración «constitúe directamente un proceso de abandono do medio rural e das explotacións agrarias e non unha estratexia familiar de mellora da casa» (Míguez, 2011, p. 220). Isto reflectiuse no destino das remesas, posto que mentres «no caso da emigración a América serviron para acceder á propiedade da terra, as remesas procedentes de Europa nos sesenta e setenta van ser utilizadas para modernizar a agricultura, crear pequenos negocios ou mercar vivendas urbanas» (Beiras e A. López, 1999, p. 198). Dedúcese, polo tanto, que o compoñente fundamental destas correntes migratorias asistidas foi a poboación rural, aínda que tamén emigraron con maior frecuencia persoas procedentes das urbes galegas. Esta maior diversidade na orixe da poboación emigrante foi acompañada dun importante cambio na súa estrutura sociolóxica, ao dispoñer agora dun maior nivel profesional e de coñecementos técnicos (Beiras e A. López, 1999). A nivel provincial, no período 1962-1970, Ourense presentou a maior taxa de emigración ao estranxeiro (22,12 ‰), superando en 14,78 puntos a Pontevedra, que foi a provincia que presentou o segundo valor máis alto nesa taxa (7,34 ‰ en Pontevedra, 6,61 ‰ na Coruña e 4,45 ‰ en Lugo). Os valores do indicador foron menores e máis homoxéneos na emigración ao resto de España, aínda que con taxas máis elevadas nas provincias orientais (9,47 ‰ en Lugo e 5,9 ‰ en Ourense) que nas provincias occidentais (4,9 ‰ na Coruña e 2,65 ‰ en Pontevedra). No caso concreto da emigración producida dentro de Galicia, as taxas de emigración das catro provincias foron aínda máis similares, oscilando entre o 1 ‰ e o 3 ‰ (Aldrey, 2006).

Dous dos ámbitos nos que podemos apreciar as importantes mudanzas acontecidas nesta etapa son a agricultura e a industria. En relación ao primeiro deles, cómpre salientar a desaparición da agricultura tradicional a partir da década de 1960. O comezo deste decenio «marca a fin da etapa de dificultades extremas que o sector agrario experimentou despois da guerra civil» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 279). O abastecemento de *inputs* mellorou e a produción agraria aumentou a un ritmo similar ao da española, á vez que se incrementou a demanda de alimentos a nivel estatal como consecuencia do crecemento urbano, o aumento do poder adquisitivo e a expansión do turismo. Mais, así e todo, foron as remesas dos emigrantes, en parte, as que contribuíron a manter un bo número de explotacións e a financiar o espectacular proceso de motorización que tivo lugar no sector durante estes anos (Carmona e A. Fernández, 2005; J. Hernández, 2001 e 2007). Polo que se refire á industria, nos anos sesenta destacou a diversificación dunha «base in-

dustrial moi limitada como era a nacida en Galicia a comezos do século XX, e que dende entón se mantivera extremadamente dependente do complexo marítimo» (Carmona e A. Fernández, 2005, p. 284). Pois foi nestes momentos cando xurdiu unha serie de iniciativas empresariais novas concentradas, principalmente, en torno á industria agroalimentaria (lácteos, cárnicos, elaboración de pensos...), á industria metalúrxica (aluminio, aceiro...), á industria química (refinería petrolífera da Coruña, fabricación de fertilizantes...) e ao sector da automoción, que se acabaría convertendo no sector de maior importancia en Galicia a partir dos anos setenta, polo número de traballadores ocupados e a tecnoloxía empregada. Con máis de 2.000 traballadores no ano 1965, Citroën era a primeira empresa de Vigo por número de traballadores ocupados.

De forma paralela ao xurdimento desas iniciativas innovadoras, tamén se produciu o desenrolo e a modernización doutros sectores xa existentes que continuaron nesta etapa coa tendencia ao crecemento que traían de anos anteriores, como ocorreu, por exemplo, na construción naval e na electricidade. De feito, a finais dos anos sesenta, os estaleiros convertéronse na rama máis importante da industria galega. Noutros casos, como o da industria madeireira, o sector sufriu un proceso de reestruturación que o levaría a orientarse tamén na elaboración de celulosa e de tableiros de fibras, salientando o inicio da fabricación de celulosa en Pontevedra cara ao ano 1962, pola empresa ENCE. A pesares desta expansión da industria, durante a época do desarrollismo o principal creador de emprego foi o sector servizos, que pasou de aglutinar o 15,4 % da poboación activa de Galicia no ano 1960, ao 28,6 % no ano 1975. Non obstante, non todos os servizos medraron en igual medida nin o fixeron da mesma maneira que no conxunto español. O maior ritmo de crecemento deuse en servizos tradicionais nos que Galicia acumulaba maior déficit histórico (transporte-comunicacións, crédito-banca, servizos comerciais...), que medraron por encima da media española, mentres que aqueles servizos novos que se desenvolveron na década dos anos sesenta, como a hostalería ou os servizos públicos, medraron por debaixo da media estatal (Carmona e A. Fernández, 2005).

Esta diversificación do sector industrial foi «froito da política económica deseñada a partir de 1959, consistente na creación de *Polos de Desarrollo*, que en Galicia foron establecidos na Coruña e no Porriño-Vigo» (Villares, 2004, p. 432). A designación destes polos, aos que se uniu Vilagarcía no ano 1972, «supuxo o reforzamento da importancia que xa tiñan como principais centros económicos da rexión, e o seu liderado no proceso de industrialización e desenvolvemento de Galicia» (Pazos, 2003, p. 97). De feito, a atracción de man de obra que exerceron as cidades da Coruña e Vigo na poboación galega durante esta etapa, influíu no acentuado descenso rexistrado nas cifras da emigración a Europa entre os anos 1965 e 1967 (Aldrey, 2006). Os devanditos polos de desenvolvemento foron concibidos, precisamente, como centros dende os que se difundiría a actividade económica ao resto do territorio. Porén, para lograr tal obxectivo era necesaria a construción de infraestruturas de transporte que permitisen estender o desenvolvemento dos polos ao resto do litoral galego, posto que a desconexión que existía entre as cinco cidades das provincias occidentais e outras vilas mariñeiras, obstaculizaba o establecemento das sinerxías necesarias para favorecer o aumento do crecemento económico (Pazos, 2003). Neste contexto, á parte de realizarse obras de mellora en determinados tramos estratéxicos e de alto tráfico de estradas convencionais, empezouse a falar «da necesidade de construír autoestradas como unha fórmula apropiada para dar solución a unha mobilidade rápida, á absorción dos grandes volumes de tráfico e ao incremento da seguridade». Desta maneira, o *Programa de Autopistas Nacionales Españolas*, aprobado en 1967, recolleu por primeira vez «a intención de construír unha vía de alta capacidade de peaxe en Galicia» (Alonso e Pazos, 2002, p. 11).

Como veremos, a materialización deste proxecto —e máis concretamente o trazado desta autoestrada— gardará estreita relación coa dirección dos movementos migratorios que terán lugar no interior de Galicia a partir dos anos oitenta.

6.1.3.4 Estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia no período 1960-1970 pode observarse na figura 6.3, elaborada a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes (INE). A forma da gráfica correspondente a 1970 mostra a progresiva tendencia á homoxeneización no número relativo de persoas nos grupos de idade infantil e xuvenil, algo característico nas pirámides de tipo estacionario. Aínda que se aprecian disimetrías importantes nas porcentaxes de poboación de ambos sexos na cúspide da pirámide debido á maior esperanza de vida das mulleres, en xeral, as desigualdades entre sexos que se observaban nas primeiras etapas do século fóronse diluíndo lentamente no transcurso do tempo.



(a) Galicia, 1960



(b) Galicia, 1970

Figura 6.3. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (1960-1970).
Fonte: elaboración propia a partir do INE.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, no ano 1970 a proporción de feminidade descendeu lixeiramente con respecto ao ano 1960 (52,6 % no ano 1960 e 51,8 % no ano 1970), á vez que o valor do índice de masculinidade pasou do 90,1 % ao 93,0 % (anos

1960 e 1970, respectivamente). Dende o ano 1900, obsérvase que os valores superiores a 100 —normais nas grupos de idade máis novos debido ao maior número de nacementos de nenos— tenden a estenderse paulatinamente a un maior número de grupos quinquenais de idade, pero sen chegar a mostrar en ningún caso valores demasiado elevados. Así, se no ano 1900 as franxas de idade que presentaban índices de masculinidade con valores superiores a 100 eran a de 0-4 anos e a de 5-9 anos, no ano 1930 había que engadir tamén o grupo de 10-14 anos. A estas franxas de idade sumábase tamén a de 15-19 anos no ano 1960, mentres que a todos estes grupos de idade mencionados había que engadir no ano 1970 o de 20-24 anos e o de 25-29 anos. A progresiva maior existencia de homes que de mulleres nos grupos de idade de persoas adolescentes e adultas mozas, está asociada ao progresivo descenso das taxas de mortalidade infantil e xuvenil (J. Hernández e A. López, 2003). Ademais, ao igual que aconteceu na etapa anterior, os valores do índice de masculinidade incrementáronse en todos os grupos de idade menores de 75 anos, con valores que oscilaron entre o 106,2 % (na franxa de 20 a 24 anos) e o 66,8 % (na franxa de 70 a 74 anos). A partir dos 75 anos, os valores descenderon progresivamente ata acadar o valor máis baixo no grupo de idade máis lonxevo (46,6 % no grupo de 85 e máis anos).

En canto á composición por idade da poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos, que durante esta etapa mantivo invariable o seu peso porcentual sobre o total da poboación (64,4 % nos anos 1960 e 1970). Seguiulle o grupo de idade de 0 a 14 anos (26,7 % no ano 1960 e 24,5 % no 1970) e o de 65 anos e máis (8,9 % e 11,1 % nos anos 1960 e 1970, respectivamente). Como vemos, no transcurso desta década a proporción de persoas maiores incrementouse levemente de forma parella ao descenso do proporción de poboación moza, aumentando así o índice de envellecemento (33,4 % no 1960 e 45,4 % no 1970) e descendendo o índice de xuventude (299,3 % e 220,1 % nos anos 1960 e 1970, respectivamente). Son varios os estudosos que converxeron en apuntar que cando máis do 10 % dos efectivos demográficos dunha poboación teñen 65 e máis anos, a poboación está envellecida (J. Hernández, 1996; Weeks, 1984). De acordo con este dato, no ano 1970 podíase afirmar que a poboación galega era unha poboación claramente envellecida, posto que nesa data a porcentaxe de persoas de 65 anos e máis xa superaba o limiar do 10 %.

Por último, cómpre sinalar que durante esta etapa as diferenzas interprovinciais nas pautas demográficas e na estrutura da poboación fixéronse máis evidentes. Se ben a nivel galego no ano 1960 non podía afirmarse que poboación estaba —en termos teóricos— envellecida, a emigración das décadas precedentes deixouse sentir especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, onde as porcentaxes de poboación de 65 anos e máis xa superaban o 10 % no ano 1960 (10,2 % en Lugo e 10,3 % en Ourense). Nese ano, o índice de envellecemento nas provincias orientais tomou valores do 43,5 % en Lugo e 41,6 % en Ourense, pero no ano 1970 os valores do indicador xa ascenderan ao 66,4 % en Lugo e ao 58,7 % en Ourense. Pola contra, nas provincias occidentais os valores do índice de envellecemento no ano 1970 non superaron o 43 % (42,2 % na Coruña e 34,9 % en Pontevedra).

6.1.4 Período de 1970 a 1981

6.1.4.1 Evolución e distribución espacial da poboación

A evolución demográfica de Galicia nesta etapa estivo determinada, en gran parte, pola crise do petróleo de 1973. Isto debeuse a que algúns países europeos restrinxiron a entrada de inmigrantes mediante o peche das súas fronteiras, como consecuencia da crise. Ademais, moitas

persoas emigrantes víronse tamén obrigadas a volver a Galicia, debido ás dificultades laborais, económicas e administrativas ás que se enfrontaron nos países de destino. Este fenómeno do retorno de emigrantes foi un dos principais responsables do aumento da poboación neste período, favorecendo, á súa vez, o impulso do sector da construción nas cidades e nas vilas. Por outra parte —e como veu sucedendo dende comezos de século—, a natalidade continuou en descenso, mentres que a mortalidade aumentou de forma xeneralizada en toda Galicia coa excepción da provincia de Pontevedra, onde continuou descendendo. Pois, ao presentar uns saldos migratorios negativos inferiores aos das outras provincias, a estrutura por idade da súa poboación mantívose máis nova e atrasou o proceso de avellentamento. Con todo, o saldo vexetativo a nivel galego foi positivo, polo que tamén foi un factor que contribuíu ao crecemento demográfico de Galicia nesta etapa. Mais hai que destacar que este crecemento da poboación do 5,1 % (2.676.403 habitantes no ano 1970 e 2.811.912 no 1981) podería ter sido maior de non ser polas importantes correntes emigratorias que se produciron cara ás zonas máis desenvolvidas de España, principalmente con destino a Cataluña, a Madrid ao País Vasco (Aldrey, 2006; J. Hernández, 1992; IGE). De acordo cos datos dos Censos de poboación (IGE) e a diferenza do ocorrido na etapa anterior, no ano 1981 a provincia da Coruña conseguiu incrementar novamente os seus efectivos demográficos con respecto ao ano 1970, aínda que nunha porcentaxe moito máis modesta que a da provincia de Pontevedra (6,1 % na Coruña e 13,0 % en Pontevedra). Así mesmo, como veu ocorrendo dende hai décadas, Lugo e Ourense mostraron unha variación demográfica negativa, pero con caídas de poboación moito menos acusadas, sen chegar a superar o 5 % en valores negativos (-4,2 % en Lugo -2,5 % en Ourense). Como consecuencia, o peso demográfico porcentual das provincias occidentais sobre a poboación total de Galicia experimentou, de novo, un leve crecemento (67,7 % no ano 1970 e 70,3 % no 1981). En termos relativos, a situación de maior equilibrio demográfico entre as provincias occidentais e as provincias orientais observouse a inicios do século, pero ese relativo equilibrio foise diluíndo no transcurso das primeiras oito décadas da centuria, de maneira que a porcentaxe de poboación residente en Lugo e Ourense representaba no ano 1981 o 29,7 % da poboación total de Galicia, é dicir, 13,5 puntos porcentuais menos que no ano 1900.

Tal e como indican os datos dos Censos de poboación (INE), a pesares de que a estas alturas do século a poboación rural seguía sendo maioritaria en Galicia (73,0 % no ano 1970 e 68,2 % no 1981), cómpre destacar que a nivel intraprovincial o volume de poboación urbana non deixou de medrar. Os sete municipios urbanos presentaron variacións demográficas positivas no período 1970-1981, destacando principalmente os incrementos de poboación de Ourense (29,0 %), Santiago de Compostela (26,3 %), A Coruña (22,3 %) e Pontevedra (22,1 %). Vigo seguiu sendo o municipio que experimentou o maior aumento de efectivos demográficos, mais hai que salientar a atenuación do ritmo anual medio de crecemento demográfico de Ferrol e Vigo, con respecto ás décadas anteriores (0,8 % Ferrol e 2,5 % Vigo). Con todo, en termos absolutos, Vigo mantivo a súa posición de concello máis poboado de Galicia con 261.331 habitantes, seguíndolle A Coruña (231.721 habitantes), Ourense (94.346 habitantes), Ferrol e Santiago (87.691 e 82.404 habitantes, respectivamente), Lugo (72.574 habitantes) e Pontevedra (64.184 habitantes). Como vemos, por primeira vez en todo o século, dous concellos galegos superaron os 200.000 habitantes. En conxunto, nesta etapa, o volume de poboación urbana de Galicia incrementouse nun 23,7 % (171.194 persoas), ao pasar dos 723.057 habitantes no ano 1970 aos 894.251 habitantes no ano 1981.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.4.2 Movemento natural da poboación

Dende mediados da década dos anos setenta e ata o final do século, un dos aspectos máis destacados da dinámica demográfica de Galicia foi a brusca caída dos niveis de fecundidade e natalidade. E é que, se ben o afundimento da fecundidade ocorreu máis tardiamente en España que na maioría dos países desenvolvidos, en Galicia ese fenómeno aínda se iniciou cun par de anos máis de atraso con respecto a España (IGE, 1996 e 2004). Nos primeiros anos da década de 1970, o número de nacementos incrementouse moi levemente en comparación coa cifra rexistrada no ano 1970 e acadou o valor máximo desta etapa no ano 1976, con 44.840 nacementos (Beiras e A. López, 1999). Segundo os indicadores de fecundidade publicados polo IGE, a taxa anual media de natalidade continuou descendendo ata o situarse no 16,05 ‰ durante o decenio de 1971-1980, mentres que o índice sintético de fecundidade reduciuse en case medio punto ao pasar do valor de 2,32 rexistrado no ano 1975 ao 1,91 no 1981[18]. Neste contexto, o ano 1979 constitúe un antes e un despois na evolución deste último indicador en Galicia, ao ser o último ano no que o número medio de fillos por muller superou o nivel de substitución, cun valor de 2,17. As diferenzas nos niveis de natalidade entre as provincias foron máximas nos anos comprendidos entre o 1971 e o 1980, apreciándose unha variación de case oito puntos entre os valores da provincia de Pontevedra e a de Lugo, sendo esta última a máis afectada de todas (Beiras e A. López, 1999). Entre os anos 1976 e 1981, as áreas xeográficas que presentaron as taxas de natalidade máis elevadas «eran fundamentalmente o tercio galego, en especial toda a costa ó sur de Ferrol máis os concellos inmediatos á mesma, así como a área de Santiago, as capitais orientais e os concellos de Viveiro, Cervo e Foz na Mariña lucense». No outro extremo, os valores máis baixos da taxa de natalidade rexistráronse «no sur e leste da provincia de Lugo, en gran parte da provincia de Ourense e nalgúns concellos coruñeses e pontevedreses situados na Dorsal Meridiana» (Aldrey, 2006, p. 51).

Na década dos anos setenta a mortalidade continuou relativamente estancada, pero con valores lixeiramente máis elevados que os do decenio anterior (23.802 defuncións no ano 1970 e 25.398 no ano 1981). Como veu ocorrendo dende 1950 —e ata o final do século— a taxa anual media de mortalidade de Galicia foi superior á do conxunto español (9,53 ‰ en Galicia e 8,21 ‰ en España no decenio 1971-1980). Nun contexto caracterizado pola ausencia de mortalidade catastrófica vinculada a epidemias, guerras ou fames, o incremento da mortalidade galega nesta etapa debeuse fundamentalmente ao envellecemento da poboación (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; IGE, 1996). En efecto, a maior mortalidade galega con respecto á media estatal durante esta etapa foi consecuencia da existencia dunha estrutura por idades máis envellecida en Galicia, mais houbo outro factor destacable que contribuíu a esas cifras. E é que, a xulgar polas maiores esperanzas de vida que se deron a nivel estatal ao longo do período 1970-1991, dedúcese que «as condicións da mortalidade evolucionaron na Comunidade Autónoma menos favorablemente ca no conxunto de España»[19] (IGE, 1996, p. 18). En xeral, a estrutura

[18]Os datos do índice sintético de fecundidade para Galicia e as provincias poden consultarse no anexo B, mentres que a representación gráfica da súa evolución pode consultarse na sección 6.2.2 deste mesmo capítulo (gráfica 6.10). Os datos do índice sintético de fecundidade soamente están dispoñibles para o ano 1975 e posteriores. Segundo o IGE (1996) «só cando se conta con estatísticas de nacementos por idade da nai poden estimarse indicadores de fecundidade». No caso de Galicia, «dispúxose deles desde 1975 e, en consecuencia, con anterioridade a esta data os comentarios deben referirse á natalidade de Galicia, pero non á fecundidade» (p. 39).

[19]No período 1970-1991, «a menor esperanza de vida dos galegos debíase fundamentalmente a uns riscos de morrer lixeiramente máis elevados na infancia e nas primeiras etapas do ciclo vital» (IGE, 2004, p. 23). Isto pode deducirse facilmente da comparación entre os valores da esperanza de vida en Galicia e en España, xa que este

por idades da mortalidade nesa época respondía «ó modelo propio das poboacións desenvolvidas do mundo occidental», sen diferir excesivamente da mortalidade por idade que presentaba o conxunto español (IGE, 1996, p. 19). A nivel provincial, o incremento da taxa de mortalidade produciuse de forma xeneralizada, salvo no caso de Pontevedra. Pois, como esta provincia tiña unha estrutura demográfica máis nova, na década de 1971-1980 o valor do indicador continuou en descenso e mantívose nuns niveis parecidos aos da media estatal. No segundo lustro da década dos anos setenta, «as provincias de Pontevedra e A Coruña mostraban uns índices de mortalidade municipal bastante baixos e só algúns concellos situados nas estribacións da Dorsal Meridiana acadaban cifras máis elevadas». A situación era bastante diferente nas provincias orientais, xa que Lugo e Ourense «xa mostraban claros signos da situación que se aveciñaba», porque estas provincias «contaban cun número notable de entidades municipais que presentaban índices de mortalidade elevados ou moderadamente elevados, especialmente no norte e norleste de Ourense, na área raiana con Lugo que se corresponde co cañón do Sil» (Aldrey, 2006, p. 54).

Con este pano de fondo, o crecemento vexetativo continuou descendendo en Galicia, tanto en termos absolutos (18.887 persoas en 1970 e 10.902 persoas en 1981) como en termos relativos (6,8 ‰ no decenio 1971-1980) (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). A esta altura do século, soamente se rexistraran saldos naturais negativos a nivel provincial en dous momentos puntuais: nos anos 1918 e 1939. Porén, «nos anos setenta a regresión demográfica larvada é xa evidente» (Beiras e A. López, 1999, p. 158). Lugo foi a primeira provincia galega en presentar valores negativos no saldo natural, sostendo unha tendencia negativa iniciada en 1975 (-224 persoas) que non deixou de aumentar ata o final da centuria. Ourense seguiría unha traxectoria similar, pero atrasou a aparición dos valores negativos no seu crecemento vexetativo ata o ano 1980 (-96 persoas). Pola súa parte, as provincias occidentais continuaron mostrando saldos naturais positivos durante esta etapa, con taxas de crecemento superiores ás da media galega pero lixeiramente inferiores ás da etapa anterior (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). A diferenza relativa entre o crecemento das provincias occidentais e orientais foi máxima nesta etapa (8,2 ‰ na Coruña, 0,1 ‰ en Lugo, 0,9 ‰ en Ourense e 10,8 ‰ en Pontevedra no decenio 1971-1980) (Aldrey, 2006).

6.1.4.3 Movementos migratorios

A evolución demográfica de Galicia nesta etapa estivo determinada, en gran parte, pola crise do petróleo de 1973 e a evolución da corrente migratoria. Como consecuencia desta crise económica mundial, algúns países europeos restrinxiron a entrada de inmigrantes mediante o peche das súas fronteiras, pechando, por conseguinte, unha parte importante do mercado laboral europeo (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007; IGE, 1996; Precedo e Villarino, 1994). Para facernos unha idea do impacto que tiveron as consecuencias desta crise na emigración galega continental, abonda con sinalar que «o 80 % do total de emigrantes galegos a Europa entre 1961 e 1980, emigrou antes de 1973» (González et al., 1992, p. 20). Polo tanto, «asistimos por vez primeira na moderna historia de Galiza a unha seca da fonte emigratoria exterior non provocada por causas tan dramáticas como as guerras (mundiais ou civil española) ou un cataclismo económico da orde da Gran Depresión» (Beiras e A. López, 1999, pp. 200-201). Este acontecemento viuse reflectido nas descendentes cifras de emigración

indicador «acumula a experiencia en mortalidade de tódalas idades posteriores á idade exacta de referencia» (IGE, 1996, p. 22). Neste sentido, convén lembrar que «existe unha correlación clara entre nível de desenvolvemento e esperanza media de vida ao nacer» (Beiras e A. López, 1999, p. 124).

habidas ao longo desta década: das 28.039 emigracións rexistradas no ano 1973, descendeuse ás 18.575 emigracións producidas no ano 1974 e ás 8.001 do ano 1975. Dende esta data e ata o final da década, as emigracións oscilaron en torno a un máximo de 8.000 e un mínimo de 5.000 emigracións anuais (Aldrey, 2006). Nalgúns países, como por exemplo Alemaña, o descenso no número de inmigrantes galegos foi extraordinario, rexistrándose no ano 1975 unha cifra total —oficial— de 18 persoas (González et al., 1992). De acordo con Beiras e A. López (1999), «este esmorecemento da emigración exterior é consecuencia, primeiro, da crise económica mundial, e segundo da suba do nivel de vida e das prestacións do (cativo) estado de benestar» (p. 201). Porén, como o factor do declive da corrente migratoria a Europa foi a conxuntura económica, a emigración (potencial) tornouse en paro. Todo isto coincidiu co declive final da emigración a América, xa que a tendencia ao descenso iniciada a partir de 1959 rematou practicamente co peche desa corrente dende os anos setenta. Entre as causas que deron lugar ao fin da etapa da emigración transoceánica sinaláronse o progresivo deterioro das economías dos países de destino no continente americano, a crecente inestabilidade política e social instalada en ditos países e a maior proximidade xeográfica dos países de destino en Europa (Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007). Así as cousas, moitas persoas emigradas víronse obrigadas a volver a Galicia, debido ás dificultades laborais, económicas e administrativas ás que se enfrontaron nos países de destino (Aldrey, 2006; IGE, 1996). Estes retornos contribuíron a incrementar os desequilibrios internos en Galicia, xa que en moitas ocasións non tiveron como lugar de destino os seus municipios de orixe, senón «os centros industriais e terciarios da costa atlántica ou as capitais do interior» (IGE, 1996, p. 60). Ademais, este fenómeno do retorno de emigrantes foi un dos principais responsables do aumento da poboación neste período, favorecendo, á súa vez, o impulso do sector da construción nas cidades e nas vilas galegas (Aldrey, 2006; X. Fernández e E. López, 2013; J. Hernández, 1992; Rodríguez, 1999). Mais non será ata comezos da década de 1980 cando a diferenza entre as saídas de galegos cara ao exterior e as chegadas de persoas —principalmente retornadas— adquira un valor positivo (Aldrey, 2006).

Polo tanto, a partir de finais dos anos setenta, o fenómeno migratorio clásico «interrómpese en canto ás súas características masivas e perfís tradicionais». Os movementos migratorios continúan, mais agora «diríxense cara ao resto da Península e, dunha maneira notable, no propio seo do territorio galego, dende o interior á costa» (Míguez, 2011, p. 231). A partir do ano 1975 e ata finais dos anos oitenta preto do 80 % dos desprazamentos tiveron como destino outras áreas do Estado ou de Galicia, pero dende 1970 a taxa de emigración no interior de Galicia sempre foi superior á taxa de emigración ao resto de España, apreciándose valores progresivamente máis dispares entre ambas. No que respecta a esta etapa concreta que estamos a analizar, cómpre destacar o relativo equilibrio que se produciu no período 1971-1981 entre a taxa media total de emigración interior (5,02 ‰, sendo o valor do indicador de 2,96 ‰ para a emigración dentro de Galicia e de 2,06 ‰ para a emigración ao resto de España) e a taxa de emigración cara ao estranxeiro (5,56 ‰). En conxunto, aínda que o saldo migratorio foi negativo, presentou o menor valor negativo de todo o século (-3.871 persoas) e foi o último saldo negativo da centuria (Aldrey, 2006). Polo seu dinamismo económico e proximidade xeográfica, os destinos preferentes da emigración galega ao resto de España foron o País Vasco, Barcelona, Madrid, Asturias e León, mentres que a emigración no interior de Galicia dirixiuse aos principais enclaves industriais, é dicir, a Vigo, á Coruña e a Ferrol (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; J. Hernández, 2001 e 2007; IGE, 1996).

Con ese pano de fondo, en Galicia foise conformando un modelo desequilibrado de distribución

espacial da poboación, caracterizado por movementos migratorios dende o interior á costa. Por conseguinte, as provincias occidentais presentaron un maior dinamismo a nivel demográfico con respecto ás provincias do interior. Nestas últimas, observouse tamén unha tendencia á concentración da poboación ao redor das capitais provincias, é dicir, ao redor das cidades de Lugo e Ourense. Mentres tanto, nas áreas rurais das catro provinciais, pero en maior medida nas orientais, foise facendo máis visible o envellecemento da poboación e o abandono rural (Míguez, 2011). Como xa comentamos, a porcentaxe de poboación ocupada na agricultura descendeu de forma moi significativa dende os anos sesenta (61,7 % no ano 1960 fronte ao 39 % no ano 1975), á vez que aumentou notablemente a poboación ocupada na construción (4,8 % no ano 1960 e 11,9 % no ano 1975) e nos servizos (15,4 % no ano 1960 e 28,6 % no ano 1975). Nesta sétima década do século XX destacou tamén a crise que atravesaron algúns sectores industriais tradicionais, como a industria naval, froito do proceso de reconversión iniciado a comezos deste decenio. Foi neste contexto, no que a multinacional francesa Citröen —establecida en Vigo no ano 1957— conseguiu superar a ASTANO e a Bazán en número de traballadores ocupados, converténdose, así, na primeira empresa de Galicia en canto a volume de emprego, con 6.800 traballadores no ano 1975 (Carmona e A. Fernández, 2005; Míguez, 2011).

Finalmente, a idea de construír unha vía de alta capacidade en Galicia tomou impulso nesta etapa. No ano 1972 promulgouse a *Ley de Autopistas*, da que derivou o *Plan Nacional de Autopistas de Peaje*, onde figuraba a construción da *Autoestrada do Atlántico* (Alonso e Pazos, 2002; Dalda e Viña, 1997). Seguindo os principios da teoría da difusión económica, «a decisión da construción da Autoestrada do Atlántico partiu da necesidade de formar un eixe de desenvolvemento, conectando entre si estes polos de desenvolvemento e os espazos intermedios e próximos» (Pazos, 2003, p. 97). A autoestrada conectaría as cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo e chegaría ata Tui, vertebrando un eixe urbano lineal duns 175 km de lonxitude. Coa creación desta vía de transporte, pretendíase que o crecemento económico da Coruña e Vigo se propagase ao resto de cidades e vilas do litoral galego, grazas ás melloras que supoñería en canto á accesibilidade e á mobilidade de persoas e mercadorías entre os diferentes asentamentos que integran o eixe espacial (Pazos, 2003). Así pois, as obras da construción da Autoestrada do Atlántico (AP-9) iniciáronse a finais do ano 1973 e previase a súa completa finalización no ano 1982, aínda que os prazos non se cumpriron. Na etapa que nos ocupa, abríronse ao tráfico o subtramo Cecebre-A Barcala (1979), o tramo Cecebre-Santiago Norte (1979) e o subtramo Guísamo-Cecebre (1980) (Dalda e Viña, 1997). A partir de agora, os movementos migratorios no interior de Galicia e máis os desequilibrios na distribución espacial da poboación deberán ser explicados considerando o trazado desta autoestrada.

6.1.4.4 Estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia no período 1970-1981 pode observarse na figura 6.4, elaborada a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes (INE). Tanto a gráfica correspondente ao ano 1970 como a correspondente ao ano 1981, reflicten as características propias de pirámides de tipo estacionario, ao apreciarse unha certa homoxeneización no tamaño dos grupos de idade que conforman a base e máis a zona central da pirámide. Porén, na pirámide de poboación do ano 1981 percíbese unha cúspide máis redondeada no sexo masculino, un aspecto que garda relación co incremento da esperanza de vida nos homes, en comparación co ano 1970.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, a proporción de feminidade mantívose



(a) Galicia, 1970



(b) Galicia, 1981

Figura 6.4. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (1970-1981).
Fonte: elaboración propia a partir do INE.

practicamente invariable durante esta etapa (51,8 % no ano 1970 e 51,6 % no ano 1981). Consecuentemente, o incremento do valor do índice de masculinidade tamén foi cativo, ao pasar do 93,0 % no ano 1970 ao 93,9 % no ano 1981. Seguindo a tendencia descrita no apartado homónimo da etapa anterior, no ano 1981 os valores do índice de masculinidade superiores a 100 estendéronse a máis grupos quinquenais de idade, concretamente a todos os comprendidos entre os 0 e os 39 anos, sen chegar a superar o valor de 105,5 % rexistrado na franxa de idade de 25 a 29 anos. En xeral, e de forma similar ao que aconteceu nas etapas anteriores, os valores deste indicador incrementáronse na práctica totalidade dos grupos de idade menores de 85 anos, con valores que oscilaron entre o 105,5 % (na franxa de idade de 25 a 29 anos) e o 52,4 % (na franxa de idade de 80 a 84 anos). No grupo de idade de 85 e máis anos, o índice de masculinidade descendeu ao 40,5 %.

En canto á composición por idade da poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos (64,4 % no ano 1970 e 63,1 % no ano 1981), seguido do de 0 a 14 anos (24,5 % no ano 1970 e 23,4 % no 1981) e do de 65 anos e máis (11,1 % e 13,4 % nos anos 1970 e 1981, respectivamente). Hai que destacar que mentres que na etapa anterior o grupo de idade de 65 e máis anos incrementou o seu peso relativo a expensas do grupo de idade menor de 15 anos, nesta etapa o grupo de idade de 65 e máis anos incrementou o seu peso porcentual na

medida en que se reduciron os dous grandes grupos de poboación menor de 65 anos. Este feito reflicte o continuo e progresivo proceso de envellecemento no que está inmersa a poboación galega nesta altura do século, xa que no ano 1981 o valor do índice de envellecemento era doce puntos porcentuais superior ao do ano 1970 (45,4 % e 57,4 %, respectivamente). Ademais, como consecuencia do paulatino incremento da esperanza de vida que se produciu ao longo do século, o índice de sobreenvellecemento tamén aumentou (4,4 % no ano 1900; 4,9 % no ano 1930; 6,4 % no ano 1970; e 6,6 % no ano 1981). Por conseguinte, o índice de xuventude descendeu tamén de forma significativa durante esta etapa, pasando do 220,1 % no ano 1970 ao 174,3 % no ano 1981.

Finalmente, a nivel provincial, a estrutura por idade da poboación de Lugo e Ourense continuou envellecéndose de forma moito máis acelerada que a das provincias occidentais, seguindo a tendencia das etapas anteriores. Novamente, no ano 1981 Lugo foi a provincia que mostrou o maior índice de envellecemento (98,0 %), seguíndolle a unha distancia cada vez maior a provincia de Ourense (82,6 %). Pola contra, o valor do índice de envellecemento da provincia de Pontevedra (41,2 %) foi máis do duplo inferior ao valor rexistrado en Lugo e 11,2 puntos porcentuais inferior ao da provincia da Coruña (52,4 %). En calquera caso, é destacable o feito de que no ano 1981 todas as provincias galegas tiñan as súas poboacións envellecidas, incluíndo Pontevedra, que foi a única na que a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos non superara a barreira do 10 % no ano 1970.

6.1.5 Período de 1981 ao 2000

6.1.5.1 Evolución e distribución espacial da poboación

Como consecuencia do crecemento demográfico da etapa anterior, no Censo de poboación (IGE) do ano 1981 rexistrouse a cifra de habitantes máis elevada de todo o século XX, ao contabilizarse un total de 2.811.912 efectivos demográficos. Non obstante, nestas dúas últimas décadas do século pasado produciuse un descenso demográfico do 4,1 %, finalizando esta etapa cunha poboación de 2.695.880 habitantes. Dado que o retorno de emigrantes minguou, a poboación diminuíu. Pois a natalidade continuou descendendo e a mortalidade seguiu medrando debido ao avellentamento da poboación, polo que o saldo vexetativo galego —ao igual que o das provincias da Coruña e Pontevedra— pasou a cifras negativas no último decenio do século XX. Pola contra, as provincias orientais presentaron xa un saldo vexetativo negativo na etapa anterior (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). En comparación coa década dos anos setenta, o declive demográfico acentuouse especialmente en Ourense, que perdeu 91.713 habitantes (-21,3 %) a un ritmo medio anual do -1,2 %. A variación da poboación tamén foi negativa na provincia de Lugo (-11,8 %) pero o ritmo medio anual de decrecemento foi bastante parecido ao da etapa anterior (-0,4 % no período 1970-1981 e -0,6 % no período 1981-2001). É evidente, polo tanto, que o peso porcentual da poboación das provincias orientais no conxunto de Galicia diminuíu aínda máis no intervalo desta etapa, pasando de representar o 29,7 % da poboación galega no ano 1981, ao 25,8 % no ano 2001. Nese último ano, as provincias occidentais viron incrementados o volume dos seus efectivos demográficos en case 4 puntos porcentuais (70,3 % no ano 1981 e 74,2 % no 2001) (IGE).

Polo que se refire á poboación residente nos municipios das sete cidades, os datos dos Censos de poboación (INE) indican que a poboación urbana incrementouse nun 8,9 % durante esta última etapa do século, pasando dun total de 894.251 habitantes no ano 1981 a 974.260 habi-

tantes no 2001. Coa excepción de Ferrol, o resto dos municipios urbanos presentaron variacións demográficas positivas, aínda que con valores moi inferiores aos rexistrados na etapa anterior. Pois mentres que na década dos anos setenta as porcentaxes de variación da poboación nestes sete municipios oscilaron entre o 9,3 % (Ferrol) e o 29,0 % (Ourense), nas dúas últimas décadas do século XX as variacións demográficas positivas rexistradas nos seis concellos que medraron movéronse en valores comprendidos entre o 3,3 % (A Coruña) e o 22,5 % (Lugo). As taxas de crecemento anuais destes concellos tamén se reduciron de forma notable, situándose todas en valores inferiores ao 1 %, salvo Lugo (1,0 %). Resulta especialmente rechamante o descenso no ritmo de crecemento da poboación que experimentou Vigo nestas décadas, xa que pasou de mostrar un ritmo medio anual do 2,5 % no período 1970-1981 a un ritmo medio anual do 0,5 % no período 1981-2001. En termos absolutos, o municipio de Vigo afianzou aínda máis a súa posición de municipio máis poboado de Galicia, adquirida no ano 1970. Pois, nos inicios do século XXI, Vigo e A Coruña xa excedían amplamente os 230.000 habitantes (239.439 A Coruña e 287.282 Vigo), Ourense superaba os 100.000 habitantes (109.051) e os restantes municipios non descendían dos 75.000 habitantes (93.381 Santiago, 88.901 Lugo, 80.347 Ferrol e 75.864 Pontevedra). O caso de Ferrol destaca por mostrar unha variación negativa cun valor bastante próximo ao da variación positiva que rexistrara na etapa anterior (9,3 % no período 1970-1981 e -8,4 % no período 1981-2001), polo que no ano 2001 tiña practicamente o mesmo número de habitantes que no ano 1970 (80.194 habitantes no 1970 e 80.347 habitantes no ano 2001). Con este pano de fondo, as porcentaxes de poboación urbana sobre o total de cada provincia continuaron en aumento, e, por conseguinte, a poboación residente nos sete grandes municipios representaba o 36,1 % do total da poboación de Galicia no ano 2001. Non obstante, como veremos nas seguintes páxinas, co desenvolvemento urbano que tivo lugar dende as últimas décadas do século XX en torno ao eixo Atlántico, non debemos catalogar o conxunto da poboación residente nos municipios non urbanos de Galicia —é dicir, en todos aqueles que non sexan os das sete grandes cidades— como *poboación rural*.

6.1.5.2 Movemento natural da poboación

A rápida e acentuada caída do índice sintético de fecundidade, iniciada a mediados da década dos anos setenta, situou a Galicia entre as poboacións con menor fecundidade a nivel mundial (IGE, 1996). De acordo coas cifras de nacementos e cos indicadores de fecundidade publicados polo IGE, nos vinte anos que comprende esta última etapa do século XX, o índice sintético de fecundidade reduciu o seu valor á metade (1,91 no ano 1981 e 0,95 no ano 2001). Aínda que este descenso foi continuado ata o ano 1996, logo dun breve período de estancamento, mostrou unha leve remontada nos dous últimos anos desta etapa. A combinación entre os factores que propiciaron a caída da fecundidade —tanto no contexto español coma noutros países— e a forte e continua emigración galega, derivou na existencia duns índices de natalidade extremadamente baixos. O número de nacementos volveu a bater récords pola continuación da súa tendencia decrecente, ao descender —por primeira vez no século— dos 30.000 nacementos anuais no ano 1985 e dos 20.000 no ano 1994. Así pois, o número de nacementos contabilizados no ano 2001 (19.361) foi case a metade dos rexistrados no ano 1981 (36.300), finalizando esta etapa cunha taxa bruta de natalidade do 7,18 ‰ (Beiras e A. López, 1999; IGE). A forte e continuada emigración e máis o espectacular declive da fecundidade repercutiron no envellecemento da poboación galega, fenómeno que agora tamén contribúe a retroalimentar a baixa natalidade (Beiras e A. López, 1999; Precedo e Villarino, 1994). Beiras e A. López (1999) observaron que durante os dous primeiros terzos do século a natalidade galega gardou unha relación inversa

coa emigración, de maneira que o auxe desta coincidiu cun descenso da natalidade, e viceversa. Non obstante, como no último terzo do século XX a baixa ou nula emigración conviviu coa baixa natalidade, os autores argumentaron que os valores da natalidade descritos anteriormente estaban vinculados tanto a un fenómeno cultural de magnitude mundial, como tamén ao esgotamento da demografía galega, «que xa non pode aturar esa ferida que no seu tecido social supuxo a perda de medio millón de persoas nos anos cincuenta e sesenta»[20] (p. 127). Así as cousas, resulta lóxico que nesta etapa os menores descensos da natalidade tivesen lugar nas provincias de Lugo e Ourense, debido a que xa partían de taxas moi baixas asociadas tamén á maior intensidade do fenómeno migratorio. Pola contra, as provincias da Coruña e Pontevedra, ao partir de situacións menos desfavorables, a caída da natalidade foi máis brusca nos últimos decenios do século. Con todo, cómpre destacar a relativa converxencia que acadaron as catro provincias nos seus respectivos índices de natalidade nesta última etapa, apreciándose unha tendencia clara á homoxeneización no comportamento da natalidade a nivel provincial (Beiras e A. López, 1999; Precedo e Villarino, 1994).

A comezos da década dos anos noventa morría en Galicia «algo máis da metade da xente que morría a comezos de século e iso a pesar de que a poboación medrou nun 37 % nestas nove décadas» (Beiras e A. López, 1999, p. 146). Trátase dun extraordinario avance no retroceso da mortalidade, estreitamente vinculado á adopción de melloras hixiénico-sanitarias e alimentarias. Non obstante, o dobre impacto da emigración e do avellentamento demográfico repercutiron no incremento da mortalidade producido nas dúas últimas décadas da centuria (Beiras e A. López, 1999; Precedo e Villarino, 1994), tal e como reflicten as cifras de defuncións e os indicadores de mortalidade publicados polo IGE e polo INE. En cifras absolutas, nos anos 1981 e 2001 contabilizáronse 25.398 e 28.300 defuncións —respectivamente—, que en termos relativos traducíronse en taxas de mortalidade do 8,96 ‰ no ano 1981 e do 10,49 ‰ no 2001. Ao contrario do que aconteceu coa natalidade, as diferenzas interprovinciais nas taxas de mortalidade foron acusadas, debido a que o maior envellecemento demográfico de Lugo e Ourense orixinou un distanciamento crecente entre o comportamento demográfico das provincias orientais e das occidentais dende mediados do século. Así, mentres que no ano 1981 a diferenza entre os valores da taxa de mortalidade de Lugo e Pontevedra era de 3,47 puntos (11,47 ‰ en Lugo e 8,00 ‰ en Pontevedra), no ano 2001 a diferenza ascendía a 4,96 puntos (13,65 ‰ en Lugo e 8,69 ‰ en Pontevedra) (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; IGE). De forma paralela ao aumento xeneralizado dos niveis de mortalidade en Galicia, e coincidindo coa tendencia xeral dos países occidentais, produciuse unha elevación da esperanza de vida, que no transcurso do século pasou «dos trinta e tantos a case os oitenta anos» (Beiras e A. López, 1999, p. 152). Este proceso non afectou con igual intensidade a ambos sexos, xa que favoreceu en maior medida ás mulleres. Nas dúas últimas décadas, a esperanza de vida ao nacer incrementouse ao redor de 4 anos nos homes e 5 anos nas mulleres, acadando no ano 2000 esperanzas medias de vida ao nacer de 75,84 anos e 83,15 anos, respectivamente. Como os niveis de mortalidade na infancia e na adolescencia son baixos, as maiores ganancias na esperanza de vida recaen —cada vez máis— nas idades avanzadas, o que inevitablemente repercute na estrutura por sexo da poboación nas idades máis altas. Aínda que ao longo do período 1970-1991 a esperanza de vida da poboación galega foi inferior á media estatal, nos últimos anos da década de 1990 a situación de Galicia mellorou no contexto español. Pois no ano 2000 as esperanzas de vida ao nacer en Galicia e

[20] En palabras destes investigadores, a emigración deprime a natalidade, polo menos de dúas formas: «emigra fundamentalmente a xente moza, polo que obviamente non pode procrear no país de orixe e causa, ademais, un envelecemento da poboación» (Beiras e A. López, 1999, p. 142).

España foron bastante similares, aínda que lixeiramente inferiores en Galicia no caso da esperanza de vida ao nacer para ambos sexos (79,34 anos en España e 79,54 anos en Galicia) e para o sexo masculino (75,93 anos en España e 75,84 anos en Galicia), sendo superior á media estatal a esperanza de vida ao nacer no sexo feminino (82,73 anos en España e 83,15 anos en Galicia). Un factor fundamental que posibilitou esta converxencia da esperanza de vida ao nacer da poboación galega cos niveis estatais foi a redución da mortalidade infantil, cuxa taxa descendeu máis de 19 puntos durante o último cuarto do século, ao pasar do 23,60 ‰ no ano 1975 ao 4,17 ‰ no ano 2000 (IGE; INE).

Tras a breve converxencia que se produciu entre as taxas de natalidade e de mortalidade a mediados da década dos oitenta, a taxa de mortalidade superou sempre á de natalidade. Este fenómeno, que se debeu máis a unha caída da natalidade que a un ascenso da mortalidade, «explica en boa medida a actual postración da demografía galega» (Beiras e A. López, 1999, p. 150). Durante esta etapa, o crecemento vexetativo de Galicia continuou a senda descendente, pero mostrando unha caída moito máis pronunciada que a da década dos anos setenta (10.902 persoas no ano 1981 e -8.939 persoas no 2001). O cambio de signo nos valores do crecemento vexetativo produciuse no ano 1986 (-699 persoas). Hai que lembrar que o primeiro momento do século XX no que se producira este fenómeno a nivel galego fora no ano 1918, con motivo da epidemia de gripe (-11.375 persoas). Non obstante, lonxe de constituír un feito puntual como o ocorrido naquel entón, o ano 1986 significou o inicio dunha tendencia de valores negativos que destacou pola súa permanencia no tempo. A nivel provincial, A Coruña sumaríase a esa tendencia no ano 1988 (-248 persoas) e Pontevedra faríao posteriormente, no ano 1994 (-327 persoas) (Beiras e A. López, 1999; IGE). Foi durante esta etapa, polo tanto, cando o crecemento vexetativo das provincias alcanzou os valores mínimos de toda a centuria, rexistrándose unha diferenza relativa entre as provincias de entre 4 e 6 puntos na última década do século (no decenio 1991-2000, as taxas de crecemento vexetativo foron de -2,9 ‰ na Coruña, -7,1 ‰ en Lugo e Ourense e -0,5 ‰ en Pontevedra) (Aldrey, 2006). En palabras de Precedo e Villarino (1994), «en resumo, estamos a asistir, na maior parte do territorio, á xeralización dun proceso involutivo, no que fai referencia ó crecemento vexetativo» (p. 48).

6.1.5.3 Movementos migratorios

O proceso de desagrarización continuou ao longo destes anos e incluso se acelerou no último terzo do século XX, de maneira que a poboación activa no sector agrario pasou de representar o 61,7 % da poboación activa total no ano 1960, ao 13 % no ano 2000 (Carmona e A. Fernández, 2005). Galicia pasou, polo tanto, de ser «un dos territorios europeos occidentais que tiña tradicionalmente as máis altas taxas de poboación rural e ocupada en actividades agrarias, a ser un dos que máis rapidamente se desagrarizan» (Míguez, 2011, p. 231). Este rápido descenso da poboación ocupada na agricultura é equiparable ao producido noutros países europeos, aínda que durante esta etapa a taxa de poboación ocupada na agricultura era alta, debido ao elevado punto de partida (Carmona e A. Fernández, 2005). De forma paralela a esta aceleración do proceso de desagrarización, produciuse tamén unha grave crise nos sectores industriais tradicionais, entre eles o sector naval. A agravación das consecuencias derivadas da reconversión naval iniciada na etapa anterior, derivou na perda de máis de 20.000 empregos directos, á vez que numerosos estaleiros pecharon ou entraron en crise. Deste xeito, «áreas industriais enteiras como no caso notable da comarca de Ferrol, entraron nun declive do que non conseguiron recuperarse» (Míguez, 2011, p. 232). Non aconteceu o mesmo na área de Vigo, onde, a pesares

de sentirse as consecuencias da crise, o efecto de arrastre da actividade de Citroën[21] evitou consecuencias tan severas coma na área de Ferrol (Míguez, 2011). Mais nestes últimos anos do século XX tamén apareceron sectores novos como o da moda e da confección, actualmente un sector punteiro da economía galega no que destacan firmas como Zara, con sede social en Arteixo e con máis de milleiro e medio de tendas esparexidas a nivel mundial polas principais cidades (Villares, 2004).

Polo que se refire á corrente migratoria a Europa, entre os anos 1980 e 1987 o fluxo de emigrantes estabilizouse en torno ás 8.000 emigracións anuais. Nesa época, a maior parte das saídas estaban «protagonizadas ano tras ano polas mesmas persoas, que subscriben contratos temporais, fundamentalmente con Suíza» (Aldrey, 2006, p. 67). O número de emigracións anuais caeu por debaixo de 3.000 entre os anos 1988 e 1992 e continuou descendendo ata situarse por debaixo das 1.000 emigracións no ano 1996 (Aldrey, 2006). Pode afirmarse, polo tanto, que nesta etapa a emigración ao estranxeiro constituíu un fenómeno residual, «ben ao contrario que en décadas anteriores, cando a emigración internacional era o principal responsable dos cambios na dinámica demográfica galega» (IGE, 1996, p. 65). De forma paralela a ese declive da emigración ao estranxeiro, a emigración total interior multiplicouse a partir do ano 1981, collendo cada vez maior pulo. Isto reflectiuse na taxa de emigración total interior, que, de mostrar valores de en torno ao 5 ‰ nas décadas dos anos sesenta e setenta, pasou a situarse no 8,46 ‰ no período 1982-1991 e no 17,55 ‰ no período 1992-2001 (Aldrey, 2006). En xeral tratouse dunha emigración estreitamente vinculada ás características do mercado de traballo, cun forte carácter familiar, cunha poboación emigrante formada por persoas adultas mozas, en moitas ocasións casadas e cunha notable proporción entre sexos (Aldrey, 2006; IGE, 2004). Este último aspecto está relacionado «coa maior participación da muller nas migracións a distancias curtas, porque son menores os atrancos sociais e familiares que teñen que salvar e porque nas cidades, destino principal das migracións interiores, son numerosos os empregos "femininos"» (J. Hernández, 2001, p. 154). Como veremos de seguido, os lugares de destino da emigración galega ao resto de España ampliáronse lixeiramente con respecto ás décadas anteriores, emerxendo novos destinos vinculados a unha expansión económica nos sectores da construción e da hostalería (Aldrey, 2006; J. Hernández, 2001). Aínda que esta emigración interior non acadou nunca a intensidade que tivo a emigración galega ao estranxeiro, «tivo tamén repercusións significativas na evolución e nos caracteres demográficos galegos, especialmente nas provincias orientais, que presentan os maiores índices de saídas con este destino, agravando o xa de por si forte grao de avellentamento» (Aldrey, 2006, p. 71).

Debido á maior intensidade que tomou o proceso de urbanización galego durante esta quinta e última etapa na que dividimos o século XX, a evolución da emigración galega ao resto de España foi moi diferente á da emigración intragalega. Polo que se refire á primeira modalidade mencionada, o número de emigracións mantívose inestable. Durante os anos sesenta, setenta e oitenta a cifra oscilou entre as 13.000 e as 18.000 emigracións anuais, descendendo a menos de 10.000 nos primeiros anos da década de 1990. A mediados deste último decenio do século o número de emigracións volveu a superar esa cifra, emprendendo unha tendencia crecente que continuou ata os primeiros anos do século XXI. En termos relativos, a taxa de emigración aumentou lixeiramente na década dos anos noventa con respecto á dos oitenta, pasando do 2,71 ‰

[21] A multinacional francesa Citroën «representa na actualidade a principal empresa de Galicia por volume de facturación, así como o principal rubro do comercio exterior galego, tanto no rubro das importacións de compoñentes como no da exportación de vehículos» (Villares, 2004, p. 432).

no período 1982-1991 ao 4,38 ‰ no período 1992-2001 (Aldrey, 2006). O valor máis elevado que mostrou o indicador na década dos noventa débese a ese aumento do número de emigrantes producido no último lustro do século, en concordancia coa tendencia a unha maior mobilidade no conxunto estatal. Aínda que dende o período do *desarrollismo* os destinos predominantes da emigración galega ao resto de España foron —principalmente— Madrid, Cataluña e o País Vasco, a finais da década dos anos oitenta emerxeu unha nova corrente emigratoria cara ás Illas Canarias, «composta na súa meirande parte por xente nova, maioritariamente varóns e en xeral de carácter temporal» (Aldrey, 2006, p. 71). A razón principal desta emigración atopouse nas características do mercado laboral daquel entón, dada a escasa oferta de traballo que existía en Galicia e as oportunidades laborais que xurdían no arquipélago canario vinculadas á hostalería e á construción. Esta corrente emigratoria estendeuse ata final do século XX e continuou, polo menos, ata os primeiros anos do século XXI. Entre os anos 1990 e 2004, o 24,5 % do total das emigracións cara ao resto de España tiveron como destino as Illas Canarias, especialmente Fuerteventura, Tenerife e Lanzarote. Pero ademais, o escaso dinamismo económico existente en moitas comarcas galegas animou as emigracións con destino a outras rexións do Estado, como Baleares, Murcia ou Valencia, lugares que tamén presentaban unha maior oferta de emprego nos sectores turístico e da construción (Aldrey, 2006; J. Hernández, 2001). En xeral, ao tratarse de correntes emigratorias estreitamente vinculadas ás características do mercado de traballo, a maior parte da poboación emigrante formárona persoas en idades adultas-novas que, nalgúns casos, emigraron en familia (IGE, 2004). Das catro provincias galegas, Ourense destacou por mostrar as maiores taxas de emigración ao resto de España (Aldrey, 2006; IGE, 1996).

En canto aos movementos migratorios no interior de Galicia cómpre sinalar que sempre existiron, aínda que adquiriron especial intensidade durante a segunda metade do século XX, con motivo da aceleración que experimentou o proceso de urbanización nas últimas décadas do século (Aldrey, 2006; Ferrás, 2011; J. Hernández, 2001; Lois e Rodríguez, 2001). A pesares da tendencia á alza que mostrou a emigración galega ao resto de España durante esta etapa, unha parte importante dos movementos migratorios interiores foron absorbidos polas cidades galegas occidentais e as capitais de provincia interiores. Pois nestas áreas, «a industrialización, a terciarización, o despegue administrativo e asistencial, e, en definitiva, o forte proceso de urbanización, medraron de forma transcendental, reclamando gran cantidade de man de obra» (Aldrey, 2006, p. 71). Isto explica que no período 1982-1991 a taxa de emigración intragalega (5,75 ‰) fose o dobre que a taxa de emigración galega ao resto de España (2,71 ‰), chegando a triplicala no período 1992-2001 (13,17 ‰ a taxa de emigración intragalega e 4,38 ‰ a dirixida ao resto de España). Con respecto ao sentido das emigracións, predominou a emigración dentro da mesma provincia, especialmente entre os anos 1992-2001, aínda que nese mesmo período temporal as provincias de Lugo e Ourense mostraron tamén unha emigración considerable con destino ás provincias occidentais (Aldrey, 2006). Nestas migracións «hai tanto emigrantes "puros", ou sexa campesinos que emigran ás urbes trocando os labores agrícolas polos industriais e de servicios, coa mudanza de relacións de produción que iso implica, como meros desprazamentos xeográficos», é dicir, «un funcionario que pasa de Lugo a Pontevedra, un ourensano que vai estudar a Santiago, ou mesmo un oficial naval que é destinado de Marín a Ferrol» (Beiras e A. López, 1999, p. 199). Estamos, pois, ante unha emigración de curto radio que ten como resultado a concentración da poboación nas cidades das provincias do litoral atlántico e nas súas áreas de influencia, sen existir fluxos migratorios significativos entre as provincias de Lugo e Ourense (Aldrey, 2006; Ferrás, 2011; IGE, 1996; Lois e Rodríguez, 2001). Por conseguinte, as migracións no interior de Galicia «tenden a incrementa-los contrastes entre un interior des-

poboado e unha costa máis dinámica, coas excepcións de Santiago de Compostela e a cidade de Ourense. Sempre, en definitiva, un marcado e crecente desequilibrio entre o campo e a cidade, en beneficio desta» (IGE, 1996, p. 76). Dito con outras palabras, «estes desprazamentos internos da poboación contribúen a acentuar os desequilibrios demográficos espaciais e a concentrar a poboación na fachada marítima, fundamentalmente ó longo do eixo atlántico Ferrol-A Coruña-Santiago de Compostela-Vigo-fronteira portuguesa» (J. Hernández, 2001, p. 152).

De acordo con Aldrey (2006), en todo o século XX soamente houbo tres períodos intercensais con saldos migratorios positivos: o primeiro —do que xa falamos— no período 1931-1940 (63.520 persoas), o segundo no período 1981-1990 (15.359 persoas) e o terceiro no período 1991-2000 (43.873 persoas). Estes datos móstrannos que nesta etapa que abrangue as dúas últimas décadas do século XX coexistiron dous importantes fenómenos. Por unha banda, unha considerable emigración de persoas adultas mozas con destino ás áreas máis desenvolvidas de España e, pola outra, a chegada cuantitativamente maior de persoas procedentes do estranxeiro, en estreita relación co fenómeno do retorno. Así, entre os anos 1990 e 2004 o 45,08 % dos concellos galegos (142) presentaron saldos migratorios positivos. Os valores positivos máis elevados presentáronos as áreas urbanas de Vigo-Pontevedra, A Coruña, Santiago, Lugo e Ourense, así como tamén a Mariña lucense, o Val do Miño en torno á cidade de Ourense, as comarcas de Valdeorras, o Baixo Miño e o Deza, ademais de vilas como A Estrada, Vilalba, Sarria, Monforte, Verín e Xinzo de Limia. Pola contra, as áreas que mostraron os maiores saldos migratorios negativos situáronse «nos concellos da metade oriental das provincias de Lugo e Ourense, da Dorsal Meridiana, do Ortegal-Ferrol, da Costa da Morte e de áreas do interior coruñés e de Pontevedra» (p. 80). A este respecto, «cómpre destacar a evolución altamente negativa das cidades de A Coruña, Ourense e Ferrol» (p. 80). No caso da Coruña e Ourense, as cidades víronse afectadas por «fortes procesos de desconcentración residencial cara as súas periferias» (p. 80), mentres que no caso de Ferrol a súa evolución respondeu á «fonda crise que arrastra debido ó progresivo desmantelamento do seu sector naval» (p. 80). En xeral, as persoas inmigrantes asentáronse fundamentalmente nas áreas máis urbanizadas de Galicia e, dado o seu volume, conseguiron contrarrestar as emigracións, mais non lograron paliar a perda de vitalidade demográfica de Galicia (Aldrey, 2006).

Para comprender as causas do valor positivo dos saldos migratorios intercensais de Galicia correspondentes a esta quinta etapa, faise necesario desagregar o saldo migratorio total en función do destino das migracións[22]. En primeiro lugar, o ano 1983 destacou por ser a data a partir da que o saldo migratorio galego co exterior non deixará de ser positivo ata a primeira década do século XXI, aínda que con diferentes intensidades. Entre os anos 1980 e 1991 o saldo migratorio anual co exterior situouse en torno ás 3.000 persoas. Posteriormente, incrementouse ata acadar cifras de entre 5.000 e 6.500 persoas durante a primeira metade dos anos noventa, aínda que finalizou o século con valores similares aos da década dos anos oitenta. Esta inmigración procedente do estranxeiro, que chegou a superar as 15.000 persoas anuais dende o ano 1997, estivo moi vinculada ao fenómeno do retorno de emigrantes procedentes de Iberoamérica, coincidindo coa grave situación socioeconómica que atravesaban moitos países da rexión. Loxicamente, non todas as persoas chegadas dende Iberoamérica ou Europa foron emigrantes retornados, pero existen indicios que suxiren que unha gran parte desas persoas si

[22] No caso das migracións producidas dentro de Galicia, só representan un cambio de concello de residencia. É dicir, «o que perde un concello por emigración gáñao ao mesmo tempo outro, por inmigración. O saldo global é por tanto nulo» (Beiras e A. López, 1999, p. 199).

o foron. E é que o 94 % das persoas inmigrantes que chegaron a Galicia entre 1991 e 1994 procedentes do estranxeiro, naceran en España. Pero ademais diso, a maior parte das persoas que chegaron entre os anos 1992 e 2004 procedían de países que foran destinos tradicionais da emigración galega e que contan con importantes colonias de persoas de orixe galega (Arxentina, Venezuela, México, Suíza...), sendo moi pouco significativa a porcentaxe de persoas nacidas en España que chegaron a Galicia procedentes doutros países e doutros continentes (Aldrey, 2006). En xeral, esta poboación inmigrante amosou unha idade adulta madura, frecuentemente próxima ás idades de xubilación (IGE, 1996 e 2004). Entre os anos 1992 e 2004, os principais focos receptores desta inmigración foron as sete cidades, o Golfo Ártabro, a área costeira situada ao sur de Ribeira, algunhas vilas do interior e tamén algúns concellos da Mariña lucense. A principal razón pola que as persoas chegadas do estranxeiro se asentasen fundamentalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra débese a que é aí onde están emprazadas as zonas máis urbanizadas de Galicia, «con mellores niveis dotacionais no referente a servizos e infraestruturas e onde se ubican os centros económicos, de poder e decisión que atraen en maior medida ós que retornan coa idea de investir os seus aforros e, loxicamente, ós inmigrantes reais» (Aldrey, 2006, p. 81). En segundo lugar, con respecto ao saldo migratorio galego co resto de España, dende mediados da década dos anos oitenta e durante o primeiro lustro dos noventa, Galicia presentou saldos positivos coa maioría das comunidades autónomas, especialmente con Madrid, Cataluña e Euskadi. Entre os anos 1989 e 1996 o saldo migratorio co resto do Estado mantívose en valores próximos a cero, cunhas 10.000 entradas e saídas. A partir dese último ano as inmigracións incrementáronse, mais non tanto como o fixeron as emigracións, que superaron as 15.000 anuais dende 1998. Así, entre os anos 1998 e 2004, Galicia soamente mantivo saldos migratorios positivos con Castilla y León, Asturias, Euskadi e Madrid, aínda que neste último caso o seu valor foi moi pouco significativo. Esta inmigración procedente de Asturias e Euskadi estivo tamén relacionada, en gran parte, co retorno de emigrantes, mentres que no caso da inmigración procedente de Castilla y León «parece máis ligado a movementos inmigratorios dende as comarcas limítrofes deprimidas» (Aldrey, 2006, p. 76). Trátase, por conseguinte, dunha corrente inmigratoria formada fundamentalmente por persoas de mediana idade que retornan ás súas áreas de orixe unha vez alcanzada a idade da xubilación ou en idades próximas a esta, cun gran equilibrio entre sexos e que regresan —na maioría dos casos— a concellos situados no interior das provincias da Coruña e Lugo (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). Entre os anos 1992 e 2004, o 68,57 % dos concellos galegos (216) tiveron saldos migratorios negativos co resto de España. Os valores máis negativos atopáronse nas cidades —coa excepción de Lugo— e nas comarcas do Salnés, O Barbanza e O Morrazo. A razón de que os valores máis negativos se atopasen nas áreas máis urbanizadas e de maior vitalidade demográfica de Galicia debeuse á existencia dunha importante corrente emigratoria cara ao resto de España, motivada pola escaseza de emprego e a falta de expectativas de futuro e que afectou de xeito especial ás cidades, vilas e áreas costeiras. Polo tanto, estamos «diante dos espacios máis novos da nosa comunidade que están a coñecer unha marcha de efectivos xoves cara as áreas do Estado con mellores perspectivas laborais» (Aldrey, 2006, p. 80).

Por outra parte, durante as dúas últimas décadas do século XX, continuaron as obras da Autoestrada do Atlántico e abríronse ao tráfico a maior parte dos tramos proxectados (Dalda e Viña, 1997). A finalización da autoestrada AP-9 tivo importantes repercusións espaciais en Galicia, ao reducir as distancias en tempo e ao fomentar o incremento da mobilidade, coincidindo coa xeneralización do automóbil como medio de transporte privado (Lois e Rodríguez, 2001; Pazos, 2003). A Autoestrada do Atlántico «insírese no espazo social, cultural e eco-



Figura 6.5. Mapa do Eixo Urbano Atlántico.
Fonte: elaboración propia a partir de Lois e Piñeira (2011) e Pazos (2003).

nomicamente máis dinámico de Galicia», no formado «polo eixe interurbano que liga ás catro cidades costeiras (Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo) a través da cidade interior de Santiago de Compostela, e que se expande polos ricos sistemas urbano-litorais das Rías Baixas e o Arco Ártabro». Neste Eixo Urbano Atlántico (EUA), A Coruña e Vigo «actúan como os polos rexionais de cabeceira máis activos e expansivos, consolidando espazos de atracción que atopan na Autoestrada do Atlántico un factor de afianzamento das relacións coas súas áreas urbanas de contorno» (Dalda e Viña, 1997, pp. 26-27). Pola súa parte, Ferrol e Pontevedra constitúen cidades de apoio á Coruña e Vigo, respectivamente, mentres que Santiago de Compostela destaca polo seu papel de unión entre o norte e o sur do eixe. O resto do espazo «oscila entre o carácter rururbano das Rías Baixas e o Golfo Ártabro e un poboamento rural no interior» (Pazos, 2003, p. 85). Xunto coa liña férrea e a estrada N-550, a Autoestrada do Atlántico supuxo unha crecente integración e cohesión dos diferentes asentamentos que forman o eixe, mediante a mobilidade de mercadorías e a mobilidade de persoas con alta frecuencia, o que reflicte «unha integración económica baseada fundamentalmente nos sectores secundario e terciario» (Pazos, 2003, p. 59). Alonso e Pazos (2002) destacaron que, dende a apertura ao tráfico da AP-9, o tempo de desprazamento entre A Coruña e Santiago acurtouse a 35 minutos (antes, dúas horas) e o de Pontevedra a Vigo reduciuse a menos de 20 minutos (antes, máis dunha hora). Todo isto repercutiu na organización do espazo e na maneira de vivir e consumir das persoas, posto que estas melloras nas infraestruturas e nos modos de transporte permitiron a mobilidade diaria e a consecuente disociación entre o lugar de residencia e o lugar de traballo (Ferrás, 2011; Pazos, 2003). A pesares do escepticismo mostrado por certos sectores nos primeiros momentos de aprobación do proxecto de construción da autoestrada AP-9, Alonso e Pazos (2002) afirmaron que esta vía de transporte é «un indiscutible factor de desenvolvemento de Galicia, opinión que é defendida hoxe dende todos os ámbitos, tanto universitarios como políticos» (p. 12). Xa nos albores do novo milenio, afirmábase que o aumento da cohesión espacial tiña «unhas importantes implicacións sobre a difusión do crecemento e dinamismo económico» (Pazos, 2003, p. 3), destacando o papel da autoestrada AP-9 como principal elemento de articulación dos es-

pazos máis dinámicos da Galicia litoral (Alonso e Pazos, 2002; X. Fernández e E. López, 2013; Lois e Piñeira, 2011; Lois e Rodríguez, 2001). Pois estamos ante «un espazo concentrador de dinamismo demográfico e económico, baseado precisamente na mobilidade da poboación, que fai posible unha crecente integración funcional non só entre os diferentes espazos urbanos, senón tamén cos espazos intersticiais e outros próximos ao tronco do eixe» (Pazos, 2003, pp. 2-3). Fóra deste espazo central do eixe, que agrupa ás cinco cidades das provincias occidentais e a pequenas vilas que lles serven de apoio, existen diversos sub-corredores que ligan outras comarcas dinámicas galegas ao tronco do Eixo Urbano Atlántico (Corredor de Bergantiños, Corredor Santiago-Lalín, Corredor do Barbanza e Corredor do Morrazo) (figura 6.5). Estes espazos, fortemente integrados e dinámicos a nivel demográfico e económico, «destacan sobre o resto do territorio galego, que se caracteriza por un acusado ruralismo e por atoparse á marxe, en liñas xerais, da dinámica do EUA» (Pazos, 2003, p. 105).

6.1.5.4 Estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia no período 1981-2000 pode observarse na figura 6.6, elaborada a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes (INE). O descenso rápido e continuado que se produciu nos valores da fecundidade e da natalidade dende mediados da década de 1970, quedou reflectido na pirámide de poboación correspondente ao ano 2000. Fronte á gráfica con forma de pirámide estacionaria do ano 1981, a gráfica correspondente ao ano 2000 presenta unha base notablemente máis estreita que o tamaño das franxas de idade que conforman a parte central da figura, o que indica que estamos ante unha poboación regresiva.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, a proporción de feminidade incrementouse de forma moi lixeira durante esta etapa, pasando do 51,6 % no ano 1981 ao 52 % no ano 2000. Consecuentemente, o índice de masculinidade descendeu 1,4 puntos porcentuais ao final da etapa (93,9 % e 92,5 % nos anos 1981 e 2000, respectivamente). Os valores do índice de masculinidade foron superiores a 100 nos grupos quinquenais de idade inferiores aos 30 anos, sen descender do 97,5 % nos grupos de idade comprendidos entre os 30 e os 54 anos. En xeral, os valores do indicador oscilaron entre o 106,5 % (na franxa de idade de 0 a 4 anos) e o 43,8 % (no grupo de 85 e máis anos). A partir dos 40 anos, o índice de masculinidade incrementouse en todos os grupos de idade, observándose descensos bruscos e progresivos a partir do grupo de idade de 70 a 74 anos.

En canto á composición por idade de poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos (63,1 % no ano 1981 e 67,6 % no ano 2000). Porén, a diferenza do ano 1981, no ano 2000 o segundo grupo de idade con maior peso porcentual sobre o total da poboación foi o de 65 anos e máis (13,4 % no ano 1981 e 20,3 % no 2000), seguido do de 0 a 14 anos (23,4 % e 12,1 % nos anos 1981 e 2000, respectivamente). E é que no ano 2000, a porcentaxe de persoas de 65 anos e máis era máis do triplo superior á de 1900 (6,3 %, neste ano), incrementándose progresivamente ao longo do século nun proceso que se intensificou especialmente a partir da década de 1960. Así, por primeira vez en todo o século XX, o índice de envellecemento tomou un valor de tres cifras, ao pasar do 57,4 % no ano 1981 ao 167,5 % no ano 2000. Isto significa que, nesta data, en Galicia había 167 persoas de 65 ou máis anos por cada 100 persoas menores de 15 anos. Así mesmo, o índice de sobreenvellecemento tamén se incrementou 5,1 puntos no transcurso das dúas últimas décadas do século XX, superando o 11 % no ano 2000 (6,6 % e 11,7 % nos anos 1981 e 2000, respectivamente). Estes datos explican os valores do índice de xuventude, que



(a) Galicia, 1981



(b) Galicia, 2000

Figura 6.6. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (1981-2000).
Fonte: elaboración propia a partir do INE.

descendeu 114,6 puntos porcentuais con respecto ao valor que tiña no ano 1981 (174,3 % no 1981 e 59,7 % no ano 2000). Tamén hai que destacar que segundo os valores correspondentes ás datas de referencia aquí empregadas, no ano 2000 rexistrouse o valor máis baixo do índice de dependencia global dende o ano 1900[23], a pesares de que a proporción de persoas de 65 e máis anos acadou nese ano a cifra máis elevada. Isto debeuse a que o número relativo de persoas de 65 e máis anos contrarrestouse co descenso do número relativo de persoas menores de 15 anos (J. Hernández, 1996), que no ano 2000 foi o máis baixo dende o 1900. Tanto nas gráficas correspondentes ao ano inicial como ao ano final desta etapa, continúan apreciándose importantes desequilibrios entre sexos nas cúspide das pirámides, asociadas á sobremortalidade masculina, ao descenso da mortalidade a idades avanzadas (que afecta máis ás mulleres), ás consecuencias da Guerra Civil nas xeracións de persoas nacidas antes do ano 1915 e tamén á sobreemigración de homes en etapas anteriores (J. Hernández, 1996).

En congruencia cos datos anteriores e continuando coas tendencias das décadas precedentes, no ano 2000 as provincias rexistraron os maiores incrementos nos seus respectivos índices de enve-

[23] Os valores do índice de dependencia global nas datas de referencia empregadas na análise foron os seguintes: 68,7 % no 1900; 65,9 % no 1930; 55,9 % no 1960; 55,2 % no 1970; 58,4 % no 1981; e 48,0 % no 2000.

llecemento. As poboacións máis envellecidas presentáronas as provincias de Lugo e Ourense, con valores do 251,1 % e do 254,1 %, respectivamente. Desta volta, as disparidades entre as provincias orientais foron mínimas, pero foron máximas con respecto ás provincias occidentais (158,7 % na Coruña e 125,1 % en Pontevedra). De forma semellante ao acontecido a nivel galego, a pesares de que no ano 2000 as proporcións de poboación de 65 anos e máis nas provincias acadaron as maiores cifras dende o ano 1900, o índice de dependencia global non se incrementou coa mesma intensidade. Nas provincias da Coruña (44,9 %) e Pontevedra (43,6 %), os valores do indicador foron os máis baixos dende o ano 1900, mentres que na provincia de Lugo (59,6 %) rexistrouse o valor máis elevado dende 1960 e na Ourense (60,0 %) o valor máis alto dende 1970. Estas diferenzas entre as provincias, residen principalmente na maior dependencia senil que soportan as provincias orientais, en comparación coas occidentais.

6.2 A situación xeodemográfica de Galicia no século XXI

Logo do percorrido histórico que acabamos de realizar, Galicia ábrese ao século XXI nun contexto moi diferente ao da centuria anterior. As tendencias demográficas do século pasado derivaron na configuración dun novo modelo demográfico, caracterizado pola inversión das migracións ao estranxeiro, a forte caída da fecundidade e da natalidade e a aceleración do proceso de envellecemento. Todo isto foi acompañado da crecente concentración da poboación nas áreas urbanas e do despoboamento xeneralizado de moitas comarcas rurais do interior, un rural no que a actividade agraria xa non é a predominante (E. López e Ríos, 2021). A continuación, describimos cal foi a evolución demográfica de Galicia nos primeiros anos deste terceiro milenio.

6.2.1 Evolución e distribución espacial da poboación

De acordo coas cifras de poboación proporcionadas polo Padrón Municipal de habitantes (IGE), a poboación de Galicia pasou de ter 2.731.900 habitantes no ano 2000 a 2.732.347 no ano 2015. Poderiamos afirmar, polo tanto, que en termos numéricos a poboación galega permaneceu practicamente invariable neses anos, xa que tan só rexistrou un aumento de 447 persoas (0,02 %). Non obstante, esta lectura superficial da evolución demográfica de Galicia agocha a existencia de determinadas disparidades que saen á luz nunha análise máis profunda. Na figura 6.7 observamos que a poboación galega medrou de forma suave e case ininterrompida dende o inicio do século ata o ano 2010, cando alcanzou o máximo de poboación, con 2.797.653 habitantes. Aínda que durante esa primeira década se rexistrou un incremento demográfico do 2,41 %, a partir do ano 2010 comezou a producirse un descenso progresivo e continuado no número de habitantes que continuou ata o ano 2015, derivando nunha perda de 65.306 habitantes no último ano da serie con respecto ao ano 2010 (-2,33 %). Esa escasa diferenza entre o incremento de poboación rexistrado ata o ano 2010 e o decrecemento producido a partir dese mesmo ano, fai que os datos da variación da poboación para o período enteiro amosen unha poboación con crecemento cero (0,02 %). Polo tanto, para comprender a dinámica demográfica de Galicia no século XXI, debemos ter presente a existencia de dúas fases diferentes na evolución da poboación durante o período de estudo, claramente influenciadas polas consecuencias derivadas do escenario da crise económica mundial. Na primeira delas (2000-2010) Galicia gañou poboación de forma significativa a un ritmo medio anual do 0,24 %, mentres que na segunda fase (2010-2015) Galicia perdeu poboación a un ritmo medio anual do 0,47 %, marcando



Figura 6.7. Evolución da poboación de Galicia e das provincias galegas (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

unha nova tendencia ao decrecemento da poboación a nivel rexional que se estendeu máis aló do ano 2015. Na figura 6.8 podemos observar a magnitude que tivo a contribución do crecemento natural e do crecemento migratorio na evolución da poboación galega no período 2000-2015. A taxa de crecemento natural foi negativa en todos os anos da serie, polo que os anos nos que a poboación galega medrou, o motivo de tales incrementos debeuse ao volume de inmigración exterior recibida. Aínda que o dato da taxa de crecemento total que indica a figura 6.8 para o ano 2010 en Galicia semella contradicir a nosa argumentación, debemos aclarar que o valor negativo de dita taxa para ese ano responde á imperfección das fontes consultadas. Pois, se ben os datos do Padrón Municipal de habitantes (IGE) indican un pequeno crecemento de poboación no ano 2010 con respecto ao ano 2009, se temos en conta unicamente os valores do saldo vexetativo e do saldo migratorio, a poboación descendeu lixeiramente. Son, por conseguinte, este tipo de incongruencias as que nos fan lembrar que o estudo dos procesos demográficos «representa un camiño difícil e repleto de trampas e obstáculos» (Livi-Bacci, 1993, p. 12).

Se descendemos na análise ao ámbito provincial, apreciamos os contrastes que agochan os valores a nivel autonómico. Aínda que ningunha das catro provincias viu incrementada a súa poboación ao final do período de estudo, a historia demográfica do século pasado condicionou tanto a situación inicial como a situación final de cada unha delas. Por unha banda, Lugo e Ourense continuaron a súa senda descendente con traxectorias moi similares ao longo dos quince anos da serie. Por outra banda, A Coruña e Pontevedra experimentaron unha expansión demográfica cunha curva similar á de Galicia pero con valores superiores aos da media autonómica, favorecida por un fenómeno inaudito na historia contemporánea de Galicia: a inmigración exterior. Mais, en calquera caso, a evolución da poboación nas catro provincias viuse moi afectada polas consecuencias da crise económica do ano 2008, consecuencias que se deixaron sentir de forma máis inmediata nas provincias orientais que nas occidentais. Así, mentres que A Coruña e Pontevedra alcanzaron o máximo de poboación no ano 2011, en Lugo e Ourense o decrecemento demográfico agravouse a partir dos anos 2009 e 2010, respectivamente[24]. De aí as diferenzas de signo e intensidade nas variacións porcentuais da poboación de

[24] As taxas de crecemento migratorio nas provincias de Lugo e Ourense foron positivas entre os anos 2000



Figura 6.8. Evolución das taxas de crecemento da poboación de Galicia (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

cada provincia ao remate do período de estudo (1,69 % na Coruña, -7,17 % en Lugo, -7,78 % en Ourense e 3,81 % en Pontevedra).

As proxeccións da poboación de Galicia elaboradas polo IGE (2004) para o longo prazo describen tres escenarios de futuro, de aquí ao ano 2051: o escenario baixo, o escenario medio e o escenario alto. Cada escenario está baseado en diferentes hipóteses sobre a evolución dos compoñentes demográficos, dando como resultado diferentes estimacións da poboación. En comparación cos datos de poboación reais correspondentes ao ano 2015, observamos que o escenario que máis se aproximou á realidade foi o medio, tamén denominado escenario de referencia. Cunha poboación real de 2.732.347 habitantes no ano 2015 —segundo os datos do Padrón Municipal de habitantes— e unha poboación estimada para ese mesmo ano de 2.757.173 habitantes, a proxección da poboación de Galicia correspondente ao escenario medio desviouse un 0,90 % da cifra real[25]. De acordo con este escenario, estímase que a poboación de Galicia nos anos 2035 e 2051 sexa de 2.637.601 e 2.411.740 habitantes, respectivamente.

En concordancia cos datos anteriores, a densidade de poboación de Galicia (IGE) variou moi lixeiramente ao longo do período de estudo, acadando o valor máximo no ano 2011 (91,38 hab./km^2 no ano 2000, 93,77 hab./km^2 no 2011 e 92,46 hab./km^2 no 2015). En xeral, e coa excepción das cidades, os maiores contrastes na densidade de poboación a nivel rexional danse entre as áreas de serra e a área de influencia da autoestrada do Atlántico (AP-9), xa que a orografía e o acceso

e 2012, pero o volume de inmigración que recibiron estas provincias non foi suficiente para compensar o valor negativo da taxa de crecemento natural, polo que o tamaño das súas respectivas poboacións diminuíu anualmente. Pola contra, nas provincias occidentais a situación foi ben distinta. Na provincia da Coruña, a taxa de crecemento natural foi negativa en todo o período de estudo, pero o valor positivo que tivo a taxa de crecemento migratorio entre os anos 2000 e 2012, fixo posible que a poboación medrase. Unha situación relativamente similar experimentouna a provincia de Pontevedra, aínda que neste caso a taxa de crecemento natural entre os anos 2000 e 2011 oscilou entre o -0,8 ‰ e o 0,6 ‰. A representación gráfica das taxas de crecemento total, crecemento natural e crecemento migratorio para o período 2000-2015 nas provincias galegas pode consultarse no anexo B.

[25] A proxección da poboación do escenario baixo desviouse un -4,42 % da cifra real no ano 2015, mentres que a estimación do escenario alto desviouse un 6,86 % da cifra real nese mesmo ano.

á principal infraestrutura viaria que vertebra Galicia configúranse como os factores de maior incidencia na distribución xeográfica da poboación en Galicia, como xa teñen apuntado diversos estudosos. Mostra desta realidade constitúea o feito de que no ano 2015 vivía nas serras[26] o 3,36 % da poboación de Galicia (91.978 persoas), mentres que a área de influencia da autoestrada AP-9[27] sumaba o 62,11 % dos efectivos demográficos a nivel autonómico (1.697.068 habitantes). Ademais, durante o período de estudo, a poboación das serras descendeu nun 27,05 %, á vez que a poboación da área de influencia da autoestrada AP-9 se incrementou nun 6,95 %. Estes datos móstrannos, unha vez máis, a tendencia crecente á concentración da poboación nas áreas máis urbanizadas de Galicia, deixando entrever a existencia de diferentes estruturas demográficas a nivel provincial e intraprovincial.

No último ano da serie, a orde das provincias de maior a menor densidade de poboación era a seguinte: Pontevedra (210,99 hab./km^2), A Coruña (141,97 hab./km^2), Ourense (43,82 hab./km^2) e Lugo (34,38 hab./km^2). A maior variación nestas cifras tivo lugar na provincia de Pontevedra, que no ano 2015 rexistrou 10,21 hab./km^2 máis que no ano 2000. O incremento na Coruña —neses mesmos anos— foi menor que en Pontevedra (4,1 hab./km^2), mentres que en Lugo e Ourense as variacións negativas situáronse en torno a 2-3 hab./km^2. Non obstante, cómpre destacar a existencia de grandes diferenzas no grao de ocupación do territorio a nivel infraprovincial, estreitamente vinculadas á situación xeográfica dos municipios, como comentamos no parágrafo anterior. Así o mostran, por exemplo, as densidades de poboación correspondentes ao ano 2015 de concellos como Burela (1254,4 hab./km^2), Cambados (593,4 hab./km^2), Verín (151,2 hab./km^2), Outes (67 hab./km^2), Guitiriz (19,1 hab./km^2) ou A Veiga (3,4 hab./km^2).

É evidente, á vista dos datos comentados, que os 2.732.347 habitantes cos que contaba Galicia no ano 2015, non se atopaban uniformemente distribuídos nas catro provincias. O 41,25 % residía na provincia da Coruña, o 12,42 % na de Lugo, o 11,65 % na provincia de Ourense e o 34,67 % na de Pontevedra. Porén, como a variación porcentual da poboación rexistrada no agregado provincial no último ano do período de estudo non foi demasiado significativa, o peso porcentual da poboación das provincias occidentais e das orientais mantívose con alteracións moi pouco significativas ao inicio e ao final da serie.

6.2.2 Movemento natural da poboación

Como podemos apreciar na figura 6.9, existen diferenzas moi marcadas entre as provincias orientais e as provincias occidentais —e incluso entre estas últimas— no relativo á evolución da taxa de crecemento natural. Malia todo, aínda que a provincia de Pontevedra amosou valores positivos neste indicador en certos anos, ningunha das catro provincias chegou a alcanzar o nivel de substitución xeracional durante o período de estudo (IGE). A continuación, analizaremos os principais indicadores demográficos relacionados coa fecundidade e coa mortalidade, incluídos os que determinan a taxa de crecemento natural da poboación.

[26] Seguindo a citada clasificación municipal de A. Pérez (1995), a superficie dos municipios da categoría «serras» ascende a 7.103 km^2. Os datos da superficie municipal corresponden ao ano 2011 (IGE).

[27] A superficie dos municipios que forman parte da área de influencia da autoestrada AP-9 é de 4.581 km^2. Os datos da superficie municipal corresponden ao ano 2011 (IGE).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 6.9. Evolución da taxa de crecemento natural en Galicia e nas provincias (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

6.2.2.1 Evolución da fecundidade e da natalidade

Como xa comentamos, Galicia finalizou o século XX situándose entre as poboacións con menor fecundidade a nivel mundial. Porén, nos últimos anos da década dos oitenta, a desaceleración no descenso dos valores do índice sintético de fecundidade fixo pensar a algúns investigadores na posibilidade dunha recuperación futura da fecundidade en Galicia (IGE, 1996), algo que se vería lixeiramente confirmado, a xulgar pola posterior evolución do indicador. Pois, logo dunha breve etapa de estancamento, no ano 2003 o índice sintético de fecundidade volveu a recuperar o valor dun fillo por muller, un valor que se rexistrara por última vez no ano 1994. En xeral, a fecundidade seguiu aumentando ao longo dos restantes anos do período de estudo, mais nunca chegou a lograr os valores que presentara nas décadas dos anos setenta e oitenta. O valor máximo acadouno no ano 2008, cando o número medio de fillos por muller era de 1,14. Posteriormente, retomou a tendencia descendente ata o ano 2015, cando se observou, novamente, un sutil incremento que situou o índice nun valor de 1,10 (figura 6.10). Deste xeito, no último ano da serie, Galicia foi a terceira comunidade autónoma que presentou o menor índice sintético de fecundidade en España (Eurostat), sen acadar o nivel de substitución da poboación. Como vemos, as variacións que experimentou a fecundidade en relación ás oscilacións da conxuntura económica foron pouco significativas (E. López e Ríos, 2021). Porén, aínda que estamos aludindo a unha diferenza de 0,19 puntos entre os valores máximo e mínimo do indicador no período 2000-2015, non debemos esquecer a importancia que teñen as cifras decimais cando o indicador se sitúa por debaixo do nivel de substitución (Billari e Dalla, 2010). A nivel provincial, ao longo do período de estudo as provincias de Lugo e Ourense sempre presentaron valores inferiores aos da media galega, xeralmente sen alcanzar a media dun fillo por muller. As provincias occidentais tiveron unha fecundidade maior, pero soamente Pontevedra foi capaz de manter valores superiores aos da media de Galicia durante os primeiros catorce anos da serie. Cómpre destacar que a medida que o índice sintético de fecundidade foi descendendo en Galicia, a idade media á maternidade foise atrasando. Esta tendencia, en aumento dende finais da década dos anos oitenta do século pasado, non se detivo en ningún momento do período de estudo. Por



Figura 6.10. Evolución do índice sintético de fecundidade e da idade media á maternidade en Galicia (1975-2015).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

conseguinte, no ano 2015 a idade media á maternidade situouse en 32,55 anos, é dicir, 2,06 anos máis con respecto á idade media á maternidade no ano 2000 e 5,01 anos máis con respecto á idade media á maternidade no ano 1988 (figura 6.10). A nivel provincial, as diferenzas que presentaron as catro provincias nos valores deste indicador foron ínfimas (IGE).

Como é lóxico, a evolución da natalidade discorreu de forma parella á da fecundidade, posto que a primeira é consecuencia da segunda. Neste contexto, o ano 1994 supuxo un fito máis na evolución recente da natalidade galega, ao rexistrarse por primeira vez no século XX un número anual de nacementos inferior aos 20.000. No último lustro da centuria a natalidade mantívose estable en torno aos 18.000 nacementos anuais, aínda que no último ano do século rexistrouse un leve incremento no número de nacementos que acabaría supoñendo o inicio dunha nova etapa de crecemento deste indicador. A pesares de que as cifras anuais de nacementos nos anos 2000 e 2015 foron practicamente idénticas (19.418 e 19.427, respectivamente) e non semellan reflectir tal tendencia, o certo é que a natalidade —tanto en termos absolutos como en termos relativos— non se mantivo estable ao longo deses quince anos. Tal e como podemos observar na figura 6.11, durante o período de estudo a taxa bruta de natalidade en Galicia mantívose entre o 7 ‰ e o 8 ‰. Apreciamos dúas tendencias principais na evolución da taxa: unha tendencia crecente entre os anos 2002 e 2008 e unha tendencia decrecente entre o 2008 e o 2015. O incremento da primeira etapa, que estivo precedido por lixeiros descensos dos valores da taxa nos anos 2001 e 2002 con respecto ao ano inicial da serie, acadou o seu punto máximo no ano 2008 ao rexistrarse 8,31 nacementos por cada mil habitantes. A partir de entón, os valores do indicador emprenderon un descenso practicamente continuo ata o final da serie, cunha caída máis pronunciada no ano 2012 que levou a un estancamento nos últimos tres anos. Ao igual que mostraron os datos absolutos do número de nacementos, os valores da taxa bruta de natalidade nos anos 2000 e 2015 non mostraron diferenzas moi relevantes (7,11 ‰ e 7,13 ‰, respectivamente) (IGE).

A nivel provincial, as maiores desigualdades tiveron lugar ao inicio do período de estudo. Re-



Figura 6.11. Evolución da taxa bruta de natalidade en Galicia e nas provincias galegas (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

sulta significativo que mentres no ano 2000 a diferenza entre os valores máximo e mínimo da taxa de natalidade foi de 2,94 puntos (8,26 ‰ en Pontevedra e 5,33 ‰ en Ourense), no ano 2015 o rango xa se reducira a 1,66 puntos (7,45 ‰ na Coruña e 5,80 ‰ en Ourense). Foi a partir do ano 2008 cando esas diferenzas interprovinciais comezaron a diminuír. E é que, se xa a evolución da natalidade durante as dúas últimas décadas do século pasado mostraba unha relativa converxencia nos índices de natalidade a nivel provincial, a partir do ano 2008 a tendencia á homoxeneización no comportamento da natalidade das catro provincias foi máis evidente. Ao igual que observamos noutros indicadores de poboación, as provincias occidentais e as orientais seguiron traxectorias diferentes. En primeiro lugar, polo que se refire ás provincias occidentais, A Coruña presentou unha liña evolutiva semellante á de Galicia, con valores superiores aos da media en todos os anos da serie pero máis elevados a partir do 2008. Pola súa parte, Pontevedra foi a provincia que presentou a natalidade máis alta, iniciando o período cunha taxa do 8,26 ‰ e chegando a superar o 9 ‰ no ano 2008 (9,39 ‰). Non obstante, a partir dese momento as diferenzas coa media galega reducíronse anualmente, ata finalizar o período de estudo cun valor incluso lixeiramente inferior ao da provincia da Coruña (7,43 ‰ en Pontevedra e 7,45 ‰ na Coruña). En segundo lugar, as provincias orientais partiron de valores similares no ano 2000 (5,70 ‰ en Lugo e 5,33 ‰ en Ourense) e presentaron tendencias relativamente semellantes ata o ano 2008, cando Ourense acadou o valor máximo do indicador (6,42 ‰). Ao igual que sucedeu en Galicia e nas provincias occidentais, a taxa bruta de natalidade de Ourense descendeu de forma suave e paulatina ata o final da serie, mais non ocorreu o mesmo en Lugo. Pois, a partir do ano 2009, a natalidade luguesa situouse por encima da media ourensá e presentou a peculiaridade de alcanzar o valor máximo da taxa no ano 2012 (6,46 ‰) (IGE).

No contexto descrito, M. Blanco (2014) cualificou a actual fecundidade galega como «ínfima e auto-xenocida» (p. 23), debido ás consecuencias que tales valores traerán nas próximas décadas, en eidos como a sostibilidade económica, a sanidade, a asistencia social ou a cohesión nacional. Porén, esta visión fatalista no porvir da sociedade galega debido á baixa fecundidade, xerou respostas entre outros estudosos, que a asocian á ideoloxía natalista que arribou en Galicia nos anos 2005-2006 (Dubert, 2019) e tamén á chamada *demografía apocalíptica* (Pérez-Caramés,

2019). A influencia destas ideoloxías na esfera política quedou plasmada nas políticas públicas de corte natalista implementadas en Galicia en materia demográfica dende o ano 2013 (Dubert, 2019; Pérez-Caramés, 2019 e 2021).

6.2.2.2 Evolución da mortalidade

Tal e como apuntamos en páxinas anteriores, o ano 1950 foi destacado en Galicia por constituír a data na que se rexistrou, por primeira vez no século XX, un volume anual de defuncións inferior a 30.000 (concretamente, contabilizáronse 29.345 falecementos). A partir de entón e ata finais de século, a evolución da mortalidade caracterizouse por mostrar un leve descenso no número de defuncións que foi sucedido dun estancamento con suave tendencia á alza, oscilando así entre un valor mínimo de 22.472 defuncións (ano 1961) e un valor máximo de 29.293 (ano 1999). Esta tendencia alcista mantívose tamén durante as dúas primeiras décadas do século XXI. Nos anos que comprende o noso período de estudo, o número de falecementos flutuou entre os 28.300 rexistrados no ano 2001 e os 31.688 do ano 2015, retornando, polo tanto, a cifras absolutas similares ás de finais da década de 1940. Non obstante, as cifras de mortalidade actuais débense ao crecente envellecemento da poboación e non a causas catastróficas nin á existencia de maiores probabilidades no risco de morte a cada idade na poboación galega en comparación co resto da poboación do Estado ou doutros países de Europa occidental (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999; Eurostat, 2002; IGE, 1996; Precedo e Villarino, 1994).



Figura 6.12. Evolución da taxa bruta de mortalidade en Galicia e nas provincias galegas (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade situouse en torno ao 10 ‰ entre os anos 2000 e 2011, aumentando moi lixeiramente ata situarse no 11 ‰ durante os últimos anos da serie (figura 6.12). A nivel provincial, as curvas de evolución do indicador foron moi similares á de Galicia, diferenciándose principalmente unhas provincias doutras en función dos valores mínimos ou máximos acadados, pero sempre dentro dunha tendencia de moi suave crecemento. Como pode deducirse, as provincias occidentais presentaron taxas de mortalidade inferiores á media galega durante todo o período analizado, mentres que os valores das provincias orientais superaron a media galega e afastáronse desta en maior medida do que o fixeron A Coruña e Pontevedra. Como veu ocorrendo dende mediados do século pasado, as diferenzas interprovinciais



Figura 6.13. Evolución da esperanza de vida ao nacer en Galicia (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

acentuáronse aínda máis nesta etapa, alcanzándose unha diferenza máxima de 5,3 puntos entre os valores da taxa bruta de mortalidade de Lugo e Pontevedra no ano 2015 (15,2 ‰ e 9,8 ‰, respectivamente). Nese ano, a taxa de mortalidade da provincia de Pontevedra foi lixeiramente inferior á media estatal (9,0 ‰), sendo, ademais, a provincia galega que presentou os valores máis próximos á media española durante todo o período de estudo, mostrando unha desviación inferior a 1 punto relativo en todos os anos da serie (IGE; INE).

Ao igual que ocorreu no resto dos países de Europa (Eurostat) e nas outras comunidades autónomas (INE), a esperanza de vida ao nacer continuou aumentando en Galicia nestes primeiros quince anos do século, ata situarse en 82,7 anos no 2015, é dicir, 3,2 anos máis con respecto ao ano 2000 e 9,7 anos máis con respecto ao ano 1975. A existencia dunha maior mortalidade masculina evidénciase nas desigualdades que mostrou a esperanza de vida ao nacer entre homes e mulleres, cunha diferenza entre sexos de 7,4 anos no ano 2000 (75,8 anos nos homes e 83,2 anos nas mulleres) e de 6,1 anos no ano 2015 (79,6 anos nos homes e 85,7 anos nas mulleres). En xeral, a esperanza de vida ao nacer tanto dos homes coma das mulleres seguiu unha tendencia crecente con algunhas variacións anuais de signo negativo, pero moi pouco significativas no conxunto da súa evolución ao longo de todo o período de estudo (figura 6.13). De feito, aínda que no ano 2015 o indicador mostrou unha diminución de décimas en ambos sexos, esa caída non impediu a recuperación e incluso o incremento da esperanza de vida, que chegou a bater o seu récord no ano 2018 ao acadar un valor medio de 83,3 anos, sendo de 80,1 anos nos homes e de 86,4 anos nas mulleres (IGE).

6.2.3 Movementos migratorios

Como podemos apreciar na figura 6.14, en xeral existen dúas etapas diferentes na evolución da taxa de crecemento migratorio en Galicia e nas provincias. Na primeira delas (2000-2012), os valores da taxa de crecemento migratorio foron positivos, mentres que na segunda etapa (2013-2015) os valores do indicador foron negativos, coa excepción de que a provincia de Pontevedra xa rexistrara o primeiro valor negativo de toda a serie no ano 2012. A continuación,

analizaremos con máis detalle os principais indicadores demográficos que determinan a taxa de crecemento migratorio da poboación.



Figura 6.14. Evolución da taxa de crecemento migratorio en Galicia e nas provincias (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

6.2.3.1 Evolución da emigración

No período comprendido entre os anos 2000 e 2015 producíronse en Galicia un total de 1.354.772 emigracións[28]. As cifras máis baixas rexistráronse nos anos 2000 e 2001, cando o número de emigracións anuais se aproximou ás 60.000. Foi a partir dese último ano cando Galicia experimentou unha etapa de crecemento practicamente sostido no volume de emigracións ata o ano 2007 (93.409 emigracións), para logo descender e volver a medrar ata acadar a cifra de emigracións máis elevada de toda a serie temporal no ano 2011, momento no que se contabilizaron 95.617 emigracións. A partir de entón, as emigracións anuais diminuíron de forma considerable e mantivéronse relativamente estancadas en torno ás 90.000, aumentando a 92.000 no último ano do período. O impacto da crise económica e financeira deixouse sentir no lixeiro aumento das emigracións en termos absolutos, xa que dende o ano 2008 non descenderon das 90.000 anuais e ademais acadaron os valores máximos nos anos 2010 (95.381 emigracións) e 2011 (95.617 emigracións). Non obstante, os incrementos tampouco foron demasiado significativos, posto que entre os anos 2003 e 2007 o número de emigracións anuais xa oscilara entre as 80.000 e as 93.000. A nivel provincial, A Coruña e Pontevedra foron as provincias que presentaron o maior número de emigracións en todo o período (583.111 e 416.564 emigracións, respectivamente), seguidas de Ourense (206.541 emigracións) e Lugo (148.556 emigracións). Isto tradúcese en que o 73,8 % das emigracións que tiveron lugar en Galicia no período 2000-2015

[28] Cómpre lembrar que, pola metodoloxía que empregamos para analizar os movementos migratorios de Galicia no século XXI, falaremos sempre de *emigracións* e non de *persoas emigrantes*. Así mesmo, a terminoloxía relativa aos diferentes tipos de emigracións variará lixeiramente da empregada ata o de agora. Neste sentido, convén ter presente que deberemos entender por *emigración externa* aquela que ten como destino outra comunidade autónoma ou o estranxeiro, mentres que o concepto de *emigración interna* soamente se aplicará a aquelas emigracións que teñen como lugar de destino outro municipio de Galicia. As aclaracións metodolóxicas sobre estas cuestións poden consultarse na sección 3.6.3.



Figura 6.15. Evolución da taxa bruta de emigración en Galicia e nas provincias galegas (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

concentráronse nas provincias occidentais, mentres que o 26,2 % tiveron orixe nas provincias orientais. En xeral, as provincias seguiron unha pauta semellante á de Galicia, coa diferenza de que Lugo e Ourense acadaron as cifras máximas de emigracións no ano 2008 (9.812 e 12.513 emigracións, respectivamente), A Coruña no ano 2011 (40.760 emigracións) e Pontevedra no ano 2015 (29.734 emigracións), aínda que neste último caso cun valor moi próximo ao rexistrado nos anos 2010 e 2011 (IGE).

A evolución das taxas brutas de emigración de Galicia e das provincias que mostra a figura 6.15, reflicte as flutuacións acontecidas nas cifras absolutas de emigracións que acabamos de describir. Observamos que no último ano da serie a taxa bruta de emigración a nivel de Galicia viuse incrementada en 10,9 puntos, con respecto ao inicio do período (22,9 ‰ no ano 2000 e 33,8 ‰ no ano 2015). Os valores máximos da taxa rexistráronse nos anos 2010 (34,1 ‰) e 2011 (34,3 ‰) e, dende entón, a taxa de emigración non baixou do 32,6 ‰ en ningún dos sucesivos anos do período de estudo. No último ano da serie, o valor da taxa foi do 33,8 ‰, é dicir, que se produciron 33 emigracións por cada 1.000 persoas residentes en Galicia. A evolución deste indicador foi bastante homoxénea a nivel provincial. En xeral, destacan dous momentos do período de estudo nos que se produciu unha caída acentuada das taxas de emigración nas catro provincias: son os anos 2001 e 2008, ambos asociados a crises económicas. Ditas caídas foron seguidas de importantes escaladas nos valores da taxa ata o ano 2011, estabilizándose no final do período con cifras lixeiramente inferiores. Despois de Ourense, A Coruña foi a provincia que mostrou o valor da taxa de emigración máis elevado no ano 2000 (25,3 ‰), situándose 2,4 puntos por encima do valor da taxa para o conxunto de Galicia. Dende o ano 2002 ao 2015, a taxa de emigración nesta provincia non descendeu do 30 ‰. O valor máximo acadouno no ano 2011 (35,6 ‰), un valor moi próximo ao xa rexistrado uns anos antes, no 2007 (35 ‰). A partir do ano 2011 a taxa de emigración descendeu lixeiramente e estancouse en torno ao 33 ‰, aumentando no último ano do período de estudo ata situarse no 34,3 ‰. A provincia de Lugo foi a que presentou as menores taxas de emigración ao longo dos quince anos analizados, oscilando entre o 18,2 ‰ (ano 2000) e o 30,8 ‰ (ano 2010). A diferenza da provincia da Coruña, que dende o inicio do período e ata o ano no que presentou o valor máximo

da taxa mostrou unha tendencia ao crecemento relativamente pausada, en Lugo e en Ourense produciuse un aumento máis brusco da taxa de emigración no ano 2006 (27,3 ‰ e 40,1 ‰, respectivamente), en comparación coa do ano 2005 (23,6 ‰ en Lugo e 34,5 ‰ en Ourense). A partir do ano 2006, en Lugo, a taxa de emigración continuou medrando a un menor ritmo, ata situarse no valor máximo no ano 2010 (30,8 ‰). Nos sucesivos anos e ata o final do período de estudo, a taxa de emigración descenderá e manterase practicamente estancada en torno ao 29 ‰. Foi Ourense a provincia que iniciou o século coa taxa media de emigración máis elevada das catro provincias (28,2 ‰, no ano 2000), superando a media de Galicia en máis de 5 puntos (22,9 ‰, no ano 2000). Esta provincia seguiu unha tendencia similar á de Galicia e á das provincias da Coruña e Lugo, aínda que con valores moito máis elevados e con ascensos e caídas moito máis pronunciadas. O valor máximo da taxa de emigración acadouno no ano 2010 (46,1 ‰), mais neste caso hai que destacar que a taxa de emigración na provincia de Ourense superou por primeira vez o limiar do 40 ‰ no ano 2007 (43 ‰). A partir do ano 2010, os valores da taxa descenderon e oscilaron lixeiramente dun ano a outro, pero manténdose sempre en valores superiores ao 41 ‰ e chegando, incluso, a alcanzar o 45 ‰ no ano 2014. Durante todos os anos do período de estudo, a taxa media de emigración da provincia de Ourense foi superior á da media de Galicia, situándose entre 5 e 12 puntos por encima desta. Finalmente, polo que se refire á provincia de Pontevedra, no ano 2000 presentou o segundo valor da taxa de emigración máis baixo (20,1 ‰) das catro provincias, por detrás do de Lugo (18,3 ‰). No ano 2002, a taxa de emigración de Pontevedra (24 ‰) experimentou un notable aumento, con respecto ao ano anterior (18,5 ‰). A partir de entón, o valor do indicador medrou de forma continuada ata o ano 2007 (30,4 ‰) e oscilou en valores próximos ao 30 ‰, ata acadar o valor máximo no ano 2015 (31,4 ‰). Pontevedra foi a única provincia na que a taxa de emigración acadou o valor máis elevado no último ano do período estudo, pero sen superar o valor da taxa de emigración galega correspondente a ese ano (33,8 ‰). De feito, os valores das taxas de emigración das provincias de Lugo e Pontevedra nunca superaron os valores das taxas de Galicia (IGE). Como vemos, nas provincias occidentais o valor máximo da taxa bruta de emigración acadouse con posterioridade ás provincias orientais, un dato que posiblemente estea vinculado coa maior capacidade que tiveron A Coruña e —especialmente— Pontevedra para atrasar ou aminorar o impacto das consecuencias socioeconómicas da crise do 2008.

A estrutura por sexo e idade da poboación emigrante reflíctese na figura 6.16, na que superpuxemos as taxas brutas de emigración total correspondentes aos anos 2005 e 2015. Considerando o conxunto da poboación, os valores da taxa bruta de emigración total foron superiores nos homes, tanto no ano 2005 (30,3 ‰ nos homes e 28,7 ‰ nas mulleres) como no ano 2015 (35,1 ‰ nos homes e 32,5 ‰ nas mulleres). Non obstante, apreciamos algunhas diferenzas notorias nos valores do indicador segundo o sexo en determinados grupos de idade. Como podemos observar na figura 6.16, o maior volume de emigracións concentrouse nas idades comprendidas entre os 20 e os 39 anos, incluíndo tamén o grupo de 40 a 44 anos no 2015. Tanto no ano 2005 como no 2015, a taxa bruta de emigración segundo o sexo mantívose practicamente equilibrada na poboación menor de 16 anos (37,0 ‰ nos homes e 36,7 ‰ nas mulleres) e no grupo de idade de 65 e máis anos (11,6 ‰ en ambos sexos), pero presentou importantes diferenzas entre sexos nos restantes grupos de idade, diferenzas que se intensificaron no ano 2015. Por unha banda, no ano 2005 as mulleres emigraron en maior medida que os homes dende os 16 ata os 34 anos, observándose as maiores desigualdades entre sexos no grupo de idade de 20 a 24 anos (38,7 ‰ nos homes e 50,2 ‰ nas mulleres) e no de 25 a 29 anos (58,0 ‰ nos homes e 65,1 ‰ nas mulleres). Entre os 30 e os 34 anos a propensión a emigrar foi exactamente a mesma en ambos



Figura 6.16. Taxa bruta de emigración segundo sexo e idade en Galicia nos anos 2005 e 2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

sexos (57,3 ‰) e partir de entón a tendencia inverteuse. Pois, entre os 35 e os 64 anos foron os homes os que emigraron en maior medidas que as mulleres, aínda que sen chegar a presentar diferenzas nas súas respectivas taxas de emigración superiores a 5,2 puntos (IGE).

Polo que se refire ao destino das emigracións que tiveron lugar en Galicia durante o período de estudo, os datos recollidos na táboa 6.1 deixan entrever que o volume de emigracións en cada tipo de emigración está asociado ás distancias que existen entre o lugar o orixe e o lugar de destino, de maneira que o volume de emigracións descende progresivamente a medida que se incrementa a distancia entre o lugar de orixe e o lugar de destino da emigración. Se consideramos o número total de emigracións producidas no período 2000-2015, a nivel autonómico o 69,6 % das emigracións (942.593) tiveron como destino algún municipio de Galicia, o 23,1 % (312.909 emigracións) tiveron como destino outras comunidades autónomas e o 7,3 % (99.270 emigracións) tiveron como destino outro país. Estes datos son coherentes tanto co patrón de emigración observado a nivel mundial[29], como coa tendencia que veu amosando a emigración galega dende as últimas décadas do século XX e que describimos noutra sección deste capítulo. A nivel provincial, as porcentaxes de emigración segundo o tipo de emigración foron moi similares ás do conxunto de Galicia. En xeral, destaca a provincia de Ourense por mostrar a maior porcentaxe de emigración externa ao estranxeiro (8,2 %). No extremo oposto, destaca a provincia de Lugo, que mostrou a menor porcentaxe de todas as provincias neste tipo de emigración (6,1 %), en favor dunha maior emigración externa a outras comunidades autónomas (25,9 %), en comparación coas restantes provincias e coa media galega. Así mesmo, tamén é salientable a menor porcentaxe de emigración interna rexistrada na provincia de Pontevedra (67,5 %), especialmente con respecto á provincia da Coruña (71,4 %). De acordo cos datos publicados polo IGE para o ano 2015, os principais destinos da emigración interna foron concellos situados nas provincias da Coruña e Pontevedra, o que resulta lóxico se temos en conta que son as provincias máis poboadas, as que teñen o maior número de efectivos demográficos nas franxas de idade

[29]Como comentamos na sección 4.3.3.3 do capítulo 4, as migracións internacionais adoitan ser menos frecuentes que as migracións que teñen lugar dentro de cada país.

	Emigración total	Emigración interna		Emigración externa a outras CC.AA.		Emigración externa ao estranxeiro	
		Total	%	Total	%	Total	%
Galicia	1.354.772	942.593	69,6	312.909	23,1	99.270	7,3
A Coruña	583.111	416.378	71,4	125.892	21,6	40.841	7,0
Lugo	148.556	100.985	68,0	38.468	25,9	9.103	6,1
Ourense	206.541	144.054	69,7	45.610	22,1	16.877	8,2
Pontevedra	416.564	281.176	67,5	102.939	24,7	32.449	7,8

Táboa 6.1. Emigracións segundo o tipo de emigración en Galicia e nas provincias no período 2000-2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

máis propensas a emigrar e nas que están situadas cinco das sete cidades e máis a meirande parte dos municipios intermedios. De feito, o 50,9 % das migracións internas en Galicia tiveron lugar entre concellos non rurais[30]. A nivel estatal os principais destinos da emigración externa foron Madrid e, en menor medida, Cataluña e Canarias. A nivel internacional, os principais destinos da emigración foron países de América do Sur e de Europa caracterizados por ser destinos tradicionais da emigración galega no século pasado, especialmente Arxentina, Venezuela, Brasil, Uruguai e Suíza (IGE).

En relación ao comentado, E. López e Ríos (2021) destacaron o cambio que se produciu, dende a década dos anos setenta, no foco de atención dos estudos e debates acerca da dinámica demográfica de Galicia. En palabras dos autores, «se ata 1975 a preocupación se centrou na emigración, nas décadas recentes a baixa fecundidade e os efectos que dela se derivan pasaron a un primeiro plano» (p. 157). Nese contexto, «só o impacto da crise económica de 2008 determinou que as migracións volvesen, unha vez máis, a ser obxecto dunha franca preocupación pola investigación» (p. 157). Pois, segundo apuntaron, co desencadeamento da recesión económica en 2008, e especialmente no período 2008-2013, «produciuse unha forte saída de mozos titulados cara a países europeos, outras áreas do mundo e certas zonas de España» (p. 161). Esta emigración á que aluden enmárcase, seguindo a Dubert (2019), dentro da quinta vaga emigratoria que afectou a Galicia dende finais do século XVI e que se desenvolveu entre os anos 2002 e 2015[31]. De acordo co autor, «a día de hoxe estímase que esta quinta vaga afectaba en 2015 a uns 380.000 mozos e mozas» (p. 62). Pola similitude entre as cifras que aporta o autor e as cifras que achegamos na táboa 6.1 para a emigración externa a outras comunidades autónomas e ao estranxeiro, entendemos que a quinta vaga emigratoria refírese exclusivamente á emigración externa[32]. Porén, á vista dos datos que describimos, o perfil máis frecuente das persoas mozas que emigraron en Galicia durante o período de estudo (2000-2015), non se corresponde co dunha persoa que emigra a outra comunidade autónoma ou a outro país, senón co dunha persoa de

[30] Das 942.593 emigracións internas rexistradas no período 2000-2015, o 50,9 % tiveron como orixe e destino concellos non rurais; o 19,0 % tiveron como orixe concellos non rurais e como destino concellos rurais; o 22,9 % tiveron como orixe concellos rurais e como destino concellos non rurais; e o 8,2 % restante tivo como orixe e destino concellos rurais.

[31] Segundo Dubert (2019), a emigración constitúe unha realidade estrutural da historia de Galicia, ao igual que a persistencia das desigualdades socioeconómicas que a orixinan. Afirma o autor que «proba dese carácter estrutural do que falamos é que entre finais do século XVI e os comezos do século XXI houbo en Galicia cinco grandes vagas emigratorias de desigual intensidade e duración» (p. 59), que se desenvolveron nas seguintes datas: 1560-1630, 1690-1790, 1850-1918, 1950-1975 e 2002-2015. Os efectos destas grandes vagas emigratorias «condicionan fondamente o futuro do país no eido demográfico, económico, social e cultural» (p. 59).

[32] Se ben as cifras de emigracións que reflicte a táboa 6.1 fan referencia a emigracións e non a persoas emigrantes, constitúen a mellor aproximación da que se dispón para coñecer o número de emigrantes.

entre 25 e 34 anos que emigra principalmente a outro municipio de Galicia (IGE) e que dispón de estudos medios ou superiores (Dubert, 2019; E. López e Ríos, 2021). Para Dubert (2019) a emigración «sitúa a súa orixe nas eivas e nas diferenzas económicas e sociais que condicionan ou impiden a materialización das expectativas vitais e sociais dos individuos e das súas familias nos seus respectivos lugares de nacemento» (p. 9). Por iso, «diante da imposibilidade de facelo na súa terra, os galegos e as galegas marchan dela» (p. 9). Se ben coincidimos con esta visión, consideramos que debe ser matizada e que debe abranguer tamén a emigración interna, posto que dentro do territorio galego as diferenzas económicas ou sociais entre determinadas comarcas tamén son causa de emigración a outras partes da xeografía galega. De feito, a tendencia á concentración da poboación moza nas áreas non rurais contribúe ao despoboamento xeneralizado que experimentan moitas comarcas rurais do interior de Galicia (Aldrey, 2006; Ferrás, 2011; Lois e Rodríguez, 2001; E. López e Ríos, 2021), unha realidade considerada como un dos grandes problemas territoriais que afectan ao espazo rural galego (Rodríguez, 2004).

6.2.3.2 Evolución da inmigración

Tal e como apuntaron Oso et al. (2008), «a emigración marcou a historia e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, aínda que, na actualidade, a dirección, a intensidade e a "cor" dos movementos migratorios cambiaron en Galicia» (p. 21). Pois, en palabras de Rojo (2005), «de ser unha comunidade netamente exportadora de "carne humana", segundo a expresión de Castelao, Galicia converteuse en terra de inmigración» (p. 16). Este cambio de tendencia remóntase ás últimas décadas do século XX. Seguindo a E. López e Ríos (2021), «a emigración ao estranxeiro experimentou un corte abrupto a raíz da crise económica dos anos setenta, sen que chegara a reactivarse nas seguintes décadas» (p. 160). O cese das saídas «acompañouse do funcionamento de cara a Galicia dun fluxo moderado, pero continuo, de retornos de Europa e América, ao que a partir da década do 2000 se uniu unha entrada (modesta pero non desprezable) de inmigrantes propiamente ditos» (p. 160). Cómpre matizar, por unha banda, que esa inmigración de retorno non só inclúe o regreso daquelas persoas que unha vez emigraron de Galicia, senón tamén o dos seus descendentes. Estes fluxos migratorios de retorno conviviron con novos fluxos migratorios de persoas procedentes de América Latina, África, Asia e Europa do Leste, sen relación coa emigración galega. Durante os primeiros anos do século XXI, a inmigración acadou en Galicia unha intensidade sen precedentes que se enmarca dentro dunha tendencia común a toda España. Porén, mentres que en España a inmigración está fundamentalmente composta por persoas procedentes do estranxeiro, en Galicia o contexto migratorio é moito máis complexo. Neste sentido, é posible identificar ata seis categorías de inmigrantes: 1) persoas nacidas en Galicia e con nacionalidade española que nun momento da súa vida emigraron e retornaron; 2) persoas con nacionalidade española, nacidas no estranxeiro (Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido, Venezuela, Cuba, Arxentina) que son fillos e familiares a cargo de emigrantes galegos e que inmigraron debido ao retorno do familiar galego; 3) persoas con nacionalidade española, nacidas no estranxeiro (Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido, Venezuela, Cuba, Arxentina) que son fillos ou netos de emigrantes galegos e que inmigraron por conta propia; 4) persoas con nacionalidade estranxeira, nacidas no estranxeiro (Arxentina, Uruguai, Brasil) sen lazos familiares con emigrantes, pero con vínculos socioculturais con Galicia; 5) persoas con nacionalidade estranxeira, nacidas no estranxeiro (Colombia, Marrocos, Romanía e a República Dominicana) sen lazos familiares con emigrantes e sen vínculos socioculturais con Galicia, e; 6) persoas con nacionalidade estranxeira, nacidas no estranxeiro (Portugal) sen lazos familiares con emigrantes, pero con vínculos socioculturais con Galicia debido á proximidade

xeográfica (Oso et al., 2008).

En canto á evolución da inmigración nos primeiros anos do século, no período comprendido entre os anos 2000 e 2015 rexistráronse en Galicia un total de 1.494.822 inmigracións[33]. As cifras máis baixas acadáronse no ano 2001, cun valor de 65.866 inmigracións. A partir dese ano, Galicia experimentou un continuo ascenso no número anual de inmigracións, ata acadar a cifra máxima no ano 2007 (112.995 inmigracións). A partir de entón, o volume de inmigracións comezou a descender ata acadar a cifra máis baixa de toda a serie no ano 2013 (87.912 inmigracións). Nos dous últimos anos do período de estudo as inmigracións ascenderon lixeiramente con respecto ao ano 2013, rexistrándose no ano 2015 un total de 91.306 inmigracións, unha cifra bastante próxima á do ano 2003. Como vemos, o impacto da crise deixouse sentir na redución do número absoluto de inmigracións a partir do ano 2007, xa que entre os anos 2008 e 2013 «a inmigración internacional que desembocaba en Galicia paralizouse, á vez que unha parte dos inmigrantes iniciou o retorno aos seus países de orixe» (E. López e Ríos, 2021, p. 161). A nivel provincial, A Coruña e Pontevedra foron as provincias que rexistraron o maior número de inmigracións en todo o período (651.701 e 463.414 inmigracións, respectivamente), seguidas de Ourense (217.422 inmigracións) e Lugo (162.285 inmigracións). É dicir, o 74,6 % das inmigracións rexistráronse nas provincias occidentais, mentres que o 25,4 % tiveron como destino as provincias orientais. En xeral, as provincias seguiron unha pauta similar á de Galicia, acadando as cifras máximas de inmigracións no ano 2007 (49.110, 12.972 e 34.972 inmigracións na Coruña, Lugo e Pontevedra, respectivamente), coa excepción de Ourense, que rexistrou a cifra máxima no ano 2010 (16.051 inmigracións) (IGE).

A figura 6.17 mostra a evolución das taxas brutas de inmigración de Galicia e das provincias, que reflicte a evolución das cifras absolutas de inmigracións que acabamos de describir. Como podemos observar, no ano 2015 a taxa bruta de inmigración en Galicia viuse incrementada en 8,1 puntos, con respecto ao ano 2000 (25,4 % no ano 2000 e 33,5 % no ano 2015). O valor máximo da taxa rexistrouse no ano 2007 (40,7 ‰). A partir desa data, os valores do indicador decreceron anualmente ata acadar o valor máis baixo no ano 2013 (31,9 ‰). Nos dous últimos anos da serie a taxa bruta de inmigración volveu a medrar, acadando o 33,5 ‰ no ano 2015. Dito con outras palabras, no ano 2015 rexistráronse en Galicia 33 inmigracións por cada 1.000 habitantes. A nivel provincial, a evolución da taxa bruta de inmigración foi similar á descrita para Galicia. En xeral, as catro provincias iniciaron o século XXI con valores que oscilaron entre o 18,3 ‰ (Lugo) e o 30,9 ‰ (Ourense) no ano 2000. O dato de Lugo foi o máis baixo de toda a serie nesa provincia, mentres que A Coruña, Ourense e Pontevedra rexistraron os seus valores mínimos no ano 2001, con diferenzas de menos de 3 puntos relativos con respecto ao ano 2000. A partir do ano 2001 —e do ano 2000, no caso de Lugo—, os valores da taxa bruta de inmigración das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra iniciaron un paulatino e sostido ascenso ata o ano 2007, cando alcanzaron os valores máximos do indicador (43,2 ‰ na Coruña, 36,5 ‰ en Lugo e 36,8 ‰ en Pontevedra). No caso de Ourense a traxectoria foi similar, pero destacou sobre as outras provincias por rexistrar o valor máximo da taxa bruta de inmigración

[33] Cómpre lembrar que, pola metodoloxía que empregamos para analizar os movementos migratorios de Galicia no século XXI, falaremos sempre de *inmigracións* e non de *persoas inmigrantes*. Así mesmo, a terminoloxía relativa aos diferentes tipos de inmigracións variará lixeiramente da empregada ata o de agora. Neste sentido, convén ter presente que deberemos entender por *inmigración externa* aquela que ten como lugar de procedencia outra comunidade autónoma ou o estranxeiro, mentres que o concepto de *inmigración interna* soamente se aplicará a aquelas inmigracións que teñen como lugar de procedencia outro municipio de Galicia. As aclaracións metodolóxicas sobre estas cuestións poden consultarse na sección 3.6.3.



Figura 6.17. Evolución da taxa bruta de inmigración en Galicia e nas provincias galegas (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

no ano 2010 (48,0 ‰) e por ser, ademais, a provincia que ostentou os valores máis elevados do indicador entre os anos 2005 e 2015. A partir do ano 2007, e coa excepción xa comentada de Ourense, as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra emprenderon unha senda decrecente nos valores da taxa bruta de inmigración, mostrando unha relativa estabilización e incluso lixeiros ascensos nos valores do indicador especialmente nos dous últimos anos do período de estudo. Desta maneira, no ano 2015 as taxas de inmigración eran do 34,5 ‰ na Coruña, 30,2 ‰ en Lugo, 41,6 ‰ en Ourense e 30,8 ‰ en Pontevedra (IGE).

A estrutura por sexo e idade da poboación inmigrante reflíctese na figura 6.18, na que superpuxemos as taxas brutas da inmigración total correspondentes aos anos 2005 e 2015. Considerando o conxunto da poboación, e ao igual que aconteceu a respecto da taxa bruta de emigración, os valores da taxa bruta de inmigración foron superiores nos homes, tanto no ano 2005 (36,7 ‰ nos homes e 34,5 ‰ nas mulleres) como no ano 2015 (34,6 ‰ nos homes e 32,5 ‰ nas mulleres). Como podemos observar na devandita figura, o maior volume de inmigracións —en ambos sexos e en ambas datas— concentrouse nas idades comprendidas entre os 20 e os 39 anos. No ano 2005, a taxa bruta de inmigración segundo o sexo mantívose relativamente equilibrada na poboación menor de 16 anos (46,9 ‰ nos homes e 47,0 ‰ nas mulleres), no grupo de idade de 30 a 34 anos (65,7 ‰ nos homes e 65,0 ‰ nas mulleres) e no grupo de 65 e máis anos (14,9 ‰ nos homes e 13,4 ‰ nas mulleres). Nos restantes grupos de idade as diferenzas foron maiores, acadándose as maiores desigualdades nas franxas de 20 a 24 anos (45,0 ‰ nos homes e 60,6 ‰ nas mulleres) e na de 25 a 29 anos (63,8 ‰ nos homes e 74,1 ‰ nas mulleres). Se no ano 2005 as taxas brutas de inmigración foron superiores nas mulleres nos grupos de idade menores de 30 anos, no ano 2015 esta tendencia ampliouse aos grupos de idade menores de 35 anos. A partir desas idades, os valores daa bruta de inmigración foron sempre superiores nos homes. En calquera caso, as maiores diferenzas entre sexos no ano 2015 acadáronse nos grupos de idade de 20 a 24 anos (50,8 ‰ nos homes e 62,3 ‰ nas mulleres) e no de 25 a 29 anos (68,6 ‰ nos homes e 82,8 ‰ nas mulleres). Tanto no ano 2005 coma no ano 2015, os valores da taxa bruta de inmigración das mulleres de 25 a 29 anos foron os máis



Figura 6.18. Taxa bruta de inmigración segundo sexo e idade en Galicia nos anos 2005 e 2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

	Inmigración total	Inmigración interna		Inmigración externa doutras CC.AA.		Inmigración externa do estranxeiro	
		Total	%	Total	%	Total	%
Galicia	1.494.822	942.663	63,1	297.359	19,9	254.800	17,0
A Coruña	651.701	426.938	65,5	120.143	18,4	104.620	16,1
Lugo	162.285	95.537	58,9	40.350	24,9	26.398	16,3
Ourense	217.422	137.807	63,4	42.574	19,6	37.041	17,0
Pontevedra	463.414	282.381	60,9	94.292	20,3	86.741	18,7

Táboa 6.2. Inmigracións segundo o tipo de inmigración en Galicia e nas provincias no período 2000-2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

elevados de todos (IGE).

Polo que se refire ao lugar de procedencia das inmigracións rexistradas en Galicia no período de estudo, os datos recollidos na táboa 6.2 amosan que o volume de inmigracións descende progresivamente a medida que se incrementa a distancia con respecto ao lugar de orixe da poboación inmigrante. Así, se consideramos o número total de inmigracións rexistradas a nivel autonómico no período 2000-2015, observamos que o 63,1 % das inmigracións (942.663) correspondéronse con movementos migratorios internos. Teoricamente, o volume de emigración interna e o volume de inmigración interna debería ser exactamente o mesmo para o ámbito de Galicia, mais existe un pequena diferenza —insignificante, en termos relativos— debida á imperfección das fontes de datos manexadas. En canto á inmigración externa, esta representou o 36,9 % sobre o total das inmigracións. Destas, o 19,9 % (297.359 inmigracións) correspondeuse con inmigracións procedentes doutras comunidades autónomas, mentres que o 17,0 % (254.800 inmigracións) correspondéronse con inmigracións procedentes do estranxeiro. A nivel provincial, as porcentaxes de inmigración recibida segundo o tipo de inmigración, foron moi similares ás descritas para o conxunto de Galicia. Con todo, destaca o caso da provincia de Lugo, que mostrou a menor porcentaxe de inmigración interna de todas as provincias (58,9 %), en favor dunha maior porcentaxe de inmigración externa procedente doutras comunidades autóno-

mas (24,9 %). Este aspecto posiblemente estea asociado á inmigración de retorno, posto que —como xa comentamos anteriormente— a provincia de Lugo foi tamén a que mostrou a maior porcentaxe de emigración a outras comunidades autónomas (25,9 %). De acordo cos datos publicados polo IGE para o ano 2015, os principais lugares de procedencia da inmigración interna foron concellos situados nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que a nivel estatal os principais lugares de procedencia da inmigración externa foron Madrid, Cataluña e Canarias. En canto á inmigración procedente do estranxeiro, os principais países de procedencia foron Venezuela, Brasil, Portugal, Romanía e Suíza (IGE).

6.2.4 A estrutura por sexo e idade da poboación

A evolución dos procesos demográficos descritos foi modulando, á súa vez, a estrutura por sexo e idade da poboación galega ao longo do período 2000-2015. A figura 6.19 reflicte a evolución da estrutura por sexo e idade nese período, a partir das pirámides de poboación correspondentes aos anos 2000, 2005, 2010 e 2015, elaboradas cos datos do Padrón Municipal de habitantes (IGE). Seguindo coa tendencia descrita en páxinas anteriores en relación á evolución da estrutura da poboación nas dúas últimas décadas do século XX, as pirámides da poboación galega da figura 6.19 mostran unha base progresivamente máis estreita na que o tamaño das franxas de idade dos grupos infantil e xuvenil tenden a igualarse. As pirámides de tipo regresivo, coma estas, son propias das poboacións dos países desenvolvidos e reflicten os baixos índices de natalidade e o crecente envellecemento da poboación. Se nos fixamos na figura correspondente ao último ano do período de estudo, podemos diferenciar dous sectores superpostos que integran a figura (J. Hernández, 2011). Por unha banda, o sector superior, de tipo triangular e cuxa base estaría definida polo grupo de idade máis numeroso, é dicir, o da poboación de 35 a 39 anos (persoas nacidas entre 1976 e 1980). E por outra banda, o sector inferior, con forma de columna trapezoidal que representa os grupos de idade nacidos entre os anos 1981 e 1985.

Centrándonos nas pirámides correspondentes aos anos 2000 e 2015, a estrutura por sexo foi bastante equitativa en todo o período temporal analizado, cun lixeiro predominio da poboación feminina sobre a masculina en todo o período do estudo (a proporción de feminidade no ano 2000 era do 51,96 % e no ano 2015 era do 51,80 %), sen apreciarse un aumento significativo do índice de masculinidade a nivel global, que pasou do 92,47 % no ano 2000 ao 93,06 % no 2015. En xeral, o sexo masculino predominou levemente nos grupos quinquenais de idade comprendidos entre os 0 anos e os 29 anos. Isto reflectiuse, consecuentemente, nos valores do índice de masculinidade, que se mantivo sempre en valores próximos ao 107 % no grupo de 0-4 anos, para ir descendendo paulatinamente ata situarse en valores do 100 % no rango de idade de 25-29 anos. A partir deste tramo de idade, a porcentaxe de poboación feminina pasou a situarse levemente por encima da masculina en todos os grupos de idade, se ben a partir do rango de idade de 65-69 anos comeza a medrar en maior proporción, chegando a superar en máis do dobre a porcentaxe de poboación masculina no grupo de idade de 85 anos e máis. Aínda que a porcentaxe de poboación masculina de 85 anos e máis tamén aumentou, a porcentaxe de mulleres neste grupo de idade medrou a un ritmo superior (no ano 2000, a porcentaxe de mulleres neste rango de idade era do 1,65 % e a de homes era do 0,72 % sobre o total da poboación, mentres que no 2015 as mulleres representaban o 2,69 % fronte ao 1,28 % dos homes). Esta tendencia mantívose ao longo do período de estudo e está estreitamente vinculada ao incremento da esperanza de vida, tanto nos homes coma nas mulleres. No primeiro caso, a esperanza de vida no ano 2000 situábase en 75,84 anos e pasou no 2015 a 79,6 anos, fronte aos



(a) Galicia, 2000

(b) Galicia, 2005

(c) Galicia, 2010

(d) Galicia, 2015

Figura 6.19. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

83,15 anos no ano 2000 para as mulleres e que pasou a 85,71 no ano 2015. De forma parella, o índice de sobreenvellecemento pasou de 11,68 % no ano 2000 a 16,53 % no ano 2015, polo que neste último ano do período de estudo había 16 persoas de 85 e máis anos por cada 100 persoas de máis de 65 anos.

Polo que se refire á composición por idade da poboación, cómpre salientar que os trazos máis característicos da figura relativa ao ano 2000 constitúenos os saíntes que presenta no rango de idade de 20-24 anos e no de 65-69 anos, en ambos sexos. O primeiro deles representa o grupo de persoas nacidas entre os anos 1976 e 1980. Dado que o ano 1976 marcou o récord de nacementos a nivel galego no período comprendido entre o ano 1975 e o presente, este grupo de poboación foi o máis numeroso dende o ano 2000 ao 2015, tanto en termos absolutos coma porcentuais. Con respecto ao segundo saínte mencionado, representa ás persoas nacidas entre os anos 1931 e 1935, xusto antes da Guerra Civil española. Por ese motivo, apréciase en todas as gráficas un entrante en ambos sexos na xeración de nacidos entre os anos 1936 e 1940, que no ano 2000 tiñan entre 60 e 64 anos e no ano 2015 tiñan entre 80 e 84 anos. Polo que se refire á base da pirámide do ano 2000, a porcentaxe de poboación de 0 a 4 anos era lixeiramente superior á de 85 anos e máis. Mais resulta destacable o feito de que houbese máis mulleres no rango de idade de 85 anos e máis (1,65 % sobre o total da poboación) que no de 0-4 anos (1,53 % sobre o total da poboación). Con este curioso dato albiscamos unha tendencia que se viu confirmada na gráfica relativa ao ano 2015, cando a porcentaxe de mulleres de 85 anos e máis xa ascendera ao 2,69 % sobre o total da poboación, fronte ao 1,83 % que representaban as rapazas de 0 a 4 anos. A franxa de idade predominante durante o período de estudo foi a comprendida entre os 15 e os 64 anos, representando o 67,55 % sobre o total da poboación no ano 2000 e o 64,06 %

no ano 2015. Tanto no inicio do período coma ao final do período, a poboación deste grupo de idade superou en máis de cinco veces á poboación menor de 15 anos, que no 2015 representaba o 11,93 % da poboación. Isto tradúcese, de acordo coas cifras do índice de envellecemento, en que no ano 2015 había 201 persoas de 65 anos e máis por cada 100 persoas menores de 15 anos. Pola contra, o índice de xuventude móstranos que no ano 2015 había 59 persoas menores de 15 anos por cada 100 persoas de 65 anos e máis. Consecuentemente, o índice de dependencia tamén se incrementou ao longo do período de estudo, que pasou do 48,03 % no ano 2000 ao 56,10 % no ano 2015.

Como apuntamos en parágrafos anteriores, a aceleración do proceso de envellecemento constitúe unha das características máis destacadas do modelo demográfico actualmente vixente en Galicia (E. López e Ríos, 2021). De acordo con J. Hernández (2011), «o colectivo da poboación da terceira idade é o grupo que máis medrou nos últimos anos e espérase que continúe sendo así no curso das próximas décadas» (pp. 7-8). No ano 2015, a porcentaxe de poboación de 65 anos e máis representaba o 24,0 % do total da poboación galega, un valor 5,1 puntos superior ao da media da UE-28 (18,9 %) e 5,9 puntos superior ao da media estatal (18,1 %). Se ben o envellecemento demográfico se intensificou nas catro provincias durante o período de estudo intensificouse, non se manifestou con igual magnitude en todo o territorio. Así, mentres que no ano 2015 os índices de envellecemento non alcanzaron o 200 % nas provincias occidentais (192,8 % na Coruña e 159,4 % en Pontevedra), os valores do indicador ascenderon ao 290,5 % en Lugo e ao 309,8 % en Ourense. E é que no último ano do período de estudo, nas provincias orientais, a proporción de persoas de 65 anos e máis triplicou a proporción de persoas menores de 15 anos. A representación gráfica da composición por sexo e idade da poboación a nivel provincial —que pode consultarse no anexo B— reflicte o maior envellecemento da poboación das provincias orientais, que tradicionalmente foron as máis afectadas pola emigración e que son as que acollen o maior número de municipios rurais. Actualmente, o envellecemento demográfico constitúe un dos temas máis importantes dentro da literatura científica da xeodemografía en Galicia, cun amplo abano de publicacións que afondan nos discursos en torno a este fenómeno demográfico, na evolución da estrutura da poboación galega —a diferentes escalas— ata o presente, na súa relación co mercado de traballo ou nas súas implicacións económicas e sociais de cara ao futuro (Aldrey, 2011; Aldrey e Del Río, 2014; Dubert, 2019; X. Fernández, 2000a; J. Hernández, 2011, 2013 e 2019; Pérez-Caramés, 2019).

6.2.5 A estrutura socioprofesional da poboación activa

De acordo con Aldrey (2006), «a tendencia xeral na evolución das taxas de actividade ó longo do século XX foi dunha redución notable ata mediados de século para a partir de entón, sobre todo en datas recentes, medrar de novo» (p. 102). A evolución do indicador estivo estreitamente asociada ao fenómeno da emigración, de maneira que a perda de efectivos demográficos potencialmente activos por causa da emigración, repercutiu na caída da taxa ata o ano 1950 (50,22 % no 1900 e 44,29 % no ano 1950). Porén, coa incorporación masiva da muller ao mercado de traballo non agrario, os valores da taxa de actividade fóronse incrementando ata situarse en valores bastante similares aos rexistrados no ano 1900 (50,22 % no ano 1900, 50,61 % no ano 2001 e 53,21 % no ano 2004). En comparación coa taxa de actividade a nivel estatal, «a evolución galega foi similar á española, se ben esta última partía de valores significativamente máis baixos en 1900 que se mantiveron en 1960, debido a que en Galicia se contabilizaba o traballo feminino no campo, agás no caso da Coruña» (p. 102). A comezos do presente século, os va-

Ano	Sexo	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	Total	54,2	55,1	51,7	48,8	56,0
	Homes	61,2	61,9	57,8	55,2	63,9
	Mulleres	47,7	48,9	46,1	43,0	48,7
2011	Total	54,8	55,7	52,3	49,8	56,3
	Homes	61,0	61,5	58,0	55,8	63,5
	Mulleres	49,0	50,5	47,0	44,3	49,7
2012	Total	55,0	56,3	51,6	49,6	56,7
	Homes	61,0	61,8	56,5	55,5	63,7
	Mulleres	49,5	51,2	47,0	44,1	50,3
2013	Total	54,2	55,3	52,0	47,9	55,9
	Homes	59,9	60,8	56,7	52,8	62,3
	Mulleres	49,0	50,2	47,6	43,3	49,9
2014	Total	53,8	55,1	51,4	47,3	55,3
	Homes	59,0	60,4	55,8	51,0	61,2
	Mulleres	49,0	50,2	47,3	43,9	49,9
2015	Total	53,5	54,7	51,9	47,8	54,5
	Homes	58,6	60,1	56,3	50,6	60,4
	Mulleres	48,7	49,8	47,8	45,1	49,0

Táboa 6.3. Evolución da taxa de actividade (%) en Galicia e nas provincias galegas, no período 2010-2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

lores da taxa española xa eran máis elevados que os da galega, mostrando un valor do 52,88 % no ano 2001 e do 56,36 % no ano 2004 (Aldrey, 2006). Tanto en Galicia como no conxunto estatal, a taxa de actividade continuou ascendendo nos seguintes anos, ata acadar no ano 2008 valores do 55,1 % en Galicia e do 59,8 % en España (C. Muñoz, 2010).

Os datos da Enquisa de Poboación Activa publicados polo IGE para o período 2010-2015 (táboa 6.3), amosan que durante o último lustro do período de estudo a taxa de actividade acadou o valor máximo no ano 2012 en Galicia (55 %) e en Pontevedra (56,7 %), e no ano 2011 nas provincias da Coruña (55,7 %), Lugo (52,3 %) e Ourense (49,8 %). Esta última provincia foi a que mostrou os valores máis baixos do indicador ao longo destes seis anos, sen chegar a alcanzar o 50 %. En comparación coas provincias da Coruña e Pontevedra, as provincias orientais mostraron menores taxas de actividade, debido, entre outros aspectos, ao forte envellecemento demográfico. Non obstante, estes datos globais agochan as disparidades que existen nos valores da taxa entre sexos, sendo superiores nos homes. Así, por exemplo, os valores da taxa de actividade masculina ano 2015 superaron aos da taxa de actividade feminina entre 5,5 puntos (Ourense) e 11,4 puntos (Pontevedra).

Polo que se refire á distribución sectorial da poboación activa, a evolución das porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social nos distintos sectores continuou coa tendencia que traía dende comezos do século pasado, cun crecente peso do sector terciario e unha crecente diminución do peso do sector primario. No ano 2001, o emprego no sector primario representaba o 11,1 %, unha porcentaxe notablemente superior á do conxunto español (6,3 %) e superior, tamén, á que mostraban os países cun maior nivel de desenvolvemento. Paralelamente, se ben no ano 1950 as porcentaxes de emprego nos sectores secundario (13,6 %) e terciario (14,5 %) eran relativamente similares, a expansión do proceso de urbanización que tivo lugar durante a segunda metade do século XX, deixouse sentir na evolución das porcentaxes de afiliacións nestes sectores. Pois, aínda que o peso porcentual de ambos sectores medrou dende o ano 1950, no ano

Ano	Sector de actividade	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	Agricultura e pesca	7,3	6,6	15,3	5,3	5,7
	Construción	10,1	10,5	10,1	10,7	9,6
	Industria	15,0	13,5	11,5	15,7	17,8
	Servizos	67,6	69,4	63,2	68,4	66,9
2011	Agricultura e pesca	7,0	6,3	14,9	5,1	5,5
	Construción	8,9	9,1	9,1	9,7	8,4
	Industria	14,6	13,3	11,3	15,5	17,2
	Servizos	68,6	70,5	63,9	68,3	68,1
2012	Agricultura e pesca	7,0	6,3	14,9	5,0	5,5
	Construción	7,9	8,0	8,0	9,0	7,2
	Industria	14,4	12,9	11,1	15,3	17,1
	Servizos	70,5	72,5	65,6	70,3	70,0
2013	Agricultura e pesca	6,9	6,3	14,7	4,9	5,3
	Construción	7,5	7,8	7,6	8,5	6,8
	Industria	14,1	12,7	10,8	14,8	16,8
	Servizos	71,4	73,1	66,7	71,4	70,9
2014	Agricultura e pesca	6,7	6,1	14,4	4,8	5,2
	Construción	7,4	7,6	7,5	8,2	6,9
	Industria	13,8	12,3	10,7	14,7	16,4
	Servizos	71,9	73,8	67,2	72,0	71,4
2015	Agricultura e pesca	6,4	5,8	13,9	4,6	4,9
	Construción	7,4	7,6	7,4	8,2	6,8
	Industria	13,8	12,5	10,8	14,7	16,4
	Servizos	72,2	74,0	67,7	72,3	71,7

Táboa 6.4. Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por sectores de actividade en Galicia e nas provincias galegas, no período 2010-2015.
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

2001 o peso do sector terciario era moito maior con respecto ao secundario (31 % e 57,9 %, respectivamente) (Aldrey, 2006).

Tal e como podemos observar na táboa 6.4, ao longo do período de estudo o sector terciario continuou adquirindo importancia sobre os outros sectores, ata representar máis do 70 % das afiliacións a nivel galego no ano 2015 (72,2 %). Seguíronlle, en volume de afiliacións, o sector da industria (13,8 %), o sector da construción (7,4 %) e o sector da agricultura e da pesca (6,4 %). Como vemos, a actividade económica galega xira en torno ao sector servizos, que non parou de medrar nos últimos seis anos do período de estudo, á vez que as porcentaxes de afiliacións nos outros sectores non deixaron de descender. A nivel provincial, este patrón repetiuse nas catro provincias, rexistraron incrementos nas porcentaxes de afiliacións no sector servizos de entre 3,9 puntos (Ourense) e 4,8 puntos (Pontevedra) no ano 2015, con respecto ao 2010. Neste contexto, a provincia de Lugo destacou por manter a maior porcentaxe de emprego no sector da agricultura e a pesca (15,3 % no ano 2010 e 13,9 % no ano 2015), cunha cifra o dobre superior á de Galicia (6,4 %) e o triplo superior á de Ourense (4,6 %). Esta última provincia destacou por mostrar a maior porcentaxe de afiliacións no sector da construción (8,2 %) no ano 2015, mentres que Pontevedra presentou nesa mesma data a maior porcentaxe de afiliacións no sector da industria (16,4 %) e A Coruña no sector servizos (74,0 %). Porén, a pesares destas diferenzas interprovinciais, as desigualdades observadas nas porcentaxes de emprego nos sectores da construción, da industria e dos servizos, non chegaron a ser tan acusadas como as observadas no sector da agricultura e da pesca (IGE).

Ano	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2005	91,4	89,1	75,4	100,1	97,0
2006	89,1	86,9	73,8	99,0	93,6
2007	82,9	81,5	68,3	93,0	86,2
2008	89,3	86,9	70,7	97,8	95,7
2009	113,4	109,7	87,7	115,6	126,0
2010	125,0	119,6	99,4	126,7	139,6
2011	134,3	127,4	108,8	134,1	151,1
2012	151,8	144,1	126,0	151,5	169,6
2013	156,6	148,7	131,6	154,7	174,9
2014	147,6	139,2	122,4	146,6	166,2
2015	135,6	128,0	111,5	137,8	152,0

Táboa 6.5. Evolución do paro rexistrado por 1.000 habitantes en Galicia e nas provincias galegas, no período 2005-2015.

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

Finalmente, os datos do paro rexistrado por 1.000 habitantes dispoñibles na web do IGE, permítennos analizar a evolución seguida no período 2005-2015. Como podemos observar na táboa 6.5, a nivel autonómico o valor deste indicador descendeu anualmente dende o ano 2005 (91,4 persoas por cada 1.000 habitantes) ata o ano 2007, cando se rexistrou o valor máis baixo da serie (82,9 persoas por cada 1.000 habitantes), coincidindo cos anos de bonanza económica. Pero o impacto da crise de 2008 deixouse sentir de forma inmediata nos valores deste indicador, ao experimentar un incremento súbito no ano 2009, con respecto ao ano 2008 (89,3 e 113,4 persoas por cada 1.000 habitantes, respectivamente). Nos seguintes anos, o número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes continuou medrando, alcanzando a cifra máxima no ano 2013, con 156,6 persoas paradas por cada 1.000 habitantes. A partir desa data, os valores do indicador descenderon anualmente e de forma significativa ata o final do período de estudo. A nivel provincial observamos que o indicador seguiu o mesmo comportamento que o descrito para Galicia. En xeral, e en todas as provincias, o menor número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes rexistrouse no ano 2007, mentres que o maior número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes rexistrouse no ano 2013. A provincia de Lugo foi a que presentou os valores máis baixos no indicador, oscilando entre as 68,3 e as 131,6 persoas por cada 1.000 habitantes. Nas restantes provincias os valores foron considerablemente maiores, chegando a acadar cifras do 148,7 (A Coruña), 154,7 (Ourense) e 174,9 (Pontevedra) no ano 2013. Nos dous últimos anos da serie, o paro rexistrado por cada 1.000 habitantes reduciuse nas catro provincias, diminuíndo lixeiramente as diferenzas interprovinciais nos valores do indicador (IGE).

6.2.6 As disparidades demográficas entre as áreas non rurais e as áreas rurais

A grandes trazos, a análise demográfica a nivel provincial permitiunos observar as principais disparidades territoriais existentes en Galicia. Mais, tratándose dunha investigación centrada nas áreas rurais, consideramos fundamental realizar unha breve aproximación ás disparidades demográficas que existen a nivel autonómico e provincial, a partir do uso da dicotomía rural-non rural. Con este propósito, nas seguintes páxinas reproducimos o mesmo esquema de contidos que nas páxinas precedentes.

6.2.6.1 Evolución da poboación nas áreas non rurais e nas áreas rurais

Se segmentamos a poboación de Galicia nas categorías rural e non rural tomando como referencia o grao de urbanización do territorio[34], observamos dúas tendencias totalmente opostas na evolución da poboación: o crecemento suave e practicamente ininterrompido da poboación non rural e o decrecemento continuo e intenso da poboación rural. Como comentamos en liñas anteriores, a poboación total permaneceu practicamente estancada se consideramos os quince anos da serie no seu conxunto, ao mostrar un aumento demográfico do 0,02 % no ano 2015, con respecto ao inicio da serie. Non obstante, a súa traxectoria presentou algún que outro altibaixo, xa que o máximo de poboación alcanzouno no ano 2010 —cun incremento de poboación do 2,41 % con respecto ao ano 2000— e a partir desa data o crecemento foise reducindo. Este mesmo patrón foi o que seguiu a poboación non rural, aínda que presentando sempre variacións anuais de poboación superiores ás da media galega, un crecemento demográfico máis acentuado, alcanzando o máximo de poboación dous anos máis tarde e un posterior e máis reducido descenso do número de habitantes. A situación foi diferente nas áreas rurais, que mostraron variacións porcentuais negativas ano tras ano. O declive demográfico destas áreas intensificouse a partir do ano 2011, acadando o valor máximo de decrecemento no último ano do período de estudo (-13,84 %) (IGE).

A representación gráfica da evolución da poboación das áreas non rurais e das rurais, en datos relativos, podemos observala na figura 6.20. Polo que respecta ás primeiras áreas, a tendencia das catro provincias foi —a grandes trazos— bastante similar ata o ano 2003, data a partir da que comezaron a apreciarse diferenzas entre as provincias occidentais e as orientais. Mentres que A Coruña e Pontevedra seguiron traxectorias relativamente parellas á de Galicia, Lugo e Ourense mostraron evolucións bastante dispares entre elas e incluso con respecto ás provincias occidentais. Destaca principalmente Ourense, por mostrar a evolución menos lineal de todas. Nesta provincia o ano 2007 supuxo o comezo da etapa de maior crecemento das súas áreas non rurais, que culminou no 2010, manténdose en valores practicamente estancados ata o ano 2013. Dende entón, a poboación descendeu ata o final da serie, de forma máis intensa que nas outras tres provincias. Nestas últimas, as súas respectivas traxectorias da poboación volveron a confluír no ano 2009 e continuaron moi similares ata o ano final da serie, rexistrando variacións de poboación do 6 %, con respecto ao ano 2000. As áreas rurais, pola súa parte, mostraron tendencias moi similares a nivel provincial ata o ano 2002. Posteriormente, as provincias occidentais e as orientais tomaron camiños diferentes e as desigualdades comezaron a ampliarse cada vez máis, de tal maneira que o retroceso demográfico rexistrado nas provincias occidentais foi menor que o da media galega e o das provincias orientais maior que o da media galega. A caída de poboación ao final do período de estudo tivo valores negativos nas catro provincias, chegando a acadar cifras bastante acusadas en Lugo e en Ourense (IGE).

A figura 6.21 permítenos apreciar a magnitude que tivo a contribución da taxa de crecemento natural e da taxa de crecemento migratorio na evolución da taxa de crecemento total que experimentaron as áreas non rurais e as áreas rurais de Galicia, no período 2000-2015. Por unha banda, nas áreas non rurais, a taxa de crecemento total foi positiva entre os anos 2000 e 2011, a pesares de que a taxa de crecemento natural foi sempre de signo negativo. Aínda que nestas áreas as defuncións superaron os nacementos, a chegada de efectivos demográficos por vía

[34] A metodoloxía que seguimos para a elaboración da dicotomía rural-non rural pode consultarse na sección 3.6.2.2.



(a) Poboación *non rural* (ZDP e ZIP) en Galicia e nas provincias



(b) Poboación *rural* (ZPP) en Galicia e nas provincias

Figura 6.20. Evolución da poboación *non rural* (ZDP e ZIP) e da poboación *rural* (ZPP) en Galicia e nas provincias galegas (2000-2015).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

inmigratoria fixo posible que a poboación aumentase neses anos. De feito, os valores da taxa de crecemento total fóronse incrementando paulatinamente dende o inicio do século de forma parella á evolución dos movementos migratorios, alcanzando o valor máximo no ano 2007. Así, cando a taxa de crecemento migratorio comezou a descender no ano 2008, os valores da taxa de crecemento natural foron caendo, cada vez máis, ata alcanzar valores negativos no ano 2013 e posteriores. Por outra banda, as áreas rurais nunca chegaron a ter taxas de crecemento total de signo positivo. Nestas áreas, as inmigracións superaron as emigracións de forma significativa en determinadas datas situadas entre os anos 2003 e 2010, pero nunca chegaron a compensar os valores negativos da taxa de crecemento natural. Desta maneira, a taxa de crecemento total foi sempre negativa, pero a partir do ano 2010, cando as emigracións superaron as inmigracións, o decrecemento da poboación rural aumentou de forma practicamente continuada ata o final do período de estudo (IGE). Como é de esperar, as diferenzas interprovinciais no comportamento das áreas non rurais e das áreas rurais son notorias, tal e como podemos observar nas figuras correspondentes á evolución dos indicadores descritos, que achegamos no anexo B (figuras B.5 a B.12).

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA



(a) Galicia, *áreas non rurais*



(b) Galicia, *áreas rurais*

Figura 6.21. Evolución das taxas de crecemento total, crecemento natural e crecemento migratorio nas áreas non rurais (ZDP e ZIP) e nas áreas rurais (ZPP) de Galicia (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

6.2.6.2 O movemento natural da poboación das áreas non rurais e das áreas rurais

A liña de evolución do índice sintético de fecundidade correspondente ás áreas non rurais foi similar á de Galicia, pero con valores que se situaron entre 0,05 e 0,08 puntos por encima da media galega en todos os anos da serie[35]. No ano 2002 rexistrouse o valor máis baixo do período de estudo (1,00 fillos por muller) e no ano 2008 o máis elevado (1,22 fillos por muller). Nos últimos seis anos da serie, o número medio de fillos por muller descendeu suavemente e estancouse en valores próximos a 1,15 fillos por muller. Pola contra, nas áreas rurais os valores do índice sintético de fecundidade foron inferiores a 1 fillo por muller en todos os anos do período de estudo, sen chegar, sequera, a alcanzar os valores máximos que presentou o indicador a nivel global nas provincias orientais. Ao igual que ocorreu nas áreas non rurais, o valor máis baixo do índice sintético de fecundidade nas áreas rurais foi o correspondente ao ano 2002

[35]O Instituto Galego de Estatística soamente ten publicados datos do índice sintético de fecundidade segundo o grao e o subgrao de urbanización para o ano 2002 e os posteriores. Os valores do indicador correspondentes ás áreas non rurais equivalen ao resultado da media aritmética dos valores do índice nas categorías ZDP e a ZIP, tal e como explicamos na sección 3.3.1.2. A evolución deste indicador para Galicia e para as provincias, con distinción das áreas non rurais e das áreas rurais, pode consultar no anexo B.

(0,79 fillos por muller), mentres que o valor máis elevado rexistrouse no ano 2015 (0,95 fillos por muller), logo de anos de lento pero continuo crecemento (IGE). Aínda que as variacións que experimentou o índice sintético de fecundidade —tanto en Galicia no seu conxunto como nas súas áreas rurais e non rurais— semellen cativas, non debemos esquecer que cando o valor do indicador se sitúa por debaixo do nivel de substitución, as cifras decimais son especialmente relevantes na determinación da velocidade da caída dos nacementos e do envellecemento da poboación (Billari e Dalla, 2010). Tanto nas áreas non rurais como nas áreas rurais, a idade media á maternidade durante o período de estudo situouse en valores próximos aos da media galega, apreciándose un lixeiro atraso na maternidade das mulleres residentes nas áreas non rurais (IGE).

Se ben nun apartado anterior destacabamos a tendencia á converxencia dos valores da natalidade galega a nivel provincial, o panorama muda bastante se comparamos a natalidade das áreas non rurais e a das rurais. E é que foi nas áreas non rurais onde naceron a maioría das nenas e dos nenos de Galicia entre os anos 2000 e 2015. Ao longo deste período de tempo, o número anual de nacementos rexistrados nestas áreas oscilou entre un valor mínimo de 15.185 nacementos (ano 2000) e un máximo de 18.803 nacementos (ano 2008). Esta última cifra cobra máis importancia, se cabe, se temos en conta que no ano 1999 o número total de nacementos rexistrados en Galicia foi lixeiramente inferior (18.784 nacementos). A única característica común que compartiu a natalidade das áreas rurais e a das áreas non rurais foi o data na que alcanzaron o número máximo de nacementos, é dicir, o ano 2008. Non obstante, a gran diferenza veu dada polo número de nacementos que se produciron nese ano nas áreas rurais (4.372) con respecto ás non rurais, xa que a cifra foi catro veces menor. En termos relativos, a taxa de natalidade das áreas non rurais evolucionou de forma parella á media galega, con picos e caídas simultáneas pero sempre con valores máis elevados, chegando a alcanzar os 9,5 nacementos por cada mil habitantes no ano 2008. Pola contra, nas áreas rurais a taxa de natalidade mantívose máis ou menos estable durante os quince anos do período de estudo, con valores en torno ao 5 ‰. A situación foi menos favorable nas áreas rurais das provincias orientais, xa que a diferenza entre a taxa de natalidade entre ambas áreas chegou a superar os cinco puntos na provincia de Ourense, no ano 2008[36] (IGE).

En canto á mortalidade, foi nas áreas non rurais onde se rexistrou o maior número absoluto de defuncións, como é lóxico. Nestas áreas, as cifras anuais de mortes oscilaron entre as 16.828 (ano 2001) e as 19.821 (ano 2015), de maneira que o 60,8 % do total das defuncións rexistradas en Galicia nos quince anos que abrangue o período de estudo, producíronse en concellos non rurais. Pola contra, nas áreas rurais, as cifras anuais de mortes oscilaron entre as 11.261 (ano 2014) e as 12.051 (ano 2003) durante o período de estudo. En termos relativos, as diferenzas nos valores das taxas brutas de mortalidade correspondentes ás áreas non rurais e ás áreas rurais foron considerables, principalmente porque os valores de partida foron moi distintos. Por unha banda, a liña de evolución do indicador nas áreas non rurais foi moi similar á descrita para Galicia, aínda que con valores entre 1,4 e 1,7 puntos inferiores á media autonómica en todos os anos da serie. En xeral, nestas áreas o indicador mantívose en valores relativamente estables, comezando o século cunha taxa de mortalidade do 9,1 ‰ e finalizando o período de estudo cunha taxa do 10,0 ‰, o valor máis elevado rexistrado nos quince primeiros anos do século XXI. Por outra banda, as áreas rurais comezaron o período de estudo cunha taxa de mor-

[36] As diferenzas nos indicadores de fecundidade e natalidade entre as áreas non rurais e as áreas rurais a nivel provincial, poden consultarse no anexo B.

talidade do 13,8 ‰ e rexistraron o valor máximo do indicador tamén no ano 2015, cunha taxa do 16,0 ‰. Así pois, a taxa de mortalidade das áreas rurais superou a media galega en todos os anos do período de estudo, con valores entre 3,1 e 4,3 puntos máis elevados. Ademais, en comparación coa evolución do indicador nas áreas non rurais, a taxa de mortalidade nas áreas rurais acentuouse en maior medida a partir do ano 2011, acadando no ano 2015 a diferenza máxima nos valores de ambas áreas (6 puntos). Estas diferenzas nas taxas de mortalidade están asociadas ao maior envellecemento da poboación rural, en comparación coa poboación non rural. De feito, no ano 2015, as desigualdades nos valores da taxa de mortalidade entre ambas áreas a nivel provincial, alcanzaron os 6,3 puntos en Lugo e os 7,6 puntos en Ourense[37] (IGE).

6.2.6.3 Os movementos migratorios nas áreas non rurais e nas áreas rurais

Con respecto á emigración, no período 2000-2015 rexistráronse en Galicia un total de 1.354.772 emigracións. Destas, o 72,3 % tiveron orixe nas áreas non rurais (979.343 emigracións), mentres que o 27,7 % producíronse nas áreas rurais (375.429 emigracións). Neste contexto, o século XXI iniciouse nas áreas non rurais de Galicia con 44.460 emigracións. No ano 2001 produciuse un dos descensos máis pronunciados de toda a serie temporal, rexistrándose 3.396 emigracións menos que no ano anterior. A partir de entón, iniciouse unha tendencia ascendente ata o ano 2010, momento no que se acadou o número de emigracións máis alto de todo o período de estudo: 69.488 emigracións. Tras este máximo, o volume de emigracións decaeu e mantívose en cifras estables ata o final da serie, en torno ás 66.000 emigracións anuais. Non obstante, a pesares do aumento do volume de emigracións que se dou entre os anos 2001 e 2010, nestes anos tamén se produciron algunhas oscilacións importantes, como o brusco descenso ocorrido no ano 2008 e que supuxo a maior caída do número de emigracións de todo o período de estudo (67.605 emigracións no ano 2007 e 63.317 emigracións no 2008). Consecuentemente, a taxa bruta de emigración variou entre o valor mínimo de 21,8 ‰ (ano 2001) e o valor máximo de 34,8 ‰ (ano 2010), manténdose en valores intermedios entre o 33 ‰ e o 34 ‰ dende o ano 2011 ata o 2015. Como é lóxico, en termos absolutos, o volume de emigracións producidas no período 2000-2015 foi moito máis reducido nas áreas rurais que nas áreas non rurais. Nas áreas rurais, a cifra de emigracións máis baixa rexistrouse no ano 2001 (17.630 emigracións), mentres que a cifra máis elevada corresponde á do ano 2011 (26.385 emigracións). En termos relativos, a taxa bruta de emigración das áreas rurais de Galicia flutuou en valores comprendidos entre o 20,6 ‰ (ano 2001) e o 33,9 ‰ (ano 2015), situándose lixeiramente por debaixo do valor da taxa de emigración das áreas non rurais en todos os anos do período de estudo, excepto no 2015 (33,7 ‰ nas áreas non rurais e 33,9 ‰ nas áreas rurais). As maiores diferenzas nos valores do indicador entre ambas áreas déronse entre os anos 2000 e 2010. Porén, a partir desta última data, os valores da taxa bruta de emigración aumentaron tanto nas áreas non rurais coma nas áreas rurais, polo que se reduciu a distancia relativa entre os valores das respectivas taxas de emigración. En xeral, a nivel provincial a evolución da taxa bruta de emigración foi máis suave nas áreas rurais. En termos relativos, tanto nas áreas non rurais como nas áreas rurais, a provincia menos emigratoria durante a época precrise foi Lugo. Non obstante, nos anos de crise e de poscrise o comportamento de Lugo foi máis oscilante e presentou unha tendencia menos uniforme. Pero, sen dúbida, o dato máis destacado a nivel provincial é que Ourense foi —con moita diferencia— a provincia máis emigratoria, tanto nas áreas non rurais como nas

[37] A evolución deste indicador para Galicia e as provincias, con distinción das áreas non rurais e das áreas rurais, pode consultar no anexo B.

áreas rurais. Nestas últimas, a tendencia á emigración da poboación ourensá foi moi superior á da poboación das demais provincias galegas, especialmente a partir do ano 2008[38] (IGE).

Polo que se refire á inmigración, no período de estudo rexistráronse en Galicia un total de 1.494.822 inmigracións. Destas, o 74,6 % tiveron como destino as áreas non rurais (1.114.596 inmigracións), mentres que o 25,4 % restante tiveron como destino as áreas rurais (380.226 inmigracións). Neste contexto, as áreas non rurais de Galicia iniciaron o presente século con 50.854 inmigracións, que descenderon a 48.193 no ano 2001, converténdose na menor cifra de inmigracións rexistrada durante o período analizado. A partir desa data, o número de inmigracións aumentou anualmente e de forma continuada ata o ano 2007, ano no que se alcanzou a cifra máis elevada de todo o período de estudo: 84.318 inmigracións. Tras este récord, o volume de inmigracións comezou a decrecer paulatinamente ata o ano 2014 (64.860 inmigracións), pechando o período de estudo cunha repunta coa que se contabilizaron 68.948 inmigracións. Reflectindo esta evolución, a taxa bruta de inmigración rexistrou os valores mínimo e máximo nos oito primeiros anos do século (25,6 ‰ no 2001 e 42,9 ‰ no 2007), descendendo progresivamente a partir do ano 2007 e ata o 2014 (32,6 ‰), para acabar a serie cunha taxa do 34,8 ‰. As áreas rurais, pola súa parte, acolleron un menor volume de inmigracións durante o período 2000-2015. Nestas áreas, iniciouse o século XXI con 18.672 inmigracións. Durante os anos 2001 e 2004 as cifras de inmigracións foron bastante flutuantes, aínda que se enmarcaron dentro dunha tendencia crecente que culminou no ano 2007 coa cifra máxima de todo o período: 28.677 inmigracións. A partir desa data, e aínda que tamén cun carácter un tanto flutuante, as inmigracións tenderon a decrecer ata o final do período de estudo, rexistrándose unha cifra anual de 22.536 inmigracións no ano 2015. En termos relativos, a taxa bruta de inmigración oscilou entre o valor mínimo de 20,7 ‰ (ano 2001) e o valor máximo de 35,2 ‰ (ano 2007), finalizando a serie cun valor de 30,2 ‰(ano 2015). Ao igual que aconteceu no caso da emigración, as maiores diferenzas nos valores da taxa bruta de inmigración entre ambas áreas producíronse entre os anos 2000 e 2010. A partir deste último ano, os valores da taxa bruta de inmigración aproximáronse en maior medida e reduciuse a distancia relativa entre os valores do indicador de ambas áreas, chegando a mostrar unha diferenza mínima de 1,3 puntos no ano 2014. Con todo, ao contrario do que aconteceu nas áreas non rurais, a taxa bruta de inmigración nas áreas rurais sempre foi inferior á media galega. E é que, a nivel autonómico, as áreas non rurais foron as que recibiron a maior parte das inmigracións. Este feito débese á alta porcentaxe de inmigracións que absorberon as áreas non rurais das provincias occidentais, que son as que que concentran a meirande parte dos municipios non rurais e son, polo tanto, as que conseguen atraer un maior número de persoas inmigrantes. Pois, se nos fixamos nas provincias orientais, a diferenza entre o volume de inmigración nas áreas non rurais e nas áreas rurais foi menos marcada. No caso de Lugo, a porcentaxe de inmigracións que durante o período de estudo tiveron como destino as áreas non rurais foi do 59,2 %, fronte ao 40,8 % que tiveron como destino as áreas rurais. No caso de Ourense as porcentaxes aínda estiveron máis igualadas, xa que o 52,8 % das inmigracións recibidas no período de estudo tiveron como destino as áreas non rurais, mentres que as áreas rurais acolleron o 47,2 % restante. En xeral, os valores máximos nas cifras anuais de inmigración a nivel provincial rexistráronse no ano 2007, xusto antes do estalido da crise do 2008, o que dá mostra do rápido e intenso impacto que tivo a crise nos movementos migratorios da poboación en Galicia. A excepción presentouna Ourense, que rexistrou o récord

[38] A evolución dos indicadores de emigración para Galicia e as provincias, con distinción das áreas rurais e non rurais, pode consultarse no anexo B.

de inmigracións no ano 2010, mostrando, ademais, o maior valor da taxa bruta de inmigración rexistrado nas áreas rurais en todas as provincias e en todos os anos (47,4 ‰). De feito, o comportamento desta provincia resultou singular por rexistrar —ano tras ano— os valores máximos da taxa bruta de inmigración nas áreas rurais a nivel provincial, situándose sempre en valores entre 6,1 e 13,8 puntos por encima dos da media galega. E o mesmo aconteceu no caso das áreas non rurais, principalmente a partir do ano 2007. Pois foi nesta data cando Ourense comezou a desmarcarse cada vez máis da tendencia xeral mostrada polas outras provincias, converténdose na provincia coa maior taxa de inmigración nas áreas non rurais, presentando valores entre 7,8 e 12,5 puntos superiores aos da media galega[39] (IGE).

6.2.6.4 A estrutura por sexo e idade nas áreas non rurais e nas áreas rurais

A figura 6.22 reflicte a evolución da estrutura por sexo e idade da poboación non rural e da poboación rural a nivel autonómico no período 2000-2015, tomando como fonte de datos o Padrón Municipal de habitantes (IGE). En canto á forma das gráficas, o primeiro trazo que chama a atención son os diferentes perfís que teñen as pirámides da poboación non rural, en comparacións cos da poboación rural. As pirámides das áreas non rurais teñen unha forma semellante á descrita para Galicia, cunha anchura relativa nas diferentes franxas de idade moi superior á observada nas áreas rurais, especialmente na parte inferior e na parte central da pirámide. Pola contra, as pirámides correspondentes á poboación rural manteñen os mesmos entrantes e saíntes que as pirámides non rurais, pero mostran unha poboación moito máis reducida nas que a crecente caída da natalidade xera un maior impacto visual. A continuación, centraremos a análise nas pirámides correspondentes aos anos 2000 e 2015.

Polo que se refire á composición por sexo da poboación, nas áreas non rurais a proporción de feminidade mantívose invariable no transcurso do período de estudo, situándose no 52,2 % nos anos 2000 e 2015. A proporción de masculinidade foi do 47,8 % e o índice de masculinidade, polo tanto, tamén se mantivo estancado en torno ao 91 % (91,4 % no ano 2000 e 91,6 % no 2015). Descompoñendo a poboación en grupos quinquenais de idade, no ano 2015 o índice de masculinidade presentou valores superiores a 100 nos grupos de idade que compoñen a poboación menor de 25 anos, sen superar o 107,2 % rexistrado na franxa de 0 a 4 anos. A partir dos 4 anos, os valores do indicador comezaron a descender progresivamente, ata acadar o valor máis baixo no grupo de idade de 85 anos e máis (44,6 %). Nas áreas rurais, a composición por sexo da poboación estivo máis equilibrada e, ademais, evolucionou lixeiramente cara a un maior equilibrio, pasando dunha proporción de feminidade do 51,4 % no ano 2000 ao 50,7 % no 2015. Por conseguinte, a proporción de masculinidade incrementouse en 0,7 puntos (48,6 % e 49,3 % nos anos 2000 e 2015, respectivamente), á vez que aumentou o índice de masculinidade, que iniciou o século cun valor do 94,7 % e rematou o período de estudo cun valor do 97,0 %. Ao descompoñer a poboación rural en grupos quinquenais de idade, afloran as diferenzas nos valores do índice de masculinidade que agocha o dato global. Así, no ano 2015, o índice de masculinidade foi superior a 100 en todos os grupos de idade menores de 65 anos, oscilando entre o valor mínimo do 105,8 % (grupo de idade de 10 a 14 anos) e o valor máximo do 112,3 % (grupo de idade de 30 a 34 anos). A partir dos 64 anos, os valores do indicador diminuíron de forma notable e constante, ata rexistrar o valor máis baixo de todas as franxas de idade no grupo de 85 anos e máis (51,8 %). En xeral, a composición por sexo da

[39] A evolución dos indicadores de inmigración para Galicia e as provincias, con distinción das áreas rurais e non rurais, pode consultarse no anexo B.

poboación galega reflicte as características propias das poboacións dos países economicamente desenvolvidos, que presentan marcados contrastes entre as áreas non rurais e as áreas rurais. Tal e como destacaron J. Hernández e J. M. López (2003), nas poboacións urbanas —para nós poboacións non rurais— destes países, «os efectivos femininos adoitan ser máis numerosos que os masculinos, como consecuencia, entre outros factores, do predominio das mulleres nos desprazamentos migratorios dirixidos cara ás cidades» (p. 575). Pola contra, nas áreas rurais «é frecuente que a sex-ratio xeral estea equilibrada ou sexa lixeiramente favorable aos homes, a pesares do crecente envellecemento da súa estrutura demográfica por idades que favorece ás mulleres, sendo importante o déficit feminino entre os efectivos correspondentes aos adultos mozos» (p. 575).

En canto á composición por idade da poboación, tanto nas áreas non rurais como nas áreas rurais, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos, seguido do de 65 anos e máis e do de 0 a 14 anos. O patrón de evolución dos grupos de idade foi o mesmo en ambas áreas: tendencia á redución da poboación de 15 a 64 anos, tendencia á estabilización ou diminución da poboación menor de 15 anos e tendencia ao incremento da poboación de 65 anos e máis. Neste contexto, as principais diferenzas entre unhas áreas e outras residiron fundamentalmente no peso porcentual de cada grupo de idade sobre o total da poboación e nos valores que tomaron os principais indicadores relacionados coa estrutura por idade da poboación. En primeiro lugar, a proporción de poboación de 15 a 64 anos foi máis elevada nas áreas non rurais (70,0 % e 65,8 % nos anos 2000 e 2015) que nas áreas rurais (62,3 % e 59,5 % nos anos 2000 e 2015), experimentando un maior retroceso nas áreas non rurais. En segundo lugar, a proporción de poboación de 65 anos e máis foi máis baixa nas áreas non rurais (16,9 % e 21,1 % nos anos 2000 e 2015) que nas áreas rurais (27,6 % e 31,7 % nos anos 2000 e 2015), observándose incrementos porcentuais moi similares en ambas áreas. E en terceiro lugar, a proporción de poboación menor de 0 a 14 anos foi máis alta nas áreas non rurais (13,1 % nos anos 2000 e 2015) que nas áreas rurais (10,1 % e 8,8 % nos anos 2000 e 2015). No caso da poboación menor de 15 anos, a proporción mantívose estancada nas áreas non rurais, mentres que nas áreas rurais sufriu un retroceso de 1,3 puntos porcentuais. Ademais, cómpre destacar que foi neste grupo de idade no que as diferenzas porcentuais entre as áreas non rurais e as áreas rurais foron menores. Consecuentemente, se no ano 2015 o valor do índice de envellecemento nas áreas non rurais foi do 161,1 %, nas áreas rurais o valor do indicador ascendeu ao 359,6 %. Isto significa que o valor do indicador nas áreas non rurais foi 40,1 puntos inferior á media galega e o dobre inferior ao das áreas rurais, onde no ano 2015 residían 359 persoas de 65 anos e máis por cada cen persoas menores de 15 anos. Tamén o índice de sobreenvellecemento foi maior nas áreas rurais (18,8 %), pero neste caso a diferenza porcentual non foi tan elevada en comparación coas áreas non rurais (15,2 %). Con estes datos, enténdese que o índice de dependencia fose tamén maior nas áreas rurais que nas non rurais (68,1 % e 52,0 %, respectivamente), aínda que foi no índice de dependencia senil onde se apreciaron as maiores desigualdades entre ambas áreas, con valores do 32,1 % nas áreas rurais e do 53,3 % nas áreas rurais. En concordancia cos estes datos, o índice de xuventude foi do 62,1 % nas áreas non rurais, descendendo ao 27,8 % nas áreas rurais. En definitiva, todos estes indicadores reflicten o envellecemento de ambas poboacións, pero cun envellecemento moito máis acusado na poboación das áreas rurais. A nivel provincial, aprécianse en maior medida os enormes contrastes que existen na composición por sexo e idade entre a poboación non rural e a poboación rural, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense (figuras B.13 a B.20, no anexo B).



(a) Galicia, 2000



(b) Galicia, 2005



(c) Galicia, 2010



(d) Galicia, 2015

Figura 6.22. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Galicia, con distinción da poboación rural e da poboación non rural (2000-2015).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

6.2.6.5 A estrutura socioprofesional da poboación activa nas áreas non rurais e nas áreas rurais

Polo que se refire á distribución sectorial da poboación activa, nas áreas non rurais a evolución das porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social nos distintos sectores mostrou a tendencia descrita para o nivel autonómico e provincial: maior volume de afiliacións no sector servizos, seguido da industria, a construción e a agricultura e a pesca. Nestas áreas, o sector servizos experimentou un continuo incremento no volume de afiliacións durante os últimos cinco anos do período de estudo, ata converterse no ano 2015 no sector que concentrou máis das tres cuartas partes do total das afiliacións (72,3 % no ano 2000 e 76,6 % no ano 2015). A nivel provincial, a pauta foi semellante nas catro provincias, atopándose as maiores diferenzas interprovinciais nas porcentaxes de afiliacións no sector da industria. Así mesmo, a provincia de Lugo destacou sobre as outras provincias por presentar as maiores porcentaxes de afiliacións no sector da agricultura, manténdose en torno ao 7,0 % entre os anos 2010 e 2015. É dicir, situouse uns 3 puntos por encima da media galega e uns 4,5 puntos por encima de Ourense, que foi a provincia que rexistrou as menores porcentaxes de afiliacións neste sector (táboa 6.6). Pola contra, nas áreas rurais, a evolución das porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social nos diferentes sectores mostrou algunhas diverxencias con respecto á pauta descrita para Galicia e para as áreas non rurais. No rural galego, o maior volume de afiliacións rexistrouse tamén no sector servizos, pero seguiulle a agricultura e a pesca, a industria e a construción. Ademais, se ben a porcentaxe de persoas empregadas no sector servizos aumentou de forma continuada entre os anos 2010 e 2015, non chegou a superar o 59,8 % (ano 2015). Neses anos, a porcentaxe de afiliacións no sector da agricultura e a pesca nas áreas rurais cuadriplicou a porcentaxe de afiliacións rexistradas nese mesmo sector nas áreas non rurais, constituíndo a principal diferenza con respecto ás características da distribución sectorial da poboación activa entre ambas áreas. Non obstante, apreciouse unha tendencia lixeira ao decrecemento no volume de poboación empregada neste sector no período 2010-2015, rexistrándose unha caída de 1,5 puntos nas áreas rurais (16,4 % no ano 2010 e 14,9 % no 2015) e de 0,5 puntos nas áreas non rurais (4,0 % no ano 2010 e 3,5 % no ano 2015). Ademais, tamén se observou que a caída das afiliacións no sector da construción foi máis acentuada nas áreas rurais, á vez que o volume de afiliacións no sector da industria reduciuse de forma máis pronunciada nas áreas non rurais. A nivel provincial, Lugo foi a única provincia que superou a media das áreas rurais na porcentaxe de afiliacións no sector da agricultura, con valores que se situaron entre o 25,5 % (ano 2010) e o 23,6 % (ano 2015). Ourense, pola súa parte, destacou por ser a provincia que presentou a maior porcentaxe de afiliacións no sector servizos nas áreas rurais, chegando a concentrar o 65,0 % do total de afiliacións nestas áreas (táboa 6.6) (IGE).

Por último, os datos do paro rexistrado por 1.000 habitantes dispoñibles no Panorama rural-urbano (IGE), reflicten o comportamento similar que mostraron as áreas non rurais e máis as áreas rurais con respecto ao descrito para Galicia e para as provincias no período 2005-2015. E é que, tanto nas áreas non rurais como nas áreas rurais, o valor do indicador descendeu anualmente dende o ano 2005 ata o ano 2007, cando se rexistraron os valores máis baixos da serie temporal. A raíz da crise económica do ano 2008, o paro rexistrado por 1.000 habitantes comezou a incrementarse ata acadar o valor máximo no ano 2013, data a partir da que os valores comezaron a descender novamente ata o 2015, acabando o período de estudo con cifras de paro moi semellantes ás rexistradas no ano 2011. Con todo, cómpre destacar que durante os anos comprendidos entre o 2005 e o 2015, o paro rexistrado por 1.000 habitantes sempre foi

Ámbito	Sector de actividade	2010			2011			2012		
		Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)	Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)	Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)
Galicia	Agricultura e pesca	7,3	4,0	16,4	7,0	3,8	16,0	7,0	3,8	16,1
	Construción	10,1	9,0	13,3	8,9	7,9	11,8	7,9	6,9	10,7
	Industria	15,0	14,8	15,5	14,6	14,4	15,4	14,4	14,1	15,3
	Servizos	67,6	72,3	54,8	68,6	73,3	55,5	70,5	75,1	57,4
A Coruña	Agricultura e pesca	6,6	3,2	16,3	6,3	3,1	15,8	6,3	3,1	16,0
	Construción	10,5	9,0	14,6	9,1	7,9	12,7	8,0	6,9	11,3
	Industria	13,5	12,8	15,6	13,3	12,5	15,6	12,9	12,0	15,4
	Servizos	69,4	75,0	53,6	70,5	76,1	54,7	72,5	77,9	56,9
Lugo	Agricultura e pesca	15,3	7,0	25,5	14,9	6,9	24,9	14,9	6,9	25,1
	Construción	10,1	9,5	11,0	9,1	8,6	9,9	8,0	7,5	9,0
	Industria	11,5	11,0	12,3	11,3	10,8	12,2	11,1	10,5	12,3
	Servizos	63,2	72,6	51,2	63,9	73,1	52,0	65,6	75,0	53,2
Ourense	Agricultura e pesca	5,3	2,5	9,4	5,1	2,5	9,1	5,0	2,3	9,0
	Construción	10,7	9,4	12,9	9,7	8,5	12,0	9,0	7,6	11,3
	Industria	15,7	15,6	16,7	15,5	15,4	16,6	15,3	15,1	16,6
	Servizos	68,4	72,5	61,0	68,3	72,8	60,3	70,3	74,7	62,3
Pontevedra	Agricultura e pesca	5,7	4,4	12,6	5,5	4,2	12,5	5,5	4,2	12,5
	Construción	9,6	8,7	13,9	8,4	7,6	12,1	7,2	6,6	10,7
	Industria	17,8	17,8	17,9	17,2	17,2	17,3	17,1	17,0	17,3
	Servizos	66,9	69,2	55,6	68,1	70,4	56,6	70,0	72,2	59,1
Ámbito	Sector de actividade	2013			2014			2015		
		Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)	Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)	Total	Áreas non rurais (ZDP e ZIP)	Áreas rurais (ZPP)
Galicia	Agricultura e pesca	6,9	3,7	15,9	6,7	3,6	15,5	6,4	3,5	14,9
	Construción	7,5	6,6	10,2	7,4	6,5	10,0	7,4	6,5	9,9
	Industria	14,1	13,8	15,0	13,8	13,4	14,9	13,8	13,4	15,1
	Servizos	71,4	75,9	58,5	71,9	76,4	59,3	72,2	76,6	59,8
A Coruña	Agricultura e pesca	6,3	3,0	15,9	6,1	3,0	15,5	5,8	2,8	14,8
	Construción	7,8	6,7	11,1	7,6	6,5	10,9	7,6	6,5	10,9
	Industria	12,7	11,8	15,1	12,3	11,4	14,9	12,5	11,5	15,1
	Servizos	73,1	78,5	57,6	73,8	79,2	58,5	74,0	79,2	59,1
Lugo	Agricultura e pesca	14,7	6,9	24,7	14,4	6,8	24,2	13,9	6,6	23,6
	Construción	7,6	6,9	8,6	7,5	7,0	8,4	7,4	6,9	8,2
	Industria	10,8	10,0	12,0	10,7	9,8	12,0	10,8	9,8	12,3
	Servizos	66,7	76,1	54,4	67,2	76,4	55,1	67,7	76,7	55,6
Ourense	Agricultura e pesca	4,9	2,4	8,8	4,8	2,4	8,6	4,6	2,3	8,3
	Construción	8,5	7,3	10,7	8,2	7,2	10,2	8,2	7,0	10,4
	Industria	14,8	14,5	16,2	14,7	14,4	16,1	14,7	14,4	16,0
	Servizos	71,4	75,6	63,7	72,0	75,9	64,7	72,3	76,2	65,0
Pontevedra	Agricultura e pesca	5,3	4,0	12,3	5,2	3,9	12,0	4,9	3,7	11,4
	Construción	6,8	6,2	9,9	6,9	6,3	10,0	6,8	6,2	9,6
	Industria	16,8	16,7	17,0	16,4	16,3	16,9	16,4	16,3	17,2
	Servizos	70,9	73,0	60,5	71,4	73,5	60,9	71,7	73,8	61,6

Táboa 6.6. Evolución da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por sectores de actividade en Galicia e nas provincias galegas, con distinción das áreas non rurais (ZDP e ZIP) e das áreas rurais (ZPP) (2010-2015).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inferior nas áreas rurais, incrementándose paulatinamente as diferenzas con respecto ás áreas non rurais a medida que avanzaron os anos, acadándose as maiores diferenzas do indicador en ambas áreas entre os anos 2013 e 2015. A excepción a este comportamento presentouna a provincia de Pontevedra, onde as maiores diferenzas nos valores do paro rexistrado por 1.000 habitantes entre as áreas non rurais e as áreas rurais desta provincia, rexistráronse ao comezo do período analizado. Das catro provincias, Lugo e Ourense foron as que presentaron os maiores contrastes intraprovinciais nos valores do indicador entre as áreas non rurais e as áreas rurais. Ademais, Lugo destacou por ser a única provincia na que o paro rexistrado por 1.000 habitantes nas áreas rurais, foi inferior ao valor medio do conxunto das áreas rurais galegas. O impacto da crise deixouse sentir especialmente na provincia de Pontevedra. Pois, dende o ano 2009 e ata o ano 2015, foi a provincia que presentou o maior número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes tanto nas áreas non rurais como nas áreas rurais. Os datos concretos do paro rexistrado por 1.000 habitantes para o período 2005-2015, para Galicia e para as provincias, con distinción das áreas non rurais e das áreas rurais, poden consultarse na táboa B.41 do anexo B.

6.3 Os estudos sobre a emigración rural galega no século XXI

Como xa comentamos no capítulo anterior, a emigración rural non é un tema que reciba demasiada atención no eido da investigación científica, en comparación con outros tipos de emigración (Stockdale, 2002a e 2006). No contexto dos países de Europa occidental, en España non abundan os estudos centrados directamente na emigración rural, aínda que existen publicacións no amplo campo dos estudos rurais a través das que se realizaron importantes achegas a esta temática (Afonso et al., 2011; Camarero e Sampedro, 2008; C. Díaz, 2005; J. Pérez, 2013a e 2013b). En Galicia, as primeiras investigacións sobre demografía galega afloraron entre as décadas de 1960 e 1970, da man do «grupo de demografía histórica liderado por A. Eiras Roel» e o economista Xosé Manuel Beiras «e os seus discípulos» (Lois, 2006, p. 10). Porén, nas últimas décadas do século XX, especialmente dende a década de 1990, xurdiron numerosas publicacións nese campo, realizadas tamén dende outras disciplinas coma a xeografía, a socioloxía ou a antropoloxía. Este feito, asociado en parte ao incremento e á mellora das estatísticas que tivo lugar dende o último cuarto do século XX nos contextos galego e español, indica tamén o crecente interese destas temáticas no ámbito científico (Aldrey, 2003; Ferrás, 2011; J. Hernández, 2003). Neste marco, os resultados da análise bibliométrica realizada por J. Hernández (2003) sobre o corpus bibliográfico da xeodemografía de Galicia revelan que o 17,31 % das publicacións realizadas dende a década de 1970 correspóndense con estudos centrados de forma monográfica nos movementos migratorios. Xunto cos estudos sobre distribución espacial e poboamento (22,44 %) e os estudos sobre análises xerais (21,80 %), os movementos migratorios constitúen un dos temas de estudo máis recorrentes na xeografía da poboación en Galicia. Pero ademais, cómpre destacar que se trata dun tema que tamén adoita estar presente nos estudos sobre análises xerais ou sobre a evolución demográfica.

Co obxectivo de aproximarnos ao coñecemento dispoñible sobre a emigración rural que tivo lugar en Galicia nas primeiras décadas do século XXI, realizamos unha análise sistemática das publicacións científicas centradas directamente no tema da emigración rural, con independencia da disciplina científica de procedencia. Como podemos observar na figura 6.23, en total localizamos 272 publicacións, das cales eliminamos 43 que estaban duplicadas. As restantes 229 publicacións potencialmente relevantes foron avaliadas para decidir a súa elixibilidade. Tras



Figura 6.23. Resultados dos procesos de busca e selección de publicacións na revisión sistemática da literatura científica sobre emigración rural en Galicia no século XXI.

Fonte: elaboración propia a partir dos modelos de diagrama de fluxo elaborados por *PRISMA*.

a aplicación dos criterios de inclusión e exclusión establecidos na metodoloxía, descartáronse 226 publicacións. Os motivos de exclusión foron o tipo de documento (3) e a temática principal da publicación (223). Desta maneira, o número total de publicacións incluídas na revisión sistemática da literatura foi de 3. Estas publicacións correspóndense co estudo de Sharon R. Roseman (2013) titulado *Unemployment and labor migration in rural Galicia (Spain)*, o estudo de Toxo-Asorei e García-Arias (2018) titulado *Caracterización das migracións no rural galego do século XXI* e máis o estudo de Carmen V. Valiña (2019) titulado *Elas, as emigrantes. Mulheres da Terra de Soneira na Suíça*[40].

Á parte das bases de datos indicadas no diagrama de fluxo (figura 6.23), tamén se realizaron diversas buscas en *Recolecta* e no *Banco de Datos ASEP/JDS*, pero nestes casos non se atoparon resultados de interese. Como é lóxico, en congruencia coa temática da revisión, o 81,6 % das publicacións identificadas foron localizadas en *Dialnet* e no *Catálogo Galicia* da BUSC. Esta última base de datos foi na que se identificou o maior número de publicacións potencialmente relevantes, xa que constitúe a fonte documental máis importante para os estudos galegos (Incio, 2016). O feito de excluír 223 publicacións por non axustarse á temática da revisión, dá conta do ruído documental producido, un fenómeno que «aparece cando se recupera máis información da que se buscaba» (Cuadrado e Calderón, 2008, p. 32). Non obstante, cando describimos a metodoloxía correspondente a esta revisión sistemática xa previmos que ocorrería este fenómeno, posto que ao buscar documentos sobre emigración rural galega publicados entre os anos 2000 e 2022, recuperaríanse documentos sobre emigración publicados no século XXI que poderían estar relacionados tanto coa emigración rural que tivo lugar en Galicia no pre-

[40]Consideramos que este estudo de Carmen V. Valiña (2019) entra dentro do campo da emigración rural na medida en que os tres concellos que conforman a comarca de Terra de Soneira (Camariñas, Vimianzo e Zas) están considerados como *ZPP* na clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización (IGE).

sente século, como coa emigración que tivo lugar en Galicia en séculos anteriores[41]. Ademais, partindo de que a emigración rural non é un tema que actualmente reciba demasiada atención no eido da investigación científica en Europa, e sabendo que moitas das análises sobre movementos migratorios en Galicia forman parte de análises xerais sobre poboación ou mesmo constitúen apuntes contextuais en estudos centrados noutras temáticas, era posible albiscar que o número de publicacións existentes sobre a emigración rural de Galicia no século XXI sería relativamente reducido.

En relación co apuntado no parágrafo anterior, cómpre destacar que o feito de que se atopasen moi poucos documentos centrados directamente no tema da emigración rural de Galicia no século XXI, non significa que non haxa documentos que realicen importantes achegas ao tema da emigración rural galega, tratando esta temática de maneira secundaria. De feito, a emigración rural adoita ser un tema ineludible en documentos centrados no estudo de fenómenos estreitamente relacionados, como por exemplo o envellecemento demográfico ou o despoboamento. Porén, no marco desta investigación, consideramos oportuno realizar unha revisión sistemática da literatura centrada directamente na emigración rural de Galicia no século XXI, para poñer de manifesto a atención prestada a esta temática dentro das tendencias actuais da produción científica sobre migracións en Galicia. Neste sentido, cremos que hai varias razóns que poden influír na escaseza de estudos científicos sobre o actual fenómeno da emigración rural en Galicia. En primeiro lugar, a elevada importancia que tivo en Galicia a emigración transoceánica nos séculos XIX e XX e máis a emigración europea no século XX, repercutiu nunha extensa produción científica centrada na análise desas correntes migratorias. E non só iso, senón que segue sendo motivo de análise a actual emigración galega a algúns dos países de destino tradicionais. Isto, xunto coa irrupción do fenómeno inmigratorio en Galicia, contribúe a que a emigración rural quede relegada a un segundo plano, debido ao maior interese da comunidade científica por afondar no coñecemento doutros tipos de migracións. En segundo lugar, nun contexto no que o 70,7 % da poboación galega reside en áreas non rurais (ano 2015), os fluxos de emigración rural sobre o total da emigración son, en termos cuantitativos, de menor importancia con respecto á emigración interurbana. Ademais, como xa apuntamos, o 69,6 % das emigracións rexistradas en Galicia no período 2000-2015 foron emigracións internas, é dicir, emigracións que tiveron como lugar de procedencia e lugar de destino concellos galegos. Destas, o 22,9 % tiveron orixe en concellos rurais e tiveron como destino concellos non rurais. Dito con outras palabras, as emigracións internas que podemos catalogar como *emigracións rurais* supuxeron —en termos relativos— un terzo do volume total das emigracións internas rexistradas durante o período de estudo. Loxicamente, a nivel estatístico, a emigración interna non afecta ao tamaño da poboación de Galicia, e en moitos casos tampouco afecta ao tamaño da poboación provincial, por tratarse de emigracións intra-provinciais. Polo tanto, como a meirande parte das emigracións rurais correspóndense con emigracións internas, e como este tipo de emigración non afecta ao tamaño da poboación global, o fenómeno pasa máis *desapercibido* por deixar unha menor pegada nas estatísticas de poboación. De feito, cómpre engadir que os datos sobre movementos migratorios publicados polos organismos produtores das estatísticas oficiais non están desagregados para as áreas rurais, polo que a súa análise require maior laboriosidade. Agora

[41] Tal e como sinalou Ferrás (2011), a emigración histórica cara ao continente americano e cara a Europa continúan sendo os temas de interese prioritaria no contexto dos estudos sobre movementos migratorios en Galicia. De feito, para este investigador, unha das debilidades máis destacadas na temática da investigación demográfica en Galicia constitúea «o excesivo protagonismo que acapara o estudo histórico da emigración galega cara a América e, en menor medida, cara a Europa, e os enfoques xeneralistas a partir de estatísticas oficiais» (p. 6).

ben, debemos ter en conta que para as áreas rurais o impacto da emigración rural interna é relativamente igual que o impacto da emigración rural externa, con independencia de como se recollan tales movementos nas estatísticas oficiais. Non obstante, consideramos que todos os aspectos sinalados contribúen a que na actualidade a emigración rural non resulte un tipo de emigración tan *rechamante* como outros, o que en última instancia, pode influír a que este fenómeno tenda a ser menos estudado (King, 2002).

O contraste entre a literatura científica sobre emigración rural en Europa occidental e a escaseza de literatura científica sobre a emigración rural en Galicia, serve de orientación para identificar posibles liñas de investigación que se poderían levar a cabo de Galicia neste campo, destacando os estudos sobre intencións migratorias na poboación adolescente, os estudos sobre as causas da emigración rural da poboación moza na actualidade ou a elaboración de tipoloxías de persoas migrantes e non migrantes nas áreas rurais. Cremos de vital importancia afondar no estudo da emigración rural en Galicia no presente século porque, como xa apuntamos no capítulo anterior, só o descubrimento dos «porque» da actual emigración rural que ten lugar en Galicia pode proporcionar a perspectiva precisa para comprender o que se pode facer e o que non se pode facer con respecto a este fenómeno e aos problemas que presenta tanto para as áreas rurais como para o conxunto do territorio (Weeks, 1984).

6.4 Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI

Dada a escaseza de publicacións científicas centradas na emigración rural en Galicia no século XXI, na análise dos factores que determinan a emigración rural da poboación moza na actualidade, faise necesario recorrer a explicacións puntuais integradas en estudos máis xerais sobre temas relacionados coa demografía, a socioloxía ou o desenvolvemento rural en Galicia. A partir deste tipo de publicacións, xunto coas atopadas na revisión sistemática da literatura, debullaremos os principais factores que interveñen na decisión de emigrar das áreas rurais, centrándonos na poboación moza. Como xa se destacou tamén para o contexto europeo, debemos lembrar que no caso de Galicia estamos tamén «ante un fenómeno sociolóxico de natureza pluricausal, onde a miúdo intervén máis dun factor, aínda que nese construto motivacional [enunciado nos discursos das persoas mozas] un deles desempeñe o papel desencadeante» (Trabada, 2007, p. 417). Como veremos de seguido, os factores determinantes da emigración rural identificados na literatura científica a nivel galego, coinciden esencialmente cos factores determinantes da emigración rural sinalados pola comunidade investigadora a nivel europeo e que vimos no capítulo 5. De todos estes, apreciamos que en Galicia os aspectos que gozan dun maior grao de desenvolvemento na literatura son aqueles relacionados coa diversificación da economía rural e coa prestación de servizos básicos. No polo oposto figuraría o arraigamento ao lugar de orixe, un tema do que non chegamos a atopar referencias explícitas en relación á emigración rural da poboación moza na actualidade.

6.4.1 As limitacións da oferta educativa no medio rural galego

Ao igual que acontece noutras áreas rurais de España e Europa occidental, as limitacións que presenta a oferta educativa no medio rural galego constitúen un factor determinante na decisión

de emigrar[42] (Trabada, 2007). Unha vez finalizada a etapa de educación obrigatoria, moitas persoas adolescentes que continúan a súa formación vense na obriga de trasladar a súa residencia ás áreas urbanas ou non rurais onde se localizan os centros de ensino post-obrigatorio, regresando ao lugar de orixe durante as fins de semana e períodos non lectivos (Trabada, 2007). Aínda que isto acontece máis con maior frecuencia ao acceder a formación universitaria ou a determinados ciclos de Formación Profesional, hai persoas que tamén se ven obrigadas a abandonar o seu lugar de orixe para cursar estudos de Bacharelato. Xeralmente, isto ocorre cando se desexa cursar unha modalidade específica de Bacharelato que soamente é ofertada en determinados centros de Galicia, ou tamén cando non existe oferta deste tipo de ensino nin no concello de orixe nin nos concellos limítrofes. Por citar un exemplo, en ningún dos catro concellos que integran a comarca de Castro Caldelas é posible realizar estudos de Bacharelato[43]. As persoas destes concellos que desexan cursar o Bacharelato teñen que desprazarse aos concellos máis próximos onde existe ese tipo de oferta educativa. No caso de Castro Caldelas, os mozos e mozas adoitan desprazarse ao concello da Pobra de Trives, mentres que no caso de Montederramo, Parada de Sil e A Teixeira adoitan desprazarse o concello de Maceda e, nalgúns casos, incluso a Ourense[44]. Neste tipo de situacións, que se repiten en máis puntos da xeografía galega, poden darse casuísticas moi diversas. Pode pasar que as distancias aos centros de ensino sexan considerables e fagan inviable os desprazamentos diarios de ida e volta dende o lugar de orixe. Pode suceder que non haxa servizo de transporte dende o lugar de orixe ou que, habéndoo, non se axuste ás necesidades individuais dos mozos e mozas. E pode acontecer, tamén, que para poder facer uso do transporte público sexa necesario desprazarse diariamente dende o domicilio familiar ata un determinado lugar no que haxa unha parada de bus —e viceversa—, e que para iso se necesite dunha persoa que teña dispoñibilidade horaria, carné de conducir e vehículo. Pois, en moitos casos, trátase de persoas adolescentes ou adultas mozas dependentes en termos de mobilidade, ao non ter a idade mínima para ter de permiso de conducir e/ou non dispoñer de vehículo propio. Con este pano de fondo, e de maneira similar ao que acontece noutras áreas rurais europeas (Jones, 1992), resulta evidente que en Galicia a poboación moza do rural presenta maiores probabilidades de abandonar o fogar familiar a unha idade máis temperá que a poboación non rural. Mais as semellanzas co que acontece nas restantes áreas rurais do occidente europeo non rematan aí, posto que a cualificación —cada vez maior— da poboación moza do rural empurra a este segmento da poboación economicamente activa a procurar empregos acordes aos seus niveis formativos fóra das súas localidades de orixe. Así, a inserción laboral destes mozos e mozas do rural adoita producirse no medio urbano, xa que o tipo de empregos para os que se formaron non son ofrecidos nos seus respectivos lugares de orixe (Saco,

[42]De acordo con Bielza e Gorría (2010) «xunto aos equipamentos sanitarios, o sistema de equipamentos educativos é un dos máis estruturantes do modelo territorial» (p. 167). Segundo os autores, «as pautas de utilización do territorio, o nivel de vida e fixación de poboación cualificada están influídas en gran medida pola disposición dos diferentes elementos do sistema educativo» (p. 167). De forma similar, Rodríguez (1997) destacou o papel da educación «como unha das actividades de maior interrelación co territorio e de máis forte incidencia nos comportamentos cotiás dos individuos» (p. 271). En palabras deste autor, «hoxe en día millares de xoves e as súas familias teñen uns hábitos de vida diarios fortemente condicionados polos horarios lectivos e os desprazamentos cara os centros de estudo» (p. 271). Ao igual que aconteceu no conxunto de España, en Galicia o impulso ao desenvolvemento das ensinanzas medias e das ensinanzas universitarias tivo lugar a partir da década de 1960 (X. Fernández, 2000b; Lois e Rodríguez, 2001). No caso concreto de Galicia, a localización dos servizos educativos tivo un gran impacto no desenvolvemento urbanístico e funcional dalgunhas capitais municipais e cabeceiras comarcais (Lois e Rodríguez, 2001; Rodríguez, 1997).

[43]https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/BuscaCentros.do

[44]Información facilitada polo persoal do concello de Castro Caldelas, mediante consulta telefónica.

2010; Trabada, 2007). Por iso, afirma Trabada (2007) que «no medio rural de Galicia estudante é sinónimo de emigrante» (p. 417).

6.4.2 A insuficiente diversificación da economía rural

A situación demográfica que caracteriza actualmente ás áreas rurais galegas garda estreita relación co fenómeno da desagrarización, que se manifesta mediante a contracción do volume de emprego agrario, tanto en termos absolutos como en termos relativos (Camarero, 2017b; X. Fernández e E. López, 2000; E. López e M. Pérez, 2004; M. M. Pérez, 2015). Como xa comentamos nunha sección anterior deste capítulo, mentres que noutros países da contorna o proceso de redución da poboación agraria comezou no século XIX, en Galicia a desagrarización iniciouse tardía e abruptamente na década dos anos cincuenta, consolidándose a tendencia nos anos sesenta. De feito, a caída da poboación activa no sector agrario constituíu un dos elementos máis destacables do período económico iniciado co Plan de Estabilización de 1959, durante o réxime franquista (Carmona e A. Fernández, 2005; X. Fernández e E. López, 2013; Villares, 2004).

A contracción da poboación activa empregada na agricultura superou os 22 puntos porcentuais no período comprendido entre 1960 e 1975 (61,7 % no ano 1960 e 39,0 % no ano 1975). Así, a poboación ocupada no sector da industria e máis no sector dos servizos superaron, por primeira vez na historia de Galicia, á poboación ocupada en actividades agrarias (Míguez, 2011). Como consecuencia da rapidez deste proceso de expulsión de poboación agraria[45] e da incapacidade da industria e do sector servizos para absorber o crecemento da poboación activa, produciuse un intenso éxodo rural con destino aos países industrializados europeos, a zonas do interior español e, en moi menor medida, aos núcleos urbanos galegos (Cardesín, 2005; Carmona e A. Fernández, 2005; J. Hernández, 2001 e 2007; Míguez, 2011; Villares, 2004). Neste contexto, o ano 1960 pasou á historia por marcar un cambio de tendencia na evolución demográfica de Galicia. Por primeira vez no século XX, a poboación galega sufría un retroceso demográfico no decenio de 1960-1970, motivado pola corrente emigratoria e pola continuación do descenso da natalidade e da mortalidade. As provincias orientais foron as máis afectadas, polo que os problemas de baixa natalidade e avellentamento demográfico que xa carrexaban das décadas anteriores, víronse agravados (Aldrey, 2006; Beiras e A. López, 1999). A tendencia demográfica regresiva das provincias orientais continuou nas últimas tres décadas do século XX e ata o presente, atopándose nunha situación de «regresión demográfica dificilmente reversíbel» (E. López e M. Pérez, 2004, p. 2).

En síntese, a dinámica demográfica galega na segunda metade do século XX caracterizouse polo estancamento da poboación global e polas intensas mudanzas acontecidas na distribu-

[45]Mentres que nos estados máis avanzados de Europa o proceso de desagrarización requiriu como mínimo noventa anos, en Galicia o proceso concentrouse en tan só cincuenta anos. Esta redución da importancia macroeconómica do sector agrario, tanto na produción como no emprego, foi asociada á crecente integración na división do traballo e máis ás transformacións produtivas que se produciron nas explotacións (X. Fernández e E. López, 2000; A. Pereira, 2016). O feito de que o proceso de desagrarización se concentrarse nun período máis reducido de tempo con respecto a outros contextos, fixo que a caída de empregos agrarios fose máis brusca, provocando «a desertificación poboacional dunha parte moi importante do territorio galego» (M. M. Pérez, 2015, p. 3) pola vía da emigración, que foi a alternativa que colleu parte da poboación ligada ao sector (Bertrand, 1999; Cardesín, 2005; Carmona e A. Fernández, 2005; J. Hernández, 2001 e 2007; E. López e M. Pérez, 2004 ; Míguez, 2011; M. M. Pérez, 2015; Tintxu, 1985; Villares, 2004). Neste contexto, os municipios que sufriron a maior caída da poboación foron aqueles que partían dunha maior dependencia na agricultura (E. López e M. Pérez, 2004).

ción espacial da poboación. Deixando a un lado os cambios acontecidos na fecundidade e na mortalidade, E. López e M. Pérez (2004) cren que a orixe última das tendencias demográficas descritas «hai que buscala esencialmente na dinámica do emprego, como expresión do contido e límites das transformacións experimentadas pola nosa economía» (p. 3). Por unha banda, en canto ao estancamento do volume global da poboación galega nas últimas décadas do século pasado, estes autores apuntaron que estivo vinculado á lixeira caída que rexistrou o emprego total en Galicia na segunda metade do século XX, en contraste co notable aumento que rexistrou no conxunto español. Por outra banda, no relativo á distribución espacial da poboación, sinalaron que o motor das mudanzas acontecidas atopouse nas «intensas transformacións da estrutura sectorial do emprego, a acelerada caída da ocupación agraria e a expansión paralela das actividades industriais e terciarias; unido ao modelo de localización destas actividades, caracterizado pola elevada concentración nas actuais áreas urbanas do territorio galego» (p. 3). Desta maneira, «a regresión demográfica que caracteriza ao medio rural está estreitamente ligada á forte caída do emprego agrario, a tardía pero abrupta desagrarización da nosa sociedade», que veu acompañada dunha escasa diversificación económica. Polo tanto, as diferenzas acontecidas na evolución a nivel comarcal non se explican polo ritmo da contracción da man de obra agraria, senón pola «maior ou menor capacidade para desenvolver outras actividades» (p. 3).

A redución da man de obra agraria iniciada na década dos anos cincuenta do século XX continuou de forma ininterrompida ata o presente, intensificándose co paso do tempo (Carmona e A. Fernández, 2005; E. López e M. Pérez, 2004; Villares, 2004). Así, mentres que no ano 1950 a porcentaxe do emprego agrario sobre o emprego total ascendía ao 71,7 %, a porcentaxe de emprego no sector agrario —sen incluír a pesca— sobre o emprego total era do 7,5 % no ano 2001. Á vista destes datos e en comparación co acontecido no contexto europeo, compréndese facilmente a magnitude das repercusións que tivo a desagrariazación en Galicia. Pois o feito de concentrarse todas estas mudanzas nun período de tan só cinco décadas, provocou que esteamos ante unha das transformacións máis importantes que tiveron lugar en Galicia na segunda metade do século XX (X. Fernández e E. López, 2000; E. López e M. Pérez, 2004).

Analizando xa o acontecido no século XXI e tomando como referencia o período 2003-2015, a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura no ano 2003 era do 7 % no conxunto de Galicia. Nesa altura do século a provincia de Lugo era, con moita diferenza, a que rexistraba a maior porcentaxe de afiliacións na agricultura (20,3 %), seguíndolle Ourense (7,3 %), A Coruña (6,0 %) e Pontevedra (3,6 %). No transcurso deste período de doce anos, a caída da poboación activa na agricultura foi un trazo común ás catro provincias, aínda que foi en Lugo onde se produciu a maior variación (-6,9 % en Lugo, -2,4 % en Ourense, -1,3 % na Coruña e -1,3 % en Pontevedra). Con este pano de fondo, podemos intuír a existencia de importantes contrastes a nivel municipal nas porcentaxes de afiliacións no sector agrario. De feito, se no ano 2015 os concellos con maior porcentaxe de afiliacións na agricultura eran A Pastoriza e Pol (48 %), no ano 2003 un total de 53 municipios tiñan porcentaxes de afiliacións na agricultura comprendidas entre o 48 % (Antas de Ulla, Mesía e Aranga) e o 75 % (Guntín). E é que no período 2003-2015 o 95 % dos concellos rurais galegos (228 concellos) rexistraron variacións de signo negativo nas porcentaxes de afiliacións na agricultura, tal e como podemos apreciar na figura 6.24. Non obstante, os intervalos establecidos na lenda da cartografía impiden reparar en que o volume de poboación activa empregada na agricultura permaneceu estable en 6 concellos (Taboadela, Curtis, Maceda, Bergondo, Cervo e San Cibrao das Viñas) e tamén que noutros 6 concellos a variación no período foi de signo positiva, con valores comprendidos



Figura 6.24. Variación das afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura (%) nos municipios rurais de Galicia no período 2003-2015.

Fonte: elaboración propia a partir do IGE e da Seguridad Social.

entre o 1 % e o 13 % (Os Blancos, Carballedo de Valdeorras, Rábade, Beade, Vilamartín de Valdeorras e Coristanco). En xeral, no período 2003-2015 o 70 % dos municipios rurais experimentaron variacións da poboación activa empregada na agricultura comprendidas entre o -19 % (Vilardevós, Begonte, O Pino e Val do Dubra) e o 13 % (Coristanco). O restante 30 % dos municipios rexistraron variacións nas afiliacións no sector agrario comprendidas entre o -20 % (Bóveda, Ramirás, Forcarei, San Sadurniño, Boimorto e Santiso) e o -53 % (Beariz).

O volume e distribución espacial da poboación activa empregada na agricultura no último ano do período de estudo —no 2015— reflíctese na figura 6.25, na que podemos apreciar varios aspectos que chaman a atención nunha primeira visualización. En primeiro lugar, no ano 2015 os concellos rurais que delimitan o perímetro de Galicia —salvo na comarca da Limia e nas comarcas lucenses limítrofes con Asturias e León— presentaron porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura sempre inferiores ao 21 %. En segundo lugar, os concellos que rexistraron as maiores porcentaxes de afiliacións na agricultura a escala autonómica foron principalmente os situados na zona central e oriental de Lugo, con valores que acadaron o 48 %. En terceiro lugar, se nos centramos soamente nos municipios que mostraron porcentaxes medias e altas de afiliacións na agricultura (entre o 21 % e o 48 %), a meirande parte deles están situados nas provincias de Lugo e A Coruña. Estes concellos debuxarían un eixo que, dende Cervantes (37 %), cruzaría polo sur do concello de Lugo e traspasaría a provincia da Coruña por Toques (41 %), marcando un contínuum que chegaría ata Mazaricos (40 %). Este contínuum vese cortado á altura dos concellos de Oroso (7 %) e Ordes (10 %), polos que atravesa a Autoestrada do Atlántico. De feito, se percorremos as provincias occidentais de sur a norte a través da devandita Autoestrada, vemos que gran parte do seu trazado está flanqueado por concellos que no ano 2015 tiñan porcentaxes de afiliacións na agricultura inferiores ao 14 %, coa excepción do tramo situado ao norte do concello de Santiago de Compostela, onde destacan os municipios de Trazo (26 %), Tordoia (30 %), Frades



Figura 6.25. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura (%) nos municipios rurais de Galicia no ano 2015.

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

(34 %) e Mesía (34 %). Cómpre destacar, finalmente, a existencia doutro eixo na zona central de Galicia, con concellos que, dende Ourol ata Dozón e Rodeiro, trazan unha liña de municipios con porcentaxes de afiliacións na agricultura nunca inferiores ao 21 %, coa excepción de Curtis (18 %).

As diferenzas descritas nas porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura no ano 2015, fai necesaria unha análise máis pormenorizada a nivel provincial. Comezando polas provincias que presentaron as menores porcentaxes de afiliacións no sector, en Pontevedra destaca o feito de que a maioría dos concellos rurais máis próximos ao litoral —limítrofes con concellos clasificados como ZDP e ZIP— mostraron porcentaxes moi baixas de afiliacións na agricultura (inferiores ao 7 %). Nalgúns casos nen sequera chegaron ao 2 %, como aconteceu na Illa de Arousa (0,3 %), en Mondariz-Balneario (0,4 %), en Pazos de Borbén (1,2 %) ou en Catoira (1,8 %). Pola contra, os municipios que mostraron as maiores porcentaxes de afiliacións foron os situados ao nordeste da provincia: Rodeiro (46 %), Dozón (46 %), Agolada (29 %) e Silleda (22 %). Polo que se refire á provincia da Coruña, os municipios que no ano 2015 rexistraron as porcentaxes de afiliacións máis elevadas no sector da agricultura concentráronse nas comarcas de Terra de Melide (41 % en Toques e 36 % en Santiso), Betanzos (33 % en Sobrado e Aranga, 28 % en Vilasantar e 23 % en Irixoa), Arzúa (31 % en Boimorto) e Ordes (34 % en Frades e Mesía), aínda que tamén destacou o caso de Mazaricos (40 %), na comarca do Xallas. De forma similar ao acontecido na provincia de Pontevedra, a maior parte dos municipios de Ourense mostraron porcentaxes de afiliacións na agricultura baixas ou moi baixas, por debaixo do 14 % e incluso inferiores ao 7 %. Soamente se afastaron desta tendencia os concellos de Chandrexa de Queixa (38 %) e Montederramo (31 %) —nas comarcas de Terra de Trives e Terra de Caldelas— e máis a maioría dos concellos da comarca da Limia (31 % en Baltar, 27 % en Calvos de Randín, 26 % en Sarreaus, 23 % en Sandiás, 22 % en Porqueira, 21 % nos Blancos e 21 % en Trasmiras). En xeral, e excepto nesta comarca, todos os munici-

pios de Ourense que limitan con concellos non rurais rexistraron porcentaxes de afiliacións na agricultura inferiores ao 14 %. Mais non sucedeu isto na provincia de Lugo, xa que se tomamos como referencia o concello de Lugo, observamos que todos os municipios limítrofes —excepto Outeiro de Rei— mostraron porcentaxes de afiliacións na agricultura superiores ao 20 % (36 % en Friol, 38 % en Guntín, 24 % no Corgo, 34 % en Castroverde e 27 % en Castro de Rei). Este mesmo patrón obsérvase de forma moito máis acusada nos municipios que lindan con Sarria e Chantada, mais non se aprecia nos concellos limítrofes con Monforte de Lemos nin cos concellos non rurais do litoral cantábrico. Estamos, polo tanto, ante a provincia que concentra o maior número de municipios coas maiores porcentaxes de afiliacións no sector da agricultura, estando situados boa parte deles nas comarcas de Lugo e Sarria. En contraste con estas áreas, os concellos costeiros e máis os concellos do sur que limitan coa provincia de Ourense, foron os que no 2015 presentaron as porcentaxes máis baixas de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura.

De acordo con M. M. Pérez (2015), o descenso no número de empregos no sector agrario non tería por que implicar necesariamente unha perda de actividade económica nin unha perda de poboación, sempre que se desen dúas condicións básicas. Por unha banda, a primeira condición que debería darse sería que «o proceso de axuste se traducise na consolidación dun número importante de explotacións agrarias competitivas no contexto europeo» (p. 4), mais isto non aconteceu en Galicia. Aínda que a caída da man de obra agraria foi acompañada dun importante esforzo inversor realizado polos activos que permanecen no sector, o certo é que a base territorial das explotacións continuouse caracterizando pola pequena dimensión e a elevada fragmentación. Isto debeuse a que «no caso galego o proceso de desaparición de explotacións non veu acompañado dun proceso de transferencia de terras das explotacións que cesan cara ás que permanecen activas» (p. 4), o que supón, entre outras cuestións, un obstáculo para o aproveitamento axeitado da tecnoloxía produtiva empregada nas explotacións agrarias. E é que «unha parte moi relevante da superficie agraria "liberada" non se transformou en terra dispoñible para os agricultores que estaban en condicións de incrementar a súa dimensión produtiva, senón nunha perda de superficie agraria útil» (p. 4). Desta maneira, o bloqueo do mercado de terras contribúe a explicar «o menor dinamismo económico das áreas rurais aínda especializadas na produción agraria» (p. 4). Por outra banda, a segunda condición que debería darse para que o descenso no número de empregos no sector agrario non implicase unha perda de actividade económica nin unha perda de poboación sería «que esa desaparición de empregos agrarios estivese acompañada da creación de empregos en cantidade suficiente por outros sectores da economía» (p. 4). É dicir, que se diversificase a economía rural. E isto tampouco aconteceu en boa parte das áreas rurais, xa que a «extrema debilidade que en moitos casos mostran os sectores secundario e terciario» (p. 6), provocou que os novos postos de traballo xerados noutros sectores fosen insuficientes para «compensar a perda sufrida polo sector primario, explicando desta forma a dinámica demográfica negativa» (p. 6). Pero ademais, cómpre destacar que en Galicia «se ben se dou unha integración agroindustrial das explotacións agrarias isto non veu acompañado polo desenvolvemento dunha industria transformadora sólida con capacidade para transformar e revalorizar o producido no sector primario» (p. 6). Polo tanto, «unha parte da produción expórtase en bruto e as poucas industrias que hai están especializadas en produtos de escaso valor engadido» (p. 6), o que, en definitiva, constitúe «un importante obstáculo para a creación de emprego e renda nas áreas rurais» (p. 6).

Con este pano de fondo, a poboación moza das áreas rurais adoita atopar maiores oportunidades

de emprego nas áreas non rurais, véndose na obriga, en moitos casos, de abandonar o seu lugar de orixe para residir preto dos centros de traballo. Nalgúns casos, isto débese a que a distancia entre o lugar de orixe e o centro de traballo é incompatible coa realización de desprazamentos diarios de ida e volta. Pero, noutros casos, o cambio de residencia responde a unha necesidade imposta polas políticas de transporte e polas características da oferta de transporte público que conectan as áreas rurais coas áreas non rurais onde se localizan os principais centros de empregos. A necesaria dependencia do transporte privado para a poboación moza do rural, implica unha serie de gastos relacionados coa compra de vehículos, combustible e incluso peaxes, que fai que resulte incompatible o mantemento dun emprego nunha área non rural co mantemento da residencia principal no medio rural (Roseman, 2013).

6.4.3 A procura de alternativas ao emprego agropecuario nas explotacións familiares

A emigración rural de mozos e mozas tamén se asociou á procura de alternativas ao emprego agropecuario nas explotacións familiares. Neste caso, téñense destacado os seguintes aspectos:

- *Problemas de convivencia entre xeracións*. No rural galego é frecuente que nos fogares de familias que teñen granxas ou explotación convivan diferentes xeracións de persoas (avós, pais e fillos). De acordo con Ferrás et al. (2007), «a convivencia entre xeracións nas granxas galegas vólvese negativa cando se produce un choque de mentalidades e niveis educativos distintos, actuando ademais como freo á expansión e modernización da mesma» (p. 114). Pois «son frecuentes os casos nos que os avós e pais, con escasa cualificación e apenas estudos, adoptan unha posición de inercia herdada e opóñense sistematicamente aos proxectos innovadores dos fillos e membros máis novos da familia» (p. 114). Consecuentemente, estes mozos e mozas optan por procurar «traballos asalariados fóra da explotación, principalmente nas cidades e pobos máis próximos» (p. 114). De forma similar, Trabada (2007) tamén aludiu á existencia de conflitos interxeracionais que motivan a emigración dos mozos e mozas cara ás áreas urbanas, debido a que «os valores, actitudes, aspiracións e expectativas dos fillos non coinciden coas dos pais, xa que os seus procesos de socialización tiveron lugar en momentos históricos e por itinerarios bastante diferentes» (p. 419).

- *As condicións laborais do emprego agropecuario*. En comparación coas condicións laborais que ofrecen outro tipo de empregos nos mercados de traballo urbanos, as condicións laborais nas explotacións familiares dificultan o poder desfrutar do tempo libre. En palabras de Trabada (2007), «esta suxeición física á explotación impídelles gozar do seu tempo libre nun lugar diferente, tal como fan os asalariados no medio urbano» (p. 417). Por esta razón, os mozos e mozas prefiren «emigrar á cidade para inserirse laboralmente nun emprego que si lles permita ir pasar o verán ou pasar unha fin de semana fóra da zona onde viven/traballan» (pp. 117-118).

- *Os obstáculos para converterse en titulares-responsables da explotación familiar*. En ocasións, a emigración rural dos mozos e mozas está asociada á longa espera necesaria para converterse en titulares-responsables da explotación familiar, o que implica a prolongación dunha situación de dependencia económica e un obstáculo á emancipación persoal. Nese contexto, e tal e como apuntou Trabada (2007), ante a opción de «traballar como "axuda familiar" ata que o pai se decida a traspasar a titularidade ao fillo» (p. 418)

ou a opción de «buscar a vida e a autonomía persoal mediante unha ocupación laboral noutra actividade» (p. 418), a maioría dos mozos e mozas decántanse por esta segunda opción, que frecuentemente pasa por emigrar a un entorno urbano. Unha alternativa á emigración —por causa desa longa espera para converterse en titular-responsable da explotación familiar— mantendo o vínculo coa actividade agropecuaria, sería establecerse como agricultor ou gandeiro por conta propia. Porén, «os prezos da terra, os dereitos-cotas de produción, os investimentos necesarios en maquinaria, instalacións e demais factores produtivos impídenlle acceder a esta opción á gran maioría dos mozos» (pp. 418-419).

- *A pervivencia da tradición minifundista*. De acordo con Trabada (2007), «esa debilidade no relevo xeracional das explotacións familiares acrecéntase coa pervivencia da tradición minifundista consistente en repartir a herdanza a partes iguais entre os fillos» (p. 419). Pois, apunta o autor, que «o fillo que permanece traballando na explotación familiar percibe unha gran vulnerabilidade económica sobre o seu futuro, xa que pode verse obrigado a compartir cos seus irmáns aquilo que o seu traballo desenvolveu» (p. 419).
- *A prevalencia dunha imaxe negativa sobre as profesións agropecuarias*. A día de hoxe, no imaxinario sociocultural aínda está presente a imaxe negativa asociada ao medio rural e ás profesións de gandeiro/a e agricultor/a. Esta realidade convive coa valoración positiva da que gozan os empregos vinculados á industria e aos servizos, asociados a aspectos como *modernidade*, *carreira laboral* ou *éxito socioeconómico*. Segundo Trabada (2007), «esta identidade social negativa sobre o medio rural e as profesións agropecuarias,(...), contribúe a xerar actitudes de desafección e desarraigamento entre os novos ruralitas, que tenden a identificarse coa cidade e formas de vida que perciben como "urbanas"» (p. 420).

6.4.4 A importancia da accesibilidade e a calidade dos servizos básicos

Seguindo a M. Fernández et al. (2014), a maioría dos concellos galegos viñeron perdendo efectivos demográficos de forma continuada nas últimas décadas, incrementándose a polarización na distribución espacial da poboación a escala local. Pois a poboación residente en concellos medianos e pequenos tende a abandonar os seus lugares de orixe para desprazarse aos núcleos de poboación máis importantes e aos arredores destes, de maneira que o peso demográfico das áreas urbanas aumenta, á vez que os municipios medianos pasan á categoría inferior e aumenta a porcentaxe de poboación en municipios pequenos. En xeral, os concellos que gañan poboación son os de máis de 10.000 habitantes, que están concentrados nas provincias da Coruña e Pontevedra. Estes incrementos demográficos prodúcense principalmente a expensas dos concellos de menos de 2.000 habitantes, que están concentrados nas provincias de Lugo e Ourense. Entre ambos extremos están os concellos medianos, distribuídos máis uniformemente nas catro provincias e dos que gran parte deles tamén perden habitantes. Como consecuencia destes desequilibrios, a oferta de servizos e equipamentos básicos e de calidade vese reducida nas áreas rurais, o que contribúe a retroalimentar a emigración rural da poboación moza e obstaculiza os procesos de desenvolvemento económico destas áreas (Aldrey et al., 2008; Ferrás, 2011; Pazo e Moragón, 2013; M. M. Pérez, 2015; Saco, 2010; Toxo-Asorei e García-Arias, 2018). Neste contexto, M. Fernández et al. (2014) consideran que a dinámica demográfica descrita a nivel local está relacionada coas diferenzas existentes nos niveis de calidade de vida asociados á accesibilidade e á calidade dos servizos básicos (educación, saúde, servizos sociais, administra-

tivos, financeiros, comerciais, comunicacións, ocio...). Por iso afirman que «son tan relevantes os servizos existentes na localidade de residencia do individuo como o tempo de desprazamento dende esa localización ao núcleo de poboación onde poida acceder aos servizos coa calidade requirida» (p. 18). Partindo do suposto de que nas entidades de poboación de máis de 5.000 habitantes «é posible acceder a todos os servizos considerados básicos co nivel estándar de calidade» (p. 18), os autores calcularon —para cada concello de Galicia— o tempo de desprazamento dun individuo tipo á entidade de poboación de máis de 5.000 habitantes máis próxima. Os resultados indican que o que explica a tendencia ao despoboamento de determinados concellos «non é tanto a dinámica do núcleo principal do propio concello, senón a dinámica do núcleo de tamaño medio de referencia que, nas áreas rurais (non próximas ás principais cidades), coincide en xeral coa cabeceira comarcal» (p. 19). Segundo os autores, «as evidencias parecen concluír que probablemente se valora máis un servizo de maior calidade, aínda que estea máis afastado, que un básico na localidade de residencia» (p. 1).

6.4.5 O espírito aventureiro e a procura doutras formas de vida

As alusións ao espírito aventureiro da poboación moza como factor determinante na emigración galega nin son novas nin están faltas de controversia. Xa na segunda metade do século XX, Sánchez (1967) afirmaba que «chama a atención que parte dos escritores que estudan estes problemas da emigración rexeitan o tópico fácil de que os galegos emigran por espírito de aventura» (p. 151). Para este estudoso, ese rexeitamento ao espírito aventureiro como causa da emigración tamén se apreciaba en determinadas obras de Rosalía de Castro, de Amador Montenegro e doutros moitos escritores que, ao seu xuízo, posiblemente contribuíron a crear a imaxe das persoas galegas como persoas con fondo arraigamento á súa terra. Non obstante, ao autor remataba a súa reflexión sobre o tema concluíndo que «é difícil determinar en que grao pode influír ese "impulso aventureiro", se existe, no fenómeno masivo da emigración. Só enquisas ben realizadas poderían aportar algunha luz» (p. 152). En publicacións máis recentes, e tamén con respecto ao fenómeno migratorio masivo a América, Villares (2004) afirmou que a precaria situación económica de Galicia constitúe a razón principal desa emigración, aínda que tamén apuntou que o carácter aventureiro constitúe outra das motivacións sinaladas polos estudosos.

Xa no século XXI, Aldrey (2006) destacou que «as causas que propician este tipo de desprazamentos [movementos migratorios] son complexas e variadas, se ben acéptase o elemento económico como o máis determinante» (p. 62). Neste sentido, Dubert (2019) sostén o seguinte:

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

> (...) a emigración é un comportamento poboacional —con implicacións demográficas, obviamente— que sitúa a súa orixe nas eivas e nas diferenzas económicas e sociais que condicionan ou impiden a materialización das expectativas vitais e sociais dos individuos e das súas familias nos seus respectivos lugares de nacemento. De aí que diante da imposibilidade de facelo na súa terra, os galegos e as galegas marchen dela. A emigración non é algo que estea pois no seu ADN, nin é o reflexo do seu espírito inquieto e aventureiro, como acotío cacarexa a prensa, senón a proba máis clara e evidente de que, e despois deses centos de millóns de euros europeos investidos en Galicia para evitalas, as eivas e as diferenzas económicas e sociais que a orixinan seguen hoxe tan vivas nela como hai trinta anos. Xa que logo, podería dicirse que o inicio desta terceira vaga emigratoria da época contemporánea, insistimos, a primeira da democracia, sería a máis clara expresión do fracaso histórico que coñece o proxecto de país sostido polas elites económicas e sociais que veñen gobernando os destinos de Galicia dende a morte de Franco. (...). (pp. 9-10).

Para poder valorar a posible influencia do *espírito aventureiro* na decisión de emigrar, cómpre, en primeiro lugar, definir o que debe entenderse por tal concepto. De acordo co Dicionario da Real Academia Galega (2012), un aventureiro sería unha «Persoa que, carecendo dun medio de vida estable, depende do azar ou se vale de artimañas para subsistir» (definición 3). Neste sentido, concordamos con Dubert en que a actual emigración non reflicte o espírito aventureiro da poboación moza galega, principalmente porque consideramos que a emigración ten unha finalidade definida que non se caracteriza pola busca de espontaneidade na vida dos individuos.

En relación co anterior, e como comentamos no capítulo 4, C. Blanco (2000) destacou que, ao longo da historia, as causas máis frecuentes das migracións foron as ecolóxicas, as económicas e as políticas. Porén, na actualidade existe tamén outro tipo de movementos migratorios motivados por factores que escapan das clasificacións convencionais, entre as que destacan as migracións «motivadas polos espíritos independentes, aventureiros ou pola busca de diferentes formas de vida» (C. Blanco, 2000, p. 32). Este tipo de migracións enmarcaríanse dentro dun contexto moi diferente ao contexto no que se produciu a emigración galega no século XX, con novas pautas de consumo asociadas ao fenómeno da urbanización; a crecente converxencia da mocidade europea en torno ao número de persoas que completan a educación secundaria obrigatoria e acceden á educación superior; a crecente facilidade da poboación moza europea para comunicarse en inglés; a unha crecente facilidade para a mobilidade xeográfica en todas as escalas, e; o desenvolvemento das TICs (C. Blanco, 20000; Roberts, 2014; Saco, 2010). Neste marco, Valiña (2019) detectou a existencia dun aspecto non económico de considerable importancia na decisión de emigrar —a partir do 2008— en mulleres da Terra de Soneira:

> No caso das mulleres que emigran, en plena xuventude, a partir do ano 2008, outro aspecto alén do económico parece adquirir unha gran importancia na súa decisión: a vontade de vivir novas experiencias e de adquirir maior liberdade de movemento, en sociedades urbanas onde se transforman en persoas individuais, lonxe da presión familiar e da comunidade. Neste sentido, apréciase a influencia, nesta emigración do século XXI, das redes sociais e de programas como o Erasmus, que abriron a moitas mozas a mente para a emigración non só como oportunidade económica, senón tamén como opción vital. (...). (pp. 103-104).

Como vemos, a persoa emigrante pode emigrar na procura de novas experiencias sen chegar a ser unha persoa aventureira, aínda que vaia a un lugar descoñecido e ignore as situacións ás que se vai ter que enfrontar. No caso deste tipo de emigración, o motor económico pode non

ser o máis relevante, pero a diferenza da persoa aventureira, a persoa emigrante adoita ter unha planificación máis ou menos definida e encamiñada ao logro dun obxectivo no lugar de destino. No fragmento que reproducimos da obra de Valiña (2019), constátase que a emigración do século XXI motivada pola vontade de vivir novas experiencias, está estreitamente relacionada co proceso de urbanización e cos procesos de creación de identidade propia, tal e como xa apuntamos no capítulo 5. Neste sentido, Saco (2010) puntualizou o seguinte:

> A urbanización, entendida como a expansión do modo de vida urbano, ben de forma material (urbanizacións periurbanas, segundas residencias, turismo rural sobredimensionado), ben a través da difusión de valores e pautas de comportamento orixinalmente urbanos que fan que os habitantes do rural aspiren a vivir como na cidade en termos de equipamentos e prestacións, pero tamén en canto ás formas de sociabilidade. Cando estas aspiracións se ven frustradas, a emigración asoita ser unha saída lóxica. (p. 15).

O importancia que adquiriu nas últimas décadas a procura do estilo de vida urbano como factor determinante na decisión de emigrar do rural, constitúe unha das diferenzas máis relevantes entre a emigración rural do século pasado e a actual. Barreiro (2022), referíndose ao proceso de despoboamento do seu concello natal de Forcarei, relatou a súa visión da emigración actual neste concello rural coas seguintes palabras:

> Eu tamén crin, como cren os gobernantes, que marchabamos de Forcarei porque non había fábricas, nin centros educativos, nin servizos sanitarios e de comunicación modernos. Pero agora en Forcarei hai instituto e centro de saúde, e comunicámonos como en Nova York. E hoxe traballan alí máis enxeñeiros e doutores en química dos que antes había en Pontevedra. Pero? O pero é que ninguén vive alí. Nin profesores, nin médicos, nin enxeñeiros. E apenas quedan curas para enterrarnos. Porque a xente non marcha fuxindo do paro ou do terruño rebelde co que nos tocou loitar. Eu aínda marchei por iso. Pero os de agora marchan en busca da cidade —da *polis* que creou o mundo moderno—, porque necesitan vivir en sociedades abertas, con novos estilos de vida, con todo o que ofrece o mundo e no ambiente no que se xeran os modelos políticos, sanitarios, de consumo e de ocio que agora se estilan.

6.4.6 A importancia dos antecedentes migratorios na familia

As referencias á importancia dos antecedentes migratorios familiares como factor interveniente na decisión de emigrar das áreas rurais galegas na actualidade, non abundan na literatura. Unicamente destacamos as achegas realizadas por Valiña (2019) no contexto da emigración de mulleres da Terra de Soneira que partiron cara a Suíza a partir da crise do ano 2008. A autora constatou que, co inicio da crise económica, persoas descendentes de emigrantes na Suíza en décadas anteriores, convertíanse agora en emigrantes, partindo cara ao mesmo país no que estiveran emigrados os seus proxenitores ou outros familiares. En palabras de Valiña, «moitas das mulleres que marcharon para Suíza a partir do ano 2008 recuperaron as correntes migratorias de nais, pais, curmáns..., creando así unha sorte de ponte entre xeracións» (p. 45). Obviamente, as diferenzas entre estas xeracións de emigrantes son moi diferentes con respecto a como viviron a etapa preparatoria e máis o período de asentamento no lugar de destino. Pois, as mulleres que emigraron despois do ano 2008, puideron partir dispoñendo de moita información, á parte de que «moi a miúdo adoitan ter algún tipo de contacto en Suíza que lles facilita a viaxe ou chegada ou contan cunha experiencia migratoria na súa familia que lles permite coñecer, con

distancia espacial por medio, algunhas das realidades do país helvético» (p. 45). Con todo, a diferenza das xeracións anteriores, no caso das mulleres que naceron a partir dos anos oitenta «xorden outras motivacións alén da propiamente económica, como (...) a vontade de novas experiencias, unha idea que non figuraba nas emigrantes de maior idade» (p. 63). Este aspecto pode estar vinculado ao cambio do significado e dos valores asociados ao traballo nas xeracións máis novas. C. Muñoz (2010) destacou que, en relación aos valores posmodernos, «algúns autores vaticinan que no ámbito laboral darase cada vez máis importancia a que o desempeño dun traballo permita non só conseguir uns ingresos senón tamén acceder a unha experiencia laboral enriquecedora, que propicie a autorrealización e o logro persoal» (p. 222). E é que, como observou Valiña, «estas mulleres son conscientes dende o momento en que abandonan Galicia que terán que desenvolverse en todo tipo de tarefas, probablemente por debaixo da súa cualificación laboral e mesmo cando xa tiñan un emprego antes de emigrar» (p. 72). En definitiva, «son conscientes, neste sentido, do prezo que terán que pagar por tentar desenvolver unha nova vida en Suíza» (p. 72).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 7

Caracterización dos concellos rurais galegos segundo o comportamento migratorio da poboación moza

Como acabamos de ver no capítulo anterior, canto máis descendemos na escala espacial de observación, maiores son os contrastes demográficos que se aprecian no territorio. Por esta razón, consideramos apropiado descender á análise municipal para analizar con maior grao de detalle as similitudes e disimilitudes que presentou o comportamento migratorio da poboación moza nas áreas rurais. Con esta finalidade, realizamos unha caracterización dos 241 municipios rurais (ZPP) segundo o comportamento migratorio da poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos, no período 2002-2015[1]. Este estudo foi realizado en tres fases e o resultado final consistiu na obtención dunha clasificación dos municipios rurais de Galicia en cinco grupos, en función das características dos movementos migratorios realizados pola poboación moza.

7.1 Análise de correlacións bivariadas

Para realizar este estudo, elaborouse unha base de datos con información municipal acerca do subgrao de urbanización da ZPP e dos movementos migratorios producidos nestas áreas. A información do subgrao de urbanización da ZPP foi tomada da clasificación dos concellos galegos elaborada polo IGE, mentres que a información relativa aos movementos migratorios foi creada a partir da Estatística dos Movementos Migratorios (IGE) e do Padrón Municipal de habitantes (IGE). O estudo iniciouse cun total de 43 variables (táboa 7.1), que foron calculadas para o grupo de idade de 16 a 34 anos, de acordo coa metodoloxía descrita na sección 3.4.2 do capítulo relativo á metodoloxía. A efectos de evitar a multicolinealidade entre variables, o cal tería implicacións negativas sobre a caracterización dos municipios, realizouse unha análise de correlacións bivariada mediante o método de Pearson, partindo da hipótese de que os datos seguen unha distribución normal por ser o máis axeitado para este caso (Ferreira-Golpe et al., 2021; Vázquez et al., 2012). Tras a análise dos coeficientes de correlación de Pearson para cada

[1]Por limitacións das fontes estatísticas dispoñibles, a análise cinguiuse ao período 2002-2015. Pois, como xa comentamos na sección 3.3.1.2 do capítulo relativo aos contidos metodolóxicos, os datos de migracións para idades simples están dispoñibles para o ano 2002 e posteriores.

unha das 43 variables sometidas a estudo, decidimos eliminar 24 variables por estar altamente correlacionadas ($R^2 \geq 0{,}8$) (Köbrich et al., 2003). As variables finalmente seleccionadas para empregar na análise factorial de compoñentes principais foron as restantes 19, as cales podemos visualizar na táboa 7.1 e cuxas correlacións poden consultarse na táboa B.42 do anexo B.

7.2 Análise factorial de compoñentes principais

Dado que o número de variables finalmente seleccionadas (19) a partir da análise de correlacións bivariadas que acabamos de describir é relativamente elevado para facer unha análise de clasificación (conglomerados), fíxose necesaria a utilización de métodos multivariantes de redución da dimensión para tratar de eliminar aquela información que puidese resultar redundante ou excesiva. Neste caso, en concordancia co tipo de variables que manexamos, procedeuse a realizar unha análise factorial de compoñentes principais. Desta maneira, as 19 variables que mostraron valores de R^2 inferiores a 0,8 foron sometidas á devandita análise, que resultou ser unha solución válida. Para iso, e entre outros factores, tívose en conta que o coeficiente Kaiser-Meyer-Olkin (KMO) fose superior a 0,5, que a proba de esfericidade de Bartlett fose significativa (sig.<0,05), que a porcentaxe global da varianza explicada fose elevada, que as comunalidades en todas as variables empregadas fosen superior a 0,5 e que na matriz de compoñentes rotados todas as variables tivesen relevancia nalgún factor. Neste sentido, tal e como podemos observar na táboa 7.2, cómpre destacar que a medida de adecuación da análise factorial resultante (KMO) é de 0,609, superior, polo tanto, ao valor mínimo establecido de 0,5. Ademais, a análise pode considerarse satisfactoria en termos estatísticos, xa que a proba de esfericidade de Bartlett é significativa (0,00), cun valor de Chi-cadrado igual a 3519,67. O número de factores ou compoñentes creados é de sete, que sintetizan un 80,68 % da varianza orixinal das 19 variables analizadas, todas elas cunha destacada relevancia na análise (comunalidades elevadas). Aínda así, hai tres variables que aparecen peor explicadas no modelo (comunalidades mais baixas): «TVPInmigTotal_H» (0,675), «TEITotal_H» (0,651) e «TVPInmigTotal_M» (0,664).

Na táboa 7.3 podemos observar cada un dos sete factores ordenados segundo a porcentaxe de varianza explicada por cada un deles. Así mesmo, dentro de cada factor inclúense as variables máis significativas, é dicir, aquelas que na matriz de compoñentes rotados presentan un coeficiente de correlación superior —en valor absoluto— a 0,5. O nome asignado a cada factor está estreitamente relacionado coas variables que presentan unha maior correlación con ese factor. A continuación, describimos cada un dos sete factores:

- O primeiro factor (F1) foi denominado «Migración ás comunidades autónomas», xa que as variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor describen os movementos migratorios externos, especialmente os que se produciron entre Galicia e outras comunidades autónomas durante o período 2002-2015. Este compoñente é o máis importante dos sete, posto que explica o 16,49 % da varianza total. As variables significativas neste factor son a taxa específica de inmigración doutras comunidades autónomas nas mulleres, a taxa específica de emigración a outras comunidades autónomas nas mulleres, a taxa específica de inmigración externa nas mulleres, a taxa específica de emigración total nas mulleres e a taxa específica de inmigración total nos homes. Todas estas variables presentan correlación positiva co factor, o que significa que valores elevados deste compoñente identifican municipios con altas taxas de migración exterior coas comunidades autónomas entre a poboación moza, e viceversa.

	Nome da variable	Etiqueta
V_1	Subgrao da ZPP	Tipo_ZPP
V_2	Taxa de variación da emigración total (ambos sexos)	TVPEmigTotal_2Sexos
V_3	Taxa de variación da imigración total (ambos sexos)	TVPInmigTotal_2Sexos
V_4	Taxa media anual acumulada de emigración total (ambos sexos)	TMAAEmigTotal_2Sexos
V_5	Taxa media anual acumulada de inmigración total (ambos sexos)	TMAAInmigTotal_2Sexos
V_6	Taxa específica de emigración total (ambos sexos)	TEETotal_2Sexos
V_7	Taxa específica de emigración interna (ambos sexos)	TEEInterna_2Sexos
V_8	Taxa específica de emigración externa (ambos sexos)	TEEExterna_2Sexos
V_9	Taxa específica de emigración ao estranxeiro (ambos sexos)	TEEEstranxeiro_2Sexos
V_{10}	Taxa específica de emigración a outras CCAA (ambos sexos)	TEECCAA_2Sexos
V_{11}	Taxa específica de inmigración total (ambos sexos)	TEITotal_2Sexos
V_{12}	Taxa específica de inmigración interna (ambos sexos)	TEIInterna_2Sexos
V_{13}	Taxa específica de inmigración externa (ambos sexos)	TEIExterna_2Sexos
V_{14}	Taxa específica de inmigración do estranxeiro (ambos sexos)	TEIEstranxeiro_2Sexos
V_{15}	Taxa específica de inmigración doutras CCAA (ambos sexos)	TEICCAA_2Sexos
V_{16}	Taxa de variación da emigración total (homes)	TVPEmigTotal_H
V_{17}	Taxa de variación da imigración total (homes)	TVPInmigTotal_H
V_{18}	Taxa media anual acumulada de emigración total (homes)	TMAAEmigTotal_H
V_{19}	Taxa media anual acumulada de inmigración total (homes)	TMAAInmigTotal_H
V_{20}	Taxa específica de emigración total (homes)	TEETotal_H
V_{21}	Taxa específica de emigración interna (homes)	TEEInterna_H
V_{22}	Taxa específica de emigración externa (homes)	TEEExterna_H
V_{23}	Taxa específica de emigración ao estranxeiro (homes)	TEEEstranxeiro_H
V_{24}	Taxa específica de emigración a outras CCAA (homes)	TEECCAA_H
V_{25}	Taxa específica de inmigración total (homes)	TEITotal_H
V_{26}	Taxa específica de inmigración interna (homes)	TEIInterna_H
V_{27}	Taxa específica de inmigración externa (homes)	TEIExterna_H
V_{28}	Taxa específica de inmigración do estranxeiro (homes)	TEIEstranxeiro_H
V_{29}	Taxa específica de inmigración doutras CCAA (homes)	TEICCAA_H
V_{30}	Taxa de variación da emigración total (mulleres)	TVPEmigTotal_M
V_{31}	Taxa de variación da inmigración total (mulleres)	TVPInmigTotal_M
V_{32}	Taxa media anual acumulada de emigración total (mulleres)	TMAAEmigTotal_M
V_{33}	Taxa media anual acumulada de inmigración total (mulleres)	TMAAInmigTotal_M
V_{34}	Taxa específica de emigración total (mulleres)	TEETotal_M
V_{35}	Taxa específica de emigración interna (mulleres)	TEEInterna_M
V_{36}	Taxa específica de emigración externa (mulleres)	TEEExterna_M
V_{37}	Taxa específica de emigración ao estranxeiro (mulleres)	TEEEstranxeiro_M
V_{38}	Taxa específica de emigración a outras CCAA (mulleres)	TEECCAA_M
V_{39}	Taxa específica de inmigración total (mulleres)	TEITotal_M
V_{40}	Taxa específica de inmigración interna (mulleres)	TEIInterna_M
V_{41}	Taxa específica de inmigración externa (mulleres)	TEIExterna_M
V_{42}	Taxa específica de inmigración do estranxeiro (mulleres)	TEIEstranxeiro_M
V_{43}	Taxa específica de inmigración doutras CCAA (mulleres)	TEICCAA_M

* As variables sombreadas correspóndense coas variables empregadas na análise factorial de compoñentes principais.

Táboa 7.1. Relación das variables analizadas e das etiquetas empregadas na súa análise.
Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

(a) Proba de KMO e proba de esfericidade de Bartlett

Proba de KMO e Bartlett		
Medida Kaiser-Meyer-Olkin de adecuación de mostraxe		0,609
Proba de esfericidade de Bartlett	Aprox. Chi-cadrado	3519,672
	gl	171
	Sig.	0,000

(b) Variables consideradas na análise factorial e extracción de comunalidades

Variable		Comunalidades	
		Inicial	Extracción
V_1	Tipo_ZPP	1,000	0,843
V_2	TVPEmigTotal_2Sexos	1,000	0,929
V_3	TVPInmigTotal_2Sexos	1,000	0,958
V_4	TMAAEmigTotal_2Sexos	1,000	0,835
V_{16}	TVPEmigTotal_H	1,000	0,905
V_{17}	TVPInmigTotal_H	1,000	0,675
V_{18}	TMAAEmigTotal_H	1,000	0,817
V_{19}	TMAAInmigTotal_H	1,000	0,742
V_{25}	TEITotal_H	1,000	0,651
V_{28}	TEIEstranxeiro_H	1,000	0,765
V_{30}	TVPEmigTotal_M	1,000	0,873
V_{31}	TVPInmigTotal_M	1,000	0,664
V_{32}	TMAAEmigTotal_M	1,000	0,793
V_{33}	TMAAInmigTotal_M	1,000	0,724
V_{34}	TEETotal_M	1,000	0,767
V_{37}	TEEEstranxeiro_M	1,000	0,786
V_{38}	TEECCAA_M	1,000	0,843
V_{41}	TEIExterna_M	1,000	0,873
V_{43}	TEICCAA_M	1,000	0,887

Método de extracción: análise de compoñentes principais.

Táboa 7.2. Proba de KMO, proba de esfericidade de Bartlett e variables consideradas na análise factorial xunto coa extracción de comunalidades.

Fonte: elaboración propia a partir das táboas de datos extraídas do programa estatístico informático SPSS.

- O segundo factor (F2) foi denominado «Variación da inmigración», xa que as variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor son a taxa de variación da inmigración total en ambos sexos, a taxa de variación da inmigración total nos homes e a taxa de variación da inmigración total nas mulleres. Este factor explica o 13,47 % da varianza total e todas as variables significativas correlacionan positivamente co factor, o que indica que valores elevados deste compoñente identifican municipios que no ano 2015 presentaron altas porcentaxes de variación da inmigración entre a poboación moza con respecto ao ano 2002, e viceversa.
- O terceiro factor (F3) explica o 12,88 % da varianza total e foi denominado «Ritmo migratorio», xa que as variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor describen o ritmo de incremento ou diminución interanual dos movementos migratorios.

Estas variables son a taxa media anual acumulada de inmigración total nas mulleres, a taxa media anual acumulada de inmigración total nos homes, a taxa media anual acumulada de emigración total en ambos sexos, a taxa media anual acumulada de emigración total nos homes e a taxa media anual acumulada de emigración total nas mulleres. Todas estas variables correlacionan co factor en sentido positivo, o que indica que valores altos deste compoñente identifican municipios nos que os movementos migratorios se incrementaron a un ritmo anual elevado entre os anos 2002-2015, e viceversa.

- O cuarto factor (F4) foi denominado «Variación e ritmo interanual da emigración feminina» e explica o 11,79 % da varianza total. As variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor son a taxa de variación da emigración total nas mulleres, a taxa de variación da emigración total en ambos sexos, a taxa media anual acumulada de emigración total nas mulleres e a taxa media anual acumulada de emigración total en ambos sexos. Todas estas variables correlacionan positivamente co factor, o que indica que valores elevados deste compoñente identifican municipios que presentaron altas porcentaxes de variación da emigración de mulleres mozas no período 2002-2015, con elevados incrementos interanuais de emigración nese sexo.
- O quinto factor (F5) foi denominado «Migración internacional» e explica o 10,51 % da varianza total. As variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor son a taxa específica de emigración ao estranxeiro nas mulleres e a taxa específica de inmigración do estranxeiro nos homes. Ambas variables correlacionan co factor en sentido positivo, o que indica que valores altos deste compoñente identifican municipios con altas taxas de migración exterior ao estranxeiro entre a poboación moza durante o período 2002-2015, e viceversa.
- O sexto factor (F6) foi denominado «Variación e ritmo interanual da emigración masculina» e explica o 9,62 % da varianza total. As variables que teñen unha maior relevancia na composición do factor son a taxa de variación da emigración total nos homes, a taxa media anual acumulada de emigración total nos homes e a taxa de variación da emigración total en ambos sexos. Todas estas variables correlacionan positivamente co factor, o que indica que valores elevados deste compoñente identifican municipios que presentaron altas porcentaxes de variación da emigración de homes mozos no período 2002-2015, con elevados incrementos interanuais de emigración nese sexo.
- O séptimo factor (F7) explica o 5,92 % da varianza total e foi denominado «Subgrao da ZPP», posto que a única variable que está correlacionada con este factor é o subgrao da ZPP. Esta variable correlaciona co factor en sentido positivo, o que indica que valores elevados desta compoñente identifican municipios rurais con alto grao de urbanización, e viceversa, entendendo esta gradación nos termos descritos na clasificación dos concellos galegos elaborada polo IGE (2016).

A creación destes sete factores reafirma o comportamento desigual que teñen os diferentes tipos de movementos migratorios externos nos concellos rurais. As variables relacionadas cos movementos migratorios que teñen lugar dentro de Galicia foron excluídas na fase da análise de correlacións bivariadas e, polo tanto, non figuran entre as 19 variables coas que se realizou a análise factorial de compoñentes principais. A este respecto, debemos ter en conta que como o 70 % das emigracións que se produciron en Galicia nos quince primeiros anos do século XXI tiveron como destino outros municipios galegos, non parece que os movementos migratorios

internos constitúan por si mesmos un factor de peso á hora de establecer diferenzas significativas entre os municipios rurais. Por outro lado, tamén se fai evidente a necesidade de ter en conta a perspectiva de xénero na caracterización dos municipios rurais, xa que a taxa de variación da emigración e máis o ritmo de incremento/diminución interanual da emigración presenta variacións importantes entre sexos. De feito, os factores creados a partir destas variables (factores 4 e 6) diferéncianse unicamente por recoller as taxas referidas a cada sexo por separado. Finalmente, a variable que crea o último factor (factor 7) é o subgrao de urbanización dos municipios rurais. É o único factor no que unha soa variable ten un peso importante na súa composición. Este feito, posiblemente nos estaría indicando que o subgrao de urbanización é unha característica do espazo no que se producen os movementos migratorios pero que, a priori, non supón un elemento que interrelacione de forma significativa cos indicadores de movementos migratorios que empregamos na análise.

7.3 Análise de conglomerados

Aínda que a análise de conglomerados pode responder a diversos obxectivos de investigación, no noso caso revestiu un carácter eminentemente exploratorio. O noso propósito inicial foi agrupar os municipios rurais galegos en canto ás similitudes que presentou o comportamento migratorio da poboación moza entre os anos 2002 e 2015, para así afondar no coñecemento dun fenómeno insuficientemente estudado, como é o actual fenómeno migratorio que ten lugar nas áreas rurais de Galicia. A selección das variables empregadas para caracterizar os conglomerados quedou determinada na fase anterior. Pois, ao realizar a análise factorial de compoñentes principais como unha fase previa á análise de conglomerados, en lugar de empregar as variables iniciais para clasificar os conglomerados, empregamos os sete factores anteriormente descritos.

7.3.1 Selección do número de conglomerados

A estratexia empregada para a identificación do número óptimo de grupos consistiu nunha análise de conglomerados xerárquica, realizada mediante o método de Ward (Vázquez et al., 2012). Da interpretación do dendrograma (figura 7.1), determinamos que a solución máis apropiada ao noso estudo era a de cinco conglomerados (figura 7.2). Como podemos observar na figura, o número de municipios de cada conglomerado é bastante variable: o primeiro conglomerado agrupa 54 municipios, o segundo agrupa 117 municipios, o terceiro agrupa 53 municipios, o cuarto agrupa 4 municipios e o quinto agrupa 13 municipios.

7.3.2 Descrición migratoria de cada conglomerado

A caracterización dos cinco conglomerados de municipios resultou da análise de varianzas e das análises post-hoc (Tukey) correspondentes ás corenta e dúas variables iniciais relacionadas con movementos migratorios e máis aos sete factores. A exposición dos resultados organizouse en dous apartados: no primeiro describimos os resultados das análises dos factores e das variables para cada conglomerado, mentres que no segundo sintetizamos e complementamos a información anterior, caracterizando así cada conglomerado de municipios.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Factor - % de varianza - (% de varianza acumulada)	Nome do factor e significado	Variables significativas no factor	Correlación con factor
F1 - 16,49 % - (16,49 %)	**Migración ás CC.AA.** Contén as variables relacionadas coa medición dos movementos migratorios externos, especialmente os que se producen entre Galicia e outras Comunidades Autónomas.	TEICCAA_M (V_{43})	0,922
		TEECCAA_M (V_{38})	0,908
		TEIExterna_M (V_{41})	0,788
		TEETotal_M (V_{34})	0,643
		TEITotal_H (V_{25})	0,572
F2 - 13,47 % - (29,96 %)	**Variación da inmigración**. Describe a taxa de variación da inmigración.	TVPInmigTotal_2Sexos (V_3)	0,955
		TVPInmigTotal_H (V_{17})	0,793
		TVPInmigTotal_M (V_{31})	0,773
F3 - 12,88 % - (42,84 %)	**Ritmo migratorio**. Describe o ritmo de incremento ou diminución interanual dos movementos migratorios.	TMAAInmigTotal_M (V_{33})	0,756
		TMAAInmigTotal_H (V_{19})	0,708
		TMAAEmigTotal_2Sexos (V_4)	0,697
		TMAAEmigTotal_H (V_{18})	0,682
		TMAAEmigTotal_M (V_{32})	0,570
F4 - 11,79 % - (54,63 %)	**Variación e ritmo interanual da emigración feminina**. Recolle as variables que describen a taxa de variación da emigración das mulleres e máis o ritmo de incremento ou diminución interanual da súa emigración.	TMAAEmigTotal_2Sexos (V_4)	0,501
		TVPEmigTotal_M (V_{30})	0,913
		TVPEmigTotal_2Sexos (V_2)	0,734
		TMAAEmigTotal_M (V_{32})	0,674
F5 - 10,51 % - (65,14 %)	**Migración internacional**. Contén as variables que miden os movementos migratorios que se producen entre Galicia e o estranxeiro.	TEEEstranxeiro_M (V_{37})	0,846
		TEIEstranxeiro_H (V_{28})	0,813
F6 - 9,62 % - (74,76 %)	**Variación e ritmo interanual da emigración masculina**. Recolle as variables que describen a taxa de variación da emigración dos homes e máis o ritmo de incremento ou diminución interanual da súa emigración.	TMAAEmigTotal_H (V_{18})	0,581
		TVPEmigTotal_2Sexos (V_2)	0,577
		TVPEmigTotal_H (V_{16})	0,918
F7 - 5,92 % - (80,68 %)	**Subgrao da ZPP**. Contén o subgrao de urbanización da ZPP a nivel municipal.	Tipo_ZPP (V_1)	0,901

Táboa 7.3. Descrición dos factores creados na análise factorial de compoñentes principais, xunto coa varianza explicada e os coeficientes de correlación para cada compoñente principal.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 7.1. Dendrograma resultante da análise de conglomerados xerárquicos dos municipios rurais de Galicia.

Fonte: elaboración propia a partir da figura extraída do programa estatístico informático SPSS.

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

7.3.2.1 Análise de varianzas e análise post-hoc

A continuación, presentamos os resultados da análise de varianzas e da análise post-hoc. En primeiro lugar, comentamos os sete factores, de forma individual. Posteriormente, comentamos as corenta e dúas variables iniciais relacionadas cos movementos migratorios, que foron agrupadas en catorce grupos, de acordo co tipo de variable e coa súa correspondente desagregación por sexos.

Migración ás comunidades autónomas (F1). Como xa comentamos, as variables que están máis correlacionadas con este factor describen os movementos migratorios externos, especialmente os que se produciron entre Galicia e outras comunidades autónomas durante o período 2002-2015. En canto á significación estatística, neste factor establecéronse dous subconxuntos distintos. No primeiro deles figuran os conglomerados 1, 2, 4 e 5, mentres que no segundo atópase o conglomerado 3 (táboa 7.4). Dos cinco conglomerados, destaca o conglomerado 3 por agrupar os municipios que presentaron os valores máis elevados nas taxas de migración exterior coas CC.AA. na poboación moza durante o período de estudo.

Variación da inmigración (F2). As variables que están máis correlacionadas con este factor son a taxa de variación da inmigración total en ambos sexos, a taxa de variación da inmigración total nos homes e a taxa de variación da inmigración total nas mulleres. Tal e como podemos observar na táboa 7.4, neste factor estableceuse un único subconxunto, o que indica que a pesares de existir diferenzas estatisticamente significativas, non se consideran relevantes. De feito, a variación da inmigración constitúe o único factor que non provoca diferenzas entre os conglomerados. Dito noutras palabras, as taxas de variación da inmigración entre a poboación moza correspondentes ao período 2002-2015 foron similares nos cinco conglomerados de municipios rurais.

Ritmo migratorio (F3). Este terceiro factor foi denominado «ritmo migratorio» debido a que as variables que están máis correlacionadas describen o ritmo de incremento ou diminución interanual dos movementos migratorios. Polo que se refire á significación estatística, neste factor establecéronse dous subconxuntos diferentes. No primeiro deles atópase o conglomerado 4, mentres que os conglomerados 1, 2, 3 e 5 figuran no segundo subconxunto (táboa 7.4). Así pois, o conglomerado 4 destaca por agrupar aqueles municipios nos que os movementos migratorios diminuíron a un ritmo moito máis elevado que nos outros conglomerados entre os anos 2002 e 2015.

Variación e ritmo interanual da emigración feminina (F4). As variables que están máis correlacionadas con este factor son a taxa de variación da emigración total nas mulleres, a taxa de variación da emigración total en ambos sexos, a taxa media anual acumulada de emigración total nas mulleres e a taxa media anual acumulada de emigración total en ambos sexos. No relativo á significación estatística, neste factor establecéronse dous subconxuntos distintos. No primeiro deles atópase o conglomerado 5 e no segundo figura o conglomerado 4, mentres que os conglomerados 1, 2 e 3 presentan características comúns a ambos subconxuntos (táboa 7.4).

Migración internacional (F5). Este quinto factor foi denominado «migración internacional» debido a que as variables que están máis correlacionadas son a taxa específica de emigración ao estranxeiro nas mulleres e a taxa específica de inmigración do estranxeiro nos homes. Tal e como podemos observar na táboa 7.4, neste factor establecéronse tamén dous subconxuntos

Factor	Conglomerado 1	Conglomerado 2	Conglomerado 3	Conglomerado 4	Conglomerado 5	Total
Migración ás CC.AA (F1)	-0,07a	-0,51a	1,26b	-0,45a	-0,13a	0,00 ***
Variación da inmigración (F2)	-0,15a	0,19a	-0,15a	0,14a	-0,49a	0,00 *
Ritmo migratorio (F3)	0,17b	0,07b	0,08b	-5,67a	0,15b	0,00 ***
Variación e ritmo interanual da emigración feminina (F4)	0,11ab	-0,09ab	0,09ab	0,89b	-0,30a	0,00 ns
Migración internacional (F5)	0,05a	-0,27a	-0,08a	-0,59a	2,76b	0,00 ***
Variación e ritmo interanual da emigración masculina (F6)	0,07b	0,20b	-0,17b	-2,83a	-0,50b	0,00 ***
Subgrao da ZPP (F7)	-1,57a	0,44b	0,51b	0,26b	0,45b	0,00 ***

Significación estatística: *** 0,1%; ** 1 %; *5 %; t Tendencia (5-10 %); ns ≥10 %. Subíndices con distinta letra indican subconxuntos homoxéneos significativamente diferentes ao nivel do 5 %.

Táboa 7.4. Resultados da análise dos sete factores (2002-2015).
Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

distintos. No primeiro deles figuran os conglomerados 1, 2, 3 e 4, mentres que no segundo subconxunto atópase o conglomerado 5. Este último conglomerado destaca, polo tanto, por agrupar os municipios rurais que presentaron as taxas máis elevadas de migración exterior ao estranxeiro entre a poboación moza durante o período 2002-2015.

Variación e ritmo interanual da emigración masculina (F6). As variables que están máis correlacionadas con este factor son a taxa de variación da emigración total nos homes, a taxa media anual acumulada de emigración total nos homes e a taxa de variación da emigración total en ambos sexos. Polo que se refire á significación estatística, establecéronse dous subconxuntos distintos, seguindo o esquema descrito no terceiro factor. No primeiro deles atópase o conglomerado 4, mentres que os conglomerados 1, 2, 3 e 5 figuran no segundo subconxunto (táboa 7.4). Así pois, o conglomerado 4 destaca por agrupar aqueles municipios que presentaron as porcentaxes máis elevadas na caída da emigración de homes mozos no período 2002-2015, con elevados decrecementos interanuais de emigración nese sexo.

Subgrao da ZPP (F7). A única variable que está correlacionada con este factor é o subgrao da ZPP. Tal e como podemos observar na táboa 7.4, neste factor establecéronse tamén dous subconxuntos distintos. No primeiro deles figura o conglomerado 1, mentres que no segundo subconxunto atópanse os conglomerados 2, 3, 4 e 5. Neste contexto, o conglomerado 1 destaca

por agrupar os municipios rurais con maior grao de urbanización, entendendo esta gradación nos termos descritos na clasificación dos concellos galegos elaborada polo IGE (2016).

Taxas de variación da emigración total. Polo que se refire á taxa de variación da emigración total de ambos sexos, o valor medio deste indicador foi negativo para o conxunto dos 241 municipios que conforman as áreas rurais. Isto significa que, a nivel global, no ano 2015 rexistrouse no rural galego un menor número de emigracións que no ano 2002, concretamente un 17,25 % menos (táboa 7.5). Mais cómpre poñer de relevo as diferenzas que mostra o valor medio deste indicador entre sexos, xa que a caída das emigracións no conxunto das áreas rurais galegas foi menor nas mulleres (-10,07 %) que nos homes (-17,43 %). Con respecto á significación estatística, na taxa de variación da emigración total en ambos sexos establecéronse dous subconxuntos diferentes. Mentres que no primeiro subconxunto figura o conglomerado 4, que presentou o valor máis alto do indicador (-64,29 %), no segundo subconxunto atópanse os conglomerados 1, 2 e 3, que mostraron valores máis baixos (-8,79 %, -17,34 % e -18,10 %, respectivamente). O conglomerado 5, pola súa parte, forma parte dos subconxuntos anteriores e presentou un valor medio do -33,58 %. Tamén se estableceron dous subconxuntos diferentes na taxa de variación da emigración total no sexo masculino. Ao igual que no indicador anterior, o primeiro subconxunto está formado polo conglomerado 4, que presentou o valor máis elevado (-100,00 %), mentres que os conglomerados 1, 2, 3 e 5 mostraron valores inferiores e atópanse no segundo subconxunto (-9,33 %, -12,00 %, -25,61 % e -41,23 %, respectivamente). Finalmente, polo que se refire á taxa de variación da emigración total no sexo feminino, non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre os conglomerados, que presentaron valores comprendidos entre 2,20 % (conglomerado 3) e -34,38 % (conglomerado 4). A este respecto, cómpre destacar que o conglomerado 3 foi o único que rexistrou un valor positivo na taxa de variación da emigración total no sexo feminino. Podemos concluír que, neste grupo de variables, a taxa de variación da emigración total nos homes é a variable que introduce as maiores disimilitudes entre os conglomerados. E é que ano 2015, e con respecto ao ano 2002, o volume das emigracións totais na poboación moza viuse notablemente máis reducido no sexo masculino que no feminino, coa excepción do conglomerado 2. A taxa de variación da emigración feminina tamén se reduciu en todos os conglomerados, pero tales reducións mostraron un comportamento estatisticamente homoxéneo nos municipios rurais. As maiores desigualdades entre sexos atopáronse nos conglomerados 4 (-100,00 % nos homes e -34,38 % nas mulleres) e 3 (-25,61 % nos homes e 2,20 % nas mulleres), mentres que as menores diferenzas atopáronse no conglomerado 2 (-12,00 % nos homes e -15,61 % nas mulleres).

Taxas de variación da inmigración total. En canto á taxa de variación da inmigración total de ambos sexos, o valor medio deste indicador foi tamén negativo para o conxunto dos 241 municipios que conforman as áreas rurais. É dicir, a nivel global, no ano 2015 rexistrouse no rural galego un menor número de inmigracións que no ano 2002, concretamente un 12,86 % menos (táboa 7.6). Igual que acontece coa taxa de variación da emigración total, cómpre resaltar as diferenzas que mostrou o valor medio deste indicador entre sexos, xa que a caída das inmigracións no conxunto das áreas rurais galegas foi lixeiramente menor nos homes (-6,32 %) que nas mulleres (-7,30 %). Polo que se refire á significación estatística, na taxa de variación da inmigración total de ambos sexos establecéronse dous subconxuntos diferentes. No primeiro deles figura o conglomerado 4, que presentou valores negativos que quintuplicaron o valor medio das áreas rurais (-67,21 % no conglomerado 4 e -12,86 % nas áreas rurais), mentres que ao segundo subconxunto pertence o conglomerado 2, que mostrou a menor variación da inmi-

gración no período 2002-2015 (-5,13 %). Pola súa parte, os conglomerados 1, 3 e 5 forman parte dos subconxuntos anteriores, con taxas de variación superiores á media das áreas rurais pero con valores oscilantes entres os valores extremos que marcaron os conglomerados 2 e 4 para este indicador. Este mesmo esquema reproduciuse no caso da taxa de variación da inmigración total das mulleres, destacando que no conglomerado 4 o valor negativo do indicador decuplicou a media das áreas rurais (-75,71 % no conglomerado 4 e -7,30 % nas áreas rurais) e que no conglomerado 2 o valor da taxa de variación foi de signo positivo (5,14 %). Por último, en canto á taxa de variación da inmigración total nos homes, non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre os conglomerados, que presentaron valores comprendidos entre 2,31 % (conglomerado 2) e -43,75 % (conglomerado 4). Ao contrario do que acontecía nas taxas de variación da emigración total, neste grupo de variables, a taxa de variación da inmigración total nas mulleres é a variable que introduce as maiores disimilitudes entre os conglomerados. En xeral, no ano 2015 e con respecto ao ano 2002, o volume das inmigracións totais na poboación moza viuse notablemente máis reducido no sexo feminino que no masculino, coa excepción do conglomerado 2. De feito, o conglomerado 2 foi o único no que se rexistraron taxas de variación da inmigración total con signo positivo, tanto nos homes como nas mulleres. As maiores desigualdades entre sexos atopáronse nos conglomerados 4 (-43,75 % nos homes e -75,71 % nas mulleres) e 5 (-24,97 % nos homes e -41,13 % nas mulleres), mentres que as menores diferenzas atopáronse nos conglomerados 3 (-11,82 % nos homes e -12,88 % nas mulleres) e 2 (2,31 % nos homes e 5,14 % nas mulleres).

Taxas medias anuais acumuladas de emigración total. Tal e como podemos observar na táboa 7.5, o decrecemento da emigración da poboación moza das áreas rurais galegas durante o período 2002-2015 produciuse a un ritmo medio anual do -2,35 %, un valor moi similar ao da taxa media anual acumulada de emigración no sexo feminino (-2,39 %) pero considerablemente inferior ao do mesmo indicador calculado para o sexo masculino (-3,80 %). En canto á significación estatística, na taxa media anual acumulada de emigración total en ambos sexos, establecéronse dous subconxuntos diferentes. No primeiro deles figura, novamente, o conglomerado 4, que destaca por presentar a maior taxa en cifras negativas (-29,73 %). No segundo subconxunto atópanse os conglomerados 1, 2, 3 e 5, que mostran valores de entre 26 e 28 puntos porcentuais menos que os do conglomerado 4 (-1,00 %, -1,96 %, -2,25 % e -3,52 %, respectivamente). Este mesmo esquema reproduciuse tanto na taxa media anual acumulada de emigración total de homes, como na taxa media anual acumulada de emigración total de mulleres. Cómpre destacar dous aspectos, no relativo ás diferenzas entre sexos. Por unha banda, o conglomerado 2 é o único no que o valor do indicador foi superior nas mulleres (-1,98 % nos homes e -2,02 % nas mulleres). E por outra banda, no conglomerado 4 obsérvase que as desigualdades entre sexos nos valores da taxa media anual acumulada de emigración total alcanzan os 73 puntos porcentuais (-100,00 % nos homes e -26,38 % nas mulleres), cando no resto de conglomerados nin sequera chegan aos 2 puntos de diferenza.

Taxas medias anuais acumuladas de inmigración total. En comparación cos valores das taxas medias anuais acumuladas da emigración total, o decrecemento da inmigración da poboación moza nas áreas rurais galegas durante o período 2002-2015 produciuse a un ritmo medio anual máis acelerado (-3,10 %). Neste caso, como podemos observar na táboa 7.6, o valor medio do indicador para ambos sexos situouse tamén nun valor máis próximo ao do sexo feminino (-3,40 %) que ao do sexo masculino (-4,15 %). Con respecto á significación estatística, establecéronse dous subconxuntos diferentes nas tres variables relacionadas coa taxa media anual

Variable		Conglomerado 1	Conglomerado 2	Conglomerado 3	Conglomerado 4	Conglomerado 5	Total
Taxa de variación da emigración total. Ambos sexos (%)	V_2	-8,79b	-17,34b	-18,10b	-64,29a	-33,58ab	-17,25 **
Taxa de variación da emigración total. Homes (%)	V_{16}	-9,33b	-12,00b	-25,61b	-100,00a	-41,23b	-17,43 ***
Taxa de variación da emigración total. Mulleres (%)	V_{30}	-4,89a	-15,61a	2,20a	-34,38a	-24,22a	-10,07 t
Taxa media acumulada de emigración total. Ambos sexos (%)	V_4	-1,00b	-1,96b	-2,25b	-29,73a	-3,52b	-2,35 ***
Taxa media acumulada de emigración total. Homes (%)	V_{18}	-1,12b	-1,98b	-3,10b	-100,00a	-4,58b	-3,80 ***
Taxa media acumulada de emigración total. Mulleres (%)	V_{32}	-0,84b	-2,02b	-2,86b	-26,38a	-2,91b	-2,39 ***

Significación estatística: *** 0,1%; ** 1 %; *5 %; t Tendencia (5-10 %); ns ≥10 %. Subíndices con distinta letra indican subconxuntos homoxéneos significativamente diferentes ao nivel do 5 %. As variables en cor azul foron empregadas na análise factorial de compoñentes principais.

Táboa 7.5. Resultados da análise das taxas de variación da emigración e máis das taxas medias anuais acumuladas de emigración (2002-2015).

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

acumulada de inmigración total (en ambos sexos, nos homes e nas mulleres). Nos tres casos, o primeiro subconxunto está formado polo conglomerado 4, mentres que os conglomerados 1, 2, 3 e 5 pertencen ao segundo subconxunto. O conglomerado 4 volve a destacar polos elevados valores que presentou a taxa fronte ao resto dos grupos, mais agora as diferenzas entre sexos non alcanzan, en ningún conglomerado, os 2 puntos porcentuais. Coa excepción do conglomerado 2, en xeral o ritmo de decrecemento da inmigración durante o período 2002-2015 foi maior nas mulleres, con respecto aos homes.

Taxas específicas de emigración total. Como se mostra na táboa 7.7, a taxa de emigración total correspondente ao período 2002-2015 nas áreas rurais galegas acadou un valor de 886,64 ‰, o que significa que se rexistraron unhas 886 emigracións por cada 1.000 persoas mozas. Novamente, a diferenza entre sexos é significativa, xa que se as mozas emigraron en maior medida (976,56 ‰) que os mozos (808,70 ‰). Con respecto á significación estatística, establecéronse dous subconxuntos diferentes nas tres variables relacionadas coa taxa de emigración total (en ambos sexos, nos homes e nas mulleres). Os conglomerados 1, 2 e 4 forman o primeiro subconxunto e mostran taxas de emigración total inferiores ás dos conglomerados 3 e 5, que se atopan no segundo subconxunto. Así, mentres que na taxa de emigración total de ambos sexos os conglomerados 1, 2 e 4 presentan valores inferiores á media das áreas rurais e próximos ao 800 ‰, nos conglomerados 3 e 5 os valores superan amplamente a devandita media e ascenden do 1000 ‰. En xeral, ese patrón tamén se observa tanto na taxa de emigración total de homes como na taxa de emigración total de mulleres. En canto ás diferenzas entre sexos na taxa de emigración total, as maiores de desigualdades atopáronse nos conglomerados 4 (666,13 ‰ nos homes e 983,97 ‰ nas mulleres) e 3 (962,55 ‰ nos homes e 1211,70 ‰ nas mulleres). Pola

Variable		Conglomerado 1	Conglomerado 2	Conglomerado 3	Conglomerado 4	Conglomerado 5	Total
Taxa de variación da inmigración total. Ambos sexos (%)	V_3	-16,57ab	-5,13b	-16,61ab	-67,21a	-35,02ab	-12,86 *
Taxa de variación da inmigración total. Homes (%)	V_{17}	-12,38a	2,31a	-11,82a	-43,75a	-24,97a	-6,33 ns
Taxa de variación da inmigración total. Mulleres (%)	V_{31}	-15,56ab	5,14b	-12,88ab	-75,71a	-41,13ab	-7,30 *
Taxa media acumulada de inmigración total. Ambos sexos (%)	V_5	-1,75b	-2,32b	-2,30b	-51,77a	-4,01b	-3,10 ***
Taxa media acumulada de inmigración total. Homes (%)	V_{19}	-1,59b	-4,62b	-2,32b	-51,16a	-3,55b	-4,15 ***
Taxa media acumulada de inmigración total. Mulleres (%)	V_{33}	-1,79b	-2,70b	-2,46b	-52,75a	-4,98b	-3,40 ***

Significación estatística: *** 0,1%; ** 1 %; *5 %; t Tendencia (5-10 %); ns ≥10 %. Subíndices con distinta letra indican subconxuntos homoxéneos significativamente diferentes ao nivel do 5 %. As variables en cor azul foron empregadas na análise factorial de compoñentes principais.

Táboa 7.6. Resultados da análise das taxas de variación da inmigración e máis das taxas medias anuais acumuladas de inmigración (2002-2015).

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

contra, as menores desigualdades atopáronse nos conglomerados 1 (759,85 ‰ nos homes e 868,67 ‰ nas mulleres) e 2 (739,05 ‰ nos homes e 890,74 ‰ nas mulleres). Cómpre destacar, finalmente, que no período 2002-2015 as maiores taxas de emigración total en homes e mulleres atopáronse no conglomerado 5 (1055,05 ‰ nos homes e 1236,20 ‰ nas mulleres).

Taxas específicas de emigración interna. A emigración que ten como destino outros municipios de Galicia constitúe a modalidade de emigración que presenta as maiores desigualdades entre homes e mulleres nas áreas rurais. Como podemos observar na táboa 7.7, nas áreas rurais de Galicia o valor da taxa de emigración interna no sexo masculino foi notablemente inferior ao valor rexistrado no sexo feminino (591,80 ‰ nos homes e 760,42 ‰ nas mulleres). Con respecto á significación estatística, na taxa de emigración interna en ambos sexos establecéronse tres subconxuntos diferentes. O conglomerado 1 atópase no primeiro subconxunto e presenta un valor inferior á media do indicador para as áreas rurais (603,07 ‰ no conglomerado 1 e 670 ‰ nas áreas rurais), mentres que o conglomerado 5 pertence ao terceiro subconxunto e mostra unha taxa de 805,94 ‰, superior á media das áreas rurais. Pola súa parte, os conglomerados 2, 3 e 4 presentan características comúns aos subconxuntos anteriores. Algo similar ocorre coa taxa de emigración interna dos homes, onde tamén se estableceron tres subconxuntos diferentes. Ao primeiro deles pertence a conglomerado 4, cunha taxa inferior ao valor medio do indicador para as áreas rurais (530,53 ‰ no conglomerado 4 e 591,80 ‰ nas áreas rurais). No terceiro subconxunto atópase, novamente, o conglomerado 5, que ten unha taxa superior á media do rural galego (719,10 ‰ no conglomerado 5 e 591,80 ‰ nas áreas rurais). Con valores situados entre ambos extremos, os conglomerados 1, 2 e 3 presentan características comúns a estes subconxuntos que acabamos de describir. Finalmente, polo que se refire á taxa de emigración interna

no sexo feminino, tamén se estableceron tres subconxuntos estatisticamente diferentes. Mentres que o conglomerado 1 pertence ao primeiro subconxunto e o valor da súa taxa é inferior ao das áreas rurais (661,72 ‰ no conglomerado 1 e 760,42 ‰ nas áreas rurais), os conglomerados 3 e 5 teñen taxas superiores á media (900,79 ‰ e 903,74 ‰ nestes grupos, respectivamente) e atópanse no terceiro subconxunto. Os conglomerados 2 e 4 presentan características comúns a estes subconxuntos e mostran valores intermedios entre ambos extremos. Tras esta análise, cómpre destacar que a taxa de emigración interna das mulleres é superior á dos homes nos cinco conglomerados. Neste sentido, as maiores desigualdades entre sexos atópanse nos conglomerados 4 (530,53 ‰ nos homes e 853,70 ‰ nas mulleres) e 3 (662,63 ‰ nos homes e 900,79 ‰ nas mulleres), mentres que as menores desigualdades aprécianse nos conglomerados 1 (548,22 ‰ nos homes e 661,72 ‰ nas mulleres) e 2 (567,77 ‰ nos homes e 723,27 ‰ nas mulleres). Ademais, os conglomerados 1 e 5 destacan por representar situacións opostas. Por unha banda, e en xeral, poderíase dicir que o conglomerado 1 está formado polos concellos que mostraron as menores taxas de emigración interna tanto nos homes como nas mulleres durante o período 2002-2015, se ben hai que matizar que o valor da taxa de emigración interna nos homes é lixeiramente inferior no conglomerado 4. Pola outra banda, o conglomerado 5 destaca sobre os demais grupos por presentar as maiores taxas de emigración interna tanto nos homes como nas mulleres.

Taxas específicas de emigración externa. Tal e como mostra a táboa 7.7, no período 2002-2015 rexistráronse nas áreas rurais de Galicia 216 emigracións externas por cada 1.000 mozos e mozas (216,35 ‰). Neste caso, as disparidades entre sexos foron moi pouco significativas, de menos dun punto relativo (216,90 ‰ nos homes e 216,14 ‰ nas mulleres). En canto á significación estatística, na taxa de emigración externa de ambos sexos establecéronse tres subconxuntos diferentes. No primeiro deles figura o conglomerado 4, que presenta o valor máis baixo da taxa de emigración externa, por debaixo da media das áreas rurais (132,36 ‰ no conglomerado 4 e 216,35 ‰ nas áreas rurais). No segundo subconxunto atópase o conglomerado 1 (209,20 ‰), cunha taxa superior á do conglomerado 4 pero tamén inferior á media das áreas rurais. O conglomerado 2 (169,42 ‰) presenta características comúns a estes dous subconxuntos. Por último, os conglomerados 3 e 5 atópanse no terceiro subconxunto, mostrando valores superiores á media das áreas rurais (304,85 ‰ e 333,46 ‰, respectivamente). Este mesmo esquema reproducise na taxa de emigración externa das mulleres, mostrando, ademais, valores moi similares aos descritos en cada un dos conglomerados. Na taxa de emigración externa dos homes tamén se estableceron tres subconxuntos distintos, aínda que se aprecian algunhas diferenzas en comparación coas variables que acabamos de comentar. Por unha banda, os conglomerados 2 e 4 atópanse no primeiro subconxunto e presentan valores inferiores á media das áreas rurais (216,90 ‰ nas áreas rurais e 171,28 ‰ e 135,60 ‰ nos conglomerados 2 e 4, respectivamente). Pola contra, o conglomerado 5, que presenta a maior taxa de emigración externa (335,96 ‰), atópase no terceiro subconxunto. Finalmente, os conglomerados 1 e 3 presentan características comúns aos tres subconxuntos. Cómpre destacar que a taxa de emigración externa é maior nos homes que nas mulleres en todos os conglomerados, excepto no conglomerado 3 (299,92 ‰ nos homes e 310,92 ‰ nas mulleres). Ademais é neste conglomerado onde se observa a maior desigualdade nos valores das taxas (11 puntos). Nos restantes conglomerados, as diferenzas entre sexos oscilan entre 3 e 5 puntos. As menores desigualdades entre sexos obsérvanse no conglomerado 5 (335,96 ‰ nos homes e 332,46 ‰ nas mulleres), que é, tamén, o conglomerado que presentou a maior taxa de emigración externa tanto nos homes como nas mulleres. Neste aspecto, seguiulle o conglomerado 3, mentres que o conglomerado 4 foi o que mostrou a

menor taxa de emigración externa tanto nos homes como nas mulleres.

Taxas específicas de emigración externa ao estranxeiro. Tal e como mostra a táboa 7.7, o valor da taxa de emigración externa ao estranxeiro da poboación moza das áreas rurais galegas foi lixeiramente superior no sexo masculino (43,21 ‰ nos homes e 42,31 ‰ nas mulleres). Polo que se refire á significación estatística, na taxa de emigración externa ao estranxeiro en ambos sexos establecéronse tres subconxuntos. No primeiro deles figura o conglomerado 4, que presenta a menor taxa de emigración ao estranxeiro, por debaixo da media das áreas rurais (11,17 ‰ no conglomerado 4 e 42,77 ‰ nas áreas rurais). No segundo subconxunto atópase o conglomerado 1 (45,75 ‰), cun valor lixeiramente situado por encima da media das áreas rurais. Ao terceiro subconxunto pertence o conglomerado 5, que destaca por mostrar a maior taxa de emigración ao estranxeiro (147,12 ‰). Os conglomerados 2 e 3 mostran características comúns aos dous primeiros subconxuntos. Practicamente, este é o mesmo esquema que atopamos na taxa de emigración externa ao estranxeiro das mulleres, coa única diferenza de que neste caso o conglomerado 3 figura no segundo subconxunto. Pola contra, na taxa de emigración externa ao estranxeiro dos homes establecéronse dous subconxuntos distintos. No primeiro deles atópanse os conglomerados 1, 2, 3 e 4, que mostran taxas que non superan o 46 ‰. O conglomerado 5 é o único que pertence ao segundo subconxunto e o valor da súa taxa ascende ao 141,39 ‰. Como vemos, a taxa de emigración externa ao estranxeiro introduce menos disimilitudes nos conglomerados que a taxa de emigración externa ao estranxeiro das mulleres. Por outra parte, o conglomerado 5 destaca por presentar os valores máis elevados da taxa tanto nos homes coma nas mulleres, seguíndolle, dende moi lonxe, o conglomerado 1. Ademais, o conglomerado 4 destaca por presentar as menores taxas de emigración externa ao estranxeiro, tanto nos homes como nas mulleres. O conglomerado 5 foi o único no que as mulleres emigraron ao estranxeiro en maior medida que os homes (141,39 ‰ nos homes e 154,25 ‰ nas mulleres), sendo, ademais, o conglomerado no que se observaron as maiores desigualdades entre sexos (case 13 puntos de diferenza). No conglomerado 1 apenas existiron diferenzas nos valores das taxas de homes e mulleres (45,73 ‰ e 45,90 ‰, respectivamente), mentres que nos conglomerados 2 e 3 as diferenzas oscilaron entre 1 e 2,5 puntos, aumentando a diferenza a 6 puntos no conglomerado 4.

Taxas específicas de emigración externa a outras comunidades autónomas. Como podemos observar na táboa 7.7, as desigualdades entre os valores das taxas de emigración externa a outras comunidades autónomas correspondentes a homes e mulleres foron mínimas nas áreas rurais durante o período 2002-2015 (173,69 ‰ e 173,84 ‰, respectivamente). En canto á significación estatística, na taxa de emigración externa a outras comunidades autónomas establecéronse dous subconxuntos distintos. No primeiro deles figuran os conglomerados 1, 2, 4 e 5, con taxas inferiores á media das áreas rurais, salvo no conglomerado 5 (173,58 ‰ nas áreas rurais e 163,45 ‰, 137,43 ‰, 121,18 ‰ e 186,34 ‰ nos conglomerados, respectivamente). No segundo subconxunto atópase o conglomerado 3, que presenta a maior taxa de emigración externa a outras comunidades autónomas (264,52 ‰), cun valor superior á media das áreas rurais. Este mesmo esquema reproduciuse na taxa de emigración externa a outras comunidades autónomas das mulleres, sendo moi parecido tamén ao da respectiva taxa nos homes, aínda que neste último caso o conglomerado 5 non figura no primeiro subconxunto, senón que presenta características comúns aos dous subconxuntos. Os valores das taxas en cada conglomerado son bastante parecidos nas tres variables, se ben é certo que as diferenzas entre sexos destacan máis nos conglomerados 5 (194,57 ‰ nos homes e 178,21 ‰ nas mulleres) e 3 (259,00 ‰ nos homes

Variable		Conglomerado 1	Conglomerado 2	Conglomerado 3	Conglomerado 4	Conglomerado 5	Total
Taxa específica de emigración total. Ambos sexos (‰)	V_6	812,26a	810,08a	1075,60b	804,83a	1139,40b	886,64 ***
Taxa específica de emigración total. Homes (‰)	V_{20}	759,85a	739,05a	962,55b	666,13a	1055,05b	808,70 ***
Taxa específica de emigración total. Mulleres (‰)	V_{34}	868,67a	890,74a	1211,70b	983,97a	1236,20b	976,56 ***
Taxa específica de emigración interna. Ambos sexos (‰)	V_7	603,07a	640,66ab	770,75bc	672,48abc	805,94c	670,29 ***
Taxa específica de emigración interna. Homes (‰)	V_{21}	548,22ab	567,77ab	662,63bc	530,53a	719,10c	591,80 ***
Taxa específica de emigración interna. Mulleres (‰)	V_{35}	661,72a	723,27ab	900,79c	853,70bc	903,74c	760,42 ***
Taxa específica de emigración externa. Ambos sexos (‰)	V_8	209,20b	169,42ab	304,85c	132,36a	333,46c	216,35 ***
Taxa específica de emigración externa. Homes (‰)	V_{22}	211,63ab	171,28a	299,92bc	135,60a	335,96c	216,90 ***
Taxa específica de emigración externa. Mulleres (‰)	V_{36}	206,94b	167,47ab	310,92c	130,27a	332,46c	216,14 ***
Taxa específica de emigración externa ao estranxeiro. Ambos sexos (‰)	V_9	45,75b	31,99ab	40,32ab	11,17a	147,12c	42,77 ***
Taxa específica de emigración externa ao estranxeiro. Homes (‰)	V_{23}	45,73a	33,17a	40,91a	14,07a	141,39b	43,21 ***
Taxa específica de emigración externa ao estranxeiro. Mulleres (‰)	V_{37}	45,90b	30,68ab	39,47b	7,77a	154,25c	42,31 ***
Taxa específica de emigración externa ás CC.AA. Ambos sexos (‰)	V_{10}	163,45a	137,43a	264,52b	121,18a	186,34a	173,58 ***
Taxa específica de emigración externa ás CC.AA. Homes (‰)	V_{24}	165,90a	138,11a	259,00b	121,53a	194,57ab	173,69 ***
Taxa específica de emigración externa ás CC.AA. Mulleres (‰)	V_{38}	161,05a	136,79a	271,45b	122,50a	178,21a	173,84 ***

Significación estatística: *** 0,1%; ** 1 %; *5 %; t Tendencia (5-10 %); ns ≥10 %. Subíndices con distinta letra indican subconxuntos homoxéneos significativamente diferentes ao nivel do 5 %. As variables en cor azul foron empregadas na análise factorial de compoñentes principais.

Táboa 7.7. Resultados da análise das taxas específicas de emigración total, emigración interna e emigración externa (2002-2015).

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

e 271,45 ‰ nas mulleres). Cómpre salientar, ademais, que nos conglomerados nos que se observaron as maiores taxas de emigración externa a outras comunidades autónomas, tanto nos homes coma nas mulleres, foi nos conglomerados 5 e 3, por esa orde. Pola contra, as menores taxas rexistráronse nos conglomerados 4 (121,53 ‰ nos homes e 122,50 ‰ nas mulleres) e 2 (138,11 ‰ nos homes e 136,79 ‰ nas mulleres), sendo estes os conglomerados que presentaron as menores desigualdades entre sexos.

Taxas específicas de inmigración total. A taxa de inmigración total correspondente ao período 2002-2015 nas áreas rurais galegas acadou un valor de 783,84 ‰, o que significa que se rexistraron 783 inmigracións por cada 1.000 persoas mozas (táboa 7.8). Os valores das taxas foron bastante similares entre homes e mulleres, cunha diferenza que apenas superou os dous puntos (392,94 ‰ nos homes e 390,90 ‰ nas mulleres). Polo que se refire á significación estatística, na taxa de inmigración total de ambos sexos establecéronse dous subconxuntos distintos. Mentres que no primeiro deles se atopan os conglomerados 2 e 4, con valores inferiores á media das áreas rurais, no segundo subconxunto figuran os conglomerados 3 e 5, con valores que superan a devandita media (664,36 ‰, 1005,09 ‰, 623,11 ‰ e 993,57 ‰ nos conglomerados 2, 3, 4 e 5, respectivamente). Pola súa parte, o conglomerado 1 presenta características comúns a ambos subconxuntos. Este mesmo esquema reproduciuse na taxa de inmigración total dos homes e na taxa de inmigración total das mulleres, aínda que os indicadores mostraron valores moito máis reducidos que os comentados. En xeral, a taxa de inmigración total no sexo masculino foi superior á do sexo feminino en todos os conglomerados, excepto no conglomerado 1 (386,23 ‰ nos homes e 400,72 ‰ nas mulleres). O conglomerado 5 destaca por presentar a maior taxa de inmigración total nos homes (515,84 ‰) e o conglomerado 3 salienta por mostrar o valor da taxa de inmigración total máis elevado no sexo feminino (500,06 ‰). Pola contra, é no conglomerado 4 onde se rexistraron as menores taxas de inmigración, tanto nos homes como nas mulleres (314,26 ‰ e 308,85 ‰, respectivamente). Por último, as diferenzas entre sexos nos valores das taxas oscilaron entre os 4 e os 5 puntos nos conglomerados 2, 3 e 4, alcanzando os 14 e os 38 puntos de diferenza nos conglomerados 1 e 5, respectivamente.

Taxas específicas de inmigración interna. A taxa de inmigración interna nas áreas rurais galegas constitúe un bo indicador para comprender cal foi a dirección predominante dos movementos migratorios que tiveron lugar dentro de Galicia. De feito, non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre os conglomerados en ningunha das tres variables relacionadas coa taxa de inmigración interna, establecéndose un único subconxunto en cada unha delas (en ambos sexos, en homes e en mulleres). En comparación cos valores da taxa de emigración interna, as diferenzas foron importantes, sobre todo se se analizan ambos indicadores entre sexos (táboa 7.8. Pois, por unha banda, se no período 2002-2015 emigraron do rural 591 mozos por cada 1.000 homes mozos (591,80 ‰), inmigraron ás áreas rurais 266 mozos por cada 1.000 habitantes mozos (266,26 ‰). Por outra banda, e seguindo o mesmo patrón, se nese mesmo período temporal emigraron do rural 760 mozas por cada 1.000 mulleres mozas (760,42 ‰), inmigraron ás áreas rurais 279 mulleres mozas (279,88 ‰). Cómpre destacar, ademais, que nos conglomerados 1, 2 e 3 as mulleres inmigraron máis que os homes, mentres que nos conglomerados 4 e 5 inmigraron máis os homes que as mulleres. O conglomerado 3 destaca por mostrar as taxas de inmigración interna máis elevadas tanto nos homes como nas mulleres (323,11 ‰ e 339,68 ‰, respectivamente), seguíndolle, neste aspecto, o conglomerado 5 (315,30 ‰ nos homes e 303,08 ‰ nas mulleres). Ao contrario, o conglomerado 2 destaca por mostrar as menores taxas de inmigración interna nos homes (235,69 ‰) e o conglomerado 4 por mostrar

Variable		Conglomerado 1	Conglomerado 2	Conglomerado 3	Conglomerado 4	Conglomerado 5	Total
Taxa específica de inmigración total. Ambos sexos (‰)	V_{11}	786,96ab	664,36a	1005,09b	623,11a	993,57b	783,84 ***
Taxa específica de inmigración total. Homes (‰)	V_{25}	386,23ab	334,29a	505,03b	314,26a	515,84b	392,94 ***
Taxa específica de inmigración total. Mulleres (‰)	V_{39}	400,72ab	330,07a	500,06b	308,85a	477,73b	390,90 ***
Taxa específica de inmigración interna. Ambos sexos (‰)	V_{12}	553,04a	483,91a	662,79a	493,20a	618,38a	546,15 ***
Taxa específica de inmigración interna. Homes (‰)	V_{26}	266,26a	235,69a	323,11a	247,82a	315,30a	266,26 ***
Taxa específica de inmigración interna. Mulleres (‰)	V_{40}	286,78a	248,22a	339,68a	245,38a	303,08a	279,88 ***
Taxa específica de inmigración externa. Ambos sexos (‰)	V_{13}	233,91b	180,45ab	342,30c	129,91a	375,19c	237,69 ***
Taxa específica de inmigración externa. Homes (‰)	V_{27}	119,97ab	98,60a	181,92bc	66,44a	200,54c	126,67 ***
Taxa específica de inmigración externa. Mulleres (‰)	V_{41}	113,95bc	81,85ab	160,38cd	63,46a	174,64d	111,01 ***
Taxa específica de inmigración externa do estranxeiro. Ambos sexos (‰)	V_{14}	99,34ab	72,88ab	120,72b	40,69a	249,69c	98,33 ***
Taxa específica de inmigración externa do estranxeiro. Homes (‰)	V_{28}	51,02ab	40,70ab	62,81b	19,41a	131,79c	52,44 ***
Taxa específica de inmigración externa do estranxeiro. Mulleres (‰)	V_{42}	48,32ab	32,18ab	57,91b	21,28a	117,90c	45,90 ***
Taxa específica de inmigración externa doutras CC.AA. Ambos sexos (‰)	V_{15}	134,57a	107,57a	221,58b	89,22a	125,50a	139,35 ***
Taxa específica de inmigración externa doutras CC.AA. Homes (‰)	V_{29}	68,94a	57,90a	119,11b	47,03a	68,75a	74,24 ***
Taxa específica de inmigración externa doutras CC.AA. Mulleres (‰)	V_{43}	65,63a	49,67a	102,47b	42,19a	56,75a	65,11 ***

Significación estatística: *** 0,1%; ** 1 %; *5 %; t Tendencia (5-10 %); ns ≥10 %. Subíndices con distinta letra indican subconxuntos homoxéneos significativamente diferentes ao nivel do 5 %. As variables en cor azul foron empregadas na análise factorial de compoñentes principais.

Táboa 7.8. Resultados da análise das taxas específicas de inmigración total, inmigración interna e inmigración externa (2002-2015).

Fonte: elaboración propia a partir dos datos extraídos do programa estatístico informático SPSS.

as menores taxas de inmigración interna nas mulleres (245,38 ‰). As diferenzas entre sexos neste indicador alcanzaron os 2 puntos no conglomerado 4, os 12 puntos nos conglomerados 5 e 2, os 16 puntos no conglomerado 3 e os 20 puntos no conglomerado 1.

Taxas específicas de inmigración externa. No período 2002-2015, rexistráronse nas áreas rurais de Galicia 237 inmigracións externas por cada 1.000 mozos e mozas (237,69 ‰), un valor lixeiramente superior á taxa de emigración externa correspondente a ese mesmo período (216,35 ‰), como describimos anteriormente. Non obstante, tal e como mostra a táboa 7.8, obsérvanse diferenzas entre os cinco conglomerados. En canto á significación estatística, na taxa de inmigración externa de ambos sexos establecéronse tres subconxuntos distintos. No primeiro deles atópase o conglomerado 4, cunha taxa inferior á media das áreas rurais (129,91 ‰). No segundo subconxunto figura o conglomerado 1, cunha taxa tamén inferior á media das áreas rurais pero superior á do conglomerado 4 (233,91 ‰). No terceiro subconxunto atópanse os conglomerados 3 e 5, con taxas superiores á media das áreas rurais (342,30 ‰ e 375,19 ‰, respectivamente), mentres que o conglomerado 2 presenta características comúns aos dous primeiros subconxuntos. Polo que se refire á taxa específica de inmigración externa dos homes, establecéronse tamén tres subconxuntos distintos. Os conglomerados 2 e 4 pertencen ao primeiro subconxunto e mostran valores inferiores á media das áreas rurais (126,68 ‰ nas áreas rurais, 98,60 ‰ no conglomerado 2 e 66,44 ‰ no conglomerado 4). Pola contra, no terceiro subconxunto atópase o conglomerado 5, cunha taxa superior á media das áreas rurais (200,54 ‰), mentres que os conglomerados 1 e 3 presentan características comúns aos subconxuntos anteriores. Finalmente, na taxa de inmigración externa das mulleres establecéronse catro subconxuntos. Por unha parte, no primeiro subconxunto atópase o conglomerado 4, cunha taxa inferior á media das áreas rurais (63,46 ‰ e 111,01 ‰, respectivamente). Por outra parte, o conglomerado 5 figura no cuarto subconxunto, cunha taxa superior á media das áreas rurais (174,64 ‰). Con valores situados entre ambos extremos atópanse os conglomerados 1, 2 e 3, que presentan características comúns aos catro subconxuntos. Tras esta análise, cómpre destacar que, en todos os conglomerados, a taxa de inmigración externa foi superior nos homes que nas mulleres. Ademais, o conglomerado 5 destaca por presentar as maiores taxas de inmigración externa, tanto nos homes coma nas mulleres (200,54 ‰ e 174,64 ‰, respectivamente). Séguelle, neste aspecto, o conglomerado 3, con valores de 181,92 ‰ nos homes e 160,38 ‰ nas mulleres. En cambio, o conglomerado 4 destaca por mostrar as menores taxas de inmigración externa, tanto nos homes coma nas mulleres (66,44 ‰ e 63,46 ‰, respectivamente). As maiores desigualdades entre sexos atopáronse nos conglomerados 5 e 3, mentres que as menores diferenzas atopáronse no conglomerado 4.

Taxas específicas de inmigración externa do estranxeiro. Tal e como mostra a táboa 7.8, no período 2002-2015 a taxa de inmigración da poboación moza procedente do estranxeiro acadou o 98,33 ‰, o que indica que nas áreas rurais de Galicia se rexistraron 98 inmigracións procedentes do estranxeiro por cada 1.000 mozos e mozas. Con respecto á significación estatística, na taxa de inmigración externa do estranxeiro en ambos sexos establecéronse tres subconxuntos distintos. No primeiro deles figura o conglomerado 4, cunha taxa que é o dobre inferior á media das áreas rurais (40,69 ‰). No segundo subconxunto atópase o conglomerado 3, cunha taxa superior á media das áreas rurais (120,72 ‰). O conglomerado 5 pertence ao terceiro subconxunto, cunha taxa que supera en máis do dobre á das áreas rurais (249,69 ‰). Por último, os conglomerados 1 e 2 presentan características comúns aos dous primeiros subconxuntos. Este mesmo esquema reproduciuse na taxa de inmigración externa do estranxeiro dos homes

e máis na taxa de inmigración externa do estranxeiro das mulleres. Cómpre destacar que, con diferenza, o conglomerado 5 é o que presentou as maiores taxas de inmigración do estranxeiro tanto nos homes como nas mulleres (131,79 ‰ e 117,90 ‰, respectivamente). Pola contra, as menores taxas de inmigración procedente do estranxeiro, tanto nos homes como nas mulleres, rexistráronse no conglomerado 4 (19,41 ‰ e 21,28 ‰, respectivamente), que tamén foi o único no que o valor da taxa foi superior nas mulleres. Ademais, foi neste conglomerado no que se apreciaron as menores desigualdades nos valores da taxa de inmigración do estranxeiro entre sexos, observándose as maiores diferenzas no conglomerado 5.

Taxas específicas de inmigración externa doutras comunidades autónomas. Como podemos observar na táboa 7.8, o valor medio da taxa de inmigración externa das comunidades autónomas nas áreas rurais galegas (139,35 ‰) foi superior ao da taxa de inmigración externa do estranxeiro, comentada anteriormente. É dicir, por cada 1.000 mozos e mozas do rural, no período 2002-2015 rexistráronse nestas áreas 139 inmigracións procedentes doutras comunidades autónomas. Polo que se refire á significación estatística, na taxa de inmigración externa das comunidades autónomas de ambos sexos establecéronse dous subconxuntos. No primeiro deles figuran os conglomerados 1, 2, 4 e 5, que presentaron taxas inferiores á media das áreas rurais (134,57 ‰, 107,57 ‰, 89,22 ‰ e 125,50 ‰, respectivamente). No segundo subconxunto atópase o conglomerado 3, que mostrou unha taxa superior á media das áreas rurais (221,58 ‰). Este mesmo esquema reproduciuse na taxa de inmigración procedente doutras comunidades autónomas, tanto na dos homes como na das mulleres. Cómpre salientar que a taxa de inmigración externa doutras comunidades autónomas foi superior nos homes en todos os conglomerados. O conglomerado 3 destaca sobre os outros por ser o que mostrou as maiores taxas de inmigración procedente doutras comunidades autónomas, tanto nos homes como nas mulleres (119,11 ‰ e 102,47 ‰). En cambio, o conglomerado 4 destacou por ser o que presentou as menores taxas de inmigración procedente doutras comunidades autónomas, tanto nos homes como nas mulleres (47,03 ‰ e 42,19 ‰). En canto ás diferenzas entre sexos, foi no conglomerado 1 onde se observaron as menores desigualdades nos valores das taxas entre homes e mulleres (3 puntos), mentres que as maiores diferenzas observáronse no conglomerado 3 (17 puntos).

7.3.2.2 Caracterización migratoria de cada conglomerado

En concordancia coa análise que acabamos de realizar, a continuación realizamos a caracterización migratoria de cada un dos cinco conglomerados[2] de municipios rurais (figura 7.2), de acordo coa metodoloxía descrita na sección 3.4.3.

Conglomerado 1

Este grupo está formado por 54 municipios que representan o 22,4 % do concellos da ZPP de Galicia, sendo o subgrao de urbanización da ZPP a variable que determina a súa creación. Fronte aos restantes catro conglomerados, presenta tres trazos singulares: 1) engloba todos os concellos da ZPP alta; 2) non contén ningún concello da ZPP baixa; e, 3) inclúe a práctica totalidade dos concellos clasificados como ZPP intermedia. En xeral, os concellos da ZPP alta están emprazados no entorno inmediato da AP-9 ou na súa área de influencia (Dalda e Viña, 1997; G. Villar, 2000), mentres que outros destacan por ser cabeceiras comarcais, por lindar con

[2]No anexo A inclúense a relación de municipios que compoñen cada conglomerado.



Figura 7.2. Conglomerados de municipios rurais creados en base ao comportamento migratorio da poboación moza entre os anos 2002 e 2015, con indicación do trazado da Autoestrada do Atlántico.
Fonte: elaboración propia.

cabeceiras ou coas cidades de Ourense e Santiago, ou tamén por formar parte de comarcas transfronteirizas próximas a Vigo. En canto á ZPP intermedia, a práctica totalidade dos concellos das provincias occidentais comparten o feito de estar situados fóra da área de influencia da Autoestrada do Atlántico (Dalda e Viña, 1997; G. Villar, 2000), mentres que no caso das provincias orientais forman parte da ZPP intermedia algúns municipios das comarcas de Allariz-Maceda, Terra de Celanova, Valdeorras, A Mariña Central, A Ulloa e Quiroga, incluíndo algúns concellos capitais de comarca. Non obstante, cómpre sinalar que figuran neste conglomerado 1 grupo todos os concellos da ZPP intermedia excepto seis concellos das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra (Ribas de Sil, Paderne de Allariz, Petín, Allariz, Mondariz Balneario e A Lama), que se atopan espallados nos conglomerados 2, 3 e 5. Pois, polos valores que presentaron nalgunhas das variables, mostran máis semellanzas coas características migratorias de concellos da ZPP baixa. Resulta lóxico, polo tanto, que máis do 70 % dos municipios do conglomerado 1 estean situados nas provincias occidentais, xa que agrupa os municipios rurais con maior grao de urbanización e maior dinamismo demográfico e económico. Ademais, pola súa situación xeográfica e maior proximidade a importantes vías de comunicación, o conglomerado 1 é o que ten o maior número relativo de municipios con dispersión leve (24,1 %) e agrupa o menor número relativo de municipios con dispersión grave (20,4 %), cun 46,3 % de concellos con dispersión alta[3] (M. Fernández et al., 2014). A maior proximidade ás cidades e a entidades de

[3]Partindo da análise do tempo de desprazamento dende cada municipio á entidade de poboación de máis de 5.000 habitantes máis próxima, M. Fernández et al. (2014) clasificaron os concellos galegos en catro tipos de

poboación de máis de 5.000 habitantes tamén semella gardar relación co acceso a conexións a Internet de banda ancha, xa que no 55,6 % dos concellos deste conglomerado máis do 40 % dos fogares —sobre o total dos fogares— tiñan banda ancha no ano 2012. Aínda que nos restantes conglomerados tamén había municipios nos que máis do 40 % dos fogares dispoñían deste tipo de conexión, o número de concellos nos que se daba esta circunstancia non alcanzaba —no mellor dos casos— o 43 % (conglomerado 2) (Armas e Macía, 2014; M. Fernández et al., 2014).

En canto ás características da poboación, os concellos do conglomerado 1 abarcan unha superficie de 4.576,2 km^2. No ano 2015, o tamaño da súa poboación viuse reducido nun 3,6 % con respecto ao ano 2002 (332.488 habitantes no ano 2002 e 320.634 no ano 2015), perdendo efectivos demográficos a un ritmo medio anual do 0,28 %. Estamos ante o conglomerado que menos poboación perdeu no período de estudo, mostrando unha taxa de variación negativa o triplo inferior á media das áreas rurais (-12,3 %). No ano 2015, a poboación deste grupo de municipios representaba o 42,9 % da poboación total da ZPP, un valor moi similar ao peso porcentual da poboación do conglomerado 2 (41,8 %). En canto á estrutura da poboación segundo sexo, as proporcións de feminidade e masculinidade indican un predominio da poboación de mulleres sobre a de homes (51,1 % as mulleres e 48,9 % os homes). O valor do índice de masculinidade da poboación total neste conglomerado (95,9 %) foi o segundo máis baixo dos cinco conglomerados, sendo tamén inferior á media das áreas rurais en practicamente todos os grupos quinquenais de idade. Nos grupos quinquenais de idade que conforman o período de vida laboralmente activa, o índice de masculinidade moveuse entre o valor mínimo do 102,0 % (60-64 anos) e o valor máximo de 108,3 % (15-19 anos). Estes datos converten o conglomerado 1 no grupo que tiña a poboación moza menos masculinizada no ano 2015, de entre os cinco conglomerados (táboa B.51, no anexo B). Polo que se refire á estrutura por idade da poboación, o conglomerado 1 foi o único no que o peso porcentual do grupo de idade de 0 a 15 anos (11,7 %) e máis do grupo de 16 a 64 anos (64,3 %) superou a media das áreas rurais (10,1 % e 60,9 % en cada grupo, respectivamente). Así mesmo, tamén foi o único conglomerado no que o peso porcentual do grupo de idade de 65 e máis anos (24,0 %) foi inferior á media das áreas rurais (28,9 %). Dito noutras palabras, no ano 2015 o conglomerado 1 foi o que presentou a estrutura de poboación menos envellecida dos cinco conglomerados. Isto explica, polo tanto, que nese mesmo ano, o conglomerado 1 mostrase o maior índice de xuventude (40,6 %), a maior taxa de natalidade (6,4 ‰), o maior índice de dependencia xuvenil (17,5 %), o menor índice de envellecemento (246,3 %), o menor índice de sobreenvellecemento (16,7 %), o menor índice de dependencia global (60,5 %), o menor índice de dependencia senil (43,0 %) e a menor taxa bruta de mortalidade (13,6 ‰). No relativo aos movementos migratorios producidos no total da poboación, a taxa bruta de emigración do conglomerado 1 no ano 2015 foi algo inferior á media das áreas rurais (32,0 ‰ e 33,9 ‰, respectivamente) e moi similar á que rexistraron os conglomerados 2 (31,3 ‰) e 4 (31,5 ‰), que foron os grupos que mostraron as menores cifras neste indicador. A taxa bruta de inmigración, pola súa parte, tomou un valor practicamente igual ao da media da ZPP e moi próximo tamén ao do conglomerado 4 (30,1 ‰, 30,2 ‰ e 30,5 ‰ no conglomerado 1, na ZPP e no conglomerado 4, respectivamente). Estamos, polo tanto, ante un conglomerado que está composto polos municipios rurais que presentaron un maior dinamismo demográfico. Este dinamismo reflectiuse nas súas taxas de crecemento da poboación, posto que no ano 2015 o conglomerado 1 foi o que mostrou o menor valor negativo na taxa de crecemento

municipios: municipios urbanos, municipios de diversión leve, municipios de dispersión alta e municipios de dispersión grave. O restante 9,3 % dos municipios deste conglomerado 1 foron clasificados como urbanos.

total (-9,1 ‰). En comparación cos restantes conglomerados, este valor debeuse á menor caída da taxa de crecemento natural (-7,2 ‰) e máis á menor caída da taxa de crecemento migratorio (-1,9 ‰) (figura B.21, no anexo B).

Polo que se refire aos movementos migratorios da poboación moza, o factor que determinou a creación do conglomerado 1 foi o denominado *Subgrao da ZPP* (F7). Por unha banda, cómpre destacar que no período 2002-2015 producíronse no conglomerado 1 un total de 57.696 emigracións de persoas de entre 16 e 34 anos, que representaron o 42,4 % das emigracións totais rexistradas nese grupo de idade na ZPP. Este conglomerado foi o único no que a taxa de variación da emigración total durante o período de estudo foi inferior á media das áreas rurais (-8,79 % no conglomerado 1 e -17,25 % na ZPP), cunha caída notablemente superior nas emigracións masculinas (-9,33 % nos homes e -4,89 % nas mulleres). Foi neste conglomerado, tamén, onde o ritmo anual medio de descenso das emigracións foi máis pausado (-1,00 %), decrecendo a un ritmo lixeiramente máis acelerado nos homes que nas mulleres (-1,12 % e -0,84 %, respectivamente). A taxa de emigración total da poboación moza neste conglomerado (812,26 ‰) foi inferior á media das áreas rurais (886,64 ‰), ao igual que aconteceu nos conglomerados 2 (810,08 ‰) e 4 (804,83 ‰). Ao igual que aconteceu nos cinco conglomerados, a emigración interna foi a máis frecuente (603,07 ‰), seguida da emigración externa ás comunidades autónomas (163,45 ‰) e da emigración externa ao estranxeiro (45,75 ‰). Aínda que os valores da taxa de emigración interna e externa ás comunidades autónomas foron inferiores á media das áreas rurais (670,29 ‰ e 173,58 ‰, respectivamente), a taxa de emigración externa ao estranxeiro no conglomerado 1 foi lixeiramente superior á media da ZPP (45,75 ‰). De feito, os conglomerados 1 e 5 foron os únicos que presentaron valores superiores á media das áreas rurais neste tipo de emigración. Ademais, o conglomerado 1 foi o único no que os valores deste indicador foron practicamente iguais en ambos sexos (45,73 ‰ nos homes e 45,90 ‰ nas mulleres), posto que as diferenzas entre sexos na taxa de emigración externa ao estranxeiro chegaron a superar os 12 puntos no conglomerado 5. Tamén foi o conglomerado 1 o que presentou as menores desigualdades entre sexos na taxa de emigración interna (548,22 ‰ nos homes e 661,72 ‰ nas mulleres). Por outra banda, en canto á inmigración, durante o período de estudo rexistráronse un total de 40.061 inmigracións na poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. En termos relativos, o conglomerado 1 absorbeu o 46,0 % das inmigracións da poboación moza rexistradas nas áreas rurais entre os anos 2002 e 2015. As inmigracións deste grupo de idade neste conglomerado, descenderon un 16,57 % durante o período de estudo, unha caída moi similar á rexistrada no conglomerado 3 (-16,61 %) e superior á media da ZPP (-12,86 %). Neste caso, a taxa de variación da inmigración total foi máis elevada nas mulleres (-15,56 %) que nos homes (-12,38 %). En ambos casos, estes valores duplicaron a media das áreas rurais (-6,33 % nos homes e -7,30 % nas mulleres). Con todo, se ben a taxa de variación da inmigración total foi superior á doutros conglomerados, o ritmo de descenso medio anual das inmigracións neste conglomerado (-1,75 %) foi menor que nos restantes grupos, tanto na inmigración masculina (-1,59 %) como na inmigración feminina (-1,79 %). A taxa de inmigración total no grupo de idade de 16 a 34 anos acadou un valor de 786,96 ‰, sendo a inmigración interna o tipo de inmigración máis frecuente (553,04 ‰), seguido da inmigración procedente doutras comunidades autónomas (134,57 ‰) e da inmigración procedente do estranxeiro (99,34 ‰). O conglomerado 1 foi o único que presentou valores próximos aos da media galega nos tres tipos de inmigración mencionados. Como particularidade, se ben a taxa de inmigración total no sexo masculino foi superior á do sexo feminino nos conglomerados 2, 3, 4 e 5, non ocorreu así no conglomerado 1 (386,23 ‰ nos homes e 400,72 ‰ nas mulleres). Ademais,

as menores desigualdades entre sexos nos valores da taxa de inmigración externa procedente das comunidades autónomas observáronse no conglomerado 1 (68,94 ‰ nos homes e 65,63 ‰ nas mulleres).

Como as diferenzas demográficas entre conglomerados están estreitamente vinculadas ás súas diferenzas económicas, as desigualdades son tamén notorias en diversos indicadores de natureza económica e sociolaboral. En primeiro lugar cómpre sinalar que este conglomerado destaca por mostrar o maior grao de heteroxeneidade en canto á actividade agraria dos municipios que integra[4]. Xunto co conglomerado 2, o conglomerado 1 salienta por agrupar un número significativo de concellos con actividade principal láctea e cárnica (24,1 % no conglomerado 1 e 44,5 % no conglomerado 2), aínda que neste caso o número relativo de municipios con produtividade media-baixa e baixa sen especialización (64,8 %) é notablemente maior que no conglomerado 2 (47,9 %) (Vázquez, 2007). Neste contexto, as porcentaxes de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura nos concellos que conforman o conglomerado 1, oscilaron entre o 0,3 % (A Illa de Arousa) e o 23,3 % (Arzúa) no ano 2015. Se exceptuamos o caso de Arzúa (23,3 %) e máis o de Monterroso (22 %), os restantes municipios mostraron porcentaxes de afiliacións na agricultura inferiores ao 21 %, aínda que na metade dos concellos ditas porcentaxes foron inferiores ao 5,6 %. Cómpre salientar que Arzúa e Monterroso son concellos cunha actividade agraria orientada ao sector lácteo e cárnico, sendo Arzúa o único concello deste conglomerado que ten unha produtividade alta nese sector (Vázquez, 2007). Polas características dos 54 concellos que comprende este conglomerado —lembremos que agrupa todos os concellos da ZPP alta e a práctica totalidade dos da ZPP intermedia—, resulta coherente que neste grupo de municipios a redución da poboación activa empregada na agricultura durante o período 2003-2015 non fose tan acentuada como nos restantes conglomerados, xa que probablemente partían dunha situación de menor dependencia da agricultura. E é que tanto no ano 2003 como no ano 2015, as porcentaxes medias de afiliacións no sector da agricultura no conglomerado 1 foron as máis baixas de todos os grupos (14,2 % no ano 2003 e 6,9 % no ano 2015), situándose entre 16 puntos e 8 puntos por debaixo da media da ZPP nas respectivas datas. Isto traduciuse nunha taxa de variación da porcentaxe de afiliacións na agricultura do -7,2 %, o valor máis baixo de todos os conglomerados (IGE; Seguridade Social). Á parte, se observamos os valores medios da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos correspondentes aos anos 2008 e 2015 (8,4 % e 15,0 %, respectivamente), apréciase o forte impacto que tivo a crise do 2008, un aspecto que tamén se aprecia nos valores dos restantes conglomerados, aínda que en menor magnitude. Por conseguinte, no período 2008-2015, a taxa de variación da taxa de paro foi do 6,5 % no conglomerado 1, o valor máis elevado de todos os grupos e o único

[4]Partindo de variables relacionadas coa orientación produtiva das terras, a viabilidade da explotación e a pluriactividade, Vázquez (2007) elaborou unha tipoloxía dos municipios de Galicia —exceptuando as sete cidades— segundo a súa actividade agraria, obtendo un total de seis categorías: 1) municipios con alta produción de horta e viñedo (HV); 2) municipios con alta dedicación a granívoros, resto actividades e bovino (GRALC); 3) municipios con actividade principal láctea e cárnica con produtividade alta (LCPA); 4) municipios con actividade principal láctea e cárnica con produtividade media (LCPM); 5) municipios con produtividade media-baixa sen especialización (PM); e 6) municipios con produtividade baixa sen especialización (PB). No anexo B, pode consultarse a representación cartográfica desta tipoloxía, coa superposición dos cinco conglomerados aquí creados (figura B.24). No marco desta investigación, soamente aplicamos esta tipoloxía aos municipios da ZPP, que son os que constitúen o obxecto do noso interese. Mais como esta tipoloxía foi creada con anterioridade á fusión dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras e estes municipios pertencían a categorías diferentes, non puidemos asignar unha única categoría ao municipio Oza-Cesuras. Por este motivo, na lenda da cartografía que elaboramos, o concello de Oza-Cesuras figura baixo a categoría «sen información».

que superou a media da ZPP. Mais se nos centramos na taxa de paro da poboación de 16 a 34 anos, observamos que os valores correspondentes aos anos 2008 e 2015 (8,0 % e 13,3 %, respectivamente) tamén foron os máis elevados de todos os conglomerados, ao igual que a taxa de variación da taxa de paro neste grupo de idade no período 2008-2015, cun valor lixeiramente superior á media da ZPP (5,3 % no conglomerado 1 e 4,6 % na ZPP). Como veremos nas seguintes páxinas, o comportamento dos indicadores de paro no conglomerado 1 foi totalmente oposto ao comportamento que mostraron nos conglomerados 4 e 5, que foron os que presentaron os valores máis baixos. Por último, cómpre destacar que no ano 2014 o valor medio do PIB/km^2 municipal no conglomerado 1 foi o máis elevado de todos (1.526,5 k€), chegando a cuadriplicar o valor medio do indicador na ZPP (326,5 k€). En concordancia con estas cifras, o conglomerado 1 tamén foi o que presentou a maior renda dispoñible por habitante no ano 2015, cun valor superior á media das áreas rurais (12.009 € no conglomerado 1 e 100.852 € na ZPP) (IGE) (táboa B.52, no anexo B). Tal e como indican os indicadores descritos, e como xa avanzamos anteriormente, o conglomerado 1 está formado polos concellos economicamente máis dinámicos do rural galego.

Conglomerado 2

Este grupo está composto por 117 municipios que representan o 48,5 % dos concellos da ZPP de Galicia, polo que exemplifica o perfil máis frecuente de concello rural en canto ás características do comportamento migratorio da mocidade. O 97,4 % son concellos da ZPP baixa, cunha participación significativa das catro provincias. Agrupa municipios pertencentes a case todas as comarcas de Galicia, coa excepción das comarcas do Barbanza (comarca non rural), A Coruña, Muros, Terra de Caldelas, Caldas, O Condado, O Morrazo (comarca non rural) e o Salnés. Como singularidade, destaca o feito de que integra os dous concellos da comarca do Xallas e máis todos os concellos rurais das comarcas do Eume, Terra de Melide, Chantada, Sarria, o Deza e Vigo. Pola contra, cómpre salientar que Coristanco é o único dos seis concellos rurais da comarca de Bergantiños que figuran neste conglomerado (os cinco restantes atópanse no conglomerado 1), o mesmo que acontece con Vilariño de Conso (os restantes tres municipios da comarca de Viana pertencen ao conglomerado 3) e con Oia (os dous municipios rurais restantes da comarca do Baixo Miño figuran no conglomerado 1). A heteroxeneidade espacial deste grupo de municipios reflíctese no seu grao de dispersión, xa que o 7,7 % dos municipios presentaban dispersión leve, o 65 % dispersión alta e o 26,5 % dispersión grave[5] (M. Fernández et al., 2014). Así mesmo, a accesibilidade a Internet de banda ancha tamén descendeu con respecto ao conglomerado 1. Pois a porcentaxe de municipios do conglomerado 2 nos que máis do 40 % dos fogares —sobre o total de fogares— dispoñían deste tipo de conexión era do 42,7 % no ano 2012 (Armas e Macía, 2014).

O conglomerado 2 constitúe o conglomerado con maior superficie territorial (1.3546,2 km^2), representando o 56 % do territorio da ZPP. Nos trece anos que abrangue o período 2002-2015, a poboación do conglomerado 2 reduciuse un 17,7 %, logo de diminuír os seus efectivos demográficos en 67.093 persoas no último ano do período de estudo (379.403 e 312.310 habitantes nos anos 2002 e 2015, respectivamente). Esta caída da poboación produciuse a un ritmo medio

[5]Non dispoñemos de información para o concello de Oza-Cesuras, posto que o estudio de M. Fernández et al. (2014) foi levado a cabo con anterioridade á fusión dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras, municipios que presentaban características diferentes (Oza dos Ríos presentaba dispersión leve e Cesuras presentaba dispersión alta).

anual do 1,49 %, un valor significativamente superior ao do conglomerado 1. No ano 2015, a poboación do conglomerado 2 representaba o 41,8 % da poboación das áreas rurais, mais cómpre destacar que no ano 2002 era o conglomerado con maior peso porcentual da poboación (44,6 %) en relación á poboación total da ZPP. Este dato constitúe unha evidencia clara do crecente dinamismo demográfico dos municipios da ZPP alta e da ZPP intermedia (conglomerado 1) en comparación cos da ZPP baixa (conglomerados 2, 3, 4 e 5), unha realidade coherente co patrón de distribución espacial da poboación vixente na actualidade. Polo que se refire á composición por sexo da poboación no ano 2015, en conxunto, a proporción de homes e mulleres estaba bastante equilibrada (49,4 % e 50,6 %, respectivamente). Nesa mesma data, o índice de masculinidade era do 97,6 %, algo superior ao do conglomerado 1 (95,9 %) e moi similar ao do conxunto das áreas rurais galegas (97,1 %). Non obstante, os índices de masculinidade nos grupos quinquenais de idade que conforman o período de vida laboralmente activa, superaron notablemente os valores do conglomerado 1 e situáronse tamén por encima dos valores medios da ZPP. Neses grupos de idade, o índice de masculinidade moveuse entre o valor mínimo do 106,5 % (15-19 anos) e o valor máximo do 115,8 % (30-34 anos). Podemos dicir que, despois do conglomerado 1, a poboación moza con menor índice de masculinidade no ano 2015 atopábase no conglomerado 2 (táboa B.51, no anexo B). En canto á estrutura da poboación por idade no último ano da serie, o grupo con maior peso relativo era o de 16 a 64 anos (57,7 %), seguido do de 65 e máis anos (34,2 %) e do de 0 a 15 anos (8,2 %). En comparación co conglomerado 1, xa podemos apreciar un incremento notable no volume de poboación de 65 e máis anos, un aspecto que se veu reflectido nos elevados índices de envellecemento (448,8 %), sobreenvellecemento (20,0 %) e índice de dependencia senil (58,7 %). Así mesmo, ao ser máis reducido o grupo de poboación menor de 16 anos, tamén foron inferiores os valores do índice de xuventude (22,3 %) e do índice de dependencia xuvenil (17,5 %). Salvo no caso do índice de xuventude, cuxo valor foi inferior ao valor medio do indicador nas áreas rurais (27,8 %), nos restantes casos os valores foron superiores ao valores medios rexistrados na ZPP (táboa B.49, no anexo B), o que indica que a poboación do conglomerado 2 está máis envellecida que a das áreas rurais no seu conxunto. O impacto da estrutura por idade da poboación sobre os procesos demográficos deixouse entrever na menor taxa bruta de natalidade (4,8 ‰) e na maior taxa bruta de mortalidade (17,4 ‰), en comparación tanto co conglomerado 1 como coa media das áreas rurais (5,3 ‰ a taxa bruta de natalidade e 16,0 ‰ a taxa bruta de mortalidade, nas áreas rurais). En canto aos movementos migratorios no conxunto da poboación, e de forma similar ao observado no conglomerado 1, os valores que mostraron no conglomerado 2 a taxa bruta de emigración (31,3 ‰) e máis a taxa bruta de inmigración (26,9 ‰) foron lixeiramente inferiores á media das áreas rurais (33,9 ‰ a taxa de emigración e 30,2 ‰ a taxa de inmigración), sobre todo na taxa bruta de inmigración. A análise dos indicadores demográficos permítenos concluír que a caída da poboación que experimentou este conglomerado debeuse ao aumento dos valores negativos da taxa de crecemento natural (-10,0 ‰ no ano 2002 e -12,6 ‰ no 2015) e da taxa de crecemento migratorio (-3,1 ‰ no ano 2002 e -4,4 ‰ no 2015), que deron como resultado unha taxa de crecemento total do -17,0 ‰ no ano 2015 (figura B.21, no anexo B).

Polo que se refire aos movementos migratorios da poboación moza, o conglomerado 2 é o único cuxa creación non se pode explicar a partir dun ou dous factores principais, como acontece nos outros casos. Presentou semellanzas co conglomerado 5 nos factores denominados *Migración ás comunidades autónomas* (F1), *Variación da inmigración* (F2), *Variación e ritmo interanual da emigración masculina* (F6) e *Subgrao da ZPP* (F7), pero diferenciouse dese grupo na *Variación e ritmo interanual da emigración feminina* (F4) e na *Migración Internacional* (F5),

factores nos que mostrou semellanzas puntuais cos conglomerados 1, 2 e 3. Por conseguinte, estamos ante un conglomerado de municipios rurais no que ningún factor —por si só— destaca como reitor no proceso de creación do grupo. Por unha banda, cómpre destacar que no período 2002-2015 producíronse no conglomerado 2 un total de 54.215 emigracións de persoas de entre 16 e 34 anos, que representaron o 39,9 % das emigracións totais rexistradas nese grupo de idade na ZPP. Neste conglomerado, a taxa de variación da emigración total durante o período de estudo foi lixeiramente superior á media das áreas rurais (-17,34 % no conglomerado 2 e -17,25 % na ZPP), pero ao contrario do que aconteceu no resto dos conglomerados e no conxunto das áreas rurais, a caída das emigracións foi maior nas mulleres (-15,61 %) que nos homes (-12,00 %). Aínda así, cunha diferenza entre sexos de 3,61 puntos porcentuais, o conglomerado 2 foi o que rexistrou as menores diferenzas entre homes e mulleres na taxa de variación da emigración total, posto que as diferenzas entre sexos neste indicador oscilaron entre os 3,61 puntos deste conglomerado e os 65,62 puntos do conglomerado 4. Así mesmo, o ritmo anual medio de descenso das emigracións tamén foi máis acelerado nas mulleres (-1,98 % nos homes e -2,02 % nas mulleres), ao contrario do que aconteceu no resto dos conglomerados e no conxunto das áreas rurais. Con todo, os valores do indicador —en homes, mulleres e en ambos sexos— foron inferiores aos valores medios das áreas rurais. Neste conglomerado 2, a taxa de emigración total da poboación moza (810,08 ‰) foi inferior á media das areas rurais (886,64 ‰), ao igual que sucedeu nos conglomerados 1 (812,26 ‰) e 4 (804,83 ‰). Seguindo o mesmo patrón que os restantes conglomerados, a emigración interna foi a máis frecuente (640,66 ‰), seguida da emigración externa ás comunidades autónomas (137,43 ‰) e da emigración externa ao estranxeiro (31,99 ‰). No conglomerado 2, os valores das taxas destes tres tipos de emigración foron inferiores aos das áreas rurais, tanto nos homes como nas mulleres. En comparación co resto dos grupos, a taxa de emigración interna foi das máis baixas dos cinco conglomerados, situándose nun valor lixeiramente superior ao que mostrou o conglomerado 1 (603,07 ‰). Isto tamén se observou na taxa de emigración externa ao estranxeiro e máis na taxa de emigración externa ás comunidades autónomas, que ademais de mostrar valores inferiores aos da ZPP, foron as máis baixas de todas, despois do conglomerado 4. A este respecto, tamén hai que destacar que as taxas de emigración foron algo superiores nos homes, tanto na emigración externa ás comunidades autónomas (138,11 ‰ nos homes e 136,79 ‰ nas mulleres), como na emigración externa ao estranxeiro (33,17 ‰ nos homes e 30,68 ‰ nas mulleres). Por outra banda, en canto á inmigración, durante o período de estudo rexistráronse un total de 32.081 inmigracións na poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. En termos relativos, o conglomerado 2 absorbeu o 36,8 % das inmigracións da poboación moza rexistradas nas áreas rurais entre os anos 2002 e 2015. Aínda que no devandito período a taxa de variación da inmigración total foi negativa en todos os conglomerados, o valor que mostrou o conglomerado 2 neste indicador foi o máis baixo de todos (-5,13 ‰), situándose 7,73 puntos por debaixo da media das áreas rurais (-12,86) e 11,44 puntos por debaixo da media do conglomerado 1 (-16,57 ‰). Non obstante, este conglomerado 2, destaca principalmente por ser o único no que se rexistraron taxas de variación da inmigración total con signo positivo tanto nos homes (2,31 %) coma nas mulleres (5,14 %). Ademais, a diferenza do que aconteceu no resto de conglomerados, no conglomerado 2 a taxa media anual acumulada de inmigración total durante o período 2002-2015 foi maior nos homes (-4,62 %) que nas mulleres (-2,70 %). A taxa de inmigración total no grupo de idade de 16 a 34 anos acadou un valor de 664,36 ‰, sendo a inmigración interna o tipo de inmigración máis frecuente (483,91 ‰), seguido da inmigración procedente doutras comunidades autónomas (107,57 ‰) e da inmigración procedente do estranxeiro (72,88 ‰). En todos os

casos, estes valores foron inferiores aos das áreas rurais, tanto nos homes como nas mulleres. Por último, cómpre sinalar que o conglomerado 2 destaca, tamén, por mostrar a menor taxa de inmigración interna nos homes (235,69 ‰) de entre todos os conglomerados, cunha diferenza de 30,57 puntos con respecto á media das áreas rurais (266,26 ‰).

Como xa avanzamos anteriormente, en canto á actividade agraria, o conglomerado 2 destaca por ser o que ten a maior porcentaxe de concellos con actividade principal láctea e cárnica con produtividade alta e media (44,5 %) (Vázquez, 2007). Neste conglomerado, as porcentaxes medias de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector da agricultura foron do 38,1 % no ano 2003 e do 21,1 % no ano 2015, superiores, polo tanto, á media da ZPP nesas mesmas datas[6] (30,6 % e 15,6 %, respectivamente). No último ano do período de estudo, este conglomerado presentou a maior porcentaxe de afiliacións no sector da agricultura, cun valor bastante próximo ao do conglomerado 4 (20,5 %). Porén, como no ano 2003 a porcentaxe de afiliacións no sector da agricultura foi moito máis baixa no conglomerado 2, a taxa de variación da porcentaxe de afiliacións neste sector foi o dobre inferior con respecto á do conglomerado 4, que foi o grupo que mostrou a cifra máis elevada de todas (-16,9 % no conglomerado 2 e -39,2 % no conglomerado 4) (IGE; Seguridade Social). O impacto que tivo a crise neste conglomerado quedou reflectido no incremento dos valores da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos, que pasou do 7,2 % no ano 2008 ao 12,2 % no ano 2015. E o mesmo aconteceu na taxa de paro correspondente ao grupo de idade de 16 a 34 anos, que se incrementou un 4,4 % no período 2008-2015 (6,5 % e 10,9 % nas respectivas datas). Con todo, as taxas de variación das taxas de paro —tanto na poboación moza como no conxunto da poboación activa— correspondentes ao período 2008-2015, foron inferiores á media da ZZP. Finalmente, cómpre salientar que no ano 2014, o valor medio do PIB/km^2 municipal no conglomerado 2 foi o terceiro máis elevado de todos (426,2 k€), cun valor que superou a media da ZPP en 99,7 k€. A pesares deste dato, no ano 2015, o valor da renda dispoñible bruta por habitante foi inferior á media das áreas rurais (10.793 € e 10.853 € no conglomerado 2 e na ZPP, respectivamente), ao igual que aconteceu nos conglomerados 3, 4 e 5 (IGE) (táboa B.52, no anexo B).

Conglomerado 3

Este grupo está composto por 53 municipios que representan o 22,0 % dos concellos da ZPP de Galicia. O 96,2 % dos concellos deste grupo son da ZPP baixa e máis das tres cuartas partes do total pertencen á provincia de Ourense. Pois aínda que neste conglomerado hai municipios dalgunhas comarcas das provincias da Coruña (Muros e Ortegal), Lugo (Os Ancares, A Fonsagrada, Lugo, A Mariña Oriental, Meira e Terra de Lemos) e Pontevedra (O Condado e A Paradanta), hai municipios de todas as comarcas da provincia de Ourense, con importante representación de municipios das comarcas da Limia, Terra de Caldelas, Valdeorras, Verín e Viana. En canto ao grao de dispersión dos municipios, o 22,6 % presentaban dispersión leve, o 45,3 % dispersión alta e o 32,1 % dispersión grave (M. Fernández et al., 2014). Apreciamos, polo tanto, un aumento do número relativo de concellos con dispersión grave, en comparación

[6]Con respecto á porcentaxe de afiliacións no sector agrario no ano 2015, cómpre destacar que o dato que aportamos como media para o conxunto das áreas rurais nos capítulos 7 e 8, non coincide exactamente co dato publicado para a ZPP de Galicia no Panorama rural-urbano (IGE). Pois, para complementar a caracterización dos conglomerados creados segundo o comportamento migratorio da poboación moza, calculamos para cada cluster unha media aritmética da porcentaxe de afiliacións no devandito sector, a partir dos datos das porcentaxes de afiliacións no sector da agricultura para cada un dos concellos rurais. En coherencia co anterior, calculamos do mesmo xeito a media para a ZZP.

cos conglomerados 1 e 2. Ademais, tamén observamos que a porcentaxe de fogares con conexión a Internet de banda ancha descende a medida que aumenta a porcentaxe de concellos con dispersión grave nos conglomerados, algo que podemos observar nos conglomerados 3 e 5, en comparación cos conglomerados 1 e 2 (o conglomerado 4 reúne casos singulares e estatisticamente pouco representativos). Neste conglomerado 3, a porcentaxe de municipios nos que máis do 40 % dos fogares —sobre o total de fogares— tiñan conexión a Internet de bancha era do 15,1 % no ano 2012 (Armas e Macía, 2014).

O conxunto dos municipios que forman o conglomerado 3 abarca unha superficie de 4.801,9 km^2 e representan o 19,8 % da superficie total da ZPP, unha cifra relativamente próxima á do conglomerado 1 (18,9 %). Durante o período de estudo a poboación deste conglomerado reduciuse un 16,3 % (un cifra non moi distante da do conglomerado 2), ao descender o número de habitantes dos 107.144 contabilizados no ano 2002 aos 89.679 rexistrados no ano 2015. O ritmo medio anual de decrecemento demográfico neste grupo foi do 1,36 %. En canto á composición por sexo da poboación, no ano 2015 o conglomerado 3 foi o que mostrou o maior nivel de equilibrio na proporción entre homes e mulleres (50,2 % e 49,8 %, respectivamente) e o único no que o índice de masculinidade obtivo un valor de 100 (concretamente, 100,8 %). Non obstante, este dato global agocha matices importantes, posto que nos grupos quinquenais de idade que conforman o período de vida laboralmente activa o índice de masculinidade moveuse entre o valor mínimo de 109,2 (15-19 anos) e o valor máximo de 126,4 % (40-44 anos). Xunto co conglomerado 4, o conglomerado 3 é un dos que mostrou os maiores índices de masculinidade na poboación moza, especialmente na comprendida entre os 20 e os 34 anos (táboa B.51, no anexo B). Á parte, como xa vimos observando dende que analizamos o conglomerado 2, a medida que aumenta o número de concellos con dispersión grave nos conglomerados (M. Fernández et al., 2014), increméntase a proporción da poboación de 65 e máis anos, á vez que diminúe o peso porcentual da poboación menor de 0 a 15 anos e máis da de 16 a 64 anos. Isto explica, por unha banda, que os valores dos índices de envellecemento (570,8 %), sobreenvellecemento (20,3 %), dependencia global (78,9 %) e dependencia senil (67,1 %) superasen aos dos conglomerados 1 e 2 e máis á media das áreas rurais, e, por outra banda, explica que os índices de xuventude (17,5 %) e de dependencia xuvenil (11,8 %) fosen inferiores aos dos conglomerados 1 e 2 e máis á media das áreas rurais (táboa B.49, no anexo B). Con este pano de fondo, a taxa bruta de natalidade (3,9 ‰) foi aínda menor que nos conglomerados anteriormente descritos e que o valor medio das áreas rurais (5,3 ‰), mentres que a taxa bruta de mortalidade (18,8 ‰) superou os valores dos conglomerados 1 e 2 e tamén a media das áreas rurais (16,0 ‰). Nesa mesma data, no ano 2015, os conglomerados 3 e 5 foron os únicos que rexistraron taxas brutas de emigración superiores á media das áreas rurais, con valores entre 11 e 18 puntos máis elevados (45,5 ‰, 52,3 ‰ e 33,9 ‰ no conglomerado 3, no conglomerado 5 e nas áreas rurais, respectivamente). Estes conglomerados tamén rexistraron taxas brutas de inmigración superiores á media das áreas rurais nese mesmo ano, sendo o conglomerado 3 o que mostrou o valor máis elevado deste indicador (39,9 ‰no conglomerado 3 e 30,2 ‰nas áreas rurais). Como no conglomerado 3 os valores destas taxas foron bastante elevados —en comparación cos restantes conglomerados—, a taxa de crecemento migratorio non distou moito da do conglomerado 2, pero os valores acadados de forma individual na taxa bruta de emigración e na taxa bruta de inmigración en ambos conglomerados, foron moi diferentes. Á vista dos datos, observamos que o conglomerado 3 ten unha superficie territorial relativamente similar á do conglomerado 1 pero que a dinámica da súa poboación foi relativamente parecida á do conglomerado 2, aínda que cun ritmo de decrecemento algo máis lento. A evolución dos procesos demográficos que de-

terminan o tamaño da poboación seguiu patróns moi semellantes nos conglomerados 2 e 3, coa diferenza de que neste último caso os valores negativos da taxa de crecemento natural (-15,0 ‰) e da taxa de crecemento migratorio (-5,6 ‰) foron máis elevados, dando como resultado final unha maior taxa de crecemento total de signo negativo (-20,6 ‰) (figura B.21, no anexo B).

Polo que se refire aos movementos migratorios da poboación moza, o principal factor que determinou a creación do conglomerado 3 foi o denominado *Migración ás comunidades autónomas* (F1). Por unha banda, cómpre salientar que no período 2002-2015 producíronse no conglomerado 3 un total de 18.851 emigracións de persoas de entre 16 e 34 anos, que representaron o 13,9 % das emigracións totais rexistradas nese grupo de idade na ZPP. A taxa de variación da emigración total no período de estudo foi lixeiramente superior á media das áreas rurais (-18,10 % no conglomerado 3 e -17,25 % na ZPP), pero este dato global agocha importantes desigualdades nos valores do indicador para cada sexo. Pois o conglomerado 3 foi o único que rexistrou un valor positivo na taxa de variación da emigración total no sexo feminino (2,20 %), mentres que no sexo masculino os valores deste indicador foron negativos en todos os conglomerados, incluído o conglomerado 3 (-25,61 %). A taxa de emigración total neste grupo foi de 1075,60 ‰, un valor que superou a media das áreas rurais en 188,96 puntos. De forma similar ao observado nos restantes conglomerados, a emigración interna foi o tipo de emigración máis frecuente (770,15 ‰), seguida da emigración externa ás comunidades autónomas (264,52 ‰) e da emigración externa ao estranxeiro (40,32 ‰). Despois do conglomerado 5, o conglomerado 3 foi o que presentou os valores máis elevados na taxa de emigración total nos homes (962,55 ‰) e nas mulleres (1211,70 ‰). Así mesmo, foi o que presentou —despois do conglomerado 5— os valores máis elevados na taxa de emigración interna nos homes (662,63 ‰) e nas mulleres (900,79 ‰). E tamén foi, despois do conglomerado 5, o conglomerado que mostrou os valores máis elevados na taxa de emigración externa nos homes (299,92 ‰) e nas mulleres (310,92 ‰). Cómpre destacar que estes elevados valores da taxa de emigración externa débense, en moi gran medida, a que o conglomerado 3 foi tamén o que presentou os valores máis altos na taxa de emigración externa ás comunidades autónomas nos homes (259,00 ‰) e nas mulleres (271,45 ‰). Pois, polo que se refire á emigración externa ao estranxeiro, os valores do indicador correspondentes aos homes e ás mulleres, situáronse en torno ao 40 ‰, valores máis similares aos dos conglomerados 1 e 2, que aos do conglomerado 5 (entre 141 ‰ e 154 ‰). Como dato singular, de entre todos os concellos rurais houbo dous concellos do conglomerado 3 que presentaron taxas de emigración ao estranxeiro do 0 ‰, tanto nos homes como nas mulleres: A Teixeira e A Veiga. Estes municipios non só foron os únicos que presentaron valores do 0 ‰ neste indicador, senón que nos restantes 239 municipios non se rexistraron valores do 0 ‰ en ningunha taxa de emigración nin de inmigración. Hai que destacar que a diferenza do que aconteceu no resto de conglomerados, no conglomerado 3 a taxa de emigración externa foi maior nas mulleres (310,92 ‰) que nos homes (299,92 ‰). Isto debeuse ás marcadas diferenzas que presentaron os valores da taxa de emigración externa ás comunidades autónomas entre sexos (259,00 ‰ nos homes e 271,45 ‰ nas mulleres), en comparación co que aconteceu no resto dos conglomerados. E é que a sobreemigración feminina na emigración externa ás comunidades autónomas soamente se observou no conglomerado 3 e máis no 4, aínda que neste último caso as desigualdades entre sexos soamente alcanzaron os 0,97 puntos. Por outra banda, no que respecta á inmigración, durante o período de estudo rexistráronse un total de 12.300 inmigracións na poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. En termos relativos, o conglomerado 3 acolleu o 14,1 % das inmigracións da poboación moza rexistradas nas áreas rurais entre os anos 2002 e 2015. A taxa de variación da inmigración total neste conglomerado (-16,61 %) foi su-

perior á media das áreas rurais (-12,86 %) e moi similar á que presentou o conglomerado 1 (-16,57 %), observándose un maior ritmo anual medio de decrecemento nas inmigracións femininas (-2,32 % nos homes e -2,46 % nas mulleres). O conglomerado 3 destaca por presentar a maior taxa de inmigración total (1005,09 ‰), cun valor que superou a media das áreas rurais en 221,25 puntos (783,84 ‰). Mais, sen dúbida, este conglomerado destaca fundamentalmente por mostrar a maior taxa de inmigración procedente doutras comunidades autónomas en ambos sexos (221,58 ‰), nos homes (119,11 ‰) e nas mulleres (102,47 ‰).

En canto á actividade agraria, máis do 90 % dos concellos deste conglomerado teñen unha actividade agraria con produtividade media-baixa ou baixa sen especialización (concretamente, o 92,4 %). Non existen neste grupo municipios con actividade principal láctea e cárnica con produtividade alta, e o peso porcentual dos municipios que teñen actividade principal láctea e cárnica con produtividade media é pouco significativo no conxunto do conglomerado (3,8 %) (Vázquez, 2007). Neste grupo, e ao igual que aconteceu no conglomerado 1, a taxa de variación da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura no período 2003-2015 foi lixeiramente inferior á media das áreas rurais (-14,0 % no conglomerado 3 e -14,9 % na ZPP). E é que as porcentaxes de afiliacións no sector da agricultura neste conglomerado descenderon dende o 27,6 % (ano 2003) ata o 13,6 % (ano 2015) (IGE; Seguridade Social). Ao igual que aconteceu nos restantes conglomerados, o impacto da crise deixou a súa pegada no incremento da taxa de paro da poboación no período 2008-2015, que na poboación de 16 a 64 anos pasou do 9,3 % (ano 2008) ao 14,3 % (ano 2015), á vez que na poboación de 16 a 34 anos pasou do 7,0 % (ano 2008) ao 11,8 % (ano 2015). Con estes datos, a taxa de variación da taxa de paro no conxunto da poboación activa foi lixeiramente inferior á media das áreas rurais (5,0 % na conglomerado 3 e 5,3 % na ZPP), mentres que a taxa de variación da taxa de paro na poboación moza foi lixeiramente superior á media das áreas rurais (4,9 % no conglomerado 3 e 4,6 % na ZPP). Por último, cómpre destacar que o conglomerado 3 presentou o segundo valor máis elevado no PIB/km^2 municipal no ano 2014 (824,7 k€), situándose por detrás do valor medio do conglomerado 1 (1.526,5 k€) e por encima do valor medio das áreas rurais (326,5 k€). Tomando como referencia a renda dispoñible bruta por habitante correspondente ao ano 2015, observamos que a medida que aumenta a porcentaxe de concellos con dispersión grave en cada conglomerado, o valor da renda diminúe. Desta maneira, no ano 2015, o valor medio da renda dispoñible bruta por habitante no conglomerado 3 foi de 10.307 €, un valor inferior á media das áreas rurais (10.853 €) e inferior, tamén, ao que presentaron os conglomerados 1 e 2 (IGE) (táboa B.52, no anexo B).

Conglomerado 4

Este grupo está composto por 4 municipios que representan o 1,7 % dos concellos da ZPP de Galicia e que pertencen á ZPP baixa das provincias da Coruña, Lugo e Ourense. Os municipios que integran este grupo son Irixoa, Ribeira de Piquín, San Xoán de Río e Parada de Sil, que pertencen ás comarcas de Betanzos, Meira, Terra de Trives e Terra de Caldelas, respectivamente. Destaca o feito de que Parada de Sil sexa o único concello desta última comarca que non figura no conglomerado 3. Coa excepción de Irixoa, que presenta dispersión alta, os restantes tres concellos presentaban dispersión grave (M. Fernández et al., 2014). No ano 2012, a porcentaxe de municipios deste conglomerado nos que máis do 40 % dos fogares —sobre o total de fogares— tiñan conexión a Internet de banda ancha era do 50 % (Armas e Macía, 2014).

O conglomerado 4 abrangue unha superficie de 265,1 km^2 e representa o 1,1 % da superficie

total da ZPP. Ao tratarse dun grupo formado por tan só catro municipios, o peso porcentual da súa poboación sobre o total da ZPP tamén é moi pouco significativo, en termos cuantitativos (0,4 %). No ano 2015, o conglomerado 4 perdeu 1.148 efectivos demográficos, con respecto ao ano 2002 (4.322 habitantes no ano 2002 e 3.174 habitantes no ano 2015). En datos relativos, isto traduciuse nunha variación da poboación do -26,6 %, cun ritmo de decrecemento medio anual do 2,35 % no período 2002-2015. No último ano da serie, a proporción entre sexos estaba bastante equilibrada na poboación (as proporcións de homes e mulleres eran do 50,4 % e do 49,6 %, respectivamente), mais cómpre destacar que ao inicio do período de estudo a proporción de feminidade era do 51,2 % (1,6 puntos máis elevada). Se ben observamos en todos os conglomerados unha lixeira tendencia á diminución da proporción de feminidade no ano 2015 con respecto ao ano 2002, a diferenza porcentual no valor do indicador ao inicio e ao final do período de estudo foi máis elevada no conglomerado 4. Consecuentemente, o valor do índice de masculinidade tamén aumentou neste período de trece anos, pasando do 95,1 % (ano 2002) ao 101,7 % (ano 2015). Xunto co conglomerado 3, o conglomerado 4 foi un dos que mostrou un índice masculinidade máis próximo ao valor de 100, pero, ao igual que comentamos anteriormente, este dato global non permite apreciar matices. A análise do índice de masculinidade por grupos quinquenais revelou a existencia de importantes diferenzas entre o conglomerado 4 e os restantes grupos, especialmente nas idades comprendidas entre os 15 e os 64 anos. Nestes grupos de idade que conforman o período de vida laboralmente activa, o índice de masculinidade oscilou entre o valor mínimo do 89,2 % (15-19 anos) e o valor máximo do 152,9 % (45-49 anos), que é o valor máis elevado rexistrado en todos os grupos de idade e en todos os conglomerados. Mais tamén resultan un tanto rechamantes as diferenzas que existen nos valores deste indicador na poboación menor de 15 anos e máis na poboación de 65 anos e máis, en comparación cos restante conglomerados. No primeiro caso, chama a atención por mostrar un valor moi baixo no grupo de 0 a 4 anos (75,0 %) e valores elevados nos grupos de 5 a 9 anos (125,0 %) e de 10 a 14 anos (122,2 %). No segundo caso, chama a atención polo elevado valor do índice nos grupos de 70 a 74 anos (112,0 %) e 85 anos e máis (71,73 %), así como tamén polo baixo valor no grupo de 75 a 79 anos (61,1 %). Estamos, polo tanto, ante unha poboación na que en termos globais semella haber un certo equilibrio entre sexos, pero que na realidade está moi masculinizada en determinados grupos de poboación, entre eles nos que conforman a poboación moza, especialmente partir dos 19 anos (táboa B.51, no anexo B). Polo que se refire á estrutura por idade da poboación, a medida que aumenta a porcentaxe de municipios con dispersión grave nos conglomerados e aumenta a proporción de poboación de 65 anos e máis, os valores relacionados coa estrutura da poboación afástanse cada vez máis dos valores medios da ZPP. Ao igual que aconteceu nos restantes conglomerados, o grupo de idade que presentou maior peso porcentual na poboación no ano 2015 foi o de 16 a 64 anos (50,9 %), destacando por mostrar o valor máis baixo dos cinco grupos. Seguíronlle en importancia o grupo de idade de 65 anos e máis (44,6 %) e o de 0 a 15 anos (4,4 %). Con estes datos compréndese mellor que o conglomerado 4 fose o que rexistrase o valores máis baixos no índice de xuventude (9,2 %) e no índice de dependencia xuvenil (8,1 %), así como tamén os valores máis elevados nos índices de envellecemento (1081,7 %), sobreenvellecemento (23,1 %), dependencia global (95,2 %) e dependencia senil (87,1 %). Cómpre destacar que o conglomerado 4 é o conglomerado que mostrou o valor máis elevado no índice de sobreenvellecemento no ano 2015: 23 de cada 100 persoas de 65 e máis anos superaban os 85 anos. En concordancia con estes datos, este conglomerado presentou o valor máis baixo na taxa bruta de natalidade (2,2 ‰) e o valor máis elevado na taxa bruta de mortalidade (21,9 ‰). Nesa mesma data, no ano 2015, os valores da

USC DE SANTIAGO

taxa bruta de emigración (31,5 ‰) e da taxa bruta de inmigración (30,5 ‰) foron moi similares aos rexistrados no conglomerado 1, sendo, ademais os conglomerados que mostraron un maior equilibrio entre os valores das taxas brutas de emigración e inmigración. Por esta razón, a taxa de crecemento migratorio, aínda sendo negativa, foi das máis baixas (-1 ‰). Non obstante, como a diferenza entre os valores da taxa bruta de natalidade e da de mortalidade foi a máis elevada de todos os conglomerados, a taxa de crecemento natural —de signo negativo— foi tamén a maior de entre todos os conglomerados (-19,7 ‰). Polo tanto, a taxa de crecemento total acadou un valor do 20,7 ‰, moi similar ao valor do indicador no conglomerado 3 (-20,6 ‰) e só superado polo conglomerado 5 (-31,3 ‰) (táboa B.49 e figura B.21, no anexo B).

En canto aos movementos migratorios da poboación moza, os principais factores que determinaron a creación do conglomerado 4 foron os denominados *Ritmo migratorio* (F3) e *Variación e ritmo interanual da emigración masculina* (F6). O conglomerado 4 destaca por ser o que menos similitudes presenta cos restantes catro grupos. Caracterízase por agrupar a aqueles municipios que presentaron as porcentaxes de signo negativo máis elevadas na taxa de variación da emigración e da inmigración no período 2002-2015, diminuíndo os movementos migratorios a un ritmo moito máis elevado que nos restantes conglomerados. Por unha banda, cómpre destacar que no período 2002-2015 producíronse no conglomerado 4 un total de 484 emigracións de persoas de entre 16 e 34 anos, que representaron o 0,4 % das emigracións totais rexistradas nese grupo de idade na ZPP. Este conglomerado foi o que presentou a maior taxa de variación da emigración total e maior distancia con respecto á media das áreas rurais (-64,29 % no conglomerado 4 e -17,25 % na ZPP), cunha caída moito máis elevada nas emigracións masculinas (-100,00 % nos homes e -34,38 % nas mulleres). De feito, a diferenza entre sexos que mostrou este conglomerado na taxa de variación da emigración total foi a máis elevada de todos os grupos (o conglomerado 3 mostrou o segundo valor máis elevado, cunha diferenza de 23,41 puntos entre as taxas de variación da emigración de homes e mulleres). Tamén foi no conglomerado 4 onde o ritmo anual medio de descenso das emigracións foi máis acusado (-29,73 %), principalmente nos homes, mostrando unha desigualdade entre sexos de 73,62 puntos (-100 % nos homes e -26,38 % nas mulleres). A taxa de emigración total da poboación moza neste conglomerado (804,83 ‰) foi inferior á media das áreas rurais (886,64 ‰), ao igual que aconteceu nos conglomerados 1 e 2. Así mesmo, a emigración interna foi a máis frecuente (672,48 ‰), seguida da emigración externa ás comunidades autónomas (121,18 ‰) e da emigración externa ao estranxeiro (11,17 ‰). Neste contexto, o conglomerado 4 destaca por mostrar as maiores diferenzas entre sexos na taxa de emigración total (666,13 ‰ nos homes e 983,97 ‰ nas mulleres) e na taxa de emigración interna (530,53 ‰ nos homes e 853,70 ‰ nas mulleres), ademais de ser o conglomerado que presentou os valores máis baixos na taxa de emigración externa ao estranxeiro (11,17 ‰) e na taxa de emigración externa a outras comunidades autónomas (121,18 ‰). Por outra banda, en canto á inmigración, durante o período de estudo rexistráronse un total de 312 inmigracións na poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. En termos relativos, o conglomerado 4 acolleu o 0,4 % das inmigracións da poboación moza rexistradas nas áreas rurais entre os anos 2002 e 2015. Este conglomerado tamén foi o que presentou a maior taxa de variación da inmigración total na poboación moza e a maior distancia con respecto ao valor medio do indicador para as áreas rurais (-67,21 % no conglomerado 4 e -12,86 % na ZPP), observándose un maior descenso nas inmigracións que nas emigracións. Ao igual que sucedeu no resto dos grupos, a caída das inmigracións femininas foi máis acentuada que a das inmigracións masculinas (-43,75 % nos homes e -75,71 % nas mulleres), pero o conglomerado 4 destacou por mostrar as maiores desigualdades entre sexos neste indicador, cunha diferenza de

31,96 puntos. Ademais, o ritmo anual medio de descenso das inmigracións foi o máis dispar de todos os conglomerados e o que máis se afastou da media das áreas rurais (-51,77 % no conglomerado 4 e -3,10 % na ZPP), sendo máis marcado nas mulleres (-51,16 % nos homes e -52,75 % nas mulleres). A taxa de inmigración total na poboación moza acadou un valor de 623,11 ‰, un valor inferior á media das áreas rurais (783,84 ‰). O tipo de inmigración máis frecuente foi a inmigración interna (493,20 ‰), seguido da inmigración procedente doutras comunidades autónomas (89,22 ‰) e da inmigración procedente do estranxeiro (249,69 ‰). O conglomerado 4 foi o que presentou os valores máis baixos en todas estas taxas, tanto en ambos sexos como nos homes e nas mulleres. Cómpre destacar, finalmente, que no relativo á taxa de inmigración externa do estranxeiro o conglomerado 4 foi o único no que o valor do indicador foi superior nas mulleres (19,41 ‰ nos homes e 21,28 ‰ nas mulleres). En definitiva, polo reducido número de municipios que agrupa e polas singularidades que estes presentan, estamos ante un conglomerado que agrupa aqueles concellos que se desmarcaron das tendencias xerais no período 2002-2015, ao mostrar valores moi extremos nas variables que describen a taxa de variación da emigración total segundo sexo e máis o ritmo de diminución interanual dos movementos migratorios no seu conxunto.

Neste conglomerado, o 75 % dos concellos (Parada de Sil, Ribeira de Piquín e San Xoán de Río) teñen unha actividade agraria con produtividade media-baixa ou baixa sen especialización, mentres que o 25 % restante (Irixoa) ten unha actividade principal láctea e cárnica con produtividade media (Vázquez, 2007). No ano 2003, este grupo presentou a maior porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura dos cinco conglomerados, mantendo o segundo valor máis elevado no ano 2015 (59,6 % e 20,5 % nos anos 2003 e 2015, respectivamente). Con estas cifras, a taxa de variación da porcentaxe de afiliacións no sector da agricultura no período 2003-2015 foi do -39,2 %, un valor 32 puntos superior ao do conglomerado 1 (-7,2 %) e 24,3 puntos máis elevado que o do conxunto das áreas rurais (-14,9 %) (IGE; Seguridade Social). A pesares de que neste conglomerado o impacto da crise tamén se deixou sentir no incremento dos valores da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos, os valores que presentou este indicador nos anos 2008 e 2015 foron os máis baixos de todos os grupos (6,3 % no ano 2008 e 10,6 % no ano 2015). Tanto na poboación moza como no conxunto da poboación activa, as taxas de variación das taxas de paro correspondentes ao período 2008-2015 situáronse por debaixo da media das áreas rurais, ao igual que aconteceu nos conglomerados 2, 3 e 5. Porén, o conglomerado 4 destacou por presentar a menor taxa de variación da taxa de paro na poboación moza durante o período 2008-2015, ao pasar do 6,5 % no ano 2008 ao 8,3 % no ano 2015. Pois, mentres nos restantes grupos a taxa de variación da taxa de paro na poboación moza oscilou entre o 4,2 % (conglomerado 5) e o 5,3 % (conglomerado 1), no conglomerado 4 a taxa de variación da taxa de paro nese segmento da poboación foi do 1,8 %. Finalmente, o conglomerado 4 tamén destacou por presentar o valor máis baixo de todos no PIB/km^2 municipal no ano 2014 (223,1 k€), mostrando un valor de 10.059 € na renda dispoñible bruta por habitante no ano 2015 (IGE) (táboa B.52, no anexo B).

Conglomerado 5

Este grupo está composto por 13 municipios que representan o 5,4 % dos concellos da ZPP de Galicia. Salvo un concello que está clasificado como ZPP intermedia, os restantes municipios pertencen á ZPP baixa. Coa excepción de dous municipios que pertencen ás comarcas de Terra de Lemos e Pontevedra, os restantes municipios do conglomerado forman parte das comarcas

da Baixa Limia, O Carballiño, O Ribeiro e, en maior medida, Terra de Celanova. Como vemos, este conglomerado 5 comparte co conglomerado 3 o feito de ter gran representación de concellos da provincia de Ourense (neste caso, o 84,6 %) e importante peso relativo de municipios de dispersión grave. En conxunto, o 7,7 % dos concellos presentan dispersión leve, o 30,8 % dispersión alta e o 61,5 % dispersión grave. Dito noutras palabras, o 92,3 % dos municipios do conglomerado 5 presentan unha dispersión entre alta e grave, unha cifra similar á do conglomerado 2 (91,5 %) e moi superior á do conglomerado 3 (77,4 %) (M. Fernández et al., 2014). Como xa avanzamos na descrición do conglomerado 3, a porcentaxe de municipios nos que máis do 40 % dos fogares —sobre o total de fogares— dispoñía de conexión a Internet de banda ancha no ano 2012 era a máis baixa de todos os conglomerados (7,7 %) (Armas e Macía, 2014).

Os trece municipios que conforman o conglomerado 5 abarcan unha superficie de 1.005 km^2, representando o 4,2 % da superficie total da ZPP. Nos trece anos que abrangue o período 2002-2015, a poboación do conglomerado 5 reduciuse un 24,3 %, logo de diminuír os seus efectivos demográficos en 6.732 persoas no último ano do período de estudo (27.704 e 20.972 habitantes nos anos 2002 e 2015, respectivamente). Despois do conglomerado 4, o conglomerado 5 foi o que presentou o maior descenso demográfico, producíndose a caída da poboación a un ritmo medio anual do -2,12 %. No ano 2015, a poboación do conglomerado 5 representaba o 2,8 % da poboación das áreas rurais. En canto á composición por sexo da poboación, o conglomerado 5 destacou por mostrar a maior taxa de feminidade dos cinco grupos, tanto no ano 2002 como no ano 2015, con valores do 53,38 % e do 52,1 %, respectivamente. Consecuentemente, o índice de masculinidade neste conglomerado foi tamén o máis baixo durante o período de estudo, cunha relación de 92 homes por cada 100 mulleres no ano 2015, algo máis de 5 puntos menos que o índice de masculinidade do conxunto das áreas rurais (97,1 %). Non obstante, os índices de masculinidade nos grupos quinquenais de idade comprendidos entre os 0 e os 54 anos foron moi superiores, oscilando entre valores do 102,8 % (grupo de 10 a 14 anos) e 124,1 % (grupo de 40 a 44 anos) no último ano do período (táboa B.51, no anexo B). Polo que se refire á estrutura por idade da poboación, o grupo con maior peso relativo nesa mesma data era o de 16 a 64 anos (51,4 %), seguido do de 65 anos e máis (42,8 %) e do de 0 a 15 anos (5,8 %). Isto significa que, de todos os grupos, os conglomerados 4 e 5 foron os que presentaron as maiores porcentaxes de poboación de 65 anos e máis, con valores situados entre 11 e 12 puntos por encima da media das áreas rurais. Loxicamente, isto reflíctese en indicadores como o índice de envellecemento (793,4 %), o índice de dependencia global (93,1 %) e o índice de dependencia senil (82,7 %). Mais, diferenza do conglomerado 4, que é o grupo co que máis semellanzas mostrou nos valores dos indicadores relacionados coa estrutura da poboación, o conglomerado 5 presentou un maior índice de xuventude (9,2 % e 12,6 %, respectivamente) e unha maior taxa de dependencia xuvenil (8,1 % e 10,4 %, respectivamente), posto que a proporción de persoas de 0 a 15 anos foi algo superior (táboa B.49, no anexo B). Con esta estrutura por idade da poboación que mostrou o conglomerado 5, no último ano do período de estudo o valor da taxa bruta de natalidade foi un dos máis baixos dos cinco grupos (2,7 ‰), á vez que o valor da taxa bruta de mortalidade foi un dos máis elevados (19,5 ‰). En canto aos movementos migratorios no conxunto da poboación, o conglomerado 5 presentou maiores semellanzas co conglomerado 3, aínda que as diferenzas foron importantes. Pois, se ben ambos conglomerados foron os que rexistraron as maiores taxas brutas de emigración, o valor do indicador ascendeu ao 52,3 ‰ no conglomerado 5, é dicir, un valor 6,8 puntos superior ao media do cluster 3 e 18,4 puntos superior á taxa bruta de emigración do conxunto das áreas rurais. Pola contra, a taxa bruta de

inmigración situouse no 37,8 ‰, un valor lixeiramente inferior ao do cluster 3 (39,9 ‰), que mostrou o valor máis elevado de todos. Con este pano de fondo, a taxa de crecemento natural no ano 2015 foi do -16,8 ‰, a taxa de crecemento migratorio foi do -14,5 ‰ e a taxa de crecemento total foi do -31,3 ‰, a máis elevada dos cinco conglomerados (figura B.21, no anexo B).

Polo que refire aos movementos migratorios da poboación moza, o principal factor que determinou a creación do conglomerado 5 foi o denominado *Migración internacional* (F5). E é que este conglomerado distínguese fundamentalmente por agrupar os municipios rurais que presentaron as taxas máis elevadas de migración exterior ao estranxeiro entre a poboación de 16 a 34 anos. De feito, a este grupo pertencen concellos con sonada tradición migratoria con países de América Central e América do Sur, destacando o caso de Avión. Por unha banda, cómpre destacar que no período 2002-2015 producíronse no conglomerado 5 un total de 4.779 emigracións de persoas de entre 16 e 34 anos, que representaron o 3,5 % das emigracións rexistradas nese grupo de idade na ZPP. Se exceptuamos o conglomerado 4, o conglomerado 5 sería o que presentou a maior taxa de variación da emigración total (-33,58 %), cunha caída das emigracións máis pronunciada nos homes (-41,23 % nos homes e -24,22 % nas mulleres). Así mesmo, e exceptuando tamén o conglomerado 4, o conglomerado 5 foi o que presentou o maior valor na taxa media acumulada de emigración total (-3,52 %), o que indica que neste conglomerado o ritmo medio anual de decrecemento das emigracións foi superior ao que mostraron os conglomerados 1, 2 e 3. Onde bateu o récord o conglomerado 5 foi na taxa de emigración total, que cun valor de 1139,40 ‰, situouse por encima dos valores medios dos restantes conglomerados e máis por encima do valor medio do conxunto das áreas rurais (886,64 %). Isto debeuse a que o conglomerado 5 presentou os valores máis elevados de todos os grupos na taxa de emigración interna (805,94 ‰) e na taxa de emigración externa ao estranxeiro (147,12 ‰), tanto nos homes como nas mulleres. Ademais, cómpre destacar que no conglomerado 5 as mulleres emigraron ao estranxeiro en maior medida que os homes (141,39 ‰ e 154,25 ‰, respectivamente), sendo o conglomerado no que se observaron as maiores desigualdades entre sexos nesta variable. Por outra banda, en canto á inmigración, durante o período de estudo rexistráronse un total de 2.390 inmigracións na poboación comprendida entre os 16 e os 34 anos. En termos relativos, o conglomerado 5 absorbeu o 2,7 % das inmigracións da poboación moza rexistradas nas áreas rurais entre os anos 2002 e 2015. A inmigracións deste grupo de idade neste conglomerado descenderon un 32,02 % durante o período de estudo, o que constitúe o segundo valor máis elevado da taxa de variación da inmigración total, situándose por detrás do conglomerado 4. E o mesmo aconteceu coa taxa media acumulada de inmigración total, que neste conglomerado alcanzou o -4,01 %, mostrando un maior ritmo medio anual de decrecemento nas inmigracións femininas (-3,55 % nos homes e -4,98 % nas mulleres). Se ben a taxa de inmigración total na poboación moza foi superior á media das áreas rurais (993,57 ‰ e 783,84 ‰ na ZPP), foi inferior á do conglomerado 3, que foi o conglomerado que presentou o valor máis elevado (1005,09 ‰). Non obstante, foi no conglomerado 5 onde se rexistrou a maior taxa de inmigración total nos homes (515,89 ‰). Neste conglomerado, a inmigración interna foi o tipo de inmigración máis frecuente (618,38 ‰), pero a diferenza dos restantes grupos, aquí o segundo tipo de inmigración máis frecuente foi a inmigración externa procedente do estranxeiro (131,79 ‰), seguida da inmigración procedente doutras comunidades autónomas (125,50 ‰). Como xa avanzamos en liñas anteriores, este conglomerado 5 destaca por rexistrar os maiores valores na taxa de inmigración externa procedente do estranxeiro tanto nos homes como nas mulleres, ademais de mostrar as maiores desigualdades entre sexos neste tipo de inmigración (131,79 ‰ nos homes e 117,90 ‰ nas mulleres). Á vista destes datos, hai que salientar que, se ben o conglomerado

5 destaca por ser o único no que a taxa de emigración externa ao estranxeiro foi maior nas mulleres, na inmigración externa procedente do estranxeiro a taxa foi maior nos homes.

Ao igual que acontece no conglomerado 3, máis do 90 % dos concellos do conglomerado 5 teñen unha actividade agraria con produtividade media-baixa ou baixa sen especialización (concretamente, o 92,3 %). Neste grupo non existen municipios con actividade principal láctea ou cárnica. Ademais, este conglomerado destaca por presentar a maior porcentaxe de municipios con actividade agraria orientada á horta e ao viño (7,7 %, mentres que nos restantes conglomerados as porcentaxes non superaron o 3,7 % que presentou o conglomerado 1) (Vázquez, 2007). Neste conglomerado 5, as porcentaxes medias de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura foron do 32,4 % no ano 2003 e do 8,7 % no 2015, mostrando unha taxa de variación do -23,7 %, o que constitúe o segundo valor máis elevado de todos os grupos. Así mesmo, despois do conglomerado 1, o conglomerado 5 foi o que presentou o valor máis baixo na porcentaxe de afiliacións na agricultura no ano 2015 (IGE; Seguridade Social). Como xa viñemos comentando, o impacto da crise manifestouse no incremento dos valores da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos no período 2008-2015, que pasou do 8,9 % (ano 2008) ao 13,1 % (ano 2015). A diferenza do acontecido nos outros conglomerados, no conglomerado 5 o valor das taxas de variación das taxas de paro correspondentes á poboación moza e ao conxunto da poboación activa, foi exactamente o mesmo: 4,2 %. Con todo, os valores da taxa de paro foron máis elevados na poboación de 16 a 64 anos que na poboación de 16 a 34 anos. Neste último caso, os valores acadaron o 5,7 % no ano 2008 e o 9,9 % no ano 2015, sendo inferiores á media das áreas rurais en ambas datas (6,9 % e 11,5 % na ZPP, respectivamente). Por último, se ben no ano 2014 o conglomerado 5 presentou un PIB/km^2 municipal superior ao das áreas rurais (372,7 k€ no conglomerado 5 e 326,5 k€ na ZPP), este grupo destacou por presentar a menor renda dispoñible bruta por habitante no ano 2015, cun valor de 9.066 € (IGE) (táboa B.52, no anexo B).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Capítulo 8

Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia: o caso de Boimorto

A diferenza do considerado por Petersen a mediados do século pasado, nós cremos fundamental inquirir nas causas que motivan as migracións rurais actuais. Ese coñecemento será o que nos permita afondar na análise dun fenómeno social tan antigo como a propia humanidade pero en constante evolución, e que, ademais, nas últimas décadas veuse afectado por cambios de gran calado asociados á intensificación dos procesos de globalización económica e cultural. En capítulos anteriores, vimos que o éxodo rural que tivo lugar en Galicia no século pasado foi amplamente explicado en base a aspectos económicos que se engloban nunha lóxica dicotómica de atracción-expulsión, na que destacan aspectos como as características do mercado laboral no lugar de destino e a produtividade e a mobilidade das terras no lugar de orixe, entre outros factores. Porén, como os acontecementos que se producen no ciclo vital das persoas toman sentido nun espazo e nun tempo determinados, consideramos fundamental indagar nas motivacións actuais para abandonar o rural e ver en que medida os suxeitos protagonistas deste fenómeno social refiren aspectos descritos por outros investigadores noutros contextos europeos. Con este propósito, decidimos descender un chanzo máis no territorio e realizar entrevistas en profundidade a persoas mozas nacidas no municipio coruñés de Boimorto, un municipio que, polas características do comportamento migratorio da poboación moza no presente século[1], exemplifica a situación que atravesan preto da metade dos municipios rurais de Galicia (concretamente, o 48,5 %). Como veremos, os relatos das persoas entrevistadas aluden a todos os factores determinantes da emigración rural identificados na literatura científica referida ás áreas rurais galegas e doutros contextos europeos. Mais, para poder contextualizar as experiencias[2] persoais destes mozos e mozas, comezaremos por describir brevemente a área de estudo.

[1] Referímonos aquí aos resultados da análise de conglomerados de municipios rurais realizada no capítulo 7, en base ao comportamento migratorio da poboación moza no período 2002-2015. Atendendo a esa clasificación, Boimorto forma parte do conglomerado 2. Os aspectos metodolóxicos relativos á selección do municipio de estudo e máis á selección das persoas entrevistadas, pode consultarse na sección 3.5.

[2] Entendemos por *experiencia* «os diversos modos a través dos cales unha persoa coñece e constrúe unha realidade», modos que «van dende os sentidos máis directos e pasivos de olfacto, gusto e tacto, ata a percepción visual activa e o modo indirecto de simbolización» (Tuan, 1997, p. 8).

8.1 O municipio rural de Boimorto

8.1.1 Situación xeográfica e territorio

Boimorto é un municipio rural[3] situado no sueste da provincia da Coruña, na área paisaxística da *Galicia Central* (M. Borobio e Castillo, 2013). Pertence á comarca de Arzúa e limita cos municipios de Mesía e Vilasantar polo norte, Melide e Arzúa polo sur, Sobrado polo leste e Frades polo oeste. O termo municipal de Boimorto ocupa unha extensión de 82,3 km^2 (IGE) e conta con trece parroquias: Andavao, Os Ánxeles, Arceo, Boimil, Boimorto, Brates, Buazo, Cardeiro, Corneda, Dormeá, Mercurín, Rodieiros e Sendelle (figura 8.1). A capital municipal, que está situada na parroquia de Boimorto (lugar da Gándara), dista 46 km da cidade de Santiago de Compostela e 59 km da cidade da Coruña[4].

8.1.2 Características físicas

Atendendo á súa situación xeográfica, A. Pérez (1995) incorporou o concello de Boimorto na categoría *chaira-depresión e val*. Segundo as descricións realizadas por Fariña (1993), as maiores altitudes apenas superan os 600 metros (Coto Salgueiros, 614 metros; O Marco, 560 metros; Forcada, 506 metros; Deveso, 501 metros; e Campo, 438 metros). As características climáticas que se aprecian no concello de Boimorto son as propias do clima *oceánico hiperhúmido*, cunha temperatura media anual de 12,6 ºC e unhas precipitacións medias anuais de 1.447 mm que chegan a ser intensas nos meses de inverno (Aldrey e Lois, 2010). Polo que respecta á rede fluvial, o concello de Boimorto está situado na Cunca do Tambre (Aldrey e Lois, 2010), discorrendo polo termo municipal os ríos Tambre, Batán, Pequeno e Iso, así como tamén os arroios Candeira, Buazo, Seixo, Rigueiro e Lagoa (Fariña, 1993). Na tipoloxía de municipios de Galicia segundo a actividade agraria, Vázquez (2007) clasificou o concello de Boimorto como un concello con *actividade principal láctea e cárnica con produtividade media (LCPM)*. Posteriormente, Corbelle e Crecente (2014) catalogaron o concello de Boimorto como *rural agrícola e gandeiro*, presentando como característica distintiva o aumento da superficie agrícola sobre outras cubertas, como mato e arborado, entre os anos 1985 e 2005.

8.1.3 Evolución e características da poboación

De acordo coa base de datos *Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842* (INE), no ano 2011 o municipio de Boimorto rexistrou a menor cifra de habitantes dos últimos 169 anos: 2.199 habitantes. A tendencia ao retroceso demográfico iniciouse a partir de 1960, data na que o municipio acadou o máximo de poboación ao rexistrar un total de 6.031 habitantes[5]. Dende entón, Boimorto emprendeu un continuo proceso de decrecemento da

[3] Á parte de ser considerado un concello da *ZPP baixa* na clasificación dos concellos galegos segundo o grao de urbanización (IGE), o municipio de Boimorto foi tamén definido como *rural* na clasificación de M. López e Santiago (2005) e máis na de Vázquez et al. (2008).

[4] Estes datos correspóndense con estimación feitas polo *Google Maps*.

[5] Aínda que o municipio, no seu conxunto, acadou a cifra máxima de habitantes no ano 1960, houbo parroquias que rexistraron o máximo de poboación en 1940 (Corneda) e en 1950 (Arceo, Buazo, Cardeiro, Dormeá, Mercurín, Rodieiros e Sendelle). Soamente tres parroquias acadaron o máximo de poboación en 1960 (Andavao, Boimorto e Brates), mentres que dúas parroquias chegaron ao máximo de poboación en 1970 (Os Ánxeles e Boimil) (Pazo e Santos, 1995).



Figura 8.1. Localización xeográfica e delimitación parroquial do concello de Boimorto.
Fonte: elaboración propia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 8.2. Evolución da poboación de Boimorto (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

poboación que persiste a día de hoxe. Segundo os datos do Padrón Municipal publicados polo IGE, no presente século a perda de habitantes foi practicamente continuada, experimentando un descenso demográfico do 18,2 % no período 2000-2015, ao pasar de 2.598 habitantes no ano 2000 a 2.125 habitantes no ano 2015[6] (figura 8.2). Se segmentamos a poboación en función da nacionalidade, no ano 2000 o 99,9 % da poboación tiña nacionalidade española e o 0,1 % tiña nacionalidade estranxeira, mentres que no ano 2015 as porcentaxes eran do 96,9 % e do 3,1 %, respectivamente[7]. Nese ano, o 43,3 % da poboación estranxeira tiña nacionalidades de países de África; o 30,0 % tiña nacionalidades de países de América, especialmente de América do Sur; e o 26,6 % tiña nacionalidades de países de Europa, principalmente de países da Unión Europea. Por países, o principal país emisor desta inmigración foi Marrocos (IGE).

A figura 8.3 permítenos apreciar a magnitude que tivo a contribución do crecemento natural e do crecemento migratorio no decrecemento demográfico que experimentou Boimorto no período 2000-2015[8]. A longo deses anos, o total de defuncións e emigracións foi sempre superior ao total de nacementos e inmigracións, pero a compoñente natural tivo unha maior contribución nos valores negativos da taxa de crecemento total. En toda a serie, houbo sete momentos nos que a taxa de crecemento migratorio foi positiva: anos 2000, 2004, 2007, 2009, 2011, 2014 e 2015. Neses anos, a taxa de inmigración foi superior á taxa de emigración, pero as entradas non foron suficientes para compensar o número de habitantes que se perderon a causa do movemento natural da poboación. Nos anos nos que a taxa de crecemento natural e máis a taxa de crecemento

[6]No ano 2019, e por primeira vez dende 1842, o tamaño da poboación municipal descendeu dos 2.000 habitantes, contabilizándose un total de 1.985 efectivos demográficos.

[7]Durante o período de estudo, o número de persoas estranxeiras pasou de 3 (ano 2000) a 30 (ano 2015), alcanzando a cifra máxima no ano 2012 (31 persoas). A partir do ano 2015, o número de persoas estranxeiras aumentou de forma paulatina e continua ata o ano 2021, cando se contabilizaron 61 persoas.

[8]Se comparamos a figura 8.2 e a figura 8.3, observamos que a taxa de crecemento total foi negativa en todos os anos do período de estudo, mentres que os datos do Padrón Municipal de habitantes reflicten un moi lixeiro incremento da poboación no ano 2015, con respecto ao 2014 (2.115 habitantes no ano 2014 e 2.125 habitantes no ano 2015). E é que, se temos en conta unicamente os valores do saldo vexetativo e do saldo migratorio, non se produciu tal incremento demográfico. Esta contradición reflicte, unha vez, os problemas de conciliación que existen entre as fontes estatísticas.



Figura 8.3. Evolución das taxas de crecemento total, crecemento natural e crecemento migratorio en Boimorto (2000-2015).

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

migratorio foron negativas (anos 2001, 2002, 2005, 2006, 2008, 2010, 2012 e 2013), os valores negativos da taxa de crecemento natural sempre foron maiores que os da taxa de crecemento migratorio, salvo no ano 2001, cando o número relativo de emigracións superou o total de inmigracións e defuncións. Chama a atención que no ano 2003 a taxa de crecemento migratorio foi do 0,0 ‰, debido ao equilibrio exacto que se produciu entre a taxa de inmigración e a taxa de emigración. Ademais, hai que destacar que no ano 2008 a taxa de crecemento migratorio acadou o valor máis baixo de toda a serie (-12,1 ‰). Nos últimos anos do período de estudo a tendencia deste indicador mudou considerablemente, ao atenuarse o número relativo de emigracións e ao aumentar o número relativo de inmigracións. Así, mentres que no período 2011-2015 os valores máximo e mínimo da taxa de crecemento migratorio oscilaron entre o 8,5 ‰ (ano 2015) e o -4,2 ‰ (ano 2013), nos anos anteriores os valores máximo e mínimo do indicador movéronse entre o 6,4 ‰ (ano 2007) e o -12,1 ‰ (ano 2008).

O decrecemento demográfico non afectou coa mesma intensidade a todas as parroquias de Boimorto. Coa excepción da parroquia de Andavao, que presentou un crecemento demográfico do 3,3 %, as restantes doce parroquias do municipio presentaron variacións da poboación negativas. As parroquias que máis habitantes perderon foron Rodieiros (-38,0 %), Dormeá (-35,0 %) e Boimil (-28,0 %), mentres que as que menos habitantes perderon foron Brates (-7,8 %), Boimorto (-8,3 %) e Mercurín (-16,3 %). De acordo cos datos do Nomenclátor (IGE), no ano 2015 o concello de Boimorto tiña un total de 115 núcleos de poboación. Destes, os máis poboados eran Boimorto (parroquia de Boimorto, 389 habitantes), Arceo (parroquia de Arceo, 169 habitantes), A Arentía (parroquia de Andavao, 95 habitantes), O Campo da Lanza (parroquia dos Ánxeles, 78 habitantes) e As Corredoiras (parroquia dos Ánxeles, 58 habitantes)[9]. Nese mesmo ano, había 11 núcleos de poboación con 5 habitantes, 3 núcleos con 4 habitantes, 6 núcleos con 3 habitantes, 5 núcleos con 2 habitantes, 7 núcleos con 1 habitante e 7 núcleos con

[9]De acordo con esta mesma fonte, no ano 2020, estes núcleos de poboación seguían sendo os máis poboados.

0 habitantes. Dito doutra maneira, o 34 % dos núcleos de poboación do concello de Boimorto (39 núcleos) tiñan 5 ou menos habitantes no ano 2015. Máis da metade destes núcleos estaban situados nas parroquias de Dormeá (36 %) e Boimorto (18 %). As únicas parroquias que no ano 2015 non tiñan ningún núcleo de poboación con 5 ou menos habitantes eran Brates, Buazo, Mercurín e Os Ánxeles[10]. A capital municipal está situada na parroquia de Boimorto e os núcleos de poboación que se atopan máis afastados desta están situados na parroquia de Rodieiros que é, xustamente, a parroquia que máis efectivos demográficos perdeu durante o período de estudo (IGE).



(a) Boimorto, 2000

(b) Boimorto, 2015

Figura 8.4. Evolución da estrutura por sexo e idade da poboación de Boimorto (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

A evolución da composición da poboación por sexo e idade a nivel municipal no período 2000-2015, pode observarse na figura 8.4. Dita figura recolle as pirámides de poboación correspondentes aos anos 2000 (figura a) e 2015 (figura b), ambas de tipo regresivo, con bases progresivamente máis estreitas que reflicten o declive da natalidade e, en xeral, cun ensanchamento tamén progresivo a medida que aumenta a idade nos grupos de poboación. As baixas porcentaxes da poboación menor de 15 anos que se observan na pirámide do ano 2000, xa deixan entrever o cambio que se produciría anos máis tarde na forma da pirámide, amosando unha forma de pirámide invertida no ano 2015. Por unha banda, polo que se refire á estrutura por idade da poboación, o grupo de idade predominante foi o de 15 a 64 anos (60,3 % no ano 2000 e 57,9 % no ano 2015), seguido do de 65 e máis anos (30,2 % no ano 2000 e 36,7 % no 2015) e do de 0 a 14 anos (9,5 % e 5,4 % nos anos 2000 e 2015, respectivamente). Como vemos, o peso porcentual dos grupos de poboación máis novos e dos grupos de idade que conforman a poboación activa atópanse en progresivo retroceso, reflectindo a tendencia contraria á experimentada polo grupo de idade de 65 e máis anos. Dito con outras palabras, no ano 2015 a poboación de 65 e máis anos case septuplicaba a poboación menor de 15 anos, o que manifesta o acusado envellecemento da poboación. En efecto, no ano 2000, o índice de envellecemento era do 319,1 %, mentres que no ano 2015 o valor do indicador xa se duplicara, situándose en 684,2 %. É dicir, por cada 100 persoas de menores de 15 anos, había 319 persoas de 65 e máis anos no

[10] De acordo con esta mesma fonte, no ano 2020, os núcleos de poboación con 5 ou menos habitantes ascendían a 43. Os Ánxeles e Buazo eran as únicas parroquias que se mantiñan sen ningún núcleo de poboación con 5 ou menos habitantes.

ano 2000 e 684 persoas de 65 e máis anos no ano 2015. E, á inversa, o índice de xuventude revela que por cada 100 persoas de 65 e máis anos, había 31 persoas menores de 15 anos no ano 2000 e 14 persoas menores de 15 anos no ano 2015 (concretamente, os valores foron do 31,3 % e do 14,6 %, respectivamente). Como é lóxico, o índice de sobreenvellecemento tamén se incrementou ao longo do período de estudo, pasando do 11,1 % (ano 2000) ao 22,7 % (ano 2015). E o mesmo ocorreu co índice de dependencia global, que no ano 2000 era do 65,8 % e no último ano da serie ascendera ao 72,6 %. Nesa data, no 2015, o índice de dependencia xuvenil era 9,3 %, mentres que o índice de dependencia senil era do 63,4 %. Isto significa que no ano 2015, por cada 100 persoas en idade activa había 72 persoas en idade inactiva, 9 delas menores de 15 anos as 63 restantes de 65 e máis anos. Así pois, durante o período de estudo a idade media da poboación de Boimorto ascendeu dende os 47,3 anos aos 53,9 anos. Tanto no ano 2000 como no ano 2015, a idade media da poboación feminina foi máis elevada que a da poboación masculina (49,3 anos as mulleres e 45,4 anos os homes no ano 2000 e 55,0 as mulleres e 52,8 os homes no ano 2015), pero o incremento do valor do indicador neses anos foi maior na poboación masculina que na feminina (7,4 anos nos homes e 5,7 anos nas mulleres). Por outra banda, en canto á composición por sexo da poboación, cómpre dicir que se mantivo bastante equitativa a nivel global, cun lixeiro predominio dos homes, máis marcado no último ano do período (50,2 % os homes e 49,8 % as mulleres no ano 2000 e 51,2 % os homes e 48,8 % as mulleres no ano 2015). Paralelamente, o índice de masculinidade tamén aumentou, pasando de 100,6 % no ano 2000 a 105,1 % no ano 2015. Non obstante, este dato agocha os grandes desequilibrios que se produciron na estrutura por sexo da poboación de Boimorto en determinadas franxas de idade, desequilibrios que se intensificaron no transcurso do período de estudo (táboa 8.1). No ano 2000, a composición por sexo da poboación estivo bastante equilibrada nos grupos de idade comprendidos entre os 0 e os 29 anos, coa excepción do grupo de idade de 10 a 14 anos, no que o índice de masculinidade foi do 119,6 %. Os maiores desequilibrios rexistráronse nos grupos de idade comprendidos entre os 30 e os 49 anos, con índices de masculinidade que alcanzaron o 244,4 % (grupo de 40 a 44 anos). No grupo de idade de 55 a 59 anos e máis nos posteriores, os valores do indicador mantivéronse inferiores ao 100 %, descendendo progresivamente dende o 86,1 % (grupo de 60 a 64 anos) ata o 58,2 % (grupo de 85 e máis anos). No último ano do período de estudo, no 2015, as desigualdades entre sexos son notables en todos os grupos de idade, coa excepción do grupo de 65-69 anos (100,0 %). Quizais un dos datos máis relevante sexa que a masculinización estendeuse a máis grupos de idade da poboación activa. Se no grupo de idade de 25 a 29 anos o índice de masculinidade era do 102,1 % no ano 2000, no 2015 alcanzou o 134,1 %. E o mesmo aconteceu nos grupos de idade de 55 a 59 anos e de 60 a 64 anos, que pasaron de ter índices de masculinidade do 74,6 % e do 86,1 %, a rexistrar valores do 214,0 % e de 139,2 %, respectivamente. De feito, se no ano 2000 o grupo de idade máis masculinizado era o de 40 a 44 anos, no ano 2015 o grupo de idade máis masculinizado pasou a ser o de 55-59 anos, que, en realidade, trátase da mesma xeración de persoas, as nacidas entre os anos 1956 e 1960. Con este pano de fondo, se nos centramos na poboación activa, a porcentaxe sobre o total da poboación experimentou unha redución durante o período de estudo, pero a proporción de homes en idade activa aumentou (64,4 % no ano 2000 e 65,2 % no 2015), mentres que á proporción de mulleres nese mesmo grupo de idade diminuíu en maior medida (56,2 % no ano 2000 e 50,3 % no 2015). Estas estruturas demográficas que acabamos de describir son consecuencia dos acontecementos producidos no século XX e descritos na sección 6.1, especialmente consecuencia dos procesos de éxodo rural[11] (Aldrey,

[11] A pirámide de poboación de Boimorto correspondente ao ano 2000 é moi similar á descrita por Rico e

Grupo de idade	Indice masculinidade 2000	Índice masculinidade 2015
0-4	100,0	92,9
5-9	102,3	94,7
10-14	119,6	78,6
15-19	100,0	73,7
20-24	102,4	104,4
25-29	102,1	134,1
30-34	147,4	106,7
35-39	123,3	147,6
40-44	244,4	121,7
45-49	126,5	175,0
50-54	105,1	127,9
55-59	74,6	214,0
60-64	86,1	139,2
65-69	80,6	100,0
70-74	78,3	72,2
75-79	75,3	94,2
80-84	71,0	63,6
85 e máis	58,2	48,7
Total	100,6	105,1

Táboa 8.1. Evolución do índice de masculinidade en Boimorto (2000-2015).
Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

2006). Neste sentido, destacan de forma particular os grandes entrantes que se aprecian nas franxas de idade correspondentes ás persoas nacidas entre os anos 1941 e 1955, así como tamén na franxa de idade correspondente ás mulleres nacidas entre 1956 e 1960. E é que, ao igual que aconteceu noutros municipios rurais, Boimorto rexistrou a cifra máxima de poboación no ano 1960 e posteriormente iniciou un retroceso demográfico que se agravou especialmente dende a década dos anos oitenta do século pasado, tal e como reflicten os datos das *Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842* (INE): 6.031 habitantes no ano 1960; 5.621 habitantes no ano 1970; 3.464 habitantes no ano 1981; 2.999 habitantes no ano 1991; 2.522 habitantes no ano 2001; e 2.199 habitantes no ano 2011.

En relación ao *cluster 2*, que é o cluster ao que pertence o concello de Boimorto, a porcentaxe de poboación deste municipio sobre a poboación total do conglomerado mantívose no 0,7 % nos anos 2000 e 2015. A variación porcentual que experimentou a poboación de Boimorto durante o período de estudo superou lixeiramente a do conglomerado e superou tamén, en maior medida, a media das áreas rurais (-18,2 % en Boimorto, -17,7 % no conglomerado e -13,8 % nas áreas rurais). Na táboa 8.2 recóllense os principais indicadores de crecemento e estrutura da poboación para Boimorto, o *cluster 2* e a ZPP, correspondentes ao ano 2015. Como podemos observar, aínda que a taxa de crecemento total foi negativa nos tres casos, en Boimorto (-9,9 ‰) a caída da poboación non chegou a ser tan intensa como no conxunto do *cluster 2* (-17 ‰) ou

Gómez (2003) para a poboación rural de Castela e León nesa mesma data, que reflicte «os profundos e graves problemas que atravesan os municipios de menos de 2.000 habitantes desta Comunidade Autónoma» (p. 158). As semellanzas entre ambas pirámides de poboación dan conta, unha vez máis, das problemáticas comúns ás que se veñen enfrontando dende hai décadas moitas áreas rurais no contexto español.

como no conxunto da ZPP (-15,5 ‰). Isto debeuse a que o valor da taxa de crecemento migratorio atenuou a perda efectivos demográficos, xa que a diferenza do que aconteceu no conxunto do cluster e no conxunto da ZZP, en Boimorto rexistrouse unha taxa de crecemento migratorio de signo positivo (8,5 ‰ en Boimorto, -4,4 ‰ no *cluster 2* e -3,7 ‰ nas áreas rurais). E é que, se ben os valores da taxa bruta de inmigración non mostraron grandes diferenzas, no ano 2015 a taxa bruta de emigración en Boimorto (18,9 ‰) situouse 12,4 puntos relativos por debaixo do valor medio do indicador para o *cluster 2* e 15 puntos por debaixo do valor medio para as áreas rurais. Polo que se refire á estrutura por sexo da poboación, a proporción de masculinidade foi lixeiramente superior en Boimorto, ao igual que o índice de masculinidade global. Neste caso, mentres que no conxunto do *cluster 2* e no conxunto da ZPP por cada 100 mulleres había 97 homes, en Boimorto por cada 100 mulleres había 105 homes. Pero onde se aprecian maiores diferenzas é, quizais, na estrutura da poboación. A análise do peso porcentual dos tres grandes grupos de idade sobre o total da poboación xa reflicte o maior envellecemento demográfico de Boimorto, en comparación co conxunto do *cluster 2* e co conxunto da ZPP. Así o evidencian tamén os valores do índice de xuventude e, sobre todo, os valores do índice de envellecemento. Pois, se no ano 2015 no conxunto das áreas rurais había 359 persoas de 65 e máis anos por cada 100 persoas menores de 15 anos, a relación de persoas de 65 anos e máis ascendeu a 448 no conxunto do *cluster 2* e a 684 no concello de Boimorto. Neste contexto, os valores do índice de dependencia global non presentaron grandes diferenzas entre estas tres áreas, pero se o desagregamos e analizamos a dependencia xuvenil e a dependencia senil, apreciamos notables contrastes, derivados do maior envellecemento demográfico de Boimorto fronte ao conxunto do *cluster 2* e da ZPP.

Finalmente, en canto á estrutura socioprofesional da poboación de Boimorto, os datos de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral publicados polo IGE indican que no ano 2015 o 31,4 % da poboación estaba empregada na agricultura, o 7,5 % estaba ocupada na industria, o 10,1 % estaba afiliada no sector construción e o 51 % estaba empregada no sector servizos. Se ben o sector servizos era no que estaba empregada máis da metade da poboación activa nesa data, a orientación agrogandeira deste municipio reflíctese na elevada porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura, que superou en 10,3 puntos a media do cluster 2 (21,1 %) e en 15,8 puntos a media das áreas rurais (15,6 %). Estas diferenzas reducíronse no ano 2015 con respecto ao ano 2003, xa que nesta data a porcentaxe de poboación de Boimorto empregada no sector da agricultura ascendía ao 51,1 %, mentres que no cluster 2 era do 38,1 % e nas áreas rurais era do 30,6 %. Con esta elevada cifra, a taxa de variación da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura no período 2003-2015 foi do -19,7 % en Boimorto, un valor máis elevado que o do conxunto do cluster 2 (-16,9 %) e o do conxunto das áreas rurais (-14,9 %). O impacto da crise de 2008 tamén se deixou sentir no incremento da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos, que pasou do 6,9 % no ano 2008 ao 9,9 % no ano 2015. Nese último ano, a taxa de paro na poboación de 16 a 34 foi do 9,5 %, logo de experimentar un aumento de 1,9 puntos porcentuais con respecto ao valor que mostrou o indicador no ano 2008. En calquera caso, as taxas de variación das taxas de paro nestes dous grupos de poboación foron notablemente inferiores aos valores medios rexistrados no cluster 2 e no conxunto das áreas rurais. Á parte, cómpre destacar que no ano 2014 o valor medio do PIB/km^2 municipal en Boimorto foi superior ao do cluster 2 e ao da ZPP (483,5 k€ en Boimorto, 426,2 k€ no cluster 2 e 326,5 k€ na ZPP). Así mesmo, no ano 2015, a renda bruta dispoñible por habitante no concello de Boimorto foi de 10.855 €, unha cifra similar á media das áreas rurais e 62 € máis elevada que a media do cluster 2 (10.793 € no cluster 2 e 10.853 € na ZPP) (IGE) (táboa

	Boimorto 2015	Cluster 2 2015	Total ZPP 2015
Poboación (nº habitantes)	2.125	312.310	746.769
Proporción de feminidade (%)	48,8	50,6	50,7
Proporción de masculinidade (%)	51,2	49,4	49,3
Porcentaxe de poboación de 0 a 14 anos (%)	5,6	8,2	9,4
Porcentaxe de poboación de 15 a 64 anos (%)	57,6	57,7	58,9
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos (%)	36,7	34,2	31,7
Índice de masculinidade	105,1	97,6	97,1
Índice de xuventude (%)	14,6	22,3	27,8
Índice de envellecemento (%)	684,2	448,8	359,6
Índice de sobreenvellecemento (%)	22,7	20,0	18,8
Índice de dependecia global (%)	72,6	71,8	68,1
Índice de dependencia xuvenil (%)	9,3	13,1	14,8
Índice de dependencia senil (%)	63,4	58,7	53,3
Taxa bruta de natalidade (‰)	5,2	4,8	5,3
Taxa bruta de mortalidade (‰)	23,6	17,4	16,0
Taxa bruta de emigración (‰)	18,9	31,3	33,9
Taxa bruta de inmigración (‰)	27,4	26,9	30,2
Taxa de crecemento natural (‰)	-18,4	-12,6	-10,7
Taxa de crecemento migratorio (‰)	8,5	-4,4	-3,7
Taxa de crecemento total (‰)	-9,9	-17,0	-14,5

Táboa 8.2. Principais indicadores de crecemento e estrutura da poboación en Boimorto, no *cluster 2* e na ZPP, no ano 2015.

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

8.3).

	Boimorto	Cluster 2	Total ZPP
PIB/Km^2 (ano 2014)	483,5	426,2	326,5
Renda dispoñible bruta por habitante (ano 2015)	10.855	10.793	10.853
Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura (ano 2003)	51,1	38,1	30,6
Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura (ano 2015)	31,4	21,1	15,6
Taxa de variación da porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social no sector da agricultura (2003-2015)	-19,7	-16,9	-14,9
Taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos (ano 2008)	6,9	7,2	8,0
Taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos (ano 2015)	9,9	12,2	13,3
Taxa de variación da taxa de paro na poboación de 16 a 64 anos (2008-2015)	3,0	5,1	5,3
Taxa de paro na poboación de 16 a 34 anos (ano 2008)	7,6	6,5	6,9
Taxa de paro na poboación de 16 a 34 anos (ano 2015)	9,5	10,9	11,5
Taxa de variación da taxa de paro na poboación de 16 a 34 anos (2008-2015)	1,9	4,4	4,6

Táboa 8.3. Principais indicadores económicos e sociolaborais en Boimorto, no *cluster 2* e na ZPP durante o período de estudo.

Fonte: elaboración propia a partir do IGE.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.1.4 Tipoloxía das vivendas

De acordo cos datos do Censo de vivendas (IGE), no ano 2001 había un total de 1.093 vivendas familiares no municipio de Boimorto. Destas, o 74,7 % eran vivendas principais, o 13,7 % eran vivendas secundarias e o 11,6 % estaban baleiras. Dez anos máis tarde, no ano 2011, a porcentaxe de vivendas principais descendera 12,2 puntos, representando o 62,5 % do total de vivendas familiares. Así mesmo, o número relativo de vivendas baleiras tamén descendeu (6,1 %), pero a porcentaxe de vivendas secundarias incrementouse ata situarse no 31,3 %.

8.1.5 Infraestruturas territoriais

No tocante ás infraestruturas territoriais, cinguímonos unicamente á descrición das infraestruturas de transporte e de telecomunicacións, por ser as máis relevantes para os nosos propósitos; pois constitúen potenciais indicadores de relacións económicas e sociais de vital importancia no medio rural (Armas, 2009; Bjarnason e Thorlindsson, 2006; Cores, 1973).

a) Infraestruturas de transporte

   Como principais vías de comunicación terrestre que atravesan o territorio de Boimorto destacan, en primeiro lugar, a *AC-234* (dende Arzúa, atravesa as parroquias de Boimorto, Boimil e Os Ánxeles) e a *AC-840* (dende Melide, atravesa as parroquias de Corneda, Dormeá, Os Ánxeles, Boimil e Andavao). Ambas estradas conectan o concello de Boimorto coa *N-547*, que une Santiago de Compostela e Lugo. En segundo lugar, destacan as estradas *AC-934* e *DP-1004*. A primeira delas conecta Boimorto con Sobrado dende o chamado *Cruce das Corredoiras*, situado na parroquia dos Ánxeles, mentres que a segunda conecta Boimorto coa comarca de Ordes. En terceiro lugar, hai que salientar a estrada *CP-0603*, que, partindo do núcleo de Boimorto, conecta co concello de Arzúa. E en cuarto e último lugar, cómpre destacar a estrada *DP-1001*, que nace nunha intersección coa estrada *AC-234*, a menos de tres quilómetros antes do núcleo de Boimorto, na fronteira dos municipios de Arzúa e Boimorto. Esta estrada conecta o sueste da parroquia de Boimorto coas parroquias de Dormeá e Os Ánxeles, onde chega ao seu fin na *AC-840*, a 300 metros do *Cruce das Corredoiras*. A pesar de que por Boimorto non cruza ningunha estrada nacional, debemos recalcar a importancia que ten para o municipio a confluencia das vías *AC-234*, *AC-934* e —moi especialmente— *AC-840* neste *Cruce das Corredoiras*, na parroquia dos Ánxeles. Pois esta última estrada conecta a zona centro de Galicia coa zona norte, polo que o *Cruce das Corredoiras* é un paso obrigado —e supón o camiño máis curto e tamén o máis rápido— para todas aquelas persoas que necesiten ir á Coruña dende Melide, Santiso, Agolada e, incluso, dende lugares máis afastados como Antas da Ulla, Monterroso, Lalín ou Rodeiro[12]. O dinamismo que implica esta confluencia de estradas no *Cruce das Corredoiras* tamén se reflicte a nivel demográfico, xa que As Corredoiras é un dos núcleos máis poboados do concello de Boimorto. Completan a rede viaria deste municipio outras estradas de carácter local e de gran importancia, debido, entre outros aspectos, á dispersión da poboación. Á parte da rede de estradas descrita, tamén debemos destacar o paso do Camiño Norte a Santiago polo municipio de Boimorto. Despois do Camiño Francés e do Camiño Portugués, o Camiño Norte é o itinerario que máis peregrinos recibe. Por esta razón, non debemos esquecer a súa potencialidade como ferramenta para a promoción do desenvolvemento territorial, sobre

[12]Estes datos correspóndense con estimación feitas polo *Google Maps*.

todo para aqueles territorios que, como Boimorto, presentan dificultades para fixar dinámicas demográficas e económicas (Toxo-Asorei e Gusman, 2018). Finalmente, polo que se refire ao transporte aéreo e por ferrocarril, o aeroporto máis próximo a Boimorto é o de Santiago de Compostela, mentres que a estación de tren máis próxima é a que está situada no concello de Curtis. Dende este punto, existe conexión directa por tren coa cidade da Coruña.

b) Infraestruturas de telecomunicacións

Por unha banda, en canto ao funcionamento da telefonía móbil, unha das persoas consultadas en calidade de informante clave comunicounos que —en xeral— o nivel de cobertura móbil é bo en todo o termo municipal, aínda que destacou a existencia de determinadas zonas nas parroquias de Buazo, Corneda e Rodieiros nas que a cobertura é menor. Por outra banda, polo que respecta á conexión a Internet, soamente a parroquia de Boimorto contaba con fibra óptica ao inicio do noso estudo, aínda que dende o Concello comunicáronos que estaban traballando para estender o acceso a Internet mediante fibra óptima ao resto das parroquias do municipio. De feito, durante a realización do noso traballo de campo, unha das persoas entrevistadas residente nunha das parroquias máis afastadas da cabeceira municipal, confirmounos a instalación recente deste servizo no seu fogar.

8.1.6 Equipamento urbano

A continuación, listamos as principais instalacións e espazos de uso público que hai actualmente en Boimorto. A práctica totalidade destas instalacións e espazos están concentrados na capital municipal.

- Casa consistorial
- Xulgado de paz
- Cartel da Garda Civil
- Centro de saúde
- Centro público de educación infantil, primaria e secundaria (*C.P.I. Armando Cotarelo*)
- Punto de atención á infancia (gardería municipal)
- *Miniresidencia* de maiores (38 prazas)
- Centro de día municipal (30 prazas)
- Centro social municipal de maiores con ximnasio adaptado, aula de informática e salón recreativo
- Casa da cultura
- Biblioteca pública
- Aula de informática
- Oficina municipal de información xuvenil (O.M.I.X.)
- Parque infantil
- Piscina pública

- Pavillón polideportivo con pistas de fútbol sala, baloncesto e bádminton
- Campo de fútbol *O Carballal*
- Pista de pádel
- Pista de tenis
- Pistas deportivas descubertas de fútbol sala e baloncesto
- Locais sociais nas parroquias (11)
- Áreas recreativas (2)
- Ruta de sendeirismo (*Ruta da Telleira*)
- Albergue público
- Oficina de turismo
- Oficina de Correos
- Punto limpo móbil
- Autobús municipal

8.1.7 Oferta de servizos

De seguido, listamos os principais servizos de carácter público e privado cos que conta a veciñanza de Boimorto actualmente. Cómpre ter presente que algúns destes servizos víronse temporalmente interrompidos debido á pandemia da COVID-19, polo que, no momento de realización deste estudo, aínda non se restablecera toda a oferta existente na época de prepandemia. Hai que destacar que, como a meirande parte das instalacións e espazos que acollen a prestación de servizos no ámbito municipal están concentrados na capital municipal, para a poboación menor de 65 anos resulta imprescindible dispoñer de transporte privado para poder acceder aos mesmos. Pois, como veremos, a poboación de 65 e máis anos dispón dun servizo gratuíto de transporte intramunicipal.

a) Servizos ofertados dende o concello

   – Servizos de atención a persoas dependentes ofertados na *miniresidencia* e centro de día municipal: servizo médico, servizo de ATS, servizo de terapia ocupacional, atención social e psicolóxica, atención ás familias, fisioterapia, podoloxía, salón de peiteado, lavandería, servizo de aseo especial, servizo de comedor para as persoas usuarias do centro de día, actividades de apoio e prevención das capacidades funcionais, programas de mantemento e reeducación funcional, programa de psicoestimulación para a prevención das alteracións cognitivas e para a atención ás persoas con demencia e programa de crecemento persoal e mantemento das habilidades.

   – Servizos socioculturais para a poboación maior ofertados no centro social de maiores. O centro social de maiores funciona durante todo o ano de luns a venres en horario de mañá, salvo no mes de agosto, que permanece pechado. As persoas maiores do concello dispoñen deste espazo de reunión e ocio, onde dispoñen dun programa de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

actividades variadas (ximnasia, manualidades, estimulación cognitiva, teatro...). Ademais, as persoas usuarias do centro de maiores tamén poden beneficiase dos servizos de fisioterapia, podoloxía e comedor ofertados nas instalacións da *miniresidencia* e centro de día.

- Servizo diario de transporte intramunicipal dirixido á poboación de 65 anos e máis e tamén a persoas doutras idades que sexan pensionistas da Seguridade Social. O concello dispón dun autobús que pasa diariamente por todas as parroquias para facilitarlle á poboación maior o desprazamento á capital municipal, que é onde están concentrados os servizos sanitarios e a oferta de servizos e actividades orientadas a este segmento da poboación. Este servizo de transporte gratuíto, que fai o recorrido de ida e volta ata e dende o centro social municipal de maiores, funciona en horario de mañá, para adaptarse aos horarios de atención médica e dos servizos e actividades anteriormente descritas.
- Servizos de dinamización sociocultural e promoción do deporte destinados ao conxunto da poboación. Estes servizos comprenden a programación de diferentes actividades realizadas ao longo de todo o ano, algunhas dirixidas a grupos de idade específicos e outras orientadas a persoas de todas as idades. En primeiro lugar, destaca o programa de actividades deportivas e culturais extraescolares dirixidas ao alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. As actividades ofértanse gratuitamente de outubro a maio en horario de tarde e réxense polo horario escolar. Esta oferta de actividades inclúe bádminton, fútbol sala, patinaxe, multideporte, dramatización, lóxica matemática, música, animación á lectura e igualdade, entre outras. En segundo lugar, destaca a organización de actividades físicas para persoas adultas nas parroquias. Pois, á parte das actividades físicas ofertadas na *miniresidencia*, no centro de día municipal e no centro social de maiores dirixidas á poboación maior, a oferta de actividades deportivas para persoas adultas inclúe ximnasia de mantemento nas parroquias. Por último, cómpre salientar tamén a organización de actividades de carácter puntual realizadas anualmente, como campamentos de verán para nenos e nenas de 3 a 12 anos, obradoiros de postais e adornos de Nadal, certame de cantares de Reis, cabalgata de Reis, actividades relacionadas Entroido, actividades relacionadas co Día das Letras Galegas, convocatorias de premios, actividades enmarcadas na programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña, o Festival da Luz, a Feira de Maquinaria Agrícola e Produtos Ecolóxicos (MAGRECO), etc.
- Outros servizos. Dentro da variada oferta de servizos de atención a persoas dependentes, tamén hai que mencionar o servizo municipal de axuda no fogar. Ademais, o concello conta tamén cun punto de atención á infancia e unha *bebeteka*. Á parte, tamén hai que destacar a existencia de determinados servizos de carácter mensual, relacionados co comercio e coa preservación do medio ambiente, tales como a celebración da feira mensual e a recollida mensual a domicilio de plásticos agrícolas e trastos.

b) Servizos ofertados dende o ámbito privado. En canto á oferta de servizos de carácter privado que podemos atopar en Boimorto, destacamos os seguintes: farmacia, tanatorio, oficinas bancarias, estación de servizo, taxi, pensións, apartamentos turísticos, albergues, aloxamentos de turismo rural, tendas de alimentación (supermercados, peixerías, froiterías e panaderías), bares, cafeterías, restaurantes, salóns de peiteado, barbería, estanco, bazar, mer-

USC DE SANTIAGO

cerías, librería-papelería, ferretería, talleres de reparación de vehículos e bicicletas e servizo veterinario. Se ben esta oferta de servizos é variada, a área de influencia dos concellos de Arzúa e Melide abrangue o concello de Boimorto. Ademais de ser os tres limítrofes, Arzúa e Melide son os concellos con máis de 5.000 habitantes máis próximos a Boimorto, ambos cabeceiras comarcais. Polo tanto, dispoñen dunha gama máis ampla de equipamentos e servizos —principalmente no eido comercial e educativo— que resulta atractiva para a poboación de Boimorto. A este respecto, unha das persoas consultadas como informante clave comentou o seguinte:

> «O gasto máis importante que temos vivindo aquí é o dos desprazamentos en coche, porque en Boimorto non temos todo o que necesitamos. Temos que ir a Arzúa, a Arca [O Pino] ou a Melide. Os que viven nas parroquias máis próximas a Arzúa, como Brates, Buazo, Cardeiro, Boimil e Sendelle, case fan máis vida en Arzúa que en Boimorto. É dicir, teñen o médico e o banco en Boimorto, pero para o resto de cousas normalmente van a Arzúa, porque xa teñen alí todo (xestoría, dentista...) e hai máis variedade. E os que viven nas parroquias máis próximas a Melide, como Corneda, Rodieiros ou Dormeá, fan máis vida cara a Melide. Moita xente desas parroquias xa ten o médico aló e todo, polo que xa non ten a que vir ao centro de Boimorto, a non ser que veñan ao tanatorio».

c) Servizos educativos ofertados no *C.P.I. Armando Cotarelo*. O centro de ensino público *Armando Cotarelo* presta servizos de ensinanza obrigatoria á poboación de Boimorto. Non obstante, o alumnado dos cursos de Educación Secundaria Obrigatoria non só procede de Boimorto, senón tamén dos municipios limítrofes de Vilasantar e Sobrado, ao ser este o centro de Educación Secundaria Obrigatoria adscrito a estes tres municipios. Unha vez finalizada a ESO, as persoas que desexan continuar a formación regrada, teñen que desprazarse fóra do concello. Os centros educativos máis próximos a Boimorto que ofrecen Bacharelato e ciclos medios e superiores de Formación Profesional están situados en Arzúa, Curtis e Melide, mentres que os centros universitarios máis próximos atópanse nas cidades de Santiago e A Coruña. Ademais, cómpre destacar, que non existe actualmente ningunha escola unitaria en funcionamento en todo o termo municipal.

d) Transporte público por estrada. Existen diferentes liñas de transporte regular que conectan as principais vilas e cidades galegas, con paradas no termo municipal de Boimorto. En primeiro lugar, a empresa *Arriva* dispón de liñas de transporte regular que conectan as cidades da Coruña e Ourense e máis as vilas de Lalín e Betanzos. En segundo lugar, a empresa *Monbus* dispón de liñas de transporte regular entre Santiago e Sobrado. E, en terceiro lugar, a empresa *Autos Grabanxa* dispón de liñas de transporte regular entre os concellos de Boimorto e Ordes. Estes servizos permiten que a poboación de Boimorto poida desprazarse non só aos lugares mencionados, senón tamén a outros concellos galegos polos que transcorren esas rutas, destacando a conexión cos concellos limítrofes máis importantes no relativo ás funcións educativas e comerciais, é dicir, Arzúa, Curtis e Melide.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 8.5. Número de asociacións segundo tipo de asociación no municipio de Boimorto.
Fonte: elaboración propia a partir dos datos do *Rexistro de Asociacións* da Xunta de Galicia.

8.1.8 Rede asociativa

Segundo a información dispoñible no *Rexistro de Asociacións* da Xunta de Galicia[13], no concello de Boimorto hai actualmente 28 asociacións dadas de alta[14]. Destas, o 14,3 % foron creadas entre finais da década de 1970 e finais da década de 1990; o 67,8 % foron creadas no período 2000-2015; e o restante 17,9 % das asociacións foron creadas entre o ano 2016 e o 2021. As asociacións constituídas a finais do século XX foron asociacións de nais e pais de alumnos, musicais, de cazadores e de veciños. Co inicio do século XXI, proliferou a creación de asociacións culturais e creáronse tamén máis asociacións veciñais. Pero dende o ano 2010, apreciouse unha maior diversificación dos tipos de asociacións que ían xurdindo, ao crearse asociacións xuvenís, de mulleres rurais, asistenciais e de protección de animais e plantas. En canto ao ámbito xeográfico de actuación, o 85,7 % das asociacións son de ámbito provincial, mentres que o 14,3 % son de ámbito autonómico. Como podemos observar na figura 8.5, as asociacións de propietarios e veciños son as máis numerosas, seguidas das asociacións culturais. Non obstante, a pesar de que en termos cuantitativos o número de asociacións dadas de alta no *Rexistro de Asociacións* é importante, non dispoñemos de información suficiente para poder realizar unha valoración cualitativa do tecido asociativo de Boimorto, á parte de que excedería os propósitos deste estudo. O que si que debemos destacar é que algunha das persoas consultadas como informante clave sinalou a existencia de numerosas asociacións que, na práctica, non están activas.

8.2 A emigración da poboación moza no concello de Boimorto

Os resultados que se presentan nesta sección son froito da análise das entrevistas realizadas a persoas orixinarias de Boimorto comprendidas entre os 18 e os 34 anos (táboa 8.4), ademais da análise dos cuestionarios de preguntas abertas administrados a persoas de 16 e 17 anos. Este colectivo de persoas que definimos como *poboación moza* correspóndese con persoas nacidas

[13]https://abertos.xunta.gal/catalogo/administracion-publica/-/dataset/0050/rexistro-asociacions
[14]Os datos foron consultados o 30/05/2022.

entre os anos 1988 e 2006, polo que agrupa a mozos e mozas que se atopan en momentos diferentes da vida no relativo aos seus estudos e á súa situación laboral: persoas que están finalizando os estudos de ensinanza obrigatoria, persoas que están realizando estudos post-obrigatorios, persoas que completaron a formación secundaria e/ou superior e que se incorporaron ao mercado de traballo, persoas ocupadas, persoas desocupadas, persoas que compaxinan estudos cun emprego por conta allea, persoas que compaxinan estudos ou un emprego por conta allea coa colaboración en tarefas vinculadas ás explotacións gandeiras familiares, persoas ocupadas ou desempregadas que preparan unha oposición, etc. Como se deriva do apuntado na sección anterior, todos estes mozos e mozas teñen en común o feito de nacer e medrar nun municipio rural que se atopa inmerso nun proceso de continuo declive demográfico que foi iniciado na segunda metade do século pasado. Estas persoas forman parte de xeracións cada vez menos numerosas e medraron nun contexto de crecente redución da natalidade e crecente envellecemento demográfico. Ademais, tamén viviron a intensa redución que experimentou o volume de poboación municipal empregada no sector da agricultura, aínda que no ano 2015 este sector seguía tendo en Boimorto un peso moi superior ao da media das áreas rurais galegas. De feito, o vínculo das persoas entrevistadas co sector agrario continúa sendo importante a día de hoxe[15]. Como veremos ao longo das seguintes páxinas, todos estes aspectos marcaron a infancia da maioría das persoas entrevistadas, condicionando tamén as traxectorias vitais e laborais dalgunhas delas.

Como mencionamos no capítulo correspondente aos aspectos metodolóxicos desta investigación, realizamos unha *análise temática* do contido das entrevistas (Olaz, 2008), seguindo este mesmo procedemento na análise dos cuestionarios[16]. A concatenación dos temas tal e como os expoñemos aquí responde á lóxica do ciclo da vida. Desta maneira, comezamos abordando as cuestións relativas á forma de vida no rural ata o momento no que as traxectorias de vida dos e das adolescentes comezan a bifurcase. Posteriormente, centrámonos nas diferentes eleccións de vida e finalizamos a exposición co tratamento dos temas relativos ás expectativas de futuro en relación co lugar de orixe. Na táboa 8.4 poden consultarse os datos básicos dos perfís das trinta e sete persoas entrevistas. No caso das trece persoas adolescentes menores de idade consultadas mediante cuestionario de preguntas, catro estaban cursando a ESO e nove estaban realizando ou estudos de Bacharelato, ou estudos de FP de Grao Medio. Estas trece persoas eran non migrantes.

[15]No momento da entrevista, catro persoas afirmaron que durante a súa infancia e/ou adolescencia as súas familias tiveran explotacións gandeiras (entrevistas 1, 4, 26 e 36), mentres que dezaseis persoas afirmaron que as súas familias tiñan explotacións gandeiras en activo (entrevistas 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 30 e 31). Desas persoas, dúas delas traballaban nas explotacións familiares (entrevistas 2 e 23) e outras seis afirmaron compatibilizar estudos ou empregos por conta allea coas tarefas da explotación familiar (entrevistas 3, 6, 7, 9, 10 e 31). Deixando a un lado a gandería e exceptuando as persoas que se atopaban residindo fóra de Galicia, en xeral, as restantes persoas seguían conservando algún tipo de vínculo co traballo da terra no seu lugar de orixe, aínda que con diferentes graos de participación en función do seu lugar de residencia e da súa dispoñibilidade.

[16]Lembramos que os cuestionarios de preguntas abertas están baseados no guión de entrevista a persoas non migrantes e a razóns do seu uso debeuse ás dificultades que se nos presentaron á hora de poder entrevistar á poboación menor de idade. A finalidade dos cuestionarios foi similar á das entrevistas, aínda que neste caso, polas características do instrumento de recollida de información, a información obtida foi máis limitada. O tratamento das respostas realizouse seguindo o mesmo procedemento de *análise temática*.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Número de entrevista	Sexo	Grupo de idade	Nivel de estudos / Estudos en curso	Perfil	Tipo de emigración	Residencia en Boimorto no momento da entrevista	Situación laboral no momento da entrevista
1	Home	25-29	ESO	Non migrante	-	Si	Ocupado
2	Muller	30-34	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Si	Ocupada
3	Muller	25-29	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Ocupada
4	Muller	30-34	Universitarios	Migrante	Interna	Si	Ocupada
5	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Ocupada
6	Home	30-34	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Ocupado
7	Home	25-29	FP Grao Superior	Migrante	Interna	Non	Ocupado
8	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna	Si	Ocupada
9	Home	30-34	Universitarios	Migrante	Interna	Si	Ocupado
10	Home	30-34	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Ocupado
11	Muller	30-34	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Non	Ocupada
12	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Non	Ocupada
13	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna e externa a outra C.A. e ao estranxeiro	Non	Ocupada
14	Home	25-29	Universitarios	Migrante	Interna e externa a outra C.A. e ao estranxeiro	Non	Ocupado
15	Muller	20-24	FP Grao Superior	Migrante	Interna	-	Estudante
16	Muller	20-24	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Ocupada/Estudante
17	Muller	20-24	Universitarios	Migrante	Interna e externa a outra C.A.	-	Ocupada
18	Muller	20-24	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Estudante
19	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Ocupada
20	Muller	25-29	FP Grao Superior	Migrante	Interna	Non	Ocupada
21	Muller	25-29	FP Grao Superior	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Non	Ocupada
22	Muller	20-24	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Ocupada
23	Home	25-29	ESO	Non migrante	-	Si	Ocupado
24	Muller	30-34	Universitarios	Migrante	Interna e externa a outra C.A. e ao estranxeiro	Non	Ocupada
25	Muller	25-29	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Si	Desocupada
26	Muller	20-24	FP Grao Medio	Migrante	Interna	-	Ocupada
27	Home	20-24	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Ocupado
28	Home	30-34	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Si	Desocupado
29	Muller	18-19	FP Grao Superior	Migrante	Interna	Non	Estudante
30	Muller	30-34	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Ocupada
31	Home	25-29	Universitarios	Migrante	Interna	Non	Estudante
32	Home	25-29	FP Grao Superior	Migrante	Interna	Non	Ocupado
33	Muller	20-24	Universitarios	Migrante	Interna e externa ao estranxeiro	Non	Ocupada/Estudante
34	Home	30-34	ESO	Migrante	Interna	Non	Ocupado
35	Home	20-24	Universitarios	Migrante	Interna	Si	Estudante
36	Home	25-29	ESO	Non migrante	-	Si	Ocupado
37	Home	25-29	FP Grao Medio	Non migrante	-	Si	Ocupado

Táboa 8.4. Características principais das persoas entrevistadas no concello de Boimorto.

USC DE COMPOSTELA

8.2.1 Nacer, medrar e estudar en Boimorto

Realizar entrevistas en profundidade require dun tempo de preparación considerable para localizar as persoas que pretendemos entrevistar, contactar con elas para explicarlles os obxectivos da entrevista e fixar finalmente unha data e unha hora de reunión. Poderiamos dicir que as nosas entrevistas comezaron neste momento, posto que durante as breves conversas que mantivemos coas persoas que contactamos, obtivemos información valiosa e recíproca sobre determinados aspectos biográficos, académicos ou profesionais que, posteriormente, nos permitirían comezar a entrevista formal dunha maneira máis informal. En xeral, comezamos as *entrevistas* propiamente ditas cunha pregunta xeral que lle permitise á persoa entrevistada falar libremente sobre si mesma co nivel de profundidade que lle aportase maior comodidade e confianza, sabendo que parte dos datos que inicialmente lle iamos requirir, na meirande parte das ocasións, xa nolos contaran: «aínda que xa me contaches algo sobre ti, poderías recordarme cantos anos tes, onde naciches e contarme un pouco cal foi a túa traxectoria ata o de agora?». Debemos lembrar que estabamos preguntando sobre traxectorias vitais de entre 18 e 34 anos e que, ademais, a pregunta daba absoluta liberdade para incidir en calquera tipo de aspectos que cada persoa considerase relevantes na súa vida. Pois ben, ante unha pregunta tan ampla, a practica totalidade das respostas seguiu o mesmo patrón: «Chámome X, teño X anos e nacín na aldea de X, na parroquia de X. Fun ao colexio a Boimorto ata a ESO e logo...». En contados casos, a resposta mantivo o mesmo patrón pero cun leve matiz: «Chámome X, teño X anos e nacín na aldea de X, na parroquia de Brates. Fun á unitaria a Brates e logo fun ao colexio a Boimorto ata a ESO. Despois...». Esta segunda variante de resposta débese a que, a diferenza das restantes parroquias, a escola unitaria da parroquia de Brates permaneceu aberta ata o curso 2002-2003[17]. Este tipo de respostas, con escasas ou ningunhas referencias á etapa infantil e aos primeiros anos da adolescencia, poderían interpretarse de diferentes maneiras. En primeiro lugar, poderían entenderse como unha expresión da homoxeneidade ou uniformidade das traxectorias infanto-xuvenís dentro do espazo rural. Podemos dicir que máis do 90 % das persoas entrevistadas teñen raíces familiares en Boimorto, no sentido de que ou un ou os dous proxenitores naceron no concello de Boimorto. Naqueles casos nos que a persoa entrevistada representa a primeira xeración da súa familia en nacer en Boimorto, debeuse ao feito de que seus pais trasladáronse a este concello rural con anterioridade ao seu nacemento, movidos por motivos laborais. Tanto nuns casos coma noutros, o contexto social no que naceron e medraron estas persoas foi esencialmente o mesmo. As experiencias persoais comezarían a cobrar relevancia social no momento no que as decisións individuais sobre o propio futuro poden facer perigar a unión do grupo de coetáneos, ou mesmo cando tales decisións implican un certo distanciamento ou abandono do grupo. De aí que nas respostas á nosa primeira pregunta da entrevista, a descrición das traxectorias vitais adopte formas distintas unha vez que sinalan o final da realización da etapa de educación obrigatoria no centro educativo de Boimorto. En segundo lugar, e en relación con este último aspecto sinalado, outra interpretación posible reside na tendencia a segmentar as etapas vitais en función das rupturas que marcan as etapas escolares (Wallerstein, 1999). Neste caso, o primeiro acontecemento relevante na vida dun neno sería o paso da escola unitaria ao grupo escolar municipal e, xa na adolescencia, o momento máis importante constitúeo a finalización da ensinanza secundaria obrigatoria, por todas as decisións que iso implica. Por esta razón,

[17] Segundo a información facilitada por unha persoa consultada en calidade de informante clave, o curso académico 2002-2003 foi o último no que se impartiron clases nas dúas escolas unitarias que ata aquel momento permanecían abertas no concello de Boimorto, que eran a da parroquia de Brates e máis a da parroquia de Sendelle. Malia iso, soamente nos reportaron alusións á unitaria as persoas entrevistadas na parroquia de Brates.

aquelas persoas que foron á escola unitaria mencionan dito acontecemento como parte das súas traxectorias, mentres que aquelas persoas que realizaron toda a etapa de educación infantil, primaria e secundaria no mesmo centro educativo experimentaron eses anos como un continuo, sen máis. Sexa como sexa, o certo é que —tanto no medio rural como no non rural— non adoita concedérselle demasiada importancia social á nenez, o que tamén contribúe a xustificar esas escasas referencias aos primeiros anos de vida (Matthews et al., 2000).

Do comentado no parágrafo anterior, dedúcese que o comportamento social que tiveron as persoas entrevistadas durante a súa etapa infantil e xuvenil vivindo nun concello rural coma Boimorto, foi —a grandes trazos— uniforme. As diferenzas que puideron observarse dentro deste colectivo, debéronse fundamentalmente ás diferenzas que presentaron as familias e á influencia que exerceron estas na formación da personalidade de cada quen. Por iso, as poucas alusións que nos achegaron acerca da infancia e a adolescencia foron valoracións sobre a influencia que tiveron na súa maneira de ver o mundo certas cuestións relacionadas coa vida familiar, como son a convivencia con diferentes xeracións e a gandería como medio de vida. En canto á primeira cuestión, máis da metade das persoas entrevistadas conviviron durante a súa infancia e/ou adolescencia con persoas de diferentes xeracións e graos de parentesco. Na meirande parte dos casos o fogar estaba integrado pola persoa entrevistada, os pais, os irmáns e/ou as irmás, algún avó e/ou avoa e, incluso, algún tío ou tía da xeración dos pais e/ou da xeración dos avós. Nos restantes casos, o fogar estaba integrado pola persoa entrevistada, os pais e algún ou varios irmáns e/ou irmás. En ocasións, a casa dalgúns dos avós tamén estaba situada a escasos metros do fogar da persoa entrevistada, polo que, aínda sen convivir baixo o mesmo teito, o contacto era moi estreito. Como vemos, a convivencia e o contacto estreito entre parentes de diferentes xeracións era do máis frecuente na época na que se criaron as persoas entrevistadas, e quizais por iso tampouco consideraron que fose un aspecto sobre o que afondar ou dar maior importancia. Porén, a nivel individual este contexto de crianza favorece a transmisión de determinados valores éticos hoxe ensombrecidos polo predominio da dimensión pracenteira e utilitarista da vida, especialmente valores como a responsabilidade e o servizo (G. Castillo, 2017; M. E. Pereira, 2014). Así nolo contaron dúas das persoas entrevistadas que actualmente residen na segunda cidade máis populosa de Galicia:

> «A cidade ten partes negativas cando vés do rural. Ti traes outra educación e tes diferentes valores cá xente de aquí da cidade. E non me refiro a que tiveses unha educación máis aberta ou pechada. Refírome a que na aldea somos todos máis "todos con todos". Temos uns valores máis de "todos con todos" e se che pasa algo, bótoche unha man. Aquí todo o mundo vai máis por libre. Eso noteino moito cando cheguei aquí. (...) Esa educación [a das persoas do rural] supoño que é porque vén de xente doutras xeracións que viviron épocas máis duras, como as épocas franquistas. Entón fixeron piña entre eles. Eso igual tamén che enseña situacións como "se morreu aquel, que é primo de non sei quen —aínda que non o conozas de nada— tes que ir [ao velorio e/ou enterro]". Ou "a non sei quen morreulle unha vaca e aghora quedou sin leite. Se teño ovos, voulle levar unha docena". Eu penso que eso si que pode ser que influíra [nos valores das persoas do rural]. (...) A xente maior é xente doutra xeración que ten outros pensamentos e ti, inconscientemente, adáptaste a eles. E non me refiro a que sean pensamentos máis cerrados. Refírome a que eles viviron outras circunstancias e teñen outros valores de vida. E acabas

aprendendo dos seus valores de vida».

Entrevista nº 29. Muller, de idade comprendida entre os 18 e os 19 anos

«Eu téñome fixado e téñoo falado con moitos mestres de aquí da cidade [o tema das diferenzas entre a poboación moza da aldea e a da cidade]. Claro, moita xente de alá [da aldea] vén para aquí estudiar e entonces temos falado... Bueno, de feito, un médico que foi meu profesor, díxome "non sei se te fixaches algunha vez na diferencia que hai nos nenos criados na aldea e nos nenos criados na cidade", porque dixo que el, dando clase, que notaba un montón a diferencia. (...) Quedeime con esa charla que tuven con el, porque si que despois me fun fixando. (...) Por exemplo, o respecto hacia.., mismamente hacia as persoas maiores. Ou hacia o profesor, que tes que ter un respecto. E si que se nota un montón de que... Non sei, igual son eu que me coincideu así nas miñas clases... Pero si que se notaba un montón ese respecto que tiñas pois hacia o teu maior, por así decilo, ou hacia o teu profesor, ou.., dá igual, a limpiadora, mismamente. E outros rapaces de aquí, non o sei, pero non trataban igual a esta xente con ese respecto que se lle debe de ter pois a un profesor ou así. (...) De feito, unha vez atendín a unha señora que estaba na rúa tirada (...) e, indo de camiño ao hospital, miroume e díxome: "ti eres da aldea, verdade?". E díxenlle eu "si, son dunha aldea de Boimorto". E dixo "é que non sabes ti ben o que se nota a xente que é de aldea". E agradeceume o bo trato. E jolín, non sei, como que me dou aí.., que me palpitou o corazón... É decir, jolín, pois que guai, porque non era a primeira persoa que mo decía».

Entrevista nº 26. Muller, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

En relación coa segunda cuestión antes mencionada, o feito de que a gandería fose un dos medios de vida nos fogares de moitas das persoas entrevistadas, marcou tamén a infancia e a adolescencia dalgunhas mozas:

«Meus pais vivían —e seguen vivindo— da gandería. Ten ventaxas e inconvenientes, non? Por exemplo, eu chegaba do colexio e meus pais estaban sempre, por así decilo [na casa]. Pero despois por exemplo, nas fins de semana tamén tiñan unha hora na que tiñan que volver á casa, porque ao final ese traballo é así».

Entrevista nº 8. Muller, de idade comprendida entre os 24 e os 29 anos

«É unha explotación pequena [a dos pais], todo moi demandante e sin liberdade practicamente, ningún día de descanso... Entonces foi algo que nunca me atraeu moito e sempre me quixen desvincular desto. (...) Eu teño recordos de pequena —porque teño moitos primos— de ir ás Comunións e "nós vámonos que temos que ir para onda as vacas", "nós marchamos solos", "hai que marchar antes" ou "ti non podes estar"... Porque ao final ou dependías dalguén que te trouxera, que ás veces podía ser e outras veces non, ou senón sempre tiñas que ir con teus pais. E meus pais estaban atados a eso. E vivino como eso, como algo que te prende dunha maneira que non podes dispoñer dun día para ti. E nunca quixen [a gandería]. Nunca».

Entrevista nº 30. Muller, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Participar nas actividades relacionadas coa gandería e coa agricultura tamén servía de medio para a transmitir ás xeracións máis novas valores como a responsabilidade e o servizo. Na

práctica totalidade dos fogares nos que se realizaba algunha destas actividades, as persoas entrevistadas colaboraban nalgunhas desas tarefas durante a súa adolescencia. Dúas das persoas entrevistadas explicitaron nas súas narracións que esa participación formaba parte da educación que lle inculcaron seus pais:

> «Meus pais, xa por hábito, sempre nos facían axudarlles na casa. "Queres ir a tal sitio? Bueno, pois tes que nos axudar a.., plantar patacas", ou o que sexa. Si que lle axudabamos [ela e máis os irmáns]. A min nunca me importou axudarlles na casa e facer cousas. De feito, gústame».
>
> Entrevista nº 5. Muller, de idade comprendida entre os 24 e os 29 anos

> «Naquel momento non me gustaba [participar nas actividades relacionadas coa gandería e a agricultura]. Agora mirando para atrás digo "pois aprendín moito neso". E realmente adquires uns coñecementos e unha forma de entender cousas que hai moita xente que non ten ese privilexio de sabelas (de onde sae o leite, como se fai, que pasa...). E o mismo con colleitas, con plantar cousas. O que pasa é que naquel momento pois si, como é o que tes que... Non sei. Ás veces preferiría estar xogando con amigos que ter que ir ao prado a vixiar as vacas. Ou ter que ir a recoller o millo o domingo aí ao medio do monte cando podías estar na casa vendo unha película. Ou recoller as patacas no sol de agosto cando che apetecía ir á piscina. Pero agora, mirando para atrás, considéroo algo... privilexiado».
>
> Entrevista nº 24. Muller, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

Á parte destas actividades realizadas no tempo libre, a experiencia do ocio durante a infancia e a adolescencia estivo moi condicionada polo tipo de aldea na que cada persoa residía, polo tipo de emprego que tiñan os seus proxenitores e tamén pola distancia entre o lugar de residencia e a cabeceira municipal. En canto ao primeiro aspecto, contamos con dous relatos moi diferentes sobre a infancia. Un, provén dunha moza que se criou nunha aldea dunha das parroquias máis habitadas e menos afectada polo declive demográfico. O outro, provén dunha moza que se criou nun lugar situado nunha das parroquias menos poboadas e sen ter veciños próximos á súa vivenda:

> «Cando eu era pequena, a min víñame o veciño a timbrar á casa. Nin sequera me timbraba; saltaba a valla. E viña pa miña horta. É un tipo de relación que hoxe en día non hai. E incluso eu non vivín a relación coa aldea que viviron ao mellor os meus pais, que sempre me contaban que os nenos andaban por libre e sempre había un adulto que, aínda que non fosen os seus pequenos, daba igual, vixiaba máis ou menos: "mira, este é o de tal, este é o de cual, están aí xogando, vah, non lles pasa nada, estou eu pendente". Ou que ibas merendar á casa do veciño. Que eu eso si que o fixen moitas veces. E viñan os meus colegas [veciños e veciñas] merendar á miña casa e xuntabámonos e ibamos por aí».
>
> Entrevista nº 13. Muller, de idade comprendida entre os 24 e os 29 anos

> «Non tiña nin un triste veciño darredor. Tiña a parte positiva de que estaba ao meu aire, libremente, sin sentirme vixiada. E a parte negativa era a soledad total e absoluta. Mentres non naceu miña irmá, imaxínate: unha filla única, sin veciños practicamente no redor, nunha casa na que a nai traballa atendendo a explotación,

USC DE SANTIAGO

> o pai que traballa fóra e os abuelos son maiores. É dicir: soledad total. Non había parques... (...) Mira, téñome baixado nunha parada de autobús [escolar] anterior á miña por ir pa casa de miñas primas e non ir pa miña, sen llo dicir a miña nai! Fun consciente desa soledad a partir dos seis, sete anos».
>
> Entrevista nº 28. Muller, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

Entre as actividades de ocio máis realizadas durante a infancia e a adolescencia destacan as actividades deportivas e as musicais, salientando, neste último caso, as desenvolvidas dentro da *Agrupación Folklórica Santiaguiños*. Hai que destacar que todas as persoas consultadas que nos describiron situacións que dificultaban a realización de actividades de ocio durante a súa infancia e adolescencia, aludiron tamén aos importantes esforzos realizados polos seus familiares directos para levalos e traelos aos lugares onde desenvolvían as actividades de ocio. En xeral, as necesidades de ocio durante a adolescencia satisfacíanse dentro do termo municipal e en grupo, pero o lugar de reunión era o núcleo de Boimorto. Por iso, fóra do horario lectivo, poder quedar cos amigos e coas amigas, era máis complicado para as persoas que residían nas restantes parroquias:

> «Para a xente que vive no centro de Boimorto —ou sexa, en Boimorto centro, na parroquia de Boimorto— era moito máis fácil quedar entre eles. No meu grupo de amigos había xente de Boimorto. Eles, sobre todo polo verán, saían da casa e estaban cerca. (...) Con quince anos non saes, máis ou menos, do concello. Con dezaoito si, porque xa queres ir a Melide ou queres ir a Arzúa a tomar algo. Pero con quince anos, dis ti "quedamos no parque e imos por unhas pipas ao supermercado e quedamos alí". E eles [os de Boimorto] non tiñan que depender de alguén para ir en coche. Vivían, como quen dí, ao lado do parque».
>
> Entrevista nº 29. Muller, de idade comprendida entre os 18 e os 19 anos

En relación co anterior, cando case todas as facetas da vida dunha persoa se desenvolven de forma natural no mesmo lugar de nacemento, o lugar éo todo para a persoa. Por esta razón, as decisións adoptadas unha vez rematada a etapa de formación obrigatoria en Boimorto, poden ser transcendentais para a posterior visión e relación de cada persoa con respecto ao seu lugar de orixe:

> «Aquí antes eramos un grupo de rapaces e rapazas non moi abundante, pero bastante amplo, de tal maneira que sempre nos xuntábamos polas tardes e había moita vida na rúa. (...) Pa min a aldea no seu momento, no momento no que non tiña maneira de saír de aquí e no momento no que non conocía máis mundo ca este, érao todo. É dicir, érao todo. Era onde estaban os meus amigos de sempre, era onde estaba o meu colexio, era onde estaba a miña casa e era o que conocía e tamén o que quería conocer. Non quería conocer tampouco moito máis alá. Era o 99 % da miña vida e da miña felicidá naquel momento, porque xa che digo, facíamolo todo aquí, sempre había cousas que facer e non parabamos quietos. Eso agora, eu non o vexo».
>
> Entrevista nº 28. Home, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.2.2 A ruptura nas traxectorias de coetáneos

Unha vez finalizados os estudos de ensinanza obrigatoria no *C.P.I. Armando Cotarelo* de Boimorto, todas as opcións formativas posteriores implican ter que desprazarse a outro concello. Tanto para realizar estudos de Bacharelato como para realizar estudos de Formación Profesional, os centros de ensino máis próximos están situados nos concellos limítrofes de Arzúa, Curtis e Melide, aínda que oferta formativa deses centros non sempre se axusta ás propias preferencias individuais. Atopamos tres tipos de situacións diferentes que se deron nas persoas entrevistadas unha vez finalizada a etapa de educación secundaria obrigatoria:

a) *Persoas que optaron por incorporarse ao mercado laboral*. De entre todas as persoas entrevistadas, as persoas que decidiron incorporarse ao mercado laboral unha vez finalizada a ensinanza obrigatoria constitúen unha minoría (catro persoas). En todos estes casos, tratouse de mozos que conseguiron empregarse na área local, principalmente no sector agrogandeiro, podendo manter a súa residencia habitual no lugar de orixe. Co paso dos anos, algúns destes mozos acabaron empregándose noutro tipo de actividades económicas, tamén na contorna local. No momento da entrevista, soamente unha das persoas deste grupo era migrante. Nese caso, a persoa entrevistada decidiu mudar a súa residencia a un municipio próximo a Boimorto, por motivos relacionados coa formación de parellas estables.

b) *Persoas que optaron por realizar Ciclos Formativos Medios*. Esta opción foi máis común que a anterior, pero non foi tampouco a predominante (sete persoas). Neste caso, non atopamos diferenzas entre sexos á hora de decantase por este itinerario formativo. As persoas que decidiron realizar Ciclos Medios tras finalizar a etapa de educación secundaria obrigatoria, regularmente optaron por cursar os seus estudos nalgún dos concellos limítrofes anteriormente mencionados, salvo no caso de persoas que elixiron ciclos relacionados coa rama sociocultural, sanitaria ou artística, que se trasladaron á cidade da Coruña. Incluso houbo algúns casos nos que a persoa entrevistada estudaba na Coruña e desprazábase regularmente en transporte privado dende Boimorto, ata a devandita cidade. Excepto no caso destas persoas que realizaron os Ciclos Medios na Coruña, as restantes persoas deste perfil que concluíran os seus estudos atoparon emprego na área local e puideron manter o seu lugar de residencia habitual no concello de orixe. Pola contra, das persoas que realizaron Ciclos Medios na Coruña, algunhas conseguiron emprego na contorna da cidade e outras continuaron coa súa formación noutra cidade emprendendo outros ciclos ou titulacións, mentres que algunhas outras —no momento de realización da entrevista— tiñan previsto continuar cos seus estudos na cidade herculina durante algún tempo máis. Ao igual que no caso anterior, no momento da entrevista, soamente unha das persoas deste grupo era migrante. Nese caso, a persoa entrevistada mudou a súa residencia á cidade da Coruña por motivo de estudos.

c) *Persoas que optaron por realizar o Bacharelato*. Esta foi a opción predominante, elixida pola meirande parte da poboación entrevistada de Boimorto (vinte e seis persoas). A inmensa maioría destas persoas foron mulleres, aínda que non podemos confirmar se este feito se debe a que a realización de estudos de Bacharelato constitúe unha opción máis elixida polas mozas, ou se simplemente se debe á maior participación das mozas na nosa investigación[18]. En calquera caso, as persoas entrevistadas que cursaron o Bacharelato fixérono xeralmente en Arzúa, Curtis ou Melide. Nestes casos, a elección do centro realizouse prin-

[18]No capítulo 3, na sección 3.5.2.2, comentamos os obstáculos que atopamos durante a realización do traballo de campo e como estes derivaron nunha maior participación de mulleres que de homes nesta investigación.

cipalmente en base á modalidade de Bacharelato desexada, a distancia ao centro de ensino, a dispoñibilidade de transporte público dende Boimorto e tamén en base ás eleccións das restantes persoas do grupo de amigas e amigos creado no colexio. Non obstante, houbo algúns casos puntuais de persoas que realizaron o Bacharelato na Coruña —ben por ter alí familia ou ben por elixir unha modalidade de Bacharelato que non estaba ofertada nos centros dos concellos limítrofes— e incluso houbo persoas que realizaron o primeiro curso no estranxeiro, a través dalgún programa de bolsas formativas. Concluídos os estudos de Bacharelato, a gran maioría das persoas entrevistadas continuaron a súa formación na universidade (vinte persoas), mentres que unha minoría optou por realizar Ciclos Formativos Superiores (seis persoas). Tanto as persoas que elixiron un itinerario ou outro, na práctica totalidade dos casos trasladaron a súa residencia a algunha das principais cidades galegas, aínda que tamén houbo casos puntuais nos que as persoas entrevistadas viaxaban diariamente aos seus respectivos centros de ensino cando estaban situados na Coruña, en Lugo ou en Santiago. Varias persoas entrevistadas comentáronos as súas razóns para continuar residindo en Boimorto mentres estudaban nesas cidades. Nuns casos debeuse ao desexo de continuar vivindo no hábitat residencial de preferencia, noutros casos debeuse á obriga de ter que estar na casa para colaborar diariamente nas tarefas da explotación familiar, mentres que noutros casos debeuse á necesidade de ter que aproveitar as viaxes de traballo realizadas polo pai ou pola nai á mesma cidade. No caso de optar pola realización de estudos universitarios, a etapa de educación superior non sempre remata coa finalización dunha titulación de licenciatura ou grao, senón que adoita complementarse coa realización dalgún máster e, en determinados casos, tamén coa realización dalgún doutoramento. É dicir, embarcarse en estudos universitarios pode traducirse en que eses mozos e mozas probablemente estean residindo fóra de Boimorto durante un período indefinido, de como mínimo catro anos. No momento da entrevista, todas as persoas deste grupo tiveran experiencias migratorias. E é que co paso dos anos, aquelas persoas que non emigraran por motivos de estudo, acabaron mudando a súa residencia a outro municipio, pero por motivos relacionados coa formación de parellas estables. Pois, en determinados casos, a emancipación implicou ter que fixar a nova residencia nun punto o máis equidistante posible con respecto aos centros de traballo da persoa entrevistada e da súa parella. Nestes casos, os lugares de residencia fixáronse en municipios limítrofes ou próximos a Boimorto, como Arzúa, Curtis, Melide, Oroso ou O Pino.

Como vemos, a finalización dos estudos de ensinanza obrigatoria no centro educativo de Boimorto supón a primeira ruptura nas traxectorias de coetáneos. Constitúe o punto de inicio onde os itinerarios de vida comezan a diverxer cada vez máis. O cambio que supón comezar unha nova etapa formativa nun concello limítrofe é, en certa medida, significativo. Pois aínda que se vai estudar a concellos próximos e frecuentemente visitados por razóns variadas, a vida académica pasa a desenvolverse —por primeira vez— nun lugar diferente ao lugar de orixe e, polo tanto, as relacións sociais con persoas adolescentes de fóra do municipio intensifícanse en maior medida. Pero, sen dúbida, o cambio que máis marca a vida dos mozos e mozas do rural é o ter que trasladar as súas residencias ás cidades ou aos concellos onde realizarán a súa formación superior. A residencia familiar, deixa de ser a residencia principal para converterse nunha segunda residencia á que volver nas fins de semana e/ou nos períodos vacacionais. En palabras de Camarero (2019), «como norma xeral os mozos rurais viven entre semana en pisos compartidos urbanos, tanto se estudan como se traballan, para volver as fins de semana ao niño familiar. Son, como o gato de Schrödinger, rurais e urbanos á vez» (p. 59). Unha das persoas entrevistadas

comentounos a razón que a levou a ter que residir en Santiago durante os períodos lectivos na etapa universitaria:

> «Estudei en Boimorto ata rematar a educación secundaria obrigatoria, que son os últimos estudos que se poden facer en Boimorto. Logo estudei no instituto de Curtis e continuei vivindo na casa. Logo xa me despracei a Santiago para empezar a carreira universitaria e, nese caso, vivía en Santiago durante a semana e volvía á casa as fins de semana. Era complicado e tamén supoño que pode ser moitas veces un factor polo que temos que movernos, o tema do desprazamento. Dende Arzúa moi ben. Pero dende Boimorto tiñamos un bus de ida a Santiago ás sete e media da mañá e de volta unicamente de luns a venres ata as seis da tarde, que saía de Santiago. Entón no meu caso, que estudaba pola tarde, era bastante complicado o primeiro ano. (...) Entón a través de Arzúa si, pero sempre necesitaba alguén que me levase ou que me fose buscar a Arzúa».
>
> Entrevista nº 11. Muller, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

Os relatos das persoas entrevistadas coinciden en sinalar que a decisión de cambiar a residencia habitual durante os períodos lectivos está condicionado por diversos factores, entre os que destacan a distancia que existe entre o lugar de orixe e o centro de ensino, as características da oferta de servizos de transporte público dende o lugar de orixe, a dispoñibilidade de vehículo para desprazarse diariamente por conta propia e tamén a situación económica e familiar de cada fogar. Para unha persoa adolescente que residiu toda a súa vida no lugar de orixe, trasladarse a unha cidade galega para iniciar os seus estudos superiores implica un cambio espacial e tamén social. E é que, como vimos en capítulos anteriores, aínda que non exista independencia económica con respecto aos pais, ir vivir á cidade por motivo de estudos constitúe a primeira fase do proceso de emancipación dos mozos e mozas do rural. Este cambio de residencia, que responde a unhas necesidades de estudo, fundaméntase na procura dunha variación da condición social e económica a medio e longo prazo mediante a educación. En termos antropolóxicos e sociolóxicos, o simple feito de trasladarse á cidade durante os períodos lectivos, implica unha variación significativa na forma de vida destes mozos e mozas, con respecto á forma de vida que experimentaran no rural ata ese momento. Pola etapa da vida na que se produce a transición á vida adulta, polo estilo de vida predominante nas sociedades dos países economicamente desenvolvidos e pola ausencia xeneralizada de responsabilidades familiares, entre outros aspectos, o ocio cobra unha importancia vital no estilo de vida urbano que adoptan os mozos e mozas que trasladan a súa residencia habitual á cidade durante os períodos lectivos. Ábrese ante eles todo un abano de posibilidades de ocio que non estaban ao seu alcance no seu lugar de orixe e que, ademais, poden ser elixidas case no momento. Unha das persoas entrevistadas, para quen —en palabras súas— a aldea era o 99 % da súa vida e da súa felicidade antes de ir vivir a Santiago por motivo de estudos, relatou así a experiencia do cambio:

> «Eu iba con moita ilusión [para Santiago], sobre todo porque ao final, cando eu marchei de Boimorto, a xente da miña xeración ou xa marchara antes, ou estaba marchando nese mismo ano. Entón ao final, sabía que aquí a cousa iba ser moi aburrida e non tiña nada que me atara, coma esa vida social que tiña antes cando iba ao instituto e sobre todo cando iba aquí ao colexio, a 4º da ESO ou a 3º da ESO. O sea que por esa parte sabía que todo o que viñera, pois iba ser para mellor. E por outro lado, tiña a ilusión esa de coñecer a xente nova, empezar unha etapa

USC DE SANTIAGO

> nova nunha carreira, coñecer a personas, coñecer novas situacións, outras dinámicas distintas e bueno, si que tiña ilusión por empezar esa etapa, a verdá (...) Foi bastante guay [a nova vida en Santiago], porque tiña sempre planes coa xente da miña clase e coa xente que conocía doutras carreiras e foi bastante ben. Estudiei bastante, pero tamén me dediquei a facer outras cousas. E a verdade é que xenial. A maior parte dos anos que estuven en Santiago estuven moi contento, sobre todo por eso, porque nunca che faltaban plans e nunca che faltaba xente coa que facelos. Hoxe os planes eran tomar algo, mañá os planes eran ir a un concerto, pasado os planes eran ir a unha obra de teatro e ao día siguiente eran ir ao cine. Entonces sempre había algo que facer, sempre había con quen facelo e gustoume bastante a dinámica esa de compartir con xente a vida académica e extra-académica, non? Que cando estás no instituto, pois eso non chegas a facelo, ou polo menos non a esa intensidade. É dicir, quédase todo no contexto do instituto. E cando chegas á universidade, pois si que te abres máis nese sentido e coñeces xente, coñeces a máis xente e coñécela mellor».
>
> Entrevista nº 28. Home, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

O impacto que ten para unha persoa adolescente do rural ir residir a unha cidade por motivo de estudos, é innegable. Xeralmente, o proceso de adaptación ao novo contexto non resultou demasiado complicado para as persoas entrevistadas, aínda que ao principio unhas persoas levárono mellor que outras. Tamén hai que ter en conta que nun territorio tan pequeno como Galicia, e dada a situación xeográfica de Boimorto con respecto á Coruña, Lugo e Santiago, que son as cidades nas que estudou —e estuda— a meirande parte das persoas entrevistadas, as visitas ao domicilio familiar realizábanse —e realízanse— practicamente todas as fins de semana, un factor que contribúe a levar mellor o proceso de adaptación ao novo entorno de vida. Ademais, moitos mozos e mozas de Boimorto realizaron —e realizan— os estudos superiores nas mesmas cidades nas que xa estaba estudando algún irmán ou irmá, ou nas que vivían ou viven algúns familiares próximos. E incluso nalgúns casos, ir estudar a unha cidade traducíase en compartir piso con outros mozos e mozas de Boimorto da mesma xeración, que se atopaban na mesma situación. Pero con independencia do impacto que tivesen —e teñan— eses cambios de residencia a nivel persoal, neste caso interésanos en maior medida as consecuencias que ten para Boimorto o feito de que unha boa parte dos mozos e mozas que alí naceron, residan fóra do municipio durante cinco días á semana nos períodos lectivos. Pois as decisións individuais que toman os mozos e mozas en relación ao seu lugar de residencia habitual, teñen consecuencias para o resto dos mozos e mozas que permanecen residindo no lugar de orixe, así como tamén para o conxunto da poboación. Así nolo contaron algunhas persoas non migrantes:

> «Está despoblándose todo por completo. Que non hai población. Cando hai algo de movemento? Os fines de semana. Porque o do [nome de veciño] ten dous fillos que veñen o fin de semana, a de [nome de veciña] ten dúas fillas que veñen o fin de semana. A de non sei quen ten un fillo, vai o fin de semana... Entonces cando hai algo de movemento en Boimorto é no fin de semana, que é cando vai a xente pas casas, pero o resto da semana aquelo está desierto. Pero desértico completo».
>
> Entrevista nº 3. Muller, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «No día a día, gustaríame que houbera máis rapaces, eso si. Poder salir da casa e poder falar con alguén. Pero bueno, eso... Pois nada, ti chegas, e chegas á casa e

> nada máis. Non sales da casa. Ou fas cousas na casa ca túa familia, ou basicamente non dás feito case outra cousa por fóra, porque somos moi poucos rapaces ahora, o sea que... Aquí mismo na miña parroquia, rapaces da miña idade non hai ningún. Pero ni uno. Solo teño uns que son catro anos máis novos ca min e un que me leva un ano. E despois hai outros que tamén teñen catro e cinco anos máis ca min, e entonces non tes tanta relación. Eso é o que boto de menos un pouquiño, poder xuntarse algúns rapaces máis aquí. Chegar aquí, por ejemplo anque chegues de traballar ou o que sexa, ou o fin de semana, poder salir da túa casa e estar con un ou con outro. Se non te desplazas por ejemplo o Boimorto [núcleo municipal] pa quedar, non ves a ninguén. Está moi abandonado, vamos».
>
> Entrevista nº 27. Home, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

> «Os veciños que están estudiando pois botan toda a semana fóra. Os fines de semana se cadra velos por aí, se sales a Melide ou por aí, pero despois, vaiche boa. Se cadra velos ese fin de semana e despois nos volves a ver en días. (...) Aquí a relación que hai é sobre todo con xente de mediana idade maior. O resto..., xente nova..., como non saias de aquí, pouca relación tes».
>
> Entrevista nº 23. Home, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

O illamento social, a masculinización e o aburrimento tamén foron aspectos aos que aludiron algunhas persoas migrantes que, no momento da entrevista, estaban residindo novamente en Boimorto de forma temporal:

> «Noutra ocasión que estiven aquí uns meses, acórdome de que pola semana non había practicamente ninguén. Ademais eu daquela non traballaba. E a xente que estaba aquí traballaba, polo que tampouco iba quedar nin facer nada. Entón chegou un punto en que decidín que iba ir á taberna, eu. Pa ser unha rapaza de vinte e cinco anos, naquel momento, ir á taberna sola... A ver, os homes van á taberna. Pero as mulleres non van á taberna. E eu decidín ir á taberna e empecei a ir. Empecei a ir a tomar algo ás oito da tarde e empecei a facer relación con xente que xa coñecía de toda a vida pero ca que non tiña moita relación. E entón empecei a facer relación así, pero é que senón, non ves xente... (...) Pa min foi moi difícil [dar o paso de ir á taberna]. Eu acórdome de que daba paseos e dicía eu "uff, que aburrido todo". Levaba a libreta pa escribir e dicía "pois ahora en vez de estar aquí neste parque, vou ir ao bar e vou tomar un café". Ao principio levaba cousas: un libro, ou a libreta pa escribir... Levaba cousas, porque senón sentíame "tonta" alí no medio de todos eles e eu alí sola. Despois xa se acostumbraron a verme e xa tiñamos conversacións. E aprendín a xogar ao tute daquela (...). Socializaba principalmente con rapaces da miña idade, máis novos, máis vellos, pero tamén cos señores».
>
> Entrevista nº 25. Muler, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

> «A opción que che queda é esa [ir á taberna]. A opción que che queda é esa ou, a opción outra que che queda, é non facer vida no concello, que eu creo que é o que facemos a grandísima mayoría da xente que vivimos aquí, ou que vimos o fin de semana, ou que pasamos aquí o verán, ou chámalle como queiras».
>
> Entrevista nº 28. Home, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

Á vista de todo o comentado, consideramos que estes traslados de residencia dende Boimorto ás áreas non rurais por motivo de estudo —aínda que non queden reflectidos nas estatísticas por non causar un cambio oficial do municipio de residencia— correspóndense con *emigracións*, tanto polos factores que os motivan como polas consecuencias que traen para Boimorto. Considerar este tipo de desprazamentos como emigracións non constitúe ningunha innovación na investigación, xa que como vimos en capítulos anteriores, nas áreas rurais europeas a transición da educación secundaria á educación superior constitúe o primeiro ímpeto para emigrar (Thissen et al., 2010). Ademais, tal e como apuntou King (2002), dentro dos países europeos, as migracións de estudantes constitúen unha parte importante da mobilidade interna, aínda que este tipo de migracións foron ignoradas durante moito tempo e apenas se estudou a súa relevancia. En efecto, Stockdale (2002a) constatou que o grupo de emigrantes motivados pola educación é o dominante nos fluxos de emigración que teñen como punto de orixe as áreas periféricas escocesas. Nesa mesma liña, J. Pérez (2013b) tamén apuntou que os estudos constitúen a principal razón —explícita— pola que as mozas do rural valenciano emigran ás cidades. A pesares de que en Galicia as migracións rurais de mozos e mozas estudantes constitúe un tipo de migración moi pouco estudado, adquiriu crecente importancia no transcurso das últimas décadas, de forma parella á proliferación de titulacións no ámbito da educación superior (Rojo, 2004). E é que, como vemos ao analizar o caso de Boimorto, os estudos constitúen a principal causa pola que os mozos e mozas cambian o concello de residencia. Cousa distinta son as causas polas que a maioría desas persoas non retorna ao lugar de orixe coa intención de establecer alí a súa vida de forma definitiva, mais a análise deste tipo de aspectos excede os propósitos desta tese.

8.2.3 Sobre a condición de emigrante rural

Nesta altura da investigación, cómpre lembrar cal foi a definición de *emigración* que establecemos á hora de analizar os factores determinantes da emigración da poboación moza de Boimorto no presente século. Baseándonos na definición que describimos no capítulo 3 (sección 3.6.3), entendemos por *emigración* calquera movemento xeográfico humano no que se reunisen dúas características principais:

a) Que, tomando como referencia o concello de Boimorto, que se producise un cambio de residencia a outro municipio nalgún momento da súa vida, aínda que non causase baixa no Padrón Municipal de habitantes do concello de Boimorto. O municipio de destino pode estar situado en Galicia, noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro.

b) Que a decisión de trasladarse a ese outro municipio de destino estivese fundamentada na procura dunha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante, ou que, aínda no caso de non ser así, que o feito de trasladarse a ese lugar de destino implicase unha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social do suxeito migrante.

Partindo desta definición, das trinta e sete persoas entrevistadas, nove persoas foron consideradas *non migrantes* e vinte e oito persoas foron consideradas *migrantes*. É común que, unha vez finalizados os ciclos formativos ou as titulacións de grao e/ou máster, estes mozos e mozas retornen ao domicilio familiar mentres non conseguen empregarse e obter unha fonte ingresos minimamente estable. Pero ademais, dada a actual inestabilidade e precariedade laboral, son moi frecuentes as idas e as voltas ao domicilio familiar durante os anos de xuventude. Polo tanto, unha vez que se dá por finalizada a etapa formativa superior e aínda dispoñendo de

USC UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA

experiencia laboral adquirida durante anos, son frecuentes as reemigracións e as novas emigracións dende Boimorto. No caso das novas emigracións, os lugares de destino adoitan coincidir cos lugares onde xorden oportunidades laborais, aínda que tamén houbo casos de persoas que emigraron no marco dalgún programa internacional de bolsas de mobilidade laboral e puideron elixir o lugar de destino, entre múltiples opcións. Ademais, houbo casos de persoas que emigraron por motivo de estudos a algunha cidade galega e que, dende alí, emprenderon emigracións transitorias a outros países de Europa e Estados Unidos, co obxectivo de formarse noutras universidades ou de traballar no eido da investigación científica. No momento de realización das entrevistas, das persoas que deran por concluída a súa etapa formativa superior, soamente dúas persoas retornaran a Boimorto —coa intención dun retorno definitivo— para establecer o seu medio de vida no lugar de orixe, mantendo a actividade económica vinculada ao sector primario na que estivera empregado o pai, a nai ou ambos. Das restantes persoas, catro delas volveran a fixar temporalmente a súa residencia en Boimorto despois de estar catro, seis, oito e incluso dez anos vivindo fóra de Boimorto, tamén con idas e voltas de por medio. Nestes casos, foron as circunstancias as que forzaron a mudar a residencia novamente a Boimorto, ben a raíz do impacto da pandemia, ou ben debido á necesidade de atopar a tranquilidade, a seguridade e o apoio económico que brinda a familia, para poder afrontar importantes etapas de transición vital, entre elas a preparación dalgunha oposición. Neste sentido, se en liñas anteriores comentamos que para as persoas emigrantes a residencia familiar deixara de ser a residencia principal para convertese nunha segunda residencia á que volver nas fins de semana e/ou nos períodos vacacionais, hai que engadir que a residencia familiar tamén pasou a ser vista como o *refuxio* no que afrontar os momentos difíciles a nivel económico e persoal. Pois a residencia familiar constitúe, xeralmente, a residencia *base* en momentos de transición vital.

En canto aos antecedentes migratorios familiares, a práctica totalidade das persoas entrevistadas —tanto migrantes como non migrantes— afirmaron ter diversos familiares que, nacendo en Boimorto, por diversas razóns marcharon a vivir a outros concellos de Galicia, España ou o estranxeiro. Mais non observamos que este aspecto influenciase de forma clara e directa a decisión das persoas entrevistadas acerca de emigrar ou non emigrar de Boimorto. De feito, coincidiunos de realizar entrevistas a varios irmáns e irmás de diferentes familias que, compartindo uns mesmos antecedentes migratorios na familia, no momento da entrevista uns estaban emigrados noutros concellos de Galicia ou fóra de Galicia e outros residiran sempre en Boimorto. O que si apreciamos, foi que a poboación moza deste concello aparenta ter un maior vínculo coa cidade da Coruña que coa cidade de Santiago, a pesares de que xeograficamente esta última está máis próxima Boimorto. Consideramos que esta realidade garda relación coa intensa emigración de xeracións anteriores á cidade da Coruña, xa que foi un dos destinos internos predominante nesa área. Neste sentido, foron numerosas as persoas que nos contaron que tiñan avoas, tíos, tías, primos e primas vivindo na Coruña. Descoñecemos ata que punto ese aspecto puido condicionar a emigración dalgúns mozos e mozas, pero o que si condicionou, en moitos casos, foi a cidade elixida para a realización de estudos superiores.

Finalmente, a todas as persoas mozas migrantes, preguntóuselles se nalgún momento notificaran oficialmente o cambio de municipio de residencia. En total, foron menos de cinco persoas as que afirmaron ter cambiado o lugar de empadroamento, pero xeralmente non o fixeron no momento no que emigraron de Boimorto por primeira vez. Fixérono logo de anos residindo fóra do termo municipal de Boimorto e por diversas razóns, como pode ser a compra dunha vivenda nun concello distinto a Boimorto ou por requirimento dun determinado tipo de emprego que

se desenvolve noutro concello de Galicia. Estando empadroadas en Boimorto, estas persoas residían fóra de Boimorto durante a semana e visitaban os domicilios familiares nas fins de semana. Unha vez empadroadas noutro concello galego, continuaron vivindo fóra de Boimorto e visitando os domicilios familiares nas fins de semana. A nivel estatístico, estas persoas pasaron a ser consideradas emigrantes, por realizar unha emigración interna, conforme se recolle nas definicións establecidas polos organismos produtores das estatísticas oficiais. Porén, no plano cualitativo, non se apreciou ningunha variación significativa na forma de vida destas persoas, con respecto á forma de vida que tiñan xustamente antes de realizar ese trámite administrativo. Realmente, estas persoas xa eran emigrantes antes de comunicar oficialmente o cambio de municipio de residencia, e incluso viviran en varios municipios antes de empadroarse neses concellos. Este tipo de situacións, móstranos os límites que presentan as definicións estatísticas para o coñecemento —neste caso— dos factores que motivan a emigración rural.

En relación ao Padrón Municipal de habitantes, hai que destacar que para algunhas persoas, o feito de estar toda a vida empadroada no concello de Boimorto, ter que cambiar o lugar de empadroamento implica algo máis que un trámite administrativo:

> «Xa levaba seis ou sete anos vivindo aquí [nunha cidade galega] cando cambiei o Padrón. (...) Si que sentín que estaba renunciando ás raíces en Boimorto. Eso si que o sentín cen por cen. (...) Cando renovei o carné, si que foi un pouco de "vale, xa non é que estea no Padrón, é que ahora o meu carné pon Santiago". Buff... Porque o Padrón que diga o que queira, pero ti o documento que levas na carteira é o DNI. E se o DNI aínda pon Boimorto, pois aínda zafas. Pero cando xa caduca o DNI e tes que renovalo e tes que decirlles onde estás empadroada de verdá, aí xa é aínda máis oficial, digamos».
>
> Entrevista nº 13. Muller, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

> «Doeume ter que cambiar de empadroamento. (...) A ver, que aínda que viva aquí [nun concello próximo a Boimorto], aínda que teña o empadroamento aquí, eu considérome de Boimorto totalmente. Pero no fondo, era a tontería esa de cambiar a direción no DNI. Que é unha tontería, pero eso... Que levas toda a túa vida co nome de Boimorto no DNI e como que ao final xa te desvinculas un pouquiño máis pois do concello no que nacín».
>
> Entrevista nº 5. Muller, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

> «Nunca cambiei o Padrón. Nin ahora, que ahora era ben cambialo para poder aparcar na zona de residentes e aínda non o cambiei. (...) Non o cambio porque a min dáme a sensación de que eu aporto máis estando aquí [en Boimorto] empadroada, ca estando en Santiago. (...) É como deixar de ser de Boimorto... Non sei... Ao final eu penso que eu fago máis estando empadroada aquí, a nivel de poboación, a nivel de que a miña idade..., pois que se vexa que continúa estando en Boimorto... (...) Pero bueno, non sei. Tamén [non o cambio] por deixadez, fijo, eh? Porque eu ahora mismo podía e debería empadroarme en Santiago, pero...».
>
> Entrevista nº 16. Muller, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Ademais, a raíz da pandemia, tamén entrevistamos a algunha persoa á que lle interesaba continuar empadroada en Boimorto, a pesares de ter cambiado novamente o seu lugar de residencia

poucos meses antes:

> «Sigo empadroado en Boimorto. E tamén xusto coincideu que vin en setembro [a unha nova cidade] e aos cinco meses pois xa saltou todo o do coronavirus. Entón despois tamén me interesaba ter o Padrón na miña casa por si en calquera momento me quería ir, que nadie me puxera ningún impedimento pa poder ir á miña casa ou estar ca miña familia».
>
> Entrevista nº 14. Home, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

8.2.4 Sobre a autoidentificación como emigrante

En relación co descrito no apartado anterior, quixemos descubrir se as persoas migrantes se identifican a si mesmas como emigrantes e, a partir de aí, tratar de sondar o significado que atribúen ao concepto de *emigración*. Neste sentido, detectamos que as persoas que no momento da entrevista estaban vivindo fóra de Galicia ou fóra de España, identificáronse claramente como emigrantes:

> «A ver, considero que emigrei. Tampouco é unha emigración super forzada, porque eu podería buscarme oportunidades de vivir tanto no rural como en Galicia, con oportunidades de traballar. Pero si que é verdade que á hora de que eu..., o que quería facer non o podía facer, entonces tuven que emigrar. Tampouco me considero un emigrante super forzado como puideron ser por exemplo meus pais, pero por unha parte si».
>
> Entrevista nº 14. Home, de idade comprendida entre os 25 e os 29 anos

> «É que a min non me gusta a palabra emigrante, porque xa se sinte coma quen xa non volve máis. Pero si, obviamente que emigrei. Emigrei pois porque busquei unhas condicións que o sitio donde eu vivía non me podía dar, no sentido de estudiar e no sentido laboral».
>
> Entrevista nº 33. Muller, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

Unha das persoas entrevistadas que no momento da entrevista estaba residindo novamente e de forma provisional en Boimorto, logo de vivir en Santiago e noutras cidades situadas fóra de España, percibe a súa traxectoria migratoria da seguinte maneira:

> «O tempo que estiven en Santiago non, non me considero emigrante, porque era un período da miña vida que tiña que pasar e que tiña que pasar aí. Non podía pasar aquí [en Boimorto]. O tempo no que estiven fóra [de España] traballando, si, si que me considero un emigrante. Creo que coma min, case che diría todo o mundo».
>
> Entrevista nº 28. Home, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

Debemos ter en conta que a emigración interna é o tipo de emigración máis frecuente na poboación moza de Galicia. De feito, os desequilibrios que existen na distribución espacial da poboación débense á tendencia da poboación a concentrarse nas áreas non rurais, principalmente nas das provincias da Coruña e Pontevedra. Agora, ben, das persoas entrevistadas, soamente unha persoa que reside na Coruña por motivos de estudo, afirmou identificarse como emigrante:

> «Si. Eu non son de aquí [da Coruña]. Eu son de Boimorto e viñen pa aquí porque as circunstancias mo requerían. (...) A ver, eu sigo vinculada tamén a Boimorto, pero eu non conto con volver a Boimorto nun período de tempo de, igual, anos».
>
> Entrevista nº 29. Muller, de idade comprendida entre os 18 a 19 anos

En xeral, as restantes persoas migrantes que viven en Galicia, non se consideraron emigrantes, a pesar de que nalgúns casos tamén realizaron emigracións transitorias con destino fóra de Galicia. Estas persoas, se ben espacialmente residen fóra de Boimorto, psicoloxicamente séguense sentindo de Boimorto. Os aspectos nos que se basean para non identificarse como emigrantes son, en todos os casos, os mesmos: o sentimento de arraigamento ao lugar de orixe, a distancia que existe entre o seu lugar de residencia e o seu lugar de orixe, a frecuencia coa que visitan o domicilio familiar ou feito de non traspasar a fronteira de Galicia. Dúas das persoas entrevistadas argumentáronnolo así, sintetizando a opinión expresada por máis persoas:

> «Non me atrevería a dicir emigrante, porque eu sigo moi vinculada a Boimorto. Eu cando teño ocasión, pois volto a Boimorto. Entón..., non me sinto emigrante, porque en realidade pois eso, se fixese a vida [na cidade na que reside] e estuvese as fins de semana e fose moi puntualmente a Boimorto, pois diría emigrante. Pero non é así. É dicir, eu aquí estou por traballo, é certo, pero logo en canto poido volto a Boimorto. Entón non me atrevería a decir que son emigrante».
>
> Entrevista nº 11. Muller, de idade comprendida entre os 30 a 34 anos

> «Que é emigrar? A ver... Eu creo que aínda non quero ver como que teño xa raíces noutro sitio, é decir, que estou asentada xa noutro sitio. Entonces supoño que tamén nalgún momento que o terei que asumir. Non porque estea empadronada nun..., senón porque simplemente ahora a vida fágoa en Santiago: o meu centro de traballo está en Santiago, os meus estudos están en Santiago, teño unha casa en Santiago alugada... Entón bueno... Pero a min cóstame ver esa transición. Eu sempre lle digo a meus pais "eu creo que na vosa época era máis claro saber cando xa estabas tendo unha vida adulta i deixabas pois de ter esa vida de estudante". Entón a min cóstame aínda discernir de se son xa persoa emigrada, se non... No, non son, porque eu vou volver sempre aquí... Non me considero doutro sitio que non sexa daquí. Eu estou, pero non son. É dicir, eu son daquí [Boimorto], pero estou alí».
>
> Entrevista nº 16. Muller, de idade comprendida entre os 20 a 24 anos

Un dos momentos máis delicados durante a realización do traballo de campo, aconteceu cando se lle preguntou a unha persoa que levaba uns anos residindo fóra de Boimorto pero en concellos próximos, se consideraba ou non consideraba que emigrara de Boimorto. A pregunta, sen pretendelo, resultou ser un tanto ofensiva para a persoa entrevistada, un aspecto que evidencia a enorme carga simbólica asociada ao concepto de emigración:

> «[Sobre se se sente emigrante vivindo nun concello próximo a Boimorto] Por favor! Vaia pregunta. Eso é un pouco absurdo. E gustaríame saber quen se identifica como emigrante [nunha situación similar]. Vaia por Dios. Emigrar de Boimorto? Ese nacionalismo de Boimorto, gústame, gústame [con sorna]. (...) No, no, no . Pa nada. (...) Emigrar é marchar máis lonxe, saír de Galicia, polo menos. Polo

USC DE SANTIAGO

> menos, non. Saír de Galicia. Mentres estés en Galicia, non emigras, que tes..., estás na casa».
>
> Entrevista nº 34. Home, de idade comprendida entre os 30 a 34 anos

Como vemos, o concepto de emigración tende a asociarse unicamente á emigración externa, tanto a outras comunidades autónomas, como ao estranxeiro. Este feito, reflicte as connotacións semánticas que adquiriu a palabra *emigración*, non só a través das características que revestiron os movementos migratorios producidos en séculos pasados, senón tamén a través dos discursos xerados en torno a esas correntes migratorias. A día de hoxe, percibimos que estas connotacións continúan fortemente arraigadas na mentalidade dos mozos e mozas de Boimorto. Unha das persoas entrevistadas, explicounos as razóns polas que entende a emigración desa maneira:

> «Eu considero que non [emigrei]. Pero tamén teño un sesgo importante no que eu considero como país, non? Ao considerar Galicia como o meu país, eu, probablemente se estuvese facendo o mesmo que estou facendo agora pero en Madrid, consideraría cen por cen que son emigrante. Pero igual por estar aínda dentro dos límites xeográficos e demais, e por poder vivir en galego igual (...), ou poder vivir na miña lingua igual e poder ir con relativa frecuencia ao meu lugar de orixe, eu creo que por ese motivo non me considero emigrante, non? Pero seguro que facendo o mesmo en Madrid, pois segurísimo segurísimo, que si que me consideraría [emigrante]».
>
> Entrevista nº 13. Muller, de idade comprendida entre os 25 a 29 anos

É de destacar que cando lles preguntamos ás persoas migrantes se consideraban que emigraran ou non emigraran de Boimorto, as súas respostas fundamentáronse unicamente no que supuxo para elas a súa propia traxectoria de vida con respecto ao vínculo co lugar de orixe e á frecuencia con que o visitan, pero non tiveron en conta o que supuxo para Boimorto o feito de que elas non residan no lugar de orixe. E resulta curioso, porque en momentos posteriores da entrevista, todas as persoas recoñeceron e identificaron as consecuencias que ten para Boimorto o feito de que unha parte da poboación moza nacida nese concello non resida habitualmente alí: maior abandono, maior despoboación, maior declive da poboación, maior envellecemento, maior descenso da natalidade, masculinización na poboación moza, menor dinamismo económico e empresarial, posible perda paulatina de infraestruturas e servizos... Resulta paradoxal, polo tanto, que as persoas mozas migrantes asocien a situación actual de Boimorto con problemáticas derivadas da emigración da poboación moza e que afectan especialmente ás áreas rurais, pero que a si mesmas —e salvo moi contados casos— non se identifiquen como emigrantes por residir dentro dos límites territoriais de Galicia. Neste contexto, tamén debemos salientar que, tanto nas persoas migrantes como nas persoas non migrantes, atopamos un respecto absoluto cara ás eleccións de vida das persoas coetáneas. As persoas non migrantes entenden e respectan que unha parte da poboación moza decida —polas razóns que sexa— non residir en Boimorto, e as persoas migrantes entenden e respectan que outra parte das persoas mozas decidan —polas razóns que sexa— quedar a vivir en Boimorto. Comentarios como o que nos achegou un mozo non migrante cando expresou que «cada un ten que marchar pa donde pode e donde quere», expresan a interiorización da idea de que o feito de nacer no rural, non xustifica que haxa que querer vivir nel, aínda que se poida. Hoxe en día, enténdese que as oportunidades laborais adaptadas ás persoas con estudos superiores son escasas no rural, ademais de entenderse, tamén, que vivir no rural tamén é unha elección coma outra.

8.2.5 Percepción e valoración do lugar de orixe

Con respecto á percepción do lugar de orixe, durante a entrevista pedímoslle ás persoas entrevistadas que nos dixesen con que palabras asociaban o seu lugar de orixe. Como podemos ver na figura 8.6, as palabras máis repetidas —tanto por persoas migrantes como non migrantes— foron as seguintes: tranquilidade, comunidade, familia, natureza, fogar e raíces. Trátase de palabras que aluden principalmente aos ámbitos familiar, emotivo e afectivo. É de destacar que no momento no que se lles formulou a pregunta, todas as persoas responderon con palabras positivas. Só cando se lles preguntou de forma específica sobre os aspectos negativos que lle vían ao seu lugar de orixe, fixeron un acto de reflexión sobre as carencias percibidas no seu municipio. Coincidindo co apuntado por diversos autores de que o lugar de orixe evoca diferentes representacións simbólicas para as persoas que viviron sempre nel, para as persoas que emigraron e para as persoas que retornaron (Mandianes, 1984; J. Pérez, 2013a e 2013b; Schutz, 1995), apreciamos certos matices entre as respostas das persoas non migrantes e as respostas das persoas migrantes. Por unha banda, con respecto ás persoas que viviron toda a súa vida en Boimorto, estas atopan menos puntos negativos no seu lugar de orixe. Incluso houbo varias persoas deste perfil que afirmaron non percibir ningún aspecto negativo no seu lugar de orixe, chegando, nalgúns casos, a describir a aldea como «o todo». Pero dentro deste grupo de persoas non migrantes, tamén houbo persoas que percibiron aspectos negativos no seu lugar de orixe. Para a maioría delas, eses aspectos negativos están asociados ao deterioro demográfico e social que experimentou o rural nas últimas décadas e ás súas consecuencias («abandono en tema de servizos básicos», «non hai moito ambiente»...). Por outra banda, a maioría das persoas migrantes complementou o uso das palabras anteriormente mencionadas, con outras palabras que evidenciaban o claro contraste entre o significado que para elas tiña o rural e o non rural: aire puro, relax, descanso, desconexión, conexión coa natureza, saúde, vacacións, infancia... Apreciamos, ademais, que para este perfil de persoas mozas, a aldea é vista como un fogar, un refuxio, algo que se ten —aínda que sexa dende a distancia— e que non se quere perder, o lugar que alberga as experiencias vividas, un lugar ao que sempre se quere volver e ao que sempre se volve en momentos difíciles. Porén, se ben as persoas máis críticas con respecto ao lugar de orixe foron as persoas migrantes, hai que destacar que a reflexión máis profunda e crítica de todas, foi a aportada por unha persoa non migrante:

> «A aldea é unha mescla entre o que é de verdá, o que queremos idealizar que é e o que facemos por que siga sendo. Queremos idealizar que é un sitio no que se está de puta madre, pero non se está de puta madre porque non hai servicios que debería haber nunha aldea. Queremos ter esa visión romántica de que... Porque os que nos criamos no rural temos —creo— ese apego romántico cara ao que é a aldea, o que é vivir en esto que..., podes salir da casa e facer calquera cousa sin que expresamente sexa pois meterte nun bar, coma na ciudá, ou ter que baixar ao parque ao que baixa todo mundo. Como se te queres botar a andar polo monte. E tes ese apego de criarte aquí dunha maneira totalmente diferente e interactuar cos teus veciños —cos poucos rapaces que tiñas da túa idade— dunha maneira totalmente diferente. E si que o idealizas e o pos por riba da idea do que sería criarse na cidade. Pero tampouco te podes poñer tan romántico co tema e parar de ver o que de verdá é a aldea a día de hoxe, que non tes oportunidades, nin tes saídas, nin tes servizos como podes ter nunha cidade. Empezando xa simplemente por unha cousa que me perxudica moito, como é desplazarme para traballar. (...) Asociar a aldea coa

USC DE SANTIAGO

> palabra liberdade creo que é prostituír un pouco a palabra, porque por un lado si que eres libre, pero por outro non, polo temas dos servizos».
>
> Entrevista nº 37. Home, de idade comprendida entre os 25 a 29 anos

Enlazando co tema dos servizos, a expresión «falta de servizos» reiteradamente manifestada por numerosas persoas entrevistadas, foi empregada para manifestar diferentes carencias percibidas, que varían moito en función da situación da parroquia natal. Polo xeral, as persoas que afirmaron non botar en falta ningún tipo de servizo, viven ou viviron en zonas máis próximas ao núcleo urbano, mentres que aquelas que destacaron a falta de servizos básicos, viven ou vivían en zonas afastadas do núcleo urbano. Neste sentido, un mozo non migrante comentounos a carencia de farmacias, a pesares de existir unha farmacia no núcleo de Boimorto. Ademais, varias persoas tamén nos reportaron que botan en falta servizos ambulantes dos que dispoñían antes, como o panadeiro ou a venta ambulante de alimentos, servizos que se perderon debido á continua perda de habitantes nas aldeas da maioría das parroquias de Boimorto. Cómpre destacar que ningunha persoa aludiu a carencias nos servizos sanitarios (médicos de familia, pediatras ou enfermeiros), un aspecto que probablemente estea asociado á idade das persoas entrevistadas. Sen dúbida, as principais carencias percibidas pola poboación moza de Boimorto en materia de dotación de servizos e infraestruturas, foron o transporte público e o ocio.

Polo que se refire ao transporte público, o coche é unha necesidade tan básica para a poboación rural, que está totalmente normalizada a idea de que para vivir no rural hai que dispoñer dun vehículo privado. De feito, son numerosas as persoas que non percibiron ningunha carencia no eido da mobilidade cando se lle preguntou explicitamente acerca das carencias que detectaban no seu lugar de orixe. Porén, nas conversacións mantidas ao longo de toda a entrevista e en relación a diferentes temas, si que apreciamos unha opinión xeneralizada en torno á necesidade de implantar un servizo de transporte público que reduza a dependencia do coche. Como podemos observar na figura 8.6, a poboación adolescente de 16 e 17 anos —dependente en termos de mobilidade— asociou directamente o rural ao coche, pero neste caso asociárono como un aspecto negativo por ter que depender de persoas adultas ao non ter aínda a idade de dispoñer de carné de conducir. Pola contra, na poboación de 18 a 34 anos, o rural non foi directamente asociado ao coche, xa que a estas idades o coche percíbese máis como unha solución que como un problema. Por esta razón, o momento no que se obtén o carné de conducir constitúe un antes e un despois na vida das persoas mozas de Boimorto e, por extensión, das persoas mozas do rural:

> «Eu teño ahora mismo carné. E pa min foi un cambio moi grande. Porque antes dependía moito de miña nai. Miña nai, obviamente, non estaba disposta a sacarme seguido da casa. E agora pois déixame o coche e dime "pois fai o que che dea a gana". Incluso pa salir de festa..., en Boimorto non hai sitios pa salir de festa. Tes que ir a Melide e é media hora... Vintecinco minutos, media hora. Depende da zona de Boimorto na que te pille. Pero se tes a mala suerte de vivir nunha esquina pois vaste festidiar. Despois tamén con quince anos ou así ti queres facer planes cos amigos. É cando empezas a querer quedar cos amigos pola tarde, queres ir ao cine, queres ir..., eu que sei, a comprar, e..., aínda que sexa estar no parque de Boimorto. Si vives nunha aldea vas ter que coller o coche. Desde a miña casa ao centro de Boimorto serán uns sete minutos en coche. E non vas ir a pé, que igual che leva dúas horas. Entonces si que tes unha dependencia importante dunha persoa adulta.

> E por exemplo si queres ir á Coruña pois xa te tes que mover en coche ata Curtis pa colle-lo tren. Ou en bus, pero os buses.., os buses están moi mal señalizados».
>
> Entrevista nº 29. Muller, de idade comprendida entre os 18 e os 19 anos

Se ben é certo que estes problemas de mobilidade afectan ao conxunto da poboación de Boimorto, afectan de maneira máis acentuada á poboación menor de idade e á poboación maior, aínda que neste último caso dispoñen de servizo de transporte público municipal para desprazarse ao núcleo urbano do concello. Hai que destacar que as carencias no plano da mobilidade son percibidas polas persoas entrevistadas como un problema máis asociado ás idades nas que non tiñan carné de conducir, pero non se considera un dos principais problemas que lles afecta ao seu grupo de idade na actualidade, a pesares de identificar a excesiva dependencia do vehículo privado como aspecto negativo da vida no rural:

> «Se me dis "os medios de transporte son unha necesidad?" Eu no meu caso non o noto porque conduzo. Pero si que noto por exemplo a xente maior que ten unha necesidad de medios de transporte. Eu ahora temos aquí o caso dunhos veciños que son mui mayores. Un fillo morreulles, outra filla está ahora no hospital... É unha circunstancia que che dá pena, non? Porque eles non se moven. E entonces tampouco teñen quen os leven. (...) Claro, miña nai sempre me di "ti plantéaste unha vida [no rural] porque ti tes un coche, pero no momento en que teñas noventa anos, quen vai vir aquí?" Non? É dicir... Mañá estou aquí e se eu non conduzco..., con noventa anos non vou conducir..., teño que depender de alguén que me traia as medicinas, de alguén que me traia a compra... Porque eu aquí non vou ter nada. Sin embargo, se vives no núcleo urbano, podes ir facer a compra e podes ir comprar as pastillas ti sola andando. Que esa é a diferencia».
>
> Entrevista nº 2. Muller, de idade comprendida entre os 30 e os 34 anos

Por outra banda, en canto ao ocio, varias persoas manifestaron que os servizos municipais están moi orientados á poboación maior e pouco orientados á poboación moza. Algunhas persoas mencionaron que non dispoñen de biblioteca e que non se atenden as demandas da poboación moza neste eido. Tamén se destacou que non hai demasiadas tendas nin restaurantes e que para ir á piscina ou ao ximnasio é necesario desprazarse a Arzúa ou a Melide. Unha das persoas entrevistadas resumiu a situación do ocio orientado á poboación moza de Boimorto nos seguintes termos:

> «Entendendo que o ocio é un aspecto fundamental da persoa e para o seu desenvolvemento integral, aquí non hai oferta de ocio suficiente. Unha, non sei se é porque non se fixo unha análise das necesidades correcto i sabemos como chegar, ou dúas, a xente non ten a motivación suficiente como para formar parte dese ocio. Pero eu que sei. Para nós, nunca houbo nada. (...) Aquí ao final redúcese o ocio a catro días do ano, non? Pois aos eventos de Nadal, os campamentos de verán i as actividades extraescolares dos cativos, e varias tal... Que entendo que é difícil mover i mobilizar á poboación de Boimorto, porque é unha poboación envellecida, etc, etc. Pero si que existen iniciativas de desenvolvemento comunitario que teñen como centro o ocio que se levan a cabo. Que fai falta esforzo e que fai falta analizar mellor o que quere a xente? Si. Si que fai, pero... Claro, eu disme ahora "que ofertas tes ti de ocio en Boimorto?". Pois eu ir a un bar e consumir. O meu ocio do

USC DE SANTIAGO

(a) Poboación moza de 18 a 34 anos

(b) Poboación moza de 16 e 17 anos

Figura 8.6. Representación gráfica das palabras asociadas ao lugar de orixe por parte persoas mozas entrevistadas e consultadas mediante cuestionario en Boimorto.

Fonte: elaboración propia mediante a aplicación web NubeDePalabras.es (https://www.nubedepalabras.es/).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> consumo é o que teño aquí en Boimorto. Despois teño o meu ocio individual, que é se quero ir ao monte facer rutas, pois marcho ao monte, pero... Outra oferta de ocio aquí, non teño. O sea, non hai».
>
> Entrevista nº 16. Muller, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

Debemos ter en conta relevancia do ocio e dos grupos de iguais nos procesos de construción da identidade na poboación moza, tal e como describimos en capítulos anteriores. De feito, observamos a enorme importancia da rede de amigos e amigas á hora de realizar actividades de ocio. No caso das persoas non migrantes, as amizades residen —xeralmente— na contorna local, tanto en Boimorto como nos municipios limítrofes e/ou próximos. Isto tamén acontece no caso das persoas migrantes, aínda que polas súas circunstancias de vida, a súa rede de amigos e amigas esténdese en maior medida a outras zonas de Galicia, España e incluso do estranxeiro. Non obstante, como a gran maioría das persoas migrantes volven a Boimorto nas fins de semana, as actividades de ocio que desempeñan durante o tempo libre neses días adoitan involucrar ás amizades de Boimorto ou dos concellos limítrofes e/ou próximos. Neste contexto, cómpre destacar a importante labor socializadora da *Agrupación Folklórica Santiaguiños*, asociación na que participaron a inmensa maioría das persoas entrevistadas. Para a poboación que cursa estudos de ensinanza secundaria obrigatoria, participar nas actividades desta asociación (música, canto e baile tradicional) permítelles ver os compañeiros e compañeiras do colexio fóra do contexto da clase. Para o resto das persoas que concluíron esa etapa formativa, participar nas actividades desta asociación permítelles manter o contacto con outras persoas de Boimorto, tanto migrantes como non migrantes. Hai que apuntar que, moitas das persoas entrevistadas, comezaron a participar nas actividades organizadas polos *Santiaguiños* cando eran cativos e cativas, nalgúns casos por imposición dos pais, conscientes da importancia deste grupo como motor da socialización dos seus fillos e fillas. Unha vez chegada á idade adulta, a falta de tempo libre móstrase como un dos grandes problemas polos que moitas persoas entrevistadas abandonaron o grupo.

Nun concello como Boimorto, onde a gran maioría das persoas mozas emigran por razón de estudos, a ruptura nas traxectorias de coetáneos unha vez finalizada a educación secundaria obrigatoria, trae consigo unha diminución da frecuencia e da intensidade coa que se producen as relacións sociais entre a poboación moza do municipio. Neste sentido, a carencia de actividades de ocio orientadas a este segmento da poboación, non favorece o mantemento dos lazos afectivos entre a mocidade. De feito, dispoñemos dunha narración moi reveladora acerca do que supón o *Festival da Luz* para a poboación moza de Boimorto. Pois, máis alá do impacto económico positivo ou negativo que poida ter tal actividade a nivel municipal, contribúe —de forma puntual— á exaltación da identidade municipal da poboación moza:

> «Eu creo que tamén ten un impacto social (...) Hasta ca xente de Boimorto, que xa a conoces de sempre, hasta é distinto o ambiente que tes alí con eles. O ambiente que tes con eles aquí no pueblo é "ola", "chao", "ola", "chao". Pero alí no, é distinto todo. Eu creo que é como..., "nós somos daquí, esto é noso"..., non sei... Eu penso que crea un sentimento de unión, polo menos».
>
> Entrevista nº 15. Muller, de idade comprendida entre os 20 e os 24 anos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Á parte das carencias percibidas pola poboación moza de Boimorto no relativo á dotación de servizos e infraestruturas, a expresión *falta de servizos* tamén englobou a falta de oportunidades

laborais dentro do propio municipio. Varias persoas comentaron que non existe un polígono industrial e en xeral destacouse o feito de que para atopar un emprego, hai que saír do concello. En relación a este tipo de comentarios, unha das persoas entrevistadas resumiu a situación do mercado laboral en Boimorto da seguinte maneira: «en Boimorto, ou vives da gandería, ou non hai de que vivir. O centro de emprego máis grande que hai é o Concello. Non hai outro». Ademais, se ben é certo que durante a realización das entrevistas a fibra óptica estaba chegando a algunhas das parroquias máis afastadas do núcleo urbano, unha moza emigrante retornada comentounos as dificultades que se lle presentaban no seu día a día para manter reunións de traballo telemáticas, debido ás deficiencias da súa liña de conexión á Internet. Foi a única persoa entrevistada que nos comentou deficiencias deste tipo.

Finalmente, cómpre facer un maior apuntamento sobre as palabras asociadas ao lugar de orixe e sobre as palabras asociadas ás áreas urbanas (figuras 8.6 e 8.7). Nestes casos, en xeral, non atopamos diferenzas significativas entre as respostas das persoas migrantes e as respostas das persoas non migrantes, pero si atopamos diferenzas entre as respostas das persoas adolescentes menores de idade (16 e 17 anos) e as respostas das persoas maiores de idade (18 a 34). Este feito débese ao maior grao de madurez da poboación maior de idade, xa que ten máis vivencias e experiencias acumuladas coas que poder describir as valoracións e percepcións que teñen sobre o lugar de orixe e sobre as áreas urbanas; de aí a maior riqueza e variedade das palabras que lles asociaron. Por unha banda, as persoas maiores de idade asociaron o lugar de orixe unicamente a palabras positivas. As palabras empregadas reflicten unha perspectiva temporal máis ampla, que se manifesta no uso de palabras como *infancia* ou *recordos*. E non só iso, senón que as palabras que usaron incorporan a dimensión do pasado e máis a do presente, xa que mencionaron a *nostalxia*. Como neste grupo de idade hai un elevado número de persoas migrantes, o lugar de orixe tamén foi asociado ás *vacacións*, á *tranquilidade*, á *casa* e aos lazos de unión que manteñen co seu lugar de orixe, mediante o uso de palabras como *raíces*, *familia*, *amigos*, *comunidade*, *unión* ou *solidariedade*. Estas palabras están ausentes na figura que recolle as palabras que a poboación adolescente menor de idade asociou ao lugar de orixe. Este grupo tamén empregou palabras positivas, pero coa diferenza de que incorporaron as palabras *aburrimento* e *coche* como aspectos negativos. Ademais, tamén se aprecia a etapa da vida na que se atopan estas persoas adolescentes, xa que relacionaron o lugar de orixe coa palabra *aprendizaxe*, aínda que neste caso concreto referíronse aos coñecementos que se adquiren vivindo nun entorno rural, e non ao feito de asociar o lugar de orixe co lugar onde van ao colexio, como se podería pensar. En calquera caso, ambos grupos de poboación moza asociaron o lugar de orixe coa natureza, os animais, a privacidade e a desconexión. Por outra banda, polo que se refire ás palabras asociadas ás áreas urbanas, apreciamos que ambos grupos comparten o feito de percibir as cidades como lugares de *traballo*, con aglomeracións de *xente* e caracterizados por un ambiente *agobiante* e de *estrés*. Porén, a diferente etapa da vida na que se atopan, reflíctese no resto de características asociadas ás áreas urbanas. Para as persoas adolescentes menores de idade, as áreas urbanas son percibidas principalmente como lugares de *ocio* para ir de *visita* cos *amigos* e realizar diversas *actividades* de *entretemento* e ir de *compras*. Ademais, perciben as áreas urbanas como lugares de *abundancia* que lles poden proporcionar *diñeiro* a través do *traballo*. Pola contra, na poboación moza maior de idade, as áreas urbanas vense como lugares *dinámicos*, lugares de *oportunidades* e xeradores de *inspiración*, caracterizados por un marcado *individualismo* e, ao mesmo tempo, por unha *frialdade* nas persoas que contrasta coa visión de unión e comunidade asociada ao rural.

(a) Poboación moza de 18 a 34 anos

(b) Poboación moza de 16 e 17 anos

Figura 8.7. Representación gráfica das palabras asociadas ás áreas urbanas por parte persoas mozas entrevistadas e consultadas mediante cuestionario en Boimorto.
Fonte: elaboración propia mediante a aplicación web NubeDePalabras.es (https://www.nubedepalabras.es/).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.2.6 Intencións migratorias da poboación moza

En canto á intención migratoria e ás expectativas sobre o lugar de residencia no curto e medio prazo, das persoas non migrantes entrevistadas, ningunha aceptaría de boa gana ter que abandonar o seu lugar de orixe, sendo máis remisas as persoas que teñen explotacións gandeiras ou postos de emprego vinculados ao sector agrogandeiro. De todas as persoas non migrantes, só unha se vía vivindo fóra de Boimorto no curto ou medio prazo, debido a razóns económicas relacionadas co gasto diario lle causaban os desprazamentos en coche ao lugar de traballo. Esta persoa afirmou que se tivese ese emprego no concello de Boimorto, que xamais pensaría en ir vivir a outro concello. Cando se lles preguntou ás persoas non migrantes que tería que acontecer para que se visen vivindo fóra de Boimorto, todas responderon que o motivo que as faría emigrar do seu lugar de orixe sería o laboral. Neste sentido, unha persoa engadiu que ademais do motivo laboral, para emigrar de Boimorto tería que darse tamén o caso de coñecer unha parella á que non lle gustase nada o medio rural. Con todo, de darse as circunstancias de ter que abandonar o lugar de orixe, a gran maioría veríase vivindo nun lugar rural parecido ao lugar de orixe, aínda que tamén aceptarían solucións intermedias vivindo nunha casa con finca ás aforas dunha vila como Melide. Afirman que este tipo de vilas ofrécelles diversas vantaxes fronte a unha cidade, xa que terían campo para pasear, non habería demasiada aglomeración de persoas, terían os servizos a menor distancia e satisfarían as necesidades de ocio. Pois a maioría destas persoas, confórmase con desfrutar ocasionalmente do ocio ofertado nas cidades. En canto á poboación migrante, atopamos aquí diferentes perfís: a) persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían vivir en Boimorto; b) persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que lles gustaría residir en Boimorto soamente nas fins de semana; c) persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo, pero que non teñen un hábitat residencial de preferencia claro; d) persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían vivir en áreas rurais, pero non necesariamente en Boimorto; e) persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían non vivir en Boimorto; f) persoas que viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían vivir en Boimorto; g) persoas que viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían non vivir en Boimorto. De todos estes grupos, os máis numerosos foron os de persoas que non se ven vivindo en Boimorto no curto e no medio prazo e que ademais preferirían non vivir en Boimorto (grupos *e* e *g*, en total sete persoas). Seguiulles o grupo de persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo, pero que non teñen un hábitat residencial de preferencia claro (grupo *c*, catro persoas) e tamén o grupo de persoas que non viven en Boimorto, que non se ven vivindo en Boimorto no curto e medio prazo e que preferirían vivir en áreas rurais, pero non necesariamente en Boimorto (grupo *d*, catro persoas). Como vemos, existen perfís de persoas mozas moi diferentes en canto ás súas preferencias e expectativas sobre o seu lugar de residencia no futuro. De todo o comentado, hai que destacar dous aspectos relevantes. O primeiro, é que o feito de nacer nun determinado lugar, non significa que o lugar de nacemento sexa o lugar no que se desexa residir. E segundo, que ter unha preferencia clara por residir no rural, non implica necesariamente unha preferencia por residir no lugar de orixe, aínda que este estea no rural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo 9

Conclusións

Aínda que en Galicia apenas existen investigacións centradas exclusivamente no estudo da actual emigración rural da poboación moza, a emigración rural constitúe un campo de estudo ben definido dentro dos estudos migratorios. A nivel español, tampouco son abondosas as publicacións centradas na emigración rural, e incluso a nivel europeo apréciase que as investigacións están bastante centradas en determinadas rexións, principalmente do Reino Unido. No caso concreto de Galicia, as eivas que presenta a literatura científica teñen diversas implicacións para o desenvolvemento deste campo de estudo. En primeiro lugar, a escaseza de estudos específicos sobre a materia implica que o seu estudo pase —necesariamente— pola revisión de publicacións centradas en temáticas afíns, co obxectivo de procurar calquera apunte ou explicación puntual que poidan conter sobre a actual emigración rural da poboación moza. Como é lóxico, esta ausencia dun corpus de coñecemento integrado en torno a publicacións especializadas e de referencia, presenta importantes atrancos para avanzar no estudo desta temática. E en segundo lugar, a escaseza de estudos específicos sobre a actual emigración rural da poboación moza, implica tamén unha escaseza de estudos que recollan unha revisión sobre a evolución do marco contextual no que tiveron lugar as emigracións rurais dende o século XX ata o presente. Visto dende un plano subxacente, esta situación pode contribuír a subestimar a importancia que actualmente teñen determinados factores de natureza non económica na decisión de emigrar das áreas rurais. Isto tamén se ve favorecido polo feito de que a escasa literatura que existe sobre a emigración galega no século XXI, en comparación coa emigración do século XX, non adoita establecer diferenzas entre a emigración de mozos e mozas das áreas rurais e a emigración de mozos e mozas de áreas non rurais. Porén, se ben entendemos que estas emigracións teñen lugar dentro dun marco socioeconómico e cultural común a todo o territorio, a poboación moza residente nas áreas rurais atópase con maiores obstáculos para acceder e consumir aqueles bens e servizos máis demandados na súa franxa de idade, así como tamén para poder desenvolver a súa formación e a súa vida profesional no seu lugar de orixe. Consideramos que estas son razóns de peso para deducir a existencia de certos matices naqueles factores que a miúdo son sinalados como causantes do acto migratorio, aínda que na meirande parte dos casos acaben confluíndo na elección dos mesmos lugares de destino. Neste sentido, a escaseza de estudos centrados na emigración rural, implica tamén unha insuficiente abordaxe dos factores que determinan a emigración rural da poboación moza na actualidade. Isto contrasta coa existencia de numerosas publicacións científicas centradas nas consecuencias da emigración rural da poboación moza, como é, por exemplo o despoboamento rural. Coidamos que este desequilibrio que atopamos

entre a análise das causas e a análise das consecuencias do fenómeno da emigración rural, pode limitar o enfoque co que se formulan determinadas medidas ou accións destinadas a mitigalo. Un dos obxectivos das políticas de despoboamento rural consiste en frear este proceso creando emprego a partir dos recursos endóxenos, para reter a poboación moza e fomentar a migración de retorno. Mais resulta complexo influír sobre a causa que produce o despoboamento rural, sen antes poñer o foco sobre as causas que orixinan a emigración rural da poboación moza, que en definitiva é o fenómeno que se pretende corrixir. Neste contexto, a partir da lectura analítica das escasas publicacións que atopamos centradas na emigración rural de Galicia no presente século, así como doutras publicacións centradas en temáticas afíns, realizamos un intento de integrar baixo unha mesma epígrafe aqueles factores que outros investigadores e investigadoras sinalaron como intervenientes na decisión de emigrar do rural. Aínda que non detectamos ningún aspecto que a priori fixese pensar que a lóxica da emigración rural en Galicia sería distinta á descrita para outras áreas rurais europeas, a nosa recompilación de factores determinantes da actual emigración rural galega serviunos para corroborar que estamos ante un fenómeno con causas máis globais que locais, influenciado tanto por procesos uniformizadores que se producen a nivel mundial, como pola propia historia migratoria dos séculos anteriores.

Das diversas análises xeodemográficas realizadas, constatamos que Galicia non constitúe unha excepcionalidade demográfica, senón que a evolución dos procesos demográficos seguiu —a grandes trazos— as tendencias xerais propias das sociedades dos países de Europa occidental. Non obstante, a pesares desta relativa converxencia no comportamento demográfico e dentro das características comúns observadas a nivel autonómico e provincial, a medida que descendemos na escala espacial de análise, detectamos un maior grao de heteroxeneidade. Centrándonos nos movementos migratorios que afectan ás áreas rurais galegas, a análise de conglomerados revelou a existencia dun patrón de comportamento xeral durante o período 2002-2015, enmarcado nunha propensión á diminución das emigracións e das inmigracións realizadas pola poboación moza nestes espazos. En todos os conglomerados ou clusters creados en base ao comportamento migratorio das persoas comprendidas entre 16 e 34 anos, a taxa de emigración total foi superior á taxa de inmigración total. Polo regular, no primeiro caso os valores foron superiores nas mulleres, mentres que no segundo caso, xeralmente foron superiores nos homes. Este feito afonda nun fenómeno ben estudado, como é a masculinización do rural. Ademais, seguindo a tendencia xeral observada no conxunto de Galicia, todos os conglomerados experimentaron os tres grandes tipos de emigración e inmigración recollidos nas estatísticas oficiais, predominando, en moi maior medida, as migracións internas. Pero a creación dos cinco conglomerados de municipios rurais puxo de manifesto o comportamento desigual que tiveron os movementos migratorios da poboación moza no rural galego durante o devandito período. Isto debeuse, fundamentalmente, ás desigualdades entre sexos rexistradas nas variables que describen a variación dos movementos migratorios, o ritmo de diminución interanual dos movementos migratorios e máis a intensidade dos movementos migratorios externos, tanto os que se deron entre Galicia e outras comunidades autónomas, como os que se deron entre Galicia e o estranxeiro. É precisamente por isto, polo que a maior parte dos concellos pertencentes aos conglomerados 3 e 5 —creados a partir de factores asociados aos movementos migratorios externos— están situados na provincia de Ourense, un feito que evidencia, unha vez máis, que a pegada da emigración do século pasado segue moi presente no noso territorio. Pero ademais, a provincia de Ourense destaca sobre as outras provincias galegas por ser a que posúe a maior representación de concellos dos cinco conglomerados, sendo, polo tanto, a provincia que presentou a maior diversidade no comportamento migratorio da poboación moza entre os anos 2002 e 2015. A creación desta

clasificación de municipios rurais non só serve como instrumento de descrición do fenómeno migratorio da poboación moza do rural galego, senón que abre novos camiños para afondar nas explicacións causais da actual emigración rural en Galicia, por exemplo, mediante a investigación comparativa entre conglomerados. E é que a creación da devandita clasificación de municipios rurais segundo o comportamento migratorio da poboación moza, aporta luz sobre *como* foron eses movementos migratorios, pero non achega información sobre o *porqué* dos mesmos.

A análise do tratamento científico do concepto de *migración*, forneceunos as bases para emprender o noso estudo exploratorio sobre os factores determinantes da emigración rural da poboación moza no presente século, centrado no concello de Boimorto. Considerando a evolución da sociedade galega neste século XXI e conscientes das connotacións semánticas que a día de hoxe mantén o concepto de *emigración* na sociedade galega, un estudo destas características esixía unha revisión conceptual previa. Pois, para poder responder á nosa principal pregunta de investigación, era necesaria unha abordaxe cualitativa da emigración rural que partise dun concepto que puidese desprenderse —na medida do posible— dos límites propios da vertente cuantitativa, abrindo o concepto a interpretacións máis axustadas á realidade na que viven hoxe en día as áreas rurais galegas. Ante a xa comentada escaseza de estudos centrados na actual emigración rural da poboación moza, os referentes teóricos dos que dispuxemos á hora de repensar o concepto de *emigración* foron os supostos formulados por diversos sociólogos e sociólogas a nivel internacional. Desta maneira, interpretamos que o concepto de emigración debía corresponderse con calquera movemento xeográfico humano no que se producise un cambio de municipio de residencia, quedase, ou non, rexistrado de forma oficial no Padrón Municipal de habitantes. Ademais, entendemos que ese cambio de municipio de residencia debía estar motivado pola procura dunha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social da persoa migrante, ou no caso de non ser así, que o feito de trasladarse a ese lugar de destino implicase igualmente unha variación significativa na forma de vida ou na condición económica e/ou social da persoa migrante. Ao aplicar esta definición na análise das entrevistas realizadas a unha parte da mocidade do concello de Boimorto, axiña apreciamos unha converxencia clara entre os factores que determinaron a emigración destes mozos e mozas e os factores referidos na literatura científica, tanto a nivel europeo como a nivel galego. No concello de Boimorto, o principal factor que desencadeou a primeira emigración das persoas mozas foi a necesidade de desprazarse ás cidades galegas para realizar estudos superiores; unha vez que emigraron a primeira vez, en raras ocasións retornan coa intención de establecer alí a súa vida. E recalcamos o da primeira emigración porque durante os anos de xuventude, son frecuentes as idas e voltas ao domicilio familiar no lugar de orixe, que constitúe un *refuxio* para afrontar determinadas épocas de transición vital e de transición laboral. Concluída a etapa formativa superior, as segundas e posteriores reemigracións ou novas emigracións realizadas por estes mozos e mozas de Boimorto, estiveron asociadas ou ben ao xurdimento dunha oportunidade laboral fóra do concello, ou ben ao proceso de emancipación derivado da formación de parellas estables. Estas foron tamén as razóns que motivaron a emigración dalgunhas persoas que non emigraran anteriormente por motivo de estudos. Mais, se ben estas foron as principais razóns polas que as persoas entrevistadas afirmaron emigrar de Boimorto, observamos que son moitos os aspectos involucrados na decisión de emigrar ou non emigrar, entre os que destacan as habilidades académicas, a situación económica familiar, as posibilidades de desprazarse en transporte público, as posibilidades de desprazarse en transporte privado ou a necesidade de compatibilizar estudos e/ou emprego co desempeño de tarefas relacionadas coa actividade agrogandeira nas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

explotacións familiares. Por último, cómpre destacar que case ningunha das persoas migrantes entrevistadas en Boimorto se identificou como emigrante, unha realidade que, sen dúbida, está asociada á conceptualización predominante da palabra *emigración* no conxunto da sociedade. E é que estes mozos e mozas non se identificaron como emigrantes por non asociar as súas propias decisións e traxectorias coas características que revestiu a emigración galega en séculos pasados, polo que o referente teórico do que dispoñen para valorar se son emigrantes ou non son emigrantes, diverxe moito da súa situación actual en aspectos como a proximidade dos seus lugares de residencia con respecto a Boimorto, a posibilidade de visitar o lugar de orixe con frecuencia semanal, o manter amizades da infancia en Boimorto e facer do lugar de orixe o seu lugar de reunión ou o feito de asimilar que estudar e traballar nun concello diferente a Boimorto —pero xeralmente dentro de Galicia— constitúe un paso natural na vida dunha persoa adulta nacida no rural.

Noutras áreas rurais europeas constatouse que a transición á educación superior constitúe o primeiro ímpeto para emigrar e, de feito, o grupo de persoas que emigran por esta razón é o predominante nos fluxos de emigración que se producen dende as áreas rurais da periferia escocesa. Na literatura centrada en Galicia, soamente atopamos referencias á emigración rural de estudantes no estudo de Trabada (2007), que non está exclusivamente centrado na emigración rural. Non obstante, destacados autores salientaron a importancia de analizar as implicacións que ten a emigración por razón de estudos na distribución espacial da poboación, indagando se a tendencia destas persoas mozas é quedar nas cidades universitarias, regresar ao lugar de orixe ou cambiar a residencia a outros lugares. Neste sentido, apúntase tamén a necesidade de analizar se o feito de emigrar por razón de estudos condiciona as propensións a emprender outras migracións con posterioridade. No contexto galego, cremos que a desatención que recibe a emigración rural de estudantes pode estar relacionada co predominio do enfoque cuantitativo nos estudos migratorios, que implica o manexo das definicións operativas establecidas polos organismos produtores das estatísticas oficiais. Non obstante, polas características das fontes que proporcionan datos sobre migracións, a análise destes datos pode conducir a erros de interpretación. No capítulo 6, vimos que os datos oficiais sobre emigracións para Galicia reflicten que o maior volume de emigracións concéntrase nas franxas de idade comprendidas entre os 25 e os 34 anos. Porén, os resultados do estudo de caso revelaron que a maior propensión a emigrar do concello de Boimorto prodúcese en mozos e mozas con idades comprendidas en torno aos dezaoito anos, pero non comunican oficialmente o cambio de municipio de residencia ata que se ven forzadas a facelo a idades máis avanzadas. Este tipo de observacións deben ser tidas en conta á hora de interpretar os datos oficiais sobre migracións, xa que en lugar de reflectir as idades nas que se producen os cambios de municipio de residencia, reflicten o momento no que oficialmente se comunican eses cambios de municipio de residencia. Mentres que a nivel estatístico estas persoas mozas continúan residindo en Boimorto, as persoas que permanecen vivindo no concello de Boimorto padecen as consecuencias derivadas da emigración —non oficial— deses mozos e mozas que alí naceron.

O acto da migración constitúe unha etapa do proceso migratorio que está precedido da etapa preparatoria, na que se concretan os pasos que deben seguirse para poder realizar o acto migratorio. Esa etapa preparatoria deriva da visualización imaxinaria dos acontecementos que provocarán a futura emigración. No caso concreto dos mozos e mozas migrantes de Boimorto, xeralmente o punto de partida dos seus procesos migratorios iniciouse coa visualización imaxinaria do momento no que a súa etapa de educación secundaria obrigatoria xa estaba concluída.

USC DE SANTIAGO

A súa imaxinación guiouse polo seu acervo de experiencias previas e polo tipo de información que tiñan ao seu alcance naquel preciso momento, aspectos que foron dando forma ao seu proxecto de futuro. Isto significa que o proceso migratorio pode comezar anos antes de producirse a emigración, tendo en conta que no transcurso dese tempo as circunstancias biográficas poden mudar, á vez que os suxeitos poden incorporar novas experiencias de vida susceptibles de introducir cambios nos seus respectivos proxectos individuais. Neste sentido, debemos ter presente que o fenómeno da emigración está determinado por unha amálgama de factores de diversa natureza que, con distinto peso, inciden na decisión de emigrar. A partir dos relatos das persoas entrevistadas en Boimorto e baseándonos na *teoría dos motivos* de Alfred Schutz (1995), podemos establecer diferenzas nos motivos que moven a unha persoa moza a emigrar do rural. Por unha banda estarían os *motivos para*, que aludirían ao obxectivo que se pretende alcanzar mediante a emigración, como por exemplo graduarse nunha determinada titulación, empregarse nun determinado sector ou comezar a vivir en parella. Por outra banda estarían os *motivos porque*, que aludirían ás razóns que impulsaron a facer efectiva esa emigración, como por exemplo as habilidades académicas, a situación económica familiar ou individual, o nivel de cualificación profesional, o grao de arraigamento ao lugar de orixe ou a historia migratoria familiar. Esta distinción permítenos percibir con maior claridade a diferenza que existe entre os obxectivos individuais proxectados e os aspectos contextuais que poden contribuír a favorecer ou a obstaculizar a consecución dos obxectivos propostos. A importancia desta distinción radica, polo tanto, na comprensión do papel que teñen os factores de tipo contextual na determinación da decisión de emigrar ou non emigrar das áreas rurais. Neste contexto, e dende o punto de vista da formulación de políticas de desenvolvemento rural, bótanse en falta estudos sobre as intencións migratorias da poboación moza do rural galego que permitan anticipar a súa conduta migratoria para poder deseñar, así, accións e medidas orientadas a influír sobre determinados factores contextuais que estean favorecendo esa emigración, emigración que nuns casos pode ser desexada por parte de quen a realiza e noutros casos non.

Ante un comportamento que responde a unha tendencia global, pouco pode facerse dende o ámbito municipal para frear ou reverter a emigración da poboación moza. Primeiro, porque a principal razón da emigración rural da poboación moza das áreas rurais son os estudos, e non hai, a día de hoxe, posibilidade de realizar estudos superiores de forma presencial nas áreas rurais. Segundo, porque os concellos tampouco dispoñen da capacidade suficiente para crear ou fomentar postos de emprego adaptados ao nivel e á especialización formativa de toda a poboación moza das áreas rurais. E terceiro, porque á parte dos estudos e do emprego, existen outros factores que contribúen a que a determinadas idades, moitas persoas do rural teñan unha maior preferencia por un hábitat residencial diferente ao rural, factores que teñen que ver coa inercia de fenómenos globais que dificilmente se van reverter no curto e medio prazo. Agora ben, dentro deste marco de realidade común ás áreas rurais europeas, cremos que concellos como Boimorto dispoñen de certa marxe de actuación para poder influír sobre determinados factores contextuais que inciden na decisión de emigrar. Para iso faise necesaria a realización dunha análise das necesidades percibidas pola poboación moza, tanto migrante como non migrante, para poder intervir con maior eficacia sobre aquelas problemáticas que afectan á mocidade rural e cuxa solución —ou alternativa de solución— estea ao alcance das entidades políticas municipais. No caso concreto de Boimorto, as persoas entrevistadas que manifestaron percibir unha *falta de servizos* no seu municipio de orixe aludiron con ese concepto a toda unha serie de carencias de diversa índole, abranguendo a ausencia de servizos de venda ambulante de produtos de alimentación, a inexistencia dun servizo de biblioteca, a insuficiente oferta de ocio xuvenil, a ausencia dun

servizo de transporte público acorde coas necesidades da poboación moza ou mesmo a falta de oportunidades laborais dentro do propio termo municipal. En coherencia coas narracións das persoas entrevistadas, un estudo desas características debería ter en conta o criterio xeográfico, xa que a nivel local a percepción das necesidades varía en función da maior ou menor proximidade das diferentes aldeas con respecto ao núcleo urbano do concello. Certamente, o concello de Boimorto dispón dun amplo abano de servizos municipais que semellaban impensables no rural ata décadas recentes, mais unha parte considerable das persoas entrevistadas cren que esa oferta debería estar orientada en maior medida á poboación moza. Neste sentido, cremos que as instancias políticas municipais dispoñen dun papel clave para contribuír a un menor desarraigamento da poboación moza migrante, coa creación e fomento de espazos de socialización a través dunha oferta de ocio orientada á poboación moza. Mais non nos referimos aquí a unha oferta de ocio puntual e deseñada dende as instancias oficiais, senón a unha oferta de ocio asentada sobre estudos sólidos e que involucre a participación activa da poboación moza ao longo de todo o ano. Desta maneira, contribuiríase ao mantemento de lazos afectivos entre as xeracións máis novas, reforzando os vínculos co seu lugar de orixe e mantendo máis vivo o sentimento de comunidade que fundamenta a identidade local colectiva. Sabemos que este tipo de arraigamentos co territorio non son —por si sós— os que determinan que unha persoa moza emigre ou non emigre do seu lugar de orixe, pero constitúe a base mínima necesaria para que unha persoa emigrante poida chegar a formular a idea de retornar de forma definitiva ao seu lugar de orixe, se potencialmente se lle presentasen oportunidades de emprego que fixesen viable a súa volta.

